

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FOMENTO

- 3124** *Orde FOM/456/2014, do 13 de marzo, pola que se modifica o anexo 2 do Real decreto 1749/1984, do 1 de agosto, polo que se aproba o Regulamento nacional sobre o transporte sen riscos de mercadorías perigosas por vía aérea e as instrucións técnicas para o transporte sen riscos de mercadorías perigosas por vía aérea, para actualizar as instrucións técnicas.*

As Instrucións técnicas para o transporte sen riscos de mercadorías perigosas por vía aérea aprobadas pola Organización de Aviación Civil Internacional (OACI) (Doc. 9284-AN/905), que completan as disposicións xerais contidas no anexo 18 do Convenio de Chicago sobre aviación civil internacional, foron incorporadas ao ordenamento xurídico español polo Real decreto 1749/1984, do 1 de agosto, polo que se aproban o Regulamento nacional sobre transporte sen riscos de mercadorías perigosas por vía aérea e as instrucións técnicas para o transporte sen risco de mercadorías perigosas por vía aérea.

A Organización de Aviación Civil Internacional (OACI) introduciu unha serie de emendas nas Instrucións técnicas para o transporte sen riscos de mercadorías perigosas por vía aérea, cuxa última revisión foi realizada por orde do titular do Ministerio de Fomento en 2011.

Esta orde ten por obxecto a actualización das citadas instrucións técnicas de acordo coas emendas contidas na edición 2013-2014 do mencionado documento de OACI (Doc.9284-AN/905), ao abeiro da habilitación contida na disposición derradeira segunda do Real decreto 1749/1984, do 1 de agosto, que faculta o ministro de Fomento para modificar, logo de informe favorable, se for o caso, dos ministerios competentes e do informe preceptivo da Comisión para a Coordinación do Transporte de Mercadorías Perigosas, os anexos de citado real decreto nos casos seguintes:

- a) cando sexan introducidas emendas pola Organización de Aviación Civil Internacional (OACI) no anexo 18 ao Convenio de Chicago ou nas Instrucións técnicas (OACI, Doc. 9284-AN/905);
- b) cando se considere necesario, por proposta dos ministerios competentes.

Na súa virtude, cos informes favorables dos ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Defensa, do Interior, de Industria, Turismo e Comercio, de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, de Sanidade, Política Social e Igualdade, e o informe preceptivo da Comisión para a Coordinación do Transporte de Mercadorías Perigosas, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1749/1984, do 1 de agosto, polo que se aproba o Regulamento nacional sobre o transporte sen riscos de mercadorías perigosas por vía aérea e as instrucións técnicas para o transporte sen riscos de mercadorías perigosas por vía aérea.*

Actualízase o contido das instrucións técnicas para o transporte sen riscos de mercadorías perigosas por vía aérea, contidas no anexo 2 do Real decreto 1749/1984, do 1 de agosto, polo que se aproba o Regulamento nacional sobre o transporte sen riscos de mercadorías perigosas por vía aérea e as instrucións técnicas para o transporte sen riscos de mercadorías perigosas por vía aérea, que quedan redactadas como figura no anexo a esta orde.

**Disposición derogatoria única.** *Derogación normativa.*

Queda derogada a Orde FOM/3553/2011, do 5 de decembro, pola que se modifica o anexo 2 do Real decreto 1749/1984, do 1 de agosto, polo que se aproban o Regulamento nacional sobre transporte sen riscos de mercadorías perigosas por vía aérea e as instrucións técnicas para o transporte sen risco de mercadorías perigosas por vía aérea.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Esta orde decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva que atribúe ao Estado o artigo 149.1.20.<sup>a</sup> da Constitución en materia de control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 13 de marzo de 2014.—A ministra de Fomento, Ana María Pastor Julián.

**ANEXO****Instrucións técnicas para o transporte sen riscos de mercadorías perigosas por vía aérea****PREÁMBULO****VINCULACIÓN CO REGULAMENTO NACIONAL SOBRE O TRANSPORTE SEN RISCOS DE MERCADORÍAS PERIGOSAS POR VÍA AÉREA E CO ANEXO 18 AO CONVENIO DE CHICAGO**

Os principios xerais aplicables no transporte aéreo internacional sobre mercadorías perigosas por vía aérea figuran no anexo 18 ao Convenio de Chicago sobre aviación civil internacional, Transporte sen riscos de mercadorías perigosas por vía aérea, cuxas normas e procedementos recomendados están incorporados ao Regulamento nacional sobre o transporte sen riscos de mercadorías perigosas por vía aérea, aprobado polo Real decreto 1749/1984, do 1 de agosto.

As presentes instrucións técnicas, que se corresponden coas adoptadas por OACI (Organización de Aviación Civil Internacional), amplían as disposicións básicas do regulamento nacional e conteñen todas as instrucións detalladas necesarias para o transporte internacional sen riscos de mercadorías perigosas por vía aérea. As súas disposicións aplicaranse en todos os voos, tanto domésticos como internacionais, realizados por aeronaves civís no espazo aéreo español.

**PRINCIPIOS XERAIS UTILIZADOS NA ELABORACIÓN DAS DISPOSICIÓN DAS INSTRUCIÓN TÉCNICAS**

As mercadorías perigosas pódense transportar sen riscos por vía aérea sempre que se adopten determinados principios. Estes principios, que se expoñen a seguir, utilizáronse na elaboración destas instrucións técnicas e teñen por obxecto facilitar o transporte de mercadorías perigosas proporcionando ao mesmo tempo un nivel de seguridade tal que estas mercadorías non poñan en perigo a aeronave ou os seus ocupantes, sempre que se cumpran todos os requisitos. Mediante estes principios inténtase garantir que, en caso de incidente, non se poida producir un accidente.

En xeral, as mercadorías perigosas divídense en varias clases ou divisións, segundo o risco que presenten. Proporcióname unha lista detallada de artigos en que se indica a clase ou división a que pertence cada artigo, así como a súa aceptabilidade para o transporte por vía aérea e as condicións pertinentes. Como esta lista non pode ser exhaustiva, inclúense varias entradas xenéricas ou entradas correspondentes a mercadorías "non especificadas en ningunha outra parte", para facilitar o procedemento no transporte dos artigos que non figuran na lista cunha denominación específica.

Algunhas mercadorías perigosas considéranse demasiado perigosas como para que nunca se transporten nunha aeronave; algunhas están prohibidas en circunstancias normais pero pódense transportar coa aprobación expresa dos Estados interesados; outras están restrinxidas a ser transportadas en aeronaves de carga unicamente; pero a maioría pódese transportar tanto en aeronaves de pasaxeiros como en aeronaves exclusivamente de carga, sempre que cumpran coas condicións requiridas.

As mercadorías restrinxidas a aeronaves exclusivamente de carga son as que se transportan en maiores cantidades que as permitidas en aeronaves de pasaxeiros ou as que están prohibidas nas ditas aeronaves; o seu transporte está permitido xa que se adoita ter acceso a elas durante o voo e que a tripulación de voo pode considerar, en caso de emerxencia, unha máis ampla gama de medidas que as das posibles en aeronaves de pasaxeiros.

As disposicións baséanse nos textos elaborados polas Nacións Unidas contidos nas recomendacións relativas ao transporte de mercadorías perigosas (ST/SG/AC.10/1), nas recomendacións relativas ao transporte de mercadorías perigosas; probas e criterios (ST/SG/AC.10/11), e, para o material radioactivo, no Regulamento para o transporte seguro de material radioactivo [TS-R-1 (ST-1, revisado)] do Organismo Internacional de Enerxía Atómica. A utilización do sistema das Nacións Unidas garante a compatibilidade entre os modos de transporte internacionais, de forma que un envío se poida transportar por máis dun modo sen reclasificación ou reembalaxe intermedias. Introdúcense modificacións no sistema para tomar en conta as peculiaridades do transporte por vía aérea, tendo presente a necesidade de garantir a compatibilidade intermodal.

Existen condicións xerais relativas ás embalaxes e instrucións de embalaxe que, conxuntamente, teñen por obxecto garantir a seguridade do transporte de mercadorías perigosas por vía aérea, determinando as embalaxes que se deben utilizar para elas e a forma en que deben ir empacadas. As condicións xerais relativas ás embalaxes aplícanse practicamente en todas as circunstancias; nas instrucións de embalaxe utilízanse principalmente embalaxes ONU pero non sempre se exigen, como no caso das mercadorías perigosas en cantidades limitadas. Adoita haber gran variedade de embalaxes interiores e exteriores e frecuentemente se permiten as embalaxes únicas; porén, en ocasións só se permiten embalaxes moi restritivas ou tan só un ou dous tipos, ou ben se exigen embalaxes triplas. En xeral, contrólase estritamente a cantidade que se pode colocar nunha embalaxe interior e nun vulto completo. Desta forma redúcese ao mínimo o risco inherente ás mercadorías perigosas de modo que, en caso de incidente, non se produza un risco inaceptable nin lesións ou danos materiais importantes.

Despois de embalar as mercadorías perigosas, os vultos márcanse con información básica, comprendida a denominación do artigo expedido e o número ONU, e fíxanse as etiquetas que representan todos os riscos potenciais. O obxectivo é asegurar que os vultos que conteñen mercadorías perigosas se poidan recoñecer e advertir acerca dos riscos potenciais sen depender da información dos documentos anexos. Un documento de transporte de mercadorías perigosas anéxase á maioría dos envíos

para proporcionar información detallada sobre as mercadorías, de modo que, se é necesario, hai outro medio de identificar o contido dos vultos.

En termos xerais, non existe ningunha restrición en canto ao número de vultos de mercadorías perigosas que se poidan transportar nunha aeronave, pero existen disposicións para a súa estiba. As mercadorías perigosas incompatibles sepáranse entre si e a maioría delas están separadas dos pasaxeiros. O piloto ao mando está informado do que se transporta a bordo da aeronave xa que, entre outras cosas, de se producir unha emerxencia, as mercadorías perigosas débense considerar á hora de decidir as medidas que se deben tomar. En caso dunha emerxencia en voo, o piloto ao mando debe transmitir información aos servizos de tránsito aéreo para coadxuvar na resposta a calquera accidente ou incidente de aeronave. Se se produce un accidente ou incidente, o explotador facilita a información á autoridade competente, o máis rapidamente posible, con obxecto de reducir ao mínimo calquera perigo dimanante dos danos sufridos polas mercadorías perigosas.

Os accidentes e incidentes imputables a mercadorías perigosas débense notificar, de modo que mediante a investigación da autoridade competente se poidan determinar as causas e tomar medidas para evitar que se volvan producir, sempre que sexa posible. Concretamente, cómpre identificar calquera punto débil ou erro nas instrucións técnicas.

A instrución é un medio importante para chegar a comprender os principios e os requisitos contidos nas instrucións técnicas. Cómpre que toda persoa interesada reciba instrución a este respecto, xa sexa para adquirir coñecementos xerais ou de carácter máis detallado, de modo que cada individuo poida cumprir coas súas responsabilidades. É moi improbable que as mercadorías perigosas que se preparen e manipulen de conformidade coas instrucións técnicas causen problemas.

### MODO DE EMPREGO DAS INSTRUCIÓNS TÉCNICAS

≠ As instrucións técnicas divídense en oito partes ás cales se suman catro adxuntos, como complemento. Cada unha destas partes e anexos divídese en capítulos e cada capítulo divídese en parágrafos e subparágrafos.

≠ Dentro de cada capítulo, o número do capítulo incorpórase a todos os números de parágrafo; así pois, o parágrafo 2 do capítulo 3 leva o número "3.2". Cando se fai referencia a un parágrafo, cómpre identificar a que parte ou anexo corresponde; se o exemplo que antecede se encontra na parte 2, a referencia correspondente debería ser "2;3.2" (é dicir, parte 2; capítulo 3, parágrafo 3.2). Se o exemplo anterior estiver no anexo 3, na referencia indícaríase "A3;3.2" (é dicir, anexo 3; capítulo 3, parágrafo 3.2).

≠ Dentro de cada parte ou anexo, as figuras e táboas numéranse na orde en que aparecen; así pois, a segunda figura da parte 4 identifícase como "figura 4-2" e a primeira táboa que aparece na parte 3 identifícase como "táboa 3-1". A primeira táboa dos adxuntos identifícase como "táboa A-1".

O uso das instrucións técnicas facilitarase recorrendo ao índice detallado que figura no adxunto 4.

Os detalles das instrucións técnicas proporcionan todo o necesario para poder preparar debidamente, para o transporte aéreo, as expedicións de mercadorías perigosas. Non obstante, coa idea de axudar a quen se sirva deste documento, a título de orientación facilítase paso a paso o procedemento que se debe seguir para poder satisfacer todas as condicións aplicables en canto a clasificación, embalaxe, etiquetas, marcas e documentación.

Convén advertir que a información que segue só serve a título de orientación e que para corroborar a idoneidade de cada expedición cómpre consultar as seccións correspondentes.

1. Determinar a denominación técnica ou composición da substancia ou a descrición do obxecto.
2. Indagar se a denominación ou a composición da substancia ou obxecto aparece na táboa 3-1 e, de ser así, cal é a denominación do artigo expedido.
3. Se a substancia ou obxecto non aparece na táboa 3-1, determinar a clase ou división a que pertence comparando as súas propiedades coñecidas coas definicións aplicables ás diversas clases, contidas na parte 2, capítulos 1 a 9. Se se descoñecen as súas propiedades, cómpre facer o correspondente ensaio para determinar a clase ou división apropiadas. Se o obxecto ou substancia non está enumerado polo seu nome na táboa 3-1 e non se axusta á definición de ningunha das clases, non está supeditado a estas exixencias aplicables ao transporte de mercadorías perigosas. En canto ás substancias ou obxectos que encerran riscos múltiples, hai que observar o previsto na parte 2, capítulo de introdución. Unha vez coñecidas todas as propiedades da substancia ou do obxecto en cuestión, hai que determinar se o seu transporte está prohibido en todos os casos, de conformidade co previsto en 1;2.1. Se a substancia ou obxecto non corresponde ao previsto en 1;2.1, determinar a denominación do artigo expedido a base das anotacións n.e.p. contidas na táboa 3-1. A información sobre as anotacións n.e.p. aparece na parte 2, capítulo de introdución.
4. Se se desexa transportar a substancia ou obxecto de conformidade coas disposicións para cantidades exceptuadas, deberánse cumprir todos os requisitos de 3;5. A substancia ou obxecto non estará entón suxeita(o) a ningún dos demais requisitos das instrucións técnicas, salvo os que figuran en 3;5.1.1.
5. Se se desexa transportar a substancia ou obxecto de conformidade coas disposicións para cantidades limitadas, deberánse cumprir todos os requisitos de 3;4, así como todos os requisitos aplicables das instrucións técnicas, salvo que se dispoña doutro modo en 3;4.

6. Se a substancia ou obxecto non se vai transportar como cantidade exceptuada ou cantidade limitada, determinar se se desexa transportalo en aeronave de pasaxeiros ou en aeronave de carga.
7. A partir da información proporcionada nas columnas 10 a 13 da táboa 3-1, indagar se está prohibido o transporte da substancia ou obxecto en cuestión en aeronaves de pasaxeiros ou tanto en aeronaves de pasaxeiros como de carga.
8. Se se ve que o transporte da substancia ou obxecto está prohibido en aeronaves de pasaxeiros ou tanto de pasaxeiros como de carga, indagar se podería ser obxecto de dispensa en virtude do previsto en 1;1.1.2, consultando para isto a autoridade nacional que corresponda. Se está prohibido transportar a substancia ou obxecto en aeronaves de pasaxeiros, indagar se se pode transportar en aeronaves de carga.
9. Se se desexa transportar algunha substancia ou obxecto en aeronaves de pasaxeiros e isto non está prohibido, e a cantidade por vulto non excede a cantidade neta máxima indicada na columna 11 da táboa 3-1, determinar o número da instrución de embalaxe, as limitacións en canto á cantidade, disposicións especiais e toda discrepancia estatal ou dos explotadores indicada nas táboas 3-1 e 3-2 e no anexo 3.
10. Se se desexa transportar algunha substancia ou obxecto en aeronaves de carga ou se só se pode transportar en aeronaves desta índole, determinar o número da instrución de embalaxe, as limitacións en canto á cantidade, disposicións especiais e toda discrepancia estatal ou dos explotadores indicada nas táboas 3-1 e 3-2 e no anexo 3.
11. Determinar os detalles de embalaxe contidos na información que sexa pertinente ou na instrución de embalaxe da parte 4 e toda exigencia especial prevista na parte 2, capítulos 1 a 9, e na parte 5, capítulo 1.
12. Seleccionar, canto estea permitido, o método de embalaxe a base da instrución de embalaxe ou pescudar o previsto na instrución de embalaxe e asegurarse de que as embalaxes que se vaian utilizar satisfán os requisitos pertinentes da parte 4, capítulo 1, e da parte 6.
13. Confeccionar o envío de conformidade coas condicións pertinentes previstas nos parágrafos 9 a 12 precedentes.
14. Asegurarse de que todas as etiquetas e marcas apropiadas se fixasen ou imprimisen nos vultos, de conformidade co previsto na parte 5, capítulos 2 e 3.
15. Facer os arranxos previos necesarios de conformidade coa parte 5, capítulo 1.
16. Preparar os documentos de transporte pertinentes e completar e asinar o documento de transporte de mercadorías perigosas, de conformidade co previsto na parte 5, capítulo 4.
17. Entregar o envío completo para a súa expedición por vía aérea.

## O SUPLEMENTO DAS INSTRUCIÓNS TÉCNICAS

Nun suplemento das instrucións técnicas ofrécense información de interese, principalmente para os Estados, sobre o transporte sen riscos de mercadorías perigosas por vía aérea. Ao se publicar esta información nun documento á parte, elimínanse das instrucións técnicas textos que o lector común non necesita nin desexa coñecer. Dese modo redúcense o tamaño e a complexidade das instrucións técnicas e fanse á vez máis intelixibles. Constitúen exemplos de temas que se tratan no suplemento as orientacións sobre o outorgamento de certas dispensas ou aprobacións por parte dos Estados e a notificación que os Estados contratantes deben remitir á OACI sobre os accidentes e incidentes relacionados con mercadorías perigosas.

OACI publica o suplemento na mesma data que as instrucións técnicas e distribúese ás administracións aeronáuticas de todos os Estados contratantes da OACI. As persoas interesadas poden consultar o citado suplemento na Dirección Xeral de Aviación Civil do Ministerio de Fomento.

## EDICIÓN DE 2013-2014

As instrucións técnicas emendáronse para actualizalas o máis posible e aclarar, cando sexa necesario, o obxectivo dos requisitos. Tivéronse en conta os comentarios recibidos dos usuarios do mundo enteiro e, como resultado, introducíronse numerosos cambios de detalle en todas as partes do volume.

≠ Polo momento, OACI ten a intención de seguir publicando novas versións das instrucións técnicas cada dous anos. Esta é a décimo cuarta edición bienal das instrucións técnicas e será válida por dous anos, é dicir, do 1 de xaneiro de 2013 ao 31 de decembro de 2014 ou ata que entre en vigor a nova edición.

≠ Emendáronse os requisitos para harmonizalos, na medida do posible, cos incorporados na décimo sétima edición revisada das *Recomendacións relativas ao transporte de mercadorías perigosas das Nacións Unidas* e o *Regulamento para o transporte seguro de materiais radioactivos* do Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA).

≠ As emendas comprenden o seguinte:

- adición de disposicións relativas ao transporte de mercadorías perigosas por helicóptero [1;1.1, 1;3, 4; notas de introdución (nota 11), 7;2, 7;4, 7;7, e páxinas S-7;2, S-7;4 do suplemento];
- revisión das excepcións relativas ás mercadorías perigosas transportadas polo explotador (1;2.2.1);
- adición de disposicións relativas ao transporte no correo de baterías de litio instaladas nun equipamento (1;2.3, 1;3, 1;4, e páxina S-1;3 do suplemento);
- adición de disposicións relativas a instrución e avaliación baseadas na competencia (1;4.4);
- adición da definición para mercadorías perigosas de alto risco, comprendido o material radioactivo (1;5.3);
- ampliación das obrigacións de notificar incidentes e accidentes por outros que non sexan os explotadores (1;7);
- revisións dos criterios de clasificación de explosivos (2;1.5.2.4) e substancias infecciosas (2;6.3.2.3.7);
- adición dun novo requisito para establecer que as baterías de litio deben fabricarse de acordo cun programa de xestión da calidade (2;9.3);
- revisión das disposicións relativas a baterías de litio que eliminan moitas das excepcións anteriormente previstas [3;2, 4;11 (instrucións de embalaxe 965 a 970), 5;3, 7;4];
- eliminación das referencias á masa bruta na táboa 3-1 e nas instrucións de embalaxe (excepto cando se asignan a cantidades limitadas) e adición dunha nova definición de cantidade neta (1;3, 3;2, parte 4);
- revisión das disposicións relativas a mercurio contido en obxectos manufacturados (3;2, 3;3, 4;10);
- adición de novas entradas para produtos químicos a presión na táboa 3-1 e disposicións conexas (3;2, 3;3, 4;4);
- adición de novas entradas para condensadores eléctricos de dobre capa na táboa 3-1 e disposicións conexas (3;2, 3;3, 4;11);
- adición dunha disposición especial para detectores de radiación de neutróns que conteñen ONU 1008, **trifluoruro de boro** (3;3);
- adición de disposicións relativas a cantidades “de minimis” de mercadorías perigosas (3;5);
- ampliación das disposicións sobre información ao piloto ao mando e ao persoal encargado do control operacional da aeronave (7;4.1);
- adición dunha nova táboa que inclúe mercadorías perigosas que non necesariamente se deben incluír na información proporcionada ao piloto ao mando (táboa 7-9);
- adición de novas disposicións para a notificación de sucesos relacionados con mercadorías perigosas (7;4.6);
- adición dunha recomendación aos explotadores de conservar unha copia do documento de transporte e a lista de verificación se unha expedición non pasa a verificación de aceptación (7;4.11);
- revisión da estrutura da parte 8 (táboa 8-1);
- revisión das disposicións relativas aos pasaxeiros con respecto aos obxectos capaces de xerar calor, mochilas de salvamento para avalanchas, aparellos electrónicos portátiles que conteñen baterías de litio, aparellos electrónicos portátiles accionados por pilas de combustible (táboa 8-1); e
- adición de novas disposicións relativas a acendedores de tipo soprete con pre mestura (táboa 8-1, anexo 2).

## ABREVIATURAS E SÍMBOLOS

En todas as instrucións, ou nas seccións que se indican en particular, empréganse as abreviaturas seguintes, cos significados que se especifican a seguir:

<i>Abreviatura ou símbolo</i>	<i>Significado</i>
A/m	amperios por metro
≠ B	masa bruta do vulto preparado para o transporte (figura na columna 11 da táboa 3-1)
Bq	becquerel
°C	grao Celsius
CL	concentración letal
cm	centímetro
DL	dose letal
g/m <sup>2</sup>	gramos por metro cadrado
Gy	gray
Hz	hertz
IP	embalaxe interior
ISO	Organización Internacional de Normalización
J/g	joules por gramo
J/kg	joules por quilogramo
K	kelvin
kg	quilogramo(s)
kgf	quilogramo-forza
Pa	kilopascal(is)
l	litro(s)
l/kg	litros por quilogramo
m	metro(s)
ml	mililitro(s)
mm	milímetro(s)
mS/m	milisemens por metro
N	newton
n.e.p.	non especificado en ningunha outra parte
Ω/m	ohm por metro
OIEA	Organismo Internacional de Enerxía Atómica
ONU	Subcomité de Expertos das Nacións Unidas en Transporte de Mercadorías Perigosas
SI	Sistema internacional de unidades, elaborado pola Conferencia xeral de pesos e medidas (Système International d'Unités)
Sv	sievert
W/m <sup>2</sup>	watts por metro cadrado
W/m/K	watts por metro por grao Kelvin
μm	micrómetro
≠	este símbolo indica cambios no texto
+	este símbolo indica texto novo ou resituado
>	este símbolo indica texto suprimido

## ÍNDICE

### Parte 1. XENERALIDADES

#### Capítulo 1. Alcance e campo de aplicación.

- 1.1 Campo de aplicación xeral.
- 1.2 Condicións xerais de transporte.
- 1.3 Aplicación das normas.
- 1.4 Apertura dos vultos de mercadorías perigosas por parte das autoridades de alfándegas e outras autoridades.
- 1.5 Vinculación das instrucións ao anexo 18.
- 1.6 Solicitudes de emenda das instrucións técnicas.

#### Capítulo 2. Restrición de mercadorías perigosas nas aeronaves.

- 2.1 Mercadorías perigosas cuxo transporte por vía aérea está absolutamente prohibido calquera que sexan as circunstancias.
- 2.2 Excepcións relativas ás mercadorías perigosas transportadas polo explotador.
- 2.3 Transporte de mercadorías perigosas por correo.
- 2.4 Mercadorías perigosas en cantidades exceptuadas.
- 2.5 Excepcións relativas ás mercadorías perigosas embaladas en cantidades limitadas.

#### Capítulo 3. Información xeral.

- 3.1 Definicións.
- 3.2 Unidades de medida e factores de conversión.

#### Capítulo 4. Instrución.

- 4.1 Organización de programas de instrución.
- 4.2 Plan de estudos.
- 4.3 Cualificacións dos instrutores.
- 4.4 Instrución e avaliación baseadas na competencia.

#### Capítulo 5. Seguridade das mercadorías perigosas.

- 5.1 Disposicións xerais en materia de seguridade.
- 5.2 Instrución en seguridade das mercadorías perigosas.
- 5.3 Disposicións sobre mercadorías perigosas de alto risco.
- 5.4 Plans de seguridade.
- 5.5 Material radioactivo.

#### Capítulo 6. Disposicións xerais relativas á clase 7.

- 6.1 Alcance e aplicación.
- 6.2 Programa de protección radiolóxica.
- 6.3 Garantía de calidade.
- 6.4 Arranxos especiais.
- 6.5 Material radioactivo que posúa outras propiedades perigosas.
- 6.6 Incumprimento.

#### Capítulo 7. Notificación de incidentes e accidentes.

### Parte 2. CLASIFICACIÓN DE MERCADORÍAS PERIGOSAS

Capítulo de introdución.

#### Capítulo 1. Clase 1 — Explosivos.

- 1.1 Definicións e disposicións xerais.
- 1.2 Definicións.
- 1.3 Divisións.
- 1.4 Grupos de compatibilidade.
- 1.5 Clasificación de explosivos.



## Capítulo 2. Clase 2 — Gases.

- 2.1 Definición e disposicións xerais.
- 2.2 División.
- 2.3 Preponderancia dos riscos.
- 2.4 Mesturas de gases.
- 2.5 Aerosois.

## Capítulo 3. Clase 3 — Líquidos inflamables.

Nota de introdución.

- 3.1 Definición e disposicións xerais.
- 3.2 Asignación dos grupos de embalaxe.
- 3.3 Determinación do punto de inflamación.
- 3.4 Determinación do punto de ebulición inicial.

## Capítulo 4. Clase 4 — Sólidos inflamables; substancias que presentan risco de combustión espontánea; substancias que en contacto coa auga emiten gases inflamables.

Notas de introdución.

- 4.1 Definición e disposicións xerais.
- 4.2 Sólidos inflamables, substancias de reacción espontánea e explosivos insensibilizados.
- 4.3 Substancias que presentan risco de combustión espontánea (división 4.2).
- 4.4 Substancias que en contacto coa auga emiten gases inflamables (división 4.3).
- 4.5 Clasificación das substancias organometálicas.

## Capítulo 5. Clase 5 — Substancias comburentes; peróxidos orgánicos.

Nota de introdución.

- 5.1 Definición e disposicións xerais.
- 5.2 Substancias comburentes (división 5.1).
- 5.3 Peróxidos orgánicos (división 5.2).

## Capítulo 6. Clase 6 — Substancias tóxicas e substancias infecciosas.

Nota de introdución.

- 6.1 Definición.
- 6.2 División 6.1 — Substancias tóxicas.
- 6.3 División 6.2 — Substancias infecciosas.

## Capítulo 7. Clase 7 — Material radioactivo.

- 7.1 Definición.
- 7.2 Clasificación.

## Capítulo 8. Clase 8 — Substancias corrosivas.

- 8.1 Definición da clase 8.
- 8.2 Asignación dos grupos de embalaxe.

## Capítulo 9. Clase 9 — Substancias e obxectos perigosos varios, incluídas as substancias perigosas para o ambiente.

- 9.1 Definición.
- 9.2 Asignación á clase 9.
- 9.3 Baterías de litio.

## Parte 3. LISTA DE MERCADORÍAS PERIGOSAS, DISPOSICIÓNS ESPECIAIS E CANTIDADES LIMITADAS E EXCEPTUADAS

### Capítulo 1. Xeneralidades.

- 1.1 Xeneralidades.
- 1.2 Denominación do artigo expedido.
- 1.3 Mesturas ou solucións.

### Capítulo 2. Ordenación da Lista de mercadorías perigosas (táboa 3-1).

- 2.1 Ordenación da Lista de mercadorías perigosas (táboa 3-1).

### Capítulo 3. Disposicións especiais.

### Capítulo 4. Mercadorías perigosas en cantidades limitadas.

- 4.1 Aplicabilidade.
- 4.2 A embalaxe e tipos de embalaxe.
- 4.3 Limitacións de cantidade.
- 4.4 Ensaio dos vultos.
- 4.5 Marcas nos vultos.
- 4.6 Etiquetas nos vultos.
- 4.7 Documento de transporte de mercadorías perigosas.

### Capítulo 5. Mercadorías perigosas embaladas en cantidades exceptuadas.

- 5.1 Cantidades exceptuadas.
- 5.2 Embalaxes.
- 5.3 Ensaio para os vultos.
- 5.4 Marcas dos vultos.
- 5.5 Documentación.
- 5.6 Cantidades de minimis.

## Parte 4. INSTRUCIÓNS DE EMBALAXE

Notas de introdución

### Capítulo 1. Condicións xerais relativas ás embalaxes.

- 1.1 Condicións xerais aplicables a todas as clases, con excepción da clase 7.
- 1.2 Grupo de embalaxe.
- 1.3 Embalaxes de transición para material radioactivo.
- 1.4 Embalaxes de recuperación.

### Capítulo 2. Xeneralidades.

### Capítulo 3. Clase 1 — Explosivos.

- 3.1 Grupo de embalaxe.
- 3.2 Condicións xerais.
- 3.3 Disposicións xerais de embalaxe.
- 3.4 Instrucións de embalaxe.

### Capítulo 4. Clase 2 — Gases.

- 4.1 Disposicións especiais de embalaxe para as mercadorías perigosas da clase 2.
- 4.2 Instrucións de embalaxe.

### Capítulo 5. Clase 3 — Líquidos inflamables.

- 5.1 Instrucións de embalaxe.

**Capítulo 6. Clase 4 — Sólidos inflamables; substancias que presentan risco de combustión espontánea; substancias que en contacto coa auga emiten gases inflamables.**

- 6.1 Condicións xerais para as substancias de reacción espontánea.
- 6.2 Instrucións de embalaxe.

**Capítulo 7. Clase 5 — Substancias comburentes; peróxidos orgánicos.**

- 7.1 Condicións xerais aplicables aos peróxidos orgánicos.
- 7.2 Instrucións de embalaxe.

**Capítulo 8. Clase 6 — Substancias tóxicas e substancias infecciosas.**

- 8.1 Instrucións de embalaxe.

**Capítulo 9. Clase 7 — Material radioactivo.**

- 9.1 Xeneralidades.
- 9.2 Requisitos e controis para o transporte de material BAE e OCS.
- 9.3 Vultos que conteñan substancias fisionables.

**Capítulo 10. Clase 8 — Substancias corrosivas.**

- 10.1 Instrucións de embalaxe.

**Capítulo 11. Clase 9 — Mercadorías perigosas varias.**

## Parte 5. OBRIGACIÓN DO EXPEDIDOR

**Capítulo 1. Xeneralidades.**

- 1.1 Requisitos xerais.
- 1.2 Disposicións xerais para a clase 7.
- 1.3 Información aos empregados.
- 1.4 Instrución.
- 1.5 Embalaxes de recuperación.
- 1.6 Embalaxes baleiras.
- 1.7 Vultos mixtos.

**Capítulo 2. Marcas nos vultos.**

- 2.1 Necesidade de pór marcas.
- 2.2 Colocación das marcas.
- 2.3 Marcas prohibidas.
- 2.4 Especificacións e requisitos en canto ás marcas.
- 2.5 Idiomas necesarios.

**Capítulo 3. Etiquetas.**

- 3.1 Necesidade de pór etiquetas.
- 3.2 Colocación das etiquetas.
- 3.3 Etiquetaxe de sobreembalaxes.
- 3.4 Etiquetas prohibidas.
- 3.5 Especificacións aplicables ás etiquetas.
- 3.6 Rotulado de contedores grandes que conteñen material radioactivo.

**Capítulo 4. Documentos.**

- 4.1 Información para o transporte de mercadorías perigosas.
- 4.2 Carta de porte aéreo.
- 4.3 Documentación adicional para material non radioactivo.
- 4.4 Conservación da información relativa ao transporte de mercadorías perigosas.

## Parte 6. NOMENCLATURA, MARCAS, REQUISITOS E ENSAIOS DAS EMBALAXES

### Capítulo 1. Aplicación, nomenclatura e claves.

- 1.1 Aplicación.
- 1.2 Claves para designar os tipos de embalaxe.
- 1.3 Índice das embalaxes.

### Capítulo 2. Marcas das embalaxes que non sexan interiores.

Notas de introdución.

- 2.1 Requisitos no concerne ás marcas para embalaxes que non sexan interiores.
- 2.2 Marcas de embalaxe para substancias infecciosas.
- 2.3 Marcas de embalaxe para embalaxes de recuperación.
- 2.4 Marcas de embalaxe para recipientes intermedios para graneis.

### Capítulo 3. Características das embalaxes.

- 3.1 Características das embalaxes que non sexan interiores.
- 3.2 Características das embalaxes interiores.

### Capítulo 4. Ensaio de idoneidade das embalaxes.

Notas de introdución

- 4.1 Ensaio de idoneidade e frecuencia destes.
- 4.2 Preparación das embalaxes para os ensaios.
- 4.3 Ensaio de caída.
- 4.4 Ensaio de estanquidade.
- 4.5 Ensaio de presión interna (hidráulica).
- 4.6 Ensaio de empillamento.
- 4.7 Informe sobre o ensaio.
- 4.8 Requisitos de ensaio das embalaxes de recuperación.

### Capítulo 5. Requisitos relativos á construción e á proba de cilindros e recipientes crioxénicos pechados, pulverizadores de aerosol, recipientes de pequena capacidade que conteñen gas (cartuchos de gas) e cartuchos para pilas de combustible que conteñen gas licuado inflamable.

- 5.1 Requisitos xerais.
- 5.2 Requisitos relativos aos cilindros e aos recipientes crioxénicos pechados das Nacións Unidas.
- 5.3 Requisitos para os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados que non son das Nacións Unidas.
- 5.4 Requisitos relativos a pulverizadores de aerosol, recipientes de pequena capacidade que conteñen gas (cartuchos de gas) e cartuchos para pilas de combustible que conteñen gas licuado inflamable.

### Capítulo 6. Embalaxes para substancias infecciosas de categoría A.

- 6.1 Xeneralidades.
- 6.2 Requisitos para as embalaxes.
- 6.3 Clave de designación dos tipos de embalaxe.
- 6.4 Marcas.
- 6.5 Requisitos relativos aos ensaios para as embalaxes.

### Capítulo 7. Requisitos relativos á construción, á proba e á aprobación de vultos e material da clase 7.

- 7.1 Requisitos xerais.
- 7.2 Requisitos complementarios relativos a vultos transportados por vía aérea.
- 7.3 Requisitos relativos aos vultos exceptuados.
- 7.4 Requisitos relativos aos vultos industriais.
- 7.5 Requisitos relativos aos vultos que conteñan hexafluoruro de uranio.
- 7.6 Requisitos relativos aos vultos do tipo A.
- 7.7 Requisitos relativos aos vultos do tipo B(U).
- 7.8 Requisitos relativos aos vultos do tipo B(M).
- 7.9 Requisitos relativos aos vultos do tipo C.

- 7.10 Requisitos relativos aos vultos que conteñan substancias fisionables.
- 7.11 Procedementos de ensaio e demostración de cumprimento.
- 7.12 Ensaio da integridade do sistema de contención e da blindaxe e avaliación da seguridade con respecto á criticidade.
- 7.13 Área de impacto para os ensaios de caída.
- 7.14 Ensaos encamiñados a demostrar a capacidade de soportar as condicións normais de transporte.
- 7.15 Ensaos complementarios para os vultos do tipo A deseñados para conter líquidos e gases.
- 7.16 Ensaos para demostrar a capacidade de soportar as condicións de accidente durante o transporte.
- 7.17 Ensaio reforzado de inmersión en auga aplicable aos vultos do tipo B(U) e do tipo B(M) que conteñan máis de  $10^5$  A<sub>2</sub>, e aos vultos do tipo C.
- 7.18 Ensaio de infiltración de auga aplicable aos vultos con contido de substancias fisionables.
- 7.19 Ensaos aplicables aos vultos do tipo C.
- 7.20 Ensaos de embalaxes deseñadas para conter hexafluoruro de uranio.
- 7.21 Aprobación dos deseños de vultos e materiais.
- 7.22 Rexistro de números de serie e validación.
- 7.23 Medidas de transición para a clase 7.

## Parte 7. OBRIGACIÓNS DO EXPLOTADOR

Nota de introdución

### Capítulo 1. Procedementos de aceptación.

- 1.1 Procedementos de aceptación de carga.
- 1.2 Aceptación de mercadorías perigosas por parte do explotador.
- 1.3 Verificación de aceptación.
- 1.4 Aceptación de contedores de carga e dispositivos de carga unitarizada.
- 1.5 Obrigacións especiais ao aceptar substancias infecciosas.
- 1.6 Envíos de material radioactivo que non se poidan entregar.

### Capítulo 2. Almacenamento e carga.

- 2.1 Restricións aplicables á carga no posto de pilotaxe e en aeronaves de pasaxeiros.
- 2.2 Mercadorías perigosas incompatibles.
- 2.3 Manipulación e carga de vultos que conteñan mercadorías perigosas líquidas.
- 2.4 Carga e suxeición das mercadorías perigosas.
- 2.5 Vultos avariados que conteñan mercadorías perigosas.
- 2.6 Visibilidade das marcas e etiquetas.
- 2.7 Substitución das etiquetas.
- 2.8 Identificación dos dispositivos de carga unitarizada que conteñan mercadorías perigosas.
- 2.9 Estiba das substancias tóxicas e das infecciosas.
- 2.10 Disposicións especiais aplicables ao transporte de material radioactivo.
- 2.11 Carga de material magnetizado.
- 2.12 Carga de xeo seco.
- 2.13 Carga de ONU 2211 polímeros en perlas expansibles ou ONU 3314, composto plástico para moldeo.
- 2.14 Manipulación das substancias de reacción espontánea e dos peróxidos orgánicos.
- 2.15 Manipulación e carga de recipientes intermedios para graneis (RIG).

### Capítulo 3. Inspección e descontaminación.

- 3.1 Inspección de avarías e fugas.
- 3.2 Vultos con material radioactivo deteriorados ou con fugas, embalaxes contaminadas.
- 3.3 Equipaxe ou carga que se sospeita contaminada.

### Capítulo 4. Subministración de información.

Nota de introdución

- 4.1 Información proporcionada ao piloto ao mando.
- 4.2 Información proporcionada aos empregados.
- 4.3 Información que ten que proporcionar o piloto ao mando en caso de emerxencia en voo.
- 4.4 Notificación dos accidentes e incidentes relacionados con mercadorías perigosas.
- 4.5 Notificación de mercadorías perigosas non declaradas ou mal declaradas.
- 4.6 Notificación de sucesos relacionados con mercadorías perigosas.
- 4.7 Información que ten que proporcionar o explotador en caso de accidente ou incidente de aviación.
- 4.8 Puntos de aceptación da carga — Subministración de información.
- 4.9 Información sobre a resposta de emerxencia.
- 4.10 Instrución.
- 4.11 Conservación de documentos ou información.

**Capítulo 5. Disposicións relativas aos pasaxeiros e á tripulación.**

- 5.1 Información aos pasaxeiros.
- 5.2 Procedementos de recepción de pasaxeiros.

**Capítulo 6. Disposicións para axudar a recoñecer as mercadorías perigosas non declaradas.**

**Capítulo 7. Operacións de helicópteros.**

## **Parte 8. DISPOSICIÓNS RELATIVAS AOS PASAXEIROS E Á TRIPULACIÓN**

**Capítulo 1. Disposicións para mercadorías perigosas transportadas polos pasaxeiros ou pola tripulación.**

- 1.1 Mercadorías perigosas transportadas polos pasaxeiros ou pola tripulación.

### **ANEXOS**

**ANEXO 1. Listas das denominacións do artigo expedido**

- Capítulo 1. Lista dos números ONU coas súas correspondentes denominacións do artigo expedido.
- Capítulo 2. Lista de denominacións do artigo expedido, xenéricas ou que levan a anotación n.e.p.

**ANEXO 2. Glosario**

Glosario.

**ANEXO 3. Discrepancias notificadas con respecto ás instrucións**

- Capítulo 1. Discrepancias notificadas polos Estados.
- Capítulo 2. Discrepancias notificadas polos explotadores de liñas aéreas.

**ANEXO 4. Índice e lista de táboas e figuras**

Índice.  
Lista de táboas.  
Lista de figuras.

---

## Parte 1

### XENERALIDADES

## Capítulo 1

### ALCANCE E CAMPO DE APLICACIÓN

*Partes deste capítulo resultan afectadas polas discrepancias estatais AE 3, AE 8, BE 2, BE 4, BE 5, BR 4, CA 6, CA 12, CH 3, DE 1, DE 4, DK 2, FR 2, GB 2, HR 2, HR 3, HR 4, HR 5, IN 1, IR 1, IT 1, IT 5, NL 3, NL 6, RO 1, RO 3, US 1, VC 1, VC 2, VC 3, VU 2, ZA 4; véxase a táboa A-1*

≠ *Nota.— As recomendacións sobre probas e criterios, que se incorporan por referencia en determinadas disposicións das presentes instrucións, publícanse nun manual separado (Recomendacións das Nacións Unidas relativas ao transporte de mercadorías perigosas. Manual de probas e criterios) (ST/SG/AC.10/11/Rev.5 e emenda 1), cuxo índice é o seguinte:*

*Parte I. Procedementos de clasificación, métodos de proba e criterios relativos aos explosivos da clase 1;*

*Parte II. Procedementos de clasificación, métodos de proba e criterios relativos ás substancias de reacción espontánea da división 4.1 e dos peróxidos orgánicos da división 5.2; e*

*Parte III. Procedementos de clasificación, métodos de proba e criterios relativos ás substancias ou obxectos da clase 2, da clase 3, da clase 4, da división 5.1, da clase 8 e da clase 9.*

*Apéndices. Información común a algúns tipos diferentes de probas e contactos nacionais para obter detalles sobre as probas.*

#### 1.1 CAMPO DE APLICACIÓN XERAL

≠ 1.1.1 Nas presentes instrucións técnicas para o transporte sen riscos de mercadorías perigosas por vía aérea, que no sucesivo se denominarán as "instrucións", prescríbense en detalle os requisitos aplicables ao transporte civil internacional por vía aérea de mercadorías perigosas en todo tipo de aeronave (inclúese o transporte tanto dentro como fóra da aeronave). Todas as addendas a esta edición das instrucións técnicas para o transporte sen riscos de mercadorías perigosas por vía aérea da OACI emitidas pola Organización forman parte destas instrucións.

≠ 1.1.2 Cando estea especificamente previsto nas presentes instrucións, os Estados interesados poden outorgar unha aprobación sempre que neses casos se logre un nivel xeral de seguridade no transporte que sexa equivalente ao nivel de seguridade que se prevé nas presentes Instrucións.

≠ 1.1.3 En casos de:

- a) extrema urxencia;
- b) cando outras modalidades de transporte non sexan apropiadas, ou
- c) cando o cumprimento de todas as condicións exixidas sexa contrario ao interese público,

os Estados interesados poden outorgar unha dispensa do cumprimento das disposicións das instrucións sempre que en tales casos se faga canto sexa necesario para lograr no transporte un nivel xeral de seguridade que sexa equivalente ao nivel de seguridade previsto nestas instrucións.

≠ 1.1.4 Se non resulta pertinente ningún dos criterios expostos para outorgar unha dispensa, o Estado de sobrevoos pode outorgala baseándose exclusivamente na convicción de que se logrou un nivel equivalente de seguridade no transporte aéreo.

*Nota 1.— Para os fins das aprobacións, "Estados interesados" son os Estados de orixe e do explotador, salvo cando se especifica doutro modo nas presentes instrucións.*

*Nota 2.— Para os fins das dispensas, "Estados interesados" son os Estados de orixe, do explotador, de tránsito, de sobrevoos e de destino.*

*Nota 3.— O suplemento das instrucións técnicas (parte S-1;1.2 e 1.3) contén orientacións para a tramitación das dispensas, incluíndo exemplos de extrema urxencia.*

*Nota 4.— Consúltase 1;2.1 respecto ás mercadorías perigosas cuxo transporte por vía aérea está absolutamente prohibido calquera que sexa a circunstancia.*

*Nota 5.— Atendendo ás diferenzas no tipo de operacións que levan a cabo os helicópteros en comparación cos avións, cómpre ter en conta algunhas consideracións adicionais cando se transportan mercadorías perigosas por helicóptero, conforme o descrito en 7;7.*



## 1.1.5 Excepcións xerais

1.1.5.1 Coa excepción de 7;4.2, as presentes instrucións non se aplican ás mercadorías perigosas transportadas por aeronave cando:

a) se requiren para proporcionar asistencia médica a un paciente durante o voo se as ditas mercadorías perigosas:

- 1) se puxeron a bordo coa aprobación do explotador; ou
  - 2) forman parte do equipamento permanente da aeronave se esta se adaptou para uso especializado;
- sempre que;

- 1) os cilindros de gas se fabricasen especificamente co fin de conter e transportar ese gas en particular;
- 2) o equipamento que contén acumuladores de electrólito líquido se mantéña e, de ser necesario, se asegure nunha posición vertical para evitar derramamento do electrólito;

*Nota.— As mercadorías perigosas que se lles permite transportar aos pasaxeiros para asistencia médica figuran en 8;1.1.2.*

b) se requiren para proporcionar, durante o voo, asistencia veterinaria ou servir como elemento de sacrificio humanitario dun animal;

≠ c) se requiren para lanzalas ao desempeñar actividades agrícolas, hortícolas, forestais, de control de avalanchas ou de control da contaminación;

d) se requiren para proporcionar asistencia, durante o voo, en relación con operacións de busca e salvamento;

e) se trata de vehículos transportados en aeronaves deseñadas ou modificadas para operacións de transbordo de vehículos e se satisfán todas as condicións seguintes:

- 1) as autoridades pertinentes dos Estados interesados deron a súa autorización e estas autoridades prescribiron condicións que o explotador debe satisfacer para a operación en particular;
- 2) os vehículos van asegurados en posición vertical;

3) os tanques de combustible van cheos de maneira tal que non se poida producir derramamento de combustible durante a carga, descarga ou tránsito; e

4) se mantén un réxime de ventilación adecuado no compartimento da aeronave no cal se transporta o vehículo;

f) se requiren para a propulsión de medios de transporte ou o funcionamento do seu equipo especializado durante o transporte (p. ex., equipamento de refrixeración) ou que se requiren de conformidade coas regras de funcionamento (p. ex., extintores de incendios) (véxase 2.2); e

g) son artigos contidos na equipaxe excedente que se envía como carga sempre que:

- 1) a equipaxe excedente fose consignada como carga polo pasaxeiro ou en nome del;
- 2) as mercadorías perigosas sexan unicamente aquelas que se permite transportar na equipaxe facturada en virtude e de conformidade con 8;1.1.2;
- 3) a equipaxe excedente vaia marcada coa indicación "Equipaxe excedente contida como cargo".

1.1.5.2 Débense tomar as medidas pertinentes para estibar e asegurar as mercadorías perigosas transportadas en virtude de 1.1.5.1 a), b) c) e d) durante a engalaxe e a aterraxe e en todo momento en que o piloto ao mando considere necesario.

1.1.5.3 As mercadorías perigosas deben estar baixo o control de persoal capacitado durante o período en que se utilizan a bordo.

1.1.5.4 As mercadorías perigosas transportadas en virtude de 1.1.5.1 a), b), c) e d) poden transportarse nun voo realizado pola mesma aeronave antes ou despois dun voo cos fins mencionados, cando non é posible cargar ou descargar as mercadorías perigosas inmediatamente antes ou despois do voo, sempre que se cumpran as condicións seguintes:

- a) as mercadorías perigosas deben poder soportar as condicións normais de transporte por vía aérea;
- b) as mercadorías perigosas deben levar a identificación apropiada (con marcas ou etiquetas);
- c) as mercadorías perigosas poden transportarse unicamente coa aprobación do explotador;
- d) as mercadorías perigosas deben inspeccionarse para detectar danos ou fugas antes de cargalas;
- e) o proceso de carga debe de ser supervisado polo explotador;
- f) as mercadorías perigosas débense estibar e asegurar na aeronave de maneira que durante o voo non se poidan mover e cambiar de orientación;
- g) débese notificar o piloto ao mando sobre as mercadorías perigosas cargadas a bordo e da súa localización na aeronave. En caso dun cambio de tripulación, esta información débese transmitir á nova tripulación;
- h) todo o persoal debe contar coa instrución que corresponde ás súas responsabilidades; e
- i) aplícanse as disposicións de 7;4.2 e 7;4.4.

## 1.2 CONDICIÓNS XERAIS DE TRANSPORTE

Con excepción do previsto nestas Instrucións, ninguén pode entregar nin aceptar mercadorías perigosas para o seu despacho por vía aérea en voos de transporte civil internacional, a menos que vaian debidamente clasificadas, documentadas, certificadas, descritas, embaladas, marcadas, etiquetadas e en condicións apropiadas para o seu envío, tal como prescriben as presentes instrucións. Se alguén realiza — en nome de quen entrega mercadorías perigosas para transportar por vía aérea ou en nome do explotador — algunha función prevista nestas instrucións, terá que realizala necesariamente de conformidade coas condicións previstas nelas. Ninguén pode transportar mercadorías perigosas por vía aérea a menos que estas fosen aceptadas, manipuladas e transportadas de conformidade co previsto nestas instrucións. Ninguén pode etiquetar, marcar, certificar ou entregar unha embalaxe alegando que reúne as condicións prescritas nestas instrucións, a menos que esa embalaxe fose fabricada, armada, marcada, mantida, reacondicionada ou reparada conforme o prescrito nestas instrucións. Ninguén pode transportar mercadorías perigosas nin facer que se transporten mercadorías perigosas a bordo de aeronaves, tanto en equipaxe facturada ou de man como na persoa, salvo que se estipule o contrario en 8;1.1.2.

*Nota.— Cando as mercadorías perigosas destinadas ao transporte por vía aérea se transportan por medios de superficie cara a ou desde un aeródromo, debería satisfacerse calquera outra condición de transporte nacional ou modal aplicable ademais daquelas que se aplican ás mercadorías que se transportan por vía aérea.*

+

## 1.3 APLICACIÓN DAS NORMAS

Cando sexa necesario aplicar unha norma e exista algunha discrepancia entre esa norma e as presentes instrucións, prevalecerá o disposto nas instrucións.

## 1.4 APERTURA DOS VULTOS DE MERCADORÍAS PERIGOSAS POR PARTE DAS AUTORIDADES DE ALFÁNDEGAS E OUTRAS AUTORIDADES

Todo vulto que se abra durante unha inspección debe ser restituído ao seu estado orixinal por persoas cualificadas a un estado que cumpra con estas instrucións, antes de remitilo ao destinatario.

## 1.5 VINCULACIÓN DAS INSTRUCIÓNS AO ANEXO 18

As normas e os métodos recomendados da OACI que gardan relación co transporte de mercadorías perigosas figuran no anexo 18 ao Convenio sobre aviación civil internacional. As presentes instrucións ocúpanse dos aspectos técnicos detallados en que se apoian as amplas disposicións do anexo 18 (cuarta edición), con obxecto de poder contar cun regulamento internacional completo.

## 1.6 SOLICITUDES DE EMENDA DAS INSTRUCIÓNS TÉCNICAS

Toda solicitude de emenda das presentes instrucións técnicas deberá presentarse á autoridade nacional competente. As solicitudes de emenda deberían incluír a seguinte información:

- a) o texto ou fondo da emenda proposta ou a identificación da disposición cuxa derogación se solicita, segundo corresponda;
  - b) unha declaración do interese do solicitante na medida requirida; e
  - c) toda outra información e argumento en apoio da medida solicitada.
-

## Capítulo 2

### RESTRICIÓN DE MERCADORÍAS PERIGOSAS NAS AERONAVES

*Partes deste capítulo resultan afectadas polas discrepancias estatais CA 5, CA 9, DQ 3, FR 6, GB 5, US 2, VC 4; véxase a táboa A-1*

#### 2.1 MERCADORÍAS PERIGOSAS CUXO TRANSPORTE POR VÍA AÉREA ESTÁ ABSOLUTAMENTE PROHIBIDO CALQUERA QUE SEXAN AS CIRCUNSTANCIAS

Os obxectos ou substancias que, cando se presentan para o transporte, son susceptibles de explotar, reaccionar perigosamente, producir chamuscas ou desenvolver de maneira perigosa calor ou emisións de gases ou vapores tóxicos, corrosivos ou inflamables nas condicións que se observan habitualmente durante o transporte, en ningún caso se deberán transportar en aeronaves.

*Nota 1.— Certas mercadorías perigosas que corresponden á descrición que antecede incluíronse, coa palabra “Prohibido”, nas columnas 2 e 3 da Lista de mercadorías perigosas (táboa 3-1). Non obstante, convén observar que sería imposible enumerar todas as mercadorías perigosas en aeronaves, calquera que sexan as circunstancias. Por isto, é fundamental asegurarse especialmente de que non se entreguen para o seu transporte mercadorías incluídas na enumeración precedente.*

*Nota 2.— A finalidade de 2.1 é incluír obxectos que se devolven ao fabricante por motivos de seguridade.*

#### 2.2 EXCEPCIÓNS RELATIVAS ÁS MERCADORÍAS PERIGOSAS TRANSPORTADAS POLO EXPLOTADOR

2.2.1 As disposicións das presentes instrucións non se aplican:

a) aos obxectos e substancias que se deberían clasificar como mercadorías perigosas pero que, de conformidade cos requisitos de aeronavegabilidade e cos regulamentos de operación pertinentes, sexa preciso levar a bordo das aeronaves ou que estean autorizados polo Estado do explotador para satisfacer requisitos especiais;

≠ b) aos aerosois, ás bebidas alcohólicas, perfumes, colonias, acendedores de gas licuado e aparellos electrónicos portátiles que conteñen baterías de metal litio ou pilas de ión litio sempre que as baterías cumpran as condicións de 8;1.1.2 19), transportados polo explotador a bordo dunha aeronave para o seu consumo ou venda a bordo durante o voo ou serie de voos, salvo os acendedores de gas non reutilizables e os que poidan sufrir perda ao quedar sometidos a unha presión reducida;

c) ao xeo seco destinado a empregarse no servizo de comidas e bebidas a bordo da aeronave;

d) aos aparellos electrónicos tales como carteiras de voo electrónicas, aparellos persoais de recreación e lectores de tarxetas de crédito que conteñen pilas ou baterías de metal litio ou de ión litio ou ás baterías de litio de recambio para os ditos aparellos que os explotadores transportan a bordo para uso na aeronave durante o voo ou serie de voos, sempre que as baterías se axusten ás disposicións de 8;1.1.2 19). As baterías de litio de recambio deben estar protexidas individualmente, de modo que se eviten cortocircuitos cando non se están utilizando. As condicións para o transporte e uso destes aparellos electrónicos e para o transporte das baterías de recambio deben incluírse no manual de operacións e/ou outros manuais pertinentes, para que os membros da tripulación de voo, da tripulación de cabina e outros empregados poidan cumprir coas súas obrigacións.

2.2.2 Salvo que autorice outra cosa o Estado do explotador, os obxectos e as substancias destinados a substituír aqueles mencionados en 2.2.1 a) ou os obxectos e substancias mencionados en 2.2.1 a) que foron retirados con fins de substitución deberán transportarse de conformidade co previsto nas presentes instrucións, excepto que, cando os explotadores así o indiquen, poderán enviarse en contedores especialmente deseñados para o seu transporte, sempre que estes se axusten como mínimo aos requisitos de embalaxe especificados nas presentes instrucións para os artigos embalados en contedores.

2.2.3 Salvo que autorice outra cosa o Estado do explotador, os obxectos e as substancias destinados a substituír aqueles mencionados en 2.2.1 b) e c) deberán transportarse de conformidade co previsto nas presentes instrucións.

2.2.4 Salvo que autorice outra cosa o Estado do explotador, os aparellos accionados por baterías coas baterías instaladas e as baterías de recambio para utilizar en substitución daquelas a que se refire o parágrafo 2.2.1 d) deben transportarse de conformidade coas disposicións das presentes instrucións.

### 2.3 TRANSPORTE DE MERCADORÍAS PERIGOSAS POR CORREO

2.3.1 Segundo o Convenio da Unión Postal Universal (UPU), non son admisibles como correo mercadorías perigosas no sentido da definición das presentes instrucións, excepto as enumeradas a seguir. As autoridades nacionais que correspondan deberían garantir o cumprimento das disposicións relativas ao transporte de mercadorías perigosas por correo aéreo.

2.3.2 Coa reserva das disposicións promulgadas polas autoridades nacionais que corresponda e do previsto nestas instrucións con respecto a tales materiais, poden aceptarse como correo aéreo as seguintes mercadorías perigosas:

a) mostras de pacientes segundo se define en 2;6.3.1.4 sempre que estean clasificadas, embaladas e marcadas segundo o prescrito en 2;6.3.2.3.6;

b) substancias infecciosas asignadas á categoría B (ONU 3373), unicamente cando van embaladas de acordo cos requisitos da instrución de embalaxe 650, e dióxido de carbono sólido (xeo seco) cando se utiliza como refrixerante para ONU 3373;

c) material radioactivo, cuxa actividade non exceda unha décima parte das enunciadas na parte 2, capítulo 7, táboa 2-15;

+ d) baterías de ión litio instaladas nun equipamento (ONU 3481) que se axustan ás disposicións da sección II da instrución de embalaxe 967. Non se poden enviar por correo máis de catro pilas ou dúas baterías nun só vulto; e

+ e) baterías de metal litio instaladas nun equipamento (ONU 3091) que se axustan ás disposicións da sección II da instrución de embalaxe 970. Non se poden enviar por correo máis de catro pilas ou dúas baterías nun só vulto.

+ 2.3.3 Os procedementos dos operadores postais designados para regular a introdución de mercadorías perigosas no correo para transporte por vía aérea están suxeitos ao exame e a aprobación da autoridade de aviación civil do Estado no cal se acepta o correo.

+ 2.3.4 Antes de que o operador postal designado poida proceder coa aceptación de baterías de litio segundo o prescrito en 2.3.2 d) e e), debe ter recibido a aprobación específica da autoridade de aviación civil.

*Nota 1.— Os operadores postais designados poden aceptar as mercadorías perigosas descritas en 2.3.2 a), b) e c) sen ter recibido aprobación específica da autoridade de aviación civil.*

*Nota 2.— As directrices para as autoridades nacionais que corresponda e as autoridades de aviación civil figuran no suplemento das presentes instrucións (S-1;3).*

### 2.4 MERCADORÍAS PERIGOSAS EN CANTIDADES EXCEPTUADAS

Algunhas das disposicións das presentes instrucións non se aplican a cantidades pequenas de mercadorías perigosas, segundo se define na parte 3, capítulo 5, de acordo coas condicións que figuran no mencionado capítulo.

### 2.5 EXCEPCIÓNS RELATIVAS ÁS MERCADORÍAS PERIGOSAS EMBALADAS EN CANTIDADES LIMITADAS

As mercadorías perigosas embaladas en cantidades limitadas están exceptuadas dalgunhas das disposicións contidas nas presentes instrucións, con suxeición ás condicións que figuran na parte 3, capítulo 4.

---

## Capítulo 3

### INFORMACIÓN XERAL

*Partes deste capítulo resultan afectadas pola discrepancia estatal BE 1;  
véxase a táboa A-1*

#### 3.1 DEFINICIÓNS

3.1.1 A seguir figura a lista de definicións dos termos e expresións de uso corrente nestas instrucións. Non se inclúe a definición dos termos que se empregan no sentido habitual do dicionario nin daqueles utilizados co seu sentido técnico corrente. Outros termos que só se empregan cando se trata de material radioactivo están contidos en 2.7.1.3.

**Accidente imputable a mercadorías perigosas.** Toda ocorrencia atribuíble ao transporte aéreo de mercadorías perigosas e relacionadas con el, que ocasiona lesións mortais ou graves a algunha persoa ou danos de consideración aos bens ou ao ambiente.

**Aeronave de carga.** Toda aeronave, distinta da de pasaxeiros, que transporta mercadorías ou bens tanxibles.

**Aeronave de pasaxeiros.** Toda aeronave que transporte persoas, que non sexan membros da tripulación, empregados do explotador que voen por razóns de traballo, representantes autorizados das autoridades nacionais competentes ou acompañantes dalgún envío ou doutra carga.

**Aerosois ou distribuidores de aerosois.** Recipientes non reutilizables que satisfán as condicións de 6.3.2.7, fabricados en metal, vidro ou plástico e que conteñen un gas comprimido, licuado ou disolto a presión, con ou sen líquido, pasta ou po, e equipados cun dispositivo de escape que permite expulsar o contido como partículas sólidas ou líquidas en suspensión nun gas, en forma de espuma, pasta ou po ou en estado líquido ou gasoso.

≠ **Aprobación.** Autorización outorgada pola autoridade nacional que corresponda:

a) para transportar mercadorías perigosas prohibidas en aeronaves de pasaxeiros ou de carga, cando nas instrucións técnicas se establece que estas mercadorías se poden transportar cunha aprobación; ou ben

b) para outros fins especificados nas instrucións técnicas.

*Nota.— Se non hai unha referencia específica nas instrucións técnicas para permitir o outorgamento dunha aprobación, pódese pedir unha dispensa.*

**Aprobación.** Para o transporte de material da clase 7:

**Aprobación multilateral.** Aprobación concedida pola autoridade competente pertinente do país de orixe do deseño ou da expedición segundo corresponda, e tamén cando o envío teña que se transportar por calquera outro país ou estea dirixido a el, a aprobación da autoridade competente dese país.

**Aprobación unilateral.** Aprobación dun deseño que é preceptivo que conceda a autoridade competente do país de orixe do deseño exclusivamente.

**ASTM.** American Society for Testing Materials (ASTM International, 100 Barr Harbor Drive, P.O. Box C700, West Conshohocken, PA, 19428-2959, Estados Unidos).

**A través doutro país ou dentro do seu territorio.** Para transporte de material da clase 7, a través ou dentro do territorio dos países en que a remesa debe ser transportada, pero excluindo especificamente os países "sobre" os cales se transporta a remesa por aire, sempre que non se previsen paradas nesos países.

**Autoridade competente.** Calquera órgano ou autoridade designado ou doutra forma recoñecido como tal para os efectos de calquera cuestión relacionada coas presentes instrucións.

*Nota.— Esta definición aplícase unicamente a material radioactivo.*

**Autoridade nacional que corresponda.** Toda autoridade designada, ou recoñecida dalgunha outra forma, por un Estado para desempeñar funcións específicas relativas ás disposicións contidas nas presentes instrucións.

**Bidóns.** Embalaxes cilíndricas de fondo plano ou convexo feitas de metal, cartón prensado, plástico, madeira contrachapada ou outro material adecuado. Nesta definición inclúense tamén as embalaxes doutras formas. Por exemplo, embalaxes redondas achatadas na tapa ou embalaxes en forma de balde ou caldeiro. Nesta definición non están incluídos os garrafóns.

**Bidóns a presión.** (Véxanse as Recomendacións das Nacións Unidas, capítulo 1.2). O transporte por vía aérea está prohibido.

**Bloques de cilindros.** (Véxanse as Recomendacións das Nacións Unidas, capítulo 1.2). O transporte por vía aérea está prohibido.

**Caixas.** Embalaxes de paredes rectangulares ou poligonais enteiras, de metal, madeira natural, madeira contrachapada, madeira reconstituída, cartón prensado, plástico ou outro material adecuado. Nestas embalaxes permítense pequenas perforacións destinadas a facilitar a súa manipulación ou apertura, ou para satisfacer requisitos de clasificación, mentres non se comprometa a súa integridade durante o transporte.

≠ **Cantidade neta.** A masa ou volume das mercadorías perigosas contidas nun vulto sen incluír a masa ou o volume do material de embalaxe. Para os fins desta definición, "mercadorías perigosas" significa a substancia ou obxecto que se describe na denominación do artigo expedido da táboa 3-1, p.ex., para "Extintores de incendios", a cantidade neta é a masa do extintor de incendios. Para os obxectos embalados cun equipamento ou instalados nun equipamento, a cantidade neta é a masa neta do obxecto, p.ex., para baterías de ión litio instaladas nun equipamento, a cantidade neta é a masa neta das baterías de ión litio no vulto.

**Capacidade máxima.** Volume interior máximo dos recipientes ou da embalaxe, expresado en litros.

**Carga.** Para os efectos das presentes instrucións, todos os bens que se transporten nunha aeronave, excepto o correo e a equipaxe acompañada ou extraviada.

*Nota.— Esta definición difire da definición de "carga" que figura no anexo 9 — Facilitación.*

**CEI.** Comisión Electrotécnica Internacional (CEI, rue de Varembe, C.P. 131, CH – 1211 Xenebra 20, Suíza).

**CEPE-NU.** Comisión Económica para Europa das Nacións Unidas. (CEPE-NU, Palais des Nations, 8-14 avenue da Paix, CH-1211 Xenebra 10, Suíza).

**Cilindros.** Recipientes a presión transportables cunha capacidade de auga que non excede os 150 l.

**Cisterna.** Un contedor cisterna, un depósito portátil, un camión ou vagón cisterna ou un recipiente destinado a conter sólidos, líquidos ou gases, e cunha capacidade mínima de 450 litros cando se utiliza para o transporte de gases, segundo se define en 2;2.1.1.

*Nota.— As presentes instrucións técnicas non permiten o emprego dunha cisterna para o transporte de material radioactivo por vía aérea.*

**Cisternas móbiles.** A definición de cisternas móbiles figura na parte S-4, capítulo 12 do suplemento.

**Contedor de carga.** Véxase dispositivo de carga unitarizada.

**Contedores de gas de elementos múltiples (CGEM).** (Véxanse as Recomendacións das Nacións Unidas, capítulo 1.2). O transporte por vía aérea está prohibido.

**Contedor no caso de transporte de material radioactivo.** Elemento de equipamento de transporte destinado a facilitar o transporte de mercadorías embaladas, por unha ou máis modalidades de transporte, sen necesidade de proceder a operacións intermedias de recarga, e que posúe unha estrutura de natureza permanentemente pechada, ríxida e coa resistencia suficiente para ser utilizado repetidas veces; debe estar provisto de dispositivos que faciliten o seu manexo, sobre todo ao ser transbordado entre aeronaves e ao pasar dunha a outra modalidade de transporte. Por contedores pequenos entenderanse aqueles en que ningunha das súas dimensións externas sexa superior a 1,5 m, ou cuxo volume interno non exceda os 3,0 m<sup>3</sup>. Todos os demais contedores se considerarán contedores grandes. Para o transporte de material da clase 7, pódese utilizar un contedor de carga como embalaxe.

**Contido radioactivo.** Para o transporte de material da clase 7, o material radioactivo xuntamente cos sólidos, líquidos e gases contaminados ou activados que se poidan encontrar dentro da embalaxe.

**Correo.** Despachos de correspondencia e outros artigos que os servizos postais presentan co fin de que se entreguen a outros servizos postais, conforme as normas da Unión Postal Universal (UPU).

**Destinatario.** Toda persoa, organización ou goberno que ten dereito a recibir un envío.

**Deseño.** Para o transporte de material da clase 7, a descrición do material radioactivo en forma especial, material radioactivo de baixa dispersión, vulto ou embalaxe que permitan a perfecta identificación de tales elementos. Esta descrición poderá comprender especificacións, planos técnicos, informes que acrediten o cumprimento dos requisitos regulamentarios e calquera outro documento pertinente.

≠**Dispensa.** Toda autorización, que non sexa unha aprobación, outorgada pola autoridade nacional que corresponda, que exime do previsto nas instrucións técnicas.

*Nota.— Os requisitos correspondentes ás dispensas figuran en 1;1.1.3.*

**Dispositivo de almacenamento con hidruro metálico.** Dispositivo completo de almacenamento de hidróxeno que comprende un recipiente, hidruro metálico, un dispositivo de descompresión, unha válvula de peche, equipamento de servizo e os compoñentes internos necesarios para o transporte de hidróxeno soamente.

**Dispositivo de carga unitarizada.** Toda variedade de contedor de carga, contedor de aeronave, paleta de aeronave con rede ou paleta de aeronave con rede sobre un iglú.

*Nota 1.— Non se inclúen nesta definición as sobreembalaxes.*

*Nota 2.— Non se inclúen nesta definición os contedores de carga para material radioactivo (véxase 2;7.1.3).*

**Embalaxe.** Un ou máis recipientes e todos os demais elementos ou materiais necesarios para que poidan desempeñar a súa función de contención e demais funcións de seguridade.

*Nota.— Para material radioactivo, véxase 2;7.1.3.*

**Embalaxes combinadas.** Toda combinación de embalaxes para fins de transporte, que consta dunha ou máis embalaxes interiores ben afianzadas nunha embalaxe exterior, de conformidade co previsto nas disposicións pertinentes da parte 4.

**Embalaxes compostas.** Embalaxes que constan dunha embalaxe exterior e dun recipiente interior construído de modo que o recipiente interior e a embalaxe exterior formen unha embalaxe integral. Unha vez montada a dita embalaxe constitúe unha soa unidade integrada que se enche, almacena, transporta e baleira como tal.

*Nota.— Para os fins destas instrucións, as embalaxes compostas considéranse como embalaxes únicas.*

**Embalaxes de recuperación.** Embalaxes especiais nas cales se acomodan, para o seu transporte por vía aérea, vultos que conteñen mercadorías perigosas que presentan deterioración, defectos, fugas ou que non se axustan ao prescrito, ou mercadorías perigosas que se derramaron ou filtraron.

**Embalaxes exteriores.** A parte protectora exterior das embalaxes compostas ou combinadas, xunto cos materiais absorbentes, amortecedores e todos os outros elementos necesarios para conter e protexer os recipientes interiores ou as embalaxes interiores.

**Embalaxes grandes.** (Véxanse as Recomendacións das Nacións Unidas, capítulo 1.2). O transporte por vía aérea está prohibido.

**Embalaxes interiores.** Embalaxes que, para o seu transporte, requiren outra embalaxe exterior.

**Embalaxes intermedias.** Embalaxes que van entre as embalaxes interiores ou artigos e unha embalaxe exterior.

**Embalaxes non tamizantes.** Embalaxes que non deixan pasar substancias secas, comprendidas as materias sólidas finas que se producen durante o transporte.

**Embalaxes reacondicionadas.** Inclúen:

- a) bidóns de metal que se:
  - i) limparon ata chegar aos materiais orixinais de construción, téndose eliminado toda traza de contido anterior, o mesmo que toda corrosión interior e exterior, revestimento externo e etiquetas;
  - ii) restauraron á forma e ao contorno orixinais endereitando e selando os cantos (se os houber) e substituíndo todas as xuntas non integrais; e
  - iii) inspeccionaron despois de limpalos pero antes de pintalos, rexeitándose as embalaxes con puntos visibles de corrosión, redución notable na espesura do material, fatiga do metal, peches ou roscas danados, ou outros defectos notables;
- b) bidóns de plástico e garrafóns que se:
  - i) limparon ata chegar aos materiais orixinais de construción, téndose eliminado toda traza do contido anterior, revestimento externo e etiquetas;
  - ii) restauraron substituíndo todas as xuntas non integrais; e
  - iii) inspeccionaron despois de limpalos, rexeitándose as embalaxes con danos visibles como esgazaduras, pregas e fendas, os peches ou roscas danados ou outros defectos apreciables.

*Nota.— Prevese que no futuro se engadirán máis exemplos.*



**Embalaxes reutilizadas.** Embalaxes que se deben reencher e a raíz de cuxo exame se determinou que non presentan defectos que afecten a súa capacidade de soportar os ensaios de idoneidade; inclúense as embalaxes que se volven encher cun contido similar ou compatible e que se transportan dentro do sistema de cadeas de distribución controladas polo expedidor do produto.

**Embalaxes reconstruídas.** Inclúen:

- a) bidóns de metal que:
  - i) se obtiveron transformándoos nun tipo da ONU a partir dun tipo alleo á ONU;
  - ii) se obtiveron da transformación dun tipo da ONU noutro; ou
  - iii) sufriron a substitución de elementos que forman parte da súa estrutura (tales como tapas fixas);
- b) bidóns de plástico que:
  - i) se obtiveron da transformación dun tipo da ONU noutro (p. ex. 1H1 en 1H2); ou
  - ii) sufriron a substitución de elementos que forman parte da súa estrutura.

Os bidóns reconstruídos están suxeitos aos mesmos requisitos destas instrucións que se aplican aos bidóns novos do mesmo tipo.

**Embalaxes únicas.** Embalaxes que non requiren ningunha embalaxe interior para levar a cabo a función de contención durante o transporte.

**EN (norma).** Norma europea publicada polo Comité Europeo de Normalización (CEN) (CEN – 36 rue de Stassart, B-1050 Bruxelas, Bélxica).

**Entidade de inspección.** Entidade independente que se encarga da inspección e dos ensaios e que está aprobada pola autoridade nacional que corresponda.

**Envío.** Un ou máis vultos de mercadorías perigosas que un explotador acepta dun expedidor dunha soa vez e nun mesmo sitio, recibidos nun lote e despachados a un mesmo consignatario e enderezo.

**Equipaxe.** Artigos de propiedade persoal dos pasaxeiros ou tripulantes que se levan na aeronave mediante convenio co explotador.

**Equipaxe excedente.** Equipaxe que o pasaxeiro presenta para o despacho como equipaxe facturada acompañada, pero que excede a equipaxe admisible por pasaxeiro especificado polo explotador e que, por tanto, se transporta como carga para enviala ao punto de destino a que se dirixe o pasaxeiro.

**+Estado de destino.** O Estado en cuxo territorio se debe descargar finalmente o envío transportado nunha aeronave.

**Estado de matrícula.** O Estado no cal está matriculada a aeronave.

**≠Estado de orixe.** O Estado en cuxo territorio se debe cargar inicialmente o envío a bordo dunha aeronave.

**Estado do explotador.** Estado en que está situada a oficina principal do explotador ou, de non ter tal oficina, a residencia permanente do explotador.

**Excepción.** Toda disposición destas instrucións pola que se exclúe determinado artigo considerado mercadoría perigosa das condicións normalmente aplicables a tal artigo.

**Expedición.** O traslado específico dun envío desde a súa orixe ata o seu destino.

**Explotador.** Persoa, organismo ou empresa que se dedica, ou propón dedicarse, á explotación de aeronaves.

**Forro.** Todo tubo ou saco separado inserido nunha embalaxe pero que non é parte integrante dela, incluídos os peches das súas aberturas.

**Gaiolas.** Embalaxes exteriores de superficies intermitentes.

*Nota.— No transporte por vía aérea, as gaiolas non se poden utilizar como embalaxes exteriores de embalaxes compostas.*

**Garantía de calidade.** Todo programa sistemático de controis e inspeccións aplicado por calquera organización ou entidade para proporcionar o nivel suficiente de confianza en que se alcanza na práctica o grao de seguridade prescrito nas presentes instrucións.

**Garrafón.** Dise das embalaxes de metal ou de plástico, de sección rectangular ou poligonal.

**Gran embalaxe reconstruída.** (Véxanse as Recomendacións das Nacións Unidas, capítulo 1.2). O transporte por vía aérea está prohibido.

**Gran embalaxe reutilizada.** (Véxanse as Recomendacións das Nacións Unidas, capítulo 1.2). O transporte por vía aérea está prohibido.

**Incidente imputable a mercadorías perigosas.** Toda ocorrencia atribuíble ao transporte aéreo de mercadorías perigosas e relacionada con el, que non constitúe un accidente imputable a mercadorías perigosas e que non se ten que producir necesariamente a bordo dalgunha aeronave, que ocasiona lesións a algunha persoa, danos aos bens ou ao ambiente, incendio, ruptura, derramamento, fugas de fluídos, radiación ou calquera outra manifestación de que se vulnerou a integridade dalgunha embalaxe. Tamén se considera incidente imputable a mercadorías perigosas toda ocorrencia relacionada co transporte de mercadorías perigosas que poida ter posto en perigo a aeronave ou os seus ocupantes.

*Nota.— Todo accidente ou incidente imputable a mercadorías perigosas pode constituír, así mesmo, un accidente ou incidente de aviación, tal cal prevé o anexo 13 — Investigación de accidentes e incidentes de aviación.*

**Incompatible.** Descríbense así aquelas mercadorías perigosas que, de se mesturaren, poderían xerar perigosamente calor ou gases, ou producir algunha substancia corrosiva.

**Índice de seguridade con respecto á criticidade (ISC) asignado a un vulto, sobreembalaxe ou contedor que conteña substancias fisiónables.** Para o transporte de material da clase 7, o número que se utiliza para controlar a acumulación de vultos, sobreembalaxes ou contedores con contido de substancias fisiónables.

**Índice de transporte asignado a un vulto, sobreembalaxe ou contedor (IT).** Para o transporte de material da clase 7, o número que se utiliza para controlar a exposición ás radiacións.

**ISO (norma).** Norma internacional publicada pola Organización Internacional de Normalización (ISO — 1, ch. da Voie-Creuse, CH-1211 Xenebra 20, Suíza).

**Lesión grave.** Calquera lesión sufrida por unha persoa nun accidente e que:

- a) requira hospitalización durante máis de 48 horas dentro dos sete días contados a partir da data en que sufriu a lesión; ou
- b) ocasione a fractura dalgún óso (con excepción das fracturas simples da nariz ou dos dedos das mans ou dos pés); ou
- c) ocasione laceracións que dean lugar a hemorrxias graves, lesións ou nervios, músculos ou tendóns; ou
- d) ocasione danos a calquera órgano interno; ou
- e) ocasione queimaduras de segundo ou terceiro grao ou outras queimaduras que afecten máis do 5% da superficie do corpo; ou
- f) sexa imputable ao contacto, comprobado, con substancias infecciosas ou á exposición a radiacións prexudiciais.

**Líquidos.** Mercadorías perigosas que a 50°C teñen unha presión de vapor máxima de 300 kPa (3 bar), que non son completamente gasosas a 20°C e a unha presión de 101,3 kPa, e que teñen un punto de fusión ou punto inicial de fusión de 20°C ou menos a unha presión de 101,3 kPa. As substancias viscosas para as cales non se poida determinar un punto de fusión específico deberán someterse á proba ASTM D 4359-90, ou ben á de verificación de fluidez (proba do penetrómetro) que se prescribe na sección 2.3.4 do anexo A do *Acordo europeo sobre o transporte internacional de mercadorías perigosas por estrada (ADR)* (publicación das Nacións Unidas: ECE/TRANS/202).

**≠Manual de probas e criterios.** A quinta edición revisada da publicación das Nacións Unidas titulada *Recomendacións relativas ao transporte de mercadorías perigosas. Manual de probas e criterios* (ST/SG/ AC.10/11/Rev.5 e emenda 1).

**Masa bruta.** A masa total do vulto.

**Masa neta de explosivo (NEM).** Masa total de substancias explosivas sen as embalaxes, estoxos, etc., (a miúdo utilízanse os termos "cantidade neta de explosivo", "contido neto de explosivo" ou "peso neto de explosivo" para expresar o mesmo significado).

**Masa neta máxima.** Masa neta máxima do contido dunha embalaxe única ou a masa máxima combinada das embalaxes interiores e do seu contido, expresado en quilogramos.

**Material animal.** Carcasas de animais, órganos de animais ou alimentos para animais.

**Material plástico reciclado.** Material recuperado a partir de embalaxes industriais usadas que se limpou e preparou para transformalo en embalaxes novas. As propiedades específicas do material reciclado que se utiliza na produción de novas embalaxes deben garantirse e documentarse periodicamente como parte dun programa de control de calidade recoñecido pola autoridade nacional que corresponde. O programa de control de calidade debe incluír un rexistro sobre a preselección e

verificación de cada lote de material plástico reciclado para garantir que o réxime de derretemento, a densidade e a resistencia á tensión sexan adecuados e correspondan ao prototipo fabricado co dito material reciclado. Para isto requírese ter información acerca do material das embalaxes a partir das cales se obtivo o plástico reciclado e do seu contido previo cando este contido pode reducir a capacidade das novas embalaxes producidas con este material. O programa de control de calidade do fabricante de embalaxes debe incluír, ademais, os ensaios de idoneidade mecánica do prototipo, que figuran na parte 6, capítulo 4, para as embalaxes de cada lote de material plástico reciclado. Neste ensaio débese realizar a proba de empillamento utilizando máis ben compresión dinámica que carga estática.

*Nota.— A norma ISO 16103:2005 “Envases e embalaxes — Envases e embalaxes para o transporte de mercadorías perigosas — Materiais plásticos reciclados”, ofrece orientación adicional sobre os procedementos que se deben seguir para a aprobación do uso de materiais plásticos reciclados.*

**Material radioactivo de baixa dispersión.** Material radioactivo sólido, ou ben material radioactivo sólido nunha cápsula selada, con dispersión limitada e que non estea en forma de po.

**Mercadorías perigosas.** Todo obxecto ou substancia que poida constituír un risco para a saúde, a seguridade, os bens ou o ambiente e que figure na lista de mercadorías perigosas das presentes instrucións ou estea clasificado conforme as instrucións.

**Mercadorías perigosas sólidas.** Mercadorías perigosas, coa excepción dos gases, que non se axustan á definición de mercadorías perigosas líquidas.

**Membro da tripulación.** Persoa a quen o explotador asigna obrigacións que debe cumprir a bordo, durante o período de servizo de voo.

**Membro da tripulación de voo.** Membro da tripulación, titular da correspondente licenza, a quen se lle asignan obrigacións esenciais para a operación dunha aeronave durante o período de servizo de voo.

**Motor de pila de combustible.** Dispositivo utilizado para accionar aparellos, que consiste nunha pila de combustible e a súa subministración de combustible, xa sexa integrado na pila ou separado dela, e que inclúe todos os accesorios necesarios para cumprir a súa función.

**Nivel de radiación.** Para o transporte de material da clase 7, a correspondente taxa de dose expresada en milisieverts por hora.

**Número ONU.** Número de catro díxitos asignado polo Comité de Expertos das Nacións Unidas en Transporte de Mercadorías Perigosas, que serve para recoñecer as diversas substancias ou determinado grupo delas.

**Número ID.** Número de identificación provisional para as entradas da táboa 3-1 — Lista de mercadorías perigosas — ás cales non se asignou un número ONU.

**Obxecto explosivo.** Todo obxecto que contén unha ou máis substancias explosivas.

**OIEA.** Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA, P.O. Box 100 — A-1400 Viena, Austria).

**OMI.** Organización Marítima Internacional (OMI, 4 Albert Embankment, Londres SE1 7SR, Reino Unido).

**+Operador postal designado.** Toda entidade, tanto estatal como non estatal, designada oficialmente por un país membro da Unión Postal Universal (UPU) para operar os servizos postais e cumprir coas correspondentes obrigacións derivadas das actas do Convenio da UPU no seu territorio.

**Peches.** Dispositivos empregados para pechar as aberturas dos recipientes.

**Pila de combustible.** Dispositivo electroquímico que converte a enerxía química dun combustible en enerxía eléctrica, calor e produtos da reacción.

**Piloto ao mando.** Piloto designado polo explotador, ou polo propietario no caso da aviación xeral, para estar ao mando e encargarse da realización segura dun voo.

**Presión de ensaio.** A presión que se debe aplicar durante un ensaio de presión para a obtención ou a renovación da aprobación.

**Presión de servizo.** A presión fixa dun gas comprimido a unha temperatura de referencia de 15°C nun recipiente a presión cheo.

**Presión fixa.** A presión do contido dun recipiente a presión en equilibrio térmico e de difusión.

**Presión normal de traballo máxima.** Para o transporte de material da clase 7, a presión máxima por riba da presión atmosférica ao nivel medio do mar que se desenvolvería no sistema de contención durante un período dun ano nas condicións de temperatura e de irradiación solar correspondentes ás condicións ambientais en que ten lugar o transporte en ausencia de ventilación, de refrixeración externa mediante un sistema auxiliar ou de controis operativos durante o transporte.

**Punto de inflamación.** Nun líquido, a temperatura máis baixa á cal despiden vapores inflamables nun recipiente de ensaio en concentración suficiente para inflamarse no aire cando queda exposto momentaneamente a unha fonte de ignición.

*Nota.— En 2;3.3 indícanse algúns métodos de ensaio.*

**Razón de enchedura.** A relación da masa de gas á masa de auga a 15°C que enchería completamente un recipiente a presión listo para ser utilizado.

**≠Recipiente a presión.** Categoría xenérica que inclúe botellas, tubos, bidóns a presión, recipientes crioxénicos pechados, dispositivos de almacenamento con hidruro metálico, bloques de botellas e recipientes a presión para recuperación.

**+Recipiente a presión para recuperación.** (Véxanse as Recomendacións das Nacións Unidas, capítulo 1.2). O seu transporte por vía aérea está prohibido.

**Recipiente crioxénico.** Recipiente transportable, termicamente illado destinado ao transporte de gases licuados refrixerados, dunha capacidade (en auga) non superior a 1 000 litros.

**Recipiente crioxénico aberto.** Recipiente transportable, termicamente illado destinado ao transporte de gases licuados refrixerados, mantido a presión atmosférica mediante a ventilación continua do gas licuado refrixerado.

**Recipientes.** Envases para recibir e conter substancias ou artigos, incluíndo algún dispositivo de peche.

**Recipientes interiores.** Recipientes que requiren unha embalaxe exterior para poder constituír un dispositivo de contención.

**Recipientes intermedios para graneis (RIG).** Embalaxe portátil, ríxida ou flexible, distinta das que se especifican na parte 6;3 das presentes instrucións, segundo o descrito no capítulo 6.5 da regulamentación modelo das Nacións Unidas, que está deseñada para manipulación mecánica e que superou os ensaios de resistencia aos esforzos que se producen durante as operacións de manipulación e transporte.

*Nota.— Os RIG só están autorizados en virtude destas instrucións para ONU 3077, substancia sólida perigosa para o ambiente, n.e.p., segundo o disposto na instrución de embalaxe 956.*

**Sacos.** Embalaxes flexibles de papel, película de plástico, tea ou de calquera material tecido ou apropiado para o caso.

**Seguridade das mercadorías perigosas.** As medidas ou precaucións que deben tomar os explotadores, expedidores e outras persoas que participan no transporte de mercadorías perigosas a bordo das aeronaves, para reducir ao mínimo calquera roubo ou uso indebido das ditas mercadorías que poida pór en perigo as persoas ou os bens.

**Sistema de confinamento.** Para o transporte de material da clase 7, o conxunto de substancias fisionables e compoñentes da embalaxe especificados polo autor do deseño e aprobados pola autoridade competente co obxecto de manter a seguridade con respecto á criticidade.

**Sistema de contención.** Para o transporte de material da clase 7, o conxunto de compoñentes da embalaxe especificados polo autor do deseño como destinados a conter o material radioactivo durante o transporte.

**Sistema internacional de unidades (SI).** Sistema racional e coherente de unidades de medida en que se basean as utilizadas nas operacións, en voo e en terra, contidas no anexo 5 ao Convenio sobre aviación civil internacional.

**≠SMA.** A cuarta edición revisada do *Sistema mundialmente harmonizado de clasificación e etiquetaxe de produtos químicos*, publicada polas Nacións Unidas como documento ST/SG/AC.10/30/Rev.4.

**Sobreembalaxe.** Embalaxe utilizada por un expedidor único que conteña un ou máis vultos e constitúa unha unidade para facilitar a súa manipulación e estiba.

*Nota.— Non se inclúen nesta definición os dispositivos de carga unitarizada.*

**Subministracións.** a) Subministracións para consumo (avitallamento); e b) Subministracións para levar (mercadorías).

**Subministracións para consumo (avitallamento).** Mercadorías, independentemente de que se vendan ou non, destinadas ao consumo a bordo da aeronave por parte dos pasaxeiros e a tripulación e as mercadorías necesarias para a operación e mantemento da aeronave, incluíndo combustible e lubricantes.

**Subministracións para levar (mercadorías).** Mercadorías para a venda aos pasaxeiros e á tripulación da aeronave para a súa utilización despois da aterraxe.

Os artigos que satisfán a clasificación de mercadorías perigosas e que se transportan conforme a parte 1;2.2.2 ou a parte 1;2.2.3 considéranse como "carga".

**Substancia a temperatura elevada.** Unha substancia que se transporta ou se entrega para o transporte:

— en estado líquido, a unha temperatura igual ou superior a 100°C;

- en estado líquido, cun punto de inflamación superior a 60°C, e intencionalmente quentada a unha temperatura superior ao punto de inflamación; ou
- en estado sólido, e a unha temperatura igual ou superior a 240°C.

**Substancia explosiva.** Toda substancia (ou mestura de substancias) sólida ou líquida que de maneira espontánea, por reacción química, pode desprender gases a unha temperatura, a unha presión e a unha velocidade tales que causen danos arredor dela; nesta definición entran as substancias pirotécnicas mesmo cando non desprendan gases. Non se inclúen aquelas substancias que en si mesmas non son explosivas pero que poden enxendrar unha atmosfera explosiva de gas, vapor ou po.

**Substancia pirotécnica.** Toda mestura ou combinación que, debido a reaccións químicas exotérmicas non detonantes en si mesmas e autónomas, está concibida para producir calor, son, luz, gas ou fume ou algunha combinación destes.

**Temperatura crítica.** A temperatura sobre a cal a substancia non pode existir en estado líquido.

**Temperatura de descomposición autoacelerada (TDA).** A temperatura mínima á cal se pode producir descomposición autoacelerada cunha substancia na embalaxe que se utiliza para o transporte.

**Temperatura de regulación.** A temperatura máxima á cal a substancia se pode transportar de maneira segura. Suponse que durante o transporte a temperatura na proximidade do vulto non excede os 55°C e alcanza este valor durante un período relativamente breve só cada 24 horas.

**Transitario.** Persoa ou organización que ofrece o servizo de organizar o transporte de carga por vía aérea.

**+Transporte exterior.** Transporte dunha carga suspendida desde un helicóptero ou en equipamento acoplado ao helicóptero.

**Unidade de transporte.** Contedor de mercadorías ou cisterna portátil destinado ao transporte multimodal.

**Unidade de transporte pechada.** Unidade de transporte cuxo contido está totalmente pechado nunha estrutura permanente con superficies continuas e ríxidas. As unidades de transporte con partes laterais ou teitos de material téxtil non se consideran unidades de transporte pechadas.

**Uso exclusivo.** Para o transporte de material da clase 7, o emprego exclusivo por un só expedidor dunha aeronave ou dun gran contedor, respecto do cal todas as operacións iniciais, intermedias e finais de carga e descarga sexan efectuadas de conformidade coas instrucións do expedidor ou do destinatario.

**Verificación do cumprimento.** Todo programa sistemático de medidas aplicadas pola autoridade que corresponde coa finalidade de asegurarse de que se poñen en práctica as disposicións das presentes instrucións.

**Vulto.** O produto final da operación de empacquetado, que comprende a embalaxe en si e o seu contido, preparado en forma idónea para o transporte.

### 3.1.2 Exemplos para aclarar algúns dos termos definidos nesta sección

Coas seguintes explicacións e exemplos deséxase aclarar o emprego de parte da nomenclatura sobre embalaxes definida nesta sección.

As definicións desta sección concordan coa nomenclatura que se utiliza na totalidade das presentes instrucións. Non obstante, algúns dos termos definidos empréganse habitualmente doutra maneira. Isto é evidente en particular con respecto ao termo "recipiente interior" que frecuentemente se usou para describir a "parte interior" dunha embalaxe combinada.

A "parte interior" das "embalaxes combinadas" denomínase "embalaxe interior" e non "recipiente interior". Unha botella de vidro constitúe un exemplo de "embalaxe interior".

A "parte interior" das "embalaxes compostas" denomínase normalmente "recipiente interior". Por exemplo, a "parte interior" dunha embalaxe composta 6HA1 (material plástico) constitúe un "recipiente interior", xa que, normalmente, non ten a función de contención, a non ser que vaia acompañada de "embalaxe exterior", e polo tanto non é unha "embalaxe interior".

## 3.2 UNIDADES DE MEDIDA E FACTORES DE CONVERSIÓN

### 3.2.1 Unidades de medida

As unidades de medida que se deberán utilizar no transporte de mercadorías perigosas por vía aérea son as prescritas polo Sistema internacional (SI), coas modificacións introducidas para a aviación civil internacional no anexo 5 ao Convenio de Chicago. As unidades básicas de masa e de volume serán, polo tanto, o quilogramo (kg) e o litro (l) e a de presión será o kilopascal (kPa). Salvo o disposto especificamente nestas instrucións técnicas, só se poderán utilizar no transporte de mercadorías por vía aérea as abreviaturas para unidades de medida que se indican neste parágrafo ou no anexo 5 ao Convenio de Chicago.

*Nota.— Cando nas presentes instrucións se mencionan medicións da radioactividade, os valores exprésanse en unidades SI, indicando a seguir, entre parénteses, o correspondente equivalente alleo ao SI.*

### 3.2.2 Equivalentes alleos ao sistema SI

Recoñécese o feito de que circulan moitas embalaxes proxectadas e fabricadas co fin de seren utilizadas para cantidades máximas aplicables a sistemas alleos ao SI, e que moitas desas embalaxes seguirán utilizándose aínda por algún tempo. Por iso, a táboa 1-1 contén unha lista de equivalentes alleos ao sistema SI autorizados, en canto ás cantidades máximas, expresadas en unidades SI. Recálcase que non se trata de equivalentes exactos, aínda que son aceptables tendo en conta a probable dispoñibilidade de embalaxes.

### 3.2.3 Factores de conversión

O anexo 5 do Convenio de Chicago proporciona os factores de conversión exactos correspondentes ás unidades SI correntemente utilizadas. As táboas 1-2 e 1-3 mostran os factores de conversión, con catro cifras significativas, dalgunhas unidades amplamente utilizadas no transporte de mercadorías perigosas.

**Táboa 1-1. Equivalentes autorizados**

Volume				
Litros		Medidas imperiais		Medidas EUA
0,5	1	pinta	1	pinta
1	1	cuarto	1	cuarto
2	2	cuartos	2	cuartos
2,5	5	pintas	5	pintas
5	1	galón	1,25	galóns
10	2	galóns	2,5	galóns
15	3	galóns	3,75	galóns
20	4,25	galóns	5	galóns
25	5,5	galóns	6,25	galóns
30	6,5	galóns	7,5	galóns
42	9	galóns	11	galóns
50	11	galóns	13	galóns
60	13	galóns	15	galóns
100	22	galóns	25	galóns
120	26	galóns	30	galóns
220	48	galóns	55	galóns
250	55	galóns	62,5	galóns

*Nota.— Cando as cantidades se especifiquen en unidades SI de masa, por 500 kg ou menos, as cantidades expresadas en libras poden substituírse a razón dunha libra por cada 500 g.*

Táboa 1-2. Conversión a unidades SI\*

<i>Para converter</i>	<i>en</i>	<i>Multiplíquese por</i>
bar	quilopascals (kPa)	100
cuartos (EUA)	litros (l)	0,946 4
cuartos (imperiais)	litros (l)	1,137
curie (Ci)	xigabecquerel (GBq)	37,00
galóns (EUA, líquidos)	litros (l)	3,785
galóns (imperiais)	litros (l)	4,546
graos Fahrenheit	graos Celsius (°C)	subtráíase 32°F e multiplíquese por 5/9
quilogramo forza (kgf)	newton (N)	9,807
quilogramos por centímetro cadrado	quilopascals (kPa)	98,07
libras (avoirdupois)	quilogramos (kg)	0,453 6
libras por polgada cadrada	quilopascals (kPa)	6,895
oersted	amperios por metro (A/m)	79,58
onzas líquidas (EUA)	mililitros (ml)	29,57
onzas líquidas (imperiais)	mililitros (ml)	28,41
pés	metros (m)	0,304 8
pintas (EUA)	litros (l)	0,473 2
pintas (imperiais)	litros (l)	0,568 3
polgadas	milímetros (mm)	25,40
rad	gray (Gy)	0,010 00
rem	siévert (Sv)	0,010 00

Táboa 1-3. Conversión de unidades SI\*

<i>Para converter</i>	<i>en</i>	<i>Multiplíquese por</i>
amperios por metro (A/m)	oersted	0,012 57
graos Celsius (°C)	graos Fahrenheit	multiplíquese por 9/5 e engádase 32°F
gray (Gy)	rad	100,0
quilogramos (kg)	libras	2,205
quilopascals (kPa)	bar	0,010 00
quilopascals (kPa)	quilogramos por centímetro cadrado	0,010 20
quilopascals (kPa)	libras por polgada cadrada	0,145 0
litros (l)	galóns (imperiais)	0,220 0
litros (l)	galóns (EUA, líquidos)	0,264 2
litros (l)	pintas (imperiais)	1,760
litros (l)	pintas (EUA)	2,113
litros (l)	cuartos (imperiais)	0,879 9
litros (l)	cuartos (EUA)	1,057
metros (m)	pés	3,281
mililitros (ml)	onzas líquidas (imperiais)	0,035 20
mililitros (ml)	onzas líquidas (EUA)	0,033 81
milímetros (mm)	polgadas	0,039 37
newton (N)	quilogramo - forza (kgf)	0,1020
siévert (Sv)	rem	100,00
terabecquerel (TBq)	curie (Ci)	27,03

\* Cando se utiliza un prefixo, indica que se trata dun factor multiplicado polas magnitudes seguintes:

tera (T)	$\times 10^{12}$
xiga (G)	$\times 10^9$
mega (M)	$\times 10^6$
quilo (k)	$\times 10^3$
milli (m)	$\times 10^{-3}$
micro ( $\mu$ )	$\times 10^{-6}$
nano (n)	$\times 10^{-9}$

## NOTA DE INTRODUCCIÓN

O éxito na aplicación dos regulamentos de transporte de mercadorías perigosas e o logro dos seus obxectivos dependen, en gran parte, de que todas as persoas interesadas comprendan debidamente os riscos que o seu transporte entraña e os pormenores dos regulamentos. Isto só se pode lograr organizando programas de instrución e de repaso debidamente concibidos e actualizados para todos os que interveñan no transporte de mercadorías perigosas.

## Capítulo 4

### INSTRUCCIÓN

*Partes deste capítulo resultan afectadas polas discrepancias estatais AE 2, BR 7, CA 18, HK 1; véxase a táboa A-1*

#### 4.1 ORGANIZACIÓN DE PROGRAMAS DE INSTRUCCIÓN

4.1.1 É necesario que as persoas e axencias que se enumeran a seguir organicen e actualicen — ou que outros o fagan no seu nome — programas de instrución e de repaso sobre mercadorías perigosas:

- a) os expedidores de mercadorías perigosas, comprendidos os embaladores e as persoas ou organizacións que asumen as responsabilidades dos expedidores;
- b) os explotadores;
- c) as axencias de servizos de escala que realizan, en nome dos explotadores, a aceptación, manipulación, carga, descarga, transbordo ou outra tramitación da carga, o correo ou as subministracións;
- d) as axencias de servizos de escala radicadas nos aeródromos, que realizan, en nome dos explotadores, o despacho de pasaxeiros;
- e) as axencias non radicadas nos aeroportos, que realizan, en nome dos explotadores, o despacho de pasaxeiros;
- f) os transitarios;
- g) as axencias dedicadas á inspección de seguridade dos pasaxeiros e da súa equipaxe ou da carga, do correo ou das subministracións; e
- + h) os operadores postais designados.

≠ 4.1.2 Os programas de instrución sobre mercadorías perigosas previstos en 4.1.1 b) deben estar supeditados ao exame e á aprobación da autoridade que corresponda do Estado do explotador. Os programas de instrución sobre mercadorías perigosas requiridos en virtude de 4.1.1 h) deben estar supeditados ao exame e aprobación da autoridade de aviación civil do Estado no cal o operador postal designado acepta o correo. Os programas de instrución sobre mercadorías perigosas, con excepción dos previstos en 4.1.1 b) e h), deberían estar supeditados ao exame e aprobación que determine a autoridade nacional que corresponda.

#### 4.2 PLAN DE ESTUDOS

4.2.1 O persoal debe recibir formación sobre os requisitos segundo as súas obrigacións. Esta formación debe incluír:

- a) instrución xeral de familiarización — debe ter como obxectivo a familiarización coas disposicións xerais;
- b) instrución específica segundo a función — debe proporcionar formación detallada sobre os requisitos que se aplican á función da cal se encarga esa persoa; e
- c) instrución sobre seguridade operacional — debe abranguer os perigos que supoñen as mercadorías perigosas, a manipulación sen riscos e os procedementos de resposta de emerxencia.

≠ 4.2.2 O persoal especificado nas categorías das táboas 1-4, 1-5 ou 1-6 debe recibir instrución, ou ben debe verificarse esta instrución, antes de que desempeñe algunha das funcións consideradas nas ditas táboas.

≠ 4.2.3 Débense ofrecer cursos de repaso dentro dos 24 meses despois de recibida a formación, co fin de que os coñecementos estean actualizados. Non obstante, se o curso de repaso se completa dentro dos últimos tres meses de validez





**CLAVE**

- 1 — Expedidores e persoas que asumen as responsabilidades destes
- 2 — Embaladores
- 3 — Persoal dos transitarios que participa na tramitación de mercadorías perigosas
- ≠ 4 — Persoal dos transitarios que participa na tramitación da carga ou o correo (que non sexan mercadorías perigosas)
- ≠ 5 — Persoal dos transitarios que participa na manipulación, almacenamento e estiba da carga ou o correo
- 6 — Persoal do explotador e do axente de servizos de escala encargado da aceptación de mercadorías perigosas
- ≠ 7 — Persoal do explotador e do axente de servizos de escala encargado da aceptación da carga ou o correo (que non sexan mercadorías perigosas)
- ≠ 8 — Persoal do explotador e do axente de servizos de escala que participa na manipulación, almacenamento e estiba da carga ou o correo e a equipaxe
- 9 — Persoal encargado dos pasaxeiros
- ≠ 10 — Tripulación de voo, supervisores de carga e planificadores da carga
- 11 — Tripulación (excluída a tripulación de voo)
- ≠ 12 — Persoal de seguridade que participa na inspección dos pasaxeiros e a súa equipaxe e da carga ou o correo, p. ex., os inspectores de seguridade, os seus supervisores e o persoal que participa na execución dos procedementos de seguridade

≠

**Táboa 1-5 Contido dos cursos de instrución para explotadores que non transportan mercadorías perigosas como carga ou correo**

Contido	7	8	9	10	11
Criterios xerais	X	X	X	X	X
Limitacións	X	X	X	X	X
Etiquetas e marcas	X	X	X	X	X
Documento de transporte de mercadorías perigosas e outra documentación pertinente	X				
Recoñecemento das mercadorías perigosas non declaradas	X	X	X	X	X
Disposicións relativas aos pasaxeiros e á tripulación	X	X	X	X	X
Procedementos de emerxencia	X	X	X	X	X

**CLAVE**

- ≠ 7 — Persoal do explotador e do axente de servizos de escala encargado da aceptación da carga ou o correo (que non sexan mercadorías perigosas)
- ≠ 8 — Persoal do explotador e do axente de servizos de escala que participa na manipulación, almacenamento e estiba da carga ou o correo (que non sexan mercadorías perigosas) e a equipaxe
- 9 — Persoal encargado dos pasaxeiros
- ≠ 10 — Tripulación de voo, supervisores de carga e planificadores da carga
- 11 — Tripulación (excluída a tripulación de voo)

*Nota 1.— Os aspectos que debe abranguer a instrución poden variar con respecto aos indicados nas táboas 1-4 e 1-5, dependendo das responsabilidades da persoa. Por exemplo, con respecto á clasificación, o persoal que participa na execución dos procedementos de seguridade da aviación (é dicir, o persoal de inspección e os seus supervisores) só necesitan recibir instrución exhaustiva sobre as propiedades xerais das mercadorías perigosas.*

*Nota 2.— A lista de categorías de persoal identificadas nas táboas 1-4 e 1-5 non é exhaustiva. Deberíase impartir instrución sobre mercadorías perigosas, de conformidade con 4.2, ao persoal empregado pola industria aeronáutica ou que interacciona con esta nos centros de reserva de pasaxeiros e carga, e nos ámbitos de enxeñaría e mantemento, salvo que desempeñe as funcións identificadas na táboa 1-4 ou 1-5.*

+ 4.2.8 O persoal do operador postal designado debe ter a instrución que corresponda ás súas responsabilidades. As diversas categorías de persoal deberían estar familiarizadas co tema que lles corresponde segundo se indica na táboa 1-6.

+ Táboa 1-6. Contido dos cursos de instrución do persoal dos operadores postais designados

<i>Aspectos do transporte de mercadorías perigosas por vía aérea cos cales deberían estar familiarizados, como mínimo</i>	<i>Operadores postais designados</i>		
	A	B	C
Filosofía xeral	x	x	x
Limitacións	x	x	x
Requisitos xerais para os expedidores	x		
Clasificación	x		
Lista de mercadorías perigosas	x		
Condições de embalaxe	x		
Etiquetas e marcas	x	x	x
Documento de transporte de mercadorías perigosas e outra documentación pertinente	x	x	
Aceptación das mercadorías perigosas enumeradas en 1;2.3.2	x		
Recoñecemento de mercadorías perigosas non declaradas	x	x	x
Procedementos de almacenamento e carga			x
Disposicións relativas a pasaxeiros e tripulación	x	x	x
Procedementos de emerxencia	x	x	x

**CLAVE**

- A — Persoal dos operadores postais designados que participa na aceptación do correo que contén mercadorías perigosas  
 B — Persoal dos operadores postais designados que participa na tramitación do correo (que non contén mercadorías perigosas)  
 C — Persoal dos operadores postais designados que participa na manipulación, almacenamento e carga do correo

+ *Nota .— En S-1;3, proporciónase orientación sobre os aspectos da instrución que debe ter o persoal dos operadores postais designados.*

**4.3 CUALIFICACIÓN DOS INSTRUTORES**

4.3.1 Salvo cando a autoridade nacional que corresponda o prescriba doutra forma, os instrutores encargados dos programas de instrución inicial e de repaso sobre mercadorías perigosas deben ter a competencia pedagóxica adecuada e ter completado con éxito un programa de instrución en mercadorías perigosas na categoría aplicable ou categoría 6 antes de proceder a impartir o dito programa.

4.3.2 Os instrutores encargados de impartir programas de instrución inicial e de repaso sobre mercadorías perigosas deben, como mínimo, encargarse dese curso cada 24 meses ou, se ese non é o caso, asistir a sesións de instrución de repaso.

**+ 4.4 INSTRUCIÓN E AVALIACIÓN BASEADAS NA COMPETENCIA**

A instrución e avaliación baseadas na competencia deberíanse impartir conforme as disposicións xerais do capítulo 2 dos *Procedementos para os servizos de navegación aérea — Instrución* (PANS-TRG, Doc 9868).

## Capítulo 5

### SEGURIDADE DAS MERCADORÍAS PERIGOSAS

*Partes deste capítulo resultan afectadas pola discrepancia estatal US 17; véxase a táboa A-1*

*Nota 1.— Neste capítulo abórdanse as responsabilidades en materia de seguridade dos explotadores, expedidores e terceiros que participen no transporte de mercadorías perigosas a bordo dunha aeronave. Cabe sinalar que, no anexo 17— Seguridade, se prevén requisitos detallados polo que respecta ás medidas de seguridade que deben aplicar os Estados para evitaren a interferencia ilícita na aviación civil, ou cando se cometeu un acto de interferencia ilícita. Ademais, no Manual de seguridade para a protección da aviación civil contra os actos de interferencia ilícita (Doc 8973 — Distribución limitada) prevense procedementos e textos de orientación sobre os diversos aspectos da seguridade da aviación co propósito de axudar os Estados para aplicaren os seus respectivos programas nacionais de seguridade da aviación civil. Os requisitos previstos neste capítulo teñen por obxecto complementar os do anexo 17 e implantar a adopción de medidas destinadas a reducir ao mínimo calquera roubo ou uso indebido de mercadorías perigosas que poida pór en perigo as persoas ou os bens. As disposicións deste capítulo non substitúen as do anexo 17 nin as do Manual de seguridade.*

#### 5.1 DISPOSICIÓNS XERAIS EN MATERIA DE SEGURIDADE

5.1.1 Todas as persoas que participen no transporte de mercadorías perigosas deberían ter en conta os requisitos en materia de seguridade aplicables ao transporte de mercadorías perigosas que correspondan ás súas responsabilidades.

5.1.2 As mercadorías perigosas só se deberían entregar a explotadores que fosen debidamente identificados.

+ 5.1.3 As disposicións do presente capítulo non se aplican:

- a) aos vultos exceptuados dos núms. ONU 2908 e ONU 2909;
- b) aos vultos exceptuados dos núms. ONU 2910 e ONU 2911 cun nivel de actividade que non exceda o valor A<sub>2</sub>; e
- c) aos núms. ONU 2912 BAE-I e ONU 2913 OCS-I.

#### 5.2 INSTRUCIÓN EN SEGURIDADE DAS MERCADORÍAS PERIGOSAS

5.2.1 A instrución especificada en 1;4.2 debería incluír coñecementos en materia de seguridade.

5.2.2 A instrución en seguridade deberá incluír a natureza dos riscos en materia de seguridade, o recoñecemento dos ditos riscos e os métodos para facerlles fronte e reducilos, así como as medidas que se deben adoptar en caso de quebrantamento da seguridade. Debería incluír o coñecemento dos plans de seguridade (cando proceda) en función das responsabilidades das persoas e o papel que desempeñan na execución dos ditos plans.

*Nota.— As persoas que recibisen instrución en seguridade, conforme os requisitos dun plan nacional de seguridade ou outros requisitos de seguridade que cumpran cos elementos de 5.2.2, non necesitarán recibir instrución adicional.*

5.2.3 Tal instrución debería impartirse ou verificarse ao contratar para un posto que comporte o transporte de mercadorías perigosas. Periodicamente, dentro dun prazo de 24 meses despois da instrución anterior, debería impartirse nova instrución para manter a vixencia dos coñecementos.

5.2.4 O empregador debería conservar os rexistros de toda a instrución recibida en materia de seguridade das mercadorías perigosas e facilitalos ao empregado ou á autoridade nacional que corresponda, logo de solicitude. O empregador debería conservar os rexistros durante o período establecido pola autoridade nacional que corresponda.

+

#### 5.3 DISPOSICIÓNS SOBRE MERCADORÍAS PERIGOSAS DE ALTO RISCO

##### 5.3.1 Definición de mercadorías perigosas de alto risco

5.3.1.1 Son mercadorías perigosas de alto risco aquelas que se poderían utilizar nun atentado terrorista con graves consecuencias, tales como unha gran perda de vidas humanas ou unha destrución masiva ou, particularmente para a clase 7, unha gran perturbación socioeconómica.

5.3.1.2 A táboa 1-7 que figura a seguir contén unha lista indicativa das mercadorías perigosas de alto risco de todas as clases e divisións, coa excepción da clase 7.

**Táboa 1-7. Lista indicativa das mercadorías perigosas de alto risco**

Explosivos da clase 1, división 1.1
Explosivos da clase 1, división 1.2
Explosivos da clase 1, división 1.3, grupo de compatibilidade C
Núms. ONU 0104, 0237, 0255, 0267, 0289, 0361, 0365, 0366, 0440, 0441, 0455, 0456 e 0500 da clase 1, división 1.4
Explosivos da clase 1, división 1.5
Gases tóxicos da división 2.3 (excluíndo os aerosois)
Explosivos desensibilizados da clase 3
Explosivos desensibilizados da división 4.1
Substancias da división 6.1, grupo de embalaxe I; excepto cando se transporten baixo as disposicións de 3;5 sobre cantidades exceptuadas
Substancias infecciosas da categoría A, división 6.2 (núms. ONU 2814 e 2900)

>

+ 5.3.1.3 No caso das mercadorías perigosas da clase 7, son materiais radioactivos de alto risco aqueles cuxa actividade é igual ou superior a un limiar de seguridade no transporte de 3 000 A<sub>2</sub> por vulto (véxase tamén 2;7.2.2.1), a excepción dos radionucleidos, cuxo limiar de seguridade no transporte se define na táboa 1-8 a seguir.

+

**Táboa 1-8. Límiares de seguridade no transporte de determinados radionucleidos**

<i>Elemento</i>	<i>Radionucleido</i>	<i>Limiar de seguridade no transporte (TBq)</i>
Americio	Am-241	0,6
Cadmio	Cd-109	200
Californio	Cf-252	0,2
Cesio	Cs-137	1
Cobalto	Co-57	7
Cobalto	Co-60	0,3
Curio	Cm-244	0,5
Estroncio	Sr-90	10
Gadolinio	Gd-153	10
Xermanio	Ge-68	7
Ferro	Fe-55	8 000
Iridio	Ir-192	0,8
Iterbio	Yb-169	3
Níquel	Ni-63	600
Ouro	Au-198	2
Paladio	Pd-103	900
Plutonio	Pu-238	0,6

<i>Elemento</i>	<i>Radionucleido</i>	<i>Limiar de seguridade no transporte (TBq)</i>
Plutonio	Pu-239	0,6
Polonio	Po-210	0,6
Prometio	Pm-147	400
Radio	Ra-226	0,4
Rutenio	Ru-106	3
Selenio	Se-75	2
Talio	Tl-204	200
Tulio	Tm-170	200

+ 5.3.1.4 No caso das mesturas de radionucleidos, pódese determinar se se alcanzou ou superou o limiar de seguridade no transporte sumando os cocientes dados pola actividade presente de cada radionucleido dividida polo limiar de seguridade no transporte dese radionucleido. Se a suma das fraccións é inferior a 1, non se alcanzou nin superou o limiar de radioactividade da mestura.

Este cálculo pódese efectuar aplicando a fórmula:

$$\sum_i \frac{A_i}{T_i} < 1$$

onde:

$A_i$  = actividade do radionucleido  $i$  presente no vulto (TBq)

$T_i$  = limiar de seguridade no transporte do radionucleido  $i$  (TBq).

+ 5.3.1.5 Cando o material radioactivo presente riscos secundarios relacionados con outras clases ou divisións, deberíanse ter en conta, así mesmo, os criterios establecidos na táboa 1-7 (véxase tamén 1;6.5).

## 5.4 PLANS DE SEGURIDADE

≠ 5.4.1 Os explotadores, expedidores e terceiros (incluídos os xestores de infraestruturas) que participen no transporte de mercadorías perigosas de alto risco (véxase 5.3.1) deberían adoptar, aplicar e cumprir cun plan de seguridade que inclúa, como mínimo, os elementos especificados en 5.4.2.

*Nota.— Cando as autoridades nacionais outorgan dispensas, deberían considerar todas as disposicións deste capítulo.*

5.4.2 O plan de seguridade debería comprender, como mínimo, os elementos seguintes:

- asignación específica de responsabilidades en materia de seguridade a persoas competentes e cualificadas, coa debida autoridade para asumir esas responsabilidades;
- registros das mercadorías perigosas ou dos tipos de mercadorías perigosas transportadas;
- exame das operacións que se realicen e avaliación dos aspectos vulnerables, incluíndo a transferencia entre modos de transporte, o almacenamento temporal en tránsito, a manipulación e a distribución, segundo corresponda;
- indicación clara das medidas de seguridade, incluíndo instrución, políticas (comprendidas a resposta a condicións de maior ameaza, as verificacións relativas a novos empregados/empregos, etc.), métodos operacionais (p. ex., acceso ás mercadorías perigosas en almacenamentos temporais, proximidade a infraestruturas vulnerables, etc.), o equipamento e os recursos que se deberán utilizar para reducir os riscos en materia de seguridade;
- procedementos eficaces e actualizados para notificar e facer fronte ás ameazas, infraccións ou incidentes en materia de seguridade;
- procedementos para avaliar e ensaiar os plans de seguridade, así como para examinalos e actualizalos periódicamente;
- medidas para garantir a seguridade da información de transporte que figure no plan; e

h) medidas para garantir que a distribución de documentación de transporte se limite na maior medida posible (tales medidas non deben impedir a subministración da documentación de transporte requirida na parte 5, capítulo 4, destas instrucións).

*Nota.— Os explotadores, expedidores e terceiros responsables da seguridade e protección do transporte de mercadorías perigosas deberían cooperar entre si e coas autoridades que corresponda para intercambiar información sobre as ameazas, aplicar as medidas de seguridade apropiadas e responder aos incidentes relacionados coa seguridade.*

## 5.5 MATERIAL RADIOACTIVO

Para o material radioactivo, as disposicións do presente capítulo consideraranse cumpridas cando se apliquen as disposicións da Convención sobre a protección física dos materiais nucleares<sup>1</sup> e a circular do OIEA sobre a "Protección física dos materiais e as instalacións nucleares"<sup>2</sup>.

≠

<sup>1</sup> INFCIRC/274/Rev.1, OIEA, Viena (1980)

<sup>2</sup> INFCIRC/225/Rev.4 (corrección), OIEA, Viena (1999).

## Capítulo 6

### DISPOSICIÓN XERAIS RELATIVAS Á CLASE 7

*Partes deste capítulo resultan afectadas polas discrepancias estatais BR 8, JP 3, JP 23, RU 1; véxase a táboa A-1*

#### 6.1 ALCANCE E APLICACIÓN

6.1.1 As presentes instrucións fixan normas de seguridade que permiten someter a un grao razoable de control os riscos inherentes á radiación e á criticidade, así como os riscos térmicos que poden correr as persoas, os bens e o ambiente en relación co transporte de material radioactivo. Estas instrucións incorporan os principios enunciados no *Regulamento do OIEA para o transporte seguro de materiais radioactivos* (edición de 2009), Colección de normas de seguridade núm. TS-R-1, OIEA, Viena (2009). No *Manual explicativo para a aplicación do Regulamento do OIEA para o transporte seguro de materiais radioactivos* (edición de 2005), Colección de normas de seguridade núm. TS-G-1.1 (Rev. 1) do OIEA, Viena (2008), figura información adicional. A responsabilidade primordial da seguridade debe recaer na persoa ou organización que teña ao seu cargo as instalacións e actividades que dean lugar ao risco radiolóxico.

6.1.2 O obxectivo das presentes instrucións é establecer os requisitos que se deben cumprir para garantir a seguridade e protexer as persoas, os bens e o ambiente dos efectos das radiacións no transporte de material radioactivo. Esta protección lógrase aplicando os seguintes requisitos:

- a) contención do contido radioactivo;
- b) control dos niveis de radiación externa;
- c) prevención da criticidade; e
- d) prevención dos danos ocasionados pola calor.

Estes requisitos satisfáense, en primeiro lugar, aplicando un enfoque graduado aos límites de contido dos vultos e das aeronaves e ás normas relativas ás características funcionais que se aplican aos deseños de vultos dependendo do risco do contido radioactivo. En segundo lugar, satisfáense impondo requisitos relativos ao deseño e utilización dos vultos e ao mantemento das embalaxes, incluída a consideración da índole do contido radioactivo. Por último, satisfáense aplicando controis administrativos, incluída, cando proceda, a aprobación das autoridades competentes

6.1.3 As presentes instrucións aplícanse ao transporte por vía aérea de material radioactivo, incluído o transporte incidentalmente afectado ao uso de material radioactivo. O transporte abrangue todas as operacións e condicións relacionadas co traslado de material radioactivo e inherentes a este; comprenden o deseño, a fabricación, o mantemento e a reparación de embalaxes, e a preparación, envío, carga, carrega, incluído almacenamento en tránsito, descarga e recepción no destino final de cargas de material radioactivo e vultos. Aplícase un enfoque graduado ás normas relativas ás características funcionais que sinalan as presentes instrucións, que se caracterizan por tres niveis xerais de gravidade:

- a) condicións de transporte rutineiras (sen incidentes);
- b) condicións de transporte normais (pequenos contratemplos); e
- c) condicións de accidente durante o transporte.

6.1.4 Estas instrucións non se aplican a:

a) material radioactivo implantado ou incorporado en seres humanos ou animais vivos con fins de diagnóstico ou tratamento;

b) persoas que, accidental ou deliberadamente, inxeriron material radioactivo ou foron obxecto de contaminación por material radioactivo e que deben ser transportadas para tratamento médico, tendo en conta todas as medidas de protección radiolóxica necesarias en relación cos demais pasaxeiros e cos membros da tripulación, con suxeición á aprobación do explotador;

≠ *Nota.*— En <http://www.icao.int/safety/DangerousGoods/Pages/Guidance-Material.aspx>; proporciónase orientación a este respecto.

c) material radioactivo en produtos de consumo que recibise aprobación regulamentaria, despois da súa venda ao usuario final;



d) materiais naturais e minerais con radionucleidos contidos naturalmente neles que estean no seu estado natural ou fosen tratados para fins distintos da extracción de radionucleidos, e que non vaian ser tratados para utilizar estes radionucleidos, sempre que a concentración de actividade dos materiais non sexa 10 veces maior que os valores especificados en 2;7.2.2.1 b) ou calculados segundo 2;7.2.2.2 a 7.2.2.6; e

e) obxectos sólidos non radioactivos con substancias radioactivas presentes en calquera das súas superficies en cantidades que non excedan o límite especificado na definición de contaminación de 2;7.1.

### 6.1.5 Disposicións específicas para o transporte de vultos exceptuados

6.1.5.1 Os vultos exceptuados que poidan conter material radioactivo en cantidades limitadas, instrumentos ou artigos manufacturados e vultos baleiros segundo o prescrito en 2;7.2.4.1.1 débense transportar unicamente conforme as condicións seguintes das partes 5 a 7:

a) As disposicións aplicables especificadas en 5;1.1 i), 5;1.2.4, 5;1.4, 5;1.6.3, 5;1.7, 5;2.2, 5;2.3, 5.2.4.2, 5;3.2.12 e), 5;3.3, 5;3.4, 5;4.4, 7;2.5, 7;3.2.2 e 7;4.4;

b) os requisitos relativos aos vultos exceptuados que se especifican en 6;7.3; e

c) se o vulto exceptuado contén substancias fisionables, aplicarase unha das excepcións previstas en 2;7.2.3.5 para substancias fisionables, así como o estipulado en 6;7.6.2.

6.1.5.2 Os vultos exceptuados deben cumprir coas disposicións pertinentes de todas as outras partes das presentes instrucións.

## 6.2 PROGRAMA DE PROTECCIÓN RADIOLÓXICA

6.2.1 O transporte de material radioactivo deberá estar suxeito a un programa de protección radiolóxica que debe constar de disposicións sistemáticas encamiñadas a permitir unha adecuada consideración das medidas de protección radiolóxica.

6.2.2 Durante o transporte deberanse optimizar a protección e a seguridade de modo que a magnitude das doses individuais, o número de persoas expostas e a probabilidade de que ocorran exposicións se manteñan no valor máis baixo que se poida razoablemente alcanzar, tendo en conta os factores económicos e sociais, e as doses que reciban as persoas deberán estar por debaixo dos límites de dose correspondentes. Deberase adoptar un enfoque estruturado e sistemático que terá en conta as interrelacións entre o transporte e outras actividades.

6.2.3 A natureza e o alcance das medidas que se aplicarán no programa gardarán relación coa magnitude e coa probabilidade de que ocorra exposición ás radiacións. O programa deberá incorporar os requisitos que se sinalan en 6.2.2 e 6.2.4 a 6.2.7, 7;2.9.1.1 e 7;2.9.1.2. Os documentos do programa deberán pórse á disposición da autoridade competente pertinente, cando así se solicite, con fins de inspección.

6.2.4 En casos de exposición ocupacional ocasionada por actividades de transporte, cando se determine que a dose efectiva:

a) é probable que se encontre comprendida entre 1 e 6 mSv por ano, será necesario un programa de avaliación de dose mediante a vixilancia radiolóxica no lugar de traballo ou a vixilancia da exposición individual; e

b) é probable que sexa superior a 6 mSv por ano, deberase proceder á vixilancia radiolóxica individual.

Cando se leve a cabo a vixilancia individual ou dos lugares de traballo, deberanse levar os rexistros apropiados.

*Nota.— En casos de exposición ocupacional ocasionada por actividades de transporte, cando se determine que é case improbable que a dose efectiva sexa superior a 1 mSv por ano, non serán necesarias pautas especiais de traballo, nin vixilancia radiolóxica detallada, nin programas de avaliación de dose ou mantemento de rexistros individuais.*

6.2.5 En caso de accidente ou incidente durante o transporte de material radioactivo, débense observar as disposicións de emerxencia, establecidas polas entidades nacionais e/ou internacionais pertinentes, para protexer as persoas, os bens e o ambiente. As directrices relativas a estas disposicións figuran en "Planificación e preparación da resposta a emerxencias debidas a accidentes de transporte en que interveñan materiais radioactivos", Colección de normas de seguridade núm. TS-G-1.2 (ST-3), OIEA, Viena (2002).

6.2.6 Nos procedementos de emerxencia débese ter en conta a formación doutras substancias perigosas como resultado da reacción entre o contido dun envío e o ambiente en caso de accidente.

6.2.7 O persoal debe recibir a debida formación sobre o risco de radiación e as precaucións que se deben adoptar para asegurar que se restrinxa a súa exposición e a doutras persoas que poidan resultar afectadas polas actividades que eles realicen.

### 6.3 GARANTÍA DE CALIDADE

Co fin de asegurar o cumprimento das disposicións pertinentes das presentes instrucións, deberán establecer e aplicar programas de garantía de calidade baseados nas normas internacionais, nacionais ou doutra índole aceptables para a autoridade competente para o deseño, fabricación, ensaio, documentación, utilización, mantemento e inspección de todo o material radioactivo en forma especial, material radioactivo de baixa dispersión e vultos, así como para as operacións de transporte e de almacenamento en tránsito. Deberase manter á disposición da autoridade competente a certificación de que se cumpriron plenamente as especificacións relativas ao deseño. O fabricante, o expedidor ou o usuario deberán estar preparados para facilitar a inspección por parte da autoridade competente durante a fabricación e utilización e para demostrar á correspondente autoridade competente que:

- a) os métodos e materiais utilizados para a fabricación se axustan ás especificacións aprobadas relativas ao deseño; e
- b) todas as embalaxes se inspeccionan periodicamente e, en caso necesario, se reparan e manteñen en boas condicións, de modo que se sigan axustando a todos os requisitos e especificacións pertinentes, mesmo despois dun uso repetido.

Cando sexa necesaria a aprobación da autoridade competente, esta aprobación deberá ter en conta e depender da idoneidade do programa de garantía de calidade.

### 6.4 ARRANXOS ESPECIAIS

6.4.1 Por arranxos especiais entenderanse aquelas disposicións, aprobadas pola autoridade competente, en virtude das cales poderá ser transportado un envío que non satisfaga todos os requisitos das presentes instrucións aplicables a material radioactivo.

6.4.2 Os envíos para os cales non sexa posible satisfacer calquera das disposicións aplicables á clase 7 deberán transportar exclusivamente en virtude de arranxos especiais. Sempre que a autoridade competente comprobese que non é posible satisfacer as disposicións da clase 7 das presentes instrucións e se demostrase o cumprimento das normas obrigatorias de seguridade establecidas por estas instrucións por medios distintos ás demais disposicións, a autoridade competente poderá aprobar arranxos especiais para operacións de transporte dunha ou dunha serie planificada de envíos múltiples. O grao global de seguridade durante o transporte deberá equivaler, cando menos, ao que se alcanzaría de se cumprisen todos os requisitos regulamentarios aplicables. Os envíos internacionais deste tipo requirirán aprobación multilateral.

### 6.5 MATERIAL RADIOACTIVO QUE POSÚA OUTRAS PROPIEDADES PERIGOSAS

6.5.1 Ademais das propiedades radioactivas e de fisión, calquera outro risco secundario que poida ofrecer o contido dun vulto, como explosividade, inflamabilidade, piroforicidade, toxicidade química e corrosividade, deberase ter en conta na documentación, embalaxe, marcas, rotulación, almacenamento, segregación e transporte, de maneira que se poidan cumprir todas as disposicións relativas ás mercadorías perigosas das presentes instrucións.

### 6.6 INCUMPRIMENTO

En caso de incumprimento de calquera límite destas instrucións aplicable ao nivel de radiación ou contaminación:

- a) o expedidor deberá ser informado do incumprimento polo explotador, se o incumprimento se identifica durante o transporte;
- b) o expedidor e o explotador deberán ser informados do incumprimento polo destinatario, se o incumprimento se identifica no momento da recepción;
- c) o explotador, expedidor ou destinatario, segundo corresponda, deberá:
  - i) tomar inmediatamente medidas para atenuar as consecuencias do incumprimento;
  - ii) investigar o incumprimento e as súas causas, circunstancias e consecuencias;
  - iii) tomar as medidas apropiadas para eliminar as causas e circunstancias que conduciron ao incumprimento e evitar que se volvan producir circunstancias similares que leven a este; e
  - iv) comunicar á autoridade ou autoridades competentes pertinentes as causas do incumprimento e as medidas correctivas ou preventivas adoptadas ou que se vaian adoptar; e
- d) o incumprimento deberase comunicar o antes posible ao expedidor e á autoridade ou autoridades competentes pertinentes, respectivamente, e de forma inmediata cando se producise ou se estea producindo unha situación de exposición de emerxencia.

## Capítulo 7

### NOTIFICACIÓN DE INCIDENTES E ACCIDENTES

As entidades que non sexan os explotadores, que se encontren en posesión de mercadorías perigosas ao ocorrer un accidente ou incidente relacionado con mercadorías perigosas ou no momento en que descubren que ocorreu un incidente relacionado con mercadorías perigosas, deberían cumprir os requisitos de notificación da parte 7;4.4. As entidades que non sexan os explotadores, que descubran mercadorías perigosas non declaradas ou mal declaradas, deberían cumprir os requisitos de notificación da parte 7;4.5. Estas entidades poden incluír, sen carácter exclusivo, os transitarios, as autoridades alfandegueiras e os provedores de servizos de inspección de seguridade.

---

## Parte 2

### CLASIFICACIÓN DE MERCADORÍAS PERIGOSAS

## CAPÍTULO DE INTRODUCCIÓN

*Partes deste capítulo resultan afectadas polas discrepancias estatais DE 5, NL 4; RO 1, véxase a táboa A-1*

### 1. RESPONSABILIDADES

A autoridade nacional que corresponda deberase encargar de establecer a clasificación, cando sexa necesario, ou, de non ser así, deberá establecela o expedidor.

### 2. CLASES, DIVISIONS, GRUPOS DE EMBALAXE — DEFINICIONES

2.1 As substancias (comprendidas as mesturas e solucións) e os obxectos sometidos ás presentes instrucións inclúense nunha das nove clases seguintes segundo o perigo ou o máis importante dos perigos que representen. Algunhas desas clases subdivídense en divisións. Esas clases e divisións son as seguintes:

#### Clase 1: Explosivos

- División 1.1: Substancias e obxectos que presentan un perigo de explosión en masa
- División 1.2: Substancias e obxectos que teñen un perigo de proxección, pero non un perigo de explosión en masa
- División 1.3: Substancias e obxectos que presentan un perigo de incendio e un perigo menor de explosión ou un perigo menor de proxección, ou ambos, pero non un perigo de explosión en masa
- División 1.4: Substancias e obxectos que non presentan perigo apreciable
- División 1.5: Substancias moi insensibles que teñen un perigo de explosión en masa
- División 1.6: Obxectos sumamente insensibles que non teñen perigo de explosión en masa

#### Clase 2: Gases

- División 2.1: Gases inflamables
- División 2.2: Gases non inflamables, non tóxicos
- División 2.3: Gases tóxicos

#### Clase 3: Líquidos inflamables

Clase 4: Sólidos inflamables; substancias susceptibles de combustión espontánea, substancias que, en contacto coa auga, desprenden gases inflamables

- División 4.1: Sólidos inflamables, substancias de reacción espontánea e conexas e explosivos insensibilizados
- División 4.2: Substancias susceptibles de combustión espontánea
- División 4.3: Substancias que en contacto coa auga desprenden gases inflamables

#### Clase 5: Substancias comburentes e peróxidos orgánicos

- División 5.1: Substancias comburentes
- División 5.2: Peróxidos orgánicos

#### Clase 6: Substancias tóxicas e substancias infecciosas

- División 6.1: Substancias tóxicas
- División 6.2: Substancias infecciosas

#### Clase 7: Material radioactivo

#### Clase 8: Substancias corrosivas

#### Clase 9: Substancias e obxectos perigosos varios, incluídas as substancias perigosas para o ambiente.

A orde numérica das clases e divisións non corresponde ao seu grao de perigo.

2.2 Considérase que moitas das substancias das clases 1 a 9 son perigosas para o ambiente se non levan unha etiquetaxe adicional.

2.3 Os refugallos débense transportar conforme os requisitos da clase correspondente, tendo en conta os seus perigos e os criterios que figuran nas presentes instrucións. Os refugallos non suxeitos doutro modo ás presentes instrucións, pero abranguidos no Convenio de Basilea, pódense transportar como pertencentes á clase 9.

≠ 2.4 Para os efectos de embalaxe, as mercadorías perigosas, salvo aquelas das clases 1, 2 e 7, as divisións 5.2 e 6.2 e as substancias de reacción espontánea da división 4.1 asígnanse a tres grupos de embalaxe segundo sexa o grao de perigo que presentan.

- Grupo de embalaxe I: substancias moi perigosas  
Grupo de embalaxe II: substancias moderadamente perigosas  
Grupo de embalaxe III: substancias pouco perigosas

Na parte 3, capítulo 2, táboa 3-1, indícase o grupo de embalaxe ao cal se asignan as substancias.

2.5 Determinábase que as mercadorías perigosas encerran un ou varios dos perigos representados nas clases 1 a 9 e as súas divisións e, cando corresponde, determinábase o grao de perigo conforme os requisitos da parte 2, capítulos 1 a 9.

2.6 As mercadorías perigosas que presentan perigo dunha soa clase e división asígnanse a esa clase e división, e determínase o grao de perigo (grupo de embalaxe), de ser aplicable. Cando un obxecto ou substancia figura especificamente polo seu nome na Lista de mercadorías perigosas (táboa 3-1), a súa clase ou división, os seus riscos secundarios e, cando proceda, o seu grupo de embalaxe tómanse desa lista.

2.7 Cando unha substancia ou obxecto non estea mencionado especificamente polo seu nome na Lista de mercadorías perigosas da táboa 3-1 e cando haxa dous riscos ou máis das clases 3, 4 ou 8 ou das divisións 5.1 ou 6.1, relacionados co seu transporte por vía aérea, en vista de que satisfai a definición de dúas das clases ou divisións indicadas na parte 2, capítulos 1 a 9, terá que clasificarse de conformidade coa táboa de preponderancia dos riscos (táboa 2-1).

### 3. NÚMEROS ONU E DENOMINACIÓNS DO ARTIGO EXPEDIDO

3.1 Asígnanselles ás mercadorías perigosas números ONU e denominacións do artigo expedido segundo a súa clasificación de risco e a súa composición.

3.2 As mercadorías perigosas transportadas habitualmente figuran na táboa 3-1. Cando un obxecto ou unha substancia figura especificamente polo seu nome, débese identificar coa súa denominación do artigo expedido da táboa 3-1. Estas substancias poden conter impurezas técnicas (por exemplo, as que derivan do proceso de produción) ou aditivos que se usan para estabilizalas ou para outros fins que non afectan a súa clasificación. Non obstante, as substancias que figuran polo seu nome e que conteñen impurezas técnicas ou aditivos que se usan para estabilizalas ou para outros fins que afectan a súa clasificación deben considerarse como mesturas ou solucións (véxase 3-5). Para as mercadorías perigosas que non aparecen mencionadas especificamente polo seu nome prevense entradas "xenéricas" ou que levan a indicación "non especificadas(os) en ningunha outra parte (n.e.p.)" (véxase 3.8) para identificar o obxecto ou a substancia que se transporta. Cada entrada da táboa 3-1 está caracterizada por un número ONU. A táboa 3-1 tamén contén información pertinente respecto de cada entrada, como a clase de perigo, o risco ou os riscos secundarios (se procede), o grupo de embalaxe (se o ten asignado), os requisitos de embalaxe, os requisitos de aeronaves de pasaxeiros e de carga, etc. As entradas da táboa 3-1 corresponden aos catro tipos seguintes:

a) Entradas particulares para substancias ou obxectos ben definidos

p. ex. **Acetona** ONU 1090  
**Nitrito de etilo en solución** ONU 1194

b) Entradas xenéricas para grupos de substancias ou obxectos ben definidos

p. ex. **Adhesivos** ONU 1133  
**Produtos de perfumaría** ONU 1266  
**Pesticida a base de carbamatos sólido, tóxico** ONU 2757

c) Entradas específicas n.e.p. que abranguen un grupo de substancias ou obxectos de carácter químico ou técnico particular

p. ex. **Nitratos inorgánicos, n.e.p.** ONU 1477  
**Alcohois, n.e.p.** ONU 1987

d) Entradas xerais n.e.p. que abranguen un grupo de substancias ou obxectos que reúnen os criterios dunha ou máis clases ou divisións

p. ex. **Sólido inflamable orgánico, n.e.p.** ONU 1325  
**Líquido inflamable, n.e.p.** ONU 1993

3.3 Todas as substancias de reacción espontánea da división 4.1 se inclúen nunha das 20 entradas xenéricas, de acordo cos principios de clasificación e co diagrama de 2.4.2.3.3 das Recomendacións das Nacións Unidas.

3.4 Todos os peróxidos orgánicos da división 5.2 se inclúen nunha das 20 entradas xenéricas, de acordo cos principios de clasificación e co diagrama de 2.5.3.3 das Recomendacións das Nacións Unidas.

≠ 3.5 Toda mestura ou solución conforme cos criterios de clasificación das presentes instrucións, composta dunha substancia predominante identificada polo seu nome na táboa 3-1 e unha ou varias substancias non suxeitas ás presentes instrucións e/ou trazas dunha ou máis substancias identificadas polo seu nome na táboa 3-1 debe recibir o número ONU e a denominación do artigo expedido da substancia predominante que figura polo seu nome na táboa 3-1, salvo nos casos seguintes:

- a) a mestura ou solución aparece polo seu nome na táboa 3-1; neste caso débese aplicar esta denominación; ou
- b) a denominación e a descrición da substancia que figura polo seu nome na táboa 3-1 indican de maneira explícita que a denominación se refire unicamente á substancia pura; ou
- c) a clase ou división de risco, os riscos secundarios, o estado físico ou o grupo de embalaxe da solución ou da mestura son distintos dos da substancia que figura polo seu nome na táboa 3-1; ou
- d) as características de risco e as propiedades da mestura ou solución exigen medidas de resposta de emerxencia que son distintas daquelas que se requiren para a substancia que figura polo seu nome na táboa 3-1.

Se se aplica b), c) ou d), a mestura ou solución debe ser tratada como substancia perigosa non mencionada especificamente polo seu nome na táboa 3-1.

*Nota.— Aínda cando as trazas de substancias se poidan desestimar con fins de clasificación, estas poden ter un efecto nas propiedades da substancia e débense ter en conta ao considerar os requisitos de compatibilidade de 4;1.1.3.*

3.6 Cando se trata dunha solución ou dunha mestura cuxa clase de risco, estado físico ou grupo de embalaxe é diferente daquela da substancia incluída na lista, utilizarase a entrada n.e.p. correspondente, coas disposicións relativas á embalaxe e á etiquetaxe.

3.7 A mestura ou solución que contén unha ou varias substancias expresamente mencionadas na táboa 3-1, ou clasificada nunha epígrafe n.e.p., e unha ou varias substancias, non suxeitas ás presentes instrucións, está exenta da aplicación destas últimas se as características do risco da mestura ou solución son tales que non satisfán os criterios de ningunha clase (incluídos os criterios de experiencia humana).

3.8 As substancias ou obxectos que non aparecen mencionados especificamente polo seu nome na táboa 3-1 débense clasificar nunha entrada "xenérica" ou coa indicación "non especificada(o) en ningunha outra parte" ("n.e.p."). A substancia ou o obxecto débese clasificar de acordo coas definicións de clase e cos criterios de ensaio desta parte, e incluírase na entrada xenérica ou na entrada coa indicación "n.e.p." da táboa 3-1 que a describa ou o describa con máis exactitude. Isto significa que unha substancia<sup>3</sup> só pode quedar incluída nunha entrada de tipo c), tal como se define en 3.2, se non se pode incluír nunha entrada de tipo b), e nunha entrada de tipo d) unicamente se non pode ser incluída nunha entrada de tipo b) ou c)<sup>1</sup>.

≠ 3.9 Toda mestura ou solución conforme cos criterios de clasificación das presentes instrucións, que non figura polo seu nome na táboa 3-1 e que está composta de dúas ou máis substancias perigosas debe asignarse a unha entrada que teña a denominación do artigo expedido, a descrición, a clase de risco ou división, os riscos secundarios e o grupo de embalaxe que mellor describen a mestura ou solución.

#### 4. ORDE DE PREPONDERANCIA DAS CARACTERÍSTICAS DE RISCO

4.1 A táboa que figura a seguir (táboa 2-1) débese utilizar para determinar a clase en que se debe incluír unha substancia, unha mestura ou unha solución que presente máis dun risco, cando tal substancia, mestura ou solución non estea mencionada na táboa 3-1. No caso das mercadorías que presenten máis dun risco e que non aparezan mencionadas especificamente polo seu nome na táboa 3-1, aplicaranse as normas correspondentes ao grupo de embalaxe máis rigoroso indicado para un determinado risco, en lugar das correspondentes aos demais grupos de embalaxe, independentemente da orde de preponderancia do risco indicado na táboa 2-1. Na táboa 2-1 indícase a clase ou división correcta que se debe utilizar, na intersección das dúas liñas. O grupo de embalaxe correcto que se debe utilizar tamén figura na intersección das dúas liñas. Na dita táboa non se indica a orde de preponderancia das características de risco das substancias e obxectos que se enumeran a seguir, xa que prevalecen sempre as súas características primarias:

- a) substancias e obxectos da clase 1;
- b) gases da clase 2;

<sup>3</sup>. Véxase así mesmo no anexo 1, capítulo 2, a "Lista de denominacións do artigo expedido, xenéricas ou que levan a anotación n.e.p.".

- c) explosivos insensibilizados líquidos da clase 3;
- d) substancias de reacción espontánea e explosivos insensibilizados sólidos da división 4.1;
- e) substancias pirofóricas da división 4.2;
- f) substancias da división 5.2;
- g) substancias da división 6.1 con toxicidade por inhalación do grupo de embalaxe I. Salvo para substancias ou preparados que respondan aos criterios relativos á clase 8 con toxicidade por inhalación de pos ou néboas (CL<sub>50</sub>) dos valores de adscrición ao grupo de embalaxe I, pero toxicidade por inxestión ou por absorción cutánea dos valores de adscrición ao grupo de embalaxe III ou inferiores, que se asignarán á clase 8;
- h) substancias da división 6.2; e
- i) materiais da clase 7.

4.2 O material radioactivo que teña outras propiedades perigosas terá que clasificarse sempre na clase 7 e será tamén necesario identificar o maior dos riscos secundarios, salvo o material radioactivo contido en vultos exceptuados respecto aos cales os outros riscos teñan preponderancia. No caso de material radioactivo en vultos exceptuados, aplícase a disposición especial A130.

4.3 Un obxecto que, á parte dos seus outros riscos, tamén satisfaga o criterio aplicable a material magnetizado, terá que identificarse de conformidade co previsto nesta sección e ademais como material magnetizado.

## 5. TRANSPORTE DE MOSTRAS

5.1 Cando non hai certeza respecto da clase de risco dunha substancia que hai que transportar para sometela a probas adicionais, deberán asignárselle unha clase de risco, denominación do artigo expedido e número de identificación provisionais, baseados no coñecemento da substancia que teña o expedidor, e na aplicación:

- a) dos criterios de clasificación destas instrucións; e
- b) da preponderancia dos riscos que se indica anteriormente.

Deberase usar o grupo de embalaxe máis rigoroso posible para a denominación do artigo expedido seleccionada.

5.2 Cando se aplique esta disposición, a denominación do artigo expedido deberase completar co termo "mostra" (p. ex., **Líquidos inflamables, n.e.p., mostra**). Nalgúns casos, cando se subministre unha denominación do artigo expedido específica para unha mostra dunha substancia que se considera que responde a determinados criterios de clasificación (p. ex., **Mostra de gas non sometido a presión inflamable**, ONU 3167), debe empregarse esa denominación do artigo expedido. Cando se use unha entrada n.e.p. para transportar a mostra, non será necesario completar a denominación do artigo expedido co nome técnico.

5.3 As mostras da substancia débense transportar de conformidade cos requisitos aplicables á denominación do artigo expedido provisional sempre que:

- a) a substancia non se considere unha substancia prohibida para o transporte, segundo 1;2.1;
- b) se considere que a substancia non responde aos criterios da clase 1 ou que non é unha substancia infecciosa ou un material radioactivo;
- c) a substancia que cumpra cos requisitos establecidos en 4.2.3.2.6 ou 5.3.2.6, se é unha substancia de reacción espontánea ou un peróxido orgánico, respectivamente;
- d) a mostra se transporte nunha embalaxe combinada cunha masa neta por vulto que non exceda os 2,5 kg; e
- e) a mostra non estea embalada xunto con outras mercadorías.



Clase ou división e grupo de embalaxe																
Clase ou división e grupo de embalaxe	4.3 I	4.3 II	4.3 III	5.1 I	5.1 II	5.1 III	6.1 I (d)	6.1 I (o)	6.1 II	6.1 III	8 I (l)	8 I (s)	8 II (l)	8 II (s)	8 III (l)	8 III (s)
3 I*	4.3, I	4.3, I	4.3, I	—	—	—	3, I	3, I	3, I	3, I	3, I	—	3, I	—	3, I	—
3 II*	4.3, I	4.3, II	4.3, II	—	—	—	3, I	3, I	3, II	3, II	8, I	—	3, II	—	3, II	—
3 III*	4.3, I	4.3, II	4.3, III	—	—	—	6.1, I	6.1, I	6.1, II	3, III**	8, I	—	8, II	—	3, III	—
4.1 II*	4.3, I	4.3, II	4.3, II	5.1, I	4.1, II	4.1, II	6.1, I	6.1, I	4.1, II	4.1, II	—	8, I	—	4.1, II	—	4.1, II
4.1 III*	4.3, I	4.3, II	4.3, III	5.1, I	4.1, II	4.1, III	6.1, I	6.1, I	6.1, II	4.1, III	—	8, I	—	8, II	—	4.1, III
4.2 II	4.3, I	4.3, II	4.3, II	5.1, I	4.2, II	4.2, II	6.1, I	6.1, I	4.2, II	4.2, II	8, I	8, I	4.2, II	4.2, II	4.2, II	4.2, II
4.2 III	4.3, I	4.3, II	4.3, III	5.1, I	5.1, II	4.2, III	6.1, I	6.1, I	6.1, II	4.2, III	8, I	8, I	8, II	8, II	4.2, III	4.2, III
4.3 I	—	—	—	5.1, I	4.3, I	4.3, I	6.1, I	4.3, I	4.3, I	4.3, I	4.3, I	4.3, I	4.3, I	4.3, I	4.3, I	4.3, I
4.3 II	—	—	—	5.1, I	4.3, II	4.3, II	6.1, I	4.3, I	4.3, II	4.3, II	8, I	8, I	4.3, II	4.3, II	4.3, II	4.3, II
4.3 III	—	—	—	5.1, I	5.1, II	4.3, III	6.1, I	6.1, I	6.1, II	4.3, III	8, I	8, I	8, II	8, II	4.3, III	4.3, III
5.1 I	—	—	—	5.1, I	5.1, I	5.1, I	5.1, I	5.1, I	5.1, I	5.1, I	5.1, I	5.1, I	5.1, I	5.1, I	5.1, I	5.1, I
5.1 II	—	—	—	6.1, I	5.1, II	5.1, II	6.1, I	5.1, I	5.1, II	5.1, II	8, I	8, I	5.1, II	5.1, II	5.1, II	5.1, II
5.1 III	—	—	—	6.1, I	6.1, I	5.1, III	6.1, I	6.1, I	6.1, II	5.1, III	8, I	8, I	8, II	8, II	5.1, III	5.1, III
6.1 I (d)	—	—	—	—	—	—	—	8, I	6.1, I	6.1, I	8, I	6.1, I	6.1, I	6.1, I	6.1, I	6.1, I
6.1 I (o)	—	—	—	—	—	—	—	8, I	6.1, I	6.1, I	8, I	6.1, I	6.1, I	6.1, I	6.1, I	6.1, I
6.1 II (l)	—	—	—	—	—	—	—	8, I	6.1, I	6.1, II	8, I	6.1, I	6.1, II	6.1, II	6.1, II	6.1, II
6.1 II (d)	—	—	—	—	—	—	—	8, I	6.1, I	8, II	8, I	6.1, I	8, II	6.1, II	6.1, II	6.1, II
6.1 II (o)	—	—	—	—	—	—	—	8, I	8, I	8, II	8, I	8, I	8, II	6.1, II	6.1, II	6.1, II
6.1 III	—	—	—	—	—	—	—	8, I	8, I	8, II	8, I	8, I	8, II	8, II	8, III	8, III

(l) = líquido; (s) = sólido; (i) = inhalación; (d) = dérmico; (o) = oral; — = combinación imposible

\* Substancias da división 4.1 salvo as substancias de reacción espontánea e os explosivos insensibilizados sólidos e substancias da clase 3 que non sexan explosivos insensibilizados líquidos.

\*\* No caso dos pesticidas unicamente, o risco primario debe ser da división 6.1.

## Capítulo 1

### CLASE 1 — EXPLOSIVOS

*Partes deste capítulo resultan afectadas polas discrepancias estatais BE 2, DK 2, DQ 2, GB 1, HK 3, HR 5, KG 2, US 5; véxase a táboa A-1*

*Nota 1.— A clase 1 é unha clase con restricións, é dicir, que só aquelas substancias e obxectos explosivos que figuran na Lista de mercadorías perigosas poden aceptarse para o transporte. Non obstante, as autoridades que corresponden dos Estados interesados teñen dereito, de común acordo, a aprobar o transporte de substancias e obxectos explosivos para usos especiais baixo determinadas condicións. Polo tanto, na Lista de mercadorías perigosas incluíronse entradas para “Substancias explosivas, n.e.p.” e “Obxectos explosivos, n.e.p.”. A intención é que estas entradas se utilicen soamente cando non é posible recorrer a outro método operacional.*

*Nota 2.— As entradas xerais, como “Explosivos para voaduras, tipo A”, utilízanse para permitir o transporte de substancias novas. Ao establecer estas condicións, tívéronse en conta as municións e os explosivos militares na medida en que é probable o seu transporte en aeronaves civís.*

*Nota 3.— No anexo 2 destas instrucións descríbese unha serie de substancias e obxectos da clase 1. Proporcionanse estas descrições porque ás veces o termo non é moi coñecido ou ben hai discrepancia respecto á súa utilización con fins de regulamentación.*

*Nota 4.— A clase 1 é única no sentido de que con frecuencia o tipo de embalaxe repercute decisivamente no risco e, polo tanto, na asignación a unha división en particular. A división correcta determínase aplicando os procedementos que figuran neste capítulo.*

*Nota 5.— Habitualmente non se permite o transporte por vía aérea da maioría dos explosivos que figuran na táboa 3-1. A información relativa a estes explosivos inclúese nesa táboa 3-1 e no suplemento destas instrucións a modo de orientación para os Estados nos casos en que se considera outorgar dispensas de conformidade con 1;1.1.2.*

#### 1.1 DEFINICIÓNS E DISPOSICIÓNS XERAIS

A clase 1 comprende:

- a) As substancias explosivas (non se inclúen na clase 1 as substancias que non son en si mesmas explosivas, pero que poden formar mesturas explosivas de gases, vapores ou po), excepto as que son demasiado perigosas para o transporte ou aquelas cuxo risco principal corresponde a outra clase;
- b) Os obxectos explosivos, excepto os artefactos que conteñan substancias explosivas en cantidade ou de natureza tales que a súa ignición ou cebado por inadvertencia ou por accidente durante o transporte non daría por resultado ningunha manifestación exterior ao artefacto que se poida traducir nunha proxección, nun incendio, nun desprendemento de fume ou de calor ou nun ruído forte (véxase 1.5.2); e
- c) As substancias e os obxectos non mencionados en 1.1 a) e b) que se fabriquen para producir un efecto explosivo ou pirotécnico.

#### 1.2 DEFINICIÓNS

No marco destas instrucións, aplícanse as definicións seguintes:

- a) **Substancia explosiva.** É unha substancia (ou mestura de substancias) sólida ou líquida que ten en si mesma a capacidade de experimentar reacción química producindo gases a unha temperatura, presión e velocidade tales que poidan ocasionar danos nos arredores. As substancias pirotécnicas inclúense mesmo cando non desprendan gases.
- b) **Substancia pirotécnica.** É unha substancia ou mestura de substancias destinada a producir un efecto calorífico, luminoso, sonoro gasoso ou fumixeno, ou unha combinación de tales efectos como resultado de reaccións químicas exotérmicas que se manteñen por si mesmas e non son detonantes.
- c) **Artigo explosivo.** É un artigo que contén unha ou máis substancias explosivas.
- d) **Flematizado.** Aplicado a un explosivo, significa que se lle engadiu unha substancia (ou “flemador”) para aumentar a súa seguridade durante a manipulación e o transporte. Por acción do flemador, o explosivo vólvese insensible, ou menos sensible, á calor, ás sacudidas, aos impactos, á percusión ou á fricción. Os flemadores máis comúns son, entre outros, o

papel, a cera, a auga, algúns polímeros (por exemplo os clorofluoropolímeros), o alcohol e aceites (como a vaselina e a parafina).

*Nota.— As explicacións doutros termos que se utilizan en conexión con explosivos figuran no anexo 2 destas instrucións.*

### 1.3 DIVISIONS

1.3.1 A clase 1 ten seis divisións:

a) División 1.1 — Substancias e obxectos que presentan un risco de explosión masiva (explosión masiva é a que afecta case toda a carga de maneira practicamente instantánea).

b) División 1.2 — Substancias e obxectos explosivos que presentan un risco de proxección, pero non un risco de explosión masiva.

c) División 1.3 — Substancias e obxectos que presentan un risco de incendio e un risco de que se produzan pequenos efectos de onda explosiva ou de proxección, ou ambos os efectos, pero non un risco de explosión masiva.

Inclúense nesta división as substancias e os obxectos seguintes:

i) aqueles cuxa combustión dá lugar a unha radiación térmica considerable, ou

ii) os que arden sucesivamente, con pequenos efectos de onda explosiva ou de proxección, ou ambos os efectos.

d) División 1.4 — Substancias e obxectos que non presentan ningún risco considerable.

Inclúense nesta división as substancias e os obxectos que só presentan un pequeno risco en caso de ignición ou de iniciación durante o transporte. Os efectos limitanse na súa maior parte á embalaxe e normalmente non se proxectan a distancia fragmentos de tamaño apreciable. Os incendios exteriores non deben causar a explosión practicamente instantánea de virtualmente todo o contido do vulto.

*Nota.— Inclúense no grupo de compatibilidade S as substancias e obxectos desta división cuxo embalaxe ou deseño sexan tales que limiten ao interior do vulto calquera efecto perigoso debido a un funcionamento accidental, a menos que un incendio deteriorese a embalaxe, caso en que todos os efectos de onda explosiva e de proxección deberán ser suficientemente pequenos para non entorpecer sensiblemente a loita contra o incendio nin a adopción doutras medidas de emerxencia nas inmediacións do vulto.*

e) División 1.5 — Substancias moi pouco sensibles que presentan o risco de explosión masiva.

Inclúense nesta división as substancias que presentan risco de explosión masiva, pero que son tan insensibles que, en condicións normais de transporte, presentan moi poucas probabilidades de que se poidan iniciar ou de que a súa combustión orixine unha detonación.

*Nota.— Con respecto ás condicións normais de transporte, véxanse as notas 2 a 4 das notas de introdución da parte 4.*

f) División 1.6 — Obxectos extremadamente insensibles que non presentan risco de explosión masiva.

Esta división comprende os obxectos que conteñen unicamente substancias extremadamente insensibles e que demostran unha probabilidade insignificante de iniciación ou propagación accidental.

*Nota.— O risco que presentan os obxectos correspondentes á división 1.6 limitase á explosión dun só obxecto.*

1.3.2 Toda substancia ou obxecto que teña ou que se sospeite que ten características explosivas debe considerarse en primeiro lugar para clasificación na clase 1 de acordo cos procedementos que figuran en 1.5.1.1 a 1.5.1.3. Os artigos non se clasifican na clase 1 se:

a) o transporte dunha substancia explosiva está prohibido, salvo con autorización especial, porque a sensibilidade da substancia é excesiva;

b) a substancia ou obxecto está dentro da gama de substancias e obxectos explosivos que quedan especificamente excluídos da clase 1 pola definición desa clase; ou

c) a substancia ou obxecto non ten propiedades explosivas.

#### 1.4 GRUPOS DE COMPATIBILIDADE

1.4.1 Os artigos da clase 1 asígnanse a unha das seis divisións, dependendo do tipo de riscos que presentan (véxase 1.3.1), e a un dos 13 grupos de compatibilidade que definen as categorías de substancias e obxectos explosivos que se consideran compatibles. Nas táboas 2-2 e 2-3 preséntase o esquema de clasificación para os grupos de compatibilidade, as divisións de riscos posibles que corresponden a cada grupo e as seguintes claves de clasificación.

1.4.2 As definicións dos grupos de compatibilidade da táboa 2.2 exclúense mutuamente, excepto cando a substancia ou obxecto se clasifica no grupo de compatibilidade S. Como o criterio para o grupo de compatibilidade S é empírico, a asignación dunha substancia ou obxecto a este grupo relaciónase necesariamente coas probas para a asignación á división 4.

1.4.2.1 Algúns explosivos da división 1.4S, para os cales se indica a disposición especial A165 na táboa 3-1, están suxeitos ás probas descritas en d) da serie de probas 6 da parte I do *Manual de probas e criterios*, das Nacións Unidas (véxase ST/SG/AC.10/36/Ad.2) para demostrar que todo efecto perigoso que xere o funcionamento se limita ao vulto. Entre as manifestacións de efectos perigosos na parte exterior de vulto inclúense:

- crocadura ou perforación da placa testemuña debaixo do vulto;
- chama capaz de prender como tal unha folla de papel de  $80 \pm 3 \text{ g/m}^2$  a unha distancia de 25 cm do vulto;
- rotura do vulto con proxección do contido de explosivos; ou
- proxección que pasa completamente a través da embalaxe (considérase que a proxección ou fragmentos retidos ou pegados na parede da embalaxe non constitúen un perigo).

Ao avaliar os resultados da proba, a autoridade nacional que corresponda pode considerar pertinente ter en conta o efecto previsto do medio de iniciación, se se espera que sexa significativo en comparación cos obxectos sometidos a proba. Se se producen efectos perigosos fóra do vulto, o produto queda excluído de grupo de compatibilidade S.

#### 1.5 CLASIFICACIÓN DE EXPLOSIVOS

*Nota.— Para máis información relativa á clasificación dos explosivos, véxanse as Recomendacións das Nacións Unidas, 2.1.3.1.4, 2.1.3.1.5 e 2.1.3.4.*

Táboa 2-2. Claves de clasificación

Descrición da substancia ou obxecto por clasificar	Grupo de compatibilidade	Clave de clasificación
Explosivo primario	A	1.1A
Obxecto que conteña un explosivo primario e non dous ou máis dispositivos eficaces de protección. Inclúense algúns obxectos, tales como detonadores para voaduras, conxuntos de detonadores para voaduras e cebos do tipo de cápsula mesmo cando non conteñan explosivos primarios	B	1.1B 1.2B 1.4B
Substancia explosiva propulsora ou outra substancia explosiva secundaria deflagrante, ou obxecto que conteña tal substancia explosiva	C	1.1C 1.2C 1.3C 1.4C
Substancia explosiva secundaria detonante ou pólvora negra, ou obxecto que conteña unha substancia explosiva secundaria detonante, en cada caso sen medio de iniciación propio e sen carga propulsora ou artigo que conteña algún explosivo primario e dous ou máis dispositivos eficaces de protección	D	1.1D 1.2D 1.4D 1.5D
Obxecto que conteña unha substancia explosiva secundaria detonante, sen medio de iniciación propio, con carga propulsora (á parte da que contén un líquido ou xel inflamable ou líquidos hipergólicos)	E	1.1E 1.2E 1.4E
Obxecto que conteña unha substancia explosiva secundaria detonante, con medio de iniciación propio, con carga propulsora (á parte da que contén un líquido ou xel inflamable ou líquidos hipergólicos) ou sen carga propulsora	F	1.1F 1.2F 1.3F 1.4F

<i>Descrición da substancia ou obxecto por clasificar</i>	<i>Grupo de compatibilidade</i>	<i>Clave de clasificación</i>
Substancia pirotécnica, ou obxecto que conteña unha substancia pirotécnica, ou obxecto que conteña unha substancia explosiva e ademais unha substancia iluminante, incendiaria, lacrimóxena ou fumíxena (excepto os obxectos activados pola auga ou os obxectos que conteñan fósforo branco, fosfuros, unha substancia pirofórica, un líquido ou xel inflamable ou líquidos hipergólicos)	G	1.1G 1.2G 1.3G 1.4G
Obxecto que conteña unha substancia explosiva e, ademais, fósforo branco	H	1.2H 1.3H
Obxecto que conteña unha substancia explosiva e, ademais, un líquido ou un xel inflamables	J	1.1J 1.2J 1.3J
Obxecto que conteña unha substancia explosiva e, ademais, un axente químico tóxico	K	1.2K 1.3K
Substancia explosiva ou obxecto que conteña unha substancia explosiva e que presente un risco especial (p. ex., debido á activación da auga, á presenza de líquidos hipergólicos, fosfuros ou dunha substancia pirofórica) que exixa o illamento de cada tipo	L	1.1L 1.2L 1.3L
≠ Obxectos que conteñan unicamente substancias extremadamente insensibles	N	1.6N
Substancia ou obxecto concibido ou embalado de tal maneira que todo efecto perigoso provocado por un funcionamento accidental quede circunscrito ao interior da embalaxe, a menos que este fose deteriorado polo lume, caso en que todos os efectos da onda expansiva ou das proxeccións son limitados por canto non entorpecen sensiblemente nin impiden a loita contra o incendio nin a adopción doutras medidas de resposta de emerxencia nas inmediacións do vulto	S	1.4S

*Nota 1.— Os obxectos dos grupos de compatibilidade D e E pódense montar ou embalar xunto co seu propio medio de cebado sempre que ese medio teña polo menos dous dispositivos de seguridade eficaces deseñados para previr unha explosión en caso de activación accidental do medio de cebado. Tales obxectos e embalaxes deben asignarse aos grupos de compatibilidade D ou E.*

*Nota 2.— Os obxectos dos grupos de compatibilidade D e E poden embalarse xunto co seu propio medio de cebado aínda cando este non conteña dos dispositivos de seguridade eficaces se, a xuízo da autoridade nacional que corresponda do Estado de orixe, a activación accidental do medio de cebado non causa a explosión do obxecto nas condicións normais de transporte. Tales embalaxes deben asignarse aos grupos de compatibilidade D ou E.*

**Táboa 2-3. Clasificación das substancias e obxectos explosivos en función da división de risco e do grupo de compatibilidade**

División de risco	Grupo de compatibilidade													A-S Σ
	A	B	C	D	E	F	G	H	J	K	L	N	S	
1.1	1.1A	1.1B	1.1C	1.1D	1.1E	1.1F	1.1G		1.1J		1.1L			9
1.2		1.2B	1.2C	1.2D	1.2E	1.2F	1.2G	1.2H	1.2J	1.2K	1.2L			10
1.3			1.3C			1.3F	1.3G	1.3H	1.3J	1.3K	1.3L			7
1.4		1.4B	1.4C	1.4D	1.4E	1.4F	1.4G						1.4S	7
1.5				1.5D										1
1.6												1.6N		1
1.1-1.6 Σ		3	4	4	3	4	4	2	3	2	3	1	1	35

1.5.1.1 Toda substancia ou obxecto que teña ou se sospeite que ten características explosivas debe considerarse para clasificación na clase 1 de conformidade coas probas, procedementos e criterios prescritos no *Manual de probas e criterios* das Nacións Unidas, parte I. As substancias e os obxectos clasificados na clase 1 débense asignar á división e ao grupo de compatibilidade apropiados de conformidade cos procedementos e criterios prescritos nese documento.

1.5.1.2 A clasificación de artificios de pirotecnia débese basear no que figura en 2.1.3.5, das Recomendacións das Nacións Unidas.

1.5.1.3 Coa excepción das substancias que figuran pola súa denominación do artigo expedido na Lista de mercadorías perigosas (táboa 3-1), os artigos non se deben presentar para o transporte como artigos de clase 1 ata que non fosen sometidos ao procedemento de clasificación prescrito neste capítulo. Ademais, o procedemento de clasificación débese realizar antes de presentar un produto novo para o transporte. Neste contexto, un produto novo é un que, ao xuízo da autoridade nacional que corresponde, inclúe:

- a) unha nova substancia explosiva ou unha combinación ou mestura de substancias explosivas que se considera significativamente diferente doutras combinacións ou mesturas xa clasificadas;
- b) un novo modelo de obxecto ou un obxecto que contén unha nova substancia explosiva ou unha nova combinación ou mestura de substancias explosivas;
- c) un novo modelo de vulto para unha substancia ou obxecto explosivo, comprendido un novo tipo de embalaxe interior.

*Nota.— Cómpre non restar importancia a este punto e ter en conta que un cambio relativamente menor na embalaxe interior ou exterior pode ser crítico e converter un risco menor nun risco de explosión masiva.*

1.5.1.4 O produtor ou outra persoa que solicite a clasificación dun produto debe proporcionar información adecuada con respecto aos nomes e características de todas as substancias explosivas do produto e debe entregar os resultados de todos os ensaios pertinentes que realizase. Sponse que todas as substancias explosivas nun artigo novo se someteron aos ensaios adecuados e foron aprobadas.

## 1.5.2 Exclusión da clase 1

1.5.2.1 A autoridade nacional que corresponda pode excluír un obxecto ou substancia da clase 1 en virtude dos resultados das probas e da definición de clase 1.

1.5.2.2 Cando unha substancia aceptada provisionalmente como substancia da clase 1 e excluída da aplicación das disposicións relativas a esa clase por ter superado a serie de probas 6 para un vulto de tipo e tamaño determinados, cumpra os criterios de clasificación ou responda á definición correspondente a outra clase ou división, debería pasar a figurar na Lista de mercadorías perigosas como substancia desa clase ou división cunha disposición especial de limitación ao tipo e tamaño do vulto en que superase as probas.

1.5.2.3 Se unha substancia é asignada á clase 1, pero é diluída para quedar excluída da aplicación das disposicións relativas a esa clase por superar a serie de probas 6, a dita substancia (denominada no sucesivo explosivo desensibilizado) debería incluírse na Lista de mercadorías perigosas indicando a máis alta concentración que a exclúa da clase 1 (véxanse 2;3.1.4 e 2;4.2.4), e, se é aplicable, a concentración por debaixo da cal xa non se considera suxeita a estas instrucións. Os novos explosivos desensibilizados sólidos suxeitos a estas instrucións deberían incluírse na división 4.1, e os novos explosivos desensibilizados líquidos deberían incluírse na clase 3. Cando os explosivos desensibilizados respondan aos criterios ou á definición doutra clase ou división, deberían asignárselles os correspondentes riscos secundarios.

+ 1.5.2.4 Un obxecto pódese suprimir da clase 1 cando tres obxectos sen embalar, cada un deles activado individualmente polo seu propio medio de iniciación ou de ignición ou por medios externos para que funcione na forma prevista, cumpren os seguintes criterios de proba:

- a) ningunha superficie externa ten unha temperatura superior a 65°C. Pódese aceptar unha suba momentánea da temperatura ata 200°C;
- b) non hai ningunha ruptura ou fragmentación da envoltura externa, nin ningún desprazamento do obxecto ou de partes deste en máis de 1 m en calquera dirección;

*Nota.— Cando a integridade do obxecto se poida ver afectada en caso de incendio exterior, estes criterios débense examinar mediante unha proba de exposición ao lume, como se describe na norma ISO 12097-3.*

- c) non hai ningún efecto audible que supere un pico de 135 dB(C) a unha distancia de 1 m;
- d) non hai ningunha chama capaz de inflamar materiais tales como unha folla de papel de 80 ± 10 g/m<sup>2</sup> en contacto co obxecto; e
- e) non hai produción de fume, vapores ou po en cantidades tales que a visibilidade nunha cámara de 1 m<sup>3</sup> equipada con paneis antiexplosión de dimensións apropiadas para resistir unha posible sobrepresión se vexa reducida en máis dun 50%, segundo unha medición efectuada cun luxómetro ou un radiómetro calibrado situado a 1 m de distancia dunha fonte de luz

constante colocada no punto medio da parede oposta. Pódense utilizar a orientación xeral sobre as probas de densidade óptica da norma ISO 5659-1 e a orientación xeral sobre o sistema fotométrico descrito na sección 7.5 da norma ISO 5659-2, ou outros métodos de medición da densidade óptica similares deseñados para cumprir o mesmo propósito. Débese utilizar unha caparucha adecuada para cubrir a parte posterior e os lados do luxómetro co fin de minimizar os efectos de dispersión ou fuga da luz non emitida directamente desde a fonte.

*Nota 1.— Se, durante as probas destinadas a avaliar o cumprimento dos criterios a), b), c) e d), non se observa fume ou se observa moi pouco, non é necesario realizar a proba descrita na alínea e).*

*Nota 2.— A autoridade nacional que corresponda pode exixir que os obxectos se sometan ás probas na súa embalaxe se se determina que, unha vez embalado para o transporte, o obxecto pode presentar un risco maior.*

---

## Capítulo 2

### CLASE 2 — GASES

*Partes deste capítulo resultan afectadas pola discrepancia estatal US 6; véxase a táboa A-1*

#### 2.1 DEFINICIÓNS E DISPOSICIÓNS XERAIS

2.1.1 Un gas é unha substancia que:

- a) a 50°C ten unha presión de vapor superior a 300 kPa; ou
- b) é completamente gasosa a 20°C a unha presión normal de 101,3 kPa.

2.1.2 A condición de transporte dun gas descríbese segundo o seu estado físico da seguinte maneira:

a) gas comprimido — gas que ao ser embalado baixo presión para o transporte non está en estado completamente gasoso a -50°C; nesta categoría inclúense todos os gases con temperatura crítica inferior ou igual a -50°C;

b) gas licuado — gas que ao ser embalado a presión para o transporte está en estado parcialmente líquido a temperaturas superiores a -50°C. Hai unha diferenza entre:

*Gas licuado a alta presión:* gas con temperatura crítica entre -50°C e +65°C, e

*Gas licuado a baixa presión:* gas con temperatura crítica superior a +65°C;

c) gas licuado refrixerado — gas que ao ser embalado para o transporte se pon en estado parcialmente líquido debido á súa baixa temperatura; ou

d) gas disolto — gas que ao ser embalado a presión para o transporte se encontra disolto nun solvente en fase líquida.

2.1.3 Pertencen a esta clase os gases comprimidos, gases licuados, gases disoltos, gases licuados refrixerados, mesturas dun ou máis gases cun ou máis vapores de substancias doutras clases, obxectos cargados con gas e aerosois. (Para os aerosois, véxase 1;3.1.)

*Nota.— “Líquido crioxénico” significa o mesmo que “gas licuado refrixerado”.*

2.1.4 As presións de todo tipo relativas a recipientes (como a presión de ensaio, a presión interna, a presión de abertura da válvula de seguridade) indícanse sempre en presión manométrica (presión en exceso con respecto á presión atmosférica); non obstante, a presión de vapor das substancias exprésase sempre en presión absoluta.

#### 2.2 DIVISIÓNS

2.2.1 Ás substancias da clase 2 asígnaselles unha das tres divisións que lles corresponden baseándose no risco primario que representa o gas en cuestión durante o transporte.

*Nota.— Os núms. ONU 1950 — Aerosois, ONU 2037 — Recipientes pequenos que conteñen gas e ONU 2037 — Cartuchos de gas, débense considerar da división 2.1 cando satisfán os criterios de 2.5.1 a).*

a) División 2.1 — Gases inflamables.

Gases que a 20°C e presión normal de 101,3 kPa:

i) pódense inflamar ao formar unha mestura con aire do 13% ou menos por volume; ou

≠ ii) presentan unha gama de inflamación con aire de 12 puntos de porcentaxe como mínimo, sen ter en conta o límite inferior de inflamación. A inflamabilidade débese determinar con ensaios ou cálculos que se axusten aos métodos adoptados pola ISO (véxase ISO 10156:2010). Se non se conta cos datos suficientes para aplicar estes métodos, débense efectuar ensaios baseados nun método comparable que sexa recoñecido polas autoridades locais pertinentes.

*Nota.— Os núms ONU 1950 — Aerosois e ONU 2037 — Recipientes pequenos que conteñen gas, débense considerar dentro da división 2.1 cando se axustan aos criterios de 2.5.1 a).*



## b) División 2.2 — Gases ininflamables non tóxicos.

Gases que:

- i) producen asfixia — gases que dilúen ou substitúen o oxíxeno que se encontra normalmente na atmosfera; ou
- ii) son comburentes — gases que poden, xeralmente liberando oxíxeno, causar ou facilitar, máis que o aire, a combustión doutras substancias; ou
- iii) non están previstos noutras divisións.

≠ *Nota.— En 2.2.1 b) ii), por “gases que poden causar ou facilitar a combustión doutras substancias máis que o aire”, enténdese gases puros ou mesturas de gases cun poder comburente superior ao 23,5%, determinado por un método especificado en ISO 10156:2010.*

## c) División 2.3 — Gases tóxicos.

Gases que:

- i) se sabe que afectan o home pola súa toxicidade e propiedades corrosivas, de maneira tal que constitúen un perigo para a saúde; ou
- ii) se supón que afectan o home pola súa toxicidade e propiedades corrosivas, xa que o valor da súa CL<sub>50</sub> é igual ou menor que 5 000 ml/m<sup>3</sup> (ppm) ao sometelos a ensaios segundo 6.2.1.3.

*Nota.— Debido á súa corrosividade, os gases que se axustan aos criterios mencionados débense clasificar como tóxicos con risco secundario de corrosión.*

2.2.2 Os gases da división 2.2 non están suxeitos a estas instrucións se se transportan a unha presión inferior a 200 kPa a 20°C e non se trata de gases licuados ou licuados refrixerados.

2.2.3 Os gases da división 2.2 non están suxeitos ás presentes instrucións se se encontran en:

- a) alimentos, incluídas as bebidas gasosas (coa excepción de ONU 1950);
- b) balóns para uso deportivo;
- c) pneumáticos que se axustan ao prescrito na disposición especial A59; ou
- d) bombillas, coa condición de que estean embaladas de modo que os efectos de proxectil dunha ruptura da bombilla queden contidos dentro do vulto.

### 2.3 PREPONDERANCIA DOS RISCOS

Os gases e as mesturas de gases que presentan riscos relacionados con máis dunha división teñen a preponderancia seguinte:

- a) a división 2.3 ten preponderancia sobre todas as outras divisións;
- b) a división 2.1 ten preponderancia sobre a división 2.2.

### 2.4 MESTURAS DE GASES

Para clasificar as mesturas de gases nunha das tres divisións (comprendidos os vapores emanados por substancias doutras clases), débense aplicar os principios seguintes:

- ≠ a) A inflamabilidade débese determinar por medio de ensaios ou cálculos que se axusten aos métodos adoptados pola ISO (véxase ISO 10156:2010). Se non se conta cos datos suficientes para aplicar estes métodos, pódense efectuar ensaios baseados en métodos comparables que sexan recoñecidos polas autoridades locais pertinentes.

b) O nivel de toxicidade determínase xa sexa con ensaios de acordo co que se indica en 6.2.1.3, xa sexa cun método de cálculo utilizando a fórmula seguinte:

$$CL_{50} \text{ Tóxico (mestura)} = \frac{1}{\sum_{i=1}^n \frac{f_i}{T_i}}$$

onde  $f_i$  = fracción molar da  $i^{\text{ésima}}$  substancia compoñente da mestura, e

onde  $T_i$  = índice de toxicidade da  $i^{\text{ésima}}$  substancia compoñente da mestura (el valor  $T_i$  é igual ao valor de  $CL_{50}$  cando se coñece).

Cando se descoñecen os valores de  $CL_{50}$ , o índice de toxicidade determínase aplicando o valor  $CL_{50}$  menor de substancias que producen efectos fisiolóxicos e químicos similares, ou ben por medio de ensaios se esta é a única posibilidade desde o punto de vista práctico.

c) Unha mestura gasosa presenta risco secundario de corrosividade cando se sabe por experiencia que produce efectos destrutivos na pel, nos ollos ou nas membranas mucosas do home ou cando o valor de  $CL_{50}$  dos compoñentes corrosivos da mestura é igual ou menor que 5 000 ml/m<sup>3</sup> (ppm) cando o valor da  $CL_{50}$  se calcula coa fórmula:

$$CL_{50} \text{ Corrosivo (mestura)} = \frac{1}{\sum_{i=1}^n \frac{f_{ci}}{T_{ci}}}$$

onde  $f_{ci}$  = fracción molar da  $i^{\text{ésima}}$  substancia corrosiva compoñente da mestura, e

onde  $T_{ci}$  = índice de toxicidade da  $i^{\text{ésima}}$  substancia corrosiva compoñente da mestura (o valor  $T_{ci}$  é igual ao valor  $CL_{50}$  cando se coñece).

≠ d) A capacidade de oxidación determínase xa sexa cos ensaios ou os métodos de cálculo adoptados pola Organización Internacional de Normalización (véxase a nota de 2.2.1 b) e ISO 10156:2010).

## 2.5 AEROSOIS

2.5.1 Para os aerosois, a división da clase 2 e os riscos secundarios dependen do tipo de contido do pulverizador de aerosol. Ao respecto, aplícanse as disposicións seguintes:

a) corresponde a división 2.1 se o contido inclúe 85%, en masa, ou máis, de compoñentes inflamables e se a calor química da combustión é 30 kJ/g ou máis;

b) corresponde a división 2.2 se o contido inclúe máis de 1%, en masa, ou menos, de compoñentes inflamables e se a calor química da combustión é inferior a 20 kJ/g;

c) noutro caso, o produto débese clasificar de acordo coas probas descritas no *Manual de probas e criterios das Nacións Unidas*, parte III, sección 31. Os aerosois, tanto inflamables como moi inflamables, débense clasificar na división 2.1; os non inflamables, na división 2.2;

d) os gases da división 2.3 non se deben utilizar como propulsor en pulverizadores de aerosol;

e) cando o contido, excluindo o propulsor de pulverizadores de aerosol que se debe expulsar, se clasifica na división 6.1, grupos de embalaxe II ou III, ou na clase 8, grupos de embalaxe II ou III, ao aerosol débese asignar un risco secundario da división 6.1 ou da clase 8;

f) está prohibido o transporte dos aerosois cuxo contido satisfai os criterios do grupo de embalaxe I en canto a toxicidade e corrosividade.

2.5.2 Os compoñentes inflamables son líquidos, sólidos ou gases e mesturas de gases inflamables tal como se define nas notas 1 a 3 da subsección 31.1.3 da parte III do *Manual de probas e criterios das Nacións Unidas*. Esta designación non comprende as substancias pirofóricas, as que experimentan queentamento espontáneo ou as que reaccionan coa auga. A calor química da combustión débese determinar por un dos métodos seguintes: ASTM D 240, ISO/FDIS 13943:1999 (E/F) 86.1 a 86.3 ou NFPA 30B.

## Capítulo 3

### CLASE 3 — LÍQUIDOS INFLAMABLES

#### NOTA DE INTRODUCCIÓN

O punto de inflamación dun líquido inflamable pódese ver alterado pola presenza dunha impureza. As substancias que figuran na clase 3 na Lista de mercadorías perigosas da parte 3 débense considerar en xeral quimicamente puras. Como os produtos comerciais poden conter substancias adicionais ou impurezas, os puntos de inflamación poden variar, o cal pode ter un efecto na clasificación ou na determinación do grupo de embalaxe do produto. En caso de dúbida acerca da clasificación do grupo de embalaxe dunha substancia, o punto de inflamación da substancia determinarase de forma experimental.

#### 3.1 DEFINICIÓN E DISPOSICIÓN XERAIS

3.1.1 A clase 3 comprende as substancias seguintes:

- a) Líquidos inflamables (véxase 3.1.2 e 3.1.3);
- b) Explosivos insensibilizados líquidos (véxase 3.1.4).

3.1.2 Os líquidos inflamables son líquidos ou mesturas de líquidos ou líquidos que conteñen sólidos en solución ou en suspensión (p. ex., pinturas, vernices, lacas etc., pero non comprenden substancias que teñen outra clasificación debido ás súas características perigosas), que despiden vapores inflamables a temperaturas que non exceden os 60°C, en crisol pechado, ou dos 65,6°C, en crisol aberto, o que normalmente se denomina punto de inflamación. Nesta clase tamén se inclúen:

- a) Os líquidos que se presentan para o transporte a temperaturas iguais ou superiores ao seu punto de inflamación; e
- b) As substancias que se transportan ou se presentan para o transporte a temperaturas elevadas en estado líquido e que desprenden vapores inflamables a unha temperatura igual ou inferior á temperatura máxima do transporte (é dicir, á temperatura máxima a que a substancia podería estar exposta durante o transporte).

*Nota.— Como os resultados dos ensaios en crisol aberto e dos ensaios en crisol pechado non son estritamente comparables, e mesmo os resultados obtidos en ensaios sucesivos co mesmo método a miúdo difiren, todo regulamento que se aparte das cifras mencionadas máis arriba para ter en conta tales discrepancias respondería en esencia a esta definición.*

3.1.3 Os líquidos que se axustan á definición en 3.1.2, cuxo punto de inflamación sexa superior a 35°C e que non experimentan combustión sostida, non teñen por que considerarse como líquidos inflamables para os fins das presentes instrucións. Considérase que os líquidos non poden soste-la combustión para os fins das presentes instrucións (isto é, non experimentan combustión sostida en determinadas condicións de proba) se:

- a) superaron unha proba de combustibilidade adecuada (véxase proba de combustibilidade sostida, prescrita no *Manual de probas e criterios das Nacións Unidas*, parte III, subsección 32.5.2); ou ben
- b) o seu punto de inflamación, de acordo con ISO 2592:2000, é superior a 100°C; ou ben,
- c) son solucións miscibles cun contido de auga superior a 90%, en masa.

3.1.4 Os explosivos insensibilizados líquidos son substancias explosivas que están disoltas ou suspendidas en auga ou outras substancias líquidas para formar unha mestura líquida homoxénea, co propósito de suprimir as súas propiedades explosivas (véxase 1.5.2.3). Na Lista de mercadorías perigosas (táboa 3-1), as entradas para explosivos insensibilizados líquidos son: ONU 1204, ONU 2059, ONU 3064, ONU 3343, ONU 3357 e ONU 3379.

#### 3.2 ASIGNACIÓN DOS GRUPOS DE EMBALAXE

3.2.1 Para saber o grupo de embalaxe que se debería utilizar para todo líquido que, debido á súa inflamabilidade, entraña algún risco, hai que consultar a táboa 2-4. Respecto a aqueles líquidos cuxo único risco é o feito de que son inflamables, o grupo de embalaxe da substancia aparece na citada táboa. Respecto a todo líquido que entraña algún risco ou riscos adicionais, débese ter en conta o grupo de embalaxe determinado con base na táboa 2-4 e tamén o grupo de embalaxe baseado no risco ou riscos adicionais. Nestes casos, para fixar a orde de preponderancia das características do risco haberá que consultar a táboa 2-1 para poder determinar a clasificación apropiada do líquido de que se trate.

≠ 3.2.2 *Criterios para a inclusión dunha substancia no grupo de embalaxe III*

Os líquidos viscosos inflamables, tales como pinturas, esmaltes, vernices, adhesivos, produtos abrillantadores, cuxo punto de inflamación sexa inferior a 23°C poden asignarse ao grupo de embalaxe III de conformidade cos procedementos prescritos na parte III, subsección 32.3 do *Manual de probas e criterios* das Nacións Unidas, sempre que:

- a) a capa separada de disolvente sexa inferior ao 3% na proba de separación do disolvente;
- b) a mestura ou o disolvente separado non satisfagan os criterios da división 6.1 da clase 8;
- c) a viscosidade e o punto de inflamación se axusten á táboa 2-5;
- d) cando os líquidos inflamables se asignen ao grupo de embalaxe III, a súa cantidade neta por vulto non sexa superior a 30 l para as aeronaves de pasaxeiros ou 100 l para as aeronaves de carga.

3.2.3 As substancias clasificadas como líquidos inflamables debido a que se transportan ou se entregan para o transporte a temperaturas elevadas inclúense no grupo de embalaxe III.

### 3.3 DETERMINACIÓN DO PUNTO DE INFLAMACIÓN

Para determinar o punto de inflamación dos líquidos inflamables pódense utilizar os métodos seguintes:

*Normas internacionais*

- ISO 1516
- ISO 1523
- ISO 2719
- ISO 13736
- ISO 3679
- ISO 3680

*Normas nacionais*

American Society for Testing Materials International, 100 Barr Harbor Drive, PO Box C700, West Conshohocken, Pennsylvania, USA 19428-2959

- ASTM D-3828-93, métodos normalizados de proba de punto de inflamación mediante comprobador pechado en pequena escala
- ASTM D-56-93, método normalizado de proba de punto de inflamación mediante comprobador pechado de etiquetas
- ASTM D-3278-96, métodos normalizados de proba de punto de inflamación de líquidos mediante aparellos de inflamación en vaso pechado
- ASTM D-0093-96, métodos normalizados de proba de punto de inflamación mediante comprobador en vaso pechado

Pensky-Martens.

Association française de normalisation, AFNOR, 11, rue Francis de Pressensé, 93571 La Plaine Saint-Denis Cedex, Francia

- Norma francesa NF M 07-019
- Normas francesas NF M 07-011 / NF T 30-050 / NFT 66-009
- Norma francesa NF M 07-036

Comité Estatal do Consello de Ministros para a Normalización, 113813, GSP, Moscova, M-49 Leninsky Prospect, 9

- GOST 12.1.044-84

Deutsches Institut für Normung, Burggrafenstrasse 6, D-10787 Berlín

- Norma DIN 51755 (punto de inflamación inferior a 65°C)

### 3.4 DETERMINACIÓN DO PUNTO DE EBULICIÓN INICIAL

Para determinar o punto de ebulición inicial dos líquidos inflamables pódense utilizar os métodos seguintes:

*Normas internacionais:*

- ISO 3924
- ISO 4626
- ISO 3405

*Normas nacionais:*

American Society for Testing Materials International, 100 Barr Harbor Drive, PO Box C700, West Conshohocken, Pennsylvania, USA 19428-2959

- ASTM D-86-07a, Standard Test Method for Distillation of Petroleum Products at Atmospheric Pressure
- ASTM D-1078-05, Standard Test Method for Distillation Range of Volatile Organic Liquids

*Outros métodos aceptables:*

- Método A.2 descrito na parte A do anexo do Regulamento (CE) núm. 440/2008 da Comisión <sup>4</sup>

**Táboa 2-4. Grupo de embalaxe segundo o grao de inflamabilidade**

<i>Grupo de embalaxe</i>	<i>Punto de inflamación (crisol pechado)</i>	<i>Punto inicial de ebulición</i>
I	—	≤35°C
II	<23°C	>35°C
III	≥23°C, ≤60°C	>35°C

**Táboa 2-5. Viscosidade e punto de inflamación**

<i>Tempo de fluxo t en segundos</i>	<i>Diámetro da embocadura en mm</i>	<i>Punto de inflamación en °C (crisol pechado)</i>
20 < t ≤ 60	4	superior a 17
60 < t ≤ 100	4	superior a 10
20 < t ≤ 32	6	superior a 5
32 < t ≤ 44	6	superior a -1
44 < t ≤ 100	6	superior a -5
100 < t	6	-5 e inferior

<sup>4</sup>. Regulamento (CE) núm. 440/2008 da Comisión, do 30 de maio de 2008, polo que se establecen métodos de ensaio de acordo co Regulamento (CE) núm. 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello relativo ao rexistro, á avaliación, á autorización e á restrición das substancias e preparados químicos (REACH) (Diario Oficial de la Unión Europea, núm. L 142, do 31 de maio de 2008; páxs. 1 a 739, e núm. L 143, do 3 de xuño de 2008; páx. 55).

## Capítulo 4

### CLASE 4 — SÓLIDOS INFLAMABLES; SUBSTANCIAS QUE PRESENTAN RISCO DE COMBUSTIÓN ESPONTÁNEA; SUBSTANCIAS QUE EN CONTACTO COA AUGA EMITEN GASES INFLAMABLES

#### NOTAS DE INTRODUCCIÓN

*Nota 1.— Cando nas presentes instrucións se fale de substancias “que reaccionan coa auga” entenderase que son substancias que en contacto coa auga desprenden gases inflamables.*

*Nota 2.— Debido ás distintas propiedades das mercadorías perigosas correspondentes ás divisións 4.1 e 4.2, non resulta práctico establecer un criterio único para a clasificación en calquera destas divisións. Neste capítulo e no Manual de probas e criterios das Nacións Unidas, parte III, sección 33, figuran os ensaios e os criterios que se aplican para asignar estas substancias ás tres divisións da clase 4.*

*Nota 3.— Posto que as substancias organometálicas se poden clasificar nas divisións 4.2 ou 4.3 con riscos secundarios adicionais, dependendo das súas propiedades, en 2.4.5 das Recomendacións relativas ao transporte de mercadorías perigosas das Nacións Unidas ofrécese un diagrama de clasificación específico para estas substancias.*

#### 4.1 DEFINICIÓNS E DISPOSICIÓNS XERAIS

4.1.1 A clase 4 ten tres divisións:

a) División 4.1 — Sólidos inflamables.

Substancias sólidas que, en virtude das condicións en que se colocan durante o transporte, se inflaman con facilidade ou poden provocar ou activar incendios por fricción; substancias de reacción espontánea que poden experimentar unha enérxica reacción exotérmica; explosivos insensibilizados que poden explotar se non se encontran suficientemente diluídos.

b) División 4.2 — Substancias que presentan risco de combustión espontánea.

Substancias que se poden queantar espontaneamente nas condicións normais de transporte ou ao entraren en contacto co aire e que daquela se poden inflamar.

c) División 4.3 — Substancias que, en contacto coa auga, emiten gases inflamables.

Substancias que por reacción coa auga se poden inflamar espontaneamente ou despedir gases inflamables en cantidades perigosas.

4.1.2 Como se menciona neste capítulo, na última edición do *Manual de probas e criterios* das Nacións Unidas, proporciónanse métodos e criterios de proba, acompañados de indicacións sobre a aplicación das probas, para a clasificación dos seguintes tipos de substancias da clase 4:

- a) sólidos inflamables (división 4.1);
- b) substancias de reacción espontánea (división 4.1);
- c) sólidos pirofóricos (división 4.2);
- d) líquidos pirofóricos (división 4.2);
- e) substancias que se poden queantar espontaneamente (división 4.2); e
- f) substancias que, en contacto co auga, desprenden gases inflamables (división 4.3).

Os métodos e criterios de proba relativos ás substancias de reacción espontánea figuran na parte II do *Manual de probas e criterios* das Nacións Unidas, e os métodos e criterios de proba respecto dos demais tipos de substancias da clase 4 figuran na parte III, sección 33, do *Manual de probas e criterios* das Nacións Unidas.

## 4.2 SÓLIDOS INFLAMABLES, SUBSTANCIAS DE REACCIÓN ESPONTÁNEA E EXPLOSIVOS INSENSIBILIZADOS

### 4.2.1 Xeneralidades

A división 4.1 comprende os seguintes tipos de substancias:

- a) sólidos inflamables (véxase 4.2.2);
- b) substancias de reacción espontánea (véxase 4.2.3); e
- c) explosivos insensibilizados sólidos (véxase 4.2.4).

### 4.2.2 División 4.1 — Sólidos inflamables

#### 4.2.2.1 Definición e propiedades

4.2.2.1.1 Os sólidos inflamables son substancias que se inflaman con facilidade e que poden provocar incendios por fricción.

4.2.2.1.2 Os sólidos que se inflaman con facilidade son substancias en po, en gránulos ou en pasta, que son perigosas se se inflaman facilmente ao entraren en contacto breve cunha fonte de inflamación, tal como fósforos prendidos, e cuxa chama se propaga con rapidez. O perigo non se debe soamente ao lume senón tamén á posible emanación de produtos de combustión tóxicos. Os metais en po son particularmente perigosos porque, cando se produce un incendio a causa deles, é difícil extinguílo xa que cos axentes extintores habituais, tales como o dióxido de carbono ou a auga, aumenta o perigo.

#### 4.2.2.2 Clasificación dos sólidos inflamables

4.2.2.2.1 As substancias en po, en gránulos ou en pasta débense clasificar como sólidos que se inflaman con facilidade da división 4.1 se nun ou máis ensaios realizados de conformidade cos métodos de ensaio e criterios que figuran no *Manual de probas e criterios* das Nacións Unidas, parte III, subsección 33.2.1, o tempo de combustión é inferior a 45 s, ou ben se a velocidade da combustión é superior a 2,2 mm/s. Os pos metálicos ou de aliaxes metálicas clasifícanse na dita división se hai inflamación e se a reacción se propaga en 10 min ou menos por toda a lonxitude da mostra.

4.2.2.2.2 Os sólidos que poidan provocar un incendio por fricción débense clasificar na división 4.1 por analogía coas entradas existentes (p. ex., fósforos) ata que se fixen os criterios definitivos.

#### 4.2.2.3 Asignación de grupos de embalaxe

4.2.2.3.1 Os grupos de embalaxe asígnanse conforme os métodos de proba mencionados en 4.2.2.2.1. Aos sólidos que se inflaman con facilidade (con excepción dos metais en po) débese asignar o grupo de embalaxe II se o tempo de combustión é inferior a 45 s e a chama se propaga máis alá da zona humidificada. Aos pos ou aliaxes de metais débese asignar o grupo de embalaxe II cando a zona de reacción se propaga ao longo de toda a mostra en 5 min ou menos.

4.2.2.3.2 Os grupos de embalaxe asígnanse conforme os métodos de proba mencionados en 4.2.2.2.1. Aos sólidos que se inflaman con facilidade (con excepción dos metais en po) débese asignar o grupo de embalaxe III cando o tempo de combustión é inferior a 45 s e a zona humidificada detén a propagación da chama polo menos durante 4 min. Aos metais en po débese asignar o grupo de embalaxe III cando a reacción se propaga ao longo de toda a mostra en máis de 5 min pero en menos de 10 min.

4.2.2.3.3 Aos sólidos que poden provocar un incendio por fricción débese asignar un grupo de embalaxe por analogía coas entradas existentes ou de acordo con algunha disposición especial que corresponda (véxase a táboa 3-2).

### 4.2.3 División 4.1 — Substancias de reacción espontánea

#### 4.2.3.1 Definición e propiedades

##### 4.2.3.1.1 Definición

Para os efectos destas instrucións:

As substancias de reacción espontánea son aquelas termicamente inestables que poden experimentar unha enérxica descomposición mesmo cando non interveña o oxíxeno (aire). Non se deben considerar como substancias de reacción espontánea da división 4.1 aquelas:

- a) que son explosivos que se axustan aos criterios da clase 1;
- b) que son substancias comburentes que se axustan ao procedemento de clasificación da división 5.1 (véxase 5.2.1.1), salvo que as mesturas de substancias comburentes que conteñen 5,0% ou máis de substancias orgánicas combustibles deben axustarse ao procedemento de clasificación que se define na nota 3;
- c) que son peróxidos orgánicos que se axustan aos criterios da división 5.2;
- d) cuxo calor de descomposición é inferior a 300 J/g; ou
- e) cuxa temperatura de descomposición autoacelerada é superior a 75°C para cada vulto de 50 kg.

*Nota 1.— A calor de descomposición pódese determinar con calquera método recoñecido internacionalmente, p. ex., calorimetría por análise diferencial e calorimetría adiabática.*

*Nota 2.— Calquera substancia que mostre as propiedades de substancia de reacción espontánea débese clasificar como tal, mesmo cando esta dea un resultado positivo no ensaio, de conformidade con 4.3.2, para a inclusión na división 4.2.*

*Nota 3.— As mesturas de substancias comburentes que satisfán os criterios da división 5.1 e que conteñen 5,0% ou máis de substancias orgánicas combustibles, que non cumpren os criterios mencionados en a), c), d) ou e), deben axustarse ao procedemento de clasificación de substancias de reacción espontánea.*

*As mesturas que presentan as propiedades dunha substancia de reacción espontánea do tipo B a F deben clasificarse como substancia de reacción espontánea da división 4.1.*

*As mesturas que presentan as propiedades dunha substancia de reacción espontánea do tipo G, de acordo co principio de 2.4.2.3.3.2 g) das Recomendacións das Nacións Unidas, deben considerarse para a súa clasificación como substancia da división 5.1 (véxase 5.2.1.1).*

#### 4.2.3.1.2 Propiedades

A descomposición das substancias de reacción espontánea pódese iniciar por acción da calor, contacto con impurezas catalíticas (p. ex., ácidos, compostos de metais pesados, gases), fricción ou impacto. A velocidade de descomposición aumenta coa temperatura e varía segundo a substancia. A descomposición, en particular cando non se produce inflamación, pode dar como resultado a emanación de gases ou vapores tóxicos. Para algunhas substancias de reacción espontánea, débese regular a temperatura. Outras substancias de reacción espontánea poden descompoñerse producindo explosión, especialmente se se encontran nun lugar pechado; esta característica pódese modificar coa adición de diluentes ou co emprego de embalaxes adecuadas. Algunhas substancias de reacción espontánea arden enerxicamente. Entre as substancias de reacción espontánea inclúense algúns dos tipos de compostos seguintes:

- a) azocompostos alifáticos ( $\text{—C—N=N—C—}$ );
- b) azidas orgánicas ( $\text{—C—N}_3$ );
- c) sales de diazonio ( $\text{—CN}_2^+\text{Z}^-$ );
- d) N-nitrosocompostos ( $\text{—N—N=O}$ ); y
- e) sulfhidrazidas aromáticas ( $\text{—SO}_2\text{—NH—NH}_2$ ).

Esta lista non é exhaustiva e substancias con outros grupos reactivos e algunhas mesturas de substancias poden ter propiedades similares.

#### 4.2.3.2 Clasificación das substancias de reacción espontánea

4.2.3.2.1 As substancias de reacción espontánea clasifícanse segundo o grao de perigosidade que presentan.

4.2.3.2.2 As substancias afíns figuran especificamente co seu nome na Lista de mercadorías perigosas (táboa 3-1). As substancias afíns enumeradas son ONU 2956, ONU 3242 e ONU 3251.

4.2.3.2.3 As substancias de reacción espontánea cuxo transporte está autorizado enuméranse en 4.2.3.2.4. A cada substancia autorizada enumerada asígnanselle a entrada xenérica correspondente da Lista de mercadorías perigosas (ONU 3221 a 3240) e os correspondentes riscos secundarios e observacións para proporcionar a información pertinente. Nestas partidas especifícase:

- o tipo de substancia de reacción espontánea (B a F);
- o estado físico (é dicir, líquido/sólido); e
- se se require regulación de temperatura.



## 4.2.3.2.4 Lista de substancias de reacción espontánea en vultos catalogadas ata o momento

A seguir reproducéase a táboa (táboa 2-6) de 2.4.2.3.2.3 das *Recomendacións relativas ao transporte de mercadorías perigosas, das Nacións Unidas* (décimo quinta edición revisada), na cal se suprimiu a información que non corresponde.

**Táboa 2-6. Lista de substancias de reacción espontánea en vultos catalogadas ata o momento**

*Nota.— As substancias de reacción espontánea que se teñan que transportar deben cumprir cos criterios de clasificación e as temperaturas de regulación e de emerxencia enumeradas [obtidas a partir da temperatura de descomposición autoacelerada (TDA)].*

Substancia de reacción espontánea	Concentración (%)	Temperatura de regulación (°C)	Temperatura de emerxencia (°C)	Entrada ONU xenérica	Notas
Azodicarbonamida, preparado do tipo B, temperatura regulada	<100			PROHIBIDO	1, 2
Azodicarbonamida, preparado do tipo C	<100			3224	3
Azodicarbonamida, preparado do tipo C, temperatura regulada	<100			3234	3
Azodicarbonamida, preparado do tipo D	<100			3236	4
Azodicarbonamida, preparado do tipo D, temperatura regulada	<100			3236	4
2,2'-Azodi (2,4-dimetil-4-metoxivaleronitrilo)	100	-5	+5	3236	
2,2'-Azodi (2,4-dimetilvaleronitrilo)	100	+10	+15	3236	
1,1'-Azodi (hexahidrobencenitrilo)	100			3226	
2,2'-Azodi (isobutironitrilo)	100	+40	+45	3234	
2,2'-Azodi (isobutironitrilo) como pasta a base de auga	≤ 50			3224	
2,2'-Azodi (2-metilbutironitrilo)	100	+35	+40	3236	
2,2'-Azodi (2-metilpropionato de etilo)	100	+20	+25	3235	
Bis (alilcarbonato) de dietilenglicol + peroxidicarbonato de diisopropilo	≥ 88 +≤ 12	-10	0	3237	
Cloruro de zinc 4-(bencil(etil)amino)-3-etoxibencenodiazonio	100			3226	
Cloruro de zinc 4-(bencil(metil)amino)-3-etoxibencenodiazonio	100	+40	+45	3236	
Cloruro de zinc 3-cloro-4-dietilaminobencenodiazonio	100			3226	
Cloruro de zinc 2,5-dietoxi-4-(fenilsulfonil) bencenodiazonio	67	+40	+45	3236	
Cloruro de zinc 2,5-dietoxi-4-morfolinobencenodiazonio	67-100	+35	+40	3236	
Cloruro de zinc 2,5-dietoxi-4-morfolinobencenodiazonio	66	+40	+45	3236	
Cloruro de zinc 4-dimetilamino-6-(2-dimetilaminoetoxi) tolueno-2-diazonio	100	+40	+45	3236	
Cloruro de zinc 2,5-dimetoxi-4-(4-metilfenilsulfonil) bencenodiazonio	79	+40	+45	3236	
Cloruro de zinc 4-dipropilaminobencenodiazonio	100			3226	
Cloruro de zinc 2-(n,n-Etoxicarbonilfenilamino)-3-metoxi-4-(n-metil-n-ciclohexilamino) bencenodiazonio	63-92	+40	+45	3236	
Cloruro de zinc 2-(n,n-Etoxicarbonilfenilamino)-3-metoxi-4-(n-metil-n-ciclohexilamino) bencenodiazonio	62	+35	+40	3236	
Cloruro de zinc 3-(2-hidroxi-etoxi)-4-pirrolidin-1-ilbencenodiazonio	100	+40	+45	3226	

<i>Substancia de reacción espontánea</i>	<i>Concentración (%)</i>	<i>Temperatura de regulación (°C)</i>	<i>Temperatura de emerxencia (°C)</i>	<i>Entrada ONU xenérica</i>	<i>Notas</i>
Cloruro de zinc 2-(2-hidroxi-1-pirrolidin-1-ilbenceno-4-diazonio	100	+45	+50	3236	
Cloruro de 2-diazo-1-naftol-4-sulfonilo	100			PROHIBIDO	2
Cloruro de 2-diazo-1-naftol-5-sulfonilo	100			PROHIBIDO	2
2-Diazo-1-naftol-4-sulfonato de sodio	100			3226	
2-Diazo-1-naftol-5-sulfonato de sodio	100			3226	
2-Diazo-1-naftol-5-sulfonato do copolímero acetona-pirogallol	100			3228	
N,N'-Dinitroso-N,N<A5>-dimetilteftalamida, en pasta	72			3224	
N,N'-Dinitrosopentametenotetramina	82			3224	5
4,4'-Disulfonhidrazida do óxido de difenilo	100			3226	
1,3-Disulfonhidrazida do benceno, en pasta	52			3226	
Éster do ácido 2-diazo-1-naftol-sulfónico, en mestura, tipo D	<100			3226	7
Hidrazida do sulfonilbenceno	100			3226	
Líquido de reacción espontánea, mostra de				3223	6
Líquido de reacción espontánea, temperatura regulada, mostra de				3233	6
4-Metilbencenosulfonilhidracida	100			3226	
Nitrato de tetramina paladio (II)	100	+30	+35	3234	
4-Nitrosfenol	100	+35	+40	3236	
1,3-Perhidrotiacina N-Formil-2-(nitrometileno)	100	+45	+50	3236	
Sólido de reacción espontánea, mostra de				3224	6
Sólido de reacción espontánea, temperatura regulada, mostra de				3234	6
Sulfato de 2,5-dietoxi-4-(4-morfolinilo)-bencenodiazonio	100			3226	
Sulfato de hidróxeno 2-(n,n-Metilaminoetilcarbonil)-4-(3,4-dimetilfenilsulfonil) bencenodiazonio	96	+45	+50	3236	
Tetraclorocincato (2:1) de 2,5-dibutoxi-4-(4-morfolinilo)-bencenodiazonio	100			3228	
Tetrafluoroborato 2,5-dietoxi-4-morfolinobencenodiazonio	100	+30	+35	3236	
Tetrafluoroborato 3-Metil-4-pirrolidin-1-ilbencenediazonio	95	+45	+50	3234	
Triclorocincato(-1) de 4-(dimetilamino)-bencenodiazonio	100			3228	

## NOTAS:

- Os preparados de azodicarbonamida que se axustan aos criterios de 2.4.2.3.3.2 b) das Recomendacións das Nacións Unidas.
- Exíxese a etiqueta de risco secundario de "EXPLOSIVO" e, por conseguinte, o seu transporte está prohibido en todos os casos.
- Os preparados azodicarbonamida que se axustan aos criterios de 2.4.2.3.3.2 c) das Recomendacións das Nacións Unidas.
- Os preparados azodicarbonamida que se axustan aos criterios de 2.4.2.3.3.2 d) das Recomendacións das Nacións Unidas.
- Cun diluente compatible cuxo punto de ebulición sexa como mínimo de 150°C.
- Véxase 4.2.3.2.6.
- Esta entrada aplícase ás mesturas de ésteres do ácido 2-diazo-1-naftol-4-sulfónico e do ácido 2-diazo-1-naftol-5-sulfónico que se axustan aos criterios de 2.4.2.3.3.2 d) das Recomendacións das Nacións Unidas.

4.2.3.2.5 A clasificación das substancias de reacción espontánea non incluídas na táboa 2-6 e a súa asignación a unha denominación xenérica serán da incumbencia da autoridade competente do país de orixe, que se baseará para isto nun informe das probas. Os principios aplicables á clasificación desas substancias figuran en 2.4.2.3.3 das Recomendacións das Nacións Unidas. Na parte II da última edición do *Manual de probas e criterios das Nacións Unidas* descríbense os procedementos, métodos de proba e criterios aplicables e dáse un exemplo de informe das probas. No certificado de aprobación indícaranse a clasificación da substancia de que se trate e as condicións de transporte pertinentes.

4.2.3.2.6 As mostras de substancias de reacción espontánea non incluídas na táboa 2-6 respecto das cales non se dispoña de resultados de proba completos e que se teñan que transportar para efectuar novos ensaios ou avaliacións poderán asignarse a unha das entradas apropiadas correspondentes ás substancias de reacción espontánea de tipo C, se se satisfán as condicións seguintes:

a) que a mostra non sexa, segundo os datos de que se dispón, máis perigosa que as substancias de reacción espontánea de tipo B;

b) que a mostra estea embalada nunha embalaxe combinada que conste dunha embalaxe interior IP.2 de plástico cunha capacidade que non exceda os 0,5 l ou 0,5 kg dentro dunha caixa de madeira (4C1), unha caixa de madeira contrachapada (4D) ou caixa de cartón (4G) cunha cantidade neta máxima por vulto que non exceda o 1 l ou 1 kg; e

c) que, segundo os datos de que se dispón, a temperatura de regulación, cando se exixa, sexa suficientemente baixa para evitar toda descomposición perigosa e suficientemente alta para evitar toda separación perigosa de fases.

#### 4.2.3.3 Regulación da temperatura

Está prohibido transportar por vía aérea substancias de reacción espontánea que requiran unha regulación da temperatura durante o transporte, a menos que haxa unha dispensa (véxase 1;1.1.2). a temperatura das substancias de reacción espontánea deberá regularse se a súa temperatura de descomposición autoacelerada (TDAA) é igual ou inferior a 55°C. Na última edición do *Manual de probas e criterios das Nacións Unidas* expóñense diversos métodos de proba para a determinación desa temperatura. A proba elixida efectuarase en condicións que sexan representativas, polo que se refire tanto ás dimensións como aos materiais, do vulto que se teña que transportar.

#### 4.2.3.4 Insensibilización das substancias de reacción espontánea

4.2.3.4.1 Con obxecto de garantir a seguridade durante o transporte, as substancias de reacción espontánea poden insensibilizarse cun diluente. Cando se utiliza diluente, a substancia de reacción espontánea debe ser sometida a ensaios co dito diluente na concentración e forma que terá durante o transporte.

4.2.3.4.2 Non se deben empregar diluentes cos cales, en caso de que a embalaxe teña unha fuga, a substancia poida concentrarse ata o punto de entrañar perigo.

4.2.3.4.3 O diluente debe ser compatible coa substancia de reacción espontánea. Para tal efecto, considéranse diluentes compatibles os sólidos ou líquidos que non inflúen negativamente na estabilidade térmica nin no tipo de risco da substancia.

### 4.2.4 División 4.1 — Explosivos insensibilizados sólidos

#### 4.2.4.1 Definición

Os explosivos insensibilizados sólidos son substancias explosivas que están humidificadas con auga ou alcohois ou ben se encontran disoltas noutras substancias formando unha mestura sólida homoxénea para suprimir as súas propiedades explosivas. As entradas da Lista de mercadorías perigosas para explosivos insensibilizados sólidos son ONU 1310, 1320, 1321, 1322, 1336, 1337, 1344, 1347, 1348, 1349, 1354, 1355, 1356, 1357, 1517, 1571, 2555, 2556, 2557, 2852, 2907, 3317, 3319, 3344, 3364, 3365, 3366, 3367, 3368, 3369, 3370, 3376, 3380 e ONU 3474.

#### 4.2.4.2 As substancias:

a) que foron aceptadas provisionalmente na clase 1 de conformidade coa serie de probas 1 e 2, pero ás cales se eximiu da serie de probas 6;

b) que non son substancias de reacción espontánea da división 4.1;

c) que non son substancias da clase 5,

asígnanse tamén á división 4.1. Estas substancias son ONU 2956, ONU 3241, ONU 3242 e ONU 3251.

### 4.3 SUBSTANCIAS QUE PRESENTAN RISCO DE COMBUSTIÓN ESPONTÁNEA (DIVISIÓN 4.2)

#### 4.3.1 Definición e propiedades

4.3.1.1 A división 4.2 comprende:

a) substancias pirofóricas; substancias, comprendidas as mesturas e solucións (líquidas ou sólidas), que mesmo en pequenas cantidades se inflaman dentro dun período de 5 min despois de entrar en contacto co aire. Estas substancias son as que presentan o maior risco de combustión espontánea e son denominadas substancias pirofóricas; e

b) substancias que se poden quentar espontaneamente; outras substancias que en contacto co aire e sen aplicación dunha fonte de enerxía se poden quentar de maneira espontánea. Estas substancias só se inflamarán cando se encontren en grandes cantidades (quilogramos) e despois de períodos prolongados (horas ou días), e denomínanse substancias que se poden quentar espontaneamente.

4.3.1.2 O quentamento espontáneo dunha substancia é un proceso en que a reacción gradual desa substancia co oxíxeno (do aire) xera calor. Se a produción de calor é máis rápida que a perda, a temperatura da substancia aumenta e despois dun período de indución, pode producirse a inflamación espontánea e a combustión.

#### 4.3.2 Clasificación na división 4.2

4.3.2.1 Os sólidos considéranse sólidos pirofóricos que se deben clasificar na división 4.2 se, nas probas realizadas conforme o método que figura no *Manual de probas e criterios das Nacións Unidas*, parte III, subsección 33.3.1, última edición, a mostra inflámase nunha das probas.

4.3.2.2 Os líquidos considéranse líquidos pirofóricos que se deben clasificar na división 4.2 se, nas probas realizadas de conformidade co método que figura no *Manual de probas e criterios das Nacións Unidas*, parte III, subsección 33.3.1.5, última edición, o líquido entra en inflamación na primeira parte da proba, ou se fai entrar en inflamación ou chamusca o papel filtro.

#### 4.3.2.3 Substancias que experimentan quentamento espontáneo

4.3.2.3.1 Unha substancia débese clasificar como substancia de quentamento espontáneo da división 4.2 se nas probas realizadas de conformidade co método que figura no *Manual de probas e criterios das Nacións Unidas*, parte III, subsección 33.3.1.6, última edición:

- a) se obtén un resultado positivo cunha mostra cúbica de 25 mm de lado a 140°C;
- b) se obteñen un resultado positivo cunha mostra cúbica de 100 mm de lado a 140°C e un resultado negativo cunha mostra cúbica de 100 mm de lado a 120°C e a substancia se vai transportar nun vulto cuxo volume supera os 3 m<sup>3</sup>;
- c) se obteñen un resultado positivo cunha mostra cúbica de 100 mm de lado a 140°C e un resultado negativo cunha mostra cúbica de 100 mm de lado a 100°C, e a substancia se vai transportar nunha embalaxe cuxo volume supera os 450 l;
- d) se obteñen un resultado positivo cunha mostra cúbica de 100 mm de lado a 140°C e un resultado positivo cunha mostra cúbica de 100 mm de lado a 100°C.

As substancias de reacción espontánea, excepto as do tipo G, que tamén poden dar un resultado positivo de conformidade con este método de ensaio, non se deben clasificar na división 4.2 senón na división 4.1 (véxase 4.2.3.1.1).

4.3.2.3.2 Unha substancia non se debe clasificar na división 4.2 se:

- a) en ensaio se obtén un resultado negativo ao utilizar unha mostra cúbica de 100 mm de lado a 140°C;
- b) en ensaio se obtén un resultado positivo ao utilizar unha mostra cúbica de 100 mm de lado a 140°C e un resultado negativo ao utilizar unha mostra cúbica de 25 mm de lado a 140°C, en ensaio se obtén un resultado negativo ao utilizar unha mostra cúbica de 100 mm de lado a 120°C e a substancia se vai transportar en embalaxes cun volume máximo de 3 m<sup>3</sup>; ou
- c) en ensaio se obtén un resultado positivo ao utilizar unha mostra cúbica de 100 mm de lado a 140°C e un resultado negativo ao utilizar unha mostra cúbica de 25 mm a 140°C, en ensaio se obtén un resultado negativo ao utilizar unha mostra cúbica de 100 mm de lado a 100°C e a substancia se vai transportar en embalaxes cun volume máximo de 450 l.

### 4.3.3 Asignación dos grupos de embalaxe

4.3.3.1 O grupo de embalaxe I débese asignar a todos os líquidos e sólidos pirofóricos.

4.3.3.2 O grupo de embalaxe II débese asignar a todas as substancias que se poden quentar espontaneamente e que dan un resultado positivo ao someter a ensaio unha mostra cúbica de 25 mm de lado a 140°C.

4.3.3.3 O grupo de embalaxe III débese asignar ás substancias que se poden quentar espontaneamente se:

a) en ensaio se obtén un resultado positivo ao utilizar unha mostra cúbica de 100 mm de lado a 140°C e un resultado negativo ao utilizar unha mostra cúbica de 25 mm de lado a 140°C e a substancia se vai transportar en embalaxes cun volume superior a 3 m<sup>3</sup>;

b) en ensaio se obtén un resultado positivo ao utilizar unha mostra cúbica de 100 mm de lado a 140°C e un resultado negativo ao utilizar unha mostra cúbica de 25 mm de lado a 140°C, en ensaio se obtén un resultado positivo ao utilizar unha mostra cúbica de 100 mm de lado a 120°C e a substancia se vai transportar en embalaxes cun volume superior a 450 l; o

c) en ensaio se obtén un resultado positivo ao utilizar unha mostra cúbica de 100 mm de lado a 140°C e un resultado negativo ao utilizar unha mostra cúbica de 25 mm de lado a 140°C e en ensaio se obtén un resultado positivo ao utilizar unha mostra cúbica de 100 mm de lado a 100°C.

## 4.4 SUBSTANCIAS QUE EN CONTACTO COA AUGA EMITEN GASES INFLAMABLES (DIVISIÓN 4.3)

### 4.4.1 Definicións e propiedades

4.4.1.1 División 4.3 — Substancias que en contacto coa auga emiten gases inflamables.

4.4.1.2 Substancias que en contacto coa auga emiten gases inflamables que poden formar mesturas explosivas co aire. Estas mesturas inflámanse facilmente ao entraren en contacto con fontes comúns de ignición, p. ex., chamas núas, ferramentas que producen chispas ou focos sen protección. A onda de choque e as chamas que se producirían poderían representar un perigo para as persoas e o ambiente. O método de ensaio mencionado en 4.4.2 débese utilizar para determinar se a reacción dunha substancia coa auga produce unha cantidade perigosa de gases que poderían ser inflamables. Este método non se debe aplicar ás substancias pirofóricas.

### 4.4.2 Clasificación na división 4.3

As substancias que en contacto coa auga emiten gases inflamables débense clasificar na división 4.3 de conformidade cos métodos de ensaio que figuran no *Manual de probas e criterios das Nacións Unidas*, parte III, subsección 33.4.1, se:

a) se produce inflamación espontánea en calquera fase do procedemento de proba; ou

b) hai emanación dun gas inflamable a unha velocidade superior a 1 l/kg da substancia por hora.

### 4.4.3 Asignación dos grupos de embalaxe

4.4.3.1 O grupo de embalaxe I débese asignar ás substancias que reaccionan enerxicamente coa auga á temperatura ambiente e que demostran xeralmente unha tendencia a que o gas que producen se inflame espontaneamente, ou ás que reaccionan facilmente coa auga á temperatura ambiente de maneira tal que a velocidade de emanación do gas inflamable sexa igual ou maior que 10 l/kg da substancia durante un período dun minuto.

4.4.3.2 O grupo de embalaxe II débese asignar ás substancias que reaccionan facilmente coa auga á temperatura ambiente de maneira que a velocidade máxima de emanación do gas inflamable sexa igual ou maior que 20 l/kg da substancia por hora e que non satisfán os criterios que se aplican para o grupo de embalaxe I.

4.4.3.3 O grupo de embalaxe III débese asignar ás substancias que reaccionan lentamente coa auga á temperatura ambiente de maneira que a velocidade máxima de emanación do gas inflamable sexa igual ou maior que 1 l/kg da substancia por hora e que non satisfán os criterios que se aplican aos grupos de embalaxe I ou II.

#### 4.5 CLASIFICACIÓN DAS SUBSTANCIAS ORGANOMETÁLICAS

Dependendo das súas propiedades, as substancias organometálicas poden clasificarse nas divisións 4.2 ou 4.3, segundo corresponda, de conformidade co diagrama proporcionado na figura 2.4.2 das *Recomendacións relativas ao transporte de mercadorías perigosas das Nacións Unidas*.

---

## Capítulo 5

### CLASE 5 — SUBSTANCIAS COMBURENTES; PERÓXIDOS ORGÁNICOS

#### NOTA DE INTRODUCCIÓN

As mercadorías perigosas das divisións 5.1 e 5.2 teñen propiedades diferentes, polo que non é posible establecer un criterio único para clasificalas nunha ou noutra división. Neste capítulo e no *Manual de probas e criterios das Nacións Unidas* abórdanse as probas e os criterios para a asignación ás dúas divisións da clase 5.

#### 5.1 DEFINICIÓNS E DISPOSICIÓNS XERAIS

A clase 5 ten dúas divisións, a saber:

a) División 5.1 — Substancias comburentes

Substancias que, sen ser de seu necesariamente combustibles, poden xeralmente, liberando oxíxeno, causar ou facilitar a combustión doutras substancias. Estas substancias poden estar contidas nun obxecto.

b) División 5.2 — Peróxidos orgánicos

Substancias orgánicas que conteñen a estrutura —O—O— bivalente e que se poden considerar derivados do peróxido de hidróxeno, nas cales un ou ambos os átomos de hidróxeno quedaron substituídos por radicais orgánicos. Os peróxidos orgánicos son substancias termicamente inestables que se poden descompor autoacelerada e exotermicamente. Á parte disto, poden ter unha ou máis das propiedades seguintes:

- i) descompoñerse con explosión;
- ii) queimarse rapidamente;
- iii) ser sensibles ao impacto ou ao rozamento;
- iv) reaccionar perigosamente con outras substancias;
- v) afectar a vista.

#### 5.2 SUBSTANCIAS COMBURENTES (DIVISIÓN 5.1)

##### 5.2.1 Clasificación na división 5.1

5.2.1.1 As substancias comburentes clasifícanse na división 5.1 de conformidade cos métodos de ensaio, procedementos e criterios descritos en 5.2.2, 5.2.3 e o *Manual de probas e criterios das Nacións Unidas*, parte III, sección 34. En caso de diverxencia entre os resultados dos ensaios e a experiencia coñecida, deberase consultar coa autoridade que corresponda do Estado de orixe para determinar a clasificación e o grupo de embalaxe apropiados.

*Nota.— Se as substancias desta división figuran na Lista de mercadorías perigosas de 3;2, a súa reclasificación de conformidade con estes criterios ten que levarse a cabo unicamente cando é necesario por razóns de seguridade.*

##### 5.2.2 Substancias comburentes sólidas

###### 5.2.2.1 Criterios para a clasificación na división 5.1

5.2.2.1.1 Efectúanse probas co obxecto de determinar a posibilidade de que unha substancia sólida aumente a velocidade ou a intensidade de combustión dunha substancia combustible cando ambas se mesturan por completo. O procedemento descríbese no *Manual de probas e criterios das Nacións Unidas*, parte III, subsección 34.4.1. As probas realízanse coa substancia que se debe avaliar mesturada con celulosa fibrosa seca en relacións de mestura de 1:1 e 4:1, en masa, de mostra a celulosa. As características de combustión das mostras compáranse coa relación normal de mestura de 3:7, en masa, de bromato potásico a celulosa. Se o tempo de combustión é igual ou inferior ao desta mestura normal, este débese comparar co tempo de combustión correspondente ás relacións normais de referencia dos grupos de embalaxe I ou II, de 3:2 e 2:3, en masa, de bromato potásico a celulosa, respectivamente.

5.2.2.1.2 Os resultados das probas de clasificación avalíanse baseándose no seguinte:

- a) a comparación do tempo de combustión medio co das mesturas de referencia; e
- b) se a mestura de substancia e celulosa se inflama e arde.

5.2.2.1.3 As substancias sólidas clasifícanse na división 5.1 se as mesturas de mostra e celulosa probadas, nas proporcións de 4:1 e de 1:1 (en masa) teñen un tempo medio de combustión igual ou inferior ao dunha mestura de 3:7 (en masa) de bromato de potasio e celulosa.

#### 5.2.2.2 *Asignación de grupos de embalaxe*

As substancias comburentes sólidas asígnanse a un grupo de embalaxe segundo o procedemento de proba que figura no *Manual de probas e criterios das Nacións Unidas*, parte III, sección 34.4.1, conforme os seguintes criterios:

a) Grupo de embalaxe I: toda substancia que na relación mostra a celulosa de 4:1 ou 1:1 (en masa) sometida a ensaio, presente un tempo de combustión medio inferior ao tempo de combustión medio dunha mestura 3:2, en masa, de bromato potásico e celulosa.

b) Grupo de embalaxe II: toda substancia que na relación mostra a celulosa de 4:1 ou 1:1 (en masa) sometida a ensaio, presente un tempo de combustión medio igual ou inferior ao tempo de combustión medio dunha mestura 2:3 (en masa) de bromato potásico e celulosa e que non satisfaga os criterios do grupo de embalaxe I.

c) Grupo de embalaxe III: toda substancia que na relación mostra a celulosa de 4:1 ou 1:1 (en masa) sometida a ensaio, presente un tempo de combustión medio igual ou inferior ao tempo de combustión medio dunha mestura 3:7 (en masa) de bromato potásico e celulosa e que non satisfaga os criterios dos grupos de embalaxe I e II.

d) Non corresponde á división 5.1: toda substancia, que, tanto na relación 4:1 como 1:1 de mostra a celulosa (en masa) sometida a ensaio, non se inflama nin arde nin presenta un tempo de combustión medio superior ao da mestura 3:7 (en masa) de bromato potásico e celulosa.

### 5.2.3 Líquidos comburentes

#### 5.2.3.1 *Criterios para a clasificación na división 5.1*

5.2.3.1.1 Efectúase unha proba para determinar a posibilidade dunha substancia líquida de aumentar a velocidade ou a intensidade de combustión dunha substancia combustible ou de que se produza ignición espontánea cando as dúas se mesturan por completo. O procedemento figura no *Manual de probas e criterios das Nacións Unidas*, parte III, subsección 34.4.2. Nesta proba mídese o tempo de aumento da presión durante a combustión. Segundo os resultados da proba, decídese se o líquido é unha substancia comburente da división 5.1 e, de ser así, se se lle debe asignar o grupo de embalaxe I, II ou III (véxanse as características de preponderancia dos riscos).

5.2.3.1.2 Os resultados da proba de clasificación avalíanse baseándose:

- a) no feito de que a mestura de substancia e celulosa se inflame espontaneamente;
- b) na comparación do tempo medio necesario para que a presión manométrica aumente de 690 kPa a 2 070 kPa con aqueles correspondentes ás substancias de referencia.

5.2.3.1.3 As substancias líquidas clasifícanse na división 5.1 se a mestura de substancia e celulosa probada, na proporción de 1:1 en masa, dá un tempo medio de subida inferior ou igual ao tempo medio de subida dunha mestura de 1:1, en masa, de ácido nítrico en solución acuosa ao 65% e celulosa.

#### 5.2.3.2 *Asignación do grupo de embalaxe*

As substancias comburentes líquidas asígnanse a un grupo de embalaxe segundo o procedemento de proba do *Manual de probas e criterios das Nacións Unidas*, parte III, sección 34.4.2, conforme os seguintes criterios:

Grupo de embalaxe I: toda substancia que se inflame espontaneamente nunha mestura 1:1 (en masa), da substancia e celulosa sometida a ensaio, ou que presente un tempo medio de aumento da presión, nunha mestura 1:1 (en masa) da substancia e celulosa, inferior ao dunha mestura 1:1 (en masa) de ácido perclórico ao 50% e celulosa.

Grupo de embalaxe II: toda substancia que, nunha mestura 1:1 (en masa) da substancia e celulosa sometida a ensaio, presente un tempo medio de aumento da presión inferior ou igual ao tempo medio de aumento da presión dunha mestura 1:1 (en masa) de solución acuosa de clorato sódico ao 40% e celulosa, e que non satisfaga os criterios correspondentes ao grupo de embalaxe I.



Grupo de embalaxe III: toda substancia que, nunha mestura 1:1 (en masa) de substancia e celulosa sometida a ensaio, presente un tempo medio de aumento da presión inferior ou igual ao tempo medio da presión dunha mestura 1:1 (en masa) de ácido nítrico acuoso ao 65% e celulosa, e que non satisfaga os criterios correspondentes aos grupos de embalaxe I e II.

Non corresponde á división 5.1: toda substancia que, nunha mestura de 1:1 (en masa) de substancia e celulosa sometida a ensaio, presente un aumento de presión manométrica inferior a 2 070 kPa, ou presente un tempo de aumento da presión superior ao tempo medio de aumento da presión dunha mestura 1:1 (en masa) de ácido nítrico acuoso ao 65% e celulosa.

### 5.3 PERÓXIDOS ORGÁNICOS (DIVISIÓN 5.2)

#### 5.3.1 Propiedades

5.3.1.1 Os peróxidos orgánicos son susceptibles de descomposición exotérmica, que pode ser provocada pola calor, os contactos con impurezas (p. ex., ácidos, compostos de metais pesados, aminas), a fricción ou o impacto. A velocidade de descomposición aumenta coa temperatura e varía segundo a fórmula do peróxido. A descomposición pode producir emanacións de gases ou vapores nocivos ou inflamables. No caso de certos peróxidos orgánicos, regularase a temperatura durante o transporte. Algúns peróxidos orgánicos descompóñense explosivamente, sobre todo nun espazo reducido. Tal característica pode modificarse mediante a adición de diluentes ou o uso de embalaxes apropiadas. Moitos peróxidos orgánicos arden violentamente.

5.3.1.2 Cómpre evitar o contacto dos peróxidos orgánicos cos ollos. Algúns peróxidos orgánicos provocarán graves lesións na córnea, mesmo despois dun breve contacto, ou terán un efecto corrosivo na pel.

#### 5.3.2 Clasificación dos peróxidos orgánicos

5.3.2.1 Para todos os peróxidos orgánicos débese considerar a clasificación na división 5.2, a menos que o preparado do peróxido orgánico conteña:

a) non máis do 1,0% de oxíxeno dispoñible proveniente dos peróxidos orgánicos cando non conteña máis do 1,0% de peróxido de hidróxeno; ou

b) non máis do 0,5% de oxíxeno dispoñible proveniente dos peróxidos orgánicos cando conteña máis do 1,0% pero non máis do 7,0% de peróxido de hidróxeno.

*Nota.— O contido (%) de oxíxeno dispoñible dun preparado de peróxido orgánico dáse mediante a fórmula*

$$16 \times \sum (n_i \times c_i / m_i)$$

onde  $n_i$  = número de grupos peroxi por molécula de peróxido orgánico  $i$ ;

$c_i$  = concentración (% masa) de peróxido orgánico  $i$ ; e

$m_i$  = masa molecular do peróxido orgánico  $i$ .

5.3.2.2 Os peróxidos orgánicos clasifícanse en sete tipos de acordo co grao de risco que presentan.

5.3.2.3 Os peróxidos orgánicos cuxo transporte está permitido figuran en 5.3.2.4. Na táboa 2-7 asígnase a cada substancia autorizada a correspondente entrada xenérica de peróxidos orgánicos que aparece na Lista de mercadorías perigosas (ONU 3103 a 3120). As entradas xenéricas especifican:

a) o tipo de peróxido orgánico (B a F);

b) o estado físico (líquido ou sólido);

c) o control da temperatura, se corresponde (véxase 5.3.3).

5.3.2.3.1 As mesturas dos preparados que figuran na lista pódense clasificar como o mesmo tipo de peróxido orgánico que o compoñente máis perigoso e transportarse nas condicións previstas para o dito tipo. Con todo, posto que dous compoñentes estables poden formar unha mestura termicamente menos estable, débese determinar a temperatura de descomposición autoacelerada (TDAA) da mestura e, de ser necesario, aplicar regulación de temperatura como se prescribe en 5.3.3.

#### 5.3.2.4 Lista de peróxidos orgánicos catalogados ata o momento

Esta táboa (2-7) é unha reprodución de 2.5.3.2.4 das *Recomendacións relativas ao transporte de mercadorías perigosas, das Nacións Unidas* (décimo quinta edición revisada), coa información que non corresponde suprimida.

5.3.2.5 A clasificación dos peróxidos orgánicos non incluídos en 5.3.2.4 e a súa asignación a unha entrada xenérica incumben á autoridade que corresponda do país de orixe, que se baseará para isto nun informe das probas. Os principios que se aplican á clasificación destas substancias figuran en 2.5.3.3 das *Recomendacións das Nacións Unidas*. Na parte II da última edición do *Manual de probas e criterios das Nacións Unidas* describíense os procedementos, métodos de proba e criterios aplicables e dáse un exemplo de informe das probas. No certificado de aprobación débense indicar a clasificación da substancia e as condicións de transporte pertinentes.

5.3.2.6 As mostras dos preparados novos de peróxidos orgánicos que non figuran en 5.3.2.4, para os cales non se teñen datos de ensaio completos e que se deben transportar para ensaios ou avaliacións adicionais, poderán asignarse a unha das entradas apropiadas correspondentes aos **peróxidos orgánicos do tipo C** sempre que se cumpran as condicións seguintes:

- os datos dispoñibles indiquen que a mostra non presentaría un risco maior que o peróxido orgánico de tipo B;
- estean embaladas nunha embalaxe de combinación consistente dunha embalaxe interior de plástico IP.2 cunha capacidade non superior a 0,5 l ou 0,5 kg, colocada nunha caixa de madeira (4C1), unha caixa de madeira contrachapada (4D), unha caixa de cartón prensado (4G), cuxa cantidade neta máxima por vulto non exceda 1 l ou 1 kg; e
- os datos dispoñibles indiquen que a temperatura de regulación, se a houber, é suficientemente baixa como para evitar calquera descomposición perigosa e suficientemente alta como para evitar calquera separación perigosa de fases.

### 5.3.3 Regulación da temperatura

5.3.3.1 Todo preparado de peróxido orgánico que nos ensaios de laboratorio poida detonar, deflagrar rapidamente ou manifestar un efecto violento ao ser quentado dentro dun espazo limitado se debe considerar dotado de propiedades explosivas. Coa excepción dos peróxidos orgánicos do tipo B, cuxo transporte por vía aérea está prohibido en todos os casos, está prohibido transportar por vía aérea peróxidos orgánicos que requiran regulación da temperatura durante o transporte a menos que haxa unha dispensa (véxase 1;1.1.2).

5.3.3.2 Os peróxidos orgánicos seguintes deben ser obxecto de regulación de temperatura durante o transporte:

- peróxidos orgánicos dos tipos B e C con TDAA  $\leq 50^{\circ}\text{C}$ ;
- peróxidos orgánicos do tipo D que presentan un efecto mediano ao se quentaren en condicións de espazo restrinxido cunha TDAA  $\leq 50^{\circ}\text{C}$  ou que non presentan ningún efecto ao se quentaren en condicións de espazo restrinxido cunha TDAA  $\leq 45^{\circ}\text{C}$ ; e
- peróxidos orgánicos dos tipos E e F con TDAA  $\leq 45^{\circ}\text{C}$ .

5.3.3.3 Os métodos de ensaio para determinar a TDAA indícanse no *Manual de probas e criterios das Nacións Unidas*, parte III, sección 28. O ensaio seleccionado deberase efectuar de maneira que sexa representativo do vulto que se debe transportar.

5.3.3.4 Os métodos de ensaio para determinar a combustibilidade figuran no *Manual de probas e criterios das Nacións Unidas*, parte III, subsección 32.4.

### 5.3.4 Insensibilización dos peróxidos orgánicos

5.3.4.1 Para garantir a seguridade durante o transporte, en moitos casos insensibilízanse os peróxidos orgánicos mediante líquidos ou sólidos orgánicos, sólidos inorgánicos ou auga. Cando se estipula a porcentaxe dunha substancia, isto refírese á porcentaxe por masa, arredondada ao número enteiro máis próximo. En xeral, a insensibilización debería ser tal que, en caso de derramamento ou de incendio, o peróxido orgánico non se poida concentrar ata chegar a unha concentración perigosa.

5.3.4.2 Salvo que se indique outra cosa, no preparado de peróxido orgánico correspondente, aplícanse as seguintes definicións aos diluentes utilizados para a insensibilización:

- Diluentes do tipo A* son líquidos orgánicos compatibles co peróxido orgánico e que teñen un punto de ebulición mínimo de  $150^{\circ}\text{C}$ . Os diluentes do tipo A pódense utilizar para insensibilizar todos os peróxidos orgánicos.
- Diluentes do tipo B* son líquidos orgánicos compatibles co peróxido orgánico e que teñen un punto de ebulición mínimo de  $150^{\circ}\text{C}$  pero non inferior a  $60^{\circ}\text{C}$  e un punto de inflamación mínimo de  $5^{\circ}\text{C}$ . Os diluentes do tipo B poderanse utilizar unicamente para a insensibilización de todos os peróxidos orgánicos, sempre que o punto de ebulición do líquido sexa polo menos  $60^{\circ}\text{C}$  superior á TDAA nun vulto de 50 kg.

5.3.4.3 Sempre que sexan compatibles, poderanse agregar aos preparados de peróxidos orgánicos que figuran na táboa 2-7 diluentes distintos dos do tipo A ou do tipo B. Porén, substituír total ou parcialmente un diluente do tipo A ou do tipo B por outro diluente con propiedades distintas, exige que o preparado de peróxido orgánico sexa reavaliado de acordo co procedemento normal de aceptación para a división 5.2.

5.3.4.4 A auga só se poderá utilizar para insensibilizar os peróxidos orgánicos que figuran na táboa 2-7 ou no certificado de aprobación previsto en 5.3.2.5 con aprobación da autoridade que corresponde do Estado do fabricante ou se se indica que se lles agregou auga ou que están en dispersión estable en auga.

5.3.4.5 Poderanse utilizar sólidos orgánicos e inorgánicos para insensibilizar os peróxidos orgánicos sempre que sexan compatibles.

5.3.4.6 Os líquidos e sólidos compatibles son aqueles que non teñen ningunha influencia nociva sobre a estabilidade térmica e o tipo de risco do preparado de peróxido orgánico.

**Táboa 2-7. Lista de peróxidos orgánicos en vultos catalogados ata o momento**

*Nota.— Os peróxidos orgánicos que se teñan que transportar deben cumprir cos criterios de clasificación e coas temperaturas de regulación e de emerxencia enumeradas (obtidas a partir da TDAA).*

Peróxido orgánico	Concen- tración (%)	Diluente do tipo A (%)	Diluente do tipo B (% (Nota 1)	Sólido inerte (%)	Auga (%)	Tempe- ratura de regulación (°C)	Tempe- ratura de emer- xencia (°C)	Entrada xenérica ONU	Notas
Ácido 3-cloroperoxibenzoico	>57-86			≥14				3102	3
Ácido 3-cloroperoxibenzoico	≤57			≥3	≥40			3106	
Ácido 3-cloroperoxibenzoico	≤77			≥6	≥17			3106	
Ácido peroxiacético, tipo D, estabilizado	≤43							3105	13,14, 19
Ácido peroxiacético, tipo E, estabilizado	≤43							3107	13,15, 19
Ácido peroxiacético, tipo F, estabilizado	≤43							3109	13,16, 19
Ácido peroxiláurico	≤100					+35	+40	3118	
n-Butil-4,4-di-(terc-butil-peroxi) valerianato	>52-100							3103	
n-Butil-4,4-di-(terc-butil-peroxi) valerianato	≤52			≥48				3108	
1-(2-terc-butilperoxiisopropil)-3-isopropenilbenceno	≤77	≥23						3105	
1-(2-terc-butilperoxiisopropil)-3-isopropenilbenceno	≤42			≥58				3108	
([3r-(3r,5as,6s,8as,9r,10r,12s,12ar**)]- Decahidro-10-metoxi-3,6,9-trimetil-3,12-epoxi-12H-pirano[4,3-j]-1,2-benzodioxepino)	≤ 100							3106	
2,2-Di-(terc-amilperoxi) butano	≤57	≥43						3105	
3,3-Di-(terc-amilperoxi) butirato de etilo	≤67	≥33						3105	
1,1-Di-(terc-amilperoxi) ciclohexano	≤82	≥18						3103	
2,2-Di-(terc-butilperoxi) butano	≤52	≥48						3103	
3,3-Di-(terc-butilperoxi) butirato de etilo	>77-100							3103	
3,3-Di-(terc-butilperoxi) butirato de etilo	≤77	≥23						3105	
3,3-Di-(terc-butilperoxi) butirato de etilo	≤52			≥48				3106	





<i>Peróxido orgánico</i>	<i>Concen- tración (%)</i>	<i>Diluyente do tipo A (%)</i>	<i>Diluyente do tipo B (%) (Nota 1)</i>	<i>Sólido inerte (%)</i>	<i>Auga (%)</i>	<i>Tempe- ratura de regulación (°C)</i>	<i>Tempe- ratura de emer- xencia (°C)</i>	<i>Entrada xenérica ONU</i>	<i>Notas</i>
Peroxiacetato de terc-amilo	≤62	≥38						3107	
Peroxiacetato de terc-butilo	≤32		≥68					3109	
Peroxiacetato de terc-butilo	>52-77	≥23						3101	3
Peroxiacetato de terc-butilo	>32-52	≥48						3103	
Peroxiazelato de di-terc-butilo	≤52	≥48						3105	
Peroxibenzoato de terc-amilo	≤100							3103	
Peroxibenzoato de terc-butilo	>77-100							3103	
Peroxibenzoato de terc-butilo	>52-77	>23						3105	
Peroxibenzoato de terc-butilo	≤52			≥48				3106	
Peroxibutifumarato de terc-butilo	≤52	≥48						3105	
Peroxicrotonato de terc-butilo	≤77	≥23						3105	
Peroxidibicarbonato de di-n-butilo	≤42 en dispersión estable en auga (conxelada)					≥15	≥5	3118	
Peroxidicarbonato de di-4-terc- butilciclohexilo)	≤100					+30	+35	3114	
Peroxidicarbonato de di-(4-terc- butilciclohexilo)	≤42 en dispersión estable en auga					+30	+35	3119	
Peroxidicarbonato de di-n-butilo	>27-52		≥48			≥15	≥5	3115	
Peroxidicarbonato de di-n-butilo	≤27		≥73			≥10	0	3117	
Peroxidicarbonato de di-sec-butilo	>52-100					≥20	≥10	3113	
Peroxidicarbonato de di-sec-butilo	≤52		≥48			≥15	≥5	3115	
Peroxidicarbonato de dicetilo	≤100					+30	+35	3116	
Peroxidicarbonato de dicetilo	≤42 en dispersión estable en auga					+30	+35	3119	
Peroxidicarbonato de dicitlohexilo	>91-100					+10	+15	3112	3
Peroxidicarbonato de dicitlohexilo	≤91			≥9		+10		3114	
Peroxidicarbonato de dicitlohexilo	≤42 en dispersión estable en auga					+15	+20	3119	
Peroxidicarbonato de di-(2-etilhexilo)	≤52		≥48			≥10	0	3115	
Peroxidicarbonato de di-(2-etilhexilo)	>77-100					≥20	≥10	3113	
Peroxidicarbonato de di-(2-etilhexilo)	≤77		≥23			≥15	≥5	3115	

<i>Peróxido orgánico</i>	<i>Concen- tración (%)</i>	<i>Diluyente do tipo A (%)</i>	<i>Diluyente do tipo B (%) (Nota 1)</i>	<i>Sólido inerte (%)</i>	<i>Auga (%)</i>	<i>Tempe- ratura de regulación (°C)</i>	<i>Tempe- ratura de emer- xencia (°C)</i>	<i>Entrada xenérica ONU</i>	<i>Notas</i>
Peroxidicarbonato de di-(2-etilhexilo)	≤62 en dispersión estable en auga					-15	-5	3119	
Peroxidicarbonato de di-(2-etilhexilo)	≤52 en dispersión estable en auga (conxelada)					≥15	≥5	3120	
Peroxidicarbonato de di-(2-fenoxietilo)	>85-100							3102	
Peroxidicarbonato de di-(2-fenoxietilo)	≤85			≥15				3106	
Peroxidicarbonato de diisopropilo	≤32	≥68				-15	-5	3115	
Peroxidicarbonato de diisopropilo	≤52		≥48			≥20	≥10	3115	
Peroxidicarbonato de di-(3-metoxibutilo)	≤52		≥48			≥5	+5	3115	
Peroxidicarbonato de dimiristilo	≤100					+20	+25	3116	
Peroxidicarbonato de dimiristilo	≤42 en dispersión estable en auga					+20	+25	3119	
Peroxineodecanoato de 3-hidroxi-1,1-dimetilbutilo	≤77	≥23				-5	+5	3115	
Peroxineodecanoato de 3-hidroxi-1,1-dimetilbutilo	≤52 en dispersión estable en auga					-5	+5	3119	
Peroxineodecanoato de 3-hidroxi-1,1-dimetilbutilo	≤52	≥48				-5	+5	3117	
Peroxidicarbonato de di-n-propilo	≤100					≥25	≥15	3113	
Peroxidicarbonato de di-n-propilo	≤77	≥23				≥20	≥10	3113	
Peroxidicarbonato de isopropil sec-butilo + peroxidicarbonato de di-sec-butilo + peroxidicarbonato de di-isopropilo	≤52 + ≤28 + ≤22					≥20	≥10	3111	3
Peroxidicarbonato de isopropil sec-butilo + peroxidicarbonato de di-sec-butilo + peroxidicarbonato de di-isopropilo	≤32 + ≤15-18 + ≤12-15	≥38				≥20	≥10	3115	
Peroxidietilacetato de terc-butilo	≤100					+20	+25	3113	
Peróxido de acetilacetona	≤42	≥48		≥8				3105	2
Peróxido de acetilacetona	≤32 en pasta							3106	20
Peróxido de acetilciclohexanosulfonilo	≤82			≥12		≥10	0	3112	3
Peróxido de acetilciclohexanosulfonilo	≤32		≥68			≥10	0	3115	
Peróxido do ácido disuccínico	>72-100							3102	3,17





Peróxido orgánico	Concen- tración (%)	Diluyente do tipo A (%)	Diluyente do tipo B (%) (Nota 1)	Sólido inerte (%)	Auga (%)	Tempe- ratura de regulación (°C)	Tempe- ratura de emer- xencia (°C)	Entrada xenérica ONU	Notas
Peróxido de di-2,4-diclorobenzoílo	≤52 en pasta					+20	+25	3118	
Peróxido de dicumilo	>52-100							3110	12
Peróxido de dicumilo	≤52			≥48				Exento	29
Peróxido de didecanoílo	≤100					+30	+35	3114	
Peróxido de di-(1-hidroxiciclohexilo)	≤100							3106	
Peróxido de diisobutirilo	>32-52		≥48			≥20	≥10	3111	3
Peróxido de diisobutirilo	≤32		≥68			≥20	≥10	3115	
Peróxido de dilauroílo	≤100							3106	
Peróxido de dilauroílo	≤42 en dispersión estable en auga							3109	
Peróxido de di-(2-metilbenzoílo)	≤87				≥13	+30	+35	3112	3
Peróxido de di-(4-metilbenzoílo)	≤52, en pasta con aceite de silicio							3106	
Peróxido de di-(3-metilbenzoílo) + peróxido de benzoílo(3-metilbenzoílo) + peróxido de dibenzoílo	≤20 + ≤18 + ≤4		≥58			35	40	3115	
Peróxido de di-n-nonanoílo	≤100					0	+10	3116	
Peróxido de di-n-octanoílo	≤100					+10	+15	3114	
Peróxido de dipropionilo	≤27		≥73			+15	+20	3117	
Peróxido de di-(3,5,5-trimetilhexanoílo)	>38-82	≥18				0	+10	3115	
Peróxido de di-(3,5,5-trimetilhexanoílo)	≤52, en dispersión estable en auga					+10	+15	3117	
Peróxido de di-(3,5,5-trimetilhexanoílo)	≤38	≥62				+20	+25	3119	
Peróxido(s) de metilciclohexanona	≤67		≥33			+35	+40	3115	
Peróxido(s) de metiletilcetona	(véxase nota 8)	≥48						3101	3,8, 13,
Peróxido(s) de metiletilcetona	(véxase nota 9)	≥55						3105	9
Peróxido(s) de metiletilcetona	(véxase nota 10)	≥60						3107	10
Peróxido(s) de metilisopropilcetona	(véxase nota 31)	≥70						3109	31
Peróxido(s) de metilisobutilcetona	≤62	≥19						3105	22
Peróxido orgánico líquido, mostra								3103	11

<i>Peróxido orgánico</i>	<i>Concen- tración (%)</i>	<i>Diluyente do tipo A (%)</i>	<i>Diluyente do tipo B (%) (Nota 1)</i>	<i>Sólido inerte (%)</i>	<i>Auga (%)</i>	<i>Tempe- ratura de regulación (°C)</i>	<i>Tempe- ratura de emer- xencia (°C)</i>	<i>Entrada xenérica ONU</i>	<i>Notas</i>
Peróxido orgánico líquido, mostra, con temperatura regulada								3113	11
Peróxido orgánico sólido, mostra								3104	11
Peróxido orgánico sólido, mostra, con temperatura regulada								3114	11
Peroxiestearilcarbonato de terc-butilo	≤100							3106	
Peroxi-2-etilhexanoato de terc-amilo	≤100					+20	+25	3115	
Peroxi-2-etilhexanoato de terc-butilo	>52-100					+20	+25	3113	
Peroxi-2-etilhexanoato de terc-butilo	>32-52	≥48				+30	+35	3117	
Peroxi-2-etilhexanoato de terc-butilo	≤52			≥48		+20	+25	3118	
Peroxi-2-etilhexanoato de terc-butilo	≤32		≥68			+40	+45	3119	
Peroxi-2-etilhexanoato de terc-butilo + 2,2-di-(terc-butilperoxi)butano	≤31 + ≤36		≥33			+35	+40	3115	
Peroxi-2-etilhexanoato de terc-butilo + 2,2-di-(terc-butilperoxi)butano	≤12 + ≤14	≥14		≥60				3106	
Peroxi-2-etilhexanoato de 1,1,3,3-tetrametilbutilo	≤100					+20	+25	3115	
Peroxi-2-etilhexilcarbonato de terc-amilo	≤100							3105	
Peroxi-2-etilhexilcarbonato de terc-butilo	≤100							3105	
Peroxiisobutirato de terc-butilo	>52-77		≥23			+15	+20	3111	3
Peroxiisobutirato de terc-butilo	≤52		≥48			+15	+20	3115	
Peroxiisopropilcarbonato de terc-butilo	≤77	≥23						3103	
Peroxineodecanoato de terc-amilo	≤77		≥23					3103	
Peroxi-2-metilbenzoato de terc-butilo	≤100							3103	
Peroxineodecanoato de terc-amilo	≤77		≥23			0	+10	3115	
Peroxineodecanoato de terc-butilo	>77-100					≥5	+5	3115	
Peroxineodecanoato de terc-amilo	≤77	≥23				0	+10	3103	
Peroxineodecanoato de terc-butilo	≤52 en dispersión estable en auga					0	+10	3119	
Peroxineodecanoato de terc-butilo	≤42 en dispersión estable en auga (conxelada)					0	+10	3118	
Peroxineodecanoato de terc-butilo	≤32	≥68				0	+10	3119	
Peroxineodecanoato de cumilo	≤77		≥23			-10	0	3115	
Peroxineodecanoato de cumilo	≤52 en					-10	0	3119	

Peróxido orgánico	Concen- tración (%)	Diluyente do tipo A (%)	Diluyente do tipo B (%) (Nota 1)	Sólido inerte (%)	Auga (%)	Tempe- ratura de regulación (°C)	Tempe- ratura de emer- xencia (°C)	Entrada xenérica ONU	Notas
		dispersión estable en auga							
Peroxineodecanoato de cumilo	≤87	≥13				-10	0	3115	
Peroxineodecanoato de terc-hexilo	≤71	≥29				0	+10	3115	
Peroxineoheptanoato de terc-butilo	≤77	≥23				0	+10	3115	
Peroxineoheptanoato de cumilo	≤77	≥23				≥10	0	3115	
Peroxipivalato de terc-amilo	≤77		≥23			+10	+15	3113	
Peroxipivalato de terc-butilo	>67-77	≥23				0	+10	3113	
Peroxipivalato de terc-butilo	>27-67		≥33			0	+10	3115	
Peroxipivalato de terc-butilo	≤27		≥73			+30	+35	3119	
Peroxipivalato de cumilo	≤77	≥23				5	+5	3115	
Peroxipivalato de 1-(2-etilhexanoilperoxi)-1,3-dimetilbutilo	≤52	≥45	≥10			20	10	3115	
Peroxipivalato de terc-hexilo	≤72		≥28			10	15	3115	
Peroxipivalato de 1,1,3,3-tetrametilbutilo	≤77	≥23				0	+10	3315	
Peroxi-3,5,5-trimetilhexanoato de terc-amilo	≤100							PROHIBIDO	
Peroxi-3,5,5-trimetilhexanoato de terc-butilo	>32-100							3105	
Peroxi-3,5,5-trimetilhexanoato de terc-butilo	≤32		≥68					3109	
Peroxi-3,5,5-trimetilhexanoato de terc-butilo	≤42			≥58				3106	
Peroxineodecanoato de 1,1,3,3-tetrametilbutilo	≤52 en dispersión estable en auga					≥5	+5	3119	
Peroxineodecanoato de 1,1,3,3-tetrametilbutilo	≤72		≥28			≥5	+5	3115	
Peroxineodecanoato de terc-amilo	≤47	≥53				0	+10	3119	
Peroxineoheptanoato de terc-butilo	≤42 en dispersión estable en auga					0	+10	3117	
Poli-terc-butilperoxycarbonato de poliéter	≤52	≥23						3107	
3,6,9-Trietil-3,6,9-trimetil-1,4,7- triperoxonano	≤17	≥18		≥65				3110	
3,6,9-Trietil-3,6,9-trimetil-1,4,7- triperoxonano	≤42	≥58						3105	28

## Notas:

1. O diluyente do tipo B sempre se poderá substituír polo do tipo A. O punto de ebulición do diluyente do tipo B debería ser, como mínimo, 60°C superior á TDAA do peróxido orgánico.
2. 4,7%, como máximo, de oxíxeno activo.
3. Prescribíse etiqueta de risco secundario de "EXPLOSIVO" e, en consecuencia, está prohibido para o transporte por vía aérea en todos os casos.

4. O diluente poderá substituírse por peróxido de Di-terc-butilo.
  5. 9%, como máximo, de oxíxeno activo.
  6. Con 9%, como máximo, de peróxido de hidróxeno; 10%, como máximo, de oxíxeno activo.
  7. Permítense embalaxes non metálicas unicamente.
  8. Máis do 10% pero non máis do 10,7% de oxíxeno activo, con ou sen auga.
  9. 10%, como máximo, de oxíxeno activo, con ou sen auga.
  10. 8,2%, como máximo, de oxíxeno activo, con ou sen auga.
  11. Véxase 5.3.2.6.
  12. Non se utiliza.
  13. Prescríbese etiqueta de risco secundario de "CORROSIVO" (véxase a figura 5-22).
  14. Preparados de ácido peroxiacético que satisfáanos criterios de 5.3.2.5.
  15. Preparados de ácido peroxiacético que satisfán os criterios de 5.3.2.5.
  16. Preparados de ácido peroxiacético que satisfán os criterios de 5.3.2.5.
  17. Este peróxido orgánico perde estabilidade térmica se se lle agrega auga.
  18. Para as concentracións inferiores ao 80%, non se prescribe etiqueta de risco secundario de "CORROSIVO".
  19. Mesturas con peróxido de hidróxeno, auga e ácido(s).
  20. Con diluente do tipo A, con auga ou sen ela.
  21. Co 25% ou máis, en masa, do diluente do tipo A, ademais do etilbenceno.
  22. Co 19% ou máis, en masa, do diluente do tipo A, ademais de metilisobutilcetona.
  23. Con menos do 6% de peróxido de di-terc-butilo.
  24. Co 8% ou menos de 1-isopropilhidroperoxi-4-isopropilhidroxibenceno.
  25. Diluente do tipo B con punto de ebulición >110°C.
  26. Con menos do 0,5% de hidroperóxidos.
  27. Para concentracións superiores ao 56%, requírese a etiqueta de risco secundario "CORROSIVO" (véxase a figura 5-22).
  28. Oxíxeno activo dispoñible  $\leq 7,6\%$  en diluente do tipo A cun punto de evaporación do 95% nunha gama de 220 a 260°C.
  29. Non está suxeito ás condicións destas instrucións para a división 5.2.
  30. Diluente do tipo B con punto de ebulición >130°C.
  31. Oxíxeno activo dispoñible  $\leq 6,7\%$ .
-

## Capítulo 6

### CLASE 6 — SUBSTANCIAS TÓXICAS E SUBSTANCIAS INFECCIOSAS

#### NOTA DE INTRODUCCIÓN

*Nota.— Deberíase considerar a posibilidade de clasificar na división 6.1 as toxinas de orixe vexetal, animal ou bacteriana que non conteñen ningunha substancia infecciosa ou as que están contidas en substancias que non son infecciosas, e a de asignarles o número ONU 3172.*

#### 6.1 DEFINICIÓNS

A clase 6 ten dúas divisións:

- a) División 6.1 — Substancias tóxicas.

Trátase de substancias que poden causar a morte ou lesións ou que, se se tragan, inhalan ou entran en contacto coa pel, poden afectar a saúde humana.

*Nota.— Nestas instrucións a palabra “venenoso” é sinónimo de “tóxico”.*

- b) División 6.2 — Substancias infecciosas.

Substancias que se sabe que conteñen, ou se cre fundadamente que conteñen, axentes patóxenos. Os axentes patóxenos son microorganismos (incluídas as bacterias, virus, rickettsias, parasitos e fungos) e outros axentes tales como príons, que poden causar enfermidades nos humanos ou nos animais.

#### 6.2 DIVISIÓN 6.1 — SUBSTANCIAS TÓXICAS

##### 6.2.1 Definicións

Para os efectos das presentes instrucións:

6.2.1.1 *Dose media letal (DL<sub>50</sub>) de substancias de toxicidade aguda por inxestión* é a dose única dunha substancia, obtida estatisticamente, da cal se pode esperar que, no prazo de 14 días, cause a morte do 50% das ratas albinas adultas novas ás cales se lles administrase por vía oral. O valor DL<sub>50</sub> exprésase en termos de masa da substancia de ensaio por masa do animal de ensaio (mg/kg).

6.2.1.2 *DL<sub>50</sub> de substancias de toxicidade aguda por absorción cutánea* é a dose da substancia que, administrada por contacto continuo de 24 horas coa pel núa dun grupo de coellos albinos, causa coa máxima probabilidade, no prazo de 14 días, a morte da metade dos animais do grupo. O número de animais sometidos ao ensaio debe ser suficiente para que os resultados sexan estatisticamente significativos e conformes coas prácticas farmacolóxicas correctas. Os resultados exprésanse en mg/kg de masa corporal.

6.2.1.3 *Concentración letal (CL<sub>50</sub>) de substancias de toxicidade aguda por inhalación* é a concentración do vapor, néboa ou po que, administrada por inhalación continua durante unha hora a un grupo de ratas albinas adultas novas, machos e femias, causa coa máxima probabilidade, no prazo de 14 días, a morte da metade dos animais do grupo. Unha substancia sólida deberíase someter a ensaio se é probable que o 10% (en masa) como mínimo da súa masa total estea en forma de po dentro da gama respirable, é dicir, que o diámetro aerodinámico desa fracción de partículas sexa de 10 µm ou menos. Unha substancia líquida deberíase someter a ensaio se é probable que, a raíz dunha fuga nos medios de contención para o transporte, se xere néboa. Tanto para as substancias sólidas como líquidas, máis de 90% (en masa) dunha mostra preparada para determinar toxicidade por inhalación debería estar dentro da gama respirable que se define máis arriba. Os resultados exprésanse en mg/l de aire, no caso do po e as néboas, ou en ml/m<sup>3</sup> de aire (partes por millón), no dos vapores.

##### 6.2.2 Asignación dos grupos de embalaxe

6.2.2.1 As substancias da división 6.1, que comprende os pesticidas, clasifícanse nun dos tres grupos de embalaxe, segundo o risco que pola súa toxicidade presentan durante o transporte, a saber:

- a) Grupo de embalaxe I — Substancias e preparados que presentan un risco moi grave de intoxicación;  
b) Grupo de embalaxe II — Substancias e preparados que presentan un risco grave de intoxicación;  
c) Grupo de embalaxe III — Substancias e preparados que presentan un risco relativamente leve de intoxicación.

6.2.2.2 Ao proceder a esa agrupación, débense ter en conta os casos de intoxicación accidental de seres humanos e as propiedades específicas de cada substancia, tales como a súa liquidez, a súa alta volatilidade, calquera probabilidade especial de penetración e os seus efectos biolóxicos especiais.

6.2.2.3 Nos casos en que non se ten experiencia con seres humanos, a clasificación débese basear en datos procedentes de experimentos con animais. Débense examinar tres posibles modos de exposición ás substancias, a saber:

- a) inxestión oral;
- b) absorción cutánea; e
- c) inhalación de pos, néboas ou vapores.

6.2.2.3.1 En 6.2.1 descríbense os ensaios apropiados con animais para cada un dos modos de exposición. Ás substancias cuxa toxicidade difire segundo a vía de administración, débeseles asignar o risco máximo.

6.2.2.4 Nos parágrafos seguintes indícanse os criterios para clasificar as substancias segundo a toxicidade que presentan polas tres vías de administración.

6.2.2.4.1 A clasificación en función da toxicidade por inxestión, por absorción cutánea e por inhalación de pos ou néboas figura na táboa 2-8.

*Nota.— As substancias que respondan aos criterios establecidos para a clase 8 e teñan unha toxicidade por inhalación de pos ou néboas (CL<sub>50</sub>) que requira a súa asignación ao grupo de embalaxe I só se aceptarán para asignación á división 6.1 se o seu nivel de toxicidade por inxestión ou por absorción cutánea está, polo menos, dentro da escala de valores dos grupos de embalaxe I ou II. De non ser así, asignaranse á clase 8 cando resulte apropiado (véxase 8.2.3).*

6.2.2.4.2 Os criterios de toxicidade por inhalación de pos e néboas de 6.2.2.4.1 baséanse nos datos CL<sub>50</sub> correspondentes a unha hora de exposición e, sempre que se dispoña de tal información, débese utilizar. Non obstante, cando se dispoña tan só de datos CL<sub>50</sub> correspondentes a catro horas de exposición a pos e néboas, haberá que multiplicar por catro tales datos numéricos e substituír por este produto os criterios mencionados; é dicir, CL<sub>50</sub> (4 h) × 4 considérase equivalente a CL<sub>50</sub> (1h).

6.2.2.4.3 Os líquidos que emiten vapores tóxicos débense asignar aos grupos de embalaxe enumerados na táboa 2-9; "V" representa a concentración do vapor en condicións de saturación, en ml/m<sup>3</sup> de aire, a 20°C, e en condicións normais de presión.

6.2.2.4.4 Para facilitar a clasificación, na figura 2-1 represéntanse en forma gráfica os criterios indicados en 6.2.2.4.3. Non obstante, a causa das aproximacións inherentes ao uso de gráficos, débense verificar utilizando criterios numéricos os datos correspondentes ás substancias que se encontran nos límites ou cerca dos límites entre os distintos grupos de embalaxe.

**Táboa 2-8. Criterios de clasificación en función da toxicidade por inxestión, por absorción cutánea e por inhalación de pos ou néboas**

Grupo de embalaxe	Toxicidade por inxestión LD <sub>50</sub> (mg/kg)	Toxicidade por absorción cutánea LD <sub>50</sub> (mg/kg)	Toxicidade por inhalación de pos e néboas CL <sub>50</sub> (mg/l)
I	≤5,0	≤50	≤0,2
II	>5,0 e ≤50	>50 e ≤200	>0,2 e ≤2,0
III <sup>a</sup>	>50 e ≤300	>200 e ≤1 000	>2,0 e ≤4,0

a. As substancias para a fabricación de gas lacrimóxeno débense incluír no grupo de embalaxe II mesmo cando os seus datos de toxicidade corresponden aos valores do grupo de embalaxe III.

Táboa 2-9. Criterios aplicables á inhalación

Grupo de embalaxe I	$V \geq 10 LC_{50}$ e $LC_{50} \leq 1\ 000\ \text{ml/m}^3$
Grupo de embalaxe II	$V \geq LC_{50}$ e $LC_{50} \leq 3\ 000\ \text{ml/m}^3$ e non se cumpren os criterios correspondentes ao grupo de embalaxe I
Grupo de embalaxe III	$V \geq 0,2 LC_{50}$ e $LC_{50} \leq 5\ 000\ \text{ml/m}^3$ e non se cumpren os criterios correspondentes aos grupos de embalaxe I e II




Figura 2-1. Criterios aplicables á inhalación de vapores

6.2.2.4.5 Os criterios de toxicidade por inhalación de vapores de 6.2.2.4.3 están baseados nos datos  $CL_{50}$  correspondentes a unha hora de exposición e, sempre que se dispoña de tal información, débese utilizar. Non obstante, cando se dispoña tan só de datos  $CL_{50}$  correspondentes a catro horas de exposición a vapores, tales datos numéricos deben multiplicarse por dous e substituír os criterios mencionados polo produto obtido; é dicir,  $CL_{50}$  (4 h)  $\times$  2 considérase equivalente a  $CL_{50}$  (1 h).

6.2.2.4.6 As mesturas de líquidos que sexan tóxicos por inhalación deben asignarse aos grupos de embalaxe conforme o previsto en 6.2.2.4.7 ou 6.2.2.4.8.

6.2.2.4.7 Se se dispón dos datos  $CL_{50}$  para cada unha das substancias tóxicas que comprenden unha mestura, poderase determinar o grupo de embalaxe da forma seguinte:

- a) Estimar a  $CL_{50}$  da mestura utilizando a fórmula:

$$LC_{50} \text{ (mestura)} = \frac{1}{\sum_{i=1}^n \frac{f_i}{LC_{50_i}}}$$

onde  $f_i$  = fracción molar da  $i^{\text{ésima}}$  substancia compoñente do líquido, e

onde  $CL_{50_i}$  = concentración letal media da  $i^{\text{ésima}}$  substancia compoñente en  $ml/m^3$ .

- b) Estimar a volatilidade de cada substancia compoñente utilizando a fórmula:

$$V_i = P_i \times \frac{106}{101,3} \text{ ml/m}^3$$

onde  $P_i$  = presión parcial da  $i^{\text{ésima}}$  substancia compoñente en kPa a  $20^\circ\text{C}$  e a unha atmosfera de presión.

- c) Calcular a proporción entre a volatilidade e a  $CL_{50}$  utilizando a fórmula:

$$R = \sum_{i=1}^n \frac{V_i}{LC_{50_i}}$$

- d) Utilizando os valores calculados da  $CL_{50}$  (mestura) e R, o grupo de embalaxe correspondente á mestura determínase así:

Grupo de embalaxe I:  $R \geq 10$  e  $CL_{50}$  (mestura)  $\leq 1\,000 \text{ ml/m}^3$

Grupo de embalaxe II:  $R \geq 1$  e  $CL_{50}$  (mestura)  $\leq 3\,000 \text{ ml/m}^3$  e sen satisfacer os criterios correspondentes ao grupo I

Grupo de embalaxe III:  $R \geq 1/5$  e  $CL_{50}$  (mestura)  $\leq 5\,000 \text{ ml/m}^3$  e sen satisfacer os criterios correspondentes ao grupo I ou II.

6.2.2.4.8 En ausencia de datos  $CL_{50}$  correspondente ás substancias constituíntes tóxicas, poderase asignar á mestura un grupo de embalaxe baseado nos seguintes ensaios simplificados de limiar de toxicidade. Cando se utilizan estes ensaios de limiar de toxicidade, deberase determinar e utilizar o grupo de embalaxe máis restritivo para transportar a mestura.

- a) Asignarase unha mestura ao grupo de embalaxe I unicamente se satisfai os dous criterios seguintes:

i) Vaporízase e dilúese con aire unha mostra da mestura líquida para crear unha atmosfera de ensaio de  $1\,000 \text{ ml/m}^3$  de mestura vaporizada en aire. Expóñense á atmosfera de ensaio 10 ratas albinas (cinco machos e cinco femias) por unha hora e obsérvanse por 14 días. Se cinco ou máis dos animais morren dentro do período de observación de 14 días, presúmese que a mestura contén unha  $CL_{50}$  igual ou menor a  $1\,000 \text{ ml/m}^3$ .

ii) Dilúese unha mostra do vapor en equilibrio coa mestura líquida a  $20^\circ\text{C}$ , xunto con nove volumes iguais de aire para crear unha atmosfera de ensaio. Expóñense 10 ratas albinas (cinco machos e cinco femias) á atmosfera de ensaio por unha hora e obsérvanse por 14 días. Se cinco ou máis dos animais morren dentro do período de observación de 14 días, presúmese que a mestura ten unha volatilidade igual ou maior a 10 veces a mestura de  $CL_{50}$ .

- b) Asignarase unha mestura ao grupo de embalaxe II unicamente se satisfai os dous criterios seguintes e a mestura non satisfai os criterios do grupo de embalaxe I:

i) Unha mostra da mestura líquida vaporízase e dilúese con aire para crear unha atmosfera de ensaio de  $3\,000 \text{ ml/m}^3$  de mestura vaporizada en aire. Expóñense á atmosfera de ensaio 10 ratas albinas (cinco machos e cinco femias) por unha hora e obsérvanse por 14 días. Se cinco ou máis dos animais morren dentro do período de observación de 14 días, presúmese que a mestura contén unha  $CL_{50}$  igual ou menor a  $3\,000 \text{ ml/m}^3$ .

ii) Dilúese unha mostra do vapor en equilibrio coa mestura líquida a  $20^\circ\text{C}$  para crear unha atmosfera de ensaio. Expóñense 10 ratas albinas (cinco machos e cinco femias) á atmosfera de ensaio por unha hora e obsérvanse por 14 días. Se cinco ou máis dos animais morren dentro do período de observación de 14 días, presúmese que a mestura ten unha volatilidade igual ou maior á mestura  $CL_{50}$ .

- c) Asignarase unha mestura ao grupo de embalaxe III unicamente se satisfai os dous criterios seguintes e a mestura non satisfai os criterios dos grupos de embalaxe I ou II:

i) Unha mostra da mestura líquida vaporízase e dilúese con aire para crear unha atmosfera de ensaio de  $5\,000 \text{ ml/m}^3$  de mestura vaporizada en aire. Expóñense 10 ratas albinas (cinco machos e cinco femias) á atmosfera de ensaio por unha hora e obsérvanse por 14 días. Se cinco ou máis dos animais morren dentro do período de observación de 14 días, presúmese que a mestura contén unha  $CL_{50}$  igual ou menor a  $5\,000 \text{ ml/m}^3$ .



ii) Mídese a presión de vapor da mestura líquida e se a presión de vapor é igual ou maior a 1 000 ml/m<sup>3</sup>, presúmese que a mestura ten unha volatilidade igual ou maior a 1/5 da mestura CL<sub>50</sub>.

### 6.2.3 Métodos para determinar a toxicidade das mesturas por inxestión e por absorción cutánea

6.2.3.1 Ao clasificar as mesturas na división 6.1 e asignarlles o grupo de embalaxe apropiado, segundo os criterios de toxicidade por inxestión ou por absorción cutánea que figuran na táboa 2-8 é necesario determinar a DL<sub>50</sub> de toxicidade aguda da mestura.

6.2.3.2 Se a mestura contén unicamente unha substancia activa e se coñece a DL<sub>50</sub> dese compoñente, na falta de datos fiables sobre a toxicidade aguda por inxestión ou por absorción cutánea da mestura que se debe transportar, a DL<sub>50</sub> por inxestión ou por absorción cutánea pode obterse aplicando a fórmula seguinte:

Valor DL<sub>50</sub> do preparado =

$$\frac{\text{Valor DL}_{50} \text{ da substancia activa} \times 100}{\text{porcentaxe da substancia activa en función da masa}}$$

6.2.3.3 Se a mestura contén máis dun compoñente activo, hai tres métodos que é posible utilizar co fin de determinar a DL<sub>50</sub> por inxestión ou por absorción cutánea da mestura. O método que se prefire consiste en obter datos fiables sobre a toxicidade aguda por inxestión ou por absorción cutánea da mestura que efectivamente se vai transportar. Se non se dispón de datos fiables e precisos, pódese aplicar calquera destes métodos:

a) calcular a formulación segundo o compoñente máis perigoso da mestura como se ese compoñente estivese presente nunha concentración igual á concentración total de todos os compoñentes activos; ou

b) aplicar a fórmula:

$$\frac{C_A}{T_A} + \frac{C_B}{T_B} + \frac{C_Z}{T_Z} = \frac{100}{T_M}$$

onde:

C = concentración porcentual do compoñente A, B... Z na mestura

T = valores de DL<sub>50</sub> oral do compoñente A, B... Z

T<sub>M</sub> = valor de DL<sub>50</sub> oral da mestura

*Nota.— Esta fórmula tamén se pode utilizar para a toxicidade por absorción cutánea sempre que se dispoña desta información respecto das mesmas especies para todos os compoñentes. Ao se aplicar esta fórmula non se considera ningún fenómeno de potenciación ou de protección.*

### 6.2.4 Clasificación dos pesticidas

6.2.4.1 Todas as substancias activas e os seus preparados utilizados como pesticidas cuxos valores de CL<sub>50</sub> ou DL<sub>50</sub> sexan coñecidos e correspondan á clasificación da división 6.1, se deben clasificar nos grupos de embalaxe pertinentes de conformidade cos criterios expostos en 6.2.2. As substancias e os preparados que se caracterizan polos riscos secundarios que entrañan deben clasificarse segundo a táboa de preponderancia dos riscos (táboa 2-1) e débenselles asignar os grupos de embalaxe apropiados.

6.2.4.2 Se non se coñece o valor da DL<sub>50</sub> por inxestión ou por absorción cutánea dun preparado pesticida, pero se se coñece o valor da DL<sub>50</sub> das súas substancias activas, o valor de DL<sub>50</sub> do preparado poderá obterse aplicando os procedementos establecidos en 6.2.3.

*Nota.— Os datos sobre toxicidade DL<sub>50</sub> dalgúns pesticidas comúns pódense obter da edición máis recente do documento The WHO Recommended Classification of Pesticides by Hazard and Guidelines to Classification (clasificación recomendada pola OMS para os pesticidas segundo a súa perigosidade e directrices sobre a clasificación) que ofrece o Programa internacional de seguridade das substancias químicas, Organización Mundial da Saúde (OMS) 1211 Xenebra 27, Suíza. Aínda que este documento se pode utilizar como fonte de datos DL<sub>50</sub> para os pesticidas, o seu sistema de clasificación non se deberá empregar na clasificación de pesticidas para o transporte nin para asignarlles grupos de embalaxe, o cal se debe efectuar de conformidade coas presentes instrucións.*

6.2.4.3 A denominación do artigo expedido utilizada no transporte do pesticida débese seleccionar baseándose no ingrediente activo, no estado físico do pesticida e no risco secundario que poida presentar.

### 6.3 DIVISIÓN 6.2 — SUBSTANCIAS INFECCIOSAS

#### 6.3.1 Definicións

Para os efectos das presentes instrucións:

6.3.1.1 As substancias *infecciosas* son aquelas que se sabe ou se cre fundadamente que conteñen axentes patóxenos. Os axentes patóxenos defínense como microorganismos (comprendidas as bacterias, virus, rickettsias, parasitos ou fungos) e outros axentes tales como príons, que poden causar enfermidades nos humanos ou nos animais.

6.3.1.2 Os *produtos biolóxicos* son aqueles derivados de organismos vivos, fabricados e distribuídos de acordo cos requisitos das autoridades nacionais que corresponda, que poden ter requisitos especiais de licenza e que se utilizan para a prevención, tratamento ou diagnóstico de enfermidades nos humanos ou nos animais, ou con fins de desenvolvemento, experimentación ou investigación en relación con elas. Entre estes produtos cóntanse, aínda que non exclusivamente, produtos acabados ou non acabados como as vacinas.

6.3.1.3 Os *cultivos* son o resultado dun proceso mediante o cal os axentes patóxenos se propagan intencionalmente. Esta definición non inclúe as mostras de pacientes definidas en 6.3.1.4.

6.3.1.4 As *mostras de pacientes* son as obtidas directamente de seres humanos ou animais, que inclúen, entre outras cousas, excrecións, secrecións, sangue e os seus compoñentes, tecidos e fluídos tisulares e partes do corpo transportados con fins de estudo, diagnóstico, investigación, e tratamento e prevención de enfermidades.

6.3.1.5 Os *refugallos médicos ou clínicos* son refugallos derivados do tratamento médico de animais ou humanos, ou ben da investigación biolóxica.

#### 6.3.2 Clasificación das substancias infecciosas

6.3.2.1 As substancias infecciosas débense clasificar na división 6.2 e asignaráselles os números ONU 2814, ONU 2900, ONU 3291 ou ONU 3373, segundo corresponda.

6.3.2.2 As substancias infecciosas divídense nas seguintes categorías.

6.3.2.2.1 *Categoría A*: substancia infecciosa que se transporta de forma que, ao haber exposición a ela, pode causar incapacidade permanente, ou unha enfermidade mortal ou que poña en perigo a vida de humanos ou animais por outra parte saudable. Na táboa 2-10 danse exemplos de substancias que cumpren con estes criterios.

*Nota.*— *Prodúcese exposición cando unha substancia infecciosa sae da súa embalaxe protectora e entra en contacto físico con humanos ou animais.*

a) Ás substancias infecciosas que cumpran con estes criterios e que causen enfermidades nos humanos ou tanto nos humanos coma nos animais asignaráselles o número ONU 2814. Ás substancias infecciosas que causen enfermidade unicamente nos animais asignaráselles o número ONU 2900.

b) A asignación dos números ONU 2814 ou ONU 2900 basearase no historial médico e en síntomas coñecidos da fonte humana ou animal, nas condicións locais endémicas, ou no ditame profesional relativo ás circunstancias individuais da fonte humana ou animal.

*Nota 1.*— *A denominación do artigo expedido correspondente a ONU 2814 é substancia infecciosa para o ser humano. A denominación do artigo expedido correspondente a ONU 2900 é substancia infecciosa para os animais unicamente.*

*Nota 2.*— *A táboa 2-10 non é exhaustiva. Ás substancias infecciosas, incluíndo os axentes patóxenos novos ou emerxentes, que non aparezan na táboa pero que reúnan os mesmos criterios, asignaráselles a categoría A. Ademais, se existen dúbidas en canto a se unha substancia cumpre cos criterios, esta deberase incluír na categoría A.*

*Nota 3.*— *Na táboa 2-10, os microorganismos que figuran en cursiva son bacterias, micoplasma, rickettsias ou fungos.*

6.3.2.2.2 *Categoría B*: substancia infecciosa que non cumpre cos criterios para a súa inclusión na categoría A. Ás substancias infecciosas da categoría B asignaráselles o número ONU 3373.

*Nota.*— *A denominación do artigo expedido correspondente a ONU 3373 é **substancias biolóxicas de categoría B.***

#### 6.3.2.3 Excepcións

6.3.2.3.1 As substancias que non conteñen substancias infecciosas ou as substancias con pouca probabilidade de causar enfermidades nos seres humanos ou nos animais non están suxeitas a estas instrucións, a menos que cumpran cos criterios para a súa inclusión noutra clase.

Táboa 2-10. Exemplos de substancias infecciosas incluídas na categoría A en calquera forma, a menos que se indique outra cosa [6.3.2.2.1 a)]

Número ONU e denominación do artigo expedido	Microorganismo
<b>ONU 2814</b> <b>Substancias infecciosas para o ser humano</b>	<i>Bacillus anthracis</i> (cultivos unicamente) <i>Brucella abortus</i> (cultivos unicamente) <i>Brucella melitensis</i> (cultivos unicamente) <i>Brucella suis</i> (cultivos unicamente) <i>Burkholderia mallei</i> — <i>Pseudomonas mallei</i> — mormo (equinia) (cultivos unicamente) <i>Burkholderia pseudomallei</i> — <i>Pseudomonas pseudomallei</i> (cultivos unicamente) <i>Chlamydia psittaci</i> — cepas aviarias (cultivos unicamente) <i>Clostridium botulinum</i> (cultivos unicamente) <i>Coccidioides immitis</i> (cultivos unicamente) <i>Coxiella burnetii</i> (cultivos unicamente) <i>Escherichia coli</i> , virotoxixeno (cultivos unicamente) <i>Francisella tularensis</i> (cultivos unicamente) Hantavirus causante de febre hemorráxica con síndrome renal <i>Mycobacterium tuberculosis</i> (cultivos unicamente) <i>Poliovirus</i> (cultivos unicamente) <i>Rickettsia prowazekii</i> (cultivos unicamente) <i>Rickettsia rickettsii</i> (cultivos unicamente) <i>Shigella dysenteriae</i> tipo 1 (cultivos unicamente) Virus da encefalite de primavera-verán rusa (cultivos unicamente) Virus da encefalite equina oriental (cultivos unicamente) Virus da encefalite equina venezolana (cultivos unicamente) Virus da encefalite xaponesa (cultivos unicamente) Virus da encefalite por picadura de carracha (ácaro) (cultivos unicamente) Virus da enfermidade do bosque de Kyasanur Virus da febre amarela (cultivos unicamente) Virus da febre hemorráxica de Crimea-Congo Virus da febre hemorráxica de Omsk Virus da febre de Rift Valley (cultivos unicamente) Virus da hepatite B (cultivos unicamente) Virus da influenza aviaria altamente patóxena (cultivos unicamente) Virus da inmunodeficiencia humana (cultivos unicamente) Virus da rabia (cultivos unicamente) Virus da variola Virus de Lassa Virus de Marburg Virus do dengue (cultivos unicamente) Virus do Ébola Virus do herpes B (cultivos unicamente) Virus do Nilo occidental (cultivos unicamente) Virus Flexal Virus Guanarito Virus Hantaan Virus Hendra Virus Junin Virus Machupo Virus Monkeypox (dos simios) Virus Nipah Virus Sabia <i>Yersinia pestis</i> (cultivos unicamente)
<b>ONU 2900</b> <b>Substancias infecciosas para os animais unicamente</b>	<i>Mycoplasma mycoides</i> — pleuropneumonía bovina contaxiosa (cultivos unicamente) Paramyxovirus aviario do tipo 1 — Virus da enfermidade de Newcastle veloxénico (cultivos unicamente) Virus da dermatite nodular contaxiosa (cultivos unicamente) Virus da enfermidade vesicular porcina (cultivos unicamente) Virus da estomatite vesicular (cultivos unicamente) Virus da febre aftosa (cultivos unicamente) Virus da febre porcina africana (cultivos unicamente) Virus da febre porcina clásica (cultivos unicamente) Virus da peste bovina (cultivos unicamente) Virus da peste dos pequenos ruminantes (cultivos unicamente) Virus da variola caprina (cultivos unicamente) Virus da variola ovina (cultivos unicamente)

6.3.2.3.2 As substancias que conteñen microorganismos que non son patoxénicos para os humanos ou os animais non están suxeitas a estas instrucións, a menos que cumpran cos criterios para a súa inclusión noutra clase.

6.3.2.3.3 As substancias que dalgunha forma conteñan axentes patóxenos que fosen neutralizados ou desactivados de maneira que xa non presenten un risco para a saúde, non están suxeitas a estas instrucións, a menos que cumpran cos criterios para a súa inclusión noutra clase.

6.3.2.3.4 As mostras do ambiente (incluídas as mostras de alimentos e auga) que non se considere que presentan un risco de infección significativo, non están suxeitas a estas instrucións, a menos que cumpran cos criterios para a súa inclusión noutra clase.

6.3.2.3.5 As mostras de sangue seco, na forma de gota de sangue depositado nun material absorbente ou obtidas mediante exames de sangue oculto nas feces, e o sangue ou os compoñentes sanguíneos extraídos para fins de transfusión ou para preparar produtos sanguíneos que se teñan que utilizar en transfusións ou transplantes e os tecidos ou órganos que se teñan que utilizar en transplantes, non están suxeitos a estas instrucións.

6.3.2.3.6 As mostras de pacientes para as cales existe unha probabilidade mínima de que conteñan patóxenos non están suxeitas a estas instrucións se a mostra se transporta nunha embalaxe que impida calquera tipo de fugas e que leve marcado o texto "Mostra humana exceptuada" ou "Mostra animal exceptuada", segundo corresponda. A embalaxe deberá satisfacer as seguintes condicións:

- a) a embalaxe debe constar de tres compoñentes:
  - i) un recipiente ou recipientes primarios estancos;
  - ii) unha embalaxe secundaria estanca; e
  - iii) unha embalaxe exterior que teña suficiente resistencia para a súa capacidade, masa e uso previsto, e, polo menos, unha superficie cuxas dimensións mínimas sexan de 100 mm × 100 mm;
- b) no caso dos líquidos, entre o recipiente ou recipientes primarios e a embalaxe secundaria débese colocar suficiente material absorbente para absorber todo o contido, de modo que, durante o transporte, ningunha perda ou fuga de substancia líquida poida chegar á embalaxe exterior nin comprometer a integridade do material de acolchamento;
- c) cando varios recipientes primarios fráxiles se colocasen nunha embalaxe secundaria única, estes deben envolverse individualmente ou separarse para evitar o contacto entre eles.

*Nota.— Para determinar que unha mostra de paciente ten unha probabilidade mínima de conter patóxenos é preciso contar cun ditame pericial. Este ditame debería basearse no que se sabe do historial médico, síntomas e circunstancias individuais da fonte, humana ou animal, así como das condicións locais endémicas. Entre os exemplos de mostras que se poden transportar en virtude deste parágrafo cabe citar as mostras de sangue ou urina para medir os niveis de colesterol, glicosa en sangue, hormonas ou os antixenos prostáticos específicos (PSA); as probas necesarias para observar o funcionamento de órganos tales como o corazón, o fígado ou os riles, nos humanos ou nos animais con enfermidades non infecciosas, ou para supervisar o efecto dos medicamentos; as probas utilizadas para fins de seguros ou emprego e que están destinadas a determinar a presenza de drogas ou alcohol; as mostras para as probas de embarazo; as biopsias para detectar o cancro, e as mostras para detectar anticorpos nos humanos ou nos animais se non se teme unha posible infección (por exemplo, avaliación da inmunidade inducida por unha vacina, diagnóstico dunha enfermidade autoinmune, etc.).*

+ 6.3.2.3.7 Coa excepción:

- a) dos refugallos médicos (ONU 3291);
- b) do equipamento ou dos dispositivos médicos contaminados con ou que conteñan substancias infecciosas da categoría A (ONU 2814 ou ONU 2900); e

c) do equipamento ou dos dispositivos médicos contaminados con ou que conteñan outras mercadorías perigosas incluídas na definición doutra clase de perigo. O equipamento ou os dispositivos médicos que poidan estar contaminados con ou conter substancias infecciosas e que se transporten para a súa desinfección, limpeza, esterilización, reparación ou avaliación non están suxeitos ás disposicións das presentes instrucións se se encontran dentro dunha embalaxe deseñada e construída de modo tal que, nas condicións normais de transporte, non se poidan romper, perforar nin derramar o seu contido. As embalaxes deben deseñarse de modo que se axusten aos requisitos de construción indicados en 6;3.

6.3.2.3.7.1 Esas embalaxes deben cumprir as condicións xerais de embalaxe que figuran en 4;1.1.1 e 4;1.1.3.1 e 4;1.1.4 (coa excepción de 4;1.1.4.1). Se a embalaxe exterior non é hermética a líquidos e o equipamento ou os dispositivos médicos están contaminados con ou conteñen substancias infecciosas líquidas, debe proporcionarse un medio que permita conter o líquido en caso de fugas e que pode ser un forro estanco, un saco de plástico ou un medio de contención igualmente eficaz. Estas embalaxes deben ser capaces de reter o equipamento e os dispositivos médicos en caso de caída desde unha altura de 1,2 m.

6.3.2.3.7.2 As embalaxes deben levar a marca "Dispositivo médico usado" ou "Equipamento médico usado". Cando se utilizan sobreembalaxes, estas deben marcarse "Dispositivo médico usado" ou "Equipamento médico usado", a menos que as marcas da embalaxe sigan sendo visibles.

### 6.3.3 Produtos biolóxicos

Para os fins destas instrucións, os produtos biolóxicos divídense nos grupos seguintes:

a) Aqueles fabricados e embalados de conformidade cos requisitos das autoridades nacionais que corresponda e transportados para a súa embalaxe final ou distribución, e para a súa utilización por profesionais da saúde ou individuos, con fins de atención médica. As substancias pertencentes a este grupo non están suxeitas a estas instrucións.

b) Aqueles que non se axustan á alínea a), que se sabe ou se cre razoablemente que conteñen substancias infecciosas e que cumpren cos criterios para a súa inclusión na categoría A ou na categoría B. Ás substancias pertencentes a este grupo asignaráselles os números ONU 2814, ONU 2900 ou ONU 3373, segundo corresponda.

*Nota.— Algúns produtos biolóxicos con licenza poden ser perigosos en determinados lugares do mundo unicamente. Nestes casos, as autoridades nacionais que correspondan poderán exixir que eses produtos biolóxicos se axusten aos requisitos locais relativos ás substancias infecciosas ou ben poderán impor outras restricións.*

### 6.3.4 Microorganismos e organismos modificados xeneticamente

Os microorganismos modificados xeneticamente que non corresponden á definición de substancia infecciosa deben clasificarse de acordo co capítulo 9.

### 6.3.5 Refugallos médicos ou clínicos

6.3.5.1 Aos refugallos médicos ou clínicos que conteñan substancias infecciosas da categoría A asignaráselles os números ONU 2814 ou ONU 2900, segundo corresponda. Aos refugallos médicos ou clínicos que conteñan substancias infecciosas da categoría B asignaráselles o número ONU 3291.

6.3.5.2 Aos refugallos médicos ou clínicos que se cre razoablemente que teñen pouca probabilidade de conter substancias infecciosas asignaráselles o número ONU 3291. Para realizar esa asignación poderán terse en conta os catálogos de refugallos de ámbito internacional, rexional ou nacional.

*Nota.— A denominación do artigo expedido correspondente a ONU 3291 é Refugallos clínicos, sen especificar n.e.p., ou Refugallos biomédicos, n.e.p., ou Refugallos médicos, n.e.p., ou Refugallos médicos regulamentarios, n.e.p.*

6.3.5.3 Non están suxeitos a estas instrucións os refugallos médicos ou clínicos descontaminados que contiveron previamente substancias infecciosas, a menos que cumpran cos criterios para a súa inclusión noutra clase.

### 6.3.6 Animais vivos infectados

6.3.6.1 Un animal vivo que fose infectado intencionalmente e que se saiba ou se sospeite que contén unha substancia infecciosa non se deberá transportar por vía aérea, a menos que a substancia infecciosa que contén non se poida transportar de ningunha outra maneira. Os animais vivos infectados só se poderán transportar baixo os termos e condicións dunha aprobación outorgada pola autoridade nacional que corresponda.

6.3.6.2 Non se deben utilizar animais vivos para transportar substancias infecciosas, a menos que estas non se poidan enviar por ningún outro medio.

6.3.6.3 O material animal afectado por patóxenos da categoría A ou que se asignarían á categoría A en cultivos unicamente deberanse asignar a ONU 2814 ou ONU 2900, segundo corresponda.

### 6.3.7 Mostras de pacientes

As mostras de pacientes débense asignar a ONU 2814, ONU 2900 ou ONU 3373, segundo corresponda, excepto se se axustan a 6.3.2.3.

## Capítulo 7

### CLASE 7 — MATERIAL RADIOACTIVO

*Partes deste capítulo resultan afectadas polas discrepancias estatais BE 4, CA 1, CA 3, CA 4, CH 4, DE 3, DK 1, DQ 1, IR 4, JP 26, KG 1; véxase a táboa A-1*

*Nota.— Para a clase 7, o tipo de embalaxe pode ter un efecto decisivo na clasificación.*

#### 7.1 DEFINICIÓNS

7.1.1 *Material radioactivo.* Todo material que conteña radionucleidos nos cales tanto a concentración de actividade como a actividade total do envío excedan os valores especificados en 7.2.2.1 a 7.2.2.6.

#### 7.1.2 Contaminación

*Contaminación.* Presenza dunha substancia radioactiva sobre unha superficie en cantidades superiores a 0,4 Bq/cm<sup>2</sup> no caso de emisores beta e gamma ou emisores alfa de baixa toxicidade, ou 0,04 Bq/cm<sup>2</sup> no caso de todos os outros emisores alfa.

*Contaminación transitoria.* Contaminación que pode ser eliminada da superficie en condicións de transporte rutineiras.

*Contaminación fixa.* Contaminación que non é contaminación transitoria.

#### 7.1.3 Definicións de termos específicos

*A<sub>1</sub> e A<sub>2</sub>:*

*A<sub>1</sub>.* Valor da actividade do material radioactivo en forma especial que figura na táboa 2-15 ou que se deduciu segundo os procedementos de 7.2.2.2, e que se utiliza para determinar os límites de actividade para os requisitos das presentes instrucións.

*A<sub>2</sub>.* Valor da actividade do material radioactivo, que non sexa material radioactivo en forma especial, que figura na táboa 2-15 ou que se deduciu segundo os procedementos de 7.2.2.2, e que se utiliza para determinar os límites de actividade para os requisitos das presentes instrucións.

*Actividade específica dun radionucleido.* Actividade por unidade de masa deste nucleido. Por actividade específica dun material entenderase a actividade por unidade de masa dun material no que os radionucleidos estean distribuídos dunha forma esencialmente uniforme.

*Contedor no caso de transporte de material radioactivo.* Elemento de equipamento de transporte destinado a facilitar o transporte de mercadorías embaladas, por unha ou máis modalidades de transporte, sen necesidade de proceder a operacións intermedias de recarga, e que posúe unha estrutura de natureza permanentemente pechada, ríxida e coa resistencia suficiente para ser utilizado repetidas veces; debe estar provisto de dispositivos que faciliten o seu manexo, sobre todo ao ser transbordado entre aeronaves e ao pasar dunha a outra modalidade de transporte. Por contedores pequenos entenderanse aqueles en que ningunha das súas dimensións externas sexa superior a 1,5 m, ou cuxo volume interno non exceda os 3,0 m<sup>3</sup>. Todos os demais contedores se considerarán contedores grandes. Para o transporte de material da clase 7 pódese utilizar un contedor de carga como embalaxe.

*Embalaxe no caso de material radioactivo.* Conxunto de todos os compoñentes necesarios para aloxar completamente o contido radioactivo. En particular, pode consistir nun ou varios recipientes, materiais absorbentes, estruturas de separación, material de blindaxe contra as radiacións e equipamento para enchedura, baleirado, ventilación e alivio da presión; dispositivos de refrixeración, de amortecemento mecánico de golpes, de manipulación e fixación, e de illamento térmico, así como dispositivos inherentes do vulto. A embalaxe pode consistir nunha caixa, bidón ou recipiente similar, ou pode ser tamén un contedor.

*Nota.— No caso de embalaxes para outras mercadorías perigosas, véxanse as definicións de 1;3.1.1.*

*Emisores alfa de baixa toxicidade.* Uranio natural; uranio empobrecido; torio natural; uranio 235 ou uranio 238; torio 232; torio 228 e torio 230, contidos en minerais ou en concentrados físicos ou químicos; ou emisores alfa cun período de semidesintegración de menos de 10 días.

*Índice de transporte (IT).* Número asignado a un vulto, sobreembalaxe ou contedor, ou a un BAE-I ou OCS-I sen embalar, que se utiliza para controlar a exposición ás radiacións.

*Material de baixa actividade específica (BAE).* Material radioactivo que pola súa natureza ten unha actividade específica limitada, ou o material radioactivo ao cal se aplican límites da actividade específica media estimada. Para determinar a actividade específica media estimada non se deben ter en conta os materiais externos de blindaxe que circunden o material BAE.

*Material radioactivo de baixa dispersión.* Material radioactivo sólido, ou ben material radioactivo sólido nunha cápsula selada, con dispersión limitada e que non estea en forma de po.

*Material radioactivo en forma especial:*

- a) un material radioactivo sólido non dispersable; ou ben
- b) unha cápsula selada que conteña material radioactivo.

*Nucleidos fisionables.* Uranio-233, uranio-235, plutonio-239 e plutonio-241. Por substancias fisionables enténdese toda substancia que conteña calquera dos nucleidos fisionables. Exclúense da definición de substancias fisionables:

- a) o uranio natural ou o uranio empobrecido non irradiados; e
- b) o uranio natural ou o uranio empobrecido que fosen irradiados soamente en reactores térmicos.

*Obxecto contaminado na superficie (OCS).* Obxecto sólido que non é en si radioactivo pero que ten material radioactivo distribuído nas súas superficies.

*Torio non irradiado.* Torio que non conteña máis de  $10^{-7}$  g de uranio 233 por gramo de torio 232.

*Uranio — natural, empobrecido, enriquecido:*

*Uranio natural.* Uranio (que se poderá obter por separación química) coa composición isotópica que se dá na natureza (aproximadamente 99,28% de uranio 238 e 0,72% de uranio 235, en masa).

*Uranio empobrecido.* Uranio que conteña unha porcentaxe en masa de uranio 235 inferior ao do uranio natural.

*Uranio enriquecido.* Uranio que conteña unha porcentaxe en masa de uranio 235 superior ao 0,72%. En todos os casos está presente unha porcentaxe en masa moi pequena de uranio 234.

*Uranio non irradiado.* Uranio que non conteña máis de  $2 \times 10^3$  Bq de plutonio por gramo de uranio 235, non máis de  $9 \times 10^6$  Bq de produtos de fisión por gramo de uranio 235 e non máis de  $5 \times 10^{-3}$  g de uranio 236 por gramo de uranio 235.

## 7.2 CLASIFICACIÓN

### 7.2.1 Disposicións xerais

7.2.1.1 O material radioactivo asignarase a un dos números ONU especificados na táboa 2-11 segundo o nivel de actividade dos radionucleidos contidos nun vulto, as propiedades fisionables ou non fisionables deses radionucleidos, o tipo de vulto que se presente para o transporte e a natureza ou forma do contido do vulto, ou as disposicións especiais aplicables á operación de transporte, de conformidade coas disposicións establecidas en 7.2.2 a 7.2.5.

Tabla 2-11. Asignación de números ONU

Número ONU	Denominación
<i>Vultos exceptuados (1;6.1.5)</i>	
ONU 2908	<b>Material radioactivo, vultos exceptuados— embalaxes baleiras</b>
ONU 2909	<b>Material radioactivo, vultos exceptuados— obxectos manufacturados de uranio natural ou uranio empobrecido ou torio natural</b>
ONU 2910	<b>Material radioactivo, vultos exceptuados— cantidades limitadas de material</b>
ONU 2911	<b>Material radioactivo, vultos exceptuados— instrumentos ou obxectos</b>

Número ONU	Denominación
<i>Material radioactivo de baixa actividade específica (7.2.3.1)</i>	
ONU 2912	<b>Material radioactivo, baixa actividade específica (BAE-I), non fisionable ou fisionable exceptuado</b>
ONU 3321	<b>Material radioactivo, baixa actividade específica (BAE-II), non fisionable ou fisionable exceptuado</b>
ONU 3322	<b>Material radioactivo, baixa actividade específica (BAE-III), non fisionable ou fisionable exceptuado</b>
ONU 3324	<b>Material radioactivo, baixa actividade específica (BAE-II) fisionable</b>
ONU 3325	<b>Material radioactivo, baixa actividade específica (BAE-III) fisionable</b>
<i>Obxectos contaminados na superficie (7.2.3.2)</i>	
ONU 2913	<b>Material radioactivo, obxectos contaminados na superficie (OCS-I ou OCS-II), non fisionable ou fisionable exceptuado</b>
ONU 3326	<b>Material radioactivo, obxectos contaminados na superficie (OCS-I ou OCS-II), fisionable</b>
<i>Vultos do tipo A (7.2.4.4)</i>	
ONU 2915	<b>Material radioactivo, vultos do tipo A, non en forma especial, non fisionable ou fisionable exceptuado</b>
ONU 3327	<b>Material radioactivo, vultos do tipo A, fisionable, non en forma especial</b>
ONU 3332	<b>Material radioactivo, vultos do tipo A, en forma especial, non fisionable ou fisionable exceptuado</b>
ONU 3333	<b>Material radioactivo, vultos do tipo A, en forma especial, fisionable</b>
<i>Vultos do tipo B(U) (7.2.4.6)</i>	
ONU 2916	<b>Material radioactivo, vultos do tipo B(U), non fisionable ou fisionable exceptuado</b>
ONU 3328	<b>Material radioactivo, vultos do tipo B(U), fisionable</b>
<i>Vultos do tipo B(M) (7.2.4.6)</i>	
ONU 2917	<b>Material radioactivo, vultos do tipo B(M), non fisionable ou fisionable exceptuado</b>
ONU 3329	<b>Material radioactivo, vultos do tipo B(M), fisionable</b>
<i>Vultos do tipo C (7.2.4.6)</i>	
ONU 3323	<b>Material radioactivo, vultos do tipo C, non fisionable ou fisionable exceptuado</b>
ONU 3330	<b>Material radioactivo, vultos do tipo C, fisionable</b>
<i>Arranxos especiais (7.2.5)</i>	
ONU 2919	<b>Material radioactivo, transportado en virtude de arranxos especiais, non fisionable ou fisionable exceptuado</b>
ONU 3331	<b>Material radioactivo, transportado en virtude de arranxos especiais, fisionable</b>
<i>Hexafluoruro de uranio (7.2.4.5)</i>	
ONU 2977	<b>Material radioactivo, hexafluoruro de uranio, fisionable</b>
ONU 2978	<b>Material radioactivo, hexafluoruro de uranio, non fisionable ou fisionable exceptuado</b>

## 7.2.2 Determinación do nivel de actividade

7.2.2.1 Na táboa 2-12 figuran os seguintes valores básicos correspondentes aos distintos radionucleidos:

- $A_1$  e  $A_2$  en TBq;
- concentración de actividade para material exceptuado en Bq/g; e
- límites de actividade para envíos exceptuados en Bq.



7.2.2.2 No caso dos radionucleidos illados que non figuren na táboa 2-12, a determinación dos valores básicos dos radionucleidos a que se fai referencia en 7.2.2.1 require aprobación multilateral. Pódese utilizar o valor de  $A_2$  calculado utilizando o coeficiente para a dose correspondente ao tipo apropiado de absorción pulmonar como recomenda a Comisión Internacional de Protección Radiolóxica, se se teñen en conta as formas químicas de cada radionucleido tanto en condicións de transporte normais como de accidente. Como alternativa, poden utilizarse sen obter a aprobación da autoridade competente os valores dos radionucleidos que figuran na táboa 2-13.

7.2.2.3 Nos cálculos de  $A_1$  e  $A_2$  para un radionucleido que non figure na táboa 2-12, unha soa cadea de desintegración radioactiva na cal os distintos radionucleidos se encontran nas mesmas proporcións en que se dan no proceso natural de desintegración e na cal non exista ningún nucleido descendente que teña un período de semidesintegración superior ou ben a 10 días ou ben ao período do nucleido predecesor, considerarase constituída por un só radionucleido, e a actividade que se tomará en consideración e o valor de  $A_1$  ou de  $A_2$  que se aplicará será o correspondente ao nucleido predecesor da cadea. No caso de cadeas de desintegración radioactiva, en que calquera dos nucleidos descendentes teña un período de semidesintegración superior ou ben a 10 días ou ben ao período do nucleido predecesor, este e os nucleidos descendentes consideraranse como mesturas de radionucleidos diferentes.

7.2.2.4 No caso de mesturas de radionucleidos, a determinación dos valores básicos de radionucleidos a que se fai referencia en 7.2.2.1 poderá efectuarse como segue:

$$X_m = \frac{1}{\sum_i \frac{f(i)}{X(i)}}$$

onde,

$f(i)$  é a fracción de actividade ou concentración de actividade do radionucleido  $i$  na mestura;

$X(i)$  é o valor apropiado de  $A_1$  ou  $A_2$  ou a concentración de actividade para material exceptuado ou o límite de actividade para un envío exceptuado segundo corresponda para o radionucleido  $i$ ; e

$X_m$  é o valor derivado de  $A_1$  ou  $A_2$  ou a concentración de actividade para material exceptuado ou o límite de actividade para un envío exceptuado no caso dunha mestura.

7.2.2.5 Cando se coñeza a identidade de todos os radionucleidos, pero se ignoren as actividades respectivas dalgúns deles, os radionucleidos pódense agrupar e pódese utilizar o valor de radionucleido máis baixo, segundo proceda, para os radionucleidos de cada grupo ao aplicar as fórmulas de 7.2.2.4 e 7.2.4.4. A formación dos grupos pode basearse na actividade alfa total e na actividade beta/gamma total cando estas se coñezan, utilizando os valores máis baixos de radionucleidos para os emisores alfa ou os emisores beta/gamma, respectivamente.

7.2.2.6 Para radionucleidos illados ou para mesturas de radionucleidos dos cales non se dispón de datos pertinentes utilizaranse os valores que figuran na táboa 2-13.

**Táboa 2-12. Valores básicos correspondentes aos distintos radionucleidos**

Radionucleido (número atómico)	Forma especial $A_1$ (TBq)	Outras formas $A_2$ (TBq)	Concentración de actividade para material exceptuado (Bq/g)	Límite de actividade para un envío exceptuado (Bq)
Actinio (89)				
Ac-225 a)	$8 \times 10^{-1}$	$6 \times 10^{-3}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^4$
Ac-227 a)	$9 \times 10^{-1}$	$9 \times 10^{-5}$	$1 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^3$
Ac-228	$6 \times 10^{-1}$	$5 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^6$
Prata (47)				
Ag-105	$2 \times 10^0$	$2 \times 10^0$	$1 \times 10^2$	$1 \times 10^6$
Ag-108m a)	$7 \times 10^{-1}$	$7 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$ b)	$1 \times 10^6$ b)
Ag-110m a)	$4 \times 10^{-1}$	$4 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^6$
Ag-111	$2 \times 10^0$	$6 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^3$	$1 \times 10^6$
Aluminio (13)				

<i>Radionucleido (número atómico)</i>	<i>Forma especial A<sub>1</sub> (TBq)</i>	<i>Outras formas A<sub>2</sub> (TBq)</i>	<i>Concentración de actividade para material exceptuado (Bq/g)</i>	<i>Límite de actividade para un envío exceptuado (Bq)</i>
Al-26	$1 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^5$
Americio (95)				
Am-241	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^{-3}$	$1 \times 10^0$	$1 \times 10^4$
Am-242m a)	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^{-3}$	$1 \times 10^0$ b)	$1 \times 10^4$ b)
Am-243 a)	$5 \times 10^0$	$1 \times 10^{-3}$	$1 \times 10^0$ b)	$1 \times 10^3$ b)
Argon (18)				
Ar-37	$4 \times 10^1$	$4 \times 10^1$	$1 \times 10^6$	$1 \times 10^8$
Ar-39	$4 \times 10^1$	$2 \times 10^1$	$1 \times 10^7$	$1 \times 10^4$
Ar-41	$3 \times 10^{-1}$	$3 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^2$	$1 \times 10^9$
Arsénico (33)				
As-72	$3 \times 10^{-1}$	$3 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^5$
As-73	$4 \times 10^1$	$4 \times 10^1$	$1 \times 10^3$	$1 \times 10^7$
As-74	$1 \times 10^0$	$9 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^6$
As-76	$3 \times 10^{-1}$	$3 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^2$	$1 \times 10^5$
As-77	$2 \times 10^1$	$7 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^3$	$1 \times 10^6$
Astato (85)				
At-211 a)	$2 \times 10^1$	$5 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^3$	$1 \times 10^7$
Ouro (79)				
Au-193	$7 \times 10^0$	$2 \times 10^0$	$1 \times 10^2$	$1 \times 10^7$
Au-194	$1 \times 10^0$	$1 \times 10^0$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^6$
Au-195	$1 \times 10^1$	$6 \times 10^0$	$1 \times 10^2$	$1 \times 10^7$
Au-198	$1 \times 10^0$	$6 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^2$	$1 \times 10^6$
Au-199	$1 \times 10^1$	$6 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^2$	$1 \times 10^6$
Bario (56)				
Ba-131 a)	$2 \times 10^0$	$2 \times 10^0$	$1 \times 10^2$	$1 \times 10^6$
Ba-133	$3 \times 10^0$	$3 \times 10^0$	$1 \times 10^2$	$1 \times 10^6$
Ba-133m	$2 \times 10^1$	$6 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^2$	$1 \times 10^6$
Ba-140 a)	$5 \times 10^{-1}$	$3 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$ b)	$1 \times 10^5$ b)
Berilio (4)				
Be-7	$2 \times 10^1$	$2 \times 10^1$	$1 \times 10^3$	$1 \times 10^7$
Be-10	$4 \times 10^1$	$6 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^4$	$1 \times 10^6$
Bismuto (83)				
Bi-205	$7 \times 10^{-1}$	$7 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^6$
Bi-206	$3 \times 10^{-1}$	$3 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^5$
Bi-207	$7 \times 10^{-1}$	$7 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^6$
Bi-210	$1 \times 10^0$	$6 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^3$	$1 \times 10^6$
Bi-210m a)	$6 \times 10^{-1}$	$2 \times 10^{-2}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^5$
Bi-212 a)	$7 \times 10^{-1}$	$6 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$ b)	$1 \times 10^5$ b)
Berkelio (97)				
Bk-247	$8 \times 10^0$	$8 \times 10^{-4}$	$1 \times 10^0$	$1 \times 10^4$
Bk-249 a)	$4 \times 10^1$	$3 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^3$	$1 \times 10^6$
Bromo (35)				
Br-76	$4 \times 10^{-1}$	$4 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^5$
Br-77	$3 \times 10^0$	$3 \times 10^0$	$1 \times 10^2$	$1 \times 10^6$

<i>Radionucleido (número atómico)</i>	<i>Forma especial A<sub>1</sub> (TBq)</i>	<i>Outras formas A<sub>2</sub> (TBq)</i>	<i>Concentración de actividade para material exceptuado (Bq/g)</i>	<i>Límite de actividade para un envío exceptuado (Bq)</i>
Br-82	$4 \times 10^{-1}$	$4 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^6$
Carbono (6)				
C-11	$1 \times 10^0$	$6 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^6$
C-14	$4 \times 10^1$	$3 \times 10^0$	$1 \times 10^4$	$1 \times 10^7$
Calcio (20)				
Ca-41	Sen límite	Sen límite	$1 \times 10^5$	$1 \times 10^7$
Ca-45	$4 \times 10^1$	$1 \times 10^0$	$1 \times 10^4$	$1 \times 10^7$
Ca-47 a)	$3 \times 10^0$	$3 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^6$
Cadmio (48)				
Cd-109	$3 \times 10^1$	$2 \times 10^0$	$1 \times 10^4$	$1 \times 10^6$
Cd-113m	$4 \times 10^1$	$5 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^3$	$1 \times 10^6$
Cd-115 a)	$3 \times 10^0$	$4 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^2$	$1 \times 10^6$
Cd-115m	$5 \times 10^{-1}$	$5 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^3$	$1 \times 10^6$
Cerio (58)				
Ce-139	$7 \times 10^0$	$2 \times 10^0$	$1 \times 10^2$	$1 \times 10^6$
Ce-141	$2 \times 10^1$	$6 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^2$	$1 \times 10^7$
Ce-143	$9 \times 10^{-1}$	$6 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^2$	$1 \times 10^6$
Ce-144 a)	$2 \times 10^{-1}$	$2 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^2$ b)	$1 \times 10^5$ b)
Californio (98)				
Cf-248	$4 \times 10^1$	$6 \times 10^{-3}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^4$
Cf-249	$3 \times 10^0$	$8 \times 10^{-4}$	$1 \times 10^0$	$1 \times 10^3$
Cf-250	$2 \times 10^1$	$2 \times 10^{-3}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^4$
Cf-251	$7 \times 10^0$	$7 \times 10^{-4}$	$1 \times 10^0$	$1 \times 10^3$
252	$1 \times 10^{-1}$	$3 \times 10^{-3}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^4$
Cf-253 a)	$4 \times 10^1$	$4 \times 10^{-2}$	$1 \times 10^2$	$1 \times 10^5$
Cf-254	$1 \times 10^{-3}$	$1 \times 10^{-3}$	$1 \times 10^0$	$1 \times 10^3$
Cloro (17)				
Cl-36	$1 \times 10^1$	$6 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^4$	$1 \times 10^6$
Cl-38	$2 \times 10^{-1}$	$2 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^5$
Curio (96)				
Cm-240	$4 \times 10^1$	$2 \times 10^{-2}$	$1 \times 10^2$	$1 \times 10^5$
Cm-241	$2 \times 10^0$	$1 \times 10^0$	$1 \times 10^2$	$1 \times 10^6$
Cm-242	$4 \times 10^1$	$1 \times 10^{-2}$	$1 \times 10^2$	$1 \times 10^5$
Cm-243	$9 \times 10^0$	$1 \times 10^{-3}$	$1 \times 10^0$	$1 \times 10^4$
Cm-244	$2 \times 10^1$	$2 \times 10^{-3}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^4$
Cm-245	$9 \times 10^0$	$9 \times 10^{-4}$	$1 \times 10^0$	$1 \times 10^3$
Cm-246	$9 \times 10^0$	$9 \times 10^{-4}$	$1 \times 10^0$	$1 \times 10^3$
Cm-247 a)	$3 \times 10^0$	$1 \times 10^{-3}$	$1 \times 10^0$	$1 \times 10^4$
Cm-248	$2 \times 10^{-2}$	$3 \times 10^{-4}$	$1 \times 10^0$	$1 \times 10^3$
Cobalto (27)				
Co-55	$5 \times 10^{-1}$	$5 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^6$
Co-56	$3 \times 10^{-1}$	$3 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^5$
Co-57	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^2$	$1 \times 10^6$
Co-58	$1 \times 10^0$	$1 \times 10^0$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^6$

<i>Radionucleido (número atómico)</i>	<i>Forma especial A<sub>1</sub> (TBq)</i>	<i>Outras formas A<sub>2</sub> (TBq)</i>	<i>Concentración de actividade para material exceptuado (Bq/g)</i>	<i>Límite de actividade para un envío exceptuado (Bq)</i>
Co-58m	$4 \times 10^1$	$4 \times 10^1$	$1 \times 10^4$	$1 \times 10^7$
Co-60	$4 \times 10^{-1}$	$4 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^5$
Cromo (24)				
Cr-51	$3 \times 10^1$	$3 \times 10^1$	$1 \times 10^3$	$1 \times 10^7$
Cesio (55)				
Cs-129	$4 \times 10^0$	$4 \times 10^0$	$1 \times 10^2$	$1 \times 10^5$
Cs-131	$3 \times 10^1$	$3 \times 10^1$	$1 \times 10^3$	$1 \times 10^6$
Cs-132	$1 \times 10^0$	$1 \times 10^0$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^5$
Cs-134	$7 \times 10^{-1}$	$7 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^4$
Cs-134m	$4 \times 10^1$	$6 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^3$	$1 \times 10^5$
Cs-135	$4 \times 10^1$	$1 \times 10^0$	$1 \times 10^4$	$1 \times 10^7$
Cs-136	$5 \times 10^{-1}$	$5 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^5$
Cs-137 a)	$2 \times 10^0$	$6 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$ b)	$1 \times 10^4$ b)
Cobre (29)				
Cu-64	$6 \times 10^0$	$1 \times 10^0$	$1 \times 10^2$	$1 \times 10^6$
Cu-67	$1 \times 10^1$	$7 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^2$	$1 \times 10^6$
Disproso (66)				
Dy-159	$2 \times 10^1$	$2 \times 10^1$	$1 \times 10^3$	$1 \times 10^7$
Dy-165	$9 \times 10^{-1}$	$6 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^3$	$1 \times 10^6$
Dy-166 a)	$9 \times 10^{-1}$	$3 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^3$	$1 \times 10^6$
Erbio (68)				
Er-169	$4 \times 10^1$	$1 \times 10^0$	$1 \times 10^4$	$1 \times 10^7$
Er-171	$8 \times 10^{-1}$	$5 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^2$	$1 \times 10^6$
Europio (63)				
Eu-147	$2 \times 10^0$	$2 \times 10^0$	$1 \times 10^2$	$1 \times 10^6$
Eu-148	$5 \times 10^{-1}$	$5 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^6$
Eu-149	$2 \times 10^1$	$2 \times 10^1$	$1 \times 10^2$	$1 \times 10^7$
Eu-150 (período curto)	$2 \times 10^0$	$7 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^3$	$1 \times 10^6$
Eu-150 (período longo)	$7 \times 10^{-1}$	$7 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^6$
Eu-152	$1 \times 10^0$	$1 \times 10^0$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^6$
Eu-152m	$8 \times 10^{-1}$	$8 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^2$	$1 \times 10^6$
Eu-154	$9 \times 10^{-1}$	$6 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^6$
Eu-155	$2 \times 10^1$	$3 \times 10^0$	$1 \times 10^2$	$1 \times 10^7$
Eu-156	$7 \times 10^{-1}$	$7 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^6$
Flúor (9)				
F-18	$1 \times 10^0$	$6 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^6$
Ferro (26)				
Fe-52 a)	$3 \times 10^{-1}$	$3 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^6$
Fe-55	$4 \times 10^1$	$4 \times 10^1$	$1 \times 10^4$	$1 \times 10^6$
Fe-59	$9 \times 10^{-1}$	$9 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^6$
Fe-60 a)	$4 \times 10^1$	$2 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^2$	$1 \times 10^5$
Galio (31)				
Ga-67	$7 \times 10^0$	$3 \times 10^0$	$1 \times 10^2$	$1 \times 10^6$
Ga-68	$5 \times 10^{-1}$	$5 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^5$

<i>Radionucleido (número atómico)</i>	<i>Forma especial A<sub>1</sub> (TBq)</i>	<i>Outras formas A<sub>2</sub> (TBq)</i>	<i>Concentración de actividade para material exceptuado (Bq/g)</i>	<i>Límite de actividade para un envío exceptuado (Bq)</i>
Ga-72	$4 \times 10^{-1}$	$4 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^5$
Gadolinio (64)				
Gd-146 a)	$5 \times 10^{-1}$	$5 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^6$
Gd-148	$2 \times 10^1$	$2 \times 10^{-3}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^4$
Gd-153	$1 \times 10^1$	$9 \times 10^0$	$1 \times 10^2$	$1 \times 10^7$
Gd-159	$3 \times 10^0$	$6 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^3$	$1 \times 10^6$
Xermanio (32)				
Ge-68 a)	$5 \times 10^{-1}$	$5 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^5$
Ge-71	$4 \times 10^1$	$4 \times 10^1$	$1 \times 10^4$	$1 \times 10^8$
Ge-77	$3 \times 10^{-1}$	$3 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^5$
Hafnio (72)				
Hf-172 a)	$6 \times 10^{-1}$	$6 \times 10^{-1}$	$1 \times 10^1$	$1 \times 10^6$
7.2.4.1.1.6 Os obxectos manufacturados con uranio natural, uranio empobrecido ou torio natural, e os obxectos cuxo único material radioactivo sexa uranio natural non irradiado, uranio empobrecido non irradiado ou torio natural non irradiado poderán clasificarse como ONU 2909, **Material radioactivo, vultos exceptuados — obxectos manufacturados de uranio natural ou uranio empobrecido ou torio natural** só no caso de que a superficie externa do uranio ou do torio quede encerrada nunha funda ou envoltura inactiva de metal ou dalgún outro material resistente.

Táboa 2-15. Límites de actividade para vultos exceptuados

Estado físico do contido	Instrumentos ou artigos		Materials
	Límites para os instrumentos e artigos*	Límites para os vultos*	Límites para os vultos *
<b>Sólidos</b>			
en forma especial	$10^{-2} A_1$	$A_1$	$10^{-3} A_1$
outras formas	$10^{-2} A_2$	$A_2$	$10^{-3} A_2$
<b>Líquidos</b>	$10^{-3} A_2$	$10^{-1} A_2$	$10^{-4} A_2$
<b>Gases</b>			
tritio	$2 \times 10^{-2} A_2$	$2 \times 10^{-1} A_2$	$2 \times 10^{-2} A_2$
en forma especial	$10^{-3} A_1$	$10^{-2} A_1$	$10^{-3} A_1$
outras formas	$10^{-3} A_2$	$10^{-2} A_2$	$10^{-3} A_2$

\* En canto ás mesturas de radionucleidos, véxase 7.2.2.4 a 7.2.2.6.

#### 7.2.4.2 Clasificación como material de baixa actividade específica (BAE)

7.2.4.2.1 O material radioactivo só se poderá clasificar como material BAE se se cumpren a definición de BAE que figura en 7.1.3 e as condicións establecidas en 7.2.3.1, 4;9.2.1 e 7;2.9.2.

#### 7.2.4.3 Clasificación como obxecto contaminado na superficie (OCS)

7.2.4.3.1 O material radioactivo só se poderá clasificar como OCS se se cumpren a definición de OSC que figura en 7.1.3 e as condicións establecidas en 7.2.3.2, 4;9.2.1 e 7;2.9.2.

#### 7.2.4.4 Clasificación de vultos do tipo A

7.2.4.4.1 Un vulto que conteña material radioactivo poderá clasificarse como do tipo A se se cumpren as seguintes condicións:

7.2.4.4.1.1 Os vultos do tipo A non conterán actividades superiores ás seguintes:

- cando se trate de material radioactivo en forma especial —  $A_1$ ; ou
- para todo o material radioactivo restante —  $A_2$ .

7.2.4.4.1.2 Cando se trate de mesturas de radionucleidos cuxas identidades e actividades respectivas se coñezan, aplicarase a seguinte condición ao contido radioactivo dun vulto do tipo A:

$$\sum_i \frac{B(i)}{A_1(i)} + \sum_j \frac{C(j)}{A_2(j)} \leq 1$$

onde

$B(i)$  é a actividade do radionucleido  $i$  como material radioactivo en forma especial;

$A_1(i)$  é o valor de  $A_1$  para o radionucleido  $i$ ;

$C(j)$  é a actividade do radionucleido  $j$  que non se encontre en forma de material radioactivo en forma especial;

$A_2(j)$  é o valor de  $A_2$  do radionucleido  $j$ .

#### 7.2.4.5 Clasificación do hexafluoruro de uranio

7.2.4.5.1 O hexafluoruro de uranio asignarase soamente a ONU 2977 — **Material radioactivo, hexafluoruro de uranio, fisionable** ou ONU 2978 — **Material radioactivo, hexafluoruro de uranio, non fisionable** ou fisionable exceptuado.

7.2.4.5.2 Os vultos que conteñen hexafluoruro de uranio non deben conter:

- unha masa de hexafluoruro de uranio diferente da autorizada para o deseño do vulto;

b) unha masa de hexafluoruro de uranio superior a un valor que poida conducir a un volume baleiro de menos de 5% á temperatura máxima do vulto segundo se especifique para os sistemas das instalacións en que se utilizará o vulto; ou

c) hexafluoruro de uranio que non estea en forma sólida ou a unha presión interna superior á presión atmosférica cando se presenten para o transporte.

#### 7.2.4.6 Clasificación de vultos do tipo B(U), tipo B(M) ou tipo C

7.2.4.6.1 Os vultos que non se clasificasen doutra forma en 7.2.4 (7.2.4.1.1 a 7.2.4.5) clasificaranse de acordo co certificado de aprobación da autoridade competente para o vulto expedido polo país de orixe do deseño.

7.2.4.6.2 Un vulto só se poderá clasificar como do tipo B(U) se non contén:

- a) actividades superiores ás autorizadas para o deseño do vulto;
- b) radionucleidos diferentes dos autorizados para o deseño do vulto; ou
- c) substancias nunha forma ou nun estado físico ou químico diferentes dos autorizados para o deseño do vulto;

segundo se especifique nos seus respectivos certificados de aprobación.

7.2.4.6.3 Un vulto só se poderá clasificar como do tipo B(M) se non contén:

- a) actividades superiores ás autorizadas para o deseño do vulto;
- b) radionucleidos diferentes dos autorizados para o deseño do vulto; ou
- c) substancias nunha forma ou nun estado físico ou químico diferentes dos autorizados para o deseño do vulto;

segundo se especifique nos seus respectivos certificados de aprobación.

7.2.4.6.4 Un vulto só se poderá clasificar como un vulto do tipo C se non contén:

- a) actividades superiores ás autorizadas para o deseño do vulto;
- b) radionucleidos diferentes dos autorizados para o deseño do vulto; ou
- c) substancias nunha forma ou nun estado físico ou químico diferentes dos autorizados para o deseño do vulto;

segundo se especifique nos seus respectivos certificados de aprobación.

#### 7.2.5 Arranxos especiais

O material radioactivo clasificarase como transportado en virtude de arranxos especiais cando estea previsto transportalo de acordo co disposto en 1;6.4.

---

## Capítulo 8

### CLASE 8 — SUBSTANCIAS CORROSIVAS

#### 8.1 DEFINICIÓN DA CLASE 8

As substancias da clase 8 (substancias corrosivas) son substancias que, pola súa acción química, causan lesións graves ao entraren en contacto con tecidos vivos ou que, se se produce un escape, provocan danos de consideración a outras mercadorías ou aos medios de transporte, ou mesmo os destrúen.

#### 8.2 ASIGNACIÓN DOS GRUPOS DE EMBALAXE

8.2.1 As substancias e os preparados da clase 8 están divididos entre os tres grupos de embalaxe segundo o grao de risco que presentan durante o seu transporte, a saber:

- a) Grupo de embalaxe I: substancias e preparados moi perigosos;
- b) Grupo de embalaxe II: substancias e preparados moderadamente perigosos;
- c) Grupo de embalaxe III: substancias e preparados pouco perigosos.

8.2.2 A asignación de substancias da clase 8 aos distintos grupos de embalaxe prevista na introdución da parte 3, capítulo 1, fíxose baseándose na experiencia adquirida e tendo en conta outros factores tales como o risco por inhalación e a reacción coa auga, incluíndo a formación de produtos de descomposición perigosos. As novas substancias, con inclusión das mesturas, poden asignarse aos grupos de embalaxe segundo a duración do contacto que sexa necesaria para provocar a destrución da espesura total da pel humana. Os líquidos e os sólidos que se poden fundir no transporte, determinados como non causantes da destrución da espesura total da pel humana, deben tomarse en consideración de todas formas porque poden causar corrosión en certas superficies de metal, de conformidade cos criterios de 8.2.5 c) ii).

8.2.3 As substancias ou preparados que se axustan aos criterios da clase 8 e que presentan toxicidade por inhalación de pos e néboas (CL<sub>50</sub>) na gama de valores do grupo de embalaxe I, pero toxicidade por inxestión oral ou contacto dérmico unicamente na gama de valores do grupo de embalaxe III ou inferior, débense asignar á clase 8.

8.2.4 Ao asignar o grupo de embalaxe a unha substancia de conformidade con 8.2.2, debe terse en conta a experiencia con seres humanos adquirida en casos en que se estivo exposto á substancia accidentalmente. Na falta de experiencia con seres humanos, a asignación do grupo de embalaxe debe basearse nos datos obtidos por medio de experimentos, de conformidade coas instrucións da OCDE para os ensaios de produtos químicos núm. 404, *Efecto irritante/corrosivo agudo na pel*, 2002 ou núm. 435, *In Vitro Membrane Barrier Test Method for Skin Corrosion*, 2006. Toda substancia que, de conformidade coas directrices da OCDE para os ensaios núm. 430, *In Vitro Skin Corrosion: Transcutaneous Electrical Resistance Test (TER)*, 2004, ou núm. 431, *In Vitro Skin Corrosion: Human Skin Model Test*, 2004, se clasifique como non corrosiva, poderá considerarse non corrosiva para a pel para os efectos das presentes instrucións sen necesidade de novos ensaios.

8.2.5 Os grupos de embalaxe asígnanse ás substancias corrosivas de conformidade cos seguintes criterios:

a) *O grupo de embalaxe I* asígnase ás substancias que causan destrución da espesura total de pel intacta dentro dun período de observación de ata 60 minutos que comeza despois dun tempo de exposición de 3 minutos ou menos.

b) *O grupo de embalaxe II* asígnase ás substancias que causan destrución da espesura total de pel intacta dentro dun período de observación de ata 14 días que comeza despois dun tempo de exposición de máis de 3 minutos pero que non exceda os 60 minutos.

c) *O grupo de embalaxe III* asígnase ás substancias:

i) que causan a destrución da espesura total de pel intacta dentro dun período de observación de ata 14 días que comeza despois dun tempo de exposición de máis de 60 minutos pero que non exceda as 4 horas;

ii) respecto das cales se considera que non causan a destrución da espesura total de pel intacta pero que causan unha corrosión superior a 6,25 mm ao ano, a unha temperatura de 55°C, en superficies de aceiro ou de aluminio cando a proba se realiza en ambos os dous materiais. Para as probas con aceiro, o metal utilizado deberá ser do tipo S235JR+CR (1,0037 resp. St 37-2), S275J2G3+CR (1,0144 resp. St 44-3), ISO 3574, Sistema de numeración unificado (SNU) G10200 ou SAE 1020, e para as probas con aluminio, aluminio non revestido dos tipos 7075-T6 ou AZ5GU-T6. No *Manual de probas e criterios das Nacións Unidas*, parte III, sección 37, prescribíse unha proba aceptable.

*Nota.— Cando unha proba inicial realizada con aceiro ou aluminio indique que a substancia obxecto do ensaio é corrosiva, non será necesario realizar a proba co outro metal.*

+

Táboa 2-16. Resumo dos criterios para asignar grupos de embalaxe ás substancias corrosivas

<i>Grupo de embalaxe</i>	<i>Período de exposición</i>	<i>Período de observación</i>	<i>Efecto</i>
I	≤ 3 min	≤ 60 min	Destrución, en toda a súa espesura, dun tecido cutáneo intacto
II	> 3 min ≤ 1 h	≤ 14 d	Destrución, en toda a súa espesura, dun tecido cutáneo intacto
III	> 1 h ≤ 4 h	≤ 14 d	Destrución, en toda a súa espesura, dun tecido cutáneo intacto
III	—	—	Velocidade de corrosión en superficies de aceiro ou de aluminio superior a 6,25 mm por ano a unha temperatura de ensaio de 55°C, cando a proba se realiza en ambos os dous materiais

## Capítulo 9

### CLASE 9 — SUBSTANCIAS E OBXECTOS PERIGOSOS VARIOS, INCLUÍDAS AS SUBSTANCIAS PERIGOSAS PARA O AMBIENTE

*Partes deste capítulo resultan afectadas polas discrepancias estatais  
DE 5, NL 4; véxase a táboa A-1*

#### 9.1 DEFINICIÓN

9.1.1 As substancias e obxectos da clase 9 (substancias e obxectos perigosos varios) son substancias e obxectos que, durante o transporte por vía aérea, presentan un perigo distinto dos correspondentes ás demais clases.

9.1.2 Os *microorganismos modificados xeneticamente (MOMX)* e os *organismos modificados xeneticamente (OMX)* son aqueles en que se alterou deliberadamente o material xenético mediante enxeñaría xenética, nunha forma que non ocorre naturalmente.

#### 9.2 ASIGNACIÓN Á CLASE 9

9.2.1 A clase 9 inclúe, sen que esta lista sexa exhaustiva:

≠ a) Substancias perigosas para o ambiente (ambiente acuático) que cumpren os criterios de 2.9.3 da Regulamentación modelo das Nacións Unidas ou que cumpren os criterios das regulamentacións internacionais ou as regulamentacións nacionais establecidas pola autoridade nacional que corresponda do Estado de orixe, tránsito ou destino do envío.

As substancias ou mesturas perigosas para o ambiente acuático que non están doutro modo clasificadas nas presentes instrucións deben asignarse ao grupo de embalaxe III e designarse:

ONU 3077 substancia sólida perigosa para o ambiente, n.e.p., ou  
ONU 3082 substancia líquida perigosa para o ambiente, n.e.p.

b) Substancias a temperaturas elevadas (é dicir, as substancias que se transportan ou entregan para o transporte a temperaturas iguais ou superiores a 100°C en estado líquido ou a temperaturas iguais ou superiores a 240°C en estado sólido (estas substancias só se poden transportar de acordo con 1;1.1).

c) Os MOMX ou os OMX que non responden á definición de substancias tóxicas (véxase 6.2) ou de substancias infecciosas (véxase 6.3) deben asignarse ao número ONU 3245. Os MOMX ou os OMX non están suxeitos a estas instrucións cando a súa utilización está autorizada polas autoridades nacionais que correspondan dos Estados de orixe, tránsito e destino. Os animais vivos modificados xeneticamente deben transportarse nas condicións que establezan as autoridades nacionais que correspondan dos Estados de orixe e destino.

d) Material magnetizado: todo material que, ao embalalo para transportalo por vía aérea, ten un campo magnético máximo suficiente para causar unha desviación no compás de máis de 2° a unha distancia de 2,1 m de calquera punto da superficie do vulto preparado. Considérase que a intensidade do campo magnético no compás produce unha desviación de 2° a 0,418 A/m (0,00525 gauss).

A intensidade do campo magnético débese medir cun compás magnético de sensibilidade suficiente para ler toda variación de 2°, preferentemente en incrementos de 1° ou menos, ou cun gaussómetro de sensibilidade suficiente para medir campos magnéticos superiores a 0,0005 gauss cunha tolerancia de ± 5%, ou cun medio equivalente.

As medicións con compás débense levar a cabo nunha zona sen interferencias magnéticas, á parte do campo magnético terrestre. Cando se utiliza un compás, o material e o compás deben aliñarse en dirección leste/oeste. As medicións con gaussómetro deben axustarse ás instrucións do fabricante. As medicións lévanse a cabo mentres o material embalado se rota 360° sobre o seu plano horizontal mantendo unha distancia constante (2,1 m ou 4,6 m, segundo se indique na instrución de embalaxe 953) entre o aparello medidor e un punto da superficie externa do vulto. Pode utilizarse blindaxe para reducir a intensidade do campo magnético do vulto.



*Nota.— Mesmo cando non se axusten á definición de material magnetizado, as masas de metais ferromagnéticos tales como automóbiles, pezas de automóbil, valados e tubaxes metálicas e material de construción metálico poden afectar os compases da aeronave, do mesmo modo que poden afectalos os vultos ou artigos que individualmente non se axusten á definición de material magnetizado pero que no seu conxunto poden ter a intensidade de campo magnético do material magnetizado.*

e) Sólidos ou líquidos regulamentados para a aviación: todo material dotado de propiedades narcóticas, malsás ou doutro tipo que, en caso de derramamento ou fuga a bordo da aeronave, poida provocar extremas molestias ou incomodidade aos membros da tripulación, impedíndolles o debido desempeño das funcións asignadas.

Algúns exemplos de obxectos da clase 9:

- motores de combustión interna;
- equipamentos de salvamento de inflado automático;
- equipamentos ou vehículos accionados con acumuladores.

Algúns exemplos de substancias da clase 9:

- asbesto azul, pardo ou branco;
- dióxido de carbono sólido (xeo seco);
- ditionito de zinc.

+

### 9.3 BATERÍAS DE LITIO

9.3.1 As pilas e baterías, as pilas e baterías instaladas nun equipamento, ou as pilas e baterías embaladas cun equipamento, que conteñen litio en calquera das súas formas, deben asignarse aos números ONU 3090, 3091, 3480 ou 3481, segundo corresponda. Poden transportarse baixo estas entradas se cumpren as condicións seguintes:

a) cada pila ou batería é dun tipo que probadamente satisfai as condicións de cada unha das probas do *Manual de probas e criterios das Nacións Unidas*, parte III, subsección 38.3.

*Nota 1.— As baterías deben ser dun tipo que probadamente satisfaga as condicións de ensaio do Manual de probas e criterios das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3, sen ter en conta se as pilas das cales están compostas son dun prototipo sometido a ensaio.*

*Nota 2.— As baterías e pilas fabricadas antes do 1 de xaneiro de 2014 que se axustan ao prototipo sometido a ensaio conforme os requisitos da quinta edición revisada do Manual de probas e criterios das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3, poden seguir transportándose.*

b) cada pila e batería leva incorporado un dispositivo de desafogue de seguridade ou está deseñada para evitar unha ruptura violenta en condicións normais de transporte;

c) cada pila e batería está equipada cun medio eficaz de prevención de cortocircuitos externos;

d) cada batería que contén pilas ou unha serie de pilas conectadas en paralelo está equipada co medio eficaz que sexa necesario para impedir unha inversión perigosa de corrente (p. ex., díodos, fusibles, etc.); e

e) As pilas e baterías deben fabricarse de acordo cun programa de xestión da calidade que comprenda:

- 1) unha descrición da estrutura orgánica e das responsabilidades do persoal no que respecta ao deseño e á calidade do produto;
- 2) instrucións adecuadas para a inspección e o ensaio, o control da calidade, a garantía da calidade e o funcionamento dos procesos;
- 3) controis do proceso, que deberían incluír actividades adecuadas para previr e detectar as fallas por cortocircuito interno durante a fabricación das pilas;
- 4) rexistros da calidade, como os informes de inspección, os datos dos ensaios, os datos de calibración e os certificados. Os datos dos ensaios deben conservarse e pórse á disposición da autoridade nacional que corresponda, cando o solicite;
- 5) as verificacións que deberá efectuar a Administración para garantir o funcionamento eficaz do programa de xestión da calidade;
- 6) un procedemento para o control dos documentos e a súa revisión;

- 7) un medio de control das pilas ou baterías que non se axustan ao tipo sometido a ensaio de conformidade coa parte III, subsección 38.3 do *Manual de probas e criterios das Nacións Unidas*;
- 8) programas de instrución e procedementos de cualificación para o persoal competente; e
- 9) procedementos para comprobar que o produto final non sufrise danos.

*Nota.— Pódense aceptar programas de xestión da calidade internos. Non se exige unha certificación por parte de terceiros, pero os procedementos enumerados en 1) a 9) deben rexistrarse debidamente e ser rastrexables. Cando a autoridade nacional que corresponda o solicite, facilitaráselle unha copia do programa de xestión da calidade.*

---

## Parte 3

### **LISTA DE MERCADORÍAS PERIGOSAS, DISPOSICIÓN ESPECIAIS E CANTIDADES LIMITADAS E EXCEPTUADAS**

## Capítulo 1

### XENERALIDADES

*Partes deste capítulo resultan afectadas polas discrepancias estatais US 3, US 7, ZA 1; véxase a táboa A-1*

#### 1.1 XENERALIDADES

1.1.1 Na Lista de mercadorías perigosas (táboa 3-1) deste capítulo, que non é exhaustiva, inclúense as mercadorías perigosas transportadas máis frecuentemente. A lista irase completando para que abranxa, ata onde sexa posible, todas as substancias perigosas de importancia comercial.

1.1.2 O obxecto ou substancia que figure expresamente polo seu nome na Lista de mercadorías perigosas deberá transportarse de conformidade coas prescricións da lista aplicables a ese obxecto ou substancia. Para autorizar o transporte de substancias ou obxectos que non están mencionados especificamente polo seu nome na Lista de mercadorías perigosas, pode utilizarse unha entrada “xenérica” ou que conteña a indicación de “non especificados(as) en ningunha outra parte”. A substancia ou obxecto de que se trate só se poderá transportar cando se determinasen as súas propiedades perigosas, despois do cal se clasificará conforme as definicións das clases e os criterios de ensaio, utilizando, entre os nomes que figuran na lista, o que máis adecuadamente a describa. A autoridade nacional que corresponda, cando se lle dirixa o correspondente requirimento, ou, se non, o propio expedidor procederá á clasificación. Unha vez determinada a clase a que pertence a substancia ou obxecto, deberán cumprirse todos os requisitos que para a expedición e o transporte se establecen nas presentes instrucións. Considerarase primeiramente a inclusión na clase 1 de toda substancia ou obxecto que teña características propias dos explosivos ou que se sospeite que ten tales características.

1.1.3 A lista inclúe tamén determinados obxectos e substancias cuxo transporte por vía aérea está prohibido (véxase parte 1, capítulo 2).

1.1.4 Cando na Lista de mercadorías perigosas se prescriben medidas de precaución para unha substancia ou un obxecto determinados (por exemplo, que estean “estabilizados” ou “inhibidos” ou conteñan un “x% de auga ou de flemador”), esa substancia ou ese obxecto normalmente non poderán transportarse se non se tomaron tales medidas, a menos que a mercadoría apareza noutra parte (por exemplo, na clase 1) sen ningunha indicación relativa a medidas de precaución ou coa indicación de medidas diferentes.

1.1.5 Se non se ten plena seguridade de que está permitido o transporte por vía aérea dun obxecto ou substancia que non figura na lista, ou das condicións en que se debe efectuar o transporte, o expedidor ou o explotador debe consultar cunha axencia especializada competente.

#### 1.2 DENOMINACIÓN DO ARTIGO EXPEDIDO

*Nota.— Con respecto ás denominacións do artigo expedido utilizadas para o transporte de mostras, véxase a parte 2, capítulo de introdución, parágrafo 5.*

1.2.1 A denominación do artigo expedido é a parte da entrada que describe máis exactamente as mercadorías e que aparece en negras na Lista de mercadorías perigosas (nalgúns casos con cifras, letras gregas ou os prefixos “sec”, “terc”, m, n, o, p, que forman parte integrante da denominación). As partes da entrada que van impresas en caracteres correntes non se consideran parte da denominación do artigo expedido pero poden utilizarse.

1.2.2 A denominación do artigo expedido pode utilizarse en singular ou en plural, segundo o caso. Por outra parte, se forman parte dela termos que delimitan o seu sentido, a orde destes na documentación ou nas marcas dos vultos é facultativo. Por exemplo: “**Extractos líquidos saporíferos**” pode figurar tamén como “**Extractos saporíferos líquidos**”. Porén, a entrada que figura na columna 1 presenta a orde preferente. Co propósito de ter en conta o uso en distintas partes do mundo, acéptanse ortografías diferentes no caso de termos como “cinc” e “zinc”, “bióxido” e “dióxido”, “ferro” e “ferro” e outros. Non obstante, prefírese a ortografía que figura na táboa 3-1.

1.2.3 En moitos casos, unha mesma substancia ten unha entrada que corresponde ao estado líquido e outra ao estado sólido (véxanse as definicións de líquidos e sólidos en 1;3.1.1); o mesmo sucede no caso de substancias en estado sólido e en solución. A estas substancias asígnanselles números ONU distintos.

1.2.4 A menos que xa figure en negras no nome indicado na Lista de mercadorías perigosas, agrégase a palabra “**fundido**” á denominación do artigo expedido cando unha substancia que é sólida segundo a definición de 1;3.1 se presenta para o transporte en estado fundido (p. ex., “**Alquilfenol sólido, n.e.p, fundido**”).

1.2.5 Coa excepción das substancias de reacción espontánea e dos peróxidos orgánicos, e salvo se xa se incluíu en caracteres en negras na denominación da columna 1 da Lista de mercadorías perigosas, debe engadirse o termo “**estabilizado(a)**” como parte da denominación do artigo expedido dunha substancia cuxo transporte sen estar estabilizada estaría prohibido de conformidade con 1;2.1 debido á súa susceptibilidade de reaccionar perigosamente nas condicións normais de transporte (p. ex.; **líquido tóxico orgánico, n.o.s., estabilizado**”).

1.2.6 Os hidratos poden transportarse baixo a denominación do artigo expedido correspondente á substancia anhidra.

### 1.2.7 Nomes xenéricos ou nomes coa indicación de “non especificados en ningunha outra parte” (n.e.p.)

1.2.7.1 As denominacións xenéricas do artigo expedido e co termo “non especificados en ningunha outra parte”, que se indican cun asterisco na columna 1 da Lista de mercadorías perigosas, deben complementarse coas denominacións técnicas ou as que corresponden ao grupo químico, salvo que unha lei nacional ou un convenio internacional prohiban a súa divulgación cando se trata dunha substancia controlada. No caso dos explosivos da clase 1, a descrición das mercadorías perigosas pode complementarse cun texto descritivo adicional para indicar as denominacións comerciais ou militares. As denominacións técnicas ou dos grupos químicos deben figurar entre parénteses inmediatamente despois da denominación do artigo expedido. Pode utilizarse un modificador apropiado, como “con” ou “cun contido de” ou outros termos cualificativos como “mestura”, “solución”, etc. e a porcentaxe do compoñente técnico. Por exemplo: “ONU 1993 **Líquido inflamable, n.e.p.** (contén xileno e benceno), 3, Grupo de embalaxe II”.

1.2.7.1.1 O nome técnico será un nome químico ou biolóxico admitido ou outro nome que sexa de uso corrente en manuais, publicacións periódicas e textos científicos e técnicos. Non se utilizarán con este fin nomes comerciais. No caso dos pesticidas, só se poderán utilizar un nome común aprobado pola ISO, outro ou outros dos nomes que figuran na *Recommended Classification of Pesticides by Hazard and Guidelines to Classification* da Organización Mundial da Saúde (OMS) ou os nomes das substancias activas.

1.2.7.1.2 Cando unha mestura de mercadorías perigosas se describa cunha das denominacións “xenéricas” ou “n.e.p.” ás cales se lles asignou un asterisco na columna 1 da Lista de mercadorías perigosas, só se necesitará indicar os dous compoñentes que máis contribúan a crear os riscos da mestura, disposición que non se aplica ás substancias controladas se unha lei nacional ou un convenio internacional prohiben divulgarlos. Se un vulto que contén unha mestura leva unha etiqueta de risco secundario, un dos dous nomes técnicos que figuren entre parénteses será o do compoñente que obriga a utilizar a etiqueta de risco secundario.

Os exemplos seguintes mostran como se debe elixir a denominación do artigo expedido, xunto co nome técnico da mercadoría perigosa, no caso das mercadorías que leven a indicación “n.e.p.”:

ONU 3394      **Substancia organometálica líquida, pirofórica, que reacciona coa auga** (trimetilgalio)  
ONU 2902      **Pesticida líquido tóxico, n.e.p.** (drazoxolón).

*Nota.— Para facilitar a tarefa de seleccionar a denominación n.e.p. ou a denominación xenérica máis adecuada, no anexo 1, capítulo 2, enuméranse todas as entradas n.e.p. e as entradas xenéricas principais da táboa 3-1.*

## 1.3 MESTURAS OU SOLUCIÓNS

*Nota.— Para o seu transporte, as substancias que figuran especificamente polo seu nome na táboa 3-1 deben identificarse coa denominación do artigo expedido da táboa 3-1. Estas substancias poden conter impurezas técnicas (por exemplo, as que derivan do proceso de produción) ou aditivos que se usan para estabilizalas ou para outros fins que non afectan a súa clasificación. Non obstante, as substancias que figuran polo seu nome e que conteñen impurezas técnicas ou aditivos que se usan para estabilizalas ou para outros fins que afectan a súa clasificación deben considerarse como mesturas ou solucións (véxase a parte 2, capítulo de introdución, parágrafos 3.2 e 3.5).*

1.3.1 Toda mestura ou solución cuxas características, propiedades, forma ou estado físico son tales que non satisfán os criterios (comprendidos os criterios de experiencia humana) para incluíla nunha das clases, non está suxeita ás presentes instrucións.

≠ 1.3.2 Toda mestura ou solución conforme cos criterios de clasificación das presentes instrucións, composta dunha soa substancia predominante mencionada especificamente polo seu nome na táboa 3-1 e unha ou máis substancias non suxeitas ás presentes instrucións e/ou trazas dunha ou máis substancias identificadas polo seu nome na táboa 3-1, debe recibir o número ONU e a denominación do artigo expedido da substancia predominante que figura polo seu nome na táboa 3-1, salvo nos casos seguintes:

a) a mestura ou solución aparece mencionada especificamente polo seu nome na táboa 3-1 e, neste caso, este nome debe aplicarse; ou

b) a denominación e a descrición da substancia que figura polo seu nome na táboa 3-1 indican de maneira explícita que a denominación se refire unicamente á substancia pura;

c) a clase de risco ou división, os riscos secundarios, o estado físico ou o grupo de embalaxe da solución ou da mestura

---

son distintos dos da substancia que figura polo seu nome na táboa 3-1; ou

d) as características de risco e as propiedades da mestura ou solución exixen medidas de resposta de emerxencia que son distintas daquelas que se requiren para a substancia que figura polo seu nome na táboa 3.-1.

Se se aplica b), c) ou d), a mestura ou solución debe tratarse como substancia non especificada pola súa denominación na táboa 3-1.

*Nota.— Mesmo cando as trazas de substancias se poidan desestimar con fins de clasificación, estas poden ter un efecto nas propiedades da substancia e deben terse en conta ao considerar os requisitos de compatibilidade de 4;1.1.3.*

1.3.3 Engadiranse como parte da denominación do artigo expedido palabras tales como “**solución**” ou “**mestura**”, segundo sexa o caso; por exemplo: “**Acetona en solución**”. Ademais, poderá indicarse tamén a concentración da solución ou mestura despois da descrición básica desta, por exemplo: “**Acetona en solución do 75%**”.

≠ 1.3.4 Toda mestura ou solución conforme cos criterios de clasificación das presentes instrucións, que non figure polo seu nome na táboa 3-1 e que estea composta de dúas ou máis substancias perigosas, se debe asignar a unha entrada que teña a denominación do artigo expedido, a descrición, a clase de risco ou división, os riscos secundarios e o grupo de embalaxe que mellor a describen.

---

## Capítulo 2

### ORDENACIÓN DA LISTA DE MERCADORÍAS PERIGOSAS (TÁBOA 3-1)

*Partes deste capítulo resultan afectadas polas discrepancias estatais AU 1, AU 2, AU 3, BE 3, CA 7, CA 10, CA 11, CA 13, HR 3, IR 3, JP 21, KP 2, NL 1, RO 3, US 2, US 3, US 6, US 15, ZA 1; véxase a táboa A-1*

#### 2.1 ORDENACIÓN DA LISTA DE MERCADORÍAS PERIGOSAS (TÁBOA 3-1)

2.1.1 A Lista de mercadorías perigosas (táboa 3-1) está dividida en 13 columnas, a saber:

Columna 1 “Denominación” — esta columna contén a lista alfabética de mercadorías perigosas identificadas pola denominación do artigo expedido en negras (véxase 1.2). Tamén se inclúen en caracteres correntes:

a) outras denominacións polas cales poden ser coñecidos determinados obxectos e substancias; en tales casos, faise referencia recíproca á denominación do artigo expedido;

b) as denominacións dos obxectos e substancias que está prohibido transportar por vía aérea en todos os casos; e

c) as denominacións dos obxectos e substancias a que se aplican consideracións adicionais en virtude de disposicións especiais.

No anexo 2 figura a explicación dalgúns termos.

As entradas desta columna dispuxéronse por orde alfabética. Nos casos en que as denominacións constan de máis dunha palabra, estas ordenáronse alfabeticamente como se constasen dunha soa palabra. Para determinar a orde correcta, non se teñen en conta os números nin os termos n.e.p., alfa-, beta-, meta-, omega-, sec-, terc-, a-, b-, m-, N-, n-, O-, o-, e p-. Tampouco se considera o termo “véxase” nin os que o sigan.

Salvo outra indicación respecto dunha entrada da Lista de mercadorías perigosas, a palabra “solución” na denominación do artigo expedido significa que unha ou máis das mercadorías perigosas nomeadas está disolta nun líquido que non está doutro modo suxeito ás presentes instrucións.

Columna 2 “Núm. ONU” — esta columna contén o número de serie asignado ao obxecto ou substancia no sistema de clasificación das Nacións Unidas. A algunhas entradas da lista non se lles asignou o dito número e neses casos adoptouse un número de identificación provisional (ID) da serie 8000 que se indica onde corresponde. A serie 8000 debe identificarse sinalando “ID”, en lugar de “ONU” que se emprega para identificar todos os outros números con fins de marcación e documentación nestas instrucións. Cando a palabra “Prohibido” aparece nesta columna e na columna 3, significa que as mercadorías perigosas abrangidas por ese artigo satisfán a descrición de mercadorías perigosas prohibidas a bordo das aeronaves calquera que sexa a circunstancia, tal como está previsto en 1;2.1. Non obstante, convén observar que todas as mercadorías perigosas que satisfán esa descrición non se incluíron na Lista de mercadorías perigosas.

Columna 3 “Clase ou división” — esta columna contén a clase ou división e, no caso da clase 1, o grupo de compatibilidade, asignada ao obxecto ou substancia segundo o sistema de clasificación descrito na parte 2; capítulo de introdución.

Columna 4 “Riscos secundarios” — esta columna contén o número de clase ou división de todo risco secundario importante que se apreciase ao aplicar a clasificación que aparece na parte 2; capítulos 1 a 9. Os requisitos relativos ás etiquetas para as mercadorías perigosas que representan riscos secundarios indícanse en 5;3.2.

Columna 5 “Etiquetas” — esta columna especifica a etiqueta de clase de risco e, a seguir, a etiqueta ou etiquetas de risco secundario (despois de “e”) que hai que colocar no exterior de cada embalaxe e tamén de cada sobreembalaxe. As etiquetas de risco secundario non se indican respecto aos n.e.p. nin aos obxectos e substancias xenéricas que encerran máis dun risco. Cando algún deses obxectos ou substancias encerran máis dun risco e non se indique a etiqueta de risco secundario na columna 5 da táboa 3-1, as etiquetas de risco secundario teñen que se aplicar de conformidade co previsto en 5;3.2.2 e 5;3.2.3. Para os materiais magnetizados, indícase tamén a etiqueta de manipulación requirida. Naqueles casos en que non se requira etiqueta, aparece a palabra “Ningunha”.

- Columna 6 “Discrepancias estatais” — esta columna contén referencias aos datos do anexo 3, onde se indican as discrepancias estatais (baixo a clave e denominación do Estado de que se trata).
- Columna 7 “Disposicións especiais” — esta columna contén un número que se refire á entrada apropiada da táboa 3-2. As disposicións especiais son aplicables a todos os grupos de embalaxe autorizados para embalar determinado obxecto ou substancia, a menos que se indique outra cosa.
- Columna 8 “Grupo de embalaxe ONU” — esta columna contén o número do grupo de embalaxe das Nacións Unidas (é dicir, I, II ou III) asignado ao obxecto ou substancia. Se é necesario anotar máis dun grupo de embalaxe, o grupo de embalaxe da substancia ou fórmula que se teña que transportar ten que se determinar, baseándose nas súas propiedades, mediante a aplicación do criterio de grupos de risco previstos na parte 2.
- Columna 9 “Cantidades exceptuadas” — esta columna contén un código alfanumérico descrito en 5.1.2 que indica a cantidade máxima autorizada por embalaxe interior e exterior para o transporte de mercadorías perigosas como cantidades exceptuadas conforme o disposto na parte 3, capítulo 5.
- Columna 10 “Instrucións de embalaxe — Aeronaves de pasaxeiros” — esta columna refírese ás instrucións que atinxen ás embalaxes, enumeradas na parte 4, para o transporte de todo obxecto ou substancia nunha aeronave de pasaxeiros. Para algunhas entradas, figura unha instrución de embalaxe alternativa á cal se antepón a letra “Y”. Estas instrucións de embalaxe corresponden a cantidades limitadas de mercadorías perigosas.
- ≠Columna 11 “Cantidade neta máxima por vulto — Aeronaves de pasaxeiros” — esta columna indica a cantidade neta máxima (en masa ou volume) de obxecto ou substancia, autorizada en cada vulto, para o seu transporte en aeronaves de pasaxeiros. Cando a cantidade neta máxima figura ao lado da instrución de embalaxe á cal se antepón un “Y”, significa que esa é a cantidade neta máxima que se permite nunha embalaxe que contén cantidades limitadas de mercadorías perigosas, a menos que se indique coa letra “B” que a masa sinalada é a masa total do vulto. A cantidade máxima por vulto pode limitarse, ademais, segundo o tipo de embalaxe utilizada. As cantidades netas máximas indicadas poden excederse unicamente se así se especifica nas presentes instrucións ou conforme o permitido no suplemento destas instrucións en S-3;2, coa aprobación da autoridade nacional que corresponda do Estado de orixe e do Estado do explotador.
- Columna 12 “Instrucións de embalaxe — Aeronaves de carga” — esta columna contén información similar á columna 10, cando o obxecto ou substancia teña que se transportar exclusivamente en aeronaves de carga.
- ≠Columna 13 “Cantidade neta máxima por vulto — Aeronaves de carga” — esta columna contén información similar á columna 11, cando o obxecto ou substancia teña que se transportar exclusivamente en aeronaves de carga. A cantidade máxima por vulto pode limitarse ademais segundo o tipo de embalaxe utilizada. As cantidades netas máximas indicadas non se aplican ao transporte en cisternas portátiles, tal como se permite segundo o suplemento destas instrucións, parte S-4, capítulo 12, coa aprobación da autoridade que corresponda do Estado de orixe e do Estado do explotador. As cantidades netas máximas indicadas poden excederse unicamente se así se especifica nas presentes instrucións ou conforme o permitido no suplemento destas instrucións en S-3;2, coa aprobación da autoridade nacional que corresponda do Estado de orixe e do Estado do explotador.

*Nota 1.— Cando algún obxecto ou substancia non se poida transportar en aeronaves de pasaxeiros, nas columnas 10 e 11 anótase a palabra “Prohibido”. Pero cando algún obxecto ou substancia non se poida transportar en ningún tipo de aeronave, a palabra “Prohibido” anótase nas columnas 10, 11, 12 e 13.*

*Nota 2.— Cando algún obxecto ou substancia se embale de conformidade coa instrución de embalaxe e a cantidade neta máxima por vulto aparece nas columnas 10 e 11, tamén poderá transportarse en aeronaves de carga. En tales circunstancias, o vulto non deberá levar a etiqueta “Exclusivamente en aeronaves de carga” referida en 5;3.2.12 a).*

2.1.2 Na táboa 3-1 utilízanse as abreviaturas ou símbolos seguintes, cos significados que se indican a seguir:

Abreviatura	Columna	Significado
n.e.p.	1	Non especificado en ningunha outra parte
l	11 e 13	Litro(s)
kg	11 e 13	Quilogramo(s)
B	11	Masa bruta do vulto tal como se prepara para o transporte
*	1	Entrada que require a adición dun nome técnico, segundo 1.2.7
†	1	Entrada para a cal figura unha explicación no anexo 2
≠		este símbolo indica que se modificou o texto
+		este símbolo indica que se engadiu un novo texto ou que se transferiu texto
>		este símbolo indica unha supresión.



Táboa 3-1. Lista de mercadorías perigosas

Denominación	Núm. ONU	Clase ou división	Riscos secundarios	Etiquetas	Discrepancias estatais	Disposicións especiais	Grupo de embalaxe ONU	Cantidade exceptuada	Aeronaves de pasaxeiros		Aeronaves de carga	
									Instrucións de embalaxe	Cantidade neta máxima por vulto	Instrucións de embalaxe	Cantidade neta máxima por vulto
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13
<b>A</b>												
Fertilizantes a base de nitrato amónico	2067	5.1		Comburente	A64 A79 A89	III	E1		559 Y546	25kg 10 kg	563	100 kg
Fertilizantes a base de nitrato amónico	2071	9		Varias líquido	A89 A90	III	E1		958 Y958	200 kg 30 kg b	958	200 kg
Aceites de acetona	1091	3		Inflamable líquido		II	E2		353 Y341	5 l 1 l	364	60 l
Aceite de alcanfor	1130	3		Inflamable		III	E1		355 Y344	60 l 10 l	366	220 l
Aceite de alcatrán de hulla, véxase Destilados de alcatrán de hulla inflamables												
Aceite de anilina, véxase Anilina												
Aceite de colofonia	1286	3		Líquido inflamable	A3	II III	E2 E1		353 Y341 355 Y344	5 l 1 l 60 l 10 l	364 366	60 l 220 l
Aceite de xisto	1288	3		Líquido inflamable	A3	II III	E2 E1		353 Y341 355 Y344	5 l 1 l 60 l 10 l	364 366	60 l 220 l
Aceite de fusel	1201	3		Líquido inflamable	A3	II III	E2 E1		353 Y341 355 Y344	5 l 1 l 60 l 10 l	364 366	60 l 220 l
Aceite de mirbana, véxase Nitrobenzeno												
Aceite de piñeiro	1272	3		Líquido inflamable		III	E1		355 Y344	60 l 10 l	366	220 l
Aceite mineral, véxase Produtos de petróleo, n.e.p.												
Aceiro, labras de, véxase labras ou Raspaduras ou Torneaduras ou Recortes de metais ferrosos												
Acetal	1088	3		Líquido inflamable		II	E2		353 Y341	5 l 1 l	364	60 l

Denominación	Núm. ONU	Clase ou división	Riscos secundarios	Etiquetas	Discrepancias estatais	Disposicións especiais	Grupo de embalaxe ONU	Cantidade excepcional	Aeronaves de pasaxeiros		Aeronaves de carga	
									Instrucións de embalaxe	Cantidade neta máxima por vulto	Instrucións de embalaxe	Cantidade neta máxima por vulto
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13
Acetaldehido	1089	3		Líquido inflamable	AU 1 CA 7 IR 3 NL 1 US 3	A1	I	E0	PROHIBIDO		361	30 L
Acetaldehido amónico	1841	9		Varias		A48	III	E1	956	200 kg	956	200 kg
Acetaldoxima	2332	3		Líquido inflamable			III	E1	355 Y344	60 L 10 L	366	220 L
Acetato de alilo	2333	3	6.1	Líquido inflamable e tóxico			II	E2	352 Y341	1 L 1 L	364	60 L
Acetatos de amilo	1104	3		Líquido inflamable			III	E1	355 Y344	60 L 10 L	366	220 L
Acetatos de butilo	1123	3		Líquido inflamable		A3	II	E2	353 Y341	5 L 1 L	364	60 L
							III	E1	355 Y344	60 L 10 L	366	220 L
Acetato de butilo secundario, véxase Acetatos de butilo												
Acetato de ciclohexilo	2243	3		Líquido inflamable			III	E1	355 Y344	60 L 10 L	366	220 L
2-Acetato de etilbutilo	1177	3		Líquido inflamable			III	E1	355 Y344	60 L 10 L	366	220 L
Acetato de etilo	1173	3		Líquido inflamable			II	E2	353 Y341	5 L 1 L	364	60 L
Acetato de 2-etoxietilo, véxase Acetato do éter monoetílico do etilenglicol												
Acetato de isobutilo	1213	3		Líquido inflamable			II	E2	353 Y341	5 L 1 L	364	60 L
Acetato de isopropenilo	2403	3		Líquido inflamable			II	E2	353 Y341	5 L 1 L	364	60 L
Acetato de isopropilo	1220	3		Líquido inflamable			II	E2	353 Y341	5 L 1 L	364	60 L
Acetato do éter monoetílico do etilenglicol	1172	3		Líquido inflamable			III	E1	355 Y344	60 L 10 L	366	220 L
Acetato do éter monometílico do etilenglicol	1189	3		Líquido inflamable			III	E1	355 Y344	60 L 10 L	366	220 L
Acetato de mercurio	1629	6.1		Tóxico			II	E4	669 Y644	25 kg 1 kg	676	100 kg
Acetato de metilamilo	1233	3		Líquido inflamable			III	E1	355 Y344	60 L 10 L	366	220 L

Denominación	Núm. ONU	Clase ou división	Riscos secundarios	Etiquetas	Discrepancias estatísticas	Disposiciones especiales	Grupo de embalaxe ONU	Cantidad excepcional	Aeronaves de pasaxeiros		Aeronaves de carga	
									Instruccions de embalaxe	Cantidade neta máxima por vulto	Instruccions de embalaxe	Cantidade neta máxima por vulto
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13
Acetato de metilglicol, véxase <b>Acetato do éter monometílico do etilenglicol</b>												
<b>Acetato de metilo</b>	1231	3		Líquido inflamable			II	E2	353 Y341	5 L 1 L	364	60 L
Acetato de 2-metoxietilo, véxase <b>Acetato do éter monometílico do etilenglicol</b>												
<b>Acetato de chumbo</b>	1616	6.1		Tóxico			III	E1	670 Y645	100 kg 10 kg	677	200 kg
Acetato de chumbo (II), véxase <b>Acetato de chumbo</b>												
<b>Acetato de n-propilo</b>	1276	3		Líquido inflamable			II	E2	353 Y341	5 L 1 L	364	60 L
<b>Acetato de vinilo estabilizado</b>	1301	3		Líquido inflamable			II	E2	353 Y341	5 L 1 L	364	60 L
<b>Acetato fenilmercúrico</b>	1674	6.1		Tóxico	US 4	A6	II	E4	669 Y644	25 kg 1 kg	676	100 kg
<b>Acetileno disolto</b>	1001	2.1		Gas inflamable	AU 1 CA 7 NL 1 US 3	A1		E0		PROHIBIDO	200	15 kg
<b>Acetileno exento de solvente</b>	3374	2.1		Gas inflamable	AU 1 CA 7 IR 3 NL 1 US 3	A1		E0		PROHIBIDO	200	15 kg
Acetileno (líquido)												
<b>Acetilmetilcarbinol</b>	2621	3		Líquido inflamable			III	E1	355 Y344	60 L 10 L	366	220 L
Acetiluro de cobre												
Acetiluro de mercurio												
Acetiluro de prata (seco)												
<b>Acetoarsenito de cobre</b>	1585	6.1		Tóxico	US 4		II	E4	669 Y644	25 kg 1 kg	676	100 kg
Acetoína, véxase Acetilmetilcarbinol												
<b>Acetona</b>	1090	3		Líquido inflamable			II	E2	353 Y341	5 L 1 L	364	60 L



Denominación	Núm. ONU	Clase ou división	Riscos secundarios	Etiquetas	Discrepancias estatais	Disposicións especiais	Grupo de embalaxe ONU	Cantidade exceptuada	Aeronaves de pasaxeiros		Aeronaves de carga	
									Instrucións de embalaxe	Cantidade neta máxima por vulto	Instrucións de embalaxe	Cantidade neta máxima por vulto
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13
<b>Ácido arsénico líquido</b>	1553	6.1		Tóxico	US 4		I	E5	652	1 L	658	30 L
<b>Ácido arsénico sólido</b>	1554	6.1		Tóxico	US 4		II	E4	669 Y644	25 kg 1 kg	676	100 kg
Ácido arsenioso, véxase <b>Trióxido de arsénico</b>												
Ácido azaurólico (sal do) (seco)	PROHIBIDO											
Ácido azidoditiocarbónico	PROHIBIDO											
<b>Ácido bromhídrico dunha concentración máxima do 49%</b>	1788	8		Corrosivo		A3	II III	E2 E1	851 Y840 852 Y841	1 L 0,5 L 5 L 1 L	855 856	30 L 60 L
<b>Ácido bromhídrico dunha concentración superior ao 49%</b>	1788	8			AU 1 CA 7 IR 3 NL 1 US 3	A2			PROHIBIDO		PROHIBIDO	
<b>Ácido bromoacético en solución</b>	1938	8		Corrosivo		A3	II III	E2 E1	851 Y840 852 Y841	1 L 0,5 L 5 L 1 L	855 856	30 L 60 L
<b>Ácido bromoacético sólido</b>	3425	8		Corrosivo			II	E2	859 Y844	15 kg 5 kg	863	50 kg
Ácido butanoico, véxase <b>Ácido butírico</b>												
Ácido 2-Butenoico, véxase <b>Ácido crotónico</b>												
<b>Ácido butírico</b>	2820	8		Corrosivo			III	E1	852 Y841	5 L 1 L	856	60 L
<b>Ácido cacodílico</b>	1572	6.1		Tóxico	US 4		II	E4	669 Y644	25 kg 1 kg	676	100 kg
<b>Ácido caproico</b>	2829	8		Corrosivo			III	E1	852 Y841	5 L 1 L	856	60 L
Ácido carbólico, véxase <b>Fenol fundido ou Fenol sólido</b>												
Ácido carbólico en solución, véxase <b>Fenol en solución</b>												
<b>Ácido cianhídrico en solución acuosa</b> , cun máximo do 20% de cianuro de hidróxeno	1613	6.1							PROHIBIDO		PROHIBIDO	

Denominación	Núm. ONU	Clase ou división	Riscos secundarios	Etiquetas	Discrepancias estatais	Disposicións especiais	Grupo de embalaxe ONU	Cantidade exceptuada	Aeronaves de pasaxeiros		Aeronaves de carga	
									Instrucións de embalaxe	Cantidade neta máxima por vulto	Instrucións de embalaxe	Cantidade neta máxima por vulto
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13
<b>Ácido clorhídrico</b>	1789	8		Corrosivo		A3	II	E2	851 Y840	1 L 0,5 L	855	30 L
							III	E1	852 Y841	5 L 1 L	856	60 L
<b>Ácido clórico en solución acuosa</b> dunha concentración máxima do 10%	2626	5.1			AU 1 CA 7 IR 3 NL 1 US 3	A2			PROHIBIDO		PROHIBIDO	
<b>Ácido cloroacético en solución</b>	1750	6.1	8	Tóxico e corrosivo			II	E4	653 Y640	1 L 0,5 L	660	30 L
<b>Ácido cloroacético fundido</b>	3250	6.1	8						PROHIBIDO		PROHIBIDO	
<b>Ácido cloroacético sólido</b>	1751	6.1	8	Tóxico e corrosivo			II	E4	668 Y644	15 kg 1 kg	675	50 kg
Ácido 3-cloroperoxibenzoico dunha concentración superior ao 57% e inferior ao 86%, co 14% ou máis de sólido inerte		PROHIBIDO										
<b>Ácido cloroplatínico sólido</b>	2507	8		Corrosivo			III	E1	860 Y845	25 kg 5 kg	864	100 kg
<b>Ácido 2-cloropropiónico</b>	2511	8		Corrosivo		A3	III	E1	852 Y841	5 L 1 L	856	60 L
<b>Ácido clorosulfónico</b> (con ou sen trióxido de xofre)	1754	8							PROHIBIDO		PROHIBIDO	
<b>Ácido cresílico</b>	2022	6.1	8	Tóxico e corrosivo			II	E4	653 Y640	1 L 0,5 L	660	30 L
<b>Ácido crómico en solución</b>	1755	8		Corrosivo		A3	II	E2	851 Y840	1 L 0,5 L	855	30 L
							III	E1	852 Y841	5 L 1 L	856	60 L
Ácido crómico sólido, véxase <b>Trióxido de cromo anhidro</b>												
<b>Ácido cromosulfúrico</b>	2240	8		Corrosivo			I	E0	850	0,5 L	854	2,5 L
<b>Ácido crotónico líquido</b>	3472	8		Corrosivo			III	E1	852 Y841	5 L 1 L	856	60 L
<b>Ácido crotónico sólido</b>	2823	8		Corrosivo			III	E1	860 Y845	25 kg 5 kg	864	100 kg
Ácido de area, véxase <b>Ácido fluosilícico</b>												
<b>Ácido dicloroacético</b>	1764	8		Corrosivo			II	E2	851 Y840	1 L 0,5 L	855	30 L

Denominación	Núm. ONU	Clase ou división	Riscos secundarios	Etiquetas	Discrepancias estatais	Disposicións especiais	Grupo de embalaxe ONU	Cantidade exceptuada	Aeronaves de pasaxeiros		Aeronaves de carga	
									Instrucións de embalaxe	Cantidade neta máxima por vulto	Instrucións de embalaxe	Cantidade neta máxima por vulto
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13
<b>Ácido dicloroisocianúrico, sales de</b>	2465	5.1		Comburente		A28	II	E2	558 Y544	5 kg 2,5 kg	562	25 kg
<b>Ácido dicloroisocianúrico seco</b>	2465	5.1		Comburente		A28	II	E2	558 Y544	5 kg 2,5 kg	562	25 kg
Ácido di-(2-etilhexil) fosfórico, véxase <b>Fosfato ácido de diisooctilo</b>												
<b>Ácido difluorofosfórico anhidro</b>	1768	8		Corrosivo			II	E2	851 Y840	1 L 0,5 L	855	30 L
Ácido dimetilarsínico, véxase <b>Ácido cacodílico</b>												
Ácido 3,5-dinitrosalicílico (sal de chumbo do) (seco)			PROHIBIDO									
<b>Ácido estífnico</b> seco ou humidificado con menos do 20%, en masa, de auga ou dunha mestura de alcohol e auga	0219	1.1D							PROHIBIDO		PROHIBIDO	
<b>Ácido estífnico humidificado</b> cun mínimo do 20%, en masa, de auga ou dunha mestura de alcohol e auga	0394	1.1D							PROHIBIDO		PROHIBIDO	
<b>Ácido fenolsulfónico líquido</b>	1803	8		Corrosivo			II	E2	851 Y840	1 L 0,5 L	855	30 L
<b>Ácido fluobórico</b>	1775	8		Corrosivo			II	E2	851 Y840	1 L 0,5 L	855	30 L
<b>Ácido fluofosfórico anhidro</b>	1776	8		Corrosivo			II	E2	851 Y840	1 L 0,5 L	855	30 L
<b>Ácido fluorhídrico dunha</b> concentración máxima do 60%	1790	8	6.1	Corrosivo e tóxico			II	E2	851 Y840	1 L 0,5 L	855	30 L
<b>Ácido fluorhídrico dunha</b> concentración superior ao 60%	1790	8	6.1	Corrosivo e tóxico			I	E0	850	0,5 L	854	2,5 L
<b>Ácido fluoroacético</b>	2642	6.1		Tóxico			I	E5	665	1 kg	672	15 kg
<b>Ácido fluosilícico</b>	1778	8		Corrosivo			II	E2	851 Y840	1 L 0,5 L	855	30 L
<b>Ácido fluosulfónico</b>	1777	8		Corrosivo			I	E0	850	0,5 L	854	2,5 L
    - 1) o motor é propulsado por un combustible que non satisfai os criterios de clasificación de ningunha clase ou división; ou
    - 2) o depósito de combustible dos vehículos, máquinas ou outros aparellos xamais contivo combustible ou o depósito de combustible se lavou e purgou de todo vapor e se adoptaron as medidas adecuadas para anular os riscos; e
    - 3) o sistema de combustible completo do motor non presenta filtracións e todos os condutos de combustible están selados ou tapados ou conectados de maneira segura ao motor e vehículo, máquina ou aparello;
  - b) para os motores de combustión interna ou con pila de combustible propulsados por gas inflamable:
    - 1) o sistema de combustible completo se lavou, purgou e encheu cun gas ou líquido ininflamable para anular os riscos;
    - 2) a presión final do gas ininflamable utilizado para encher o sistema non excede os 200 kPa a 20°C;
    - 3) o expedidor fixo arranxos previos co explotador; e
    - 4) o expedidor proporcionoulle ao explotador documentación escrita ou electrónica en que se especifica que se levou a cabo o procedemento de lavado, purga e enchedura e que o contido final do motor se someteu a proba e se verificou que é ininflamable.
- O transporte de múltiples motores nun dispositivo de carga unitarizada ou outro tipo de paleta está permitido sempre que o expedidor fixese arranxos previos co explotador de cada envío.
- Cando se aplica esta disposición especial, o termo "sen restricións" e o número de disposición especial A70 deben incluírse na carta de porte aéreo, se se expide unha.
- A71 (38) Esta substancia non está suxeita a estas instrucións cando non contén máis do 0,1% de carburo cálcico.
- A72 (163) Non se debe transportar ao abeiro desta entrada unha substancia que figure coa súa denominación específica na táboa 3-1, os materiais transportados de acordo con esta entrada poden conter ata un 20% de nitrocelulosa, sempre que esta non conteña máis do 12,6% de nitróxeno.
- A73 (237) As membranas filtrantes, comprendidos os separadores de papel, os materiais de revestimento ou apoio e outros, que se utilizan durante o transporte, non deben ser susceptibles de propagar unha detonación ao sometelos a unha das probas descritas no *Manual de probas e criterios*, das Nacións Unidas, parte I, proba a) da serie de probas 1.
- Ademais, conforme os resultados das probas de velocidade de combustión apropiadas realizadas tendo en conta as probas normalizadas que figuran no *Manual de probas e criterios*, das Nacións Unidas, parte III, subsección 33.2.1; a autoridade que corresponda pode determinar que as membranas filtrantes de nitrocelulosa, na forma en que se presentan para o transporte, non están suxeitas ás disposicións aplicables aos sólidos inflamables da división 4.1 das presentes instrucións.
- A74 (169) O anhídrido ftálico en estado sólido e os anhídridos tetrahidrotálicos que non conteñan máis do 0,05% de anhídrido maleico non están suxeitos a estas instrucións. O anhídrido ftálico fundido a unha temperatura superior ao seu punto de inflamación e que non conteña máis de 0,05% de anhídrido maleico deberá clasificarse baixo ONU 3256.
- ≠ A75 Os obxectos tales como dispositivos de esterilización cun contido inferior a 30 ml por embalaxe interior e non máis de 150 ml por embalaxe exterior poden transportarse en aeronaves de pasaxeiros e de carga de conformidade coas disposicións de 3;5 sen ter en conta o valor da columna 9 nin a indicación "Prohibido" nas columnas 10 a 13 da Lista de mercadorías perigosas (táboa 3-1), sempre que estas embalaxes se sometesen en primeiro lugar a unha proba de incendio comparada. A proba de incendio comparada entre o vulto preparado para o transporte (coa substancia que se debe transportar) e un vulto idéntico cheo de auga debe demostrar que a temperatura máxima medida dentro dos vultos durante a proba non difire en máis de 200°C. As embalaxes poden incluír un sistema de ventilación para permitir que o gas producido pola descomposición gradual se libere lentamente (é dicir, non máis de 0,1 ml/hora por embalaxe interior de 30 ml a 20°C).



---

IT ONU

---

A76 (326) No caso do hexafluoruro de uranio fisionable, a substancia asignarase baixo ONU 2977.

≠ A77 As mesturas de sólidos que non están suxeitos a estas instrucións e líquidos corrosivos poden ser transportadas baixo esta entrada sen aplicar en primeiro lugar os criterios de clasificación da clase 8, sempre que non se observen filtracións de líquido ao embalar a substancia e, para as embalaxes únicas, a embalaxe pasase o ensaio de estanquidade ao nivel do grupo de embalaxe II.

A78 O material radioactivo que presente risco secundario debe:

a) levar as etiquetas de risco secundario correspondentes a cada risco secundario que presente o material de conformidade coas disposicións pertinentes de 5;3.2; deben fixarse os rótulos correspondentes nas unidades de transporte, de conformidade coas disposicións pertinentes de 5;3.6;

b) asignarse aos grupos de embalaxe I, II ou III, segundo e cando corresponda, aplicando os criterios para asignación de grupos proporcionados na parte 2 correspondentes á natureza do risco secundario predominante. Para a embalaxe véxase, ademais, 4;9.1.5.

A descrición exixida en 5;4.1.5.7.1 b) debe incluír unha descrición destes riscos secundarios (p. ex., "risco secundario: 3.6.1"), o nome dos constituíntes que contribúen de forma máis predominante a este ou estes riscos e, cando corresponda, o grupo de embalaxe.

O material radioactivo con risco secundario da división 4.2 (grupo de embalaxe I) debe transportarse en vultos de tipo B. O transporte de material radioactivo con risco secundario da división 2.1 está prohibido en aeronaves de pasaxeiros e o transporte de material radioactivo con risco secundario da división 2.3 está prohibido nas aeronaves de pasaxeiros e nas aeronaves de carga, excepto coa aprobación previa da autoridade que corresponda do Estado de orixe e do Estado do explotador nas condicións establecidas polas ditas autoridades. Débese xuntar ao envío unha copia dos documentos de aprobación, indicando as limitacións cuantitativas e as condicións de embalaxe.

A79 (307) Esta entrada utilízase unicamente para as mesturas uniformes que conteñen nitrato amónico como ingrediente principal dentro dos límites de composición seguintes:

a) un mínimo do 90% de nitrato amónico cun total máximo de 0,2% de materias combustibles/ orgánicas calculadas como carbono e calquera outra substancia engadida, se a hai, que sexa inorgánica e inerte con respecto ao nitrato amónico; ou

b) menos do 90% pero máis do 70% de nitrato amónico con outras materias inorgánicas ou máis do 80% pero menos do 90% de nitrato amónico mesturado con carbonato cálcico e/ou dolomita e/ou sulfato de calcio mineral e non máis dun total de 0,4% de materias combustibles ou orgánicas calculadas como carbono; ou

c) fertilizantes a base de nitrato amónico do tipo nitróxeno con mesturas de nitrato amónico e sulfato amónico con máis do 45% pero menos do 70% de nitrato amónico e non máis do 0,4% en total de materias combustibles/orgánicas calculadas como carbono, de modo que a suma da composición porcentual do nitrato amónico e o sulfato amónico supere o 70%.

A80 (220) Soamente o nome técnico do ingrediente líquido inflamable desta solución ou mestura debe figurar entre parénteses inmediatamente despois da denominación do artigo expedido.

A81 As limitacións cuantitativas que figuran nas columnas 11 e 13 non se aplican a partes do corpo, órganos ou corpos completos que se sabe ou se sospeita que conteñen substancias infecciosas.

A82 (177) O sulfato de bario non está suxeito a estas instrucións.

A83 (208) Os fertilizantes a base de nitrato cálcico de tipo comercial, cando constan principalmente dun sal dobre (nitrato cálcico e nitrato amónico) cun contido máximo de nitrato amónico do 10% e un mínimo de 12% de auga de cristalización non están suxeitos a estas instrucións.

A84 (182) O grupo dos metais alcalinos comprende o litio, o sodio, o potasio, o rubidio e o cesio.

A85 (183) O grupo dos metais alcalinotérreos comprende o magnesio, o calcio, o estroncio e o bario.

---

## IT ONU

- A86 (241) O preparado debe acondicionarse de forma que se mantenha homoxéneo e non se separe durante o transporte. Non están suxeitos a estas instrucións os preparados cun baixo contido de nitrocelulosa, 1) que non presentan propiedades perigosas cando se someten á proba para determinar se son susceptibles de detonar, deflagrar ou explotar ao ser quentados en condicións definidas de confinamento mediante a proba a) da serie de probas 1, e as probas b) e c) da serie de probas 2, respectivamente, do *Manual de probas e criterios* das Nacións Unidas, e 2) que non sexan sólidos inflamables cando se someten á proba N1, do *Manual de probas e criterios* das Nacións Unidas, parte III, subsección 3.3.2.1.4 (os anacos, de ser necesario, triturados e cribados ao tamaño de partícula inferior a 1,25 mm).
- A87 Os obxectos que non estean completamente encerrados nunha embalaxe, gaiola, ou outro medio que impida a súa pronta identificación, non estarán suxeitos aos requisitos relativos ás marcas de 5;2 nin aos requisitos relativos ás etiquetas de 5;3.
- A88 Os prototipos de baterías e pilas de litio e as baterías ou pilas de litio que se producen en pequenas cantidades (é dicir, produción anual máxima de 100 baterías ou pilas de litio) que non se sometesen a ensaio conforme os requisitos da subsección 38.3 do *Manual de probas e criterios* das Nacións Unidas poderán transportarse en aeronaves de carga coa aprobación da autoridade competente do Estado de orixe e se se cumpren os seguintes requisitos:
- a) coa excepción do que se especifica na alínea c), as pilas e baterías transpórtanse nunha embalaxe exterior que sexa un bidón de metal, de plástico ou de madeira contrachapada ou nunha caixa de metal, de plástico ou de madeira, e que satisfaga os criterios correspondentes ás embalaxes do grupo de embalaxe I;
  - b) coa excepción do que se especifica na alínea c), cada pila ou batería está embalada individualmente nunha embalaxe interior dentro dunha embalaxe exterior e rodeada de material de acolchamento incombustible e non condutor. As pilas e baterías deben estar protexidas contra cortocircuitos;
  - c) as baterías de litio cuxa masa é igual ou superior a 12 kg e que teñen unha camisa exterior forte e resistente ao impacto, ou os grupos de baterías deste tipo, poden transportarse en embalaxes exteriores resistentes ou en medios de contención que non estean suxeitos ás condicións da parte 6 destas instrucións. As baterías ou grupos de baterías deben estar protexidas contra cortocircuitos; e
  - d) un exemplar do documento de aprobación indicando as limitacións de cantidade debe xuntarse ao envío.
- Independentemente do límite especificado na columna 13 da táboa 3-1, a batería ou grupo de baterías preparado para o transporte pode ter unha masa superior a 35 kg B.
- A89 (186) Ao determinar o contido de nitrato amónico, todos os ións nitrato para os cales se encontre un equivalente molecular de ións amonio na mestura debe calcularse como nitrato amónico.
- A90 (193) Esta entrada utilízase unicamente para as mesturas uniformes de fertilizante a base de nitrato amónico do tipo nítróxeno, fosfato ou potasa, con non máis do 70% de nitrato amónico e un máximo do 0,4% en total de materias combustibles ou orgánicas calculadas como carbono ou cun máximo do 45% de nitrato amónico e materias combustibles sen limitación. Os fertilizantes dentro destes límites de composición non están suxeitos a estas instrucións se, mediante un ensaio en cubeta (véxase o *Manual de probas e criterios* das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.2), se demostra que non son susceptibles de descomposición autosustentada.
- A91 (198) Unha solución de nitrocelulosa que non conteña máis do 20% de nitrocelulosa pode transportarse conforme os requisitos relativos a "Pintura", "Produtos de perfumaría" ou "Tinta de imprenta" segundo corresponda; véxanse ONU 1210, ONU 1263, ONU 1266, ONU 3066, ONU 3469 e ONU 3470.
- A92 (199) Os compostos de chumbo que en caso de mesturarse nunha proporción de 1:1000 con 0,07 M de ácido clorhídrico e ser axitados por unha hora a unha temperatura de 23°C ±2°C, mostren unha solubilidade do 5% ou menos (véxase ISO 3711:1990 "*Pigmentos a base de cromato e de cromomolibdato de chumbo — Especificacións e métodos de ensaio*") considéranse insolubles e non están suxeitos ás presentes instrucións, a menos que cumpran os criterios para a súa inclusión noutra clase ou división de risco.
- A93 Un obxecto fonte de calor non está suxeito a estas instrucións cando se separe o compoñente que é fonte de calor ou de enerxía para evitar que entre en funcionamento involuntariamente durante o transporte. Cando se expide unha carta de porte aéreo deben incluírse nela o termo "sen restricións" e o número de disposición especial A93.

## IT ONU

- ≠ A94 As baterías ou pilas que conteñen sodio non deben conter ningunha outra mercadoría perigosa, con excepción do sodio, o xofre ou os compostos de sodio (por exemplo, polisulfuros de sodio e tetracloroaluminato de sodio). As baterías ou pilas non se deben presentar para o transporte a unha temperatura tal que haxa sodio elemental líquido nelas a menos que o aprobe a autoridade nacional que corresponda segundo as condicións establecidas por esa autoridade.
- As pilas deben consistir en estoxos metálicos cerrados hermeticamente, que encerren totalmente as mercadorías perigosas e que estean fabricados e cerrados para evitar a liberación das mercadorías perigosas nas condicións normais de transporte.
- As baterías deben consistir en pilas suxeitas e totalmente encerradas dentro dun estoxo metálico que estea fabricado e cerrado para evitar a liberación das mercadorías perigosas nas condicións normais de transporte.
- A95 (203) Esta entrada non se deberá usar para os bifenilos policlorados (ONU 2315).
- A96 (196) Só se poden transportar de acordo con esta entrada as fórmulas que nos ensaios de laboratorio non detonen en estado de cavitación nin deflagren, que non mostren ningún efecto cando se quenten baixo encerro e que non manifesten ningún poder explosivo. A fórmula debe ser tamén termicamente estable (é dicir, un SADT de 60°C ou superior para un vulto de 50 kg). As fórmulas que non se axusten a estes criterios deberán transportarse de acordo coas disposicións correspondentes á división 5.2.
- A97 Estas entradas débense utilizar para as substancias que son perigosas para o ambiente pero que non se axustan aos criterios de clasificación de ningunha outra clase ou substancia dentro da clase 9. Isto debe basearse nos criterios que se indican en 2.9.2.1 a). Esta designación pódese utilizar para refugallos que non están doutro modo suxeitos ás presentes instrucións pero que están considerados no *Convenio de Basilea sobre o control dos movementos transfronteirizos dos refugallos perigosos e a súa eliminación*.
- ≠ A98 Non están supeditados a estas instrucións cando se transportan como carga os aerosois, os cartuchos de gas e os recipientes pequenos que conteñen gas cuxa capacidade non exceda os 50 ml que non conteñan constituínte ningún suxeito ás presentes instrucións á parte dun gas da división 2.2, a menos que a súa liberación poida causar tal molestia ou incomodidade aos membros da tripulación que lles impida desempeñar correctamente as funcións asignadas. Cando se expide unha carta de porte aéreo deben incluírse nela o termo "sen restricións" e o número de disposición especial A98.
- A99 Independentemente dos límites de cantidade para aeronaves de carga especificados na columna 13 da táboa 3-1 e na sección I das instrucións de embalaxe 965, 966, 967, 968, 969 e 970, unha batería ou grupo de baterías de litio (é dicir, ONU 3090 ou ONU 3480), incluíndo aquela embalada cun equipo ou instalada nun equipo (é dicir, ONU 3091 ou ONU 3481), que satisfai as demais condicións da sección I da instrución de embalaxe aplicable, pode ter unha masa superior a 35 kg, se así o aproba a autoridade que corresponda do Estado de orixe. O envío debe ir acompañado dunha copia do documento de aprobación.
- A100 (243) A gasolina e os carburantes para motores con acendido por chispa (p. ex., automóbiles, motores fixos e outros motores) deben asignarse a esta entrada independentemente das variacións de volatilidade.
- A101 (227) Cando se utilice auga e material inerte inorgánico como flemador, o contido de nitrato de urea pode non exceder o 75% en masa e a mestura non debe poder ser detonada mediante a serie de probas 1 tipo a) do *Manual de probas e criterios* das Nacións Unidas, parte I.
- A102 (244) Esta lista comprende escoura de aluminio, escuma de aluminio, cátodos gastados, revestimento de olas gastadas e escoura de sales de aluminio.
- A103 Os gases licuados inflamables deben estar contidos nas partes compoñentes dos frigoríficos. Estes compoñentes deben deseñarse e ensaiarse como mínimo ao triplo da presión de funcionamento da maquinaria. Os frigoríficos deben deseñarse e construírse para conter o gas licuado e evitar o risco de que os compoñentes que conservan a presión estalen ou fendan nas condicións normais de transporte. Considérase que os frigoríficos e as partes compoñentes destes non están suxeitos a estas instrucións se conteñen menos de 100 g de gas licuado inflamable non tóxico.
- A104 A etiqueta de risco secundario de substancia tóxica pode utilizarse aínda que nas presentes instrucións non se requira a súa aplicación.
- A105 (242) O xofre non está suxeito a estas instrucións cando se lle deu unha forma específica (p. ex., globuliños, gránulos, boliñas, pastillas ou escamas).
- A106 Esta entrada poderá utilizarse unicamente para as mostras de substancias químicas extraídas para a súa análise en relación coa aplicación da Convención sobre as armas químicas.
- Estas mostras poden transportarse en aeronaves de pasaxeiros ou de carga sempre que as autoridades pertinentes do Estado de orixe ou o director xeral da Organización para a Prohibición das Armas Químicas o aprobasen previamente e as mostras cumpran coas condicións que figuran para a entrada correspondente a mostra química na táboa S-3-1 do suplemento.

IT ONU

Suponse que a substancia satisfai os criterios aplicables ao grupo de embalaxe I para a división 6.1. Non se requiren etiquetas de risco secundario.

O envío deberá ir acompañado dunha copia do documento de aprobación en que se indiquen os límites de cantidade e as condicións de embalaxe.

*Nota.— O transporte das substancias que corresponden a esta descrición deberá axustarse aos procedementos de custodia e seguridade establecidos pola Organización para a Prohibición das Armas Químicas.*

- A107 Esta entrada aplícase unicamente ás maquinarias ou aparellos que conteñen mercadorías perigosas como parte integrante. Non se debe utilizar para maquinarias ou aparellos cuxa denominación do artigo expedido xa figura na táboa 3-1.
- A108 As disposicións da disposición especial A1 aplícanse a esta entrada para o grupo de embalaxe I unicamente.
- A109 Non se utiliza.
- A110 (226) Os preparados destas substancias que conteñan como mínimo 30% de flemador ininflamable non volátil non están suxeitos a estas instrucións.
- A111 Prohíbese o transporte de xeradores de oxíxeno químicos cuxa data de expiración vencese, que sexan inutilizables ou que fosen utilizados.
- A112 Artigo de consumo só pode comprender substancias de clase 2 (aerosois non tóxicos unicamente), clase 3, grupo de embalaxe II ou III, división 6.1 (grupo de embalaxe III unicamente) ONU 3077, ONU 3082 e ONU 3175, sempre que non presenten riscos secundarios. Non se deberán transportar como artigos de consumo as mercadorías perigosas que está prohibido transportar a bordo das aeronaves de pasaxeiros.
- A113 (279) A substancia asígnase a esta clasificación ou grupo de embalaxe baseándose máis ben na experiencia que estritamente nos criterios establecidos nestas instrucións.
- A114 (283) Os obxectos que conteñan gas e estean destinados á función de amortecer choques, incluíndo os dispositivos de absorción da enerxía de impacto, ou resortes pneumáticos, non están suxeitos a estas instrucións sempre que:
- cada obxecto teña para o gas unha capacidade que non exceda os 1,6 l e unha presión de carga que non exceda os 280 bar, onde o produto da capacidade (litros) e a presión de carga (bar) non exceda 80 (é dicir, espazo para gas de 0,5 litros e presión de carga de 160 bar, espazo para gas de 1 litro e presión de carga de 80 bar, espazo para gas de 1,6 litros e presión de carga de 50 bar, espazo para gas de 0,28 litros e presión de carga de 280 bar);
  - cada obxecto teña unha presión de estalido mínima de 4 veces a presión de carga a 20°C no caso de produtos que non excedan un espazo para gas de 0,5 litros e 5 veces a presión de carga no caso de produtos cun espazo para o gas de máis de 0,5 litros;
  - cada obxecto estea fabricado con material que non se fragmenta ao producirse ruptura;
  - cada obxecto estea fabricado de conformidade cunha norma de control de calidade aceptada pola autoridade nacional que corresponda; e
  - o prototipo se expuxese a unha proba de reacción ao lume na cal se demostrase que a presión interna do obxecto se reduce mediante un selo que experimenta degradación fronte á acción do lume ou ben outro dispositivo de descompresión tal que o obxecto non se fragmente nin se propulse.
- ≠ A115 (280) Esta entrada aplícase aos obxectos que se utilizan nos infladores de bolsas inflables ou os módulos de bolsas inflables de vehículos de salvamento ou nos pretensores de cintos de seguridade e que conteñen mercadorías perigosas da clase 1 ou mercadorías perigosas doutras clases, cando se transportan como partes compoñentes e cando estes obxectos, tal como se presentan para o transporte, foron sometidos a proba de conformidade coa serie de probas 6 c) da parte I do *Manual de probas e criterios* das Nacións Unidas, sen que o dispositivo explote, sen que se produza fragmentación da cuberta do dispositivo ou do recipiente a presión e non haxa risco de proxección nin efecto térmico que poida obstaculizar de maneira significativa os esforzos de extinción de incendios ou outra resposta de emerxencia na proximidade inmediata.
- A116 Os xeradores de oxíxeno químicos que conteñen un dispositivo de activación explosivo só se deben transportar baixo esta entrada cando quedan excluídos da clase 1 de conformidade con 2;1.1 b).

IT	ONU
≠ A117	Os refugallos que conteñen substancias infecciosas de categoría A deben asignarse ás entradas ONU 2814 ou ONU 2900. Os refugallos que se transportan baixo a entrada ONU 3291 son refugallos que conteñen substancias infecciosas de categoría B ou refugallos respecto dos cales se cre razoablemente que a probabilidade de conter substancias infecciosas é baixa. Cando non se satisfán os criterios doutra clase ou división, pode considerarse que os refugallos descontaminados que anteriormente contiñan substancias infecciosas non están suxeitos a estas instrucións.
A118	Os artigos clasificados como explosivos deben retirarse dos vehículos e transportarse de conformidade coas disposicións establecidas nestas instrucións, excepto cando o autorice a autoridade nacional que corresponda segundo as condicións por escrito establecidas por esa autoridade. En tales circunstancias, os vehículos poden transportarse en aeronaves de carga unicamente.  <i>Nota.— Esta disposición especial non se aplica cando os explosivos constitúen un bote de fume instalado como unha peza permanente do vehículo ou forman parte dunha montaxe clasificada como mercadorías perigosas dunha clase que non sexa a clase 1, p. ex., Infladores de bolsas inflables, Módulos de bolsas inflables e Pretensores de cintos de seguridade (ONU 3268), Extintores de incendios (ONU 1044). Esta disposición especial tampouco se aplica no caso de Módulos de bolsas inflables, Infladores de bolsas inflables e Pretensores de cintos de seguridade (ONU 0503) instalados no vehículo.</i>
A119	Independentemente do límite establecido na columna 13 da táboa 3-1, un dispositivo de manipulación que satisfaga as condicións da instrución de embalaxe 961, preparado para o transporte, pode ter unha masa bruta que non exceda os 1 000 kg.
A120	Esta entrada comprende, sen que esta lista sexa exhaustiva, automóviles, motocicletas, aeronaves, lanchas, zorras motorizadas, motos acuáticas ( <i>jet skis</i> ), etc.
A121	Non se utiliza.
A122 (286)	As membranas filtrantes de nitrocelulosa consideradas nesta entrada, cada unha cunha masa que non exceda os 0,5 g, non están suxeitas a estas instrucións cando van contidas individualmente nun obxecto ou un paquete selado.
A123	Esta entrada aplícase aos acumuladores eléctricos que non figuran doutro modo na táboa 3-1. A modo de exemplo están as baterías de alcali-manganeso, zinc-carbono, níquel-metal híbrido e níquel-cadmio. Todo acumulador eléctrico ou dispositivo, equipo ou vehículo accionado con acumuladores que pode producir unha emisión perigosa de calor debe estar preparado para o transporte de maneira que se evite: a) cortocircuíto (p. ex., no caso dos acumuladores, mediante o illamento eficaz dos terminais expostos ou, no caso de equipo, mediante a desconexión do acumulador e a protección dos terminais expostos); e b) activación accidental. Cando se expide unha carta de porte aéreo, deben incluírse nela o termo “sen restricións” e o número de disposición especial A123.
A124 (292)	Non se utiliza.
A125 (293)	As seguintes definicións aplícanse aos fósforos: a) os fósforos resistentes ao vento son aqueles cuxas cabezas están preparadas cun composto de ignición sensible á fricción e un composto pirotécnico que se queima con pouca ou ningunha chama pero con intensa calor; b) os fósforos de seguridade preséntanse en combinación con ou unidos a unha caixa, carteira ou tira cunha superficie preparada sobre a cal se poden prender por fricción unicamente; c) os fósforos de acendido universal son aqueles que se poden prender por fricción sobre unha superficie sólida; d) os mistos son fósforos que se poden prender por fricción xa sexa sobre unha superficie preparada ou sobre unha superficie sólida.
A126	Non se utiliza.
A127	Non se utiliza.
A128 (153)	Esta entrada só se aplica se se demostra, sobre a base de ensaios, que as substancias, cando entran en contacto coa auga, non son combustibles nin mostran tendencia ningunha á combustión espontánea e que a mestura dos gases que se desprenden non é inflamable.

IT	ONU	
≠ A129	(252)	Sempre que o nitrato amónico se manteña en solución en todas as condicións de transporte, as solucións acuosas de nitrato amónico, cun máximo do 0,2% de material combustible, nunha concentración que non exceda o 80%, non están suxeitas a estas instrucións cando se transportan como carga.
A130	(290)	Cando este material radioactivo se axuste ás definicións e criterios doutras clases ou divisións definidas na parte 2, debe clasificarse de conformidade co seguinte: <ul style="list-style-type: none"> <li>a) se a substancia satisfai os criterios que se aplican ás mercadorías perigosas en cantidades exceptuadas indicadas en 3;5, as embalaxes deben axustarse ao establecido en 3;5.2 e cumprir os requisitos de ensaio de 3;5.3. Todos os outros requisitos aplicables aos vultos exceptuados de material radioactivo que figuran en 1;6.1.5 aplícanse sen referencia á outra clase ou división;</li> <li>b) se a cantidade supera os límites sinalados en 3;5.1.2, a substancia débese clasificar de acordo co risco secundario preponderante. No documento para o transporte de mercadorías perigosas debe figurar a descrición da substancia coa denominación do artigo expedido e o número ONU aplicable á outra clase xunto co nome aplicable ao vulto radioactivo exceptuado, de conformidade coa columna 1 da Lista de mercadorías perigosas, e debe transportarse de acordo coas disposicións aplicables a ese número ONU. O seguinte é un exemplo da información que figura no documento para o transporte de mercadorías perigosas:               <p>Núm. ONU 1993 Líquido inflamable, n.e.p. (mestura de etanol e tolueno), material radioactivo, vulto exceptuado — cantidades limitadas de material, clase 3, GE II.</p> <p>A etiqueta de material radioactivo, vulto exceptuado (figura 5-30) non se require nos vultos que cumpren as condicións establecidas neste subparágrafo. Para facilitar a aceptación, recoméndase indicar "A130" no documento de transporte de mercadorías perigosas. Ademais, aplícanse as condicións de 2;7.2.4.1.1;</p> </li> <li>c) as disposicións de 3;4 para o transporte de substancias perigosas embaladas en cantidades limitadas non se aplican ás substancias clasificadas de acordo coa alínea b);</li> <li>d) cando a substancia satisfaga unha disposición especial que a exima de todas as disposicións relativas ás mercadorías perigosas das outras clases, debe clasificarse de conformidade co número ONU da clase 7 e aplícanse todas as condicións enunciadas en 1;6.1.5.</li> </ul>
A131	(342)	Os recipientes interiores de vidro (como as ampolas ou as cápsulas) destinados exclusivamente a seren usados en aparellos de esterilización, que conteñan menos de 30 ml de óxido de etileno por embalaxe interior e non máis de 300 ml por embalaxe exterior, poden transportarse de conformidade coas disposicións de 3;5, independentemente da indicación "E0" na columna 9 da táboa 3-1, sempre que: <ul style="list-style-type: none"> <li>a) despois do enchedura se comprobouse a hermeticidade de cada recipiente interior de vidro colocándoo nun baño de auga quente a unha temperatura e durante un período de tempo suficientes para lograr unha presión interna igual á presión do vapor de óxido de etileno a 55°C. Os recipientes interiores de vidro en que o ensaio evidenciase fugas, distorsións ou outros defectos non se deben transportar de acordo con esta disposición especial;</li> <li>b) ademais da embalaxe sinalada en 3;5.2, cada recipiente interior de vidro se coloque nunha bolsa de plástico selada compatible co óxido de etileno e capaz de reter o contido en caso de rotura ou fuga do recipiente interior de vidro; e</li> <li>c) cada recipiente interior de vidro conte cunha protección para evitar a perforación da bolsa de plástico (por exemplo un estoxo ou recheo) en caso de que a embalaxe sufra danos (por exemplo se é machucado).</li> </ul>
A132	(204)	Os obxectos que conteñen substancias fumixenas corrosivas de conformidade cos criterios da clase 8 deben levar a etiqueta de risco secundario "Corrosivo".
A133	(311)	As substancias que corresponden a esta entrada non se deben transportar, salvo se así o aproba a autoridade nacional que corresponda baseándose nos resultados das probas apropiadas de acordo coa parte I do <i>Manual de probas e criterios</i> das Nacións Unidas. Con respecto á embalaxe, debe asegurarse que a porcentaxe de diluente non descenda por debaixo daquela establecida na aprobación da autoridade pertinente, en ningún momento durante o transporte.
≠ A134	(312)	Os vehículos ou aparellos propulsados por un motor con pila de combustible deben asignarse aos números ONU 3166 <b>Vehículo con pila de combustible propulsado por gas inflamable</b> , ou ONU 3166 <b>Vehículo con pila de combustible propulsado por líquido inflamable</b> , ou ONU 3166 <b>Motor con pila de combustible propulsado por gas inflamable</b> , ou ONU 3166 <b>Motor con pila de combustible propulsado por líquido inflamable</b> , segundo corresponda. Nestas entradas están incluídos os vehículos eléctricos híbridos propulsados tanto por unha pila de combustible como por un motor de combustión interna con acumuladores de electrólito líquido, acumuladores de sodio, baterías de metal litio ou baterías de ión litio, transportados coas baterías instaladas.

## IT ONU

Os demais vehículos que conteñen un motor de combustión interna deben consignarse baixo as entradas ONU 3166 **Vehículo propulsado por gas inflamable** ou ONU 3166 **Vehículo propulsado por líquido inflamable**, segundo corresponda. Nestas entradas inclúense os vehículos eléctricos híbridos accionados tanto por motor de combustión interna como por acumuladores de electrólito líquido, acumuladores de sodio, baterías de metal litio ou baterías de ión litio, que se transportan con estes acumuladores instalados.

- A135 (313) Non se utiliza.
- A136 (314) a) Estas substancias son susceptibles de descomposición exotérmica a temperaturas elevadas. A descomposición pode iniciarse por calor ou por impurezas (p. ex., metais en po como ferro, manganeso, cobalto e magnesio, e os seus compostos).
- b) Durante o transporte, estas substancias deben protexerse da luz solar e de todas as fontes de calor e instalarse en zonas debidamente ventiladas.
- A137 (315) Esta entrada non se debe utilizar para substancias da división 6.1 que cumpren cos criterios de toxicidade por inhalación de grupo de embalaxe I descritos en 2;6.2.2.4.3.
- A138 (316) Esta entrada aplícase exclusivamente ao hipoclorito cálcico seco cando se transporta en forma de comprimido non esmiazable.
- A139 (317) "Fisionables exceptuados" aplícase só a aquelas embalaxes que se axustan ao disposto en 6;7.10.2.
- A140 (318) Para os efectos da documentación, a denominación do artigo expedido debe complementarse co nome técnico (véxase 1.2.7). Os nomes técnicos non terán que figurar no vulto. Cando non se coñezan as substancias infecciosas que se van transportar, pero se sospeite que cumpren os criterios para a súa inclusión na categoría A e a asignación aos números ONU 2814 ou ONU 2900, a indicación "Substancia infecciosa da cal se sospeita que pertence á categoría A" debe figurar no documento de transporte, a continuación da denominación do artigo expedido, pero non na embalaxe exterior.
- A141 Non se utiliza.
- A142 Non se utiliza.
- A143 (321) Considerarase, en todos os casos, que estes sistemas de almacenamento conteñen hidróxeno.
- A144 O equipo respiratorio de protección (PBE) que conteña un pequeno xerador de oxíxeno químico para uso dos membros da tripulación de aeronave pode transportarse nas aeronaves de pasaxeiros, de conformidade coa instrución de embalaxe 565, nas seguintes condicións:
- a) o PBE debe ser utilizable e estar contido na embalaxe interior orixinal do fabricante sen abrir (é dicir, bolsas seladas ao baleiro e contedor de protección);
- b) o PBE só pode ser enviado por un explotador, ou no seu nome, no caso de que quedase inutilizado ou se empregase, e sexa necesario substituílo para que o número de PBE na aeronave volva ser o exixido polos requisitos de aeronavegabilidade e os regulamentos operacionais pertinentes;
- c) pode haber un máximo de dous PBE por vulto;
- d) a declaración "Equipo respiratorio de protección da tripulación de aeronave (máscara antifume), de conformidade coa disposición especial A144":
- i) debe incluírse no documento de transporte de mercadorías perigosas;
- ii) debe estar marcada sobre o vulto, ao lado da denominación do artigo expedido.
- Se se satisfán as condicións mencionadas, os requisitos da disposición especial A1 non se aplican. Deben aplicarse todos os demais requisitos relativos aos xeradores de oxíxeno químicos, excepto que non se debe fixar a etiqueta de manipulación "Exclusivamente en aeronaves de carga".
- A145 Prohíbese o transporte aéreo de aerosois de refugallo.
- A146 (328) Esta entrada aplícase aos cartuchos para pilas de combustible, mesmo cando estean contidos en equipos ou embalados con equipos. Os cartuchos para pilas de combustible que estean instalados ou formen parte integrante dun sistema de pilas de combustible consideraranse contidos en equipos. Por cartucho para pila de combustible enténdese un obxecto que conteña combustible para a subministración da pila a través dunha ou varias válvulas que controlan a dita subministración. Os cartuchos para pilas de combustible, mesmo cando estean contidos en equipos, deberán estar deseñados e fabricados de maneira que se impida toda fuga de combustible en condicións normais de transporte.

## IT ONU

Os modelos de cartuchos para pilas de combustible que utilizan substancias líquidas como combustible deben superar un ensaio de presión interna a 100 kPa (presión manométrica) sen que se produzan fugas.

Con excepción dos cartuchos para pilas de combustible que conteñan hidróxeno en forma de hidruro metálico, que deben cumprir o disposto na disposición especial A162, os modelos de cartuchos de pilas de combustible, comprendidos os cartuchos de pilas de combustible que estean instalados ou formen parte integrante dun sistema de pilas de combustible, deben superar un ensaio de caída de 1,2 m sobre unha superficie ríxida na orientación en que sexa maior a probabilidade de falla do sistema de contención sen que se produza perda do seu contido.

+ Cando as baterías de metal litio ou as baterías de ión litio estean contidas no sistema de pilas de combustible, o envío consignarase baixo esta entrada e baixo as entradas correspondentes a ONU 3091, **Baterías de metal litio instaladas nun equipo** ou ONU 3481, **Baterías de ión litio instaladas nun equipo**.

A147 (329) Non se utiliza.

A148 (330) Non se utiliza.

A149 Non se utiliza.

A150 Pode requirirse unha etiqueta adicional de risco secundario mediante unha nota adxacente á entrada do nome técnico da táboa 2-7.

A151 Cando se utiliza xeo seco como refrixerante para mercadorías que non son perigosas cargadas nun dispositivo de carga unitarizada ou noutro tipo de paleta, non se aplican os límites de cantidade por vulto que se ilustran nas columnas 11 e 13 da táboa 3-1 para xeo seco. En tal caso, debe identificarse para o explotador o dispositivo de carga unitarizada, ou outro tipo de paleta, e estes deben permitir a ventilación do gas de dióxido de carbono co fin de impedir unha formación de presión que resulte perigosa.

A152 As embalaxes illadas de acordo coas condicións da instrución de embalaxe 202, que conteñen nitróxeno líquido refrixerado plenamente absorbido nun material poroso, non están suxeitos a estas instrucións cando o seu deseño non permite o aumento de presión dentro do contedor nin ningunha liberación de nitróxeno líquido refrixerado, independentemente da orientación da embalaxe illada e cando a embalaxe exterior ou sobreembalaxe que se utilice está pechada de modo que non se poida producir aumento de presión dentro da dita embalaxe ou sobreembalaxe. Cando estas embalaxes se utilizan para conter substancias que non están suxeitas ás presentes instrucións e se expide unha carta de porte aéreo, deben incluírse nela o termo "sen restricións" e o número de disposición especial A152.

A153 Non se utiliza.

A154 As baterías de litio identificadas polo fabricante como defectuosas por motivos de seguridade, ou que sufriron dano, e que poden producir un aumento perigoso de calor, lume ou cortocircuíto, están prohibidas para o transporte (p. ex., aquelas que se devolven ao fabricante por motivos de seguridade).

A155 (332) O hexahidrato de nitrato de magnesio non está suxeito ás presentes instrucións.

A156 (333) As mesturas de etanol e gasolina ou combustible para motores que se vaian utilizar como carburante de motores de automóbil, motores fixos e outros motores de explosión con acendido por chispa, asignaranse a esta entrada independentemente das variacións de volatilidade.

A157 (334) Un cartucho para pilas de combustible poderá conter un activador sempre que conte con dous métodos independentes para evitar a súa mestura accidental co combustible durante o transporte.

A158 (335) As mesturas de sólidos que non estean suxeitas ás presentes instrucións e os líquidos ou sólidos perigosos clasificados polo expedidor como substancias perigosas para o ambiente (ONU 3077 e ONU 3082) (véxase a disposición especial A97) poderán transportarse ao abeiro desta entrada coa condición de que no momento da carga da substancia ou do peche da embalaxe non se observe ningún líquido libre. Os paquetes e os obxectos selados que conteñan menos de 10 ml dun líquido nocivo para o ambiente absorbido nun material sólido, pero sen líquido libre, ou que conteñan menos de 10 g dun sólido nocivo para o ambiente non estarán suxeitos ás presentes instrucións.

A159 (336) Un só vulto de material BAE-II ou BAE-III sólido non combustible non debe conter unha actividade superior a 3 000 A<sub>2</sub>.



## IT ONU

- A160 (337) Os vultos do tipo B(U) e do tipo B(M) non deben conter unha actividade superior á seguinte:
- a) para material radioactivo de baixa dispersión: segundo o autorizado para o deseño do vulto de acordo coas especificacións do certificado de aprobación;
  - b) para material radioactivo en forma especial: 3 000 A<sub>1</sub> ou 100 000 A<sub>2</sub>, segundo a que sexa menor; ou
  - c) para todos os demais materiais radioactivos: 3 000 A<sub>2</sub>.

- ≠ A161 (338) Cada cartucho para pilas de combustible transportado ao amparo desta entrada e deseñado para conter un gas licuado inflamable:
- a) debe ser capaz de soportar, sen estalar nin presentar fugas, unha presión polo menos dúas veces superior á presión de equilibrio do contido a 55°C;
  - b) non debe conter máis de 200 ml de gas licuado inflamable, cuxa presión de vapor non debe exceder os 1 000 kPa a 55°C; e
  - c) debe superar o ensaio de baño en auga quente establecido en 6;5.4.1.

- A162 (339) Os cartuchos para pilas de combustible que conteñan hidróxeno en forma de hidruro metálico e que se transporten ao abeiro desta entrada terán unha capacidade en auga igual ou inferior a 120 ml.

A presión nun cartucho para pilas de combustible non excederá os 5 MPa a 55°C. O modelo deberá soportar, sen estalar nin presentar fugas, unha presión de dúas (2) veces a presión de deseño do cartucho a 55°C ou 200 kPa máis que a presión de deseño do cartucho a 55°C, segundo a que sexa maior. A presión á cal se realizará o ensaio menciónase no ensaio de caída e no ensaio de ciclos de hidróxeno como "presión mínima de rotura".

Os cartuchos para pilas de combustible encheranse de conformidade cos procedementos establecidos polo fabricante. O fabricante proporcionará a seguinte información con cada cartucho para pilas de combustible:

- a) os procedementos de inspección que se deban seguir antes da enchedura inicial e antes da reenchedura do cartucho;
- b) as precaucións de seguridade e os posibles riscos que sexa necesario coñecer;
- c) os métodos para determinar cando se alcanzou a capacidade nominal;
- d) o intervalo de presión mínima e máxima;
- e) o intervalo de temperatura mínima e máxima; e
- f) calquera outro requisito que se teña que satisfacer para a enchedura inicial e a reenchedura, incluído o tipo de equipo que se deba utilizar nesas operacións.

Os cartuchos para pilas de combustible deberán estar deseñados e fabricados de maneira que se impida toda fuga de combustible en condicións normais de transporte. Cada modelo de cartucho, incluídos os que formen parte integrante dunha pila de combustible, deberá superar os seguintes ensaios:

**Ensaio de caída**

Un ensaio de caída de 1,8 m sobre unha superficie ríxida en catro orientacións diferentes:

- a) verticalmente, sobre o extremo que conteña a válvula de peche;
- b) verticalmente, sobre o extremo oposto ao da válvula de peche;
- c) horizontalmente, sobre un resalte de aceiro de 38 mm de diámetro, co resalte de aceiro orientado cara arriba; e
- d) nun ángulo de 45° sobre o extremo que conteña a válvula de peche.

IT ONU

Non se producirán fugas, o que se determinará mediante a utilización dunha solución xabonosa ou outro medio equivalente en todas as posibles localizacións das fugas, cando o cartucho se cargue á súa presión de carga nominal. A continuación, o cartucho para pilas de combustible someterase a presión hidrostática ata a súa destrución. A presión de rotura rexistrada deberá exceder o 85% da presión mínima de rotura.

**Ensaio de incendio**

Un cartucho para pilas de combustible cheo de hidróxeno ata a súa capacidade nominal someterase a un ensaio de incendio. Considerarase que o modelo de cartucho, que poderá incluír como característica integrante un sistema de liberación de presión, superou o ensaio de incendio se:

- a) a presión interna se reduce ata unha presión manométrica nula sen que se produza a rotura do cartucho; ou
- b) o cartucho soporta o lume durante un mínimo de 20 minutos sen que se produza a rotura.

**Ensaio de ciclos de hidróxeno**

Este ensaio ten por obxecto garantir que os límites de tensión dun cartucho para pilas de combustible non se superen durante o uso.

O cartucho para pilas de combustible someterase a un ciclo de enchedura de hidróxeno desde non máis do 5% da súa capacidade nominal ata non menos do 95% da súa capacidade nominal e baleirado de novo ata non máis do 5% da súa capacidade nominal. Para a carga utilizarase a presión de carga nominal e as temperaturas manteranse dentro do intervalo de temperaturas de funcionamento. O proceso manterase durante un mínimo de 100 ciclos.

Despois do ensaio de ciclos, cargarase o cartucho e medirase o volume de auga desprazado por este. Considerarase que o modelo de cartucho superou o ensaio de ciclos de hidróxeno se o volume de auga desprazado polo cartucho sometido aos ciclos non supera o volume de auga desprazado por un cartucho que non se sometese ao ensaio cargado ao 95% da súa capacidade nominal e se sometese a unha presión do 75% da súa presión mínima de rotura.

**Ensaio de fugas durante a fabricación**

Cada cartucho para pilas de combustible será sometido a un ensaio de comprobación de fugas a 15°C ± 5°C mentres se mantén presurizado á súa presión de carga nominal. Non se deberán apreciar fugas, o que se determinará utilizando unha solución xabonosa ou outro método equivalente en todas as posibles localizacións das fugas.

A seguinte información deberá figurar de maneira clara e indeleble en cada cartucho para pilas de combustible:

- a) a presión de carga nominal en megapascais (MPa);
- b) o número de serie do fabricante dos cartuchos ou un número de identificación único; e
- c) a data de caducidade baseada na duración máxima de servizo (o ano con catro díxitos; o mes con dous díxitos).

- A163 (340) Poderán transportarse de conformidade con 3;5 os equipos químicos, caixas de urxencia e bolsas de resina poliestérica que conteñan mercadorías perigosas en embalaxes interiores sen exceder os límites de cantidade para as cantidades exceptuadas aplicables a cada unha das substancias, tal como se especifica na columna 9 da táboa 3-1. As substancias da división 5.2, aínda que non están permitidas individualmente como cantidades exceptuadas na táboa 3-1, quedan permitidas neses equipos e asígnaselles o código E2 (véxase 5.1.2).
- A164 Todo acumulador eléctrico ou dispositivo, equipo ou vehículo accionado con acumuladores que pode producir unha emisión perigosa de calor debe estar preparado para o transporte de maneira que se evite:
- a) cortocircuíto (p. ex., no caso dos acumuladores, mediante illamento eficaz dos terminais expostos ou, no caso de equipo, mediante a desconexión do acumulador e a protección dos terminais expostos); e
  - b) accionamento accidental.
- A165 (347) Esta entrada pode utilizarse unicamente se os resultados da proba d) da serie de probas 6 da parte I do *Manual de probas e criterios*, das Nacións Unidas demostraron que todo efecto perigoso que xera o funcionamento se limita ao vulto (véxase 2;1.4.2.1).

---

*IT ONU*

---

A166 (343) Esta disposición aplícase ao petróleo bruto que contén sulfuro de hidróxeno en concentración suficiente para que os gases que se desprenden do petróleo bruto presenten un risco por inhalación. O grupo de embalaxe asignado debe determinarse en función do risco de inflamación e do risco por inhalación, segundo o grao de perigo que presenten.

A167 (344) Deben cumprirse as disposicións de 6;5.4.

A168 (348) Non se utiliza.

*Nota.— Véxanse as instrucións de embalaxe 965 a 967.*

A169 (349) As mesturas dun hipoclorito cun sal de amonio non se admiten para o transporte. O número ONU 1791, **Hipocloritos en solución**, é unha substancia da clase 8.

A170 (350) O transporte de bromato amónico e as súas solucións acuosas e as mesturas dun bromato cun sal de amonio está prohibido.

A171 (351) O transporte de clorato de amonio e as súas solucións acuosas e as mesturas dun clorato cun sal de amonio está prohibido.

A172 (352) O transporte de clorito amónico e as súas solucións acuosas e as mesturas dun clorito cun sal de amonio está prohibido.

A173 (353) O transporte de permanganato amónico e as súas solucións acuosas e as mesturas dun permanganato cun sal de amonio está prohibido.

A174 (354) Non se utiliza.

A175 (355) Os cilindros de oxíxeno para uso de emerxencia transportados conforme o disposto nesta entrada poden levar instalados cartuchos de accionamento (cartuchos, piromecanismos da división 1.4, grupo de compatibilidade C ou S), sen que se modifique a clasificación na división 2.2, sempre que a cantidade total de explosivos deflagrantes (propulsantes) non exceda os 3,2 g por cilindro de oxíxeno. Os cilindros preparados para o transporte que leven instalados cartuchos de accionamento deben contar cun medio eficaz que impida a activación por inadvertencia.

≠ A176 (356) Os dispositivos de almacenamento con hidruro metálico instalados en vehículos, embarcacións ou aeronaves ou en compoñentes completos ou destinados a seren instalados en vehículos, embarcacións ou aeronaves deben ser aprobados pola autoridade nacional que corresponda antes da súa aceptación para o transporte. Indicarase no documento de transporte que a embalaxe foi aprobado pola autoridade nacional que corresponda ou xuntarse a cada envío unha copia da aprobación da autoridade nacional que corresponda.

A177 (357) O petróleo bruto que conteña sulfuro de hidróxeno en concentración suficiente para que os gases que se desprenden do petróleo cru poidan presentar un risco por inhalación debe asignarse ao núm. ONU 3494 **Petróleo bruto ácido, inflamable, tóxico**.

A178 O equipamento de seguridade como maletíns, caixas de seguridade, sacos de seguridade e outros, que conteñan mercadorías perigosas, por exemplo, baterías de litio e/ou material pirotécnico, non está suxeito ás presentes instrucións se se cumpre o seguinte:

a) o equipamento debe estar dotado dun medio eficaz para previr a súa activación accidental;

b) se o equipamento contén unha substancia explosiva ou pirotécnica ou un obxecto explosivo, a autoridade nacional que corresponda do Estado de fabricación debe excluír da clase 1 o artigo ou a substancia en cuestión, de conformidade coa parte 2;1.5.2.1;

c) se o equipamento contén pilas ou baterías de litio, estas pilas ou baterías deben axustarse ás restricións seguintes:

1) nunha pila de metal litio, o contido de litio é como máximo de 1 g;

2) nunha batería de metal litio ou de aliaxe de litio, o contido total de litio é como máximo de 2 g;

3) no caso de pilas de ión litio, a capacidade nominal non supera 20 Wh (véxase o anexo 2);

4) no caso de baterías de ión litio, a capacidade nominal non supera 100 Wh; e

---

## IT ONU

5) cada pila ou batería é do tipo que probadamente satisfai as condicións de cada unha das probas que figuran no *Manual de probas e criterios* das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3;

d) se o equipo contén gases para expulsar colorante ou tinta, permítense unicamente os cartuchos de gas e os recipientes pequenos que conteñen gas cuxa capacidade non supera 50 ml e que non conteñen ningún constituínte suxeito ás presentes instrucións á parte daqueles da división 2.2. A liberación do gas non debe causar molestias ou incomodidade extremas aos membros da tripulación que lles impidan desempeñar correctamente as funcións asignadas. En caso de activación accidental, todos os efectos perigosos deben limitarse ao equipamento e non producir ruído extremo; e

e) o transporte de equipamento de seguridade que presente defectos ou danos está prohibido.

Cando se expide unha carta de porte aéreo, nela debe indicarse "Sen restricións" e a disposición especial A178.

A179 Para ONU 3077, independentemente das cantidades netas máximas especificadas nas columnas 11 e 13 da táboa 3.1, permítense utilizar recipientes intermedios para graneis (RIG) cunha cantidade neta máxima que non supere os 1 000 kg, de conformidade coa instrución de embalaxe 956.

A180 Os espécimes non infecciosos, por exemplo de mamíferos, aves, anfibios, réptiles, peixes, insectos e outros invertebrados que se transportan con pequenas cantidades de ONU 1170, ONU 1198, ONU 1987 ou ONU 1219 non están suxeitos ás presentes instrucións cando se cumpren as seguintes condicións de embalaxe e marcas:

a) os espécimes:

1) envólvense en toalla de papel e/ou estopa mollada en alcohol ou unha solución de alcohol e logo pónense dentro dun saco de plástico que se sela con calor. A cantidade total de líquido libre no saco non debe ser superior os 30 ml; ou

2) pónense en viais ou outros recipientes ríxidos con non máis de 30 ml de alcohol ou nunha solución de alcohol;

b) os espécimes, despois de preparados, pónense nun saco de plástico que a continuación se sela con calor;

c) os espécimes dentro dun saco pónense dentro doutro saco de plástico con material absorbente e que logo se sela con calor;

d) o saco preparado para o envío ponse seguidamente nunha embalaxe exterior resistente con material de acolchamento adecuado;

e) a cantidade total de líquido inflamable por embalaxe exterior non excede 1 l; e

f) o vulto completo vai marcado "Especímenes para investigación científica. Sen restricións. Aplícase a disposición especial A180".

Cando se expide unha carta de porte aéreo, nela débese indicar "Sen restricións" e a disposición especial A180.

A181 Cando un vulto contén unha combinación de baterías de litio instaladas nun equipo e baterías de litio embaladas cun equipamento, este debe marcarse ONU 3091 **Baterías de metal litio embaladas cun equipamento**; ou ONU 3481 **Baterías de ión litio embaladas cun equipamento**, segundo corresponda. Se o vulto contén tanto baterías de metal litio como baterías de ión litio, este debe marcarse de conformidade coas condicións aplicables para ambos os tipos de baterías. Porén, non é necesario considerar as pilas botón instaladas nun equipamento (incluídas as tarxetas de circuitos).

A182 O equipamento que contén unicamente baterías de litio débese clasificar como ONU 3091 ou como ONU 3481.

A183 Está prohibido transportar por vía aérea as baterías de refugallo e as baterías que se envían para reciclalas ou eliminalas, salvo cando se conta coa aprobación da autoridade nacional que corresponda do Estado de orixe e do Estado do explotador.

+ A184 (304) Esta entrada só se pode utilizar para o transporte de baterías non activadas que conteñen hidróxido de potasio seco e que deben ser activadas antes do uso mediante a adición dunha cantidade adecuada de auga a cada unha das pilas.

+ A185 (360) Os vehículos accionados unicamente por baterías de metal litio ou baterías de ión litio deben asignarse á entrada ONU 3171, **Vehículo accionado por batería**.

## IT ONU

- + A186 (361) Esta entrada aplícase aos condensadores eléctricos de dobre capa cunha capacidade de almacenamento de enerxía superior a 0,3 Wh. Os condensadores cunha capacidade de almacenamento de enerxía de 0,3 Wh ou menos non están suxeitos ás presentes instrucións. Por capacidade de almacenamento de enerxía enténdese a enerxía almacenada nun condensador, calculada utilizando a voltaxe e a capacitancia nominais. Todos os condensadores a que se aplica esta entrada, incluídos os que conteñen un electrólito que non cumpre os criterios de clasificación de ningunha clase ou división de mercadorías perigosas, deben satisfacer as seguintes condicións:
- a) os condensadores non instalados nun equipo deben transportarse descargados. Os condensadores instalados nun equipamento deben transportarse xa sexa descargados ou protexidos contra cortocircuitos;
  - b) cada condensador debe protexerse contra o posible perigo de cortocircuíto durante o transporte da seguinte maneira:
    - i) cando a capacidade de almacenamento de enerxía do condensador é inferior ou igual a 10 Wh ou cando a capacidade de almacenamento de enerxía de cada condensador dun módulo é inferior ou igual a 10 Wh, o condensador ou módulo debe protexerse contra cortocircuitos ou estar provisto dun aro metálico que conecte os bornes; e
    - ii) cando a capacidade de almacenamento de enerxía do condensador ou dun condensador dun módulo é superior a 10 Wh, o condensador ou o módulo debe estar provisto dun aro metálico que conecte os bornes;
  - c) os condensadores que conteñen mercadorías perigosas deben estar deseñados para resistir unha presión diferencial de 95 kPa;
  - d) os condensadores deben estar deseñados e construídos de modo que teñan a capacidade de liberar sen perigo a presión que se poida acumular, xa sexa a través dun orificio de ventilación ou dun punto débil na súa envoltura. Todo líquido que se libere como resultado da ventilación debe quedar contido na embalaxe ou no equipamento en que estea instalado o condensador; e
  - e) os condensadores deben levar marcada a capacidade de almacenamento de enerxía en Wh.

Os condensadores que conteñen un electrólito que non cumpre os criterios de clasificación de ningunha clase ou división de mercadorías perigosas, mesmo cando estean instalados nun equipamento, non están suxeitos a outras disposicións das presentes instrucións.

Os condensadores que conteñen un electrólito que cumpre os criterios de clasificación dalgunha clase ou división de mercadorías perigosas e teñen unha capacidade de almacenamento de enerxía de 10 Wh ou menos, non están suxeitos a outras disposicións das presentes instrucións se son capaces de aguantar, sen a súa embalaxe, un ensaio de caída desde 1,2 m de altura sobre unha superficie ríxida sen que se produza perda do seu contido.

Os condensadores que conteñen un electrólito que cumpre os criterios de clasificación dalgunha clase ou división de mercadorías perigosas, non están instalados nun equipamento e teñen unha capacidade de almacenamento de enerxía superior a 10 Wh están suxeitos ás presentes instrucións.

Os condensadores instalados nun equipamento e que conteñen un electrólito que cumpre os criterios de clasificación dalgunha clase ou división de mercadorías perigosas non están suxeitos a outras disposicións das presentes instrucións se o equipo está colocado nunha embalaxe exterior resistente, construída con materiais apropiados e coa resistencia e o deseño adecuados en relación co uso a que está destinado, de modo tal que se impida a activación accidental do condensador durante o transporte. Os equipamentos grandes e robustos que conteñen condensadores poden presentarse para o transporte sen embalaxe ou en bandexas se os condensadores quedan protexidos de forma equivalente polo equipamento en que están instalados.

*Nota.— Os condensadores que por deseño manteñen unha voltaxe terminal (por exemplo, os condensadores asimétricos) non corresponden a esta entrada.*

- + A187 (362) Esta entrada aplícase aos líquidos, pastas ou pos, presurizados cun propulsante que responde á definición de gas dada en 2;2.1.1 e en 2;2.1.2 a) ou b).

*Nota.— Un produto químico a presión nun xerador de aerosois debe transportarse de acordo co disposto para ONU 1950.*

Débense aplicar as seguintes disposicións:

- a) O produto químico a presión debe clasificarse en función das características de perigo dos compoñentes nos diferentes estados:

---

IT ONU

---

- i) o propulsante;
- ii) o líquido; ou
- iii) o sólido.

Se un deses compoñentes, que pode ser unha substancia pura ou unha mestura, se debe clasificar como inflamable, o produto químico a presión debe clasificarse como inflamable na división 2.1. Os compoñentes inflamables son líquidos e mesturas de líquidos inflamables, sólidos e mesturas de sólidos inflamables ou gases e mesturas de gases inflamables que cumpren os seguintes criterios:

- i) un líquido inflamable é un líquido que ten un punto de inflamación non superior a 93°C;
- ii) un sólido inflamable é un sólido que satisfai os criterios expostos en 2;4.2.2 das presentes instrucións;

- iii) un gas inflamable é un gas que satisfai os criterios expostos en 2;2.2.1 das presentes instrucións;

b) os gases da división 2.3 e os gases cun risco secundario da división 5.1 non se deben utilizar como propulsores en produtos químicos a presión;

c) cando os compoñentes líquidos ou sólidos se clasifiquen como mercadorías perigosas da división 6.1, grupos de embalaxe II ou III, ou a clase 8, grupos de embalaxe II ou III, débese asignar ao produto químico a presión un risco secundario da división 6.1 ou a clase 8 e o número ONU apropiado. Os compoñentes clasificados na división 6.1, grupo de embalaxe I, ou a clase 8, grupo de embalaxe I, non se deben utilizar para o transporte baixo esta denominación do artigo expedido;

d) ademais, os produtos químicos a presión con compoñentes que satisfán as propiedades da clase 1, explosivos; a clase 3, explosivos líquidos insensibilizados; a división 4.1, substancias de reacción espontánea e explosivos sólidos insensibilizados; a división 4.2, substancias que presentan risco de combustión espontánea; a división 4.3, substancias que en contacto coa auga emiten gases inflamables; a división 5.1, substancias comburentes; a división 5.2, peróxidos orgánicos; a división 6.2, substancias infecciosas; ou a clase 7, material radioactivo, non se deben utilizar para o transporte baixo esta denominación do artigo expedido.

- + A188 (359) Unha solución de nitroglicerina en alcohol con máis dun 1% pero non máis dun 5% de nitroglicerina debe clasificarse na clase 1 e asignarse ao ONU 0144 se non se cumpren todas as condicións da instrución de embalaxe 371.
- + A189 Excepto cando se cumpren os criterios que definen outra clase ou división, as concentracións de solución de formaldehído:
  - de menos do 25% pero máis do 10% de formaldehído deben clasificarse como ONU 3334, **Líquido regulamentario para a aviación, n.e.p.**; e
  - de menos do 10% de formaldehído non están suxeitas ás presentes instrucións.
- + A190 Os detectores de radiación de neutróns que conteñen máis de 1 gramo de trifluoruro de boro gasoso non sometido a presión e os sistemas de detección de radiación que conteñen detectores de radiación de neutróns como compoñentes poden ser transportados en aeronaves de carga de conformidade coas presentes instrucións, independentemente da indicación de "Prohibido" das columnas 12 e 13 da Lista de mercadorías perigosas, sempre que se cumpran as seguintes condicións:
  - a) a presión en cada detector de radiación de neutróns non debe exceder os 105 kPa (absoluto) a 20°C;
  - b) o volume de gas non debe exceder os 12,8 gramos por detector e o volume de neutróns por embalaxe exterior ou por sistema de detección de radiación non debe exceder os 51,2 gramos;
  - c) cada detector de radiación de neutróns debe ser de metal soldado con montaxes de paso de soldadura metal-cerámica. A presión de estalido mínima debe ser de 1800 kPa.

IT ONU

d) cada detector de radiación de neutróns debe estar embalado nun forro plástico intermedio selado provisto de material absorbente suficiente para absorber todo o contido de gas. Os detectores de radiación de neutróns deben estar embalados en embalaxes exteriores resistentes capaces de superar un ensaio de caída de 1,8 m sen que se produzan fugas. Os sistemas detectores de radiación que conteñen detectores de radiación de neutróns tamén deben estar provistos de material absorbente suficiente para absorber todo o contido de gas dos detectores de radiación de neutróns. O material absorbente debe ir envolto nun forro ou forros, segundo corresponda. Deben estar embalados en embalaxes exteriores resistentes, a non ser que os detectores de radiación de neutróns estean protexidos de maneira equivalente polo sistema de detección de radiación; e

e) o vulto debe levar as etiquetas de risco secundario de "Gas tóxico" e "Corrosivo".

No documento de transporte de mercadorías perigosas débese sinalar que o transporte se realiza conforme esta disposición especial e non se debe especificar unha instrución de embalaxe no documento de transporte.

Cando se transportan como carga, os detectores de radiación de neutróns que conteñen non máis de 1 gramo de trifluoruro de boro, comprendidos aqueles con unións soldadas de vidro, e os sistemas de detección de radiación que conteñen estes detectores cando os detectores de radiación de neutróns satisfán as condicións mencionadas e están embalados conforme elas, non están suxeitos ás presentes instrucións, independentemente da indicación de "Prohibido" das columnas 10 a 13 da táboa 3-1. A indicación "sen restricións" e o número A190 da disposición especial deben incluírse na carta de porte aéreo, se se utiliza unha.

+ A191 Mesmo cando o risco secundario da división 6.1 figura na columna 4 da táboa 3-1, a etiqueta de tóxico como risco secundario e a indicación deste risco secundario no documento de transporte de mercadorías perigosas non se requiren cando os obxectos manufacturados non conteñen máis de 5 kg de mercurio. No documento de transporte de mercadorías perigosas debe indicarse que o transporte se axusta a esta disposición especial.

## Capítulo 4

### MERCADORÍAS PERIGOSAS EN CANTIDADES LIMITADAS

*Nota.— As recomendacións da ONU conteñen disposicións sobre cantidades limitadas de mercadorías perigosas. Estas recoñecen que se se transportan as mercadorías en cantidades limitadas presentan un perigo menor e poden transportarse sen riscos en embalaxes de boa calidade dos tipos especificados nas recomendacións, aínda que non fosen ensaiadas nin marcadas en consecuencia. As disposicións contidas neste parágrafo baséanse nas que figuran nas Recomendacións da ONU e permiten que se transporten cantidades limitadas de mercadorías perigosas en embalaxes que, aínda que non fosen ensaiadas nin marcadas de acordo coa parte 6 destas instrucións, satisfán os requisitos de construción preceptuados nesa parte. Nas recomendacións da ONU requirese que os vultos que conteñen cantidades limitadas de mercadorías perigosas leven a marca en forma de rombo que se especifica no capítulo 3.4 da Regulamentación modelo das Nacións Unidas. A marca que se require nas presentes instrucións inclúe todos os elementos desta marca ademais dunha "Y" que indica cumprimento das disposicións destas instrucións, xa que algunhas delas son máis rigorosas que aquelas da Regulamentación modelo das Nacións Unidas e doutros medios de transporte. Por exemplo, para os vultos transportados de conformidade coas presentes instrucións requirense etiquetas de risco e as cantidades por embalaxe interior e por vulto son, nalgúns casos, inferiores ás que autoriza a Regulamentación modelo das Nacións Unidas. A Regulamentación modelo das Nacións Unidas recoñece a marca requirida nas presentes instrucións para asegurar que os vultos que conteñen cantidades limitadas de mercadorías perigosas preparadas de acordo con elas sexan aceptados polos outros modos de transporte.*

#### 4.1 APLICABILIDADE

4.1.1 Só se poderán transportar cantidades limitadas de mercadorías perigosas de acordo coas limitacións e disposicións deste capítulo, e débense satisfacer todos os requisitos aplicables das instrucións técnicas, a menos que se dispoña doutro modo máis adiante.

4.1.2 Só as mercadorías perigosas que están permitidas nas aeronaves de pasaxeiros e que satisfán os criterios das clases, divisións e grupos de embalaxes (cando corresponda) enunciados máis adiante, poderán transportarse de acordo con estas disposicións para mercadorías perigosas en cantidades limitadas:

Clase 2	Só ONU 1950 nas divisións 2.1 e 2.2 e ONU 2037 nas divisións 2.1 e 2.2 sen risco secundario, ONU 3478 ( <b>Cartuchos para pilas de combustible</b> , que conteñen gas licuado inflamable) e ONU 3479 ( <b>Cartuchos para pilas de combustible</b> , que conteñen hidróxeno nun hidruro metálico)
Clase 3	Grupos de embalaxe II e III
División 4.1	Grupos de embalaxe II e III pero excluindo todas as substancias de reacción espontánea, independentemente do grupo de embalaxe
División 4.3	Grupos de embalaxe II e III, sólidos unicamente
División 5.1	Grupos de embalaxe II e III
División 5.2	Unicamente se está contido nun xogo de mostras químicas ou nunha caixa de primeiros auxilios
División 6.1	Grupos de embalaxe II e III
Clase 8	Grupos de embalaxe II e III pero excluindo ONU 2794, ONU 2795, ONU 2803, ONU 2809, ONU 3028 e ONU 3506
Clase 9	Unicamente ONU 1941, ONU 1990, ONU 2071, ONU 3077, ONU 3082, ONU 3316, ONU 3334 e ONU 3335

*Nota.— Estas disposicións sobre cantidades limitadas NON permiten transportar numerosas substancias ou obxectos, entre os cales se inclúen os seguintes:*

- a) os permitidos exclusivamente en aeronaves de carga;*
- b) os pertencentes ao grupo de embalaxe I;*
- c) os pertencentes ás clases 1 ou 7 ou ás divisións 2.1 (coa excepción dos aerosois) 2.3 ou 6.2;*
- d) os pertencentes á División 4.2 ou co risco secundario 4.2.*

4.1.3 As limitacións e disposicións para o transporte de mercadorías perigosas en cantidades limitadas aplícanse de maneira idéntica ás aeronaves de pasaxeiros e de carga.

## 4.2 A EMBALAXE E TIPOS DE EMBALAXE

4.2.1 Deberanse satisfacer as condicións xerais de embalaxe de 4;1.1 aplicables ás aeronaves de pasaxeiros, coa excepción das que figuran en 4;1.1.2, 4;1.1.9 c), 4;1.1.9 e), 4;1.1.16, 4;1.1.18 e 4;1.1.20 que non se aplican.

4.2.2 As embalaxes, incluídos os seus peches, que fosen utilizadas máis dunha vez (é dicir, que fosen reenchidos e se expidan outra vez despois de ter sido previamente baleiradas) deberán inspeccionarse a fondo e estar en condicións tales que protexan o seu contido e cumpran a súa función de contención tan eficazmente como unha embalaxe nova. Se o material de acolchamento ou o material absorbente foron utilizados anteriormente, deberán manter a capacidade de cumprir coa súa función primaria.

4.2.3 Non se permiten as embalaxes únicas, comprendidas as embalaxes compostas.

4.2.4 As cantidades limitadas de mercadorías perigosas deberán embalarase de acordo coa pertinente instrución de embalaxe para cantidade limitada que se recoñece pola letra "Y" que leva anteposta e que se indica na columna 10 da táboa 3-1.

4.2.5 As embalaxes interiores deberán satisfacer os requisitos de 6;3.2. O deseño dos envases exteriores deberá satisfacer os requisitos de construción de 6;3.1 que se aplican ao tipo de embalaxe exterior que se debe utilizar para o obxecto ou substancia.

## 4.3 LIMITACIÓNS DE CANTIDADE

4.3.1 A cantidade neta por vulto non deberá exceder a cantidade que se especifica na columna 11 da táboa 3-1, fronte ao número de instrución de embalaxe precedido da letra "Y", que se indica na columna 10.



4.3.2 A masa bruta por vulto non debe exceder os 30 kg.

4.3.3 Cando unha embalaxe exterior contén distintas mercadorías perigosas, as súas cantidades deberán limitarse de forma tal que:

≠ a) para as clases que non sexan as clases 2 (excepto ONU 2037, ONU 3478 e ONU 3479) e 9, a cantidade neta total do vulto non exceda o valor de 1, cando "Q" se calcule utilizando as fórmulas:

$$Q = \frac{n_1}{M_1} + \frac{n_2}{M_2} + \frac{n_3}{M_3} + \dots$$

onde  $n_1$ ,  $n_2$ , etc., son as cantidades netas das distintas mercadorías perigosas e  $M_1$ ,  $M_2$ , etc., as cantidades netas máximas das distintas mercadorías perigosas segundo a táboa 3-1 que figuran xunto coas instrucións de embalaxe "Y" correspondentes; e

≠ b) para as clases 2 (excepto ONU 2037, ONU 3478 e ONU 3479) e 9:

1) cando estas se embalen xuntas sen mercadorías doutras clases, a masa bruta do vulto non exceda os 30 kg; ou

2) cando se embalen xunto con mercadorías doutras clases, a masa bruta do vulto non exceda os 30 kg e a cantidade neta total de mercadorías do vulto que non sexan da clase 2 (excepto ONU 2037, ONU 3478 e ONU 3479) ou 9 non exceda o valor de 1 calculado de conformidade con a).

c) o dióxido de carbono sólido (xeo seco), ONU 1845, pode embalarsen xunto coas mercadorías doutras clases, sempre que a masa bruta da embalaxe non exceda os 30 kg. Non é necesario tomar en consideración a cantidade de xeo seco no cálculo do valor "Q". Non obstante, a embalaxe que conteña dióxido de carbono sólido (xeo seco) e a embalaxe externa deben permitir a liberación do gas de dióxido de carbono.

4.3.4 Cando as distintas mercadorías perigosas contidas na embalaxe exterior só comprendan mercadorías co mesmo número ONU, grupo de embalaxe e estado físico (é dicir, sólido ou líquido), non será necesario facer o cálculo prescrito en 4.3.3 a). Con todo, a cantidade neta total do vulto non deberá exceder a cantidade neta máxima segundo a táboa 3-1.

#### 4.4 ENSAIO DOS VULTOS

4.4.1 Cada vulto entregado para o seu transporte debe ser capaz de resistir un ensaio de caída de 1,2 m onde se deixa caer o vulto sobre unha superficie plana e horizontal, ríxida e inelástica, na posición máis propensa a danarse. Os criterios para superar a proba son que a embalaxe exterior non deberá exhibir ningún dano que poida afectar a seguridade durante o transporte, e non deberá haber filtracións da substancia contida na embalaxe ou embalaxes interiores.

4.4.2 Cada vulto entregado para o seu transporte debe ser capaz de resistir, sen que se produzan roturas ou fugas nas embalaxes interiores e sen que o grao de eficacia se reduza considerablemente, unha forza aplicada á superficie superior, durante 24 horas, equivalente ao peso total de vultos idénticos empillados ata unha altura de 3 m (incluíndo a mostra de ensaio).

#### 4.5 MARCAS NOS VULTOS

4.5.1 Os vultos que conteñan cantidades limitadas de mercadorías perigosas deberán ir marcados conforme se preceptúa nos parágrafos pertinentes de 5;2, coa excepción de 5;2.4.4.1 que non se aplica.

4.5.2 Os vultos que conteñan cantidades limitadas de mercadorías perigosas e que estean preparados de conformidade con este capítulo deben levar a marca ilustrada na figura 3-1 a continuación. A marca debe ser facilmente visible e lexible, e debe poder permanecer á intemperie sen mingua notable da súa eficacia.

>

4.5.3 Cando os vultos que conteñan mercadorías perigosas en cantidades limitadas se poñen nunha sobreembalaxe, esta debe marcarse coa indicación "SOBREEMBALAXE" e coas marcas requiridas neste capítulo, salvo cando as marcas que representan todas as mercadorías perigosas contidas na sobreembalaxe están visibles.


#### 4.6 ETIQUETAS NOS VULTOS

4.6.1 Os vultos que conteñan cantidades limitadas deben levar as etiquetas que se requiren nos parágrafos aplicables de 5;3.

---

#### 4.7 DOCUMENTO DE TRANSPORTE DE MERCADORÍAS PERIGOSAS

- + 4.7.1 O documento de transporte de mercadorías perigosas debe axustarse aos requisitos de 5.4.



**Figura 3-1. Marca para os vultos con cantidades limitadas**

## Capítulo 5

### MERCADORÍAS PERIGOSAS EMBALADAS EN CANTIDADES EXCEPTUADAS

*Partes deste capítulo resultan afectadas polas discrepancias estatais JP 23; véxase a táboa A-1*

#### 5.1 CANTIDADES EXCEPTUADAS

5.1.1 As cantidades exceptuadas de mercadorías perigosas de determinadas clases, que non sexan obxectos, que satisfagan as disposicións do presente capítulo, non están suxeitas a ningunha outra disposición destas instrucións, coa excepción de:

- a) a prohibición no correo de acordo con 1;2.3;
- b) as definicións de 1;3;
- c) os requisitos de instrución en 1;4;
- d) os procedementos de clasificación e os criterios do grupo de embalaxe da parte 2; e
- e) os requisitos de embalaxe de 4;1.1.1, 4;1.1.3.1, 4;1.1.5, 4;1.1.6, 4;1.1.7 e 4;1.1.8 (4;1.1.6 non se aplica a ONU 3082);
- f) a restrición aplicable á carga de 7;2.1;
- g) os requisitos de notificación de accidentes, incidentes e outros sucesos relacionados con mercadorías perigosas de 7;4.4 e 7;4.5; e
- + h) a prohibición de mercadorías perigosas na equipaxe de 8;1.1.

*Nota.— No caso do material radioactivo, aplicaranse os requisitos para o material radioactivo en vultos exceptuados de 1;6.1.5.*

5.1.2 As mercadorías perigosas que se poden transportar como cantidades exceptuadas de acordo co presente capítulo figuran na columna 9 da lista de mercadorías perigosas cos códigos alfanuméricos indicados na táboa 3-3:

**Táboa 3-3. Códigos de cantidades exceptuadas para a táboa 3-1**

Código	Cantidad neta máxima por embalaxe interior	Cantidad neta máxima por embalaxe exterior
E0	Non se permite o transporte como cantidad exceptuada	
E1	30g/30 ml	1kg/1 l
E2	30g/30 ml	500g/500 ml
E3	30g/30 ml	300g/300 ml
E4	1g/1 ml	500g/500 ml
E5	1g/1 ml	300g/300 ml

5.1.2.1 No caso dos gases, o volume indicado para a embalaxe interior refírese á capacidade en auga do recipiente interior e o volume indicado para a embalaxe exterior refírese á capacidade combinada, en auga, de todas as embalaxes interiores contidas nunha única embalaxe exterior.

5.1.3 Cando se embalan xuntas mercadorías perigosas en cantidades exceptuadas ás cales se asignan códigos diferentes, a cantidad total por embalaxe interior debe limitarse á correspondente ao código máis restritivo.

#### 5.2 EMBALAXES

5.2.1 As embalaxes utilizadas para o transporte de mercadorías perigosas en cantidades exceptuadas deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) ten que haber embalaxes interiores e cada embalaxe interior debe ser de plástico (de 0,2 mm de espesura, como mínimo, cando se utilicen para o transporte de mercadorías perigosas líquidas), ou de vidro, porcelana, gres, cerámica ou metal (véxase tamén 4;1.1.3.1) e o peche de cada embalaxe interior débese manter firmemente no seu lugar mediante arame, cinta adhesiva ou calquera outro medio seguro; todo recipiente que teña colo con roscas moldeadas disporá dunha tapa de rosca estanca. O peche será resistente ao contido;

b) cada embalaxe interior debe ir nunha embalaxe intermedia solidamente axustada cun material de recheo de tal forma que, nas condicións normais de transporte, non se poida romper, perforar nin derramar o seu contido. A embalaxe intermedia conterá por completo o contido en caso de rotura ou fuga, sexa cal sexa a orientación do vulto. Cando se trate de mercadorías perigosas líquidas, a embalaxe intermedia conterá material absorbente suficiente para absorber todo o contido da embalaxe interior. Neses casos, o material absorbente poderá ser o material de recheo. As mercadorías perigosas non deben reaccionar perigosamente co material absorbente ou de recheo nin co material da embalaxe nin reducir a integridade ou a función deses materiais;

c) a embalaxe intermedia debe ir solidamente axustada nunha embalaxe exterior resistente e ríxida (de madeira, cartón ou outro material igualmente resistente);

d) cada tipo de vulto debe cumprir o disposto en 5.3;

e) cada vulto debe ter un tamaño suficiente para que haxa espazo para aplicar todas as marcas necesarias; e

f) poderán utilizarse sobreembalaxes que tamén poderán conter vultos de mercadorías perigosas ou de mercadorías que non estean suxeitas ás presentes instrucións, coa condición de que os vultos vaian afianzados dentro da sobreembalaxe.

### 5.3 ENSAIOS PARA OS VULTOS

5.3.1 O vulto completo preparado para o transporte, coas súas embalaxes interiores cheas polo menos ao 95% da súa capacidade no caso de sólidos ou ao 98% no caso de líquidos, debe ser capaz de soportar, segundo se demostre mediante un ensaio adecuadamente documentado, sen que se produzan roturas nin fugas de ningunha embalaxe interior e sen unha redución significativa da súa eficacia:

a) unha caída de 1,8 m sobre unha superficie horizontal plana, ríxida e non elástica:

1) cando a mostra teña forma de caixa, deixarase caer en cada unha das seguintes orientacións:

- de plano sobre a base;
- de plano sobre a parte superior;
- de plano sobre o lado máis longo;
- de plano sobre o lado máis curto;
- sobre unha esquina;

2) cando a mostra teña forma de bidón, deixarase caer en cada unha das seguintes orientacións:

- en diagonal sobre o rebordo da parte superior, co centro de gravidade na vertical do punto de impacto;
- diagonalmente sobre o rebordo da base;
- de plano sobre o costado;

*Nota.— Cada unha das caídas mencionadas ensaiarase en vultos diferentes, pero idénticos.*

b) unha forza aplicada sobre a superficie superior durante 24 horas e equivalente ao peso total de vultos idénticos empillados ata unha altura de 3 m (incluída a mostra).

5.3.2 Para os fins dos ensaios, as substancias que se deban transportar na embalaxe poderán substituírse por outras, salvo que tal substitución desvirtúe os resultados dos ensaios. No caso dos sólidos, cando se utilice outra substancia esta deberá ter as mesmas características físicas (masa, granulometría, etc.) que a substancia que se vaia transportar. Nos ensaios de caída para líquidos, as substancias substitutivas terán unha densidade relativa (masa específica) e viscosidade similares ás das substancias que se vaian transportar.

### 5.4 MARCAS DOS VULTOS

5.4.1 Os vultos que conteñan cantidades exceptuadas de mercadorías perigosas preparadas de acordo co disposto no presente capítulo deben marcarse de forma indeleble e lexible coa marca indicada na figura 3-2. A clase de risco primario ou, cando proceda, a división de cada unha das mercadorías perigosas contidas no vulto figurarán na marca. Cando os nomes do expedidor e do destinatario non figuren en ningún outro lugar no vulto, esa información deberá figurar na marca.

5.4.2 As dimensións da marca serán como mínimo de 100 mm × 100 mm.

5.4.3 As sobreembalaxes que conteñan mercadorías perigosas en cantidades exceptuadas mostrarán a marca exixida en 5.4.1, a menos que as marcas que figuren nos vultos contidos nas sobreembalaxes sexan claramente visibles.

### 5.5 DOCUMENTACIÓN

Se as mercadorías perigosas en cantidades exceptuadas van acompañadas dun documento, como unha carta de porte aéreo, neste débese incluír a mención "Mercadorías perigosas en cantidades exceptuadas" e indicarse o número de vultos.

+

### 5.6 CANTIDADES DE MINIMIS

As mercadorías perigosas asignadas aos códigos E1, E2, E4 ou E5 non están suxeitas ás presentes instrucións cando se transportan como carga coa condición de que:

- a) a cantidade neta máxima de material por embalaxe interior se limite a 1 ml no caso dos líquidos e gases e a 1 g no dos sólidos;
- b) se cumpran as disposicións de 5.2, coa excepción de que non se require unha embalaxe intermedia se as embalaxes interiores van solidamente axustadas nunha embalaxe exterior con material de recheo de tal forma que, nas condicións normais de transporte, non se poidan romper, perforar nin derramar o seu contido; e, no caso das mercadorías perigosas líquidas, a embalaxe exterior conteña material absorbente suficiente para absorber todo o contido das embalaxes interiores;
- c) se cumpran as disposicións de 5.3; e
- d) a cantidade neta máxima de mercadorías perigosas por embalaxe exterior non exceda os 100 g no caso dos sólidos ou de 100 ml no dos líquidos e gases.




Figura 3-2. Marca para cantidades exceptuadas

## Parte 4

### INSTRUCCIÓN DE EMBALAXE

## NOTAS DE INTRODUCCIÓN

≠ *Nota 1.— Grupos de embalaxe*

Para os efectos de embalaxe, as mercadorías perigosas, salvo aquelas das clases 1, 2 e 7, as divisións 5.2 e 6.2, e as substancias de reacción espontánea da división 4.1, asígnanse a tres grupos de embalaxe, segundo sexa o grao de perigo que presentan:

- Grupo de embalaxe I — substancias moi perigosas
- Grupo de embalaxe II — substancias moderadamente perigosas
- Grupo de embalaxe III — substancias pouco perigosas.

Algunhas substancias correspondentes á clase 9 e algúns líquidos da división 5.1 asignáronse aos grupos de embalaxe a base da experiencia, máis que por aplicación de criterios técnicos. O grupo de embalaxe ao cal se asigna cada substancia figura na táboa 3-1. Os criterios para determinar os grupos de embalaxe indícanse na parte 2, capítulos 3, 4, 5, 6 e 8.

*Nota 2.— Variacións de temperatura*

A título informativo para os usuarios destas instrucións, as temperaturas extremas que poden darse no transporte aéreo internacional son da orde de  $-40^{\circ}\text{C}$  e  $55^{\circ}\text{C}$ . Dado que os recipientes e embalaxes probablemente se encheron a unha temperatura baixa e logo se expuxeron en tránsito en zonas tropicais, o aumento da temperatura quizais teña a tendencia a producir derramamentos do contido líquido ou facer que rebenten en tránsito os recipientes ou embalaxes, a menos que se deixase baleira unha marxe apropiada e de que os recipientes ou embalaxes poidan soportar a proba de presión prevista en 1.1.6 desta parte.

*Nota 3.— Variacións de presión*

Debido á altitude, a presión ambiente soportada polo vulto en voo será inferior á presión atmosférica normal a nivel do mar. Como os recipientes ou embalaxes se enchén habitualmente á presión atmosférica normal (aproximadamente 100 kPa), esta presión ambiente máis baixa dará como resultado unha presión diferencial entre o contido do recipiente ou vulto e o compartimento de carga. Nos compartimentos de carga presurizados, a presión diferencial pode ser de 25 kPa aproximadamente, mentres que nos compartimentos de carga non presurizados ou parcialmente presurizados, a presión diferencial pode chegar a alcanzar 75 kPa. Esta presión diferencial en voo tenderá ao derramamento dos líquidos ou a que rebenten os recipientes ou embalaxes, a menos que os recipientes ou embalaxes, e os seus peches respectivos, satisfagan as condicións de ensaio das embalaxes.

*Nota 4.— Vibracións*

As vibracións a que poidan estar expostas as embalaxes nas aeronaves comerciais varían entre 5 mm de amplitude a 7 Hz (correspondente a 1 g de aceleración) e 0,05 mm de amplitude a 200 Hz (correspondente a 8 g de aceleración).

*Nota 5.— Nomenclatura*

En 1;3.1 figura unha nomenclatura que contén algúns dos termos relativos ás embalaxes que se empregan nas presentes instrucións. As explicacións das claves utilizadas nesta parte para designar os tipos de embalaxe interiores e exteriores encontraranse nas táboas 6-2 e 6-3.

*Nota 6.— Cisternas portátiles*

Coa aprobación da autoridade que corresponda do Estado de orixe e do Estado do explotador, determinadas mercadorías perigosas poderán ser transportadas en aeronaves de carga en cisternas portátiles de conformidade coas disposicións da parte S-4, capítulo 12 do suplemento.

≠ *Nota 7.— Transporte de oxíxeno e aire con animais acuáticos*

Coa aprobación da autoridade que corresponda dos Estados de orixe, de destino e do explotador, e para os fins de manter vivos animais acuáticos durante o transporte, poderán transportarse cilindros que conteñan oxíxeno comprimido, (ONU 1072), ou aire comprimido, (ONU 1002), para oxixenar a auga de conformidade coas disposicións da táboa S-3-1 e a disposición especial A202 (que figura no suplemento).

*Nota 8.— Embalaxes para explosivos, substancias de reacción espontánea e peróxidos orgánicos*

A menos que haxa disposicións específicas que digan o contrario nestas instrucións, as embalaxes utilizadas para as mercadorías da clase 1, as substancias de reacción espontánea da división 4.1 e os peróxidos orgánicos da división 5.2 deberían axustarse ás disposicións aplicables á categoría de perigo medio (grupo de embalaxe II).



*Nota 9.— Requisitos adicionais aplicables ao modo de transporte aéreo*

O transporte de mercadorías perigosas por vía aérea está suxeito a máis requisitos que os doutros modos de transporte (p. ex., limitacións de cantidade, requisitos de material absorbente, requisitos de diferenza de presión, procedementos de peche adecuados, e requisitos específicos de instrucións de embalaxe).

*Nota 10.— Transporte de chamas*

Coa aprobación da autoridade que corresponda do Estado de orixe, ou de tránsito (se se aplica), de destino e do explotador, as lámpadas que teñen como combustible ONU 1223 — **Queroseno** ou ONU 3295 — **Hidrocarburos líquidos, n.e.n.p.**, que leve un pasaxeiro para transportar unha chama simbólica (p. ex., chama olímpica, chama da paz) poderán transportarse de conformidade coas condicións da disposición especial A224 (que figura no suplemento deste documento).

*≠ Nota 11.— Transporte exterior aberto*

Cando se preparen mercadorías perigosas para transporte exterior aberto (p.ex., suspendidas desde helicópteros ou en dispositivos de transporte externos abertos), debería considerarse o tipo de embalaxe utilizado e a protección destas embalaxes, cando sexa necesario, contra os efectos do fluxo do aire e as condicións meteorolóxicas (p.ex, danos por chuvia ou neve).

---

## Capítulo 1

### CONDICIÓN XERAIS RELATIVAS ÁS EMBALAXES

*Partes deste capítulo resultan afectadas polas discrepancias estatais IT 7, JP 20, JP 24; véxase a táboa A-1*

#### 1.1 CONDICIÓN XERAIS APLICABLES A TODAS AS CLASES, CON EXCEPCIÓN DA CLASE 7

1.1.1 As mercadorías perigosas embalaranse en embalaxes de boa calidade, que deben ser o suficientemente resistentes como para soportar os choques e as actividades de carga propias do transporte, incluíndo o seu traslado dunha paleta, dispositivo de carga unitarizada ou sobreembalaxe, para a súa subseguinte manipulación manual ou mecánica. As embalaxes estarán construídas e pechadas, cando se preparen para o transporte, de modo que se poida evitar calquera perda do seu contido que se poida deber, nas condicións normais de transporte, a vibracións ou cambios de temperatura, humidade ou presión (como consecuencia, p. ex., da altitude). As embalaxes (incluídas as embalaxes internas e recipientes) pecharanse conforme a información proporcionada polo fabricante. Durante o transporte non se deberá adherir ao exterior dos vultos ningún residuo de substancia perigosa. Estas disposicións aplicaranse, segundo corresponda, ás embalaxes novas, reutilizadas, reacondicionadas ou reconstruídas.

*Nota.— O carácter mesmo do transporte fai que probablemente moitos vultos se trasladen entre diferentes modos de transporte, co conseguinte aumento da súa manipulación, p. ex., de vehículos a almacéns e a continuación ás aeronaves. Ademais, os vultos enviados nunha paleta poden sacarse da dita paleta para facilitar a súa manipulación e carga, as cales se poden efectuar manualmente. Os expedidores deberían ter isto en conta ao seleccionar unha embalaxe apropiada ou ao adoptar unha decisión acerca da idoneidade dun artigo xa embalado, con obxecto de evitar danos e fugas nos vultos durante o transporte. A este respecto, recoméndase proporcionarles ás embalaxes únicas de aceiro ou aluminio (1A1, 1A2, 1B1, 1B2, 3A1, 3A2, 3B1, 3B2) que se transporten en aeronaves de fuselaxe estreita e que non estean protexidas doutro modo, por exemplo, instalándoas nun dispositivo de carga unitarizada, protección extra contra os efectos abrasivos que sofren ao ser cargadas na aeronave; isto pódese lograr mediante sobreembalaxes, paletas ou outros medios que protexan a tapa inferior e o remate. Ademais, as embalaxes únicas pequenas, con capacidade de 2 l ou menos, deberían levar unha sobreembalaxe para facilitar a manipulación e permitir a adecuada fixación das mercadorías perigosas a bordo da aeronave.*

1.1.2 As embalaxes novas, reconstruídas, reutilizadas ou reacondicionadas enumeradas nas táboas 6-2 e 6-3 deberán cumprir cos requisitos aplicables da parte 6 destas instrucións. Estas embalaxes deberán fabricarse e ensaiarse de acordo cun programa de garantía de calidade que convenza a a autoridade nacional que corresponda, co fin de asegurarse que estas embalaxes cumpren cos requisitos aplicables. Cando é preciso someter as embalaxes a ensaio de conformidade con 6.4, o seu uso subseguinte deberá especificarse no informe pertinente sobre as probas e axustarse en todos os aspectos ao prototipo sometido a proba, comprendido o método de embalaxe e o tamaño e tipo de calquera embalaxe interior, excepto en canto ao que se establece en 1.1.10.1 e 6.4.1.7. Antes de enchelo e entregalo para o transporte, cada vulto deberá ser inspeccionado para comprobar que estea exento de corrosión, contaminación ou outros danos. Toda embalaxe que dea mostras de ter perdido resistencia en comparación co prototipo aprobado non se deberá reutilizar ou deberá reacondicionarse de modo que poida soportar os ensaios do tipo de embalaxe.

*Nota.— A norma ISO 16106:2006 Embalaxe/envasado — Vultos para o transporte de mercadorías perigosas — Envases e embalaxes para o transporte de mercadorías perigosas, recipientes intermedios para graneis (RIG) e grandes embalaxes/envases — Guía para a aplicación da norma ISO 9001, proporciona directrices aceptables sobre os procedementos que se poden seguir.*

#### 1.1.3 Requisitos de compatibilidade

1.1.3.1 As partes das embalaxes que estean en contacto directo con mercadorías perigosas:

- a) non se deben ver afectadas ou debilitadas de forma significativa polas ditas mercadorías perigosas;
- b) non deben causar un efecto perigoso, por exemplo, catalizando unha reacción ou reaccionando coas mercadorías perigosas; e
- c) non deben permitir infiltracións das mercadorías perigosas que poidan constituír un perigo nas condicións normais de transporte.

Cando resulte necesario, deben dotarse dun revestimento ou tratamento interior adecuado.

1.1.3.2 Os expedidores deben asegurar ademais que todo material absorbente e os materiais das embalaxes intermedias para líquidos non reaccionen de maneira perigosa co líquido.

1.1.3.3 Non se deben utilizar substancias tales como algúns tipos de material plástico, que poidan amolecer considerablemente, facerse quebradizas ou permeables debido ás temperaturas extremas a que poidan verse sometidas durante o transporte, á acción química do contido ou ao emprego dalgún refrixerante. Aínda que en cada instrución de embalaxe se especifican determinadas embalaxes, o expedidor ten, porén, a obrigaición de garantir que tales embalaxes son compatibles, en todo sentido, cos obxectos ou substancias que deben conter. Isto aplícase, en especial, á súa corrosividade, permeabilidade, amolecemento, avellentamento prematuro e fragilidade.

Debería prestarse atención particular ao seguinte:

- a) o efecto do flúor no vidro;
- b) o efecto da corrosión en metais como o aceiro e o aluminio; e
- c) a interacción (dilatación, infiltración, degradación química e cuarteamento por tensións de medio activo) de substancias con materiais polímeros como o polietileno e o polipropileno.

1.1.3.4 Os expedidores deben asegurarse de que se adoptaron todas as medidas apropiadas para garantir que as embalaxes utilizadas sexan compatibles coas mercadorías perigosas que se van transportar. A evidencia de tales medidas ou avaliacións debe pórse á disposición das autoridades competentes a pedimento destas.

1.1.4 O corpo e o peche das embalaxes deben estar construídos de forma que poidan resistir satisfactoriamente os efectos da temperatura e as vibracións que se producen nas condicións normais de transporte. Os peches deben estar deseñados de modo que:

- a) sexa improbable que pechen mal ou só parcialmente e, ao mesmo tempo poidan examinarse facilmente para determinar que están completamente pechados; e
- b) se manteñan firmemente pechados durante o transporte.

≠ 1.1.4.1 Ademais, para as embalaxes interiores que conteñen líquidos, os peches deben manterse firmes e solidamente no seu lugar mediante o uso de elementos secundarios, é dicir, utilizando, por exemplo: cinta adhesiva, manguitos de fricción, soldaduras, arames fixadores, aneis de fixación, selaxe por indución térmica e peches a proba de nenos. Cando non sexa posible utilizar un elemento de peche secundario, a embalaxe interior debe pecharse ben e pórse nun forro estanco para logo colocarse na embalaxe exterior.

1.1.5 Ao encher as embalaxes para líquidos, deixarase baleiro un espazo suficiente para evitar as fugas e as deformacións permanentes da embalaxe a que podería dar lugar a dilatación do líquido debida ás temperaturas a que probablemente estará sometido durante o transporte. Os líquidos non deberán encher completamente unha embalaxe á temperatura de 55°C.

1.1.6 As embalaxes cuxa función básica sexa reter líquidos, teñen que poder resistir sen filtracións unha presión interna que produza unha presión diferencial mínima de 95 kPa (polo menos de 75 kPa en canto aos líquidos do grupo de embalaxe III, da clase 3 ou da división 6.1), ou unha presión relacionada coa presión do vapor do líquido que teña que transportar, a que sexa maior de ambas. A presión relacionada coa presión do vapor ten que determinarse xa sexa:

- a) baseándose na presión total indicada polo manómetro medida na embalaxe (é dicir, a presión do vapor da substancia contida e a presión parcial do aire ou outros gases inertes, menos 100 kPa) a 55°C, multiplicada por un factor de seguridade de 1,5; esta presión total indicada debe determinarse baseándose na porcentaxe de enchedura, de conformidade con 1.1.5, e da temperatura de enchedura de 15°C; ou
- b) baseándose en 1,75 veces a presión do vapor a 50°C menos 100 kPa, pero cun mínimo de 95 kPa.

Isto pódese expresar coa fórmula seguinte:

$$P = (V_{p50} \times 1,75) - 100 \text{ kPa, cun mínimo de 95 kPa,}$$

onde

P = Presión requirida en kPa (manométrica)

$V_{p50}$  = Presión do vapor a 50°C; ou

- c) baseándose en 1,5 veces a presión do vapor a 55°C menos 100 kPa, cun mínimo de 95 kPa.

Isto pódese expresar coa fórmula seguinte:

$$P = (V_{p55} \times 1,5) - 100 \text{ kPa, cun mínimo de 95 kPa,}$$

onde

P = Presión requirida en kPa (manométrica)

$V_{p55}$  = Presión do vapor a 55°C.

*Nota.— A capacidade dunha embalaxe de resistir sen filtracións unha presión interna que produza a presión diferencial especificada debería determinarse mediante ensaio de mostras de embalaxes interiores en embalaxes combinadas e de embalaxes únicas. A presión diferencial é a diferenza entre a presión exercida no interior da embalaxe e a presión no exterior. Para seleccionar o método de ensaio apropiado debería terse en conta o tipo de embalaxe. Entre os métodos de ensaio aceptables está aquel que produce a presión diferencial requirida entre o interior e o exterior dunha embalaxe única ou unha embalaxe interior nunha embalaxe combinada. O ensaio pode realizarse utilizando un método de proba de presión interna hidráulica ou pneumática (manométrica) ou en baleiro externo. A presión interna hidráulica ou pneumática pode aplicarse na maioría dos casos xa que a presión diferencial requirida pode lograrse en case todas as circunstancias. Un ensaio en baleiro externo non é aceptable se non se logra e mantén a presión diferencial especificada. O ensaio en baleiro externo é, en xeral, o método aceptado para embalaxes ríxidas pero, habitualmente, non para:*

— embalaxes flexibles;

— embalaxes cheas e pechadas baixo presión atmosférica absoluta inferior a 95 kPa ou líquidos do grupo de embalaxe III da clase 3 ou a división 6.1, cunha presión absoluta de 75 kPa; e

— embalaxes destinadas ao transporte de líquidos de alta presión de vapor (é dicir, presión de vapor superior a 111 kPa a 50°C ou 130 kPa a 55°C e, en consecuencia, superior a 100 kPa a 50°C ou 117 kPa a 55°C) para líquidos do grupo de embalaxe III da clase 3 ou a división 6.1.

1.1.7 Non obstante canto antecede, as mercadorías perigosas poden ir nunha embalaxe interior que por si mesma non satisfaga as condicións de presión, con tal que esa embalaxe interior vaia embalada nunha embalaxe suplementaria que satisfaga as condicións de presión e as demais condicións previstas neste capítulo e na correspondente instrución de embalaxe.

1.1.8 As mercadorías perigosas non se deben embalar na mesma embalaxe exterior con mercadorías, sexan ou non perigosas, se reaccionan perigosamente unhas con outras, e producen:

- a) combustión ou considerable calor;
- b) emanacións de gases inflamables, tóxicos ou asfixiantes;
- c) a formación de substancias corrosivas; ou
- d) a formación de substancias inestables.

1.1.9 Con suxeición ao estipulado en 1.1.8, unha embalaxe exterior pode conter máis dun artigo de mercadorías perigosas, con tal de que:

- a) a embalaxe interior utilizada para cada artigo de mercadorías perigosas e a cantidade contida nela se axusten á parte pertinente da instrución de embalaxe aplicable ao dito artigo;
- b) as embalaxes exteriores utilizadas estean permitidas en todas as instrucións de embalaxe aplicables a cada un dos artigos de mercadorías perigosas;
- c) o vulto, unha vez preparado para a expedición, cumpra cos ensaios de idoneidade requiridos para o grupo de embalaxe máis restritiva de calquera das substancias ou artigos contidos no vulto;
- d) non sexa necesario separar as mercadorías perigosas de acordo coa táboa 7-1, salvo que se dispoña o contrario nas presentes instrucións; e
- e) as cantidades de diferentes mercadorías perigosas contidas en cada embalaxe exterior sexan tales que "Q" non exceda o valor de 1, cando "Q" se calcule utilizando a fórmula:

$$Q = \frac{n_1}{M_1} + \frac{n_2}{M_2} + \frac{n_3}{M_3} + \dots$$

onde  $n_1$ ,  $n_2$ , etc. son as cantidades netas das diferentes mercadorías perigosas e  $M_1$ ,  $M_2$ , etc. as cantidades netas máximas das diferentes mercadorías perigosas segundo a táboa 3-1 para as aeronaves de pasaxeiros ou de carga, como corresponda. Non obstante, no cálculo do valor "Q" non é necesario ter en conta as mercadorías perigosas seguintes:

- 1) dióxido de carbono sólido (xeo seco), ONU 1845;

2) aquelas para as cales nas columnas 11 e 13 da táboa 3-1 se indique "Sen limitación";

3) aquelas con número ONU, grupo de embalaxe e estado físico (é dicir, sólido ou líquido) iguais, sempre que sexan as únicas mercadorías perigosas contidas no vulto e que a cantidade neta total non exceda a cantidade neta máxima segundo a táboa 3-1;

>

Unha embalaxe exterior que conteña mercadorías da división 6.2 (substancias infecciosas) poderá conter material refrixerante ou conxelante, ou material de embalaxe tal como material absorbente.

*Nota.— Para os vultos que conteñen material radioactivo, véxase 9.1.3.*

1.1.10 As embalaxes interiores que vaian dentro dunha embalaxe exterior deben embalarse, quedar fixas ou protexerse contra os choques de modo que, nas condicións normais de transporte, non se poidan romper, perforar ou derramar o seu contido na embalaxe exterior. As embalaxes interiores que conteñan líquidos deben embalarse cos peches cara a arriba e colocarse en embalaxes exteriores de conformidade coas marcas de orientación descritas en 5;3.2.12 b) das presentes instrucións. As embalaxes interiores que sexan susceptibles de romperse ou perforarse facilmente, tales como as que están feitas de vidro, porcelana ou gres, ou determinado material plástico, deben protexerse, dentro da embalaxe exterior, cun material de acolchamento adecuado. Ningún derramamento do contido deberá afectar considerablemente as propiedades protectoras do material de acolchamento nin da embalaxe exterior.

1.1.10.1 Cando unha embalaxe exterior dunha embalaxe combinada superou con éxito os ensaios de idoneidade con diferentes tipos de embalaxes interiores, tamén é posible pór nesta embalaxe exterior ou nunha embalaxe grande unha variedade desas embalaxes interiores. Ademais, sempre que se manteña un nivel equivalente de idoneidade da embalaxe, permítese as variacións seguintes nas embalaxes interiores sen que o vulto deba ser sometido a outros ensaios:

a) pódense utilizar embalaxes interiores de tamaño igual ou menor sempre que:

1) o deseño das embalaxes interiores sexa similar ao das embalaxes interiores que foron sometidas a ensaio (p. ex., forma — redonda, rectangular);

2) o material de construción das embalaxes interiores (vidro, plástico, metal, etc.) sexa resistente a forzas exercidas por golpes e empillamento iguais ou maiores que aquelas ás cales se someteu a embalaxe interior nos primeiros ensaios;

3) as embalaxes interiores teñan aberturas de tamaño igual ou menor e o peche sexa de tipo similar (tapa roscada, tapa a fricción, etc.);

4) se utilice material de acolchamento adicional suficiente para encher os espazos baleiros e evitar que as embalaxes interiores se movan; e

5) as embalaxes interiores teñan dentro da embalaxe exterior a mesma orientación que no vulto sometido a ensaio; e

b) Cando se trata das embalaxes interiores sometidas a ensaio ou dunha das embalaxes alternativas que se mencionan en a), pódese utilizar un número inferior ao que se someteu a ensaio, sempre que se agregue material de acolchamento suficiente para encher os espazos baleiros e evitar que as embalaxes interiores se movan significativamente.

1.1.11 A natureza e a espesura da embalaxe exterior deben ser tales que impidan que, durante o transporte, a fricción poida xerar calor que, con toda probabilidade, altere perigosamente a estabilidade química do contido.

1.1.12 En canto ao transporte por vía aérea, nas embalaxes non se permite instalar orificios de ventilación para reducir a presión interna que se poida producir pola emanación de gases do contido, salvo que nestas instrucións se especifique outra cousa.

≠ 1.1.13 A excepción do disposto en 1.1.13.1, as embalaxes combinadas con embalaxes interiores que conteñan mercadorías perigosas líquidas deben embalarse de modo que os peches das embalaxes interiores estean colocados cara a arriba e a posición vertical do vulto se indique neste, poñendo a etiqueta de posición do vulto descrita en 5;3.2.12 b). Tamén é conveniente pór na cuberta superior do vulto as palabras "parte superior" ou "extremo superior".

+ 1.1.13.1 As frechas de orientación non se requiren nas embalaxes exteriores que conteñen:

a) mercadorías perigosas en embalaxes interiores, cada unha cunha capacidade máxima de 120 ml, con suficiente material absorbente entre a embalaxe interior e a exterior para absorber totalmente o contido líquido;

b) substancias infecciosas da división 6.2 en recipientes primarios, cada unha cunha capacidade máxima de 50 ml; ou

c) mercadorías perigosas en embalaxes interiores seladas, como tubos, sacos ou frascos que se abren quebrándoos ou perforándoos. Cada embalaxe interior non debe conter máis de 500 mL.

1.1.14 Con excepción do previsto en 5;3.5.1.1 a), os vultos teñen que ser dun tamaño tal que sexa posible pór neles as etiquetas e marcas necesarias.

1.1.15 As embalaxes baleiras que contivesen algunha substancia perigosa deben tratarse do modo que se require nestas instrucións para un vulto cheo coa dita substancia, salvo cando se adoptasen as medidas necesarias para anular o risco.

*Nota.— A purgación e o lavado cun axente neutralizador son métodos aceptables para anular o risco.*

1.1.16 As embalaxes ensaiadas na forma prescrita en 6;4.5 e marcados co ensaio de presión hidráulica prescrito en 6;2.1.1 d) 1), só se deben encher cun líquido que teña:

a) unha presión de vapor tal que a presión indicada polo manómetro da embalaxe (é dicir, a presión de vapor da substancia contida máis a presión parcial de aire ou doutros gases inertes, menos 100 kPa) a 55°C, determinada baseándose no grao máximo de enchedura, de conformidade con 1.1.5 e unha temperatura de enchedura de 15°C, non exceda os dous terzos da presión de ensaio marcada; ou

b) a 50°C, menos de catro sétimos da suma da presión de ensaio marcada máis 100 kPa; ou

c) a 55°C, menos de dous terzos da suma da presión de ensaio marcada máis 100 kPa (véxase a táboa 4-1).

Non obstante, cando a embalaxe se selecciona baseándose en 1.1.16 a), a presión hidráulica de ensaio marcada de conformidade con 6;2.1.1 d) 1) non debe ser inferior a 100 kPa (non debe ser inferior a 80 kPa cando se trate de líquidos do grupo de embalaxe III da clase 3 ou da división 6.1).

1.1.17 As embalaxes utilizadas para os sólidos que se poden licuar ao seren expostos ás temperaturas ás que se vexan sometidos durante o transporte aéreo, deberán ser apropiadas para conter estas substancias en estado líquido.

*Nota.— As embalaxes para sólidos (tanto interiores coma ÚNICAS) que poidan estar permitidas segundo a instrución de embalaxe aplicable, non se deberían utilizar se non son adecuadas para conter líquidos (p. ex., sacos de papel ou plástico como embalaxes interiores, bidóns de cartón sen forro como embalaxes únicas).*

1.1.18 Toda embalaxe destinada a conter líquidos debe pasar con éxito un ensaio de estanquidade adecuado e cumprir co ensaio apropiado que se indica en 6;4.4.2:

a) antes de ser utilizada por primeira vez para o transporte;

b) despois de ter sido reconstruída ou reacondicionada, antes de que se reutilice para o transporte.

Non é necesario que estas embalaxes de ensaio teñan instalados os seus peches.

O recipiente interior das embalaxes compostas pode ser sometido ao ensaio sen a embalaxe exterior sempre que isto non afecte os seus resultados. Este ensaio non é necesario no caso das embalaxes interiores de embalaxes combinadas.

**Táboa 4-1. Exemplos de presións de ensaio marcadas requiridas, calculadas segundo 1.1.16 c)**

Núm. ONU	Denominación	Clase	Grupo de embalaxe	$V_{p55}$ (kPa)	$V_{p55} \times 1,5$ (kPa)	$(V_{p55} \times 1,5)$ menos 100 (kPa)	Presión de ensaio mínima requirida (indicada) en 6;4.5.3 c) (kPa)	Presión de ensaio mínima (indicada) que hai que marcar na embalaxe (kPa)
2056	Tetrahidrofurano	3	II	70	105	5	100	100
2247	n-Decano	3	III	1,4	2,1	-97,9	100	100
1593	Diclorometano	6.1	III	164	246	146	146	150
1155	Éter dietílico	3	I	199	299	199	199	250

*Nota 1.— Con frecuencia, cando se trata de líquidos puros, a presión do vapor a 55°C ( $V_{p55}$ ) pode conseguirse, consultando táboas científicas.*

*Nota 2.— As presións de vapor máximas indicadas en 1.1.16 b) e c) refírense á base da fórmula, mentres que a presión hidráulica de ensaio mínima mencionada na última oración de 1.1.16 se refire á altitude da aeronave.*

*Nota 3.— Esta táboa refírese unicamente ao emprego de 1.1.16 c), o cal significa que a presión de ensaio marcada debe exceder en 1,5 veces a presión de vapor a 55°C, menos 100 kPa. Cando, por exemplo, a presión de ensaio para o n-Decano se determine segundo 6;4.5.3 a), é aplicable a presión de ensaio marcada mínima de 80 kPa.*

*Nota 4.— Para o éter dietílico, a presión mínima de ensaio requirida, segundo 6;4.5.4, é de 250 kPa.*

1.1.19 Os peches das embalaxes que conteñan substancias humidificadas ou diluídas deben ser tales que a porcentaxe de líquido (auga, disolvente ou flemador) non diminúa por debaixo dos límites prescritos durante o transporte.

1.1.20 No caso dos bidóns e garrafóns de plástico, RIG e RIG compostos de plástico ríxido con recipientes interiores de plástico, e a menos que a autoridade nacional que corresponda aprobe outra cousa, o período de utilización permitido para o transporte de mercadorías perigosas non deberá exceder os cinco anos a partir da data de fabricación dos recipientes, salvo que se prescriba un período de utilización máis curto debido á natureza da substancia que se teña que transportar.

+ 1.1.21 Cando se utilice xeo como refrixerante, non debe afectar a integridade da embalaxe.

## 1.2 GRUPO DE EMBALAXE

A menos que se indique outra cousa, as embalaxes de especificación previstas nas instrucións de embalaxe (é dicir, os enunciados na táboa 6-2) teñen que satisfacer os ensaios de idoneidade correspondentes ao grupo de embalaxe pertinente que aparece na columna 8 da táboa 3-1, en relación coa substancia ou obxecto de que se trate.

## 1.3 EMBALAXES DE TRANSICIÓN PARA MATERIAL RADIOACTIVO

Con respecto a disposicións para utilizar as embalaxes para material radioactivo cuxos requisitos de fabricación datan de época anterior, véxase 6;7.23.

## 1.4 EMBALAXES DE RECUPERACIÓN

1.4.1 Os vultos que presentan deterioración, defectos, fugas, ou que non se conforman aos requisitos, ou as mercadorías perigosas que se derramasen ou filtrasen, poden transportarse en embalaxes de recuperación (véxase 1;3.1.1) que satisfagan as condicións de 1.4.2 e de 6;4.8. Estas embalaxes de recuperación poden utilizarse sempre que se adopten as medidas apropiadas para evitar que os vultos danados ou con filtracións se movan excesivamente dentro da embalaxe de recuperación e, se a embalaxe de recuperación contén líquidos, se engada material absorbente en cantidade suficiente para eliminar a presenza de filtracións de líquido. Para transportar embalaxes de recuperación débese obter aprobación previa da autoridade nacional que corresponda.

1.4.2 As embalaxes de recuperación deben ser embalaxes únicas de material resistente a calquera efecto químico ou doutro tipo que produzan as mercadorías perigosas que se derramaron ou filtraron. En cada unha destas embalaxes únicas só se pode embalar un vulto con mercadorías perigosas que presente deterioración, defectos ou fugas.

1.4.3 Os vultos que presentan deterioración, defectos ou fugas e que conteñen mercadorías perigosas das clases 1, 2 e 7 e da división 6.2 (que non sexan refugallos clínicos ou médicos correspondentes a ONU 3291) non se deben transportar en embalaxes de recuperación.

1.4.4 Os vultos que conteñen substancias de reacción espontánea da división 4.1 ou substancias da división 5.2 e que presentan deterioración, defectos ou fugas non se deben transportar en embalaxes de recuperación metálicas que satisfán as condicións do grupo de embalaxe I.

## Capítulo 2

### XENERALIDADES

2.1 Cada un dos capítulos seguintes desta parte trata das instrucións de embalaxe aplicables expresamente a determinada clase de mercadorías perigosas. Nalgúns casos, os capítulos iníciense coas condicións xerais que se aplican a todas as mercadorías comprendidas nesa clase.

2.2 Na Lista de mercadorías perigosas (táboa 3-1) indícase, para cada artigo ou substancia, nas columnas 10 e 12, o número de instrución de embalaxe que se deberá aplicar.

2.3 En cada unha das instrucións indícanse, cando corresponde, as embalaxes combinadas e únicas aceptables. Respecto das embalaxes combinadas, as táboas indican as embalaxes exteriores e as embalaxes interiores correspondentes que son aceptables xunto coa cantidade neta máxima permitida en cada embalaxe interior. Cando existen disposicións aplicables a determinados obxectos ou substancias, nunha táboa indícanse as embalaxes interiores coas correspondentes limitacións de cantidade, a cantidade permitida por vulto e, se corresponde, indícase se se permiten embalaxes únicas. Así mesmo, se procede, ao final da instrución de embalaxe, sinálanse as condicións de embalaxe adicionais. Estas condicións de embalaxe adicionais poden impor unha norma de embalaxe máis rigorosa que as que se aplicarían normalmente ao grupo de embalaxe, ou poden requirir consideracións de embalaxe específicas.

>

2.4 Excepto cando se especifique doutro modo, cada embalaxe debe axustarse aos requisitos aplicables da parte 6. En xeral, as instrucións de embalaxe non proporcionan orientación sobre compatibilidade e o usuario non debe seleccionar unha embalaxe sen verificar que a substancia sexa compatible co material da embalaxe seleccionada (p. ex., a maioría dos fluoruros non son compatibles con recipientes de vidro). Cando nas instrucións de embalaxe se permite o uso de recipientes de vidro, tamén se admite empregar embalaxes de porcelana, louza e cerámica.

2.5 As embalaxes seguintes non se deben utilizar cando as substancias transportadas están expostas a pasar a estado líquido durante o transporte:

Bidóns:	1D e 1G
Caixas:	4C1, 4C2, 4D, 4F, 4G e 4H1
Sacos:	5L1, 5L2, 5L3, 5H1, 5H2, 5H3, 5H4, 5M1 e 5M2
Embalaxes compostas:	6HC, 6HD2, 6HG1, 6HG2, 6HD1, 6PC, 6PD1, 6PD2, 6PG1, 6PG2 e 6PH1.

2.6 Cando, segundo as instrucións de embalaxe desta parte, se autoriza o uso dun tipo particular de embalaxe (p. ex., 4G, 1A2), pódense utilizar tamén embalaxes co mesmo código de identificación seguido da letra "V", "U" ou "W" de conformidade cos requisitos de 6.4.1.7 h) (p. ex., 4GV, 4GU ou 4GW; 1A2V, 1A2U ou 1A2W), coas mesmas condicións e limitacións que se aplican ao uso dese tipo de embalaxe de acordo coa instrución de embalaxe pertinente. Por exemplo, pódese usar unha embalaxe combinada marcada co código de embalaxe "4GV" cando o uso dunha embalaxe combinada coa marca "4G" estea autorizado, sempre que se respecten os requisitos da instrución de embalaxe pertinente en canto aos tipos de embalaxes interiores e ás limitacións de cantidade.

2.7 Poderanse utilizar cilindros para líquidos e sólidos cando así se indique na instrución de embalaxe. O cilindro debe satisfacer as normas que figuran a seguir.

2.7.1 A menos que se indique doutro modo nas presentes instrucións, os cilindros deben cumprir:

- os requisitos aplicables de 6.5; ou
- as normas nacionais e internacionais sobre deseño, construción, ensaio, fabricación e control, aplicadas polo país de fabricación, a condición de que se satisfagan as disposicións de 2.7 e 6.5.3.3.

2.7.2 Todo prototipo de cilindro debe ter sido aprobado pola autoridade competente do país de fabricación ou como se indica en 6.5.

2.7.3 A menos que se indique doutra forma, débense utilizar cilindros cunha presión de ensaio mínima de 0,6 MPa.

2.7.4 A menos que se indique doutro modo, os cilindros deben estar dotados dun dispositivo de alivio para evitar estalido en caso de sobreenchemento ou incendio.

As válvulas dos cilindros deben estar deseñadas e fabricadas para que poidan resistir danos sen que se produzan fugas ou ben deben estar protexidas contra calquera avaría que poida provocar unha fuga accidental do contido do cilindro, segundo un dos métodos que figuran en 4.1.1.9 a) a e).



2.7.5 O cilindro non se debe encher máis do 95% da súa capacidade a 50°C. Debe deixarse unha marxe de enchedura suficiente (baleiro) para garantir que a unha temperatura de 55°C o cilindro non se encha de líquido.

2.7.6 A menos que se indique doutro modo, os cilindros deben someterse a control e ensaio periódicos cada cinco anos. O control periódico debe comprender un exame exterior, un exame interior ou método alternativo co acordo da autoridade competente, un ensaio de presión ou un método de proba non destrutivo equivalente que conte co acordo da autoridade competente, incluído un control de todos os accesorios (p. ex., estanquidade das válvulas, dispositivos de descompresión de emerxencia de elementos fusibles). Os cilindros non se deben encher despois da data límite dos controis e ensaios periódicos, pero poden transportarse despois desa data. As reparacións dos cilindros deben cumprir os requisitos de 4.1.1.11.

2.7.7 Antes de proceder á enchedura, a persoa encargada debe inspeccionar o cilindro e asegurarse de que está autorizado para as substancias que se van transportar e que cumpre as disposicións das presentes instrucións. Unha vez cheo o cilindro, deben pechase as válvulas que quedarán así durante o transporte. O expedidor debe verificar a estanquidade dos peches e do equipo.

2.7.8 Os cilindros recargables non se deben encher cunha substancia diferente da que contivesen anteriormente, salvo cando se efectuaron as operacións necesarias de cambio de servizo.

2.7.9 As marcas dos cilindros para substancias líquidas e sólidas de conformidade con 2.7 (que non se axusten ás prescricións de 6;5) deben satisfacer os requisitos da autoridade competente do país de fabricación.

2.8 A autoridade que corresponda do Estado de orixe poderá aprobar o uso dunha embalaxe de alternativa distinta do que se especifica nas instrucións particulares de embalaxe na táboa 3-1 para as mercadorías perigosas que aí figuran, sempre que:

- a) a embalaxe de alternativa satisfaga as condicións xerais de 4;1;
- b) cando na instrución particular de embalaxe da táboa 3-1 se especifiquen embalaxes que figuran nas táboas 6-2 e 6-3, a embalaxe de alternativa satisfaga os requisitos pertinentes da parte 6;
- c) para a embalaxe de alternativa, non figuren na táboa 6-2 na columna co encabezamento "Parágrafo", as oracións "Non se usa nestas instrucións" ou "Para usos especiais exclusivamente";
- d) a autoridade competente do Estado de orixe determine que a embalaxe de alternativa ofrece como mínimo o mesmo nivel de seguridade que se a substancia estiver embalada de acordo cun método especificado na instrución particular de embalaxe que se indica na táboa 3-1;
- e) a cantidade neta máxima de mercadoría perigosa na embalaxe non sexa superior á cantidade que se especifica na columna pertinente da táboa 3-1; e
- f) se xunte unha copia do documento de aprobación a cada envío.

## 2.9 OBXECTOS NON EMBALADOS DISTINTOS DOS DA CLASE 1

A autoridade que corresponda do Estado de orixe e do Estado do explotador poderá aprobar o transporte de obxectos grandes e robustos que non se poidan embalar conforme os requisitos de 6;1 a 6;4 e que teñan que transportarse baleiros, sen limpar e sen embalar, sempre que cumpran cos requisitos da parte S-4, capítulo 3, do suplemento.

---

## Capítulo 3

### CLASE 1 — EXPLOSIVOS

*Partes deste capítulo resultan afectadas pola discrepancia estatal BE 2, DK 2, HR 5; véxase a táboa A-1*

#### 3.1 GRUPO DE EMBALAXE

A menos que se especificue doutra forma nas presentes instrucións, as embalaxes deben conformarse ás condicións xerais de 6;1, 6;2, 6;3 e 6;4, e deben satisfacer os requisitos de ensaio de 6;4 para o grupo de embalaxe II.

#### 3.2 CONDICIÓN XERAIS

3.2.1 Deberán satisfacerse as condicións xerais relativas ás embalaxes de 4;1.

3.2.2 Todas as embalaxes para os explosivos da clase 1 deben estar deseñadas e construídas de modo que:

a) protexan os explosivos, impidan fugas e non aumenten o risco de ignición ou iniciación involuntaria ao estaren sometidas ás condicións normais de transporte, o que inclúe cambios previsibles na temperatura, humidade e presión;

b) o vulto completo se poida manipular de maneira segura nas condicións normais de transporte; e

c) os vultos soporten calquera carga que lles impoña o empaquetamento previsible a que es tarán sometidos durante o transporte de modo que non aumenten o risco presentado polos explosivos, non se vexa afectada a función de contención das embalaxes e non sufran distorsións que poidan chegar a reducir a súa resistencia ou producir inestabilidade nas pilas.

3.2.3 Todas as substancias e obxectos explosivos, tal como están preparados para o transporte, deberán terse clasificado de conformidade cos procedementos detallados en 2;1.5.

#### 3.3 DISPOSICIÓN XERAIS DE EMBALAXE

3.3.1 As disposicións xerais que figuran a continuación engádense ás da parte 4, capítulo 1.

3.3.1.1 O dispositivo de peche utilizado en embalaxes que conteñan explosivos líquidos debe garantir a dobre protección contra fugas.

3.3.1.2 O dispositivo de peche dos bidóns de metal debe levar unha xunta adecuada; se o dispositivo de peche é roscado, hai que impedir a entrada de substancias explosivas polos filetes da rosca.

3.3.1.3 As embalaxes para substancias solubles en auga deben ser resistentes á auga.

3.3.1.4 Cando a embalaxe comprenda unha envoltura dobre chea de auga que se poida conxelar durante o transporte, debe agregarse á auga unha cantidade suficiente de anticongelante. Non se debe utilizar un anticongelante que poida crear perigo de incendio a raíz da súa combustibilidade inherente.

3.3.1.5 Os cravos, grampas e outros dispositivos de peche metálicos que carezan de revestimento protector non deben atravesar a embalaxe exterior, salvo que a embalaxe interior ille debidamente os explosivos de todo contacto co metal.

3.3.1.6 O acondicionamento das embalaxes interiores, das ferraxes e dos materiais de acolchamento, así como a colocación das substancias ou obxectos explosivos dentro dos vultos, deben impedir que nas condicións normais de transporte as substancias ou obxectos explosivos se movan dentro da embalaxe exterior. Débese evitar o contacto entre as partes metálicas dos obxectos e as embalaxes metálicas. Os obxectos que conteñan substancias explosivas e que non van dentro dun estoxo exterior deben separarse entre si para evitar o roce e os impactos. Con este fin, pode utilizarse material de acolchamento, bandexas, separadores na embalaxe interior ou exterior, moldes ou recipientes.

3.3.1.7 As embalaxes deben construírse con material compatible cos explosivos contidos no vulto, e impermeable a eles, para que a interacción entre os explosivos e o material de embalaxe ou as fugas non comprometan o transporte seguro dos explosivos nin modifiquen a división de riscos ou o grupo de compatibilidade.

3.3.1.8 Débesse impedir a entrada de substancias explosivas nos intersticios das embalaxes metálicas con costuras.

3.3.1.9 As embalaxes de plástico non deben presentar o risco de xerar ou acumular electricidade estática suficiente para que unha descarga eléctrica poida facer que se acenda ou inicie o explosivo embalado ou que o obxecto embalado empece a funcionar.

3.3.1.10 As substancias explosivas non se deben embalar en embalaxes interiores ou exteriores en que a diferenza entre a presión interna e a presión externa, por razóns térmicas ou doutro tipo, poida causar unha explosión ou a rotura do vulto.

3.3.1.11 Cando sexa probable que substancias explosivas soltas ou a substancia explosiva dun obxecto sen estoxo ou parcialmente nun estoxo entren en contacto coa superficie interior das embalaxes metálicas (1A2, 1B2, 4A, 4B e recipientes metálicos), a embalaxe metálica debe contar cun forro ou revestimento interior (véxase 1.1.3).

3.3.1.12 Pódese utilizar a instrución de embalaxe 101 para calquera explosivo, sempre que o vulto fose aprobado pola autoridade nacional que corresponda, independentemente de que a embalaxe cumpra ou non coa instrución de embalaxe asignada na Lista de mercadorías perigosas.

3.3.1.13 Os dispositivos electroexplosivos teñen que ir debidamente protexidos contra a radiación electromagnética e as correntes parasitas.

3.3.1.14 Os obxectos explosivos grandes e sólidos, destinados normalmente a usos militares, sen os seus medios de iniciación ou con eles e que conteñan polo menos dous elementos eficaces de protección, poden transportarse sen embalaxe. Cando estes obxectos teñen cargas de propulsión ou son autopropulsados, os seus sistemas de ignición deben protexerse contra os estímulos presentes nas condicións normais de transporte. Un resultado negativo na serie de probas 4 cun obxecto non embalado indica que se pode considerar a posibilidade de transportar este obxecto sen embalaxe. Estes obxectos non embalados poden fixarse en soportes ou pórse dentro de gaiolas ou doutros dispositivos de manipulación, almacenamento ou lanzamento adecuados de maneira que non se afrouxen nas condicións normais de transporte.

3.3.1.14.1 Cando estes obxectos explosivos grandes se someten, como parte de ensaios de seguridade operacional e idoneidade, a probas que satisfán o propósito destas instrucións e superan con éxito estas probas, a autoridade nacional que corresponde pode aprobar o seu transporte de conformidade con estas instrucións.

*Nota 1.— O termo recipiente que se utiliza nas columnas de embalaxe interior e intermedio desta táboa comprende caixas, botellas, latas, bidóns, botes e tubos, con calquera tipo de peche.*

*Nota 2.— Os carretes son dispositivos de plástico, madeira, cartón prensado, metal ou outro material adecuado, que constan dun eixe con paredes laterais en cada extremo deste, ou sen elas. Os obxectos e substancias poden ser enrolados no eixe, coas paredes laterais como retén.*

*Nota 3.— As bandexas son láminas de metal, plástico, madeira, cartón prensado ou outro material apropiado que se instalan na embalaxe interior, intermedia ou exterior e que se axustan ben ás ditas embalaxes. A superficie da bandexa pode ser moldeada para inserir e manter seguras e separadas as embalaxes e obxectos entre si.*

### 3.4 INSTRUCIÓNS DE EMBALAXE

#### Instrución de embalaxe 101

*Embalaxes interiores*

*Embalaxes intermedias*

*Embalaxes exteriores*

Segundo prescriba a autoridade nacional que corresponda.

O sinal distintivo do Estado para os vehículos automotores en tránsito internacional polo país en cuxo nome actúa a autoridade, deberá indicarse así no documento de transporte de mercadorías perigosas: "Embalaxe aprobada pola autoridade competente de ..."

*Nota.— Neste caso a expresión "autoridade competente", que se emprega por razóns de compatibilidade intermodal, refírese á autoridade nacional que corresponda.*

## Instrución de embalaxe 114

## a) sólido humidificado

*Embalaxes interiores*

Sacos  
de plástico  
de tecido de plástico  
de tea

Recipientes  
+ de madeira  
de metal  
de plástico

*Embalaxes intermedias*

Sacos  
de plástico  
de tea revestida ou forrada  
de plástico

Recipientes  
de metal  
de plástico  
+ Tabiques divisorios  
de madeira

*Embalaxes exteriores*

Caixas  
de aceiro (4A)  
de cartón (4G)  
de madeira contrachapada (4D)  
de madeira natural, ordinarias (4C1)  
de madeira natural, de paredes non  
cribantes (4C2)  
de madeira reconstituída (4F)  
de plástico ríxido (4H2)  
+ doutro metal (4N)

Bidóns  
≠ de aceiro (1A1, 1A2)  
≠ de aluminio (1B1, 1B2)  
de cartón (1G)  
de madeira contrachapada (1D)  
+ doutro metal (1N1, 1N2)  
≠ de plástico (1H1, 1H2)

**CONDICIÓNS PARTICULARES DE EMBALAXE OU EXCEPCIÓNS:**

- Para ONU 0077, 0234, 0235 e 0236, as embalaxes non deben conter chumbo.
- Para ONU 0342, non se requiren embalaxes interiores cando se utilizan bidóns de metal (1A1, 1A2, 1B1, 1B2, 1N1 ou 1N2) ou de plástico (1H1 ou 1H2), como embalaxes exteriores.
- No se requiren embalaxes intermedias cando se utilizan bidóns estancos de tapa amovible como embalaxe exterior.

## b) sólido seco

*Embalaxes interiores*

Sacos  
de papel kraft  
de plástico  
de tecido de plástico, non  
cribantes  
de tea, non cribantes

Recipientes  
de cartón  
+ de madeira  
de metal  
de papel  
de plástico  
de tecido de plástico, non  
cribantes

*Embalaxes intermedias*

Innecesarias

*Embalaxes exteriores*

Caixas  
de cartón (4G)  
de madeira contrachapada (4D)  
de madeira natural, de paredes non  
cribantes (4C2)  
de madeira natural, ordinarias (4C1)  
de madeira reconstituída (4F)

Bidóns  
≠ de aceiro (1A1, 1A2)  
≠ de aluminio (1B1, 1B2)  
de cartón (1G)  
de madeira contrachapada (1D)  
+ doutro metal (1N1, 1N2)  
≠ de plástico (1H1, 1H2)

**CONDICIÓNS PARTICULARES DE EMBALAXE OU EXCEPCIÓNS:**

- Para ONU 0077, 0132, 0234, 0235 e 0236, as embalaxes non deben conter chumbo.
- Para ONU 0508 e 0509 non deben utilizarse embalaxes metálicas.
- Para ONU 0160 e 0161, cando se utilizan bidóns de metal (1A1, 1A2, 1B1, 1B2, 1N1 ou 1N2) como embalaxe exterior, as embalaxes de metal deben estar construídas de maneira que se evite o risco de explosión ao aumentar a presión interna por causas internas ou externas.
- Para ONU 0160 e 0161, non se requiren embalaxes interiores se se utilizan bidóns como embalaxe exterior.

≠

## Instrución de embalaxe 130

*Embalaxes interiores*

Innecesarias

*Embalaxes intermedias*

Innecesarias

*Embalaxes exteriores*

## Caixas

- de aceiro (4A)
- de aluminio (4B)
- de cartón (4G)
- de madeira contrachapada (4D)
- de madeira natural, de paredes non cribantes (4C2)
- de madeira natural, ordinarias (4C1)
- de madeira reconstituída (4F)
- + doutro metal (4N)
- de plástico expandido (4H1)
- de plástico ríxido (4H2)

## Bidóns

- ≠ de aceiro (1A1, 1A2)
- ≠ de aluminio (1B1, 1B2)
- de cartón (1G)
- de madeira contrachapada (1D)
- + doutro metal (1N1, 1N2)
- ≠ de plástico (1H1, 1H2)

**CONDICIÓN PARTICULARES DE EMBALAXE OU EXCEPCIÓN:**

— O seguinte aplícase a ONU 0006, 0009, 0010, 0015, 0016, 0018, 0019, 0034, 0035, 0038, 0039, 0048, 0056, 0137, 0138, 0168, 0169, 0171, 0181, 0182, 0183, 0186, 0221, 0238, 0243, 0244, 0245, 0246, 0254, 0280, 0281, 0286, 0287, 0297, 0299, 0300, 0301, 0303, 0321, 0328, 0329, 0344, 0345, 0346, 0347, 0362, 0363, 0370, 0412, 0424, 0425, 0434, 0435, 0436, 0437, 0438, 0451, 0459 e 0488. Os obxectos explosivos grandes e sólidos, destinados normalmente a usos militares, sen os seus medios de iniciación ou con eles e que conteñan polo menos dous elementos eficaces de protección, poden transportarse sen embalaxe. Cando estes obxectos teñen cargas de propulsión ou son autopropulsados, os seus sistemas de ignición deben protexerse contra os estímulos presentes nas condicións normais de transporte. Un resultado negativo na serie de probas 4 cun obxecto non embalado indica que pode considerarse a posibilidade de transportar o dito obxecto sen embalaxe. Estes obxectos non embalados poden fixarse en soportes ou pórse dentro de gaiolas ou doutros dispositivos de manipulación, almacenamento ou lanzamento adecuados de modo que non se afrouxen nas condicións normais de transporte. Cando estes obxectos explosivos grandes se someten, como parte de ensaios de seguridade operacional e idoneidade, a probas que satisfán o propósito destas instrucións e superan con éxito estas probas, a autoridade nacional que corresponde pode aprobar o seu transporte de conformidade con estas instrucións.

— Para ONU 0457, 0458, 0459 e 0460, cando é posible que as substancias explosivas soltas ou a substancia explosiva dun obxecto desembalado ou parcialmente embalado entren en contacto coa superficie interior das embalaxes de metal (1A2, 1B2, 4A, 4B e recipientes metálicos), a embalaxe de metal debe ter un forro ou recubrimento interno.

## Instrución de embalaxe 131

*Embalaxes interiores*

Sacos  
de papel  
de plástico  
Recipientes  
de cartón  
de madeira  
de metal  
de plástico  
Carretes

*Embalaxes intermedias*

Innecesarias

*Embalaxes exteriores*

Caixas  
de aceiro (4A)  
de aluminio (4B)  
de cartón (4G)  
de madeira contrachapada (4D)  
de madeira natural, de paredes non  
cribantes (4C2)  
de madeira natural, ordinarias (4C1)  
de madeira reconstituída (4F)  
+ doutro metal (4N)  
Bidóns  
≠ de aceiro (1A1, 1A2)  
≠ de aluminio (1B1, 1B2)  
de cartón (1G)  
de madeira contrachapada (1D)  
+ doutro metal (1N1, 1N2)  
≠ de plástico (1H1, 1H2)

**CONDICIÓNS PARTICULARES DE EMBALAXE OU EXCEPCIÓNS:**

— Para ONU 0029, 0267 e 0455, non deben utilizarse sacos nin carretes como embalaxes interiores.

## Instrución de embalaxe 133

*Embalaxes interiores*

Recipientes  
de cartón  
de madeira  
de metal  
de plástico  
Bandexas con separacións  
de cartón  
de madeira  
de plástico

*Embalaxes intermedias*

Recipientes  
de cartón  
de madeira  
de metal  
de plástico

*Embalaxes exteriores*

Caixas  
de aceiro (4A)  
de aluminio (4B)  
de cartón (4G)  
de madeira contrachapada (4D)  
de madeira natural, de paredes non  
cribantes (4C2)  
de madeira natural, ordinarias (4C1)  
de madeira reconstituída (4F)  
+ doutro metal (4N)  
de plástico ríxido (4H2)

**CONDICIÓNS PARTICULARES DE EMBALAXE OU EXCEPCIÓNS:**

— Os recipientes requírense soamente como embalaxes intermedias cando a embalaxe interior é unha bandexa.  
— Para ONU 0043, 0212, 0225, 0268 e 0306, non se deben utilizar bandexas como embalaxes interiores.

## Instrución de embalaxe 134

*Embalaxes interiores*

Sacos  
resistentes á auga

Recipientes  
de cartón  
de madeira  
de metal  
de plástico

Follas  
de cartón ondulado

Tubos  
de cartón

*Embalaxes intermedias*

Innecesarias

*Embalaxes exteriores*

Caixas  
de aceiro (4A)  
de aluminio (4B)  
de cartón (4G)  
de madeira contrachapada (4D)  
de madeira natural, de paredes non  
cribantes (4C2)  
de madeira natural, ordinarias (4C1)  
de madeira reconstituída (4F)  
+ doutro metal (4N)  
de plástico ríxido (4H2)

Bidóns  
≠ de aceiro (1A1, 1A2)  
≠ de aluminio (1B1, 1B2)  
de cartón (1G)  
de madeira contrachapada (1D)  
+ doutro metal (1N1, 1N2)  
≠ de plástico (1H1, 1H2)

## Instrución de embalaxe 135

*Embalaxes interiores*

Sacos  
de papel  
de plástico

Recipientes  
de cartón  
de madeira  
de metal  
de plástico

Follas  
de papel  
de plástico

*Embalaxes intermedias*

Innecesarias

*Embalaxes exteriores*

Caixas  
de aceiro (4A)  
de aluminio (4B)  
de cartón (4G)  
de madeira contrachapada (4D)  
de madeira natural, de paredes non  
cribantes (4C2)  
de madeira natural, ordinarias (4C1)  
de madeira reconstituída (4F)  
+ doutro metal (4N)  
de plástico expandido (4H1)  
de plástico ríxido (4H2)

Bidóns  
≠ de aceiro (1A1, 1A2)  
≠ de aluminio (1B1, 1B2)  
de cartón (1G)  
de madeira contrachapada (1D)  
+ doutro metal (1N1, 1N2)  
≠ de plástico (1H1, 1H2)

## Instrución de embalaxe 136

*Embalaxes interiores*

Sacos  
de plástico  
de tea

Caixas  
de cartón  
de madeira  
de plástico

Separacións na embalaxe exterior

*Embalaxes intermedias*

Innecesarias

*Embalaxes exteriores*

Caixas  
de aceiro (4A)  
de aluminio (4B)  
de cartón (4G)  
de madeira contrachapada (4D)  
de madeira natural, de paredes non cribantes (4C2)  
de madeira natural, ordinarias (4C1)  
de madeira reconstituída (4F)  
+ doutro metal (4N)  
de plástico ríxido (4H2)

Bidóns  
≠ de aceiro (1A1, 1A2)  
≠ de aluminio (1B1, 1B2)  
de cartón (1G)  
de madeira contrachapada (1D)  
+ doutro metal (1N1, 1N2)  
≠ de plástico (1H1, 1H2)

## Instrución de embalaxe 137

*Embalaxes interiores*

Sacos  
de plástico

Caixas  
de cartón  
+ de madeira

Tubos  
de cartón  
de metal  
de plástico

Separacións na embalaxe exterior

*Embalaxes intermedias*

Innecesarias

*Embalaxes exteriores*

Caixas  
de aceiro (4A)  
de aluminio (4B)  
de cartón (4G)  
de madeira contrachapada (4D)  
de madeira natural, de paredes non cribantes (4C2)  
de madeira natural, ordinarias (4C1)  
de madeira reconstituída (4F)  
+ doutro metal (4N)

**CONDICIÓNS PARTICULARES DE EMBALAXE OU EXCEPCIÓNS:**

— Para ONU 0059, 0439, 0440 e 0441, se as cargas ocas están empacadas individualmente, a cavidade cónica debe apuntar cara a abaixo e no vulto debe figurar a indicación "PARTE SUPERIOR". Se as cargas ocas están embaladas en pares, as cavidades cónicas deben estar colocadas cara a cara para reducir ao mínimo o efecto de chorro en caso de iniciación accidental.



## Instrución de embalaxe 138

*Embalaxes interiores*

Sacos  
de plástico

*Embalaxes intermedias*

Innecesarias

*Embalaxes exteriores*

Caixas  
de aceiro (4A)  
de aluminio (4B)  
de cartón (4G)  
de madeira contrachapada (4D)  
de madeira natural, de paredes non  
cribantes (4C2)  
de madeira natural, ordinarias (4C1)  
de madeira reconstituída (4F)  
+ doutro metal (4N)  
de plástico ríxido (4H2)  
Bidóns  
≠ de aceiro (1A1, 1A2)  
≠ de aluminio (1B1, 1B2)  
de cartón (1G)  
de madeira contrachapada (1D)  
+ doutro metal (1N1, 1N2)  
≠ de plástico (1H1, 1H2)

**CONDICIÓNS PARTICULARES DE EMBALAXE OU EXCEPCIÓNS:**

— Se os extremos dos obxectos están selados non se necesitan embalaxes interiores.

## Instrución de embalaxe 139

*Embalaxes interiores*

Sacos  
de plástico  
Recipientes  
de cartón  
de madeira  
de metal  
de plástico  
Carretes  
Follas  
de papel  
de plástico

*Embalaxes intermedias*

Innecesarias

*Embalaxes exteriores*

Caixas  
de aceiro (4A)  
de aluminio (4B)  
de cartón (4G)  
de madeira contrachapada (4D)  
de madeira natural, de paredes non  
cribantes (4C2)  
de madeira natural, ordinarias (4C1)  
de madeira reconstituída (4F)  
+ doutro metal (4N)  
de plástico ríxido (4H2)  
Bidóns  
≠ de aceiro (1A1, 1A2)  
≠ de aluminio (1B1, 1B2)  
de cartón (1G)  
de madeira contrachapada (1D)  
+ doutro metal (1N1, 1N2)  
≠ de plástico (1H1, 1H2)

**CONDICIÓNS PARTICULARES DE EMBALAXE OU EXCEPCIÓNS:**

— Para ONU 0065, 0102, 0104, 0289 e 0290, os extremos da mecha detonante deben estar selados, por exemplo, mediante unha caravilla ben suxeita de modo que o explosivo non se poida saír. Os extremos da "Mecha, detonante flexible" deben estar firmemente asegurados.

— Para ONU 0065 e 0289, non se requiren embalaxes interiores cando están enroladas.

## Instrución de embalaxe 140

*Embalaxes interiores*

Sacos  
de plástico  
Carretes  
Follas  
de papel kraft  
de plástico  
+ Recipientes  
de madeira

*Embalaxes intermedias*

Innecesarias

*Embalaxes exteriores*

Caixas  
de aceiro (4A)  
de aluminio (4B)  
de cartón (4G)  
de madeira contrachapada (4D)  
de madeira natural, de paredes non  
cribantes (4C2)  
de madeira natural, ordinarias (4C1)  
de madeira reconstituída (4F)  
+ doutro metal (4N)  
de plástico ríxido (4H2)  
Bidóns  
≠ de aceiro (1A1, 1A2)  
≠ de aluminio (1B1, 1B2)  
de cartón (1G)  
de madeira contrachapada (1D)  
+ doutro metal (1N1, 1N2)  
≠ de plástico (1H1, 1H2)

**CONDICIÓN PARTICULARES DE EMBALAXE OU EXCEPCIÓN:**

- Se os extremos de ONU 0105 están selados non se require embalaxe interior.
- Para ONU 0101, a embalaxe debe ser non cribante excepto se a mecha está cuberta cun tubo de papel e ambos os extremos do tubo están cubertos con tapas amovibles.
- Para ONU 0101, non se deben utilizar caixas nin bidóns de aceiro, aluminio ou outro metal.

≠

## Instrución de embalaxe 141

*Embalaxes interiores*

Recipientes  
de cartón  
de madeira  
de metal  
de plástico  
Bandexas con separacións  
de madeira  
de plástico  
Separacións na embalaxe  
exterior

*Embalaxes intermedias*

Innecesarias

*Embalaxes exteriores*

Caixas  
de aceiro (4A)  
de aluminio (4B)  
de cartón (4G)  
de madeira contrachapada (4D)  
de madeira natural, de paredes non  
cribantes (4C2)  
de madeira natural, ordinarias (4C1)  
de madeira reconstituída (4F)  
+ doutro metal (4N)  
de plástico ríxido (4H2)  
Bidóns  
≠ de aceiro (1A1, 1A2)  
≠ de aluminio (1B1, 1B2)  
de cartón (1G)  
de madeira contrachapada (1D)  
+ doutro metal (1N1, 1N2)  
≠ de plástico (1H1, 1H2)

## Instrución de embalaxe 142

<i>Embalaxes interiores</i>	<i>Embalaxes intermedias</i>	<i>Embalaxes exteriores</i>
Sacos de papel de plástico Recipientes de cartón de madeira de metal de plástico Follas de papel Bandexas con separacións de plástico	Innecesarias	Caixas de aceiro (4A) de aluminio (4B) de cartón (4G) de madeira contrachapada (4D) de madeira natural, de paredes non cribantes (4C2) de madeira natural, ordinarias (4C1) de madeira reconstituída (4F) + doutro metal (4N) de plástico ríxido (4H2) Bidóns ≠ de aceiro (1A1, 1A2) ≠ de aluminio (1B1, 1B2) de cartón (1G) de madeira contrachapada (1D) + doutro metal (1N1, 1N2) ≠ de plástico (1H1, 1H2)

## Instrución de embalaxe 143

<i>Embalaxes interiores</i>	<i>Embalaxes intermedias</i>	<i>Embalaxes exteriores</i>
Sacos de papel kraft de plástico de tea de tea cauchutada Recipientes de cartón + de madeira de metal de plástico Bandexas con separacións > de plástico	Innecesarias	Caixas de aceiro (4A) de aluminio (4B) de cartón (4G) de madeira contrachapada (4D) de madeira natural, de paredes non cribantes (4C2) de madeira natural, ordinarias (4C1) de madeira reconstituída (4F) + doutro metal (4N) de plástico ríxido (4H2) Bidóns ≠ de aceiro (1A1, 1A2) ≠ de aluminio (1B1, 1B2) de cartón (1G) de madeira contrachapada (1D) + doutro metal (1N1, 1N2) ≠ de plástico (1H1, 1H2)

**CONDICIÓNS PARTICULARES DE EMBALAXE OU EXCEPCIÓNS:**

- Para ONU 0271, 0272, 0415 e 0491, cando se utilizan embalaxes de metal, estas deben estar construídas de maneira que se evite o risco de explosión ao aumentar a presión interna por causas internas ou externas.
- En lugar das embalaxes interiores e exteriores, pódense utilizar embalaxes compostas (6HH2) (recipiente de plástico cunha caixa exterior sólida).

## Capítulo 4

### CLASE 2 — GASES

*Partes deste capítulo resultan afectadas polas discrepancias estatais CA 17, US 6, US 15; véxase a táboa A-1*

#### 4.1 DISPOSICIÓNES ESPECIAIS DE EMBALAXE PARA AS MERCADORÍAS PERIGOSAS DA CLASE 2

##### 4.1.1 Condicións xerais

4.1.1.1 Nesta sección figuran as condicións xerais aplicables á utilización de cilindros e recipientes crioxénicos pechados para o transporte dos gases da clase 2 (p. ex., ONU 1072 **Oxixeno comprimido**). Os cilindros e recipientes crioxénicos pechados deben estar construídos e pechados de modo que se evite calquera perda do seu contido que se poida deber, nas condicións normais de transporte, a vibracións ou cambios de temperatura, humidade ou presión (resultantes do cambio de altitude, por exemplo).

4.1.1.2 As partes dos cilindros e os recipientes crioxénicos pechados que estean en contacto directo con mercadorías perigosas non se deben ver afectadas nin debilitadas polas ditas mercadorías perigosas nin causar un efecto perigoso (p. ex., catalizando unha reacción ou reaccionando coas mercadorías perigosas). Ademais dos requisitos especificados na instrución de embalaxe pertinente, que ten precedencia, deben cumprirse as disposicións pertinentes de ISO 11114-1:1997 e ISO 11114-2:2000.

4.1.1.3 Os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados, incluídos os seus peches, deben seleccionarse para que poidan conter un gas ou mestura de gases conforme os requisitos de 6;5.1.2 e os requisitos das instrucións especiais de embalaxe desta parte.

4.1.1.4 Os cilindros reutilizables non se deben encher cun gas ou mestura de gases diferente do contido anteriormente, a menos que as operacións necesarias de cambio de servizo para o gas se realizasen. O cambio de servizo para os gases comprimidos e licuados farase conforme ISO 11621:1997, segundo corresponda. Ademais, un cilindro que contiñese anteriormente unha substancia corrosiva da clase 8 ou unha substancia doutra clase cun risco secundario de substancia corrosiva non se deberá autorizar para o transporte dunha substancia da clase 2, a menos que se realizasen a inspección e os ensaios necesarios especificados en 6;5.1.6.

4.1.1.5 Antes da enchedura, quen realiza a operación deberá inspeccionar o cilindro ou o recipiente crioxénico pechado e asegurarse de que este está autorizado para o gas que se debe transportar e que se cumpriron as disposicións destas instrucións. As válvulas de peche deben pecharse despois da enchedura e permanecer pechadas durante o transporte. O expedidor debe comprobar que os peches e o equipo non presenten fugas.

4.1.1.6 Os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados deben encherse conforme as presións de servizo, razóns de enchedura e disposicións especificadas na instrución de embalaxe pertinente á substancia específica. Os gases e mesturas de gases reactivos deben encherse a unha presión tal que, de se producir unha descomposición completa do gas, non se exceda a presión de servizo do cilindro.

4.1.1.7 Os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados, incluídos os seus peches, deben conformarse aos requisitos de deseño, construción, inspección e ensaio detallados en 6;5. Cando se prescriban embalaxes exteriores, os cilindros deben suxeitarse firmemente dentro deles. A menos que se especifique outra cousa nas instrucións de embalaxe detalladas, nunha embalaxe exterior poderán colocarse unha ou máis embalaxes interiores.

4.1.1.8 As válvulas deben deseñarse e construírse de maneira que sexan por si mesmas capaces de soportar danos sen que se produzan fugas do contido ou deben protexerse contra os danos que poidan causar fugas inadvertidas do contido do cilindro e do recipiente crioxénico pechado, mediante un dos seguintes métodos:

a) colocando as válvulas no interior do colo do cilindro e do recipiente crioxénico pechado e protexéndoa cun tapón ou tapa de rosca;

b) protexendo as válvulas con tapas. As tapas deben estar provistas de respiradoiros de suficiente área de sección transversal para evacuar o gas no caso de que se produzan fugas nas válvulas;

c) protexendo as válvulas con recubrimentos ou dispositivos de seguridade;

d) non se utiliza; ou

e) transportando os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados nunha embalaxe exterior. O vulto preparado para o transporte debe poder pasar o ensaio de caída especificado en 6;4.3 ao nivel de idoneidade do grupo de embalaxe I.

No caso de cilindros e recipientes crioxénicos pechados con válvulas como as descritas en b) e c), deben cumprirse os requisitos de ISO 11117:1998; no caso das válvulas con protección integrada, deben cumprirse os requisitos do anexo A de ISO 10297:2006. Para os dispositivos de almacenamento con hidruro metálico deben cumprirse os requisitos de protección de válvulas especificados en ISO 16111:2008.

4.1.1.9 Os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados non reutilizables:

a) transportaranse nunha embalaxe exterior, tal como unha caixa ou gaiola, ou en bandexas precintadas con película plástica;

b) non se utiliza;

c) non se repararán despois da súa entrada en servizo.

4.1.1.10 Os cilindros reutilizables, distintos dos recipientes crioxénicos pechados, deben inspeccionarse periodicamente conforme o disposto en 6;5.1.6 e na instrución de embalaxe 200 ou 214. Os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados non se deben encher despois da data en que corresponda facerlles unha inspección periódica, pero poden transportarse despois da data límite.

4.1.1.11 As reparacións deben ser compatibles cos requisitos de fabricación e ensaio das normas de deseño e construción aplicables e só se permitirán as indicadas nas normas de inspección periódica pertinentes especificadas en 6;5.2.4. Os cilindros distintos das camisas exteriores de recipientes crioxénicos pechados non se deben someter a ningunha das reparacións seguintes:

a) fisuras ou outros defectos da soldadura;

b) fisuras nas paredes; e

c) fugas ou defectos no material das paredes, da tapa ou do fondo.

4.1.1.12 Os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados non se deben presentar para a súa enchedura:

a) cando estean danados en tal medida que a integridade do cilindro e do recipiente crioxénico pechado ou do seu equipo de servizo se poida ver afectada;

b) a menos que se examinasen o cilindro e o recipiente crioxénico pechado e o equipo de servizo e se determinase que están en bo estado de funcionamento; ou

c) a menos que sexan lexibles as marcas requiridas de certificación, repetición do ensaio e enchedura.

4.1.1.13 Os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados cheos non se deben presentar para o transporte:

a) cando presenten fugas;

b) cando estean danados en tal medida que a integridade do cilindro e do recipiente crioxénico pechado ou do seu equipo de servizo se poida ver afectada;

c) a menos que se examinasen o cilindro e o recipiente crioxénico pechado e o seu equipo de servizo e se determinase que están en bo estado de funcionamento; ou

d) a menos que sexan lexibles as marcas de certificación, repetición do ensaio e enchedura.

## 4.2 INSTRUCIÓNS DE EMBALAXE

### Instrución de embalaxe 200

No caso dos cilindros, deberán satisfacerse as condicións xerais relativas ás embalaxes de 4;1.1 e 4;4.1.1.

Os cilindros construídos segundo o prescrito en 6;5 están autorizados para o transporte de calquera das substancias especificadas nas seguintes táboas (táboa 1 e táboa 2). Poderán utilizarse cilindros que non sexan os que levan marcas da ONU e están certificados por esta, sempre que o seu deseño, construción, ensaios, aprobación e marcas se conformen aos requisitos da autoridade nacional que corresponda do país en que fosen aprobados e enchidos. Deberá estar permitido o transporte das substancias en cilindros e por vía aérea conforme as presentes instrucións. Os cilindros para os cales vencese a data dos ensaios periódicos prescritos non se deberán cargar nin presentar para o transporte ata que superasen os citados ensaios. As válvulas deberán protexerse debidamente ou deberán deseñarse e construírse de tal maneira que poidan soportar danos sen que se produzan fugas, segundo se especifica no anexo B de ISO 10297:1999. Os cilindros con capacidades inferiores ou iguais a un litro deberán embalarse en

embalaxes exteriores construídas cun material adecuado, cuxa resistencia e des eño sexan proporcionais á capacidade da embalaxe e ao seu uso previsto, e suxeitarse ou acolcharse de modo que se eviten movementos significativos dentro da embalaxe exterior, nas condicións normais de transporte. No caso dalgunhas sustancias, nas disposicións especiais de embalaxe poderá prohibirse algún tipo particular de cilindro. Deberán cumprirse os seguintes requisitos:

1) Deberán instalarse dispositivos de descompresión nos cilindros utilizados para o transporte de ONU 1013 **Dióxido de carbono** e ONU 1070 **Oxido nitroso**. Os demais cilindros deberán estar provistos dun dispositivo de descompresión se así o especifica a autoridade nacional que corresponda do país en que se utilicen. Esta autoridade deberá especificar o tipo de dispositivo de descompresión, o equipo descompresor e a capacidade de descarga dos dispositivos de descompresión, de seren necesarios. A interconexión de cilindros non está permitida.

2) As dúas táboas seguintes comprenden os gases comprimidos (táboa 1) e os gases licuados e disoltos (táboa 2). Nelas indícanse:

- a) o número ONU, a denominación e a descrición, e a clasificación da substancia;
- b) a concentración letal  $CL_{50}$  para as sustancias tóxicas;
- c) os tipos de cilindros autorizados para a substancia, indicados coa letra "X";
- d) o prazo máximo que debe mediar entre as inspeccións periódicas dos cilindros;
- e) a presión mínima de ensaio dos cilindros;
- f) a presión máxima de traballo dos cilindros para gases comprimidos (cando non se dea ningún valor, a presión de traballo non deberá exceder os dous terzos da presión de ensaio) ou a razón ou razóns máximas de enchedura dependendo da presión ou presións de ensaio dos gases licuados e disoltos;
- g) as disposicións especiais de embalaxe que son específicas dunha determinada substancia.

3) Os cilindros non se deberán encher en ningún caso por riba dos límites permitidos nos seguintes requisitos:

a) No caso de gases comprimidos, a presión de traballo non deberá exceder os dous terzos da presión de ensaio dos cilindros. Na disposición especial de embalaxe "o" impoñíense restricións a este límite máximo de presión de traballo. A presión interna a 65°C non deberá exceder en ningún caso a presión de ensaio.

b) No caso dos gases licuados a elevada presión, a razón de enchedura deberá ser tal que a presión de equilibrio a 65°C non exceda a presión de ensaio dos cilindros.

Permitirase utilizar presións de ensaio e razóns de enchedura distintas das que figuran na táboa sempre que se cumpra co criterio anterior, excepto cando se aplique a disposición especial de embalaxe "o".

No caso dos gases licuados a elevada presión e as mesturas de gas para os cales non se dispoña de datos pertinentes, a razón máxima de enchedura (FR) deberá determinarse do seguinte modo:

$$FR = 8,5 \times 10^{-4} \times d_g \times P_h$$

onde  $FR$  = razón máxima de enchedura  
 $d_g$  = densidade do gas (a 15°C, 1 bar) (en g/l)  
 $P_h$  = presión mínima de ensaio (en bar).

Se non se coñece a densidade do gas, a razón máxima de enchedura deberá determinarse do seguinte modo:

$$FR = \frac{P_h \times MM \times 10^{-3}}{R \times 338}$$

onde  $FR$  = razón máxima de enchedura  
 $P_h$  = presión mínima de ensaio (en bar)  
 $MM$  = masa molecular (en g/mol)  
 $R$  =  $8,31451 \times 10^{-2}$  bar.l/mol.K (constante do gas).

No caso das mesturas de gases, debe tomarse a masa molecular media, tendo en conta as concentracións volumétricas dos diversos compoñentes.

c) No caso dos gases licuados a baixa presión, a masa máxima do contido por litro de capacidade de auga (factor de enchedura) deberá ser igual a 0,95 veces a densidade da fase líquida a 50°C; ademais, a fase líquida non deberá encher o cilindro a ningunha temperatura inferior a 60°C. A presión de ensaio do cilindro deberá ser como mínimo igual á presión de vapor (absoluta) do líquido a 65°C, menos 100 kPa (1 bar).

No caso dos gases licuados a baixa presión para os cales non se proporcionen os datos de enchedura na táboa, a razón máxima de enchedura deberá determinarse do seguinte modo:

$$FR = (0,0032 \times BP - 0,24) \times d_1$$

onde  $FR$  = razón máxima de enchedura  
 $BP$  = punto de ebulición (en graos Kelvin)  
 $d_1$  = densidade do líquido no punto de ebulición (en kg/l).

d) Para ONU 1001, **Acetileno disolto** e ONU 3374 **Acetileno sen disolvente**, véxase p).

4) As mesturas de gases que conteñan calquera dos gases seguintes non se deben presentar para o transporte en cilindros de aliaxe de aluminio, salvo cando se conte coa aprobación da autoridade nacional que corresponda do Estado de orixe e do Estado do explotador:

ONU 1037 **Cloruro de etilo**  
ONU 1063 **Cloruro de metilo**  
ONU 1063 **Gas refrixerante R 40**  
ONU 1085 **Bromuro de vinilo estabilizado**  
ONU 1086 **Cloruro de vinilo estabilizado**  
ONU 1860 **Fluoruro de vinilo estabilizado**  
ONU 1912 **Mestura de cloruro de metilo e cloruro de metileno**

5) Disposicións especiais de embalaxe”:

Compatibilidade dos materiais

- a) Os cilindros de aliaxe de aluminio están prohibidos.
- b) As válvulas de cobre están prohibidas.
- c) As partes de metal que estean en contacto co contido non deberán conter máis do 65% de cobre.
- ≠ d) Cando se utilicen cilindros de aceiro, só están permitidos os que levan a marca “H”, de conformidade con 6;5.2.7.4 p).

Disposicións para gases específicos:

l) ONU 1040 **Óxido de etileno** tamén poderá embalarse en ampolas de vidro ou embalaxes interiores de metal seladas hermeticamente e acolchadas debidamente en caixas de cartón prensado, madeira ou metal que satisfagan o nivel de idoneidade do grupo de embalaxe I. A cantidade máxima permitida en toda embalaxe interior de vidro será de 30 g, e a cantidade máxima permitida en toda embalaxe interior de metal será de 200 g. Despois da enchedura deberá determinarse que cada embalaxe interior sexa estanca colocándoa nun baño de auga quente a unha temperatura e por un período de tempo suficientes para alcanzar unha presión interna igual á presión de vapor do óxido de etileno a 55°C. A masa neta máxima en calquera embalaxe exterior non deberá exceder os 2,5 kg. Cando se utilicen cilindros, deberán ser dos tipos sen costuras ou de aceiro soldado provistos de dispositivos de descompresión adecuados. Cada cilindro deberá someterse ao ensaio de estanquidade cun gas inerte antes de se volver encher e deberá illarse con tres capas de pintura ignífuga ou de calquera outro modo igualmente eficaz. A cantidade neta máxima por cilindro non deberá exceder os 25 kg.

m) Os cilindros deberán encherse a unha presión de traballo que non exceda os 5 bar.

o) En ningún caso deberá excederse a presión de traballo ou a razón de enchedura indicadas na táboa.

p) Para ONU 1001 **Acetileno disolto**, e ONU 3374 **Acetileno sen disolvente**: os cilindros deben estar cheos dunha masa porosa homoxénea e monolítica; a presión de traballo e a cantidade de acetileno non deberán exceder os valores prescritos na aprobación ou en ISO 3807-1:2000 ou ISO 3807-2:2000, segundo corresponda.

Para ONU 1001 **Acetileno disolto**, os cilindros deberán conter unha cantidade suficiente de acetona ou outro disolvente adecuado segundo se especifique na aprobación (véxase ISO 3807-1:2000 ou ISO 3807-2:2000, segundo corresponda); os cilindros provistos de dispositivos de descompresión deberán transportarse verticalmente.

A presión de ensaio de 52 bar aplícase unicamente aos cilindros que se conforman a ISO 3807-2:2000.

ra) O cloruro de etilo pode transportarse en ampolas de vidro (IP.8) herméticas que conteñan un máximo de 5 g de cloruro de etilo e se enchese deixando un espazo baleiro como mínimo do 7,5% a 21°C. As ampolas deberán ir amortecidas cun material incombustible eficaz, en caixas de cartón con compartimentos en que se poderá colocar un máximo de 12 ampolas por caixa. As caixas de cartón deberán embalarse de maneira compacta, para evitar o seu desprazamento, en caixas de madeira natural (4C1, 4C2), caixas de madeira contrachapada (4D), caixas de madeira reconstituída (4F), caixas de cartón prensado (4G) ou caixas de plástico (4H1, 4H2) que satisfagan os requisitos dos ensaios de idoneidade prescritos en 6;4 ao nivel de idoneidade do grupo de embalaxe II. Permitirase un máximo de 300 g de cloruro de etilo por vulto.

s) Os cilindros de aliaxes de aluminio deberán:

- estar provistos unicamente de válvulas de cobre amarelo ou aceiro inoxidable; e
- limparse conforme ISO 11621:1997 e non estar contaminados con aceite.

Inspección periódica:

u) O intervalo entre ensaios periódicos poderá estenderse ata 10 anos para os cilindros de aliaxe de aluminio cando esta aliaxe se sometese ao ensaio de corrosión por tensións especificado en ISO 7866:1999.

v) O intervalo entre inspeccións periódicas para os cilindros de aceiro poderá estenderse ata 15 anos se así o aproba a autoridade nacional que corresponda do país de utilización.

Requisitos para as descrições n.e.n.p. e para as mesturas:

z) Os materiais de construción dos cilindros e os seus accesorios deberán ser compatibles co contido e non deberán reaccionar con este formando compostos danosos ou perigosos.

A presión de ensaio e a razón de enchedura deberán calcularse conforme os requisitos pertinentes da instrución de embalaxe 200.

Deberán tomarse as medidas necesarias para evitar reaccións perigosas (é dicir, polimerización ou descomposición) durante o transporte. De ser necesario, debería lograrse a estabilización ou engadirse un inhibidor.

*Nota.— Para o transporte de oxíxeno co fin de manter vivos animais acuáticos durante o transporte, véxase a nota 7 das notas de introdución desta parte.*

**Táboa 1. GASES COMPRIMIDOS**

Núm. ONU	Denominación	Clase ou división	Risco secundario	CL <sub>50</sub> , mL/m <sup>3</sup>	Cilindros	Intervalo entre ensaios, anos	Presión de ensaio, bar*	Presión de traballo máxima, bar*	Disposicións especiais de embalaxe*
1002	<b>Aire comprimido</b>	2.2			X	10			
1006	<b>Argon comprimido</b>	2.2			X	10			
1046	<b>Helio comprimido</b>	2.2			X	10			
1049	<b>Hidróxeno comprimido</b>	2.1			X	10			d
1056	<b>Cripton comprimido</b>	2.2			X	10			
1065	<b>Neon comprimido</b>	2.2			X	10			
1066	<b>Nitróxeno comprimido</b>	2.2			X	10			
1071	<b>Gas de petróleo comprimido</b>	2.3	2,1		X	5			
1072	<b>Oxíxeno comprimido</b>	2.2	51		X	10			s
1954	<b>Gas comprimido inflamable, n.e.n.p.</b>	2.1			X	10			z
1956	<b>Gas comprimido, n.e.n.p.</b>	2.2			X	10			z
1957	<b>Deuterio comprimido</b>	2.1			X	10			d
1964	<b>Mestura de hidrocarburos gasosos comprimida, n.e.n.p.</b>	2.1			X	10			z
1971	<b>Gas natural comprimido con alta proporción de metano ou metano comprimido</b>	2.1			X	10			
2034	<b>Mestura de hidróxeno e metano comprimida</b>	2.1			X	10			
3156	<b>Gas comprimido comburente, n.e.n.p.</b>	2.2	5.1		X	10			z

\*Cando as entradas se deixen en branco, a presión de traballo non deberá exceder os dous terzos da presión de ensaio.



Táboa 2. GASES LICUADOS E GASES DISOLTOS

Núm. ONU	Denominación	Clase ou división	Risco secundario	CL <sub>50</sub> mL/m <sup>3</sup>	Cilindros	Intervalo entre ensaios, anos	Presión de ensaio, bar	Razón de enchedura	Disposicións especiais de embalaxe
1001	<b>Acetileno disolto</b>	2.1			X	10	60 52		c, p
1009	<b>Bromotrifluorometano (gas refrixerante R 13b1)</b>	2.2			X	10	42 120 250	1,13 1,44 1,60	
1010	<b>Butadienos estabilizados (1,2-butadieno)</b>	2.1			X	10	10	0,59	
1010	<b>Butadienos estabilizados (1,3-butadieno)</b>	2.1			X	10	10	0,55	z
1010	<b>Mestura de butadienos e hidrocarburos, estabilizados cun mínimo do 40% de butadienos</b>	2.1			X	10			v z
1011	<b>Butano</b>	2.1			X	10	10	0,52	v
1012	<b>Butileno (mestura de butileno)</b>	2.1			X	10	10	0,50	z
1012	<b>Butileno (1-butileno)</b>	2.1			X	10	10	0,53	
1012	<b>Butileno (cis-2-butileno)</b>	2.1			X	10	10	0,55	
1012	<b>Butileno (trans-2-butileno)</b>	2.1			X	10	10	0,54	
1013	<b>Dióxido de carbono</b>	2.2			X	10	190 250	0,68 0,76	
1018	<b>Clorodifluorometano (gas refrixerante R 22)</b>	2.2			X	10	27	1,03	
1020	<b>Cloropentafluoretano (gas refrixerante R 115)</b>	2.2			X	10	25	1,05	
1021	<b>1-Cloro-1, 2, 2, 2-tetrafluoretano (gas refrixerante R 124)</b>	2.2			X	10	11	1,20	
1022	<b>Clorotrifluorometano (gas refrixerante R 13)</b>	2.2			X	10	100 120 190 250	0,83 0,90 1,04 1,11	
1027	<b>Ciclopropano</b>	2.1			X	10	18	0,55	
1028	<b>Diclorodifluorometano (gas refrixerante R 12)</b>	2.2			X	10	16	1,15	
1029	<b>Diclorofluorometano (gas refrixerante R 2.1)</b>	2.2			X	10	10	1,23	
1030	<b>1,1-Difluoretano (gas refrixerante R 152a)</b>	2.1			X	10	16	0,79	
1032	<b>Dimetilamina anhidra</b>	2.1			X	10	10	0,59	b
1033	<b>Éter dimetílico</b>	2.1			X	10	18	0,58	
1035	<b>Etano</b>	2.1			X	10	95 120 300	0,25 0,30 0,40	
1036	<b>Etilamina</b>	2.1			X	10	10	0,61	b
1037	<b>Cloruro de etilo</b>	2.1			X	10	10	0,80	a, ra

Núm. ONU	Denominación	Clase ou división	Risco secundario	CL <sub>50</sub> , mL/m <sup>3</sup>	Cilindros	Intervalo entre ensaios, anos	Presión de ensaio, bar	Razón de enchadura	Disposicións especiais de embalaxe
1039	<b>Éter etilmetílico</b>	2.1			X	10	10	0,64	
1041	<b>Mestura de óxido de etileno e dióxido de carbono</b> con máis do 9% pero un máximo do 87% de óxido de etileno	2.1			X	10	190 250	0,66 0,75	
1043	<b>Solucións amoniacaís fertilizantes</b> que conteñan amoníaco libre	2.2			X	5			b, z
1055	<b>Isobutileno</b>	2.1			X	10	10	0,52	
1058	<b>Gases licuados</b> ininflamables, en mesturas con nitróxeno, dióxido de carbono ou aire	2.2			X	10	Presión de ensaio = 1,5 x presión de traballo		
1060	<b>Mestura estabilizada de metilacetileno e propadieno</b>	2.1			X	10			c, z
1060	<b>Mestura estabilizada de metilacetileno e propadieno</b> (propadieno con 1% a 4% de metilacetileno)	2.1			X	10	22	0,52	c
1061	<b>Metilamina anhidra</b>	2.1			X	10	13	0,58	b
1063	<b>Cloruro de metilo (gas refrixerante R 40)</b>	2.1			X	10	17	0,81	a
1070	<b>Óxido nítrico</b>	2.2	51		X	10	180 225 250	0,68 0,74 0,75	
1075	<b>Gases de petróleo licuados</b>	2.1			X	10			v, z
1077	<b>Propileno</b>	2.1			X	10	27	0,43	
1078	<b>Gas refrixerante, n.e.n.p.</b>	2.2			X	10			z
1080	<b>Hexafluoruro de xofre</b>	2.2			X	10	70 140 160	1,06 1,34 1,38	
1081	<b>Tetrafluoretileno estabilizado</b>	2.1			X	10	200		m, o
1083	<b>Trimetilamina anhidra</b>	2.1			X	10	10	0,56	b
1085	<b>Bromuro de vinilo estabilizado</b>	2.1			X	10	10	1,37	a
1086	<b>Cloruro de vinilo estabilizado</b>	2.1			X	10	12	0,81	a
1087	<b>Vinil metil éter estabilizado</b>	2.1			X	10	10	0,67	
1858	<b>Hexafluoropropileno (gas refrixerante R 1216)</b>	2.2			X	10	2.2	1,11	
1860	<b>Fluoruro de vinilo estabilizado</b>	2.1			X	10	250	0,64	a
1912	<b>Mestura de cloruro de metilo e cloruro de metileno</b>	2.1			X	10	17	0,81	a

Núm. ONU	Denominación	Clase ou división	Risco secundario	CL <sub>50</sub> , mL/m <sup>3</sup>	Cilindros	Intervalo entre ensaios, anos	Presión de ensaio, bar	Razón de enchadura	Disposicións especiais de embalaxe
1952	<b>Mestura de óxido de etileno e dióxido de carbono</b> con non máis do 9% de óxido de etileno	2.2			X	10	190 250	0,66 0,75	
1958	<b>1,2-dicloro-1,1,2,2-tetrafluoretano</b> (gas refrixerante R 114)	2.2			X	10	10	1,30	
1959	<b>1,1-difluoretano</b> (gas refrixerante R 1132a)	2.1			X	10	250	0,77	
1962	<b>Etileno</b>	2.1			X	10	2.25 300	0,34 0,38	
1965	<b>Mestura de hidrocarburos gasosos, licuada, n.e.n.p.</b>	2.1			X	10			v, z
1968	<b>Insecticida gasoso, n.e.n.p.</b>	2.2			X	10			z
1969	<b>Isobutano</b>	2.1			X	10	10	0,49	v
1973	<b>Mesturas de clorodifluometano e cloropentafluoroetano de punto de ebulición fixo</b> , con arredor do 49% de clorodifluometano (gas refrixerante R 502)	2.2			X	10	31	1,01	
1974	<b>Clorodifluobromometano</b> (gas refrixerante R 12b1)	2.2			X	10	10	1,61	
1976	<b>Octafluociclobutano</b> (gas refrixerante R 318)	2.2			X	10	11	1,32	
1978	<b>Propano</b>	2.1			X	10	23	0,43	v
1982	<b>Tetrafluometano</b> (gas refrixerante R 14)	2.2			X	10	200 300	0,71 0,90	
1983	<b>1-cloro-2,2,2-trifluoretano</b> (gas refrixerante R 133a)	2.2			X	10	10	1,18	
1984	<b>Trifluometano</b> (gas refrixerante R 23)	2.2			X	10	190 250	0,88 0,96	
2035	<b>1,1,1-trifluoretano</b> (gas refrixerante R 143a)	2.1			X	10	35	0,73	
2036	<b>Xenon</b>	2.2			X	10	130	1,28	
2044	<b>2,2-dimetilpropano</b>	2.1			X	10	10	0,53	
2073	<b>Amoníaco en solución acuosa</b> de densidade relativa inferior a 0,880 a 15°C, con máis do 35% pero non máis do 40% de amoníaco con máis do 40% pero non máis do 50% de amoníaco	2.2			X	5	10	80	b
					X	5	12	0,77	b
2193	<b>Hexafluoretano</b> (gas refrixerante R 116)	2.2			X	10	200	1,13	
2200	<b>Propadieno estabilizado</b>	2.1			X	10	2.2	0,50	
2419	<b>Bromotrifluoretano</b>	2.1			X	10	10	1,19	

Núm. ONU	Denominación	Clase ou división	Risco secundario	CL <sub>50</sub> , mL/m <sup>3</sup>	Cilindros	Intervalo entre ensaios, anos	Presión de ensaio, bar	Razón de enchadura	Disposicións especiais de embalaxe
2422	<b>2-octafluobuteno (gas refrixerante R 1318)</b>	2.2			X	10	12	1,34	
2424	<b>Octafluopropano (gas refrixerante R 2.18)</b>	2.2			X	10	25	1,04	
2451	<b>Trifluoruro de nitróxeno</b>	2.2	51		X	10	200	0,50	
2452	<b>Etilacetileno estabilizado</b>	2.1			X	10	10	0,57	c
2453	<b>Fluoruro de etilo (gas refrixerante R 161)</b>	2.1			X	10	30	0,57	
2454	<b>Fluoruro de metilo (gas refrixerante R 41)</b>	2.1			X	10	300	0,63	
2517	<b>1-cloro-1,1-difluoretano (gas refrixerante R 142b)</b>	2.1			X	10	10	0,99	
2599	<b>Clorotrifluometano e trifluometano en mestura azeotrópica con aproximadamente o 60% de clorotrifluometano (gas refrixerante R 503)</b>	2.2			X	10	31 42 100	0,12 0,17 0,64	
2601	<b>Ciclobutano</b>	2.1			X	10	10	0,63	
2602	<b>Diclorodifluometano e difluoretano en mestura azeotrópica co 74% aproximadamente de diclorodifluometano (gas refrixerante R 500)</b>	2.2			X	10	2.2	1,01	
3070	<b>Mestura de óxido de etileno e diclorodifluorometano cun máximo do 12,5% de óxido de etileno</b>	2.2			X	10	18	1,09	
3153	<b>Éter perfluorometilvinílico</b>	2.1			X	10	20	0,75	
3154	<b>Éter perfluoroetilvinílico</b>	2.1			X	10	10	0,98	
3157	<b>Gas licuado comburente, n.e.n.p.</b>	2.2	51		X	10			z
3159	<b>1,1,1,2-tetrafluoretano (gas refrixerante R 134a)</b>	2.2			X	10	2.18	1,05	
3161	<b>Gas licuado inflamable, n.e.n.p.</b>	2.1			X	10			z
3163	<b>Gas licuado, n.e.n.p.</b>	2.2			X	10			z
3220	<b>Pentafluoretano (gas refrixerante R 125)</b>	2.2			X	10	49 35	0,95 0,87	
3252	<b>Difluorometano (gas refrixerante R 32)</b>	2.1			X	10	48	0,78	
3296	<b>Heptafluoropropano (gas refrixerante R 227)</b>	2.2			X	10	13	1,21	
3297	<b>Mestura de óxido de etileno e clorotetrafluoretano cun máximo do 8,8% de óxido de etileno</b>	2.2			X	10	10	1,16	
3298	<b>Mestura de óxido de etileno e pentafluoretano cun máximo do 7,9% de óxido de etileno</b>	2.2			X	10	26	1,02	

Núm. ONU	Denominación	Clase ou división	Risco secundario	CL <sub>50</sub> , mL/m <sup>3</sup>	Cilindros	Intervalo entre ensaios, anos	Presión de ensaio, bar	Razón de enchadura	Disposicións especiais de embalaxe
3299	<b>Mestura de óxido de etileno e tetrafluoretano</b> cun máximo do 5,6% de óxido de etileno	2.2			X	10	17	1,03	
3337	<b>Gas refrixerante R 404a</b>	2.2			X	10	36	0,82	
3338	<b>Gas refrixerante R 407a</b>	2.2			X	10	32	0,94	
3339	<b>Gas refrixerante R 407b</b>	2.2			X	10	33	0,93	
3340	<b>Gas refrixerante R 407c</b>	2.2			X	10	30	0,95	
3354	<b>Insecticida gasoso inflamable, n.e.n.p.</b>	2.1			X	10			z
3374	<b>Acetileno sen disolvente</b>	2.1			X	5	60 52		c, p

### Instrución de embalaxe 201

Deberán satisfacerse as condicións xerais relativas ás embalaxes de 4;1.

Os pequenos dispositivos accionados mediante hidrocarburos gasosos, incluídos os cartuchos de recarga e os acendedores para cigarros e recargas para acendedores, deberán cumprir cos requisitos do país onde foron enchidos. Deberán estar provistos de protección contra descargas involuntarias. Os acendedores non deberán conter máis de 10 g de gas de petróleo licuado. Os pequenos dispositivos accionados mediante hidrocarburos gasosos e as recargas para acendedores non deberán conter máis de 65 g de gas de petróleo licuado. A parte líquida do gas non deberá exceder o 85% da capacidade do recipiente de combustible a 15°C. Tanto os obxectos como os seus peches deberán poder soportar unha presión interna igual ao dobre da presión existente no recipiente de combustible a 55°C. Cando os cartuchos de recarga teñen a forma de recipiente de aerosol, a presión no aerosol non debe exceder os 1 500 kPa a 55°C e deben satisfacerse as condicións prescritas nas sublíneas b) a e) da instrución de embalaxe 203. Para evitar un funcionamento accidental, os obxectos deberán estar firmemente embalados en caixas de madeira (4C1, 4C2), de madeira contrachapada (4D), de madeira reconstituída (4F), de cartón (4G) ou de plástico (4H1, 4H2), do grupo de embalaxe II. A cantidade neta de gas de petróleo licuado por vulto non excederá 1 kg nas aeronaves de pasaxeiros nin os 15 kg nas aeronaves de carga. Os obxectos que satisfagan as condicións antes mencionadas só se permitirán se os mecanismos da válvula e de ignición están deseñados ou ben firmemente pechados, selados ou mantidos na posición de peche mediante unha cinta adhesiva ou mediante outro método eficaz, de modo que se evite o seu funcionamento e as fugas durante o transporte.

Os obxectos permitidos de acordo con esta instrución de embalaxe poden tamén ir acompañados, dentro do mesmo recipiente exterior de cartuchos de recarga que conteñan máis de 65 g de gas de petróleo licuado cada un, coa condición de que tales cartuchos satisfagan todas as prescricións da instrución de embalaxe 200, non estean conectados aos obxectos nin poidan ocasionar durante o transporte unha alteración do obxecto e provocar o seu funcionamento. Tales envíos deberán transportarse en aeronaves de carga.

### Instrución de embalaxe 202

Esta instrución aplícase aos gases licuados refrixerados da clase 2 en recipientes crioxénicos abertos e pechados.

#### Condicións relativas aos recipientes crioxénicos pechados

- 1) Deben satisfacerse as condicións xerais relativas ás embalaxes de 4;1 e 4;4.1.
- 2) Deben satisfacerse as condicións de 6;5.
- 3) Os recipientes crioxénicos pechados deben estar illados de tal maneira que non se cubran de xeadas.
- 4) Presión de ensaio

Os líquidos refrixerados deben introducirse en recipientes crioxénicos pechados que se sometesen ás seguintes presións mínimas de ensaio:

a) no caso dos recipientes crioxénicos pechados con illamento ao baleiro, a presión de ensaio debe ser como mínimo 1,3 veces a suma da presión interna máxima do recipiente cheo, incluíndo a presión desenvolvida durante a enchedura e o baleirado, máis 100 kPa (1 bar);

b) no caso doutros recipientes crioxénicos pechados, a presión de ensaio será como mínimo 1,3 veces a presión interna máxima do recipiente cheo, incluíndo a presión desenvolvida durante a enchedura e o baleiramento.

- 5) Razón de enchedura

No caso dos gases licuados refrixerados non inflamables e non tóxicos, o volume da fase líquida á temperatura de enchedura e á presión de 100 kPa (1 bar) non debe exceder o 98% da capacidade (en auga) do recipiente a presión.

- 6) Dispositivos de descompresión

Cada recipiente crioxénico pechado, con capacidade nominal de máis de 550 L, debe estar provisto como mínimo de dous dispositivos de descompresión. O dispositivo de descompresión debe ser do tipo que resiste forzas dinámicas incluído o aumento transitorio de presión.

Os recipientes crioxénicos pechados, con capacidade nominal de 550 l ou menos, deben estar provistos dun dispositivo de descompresión como mínimo e ademais, poden ter un disco franxible en paralelo co dispositivo accionado por resorte, a fin de cumprir co prescrito en 6;5.1.3.6.5. O dispositivo de descompresión debe ser do tipo que resiste forzas dinámicas, incluído o aumento transitorio de presión.

*Nota.— Os dispositivos de descompresión deben cumprir os requisitos de 6;5.1.3.6.4 e 6;5.1.3.6.5.*

- 7) Compatibilidade

Os materiais utilizados para garantir a estanquidade das xuntas ou para o mantemento dos peches deben ser compatibles co contido. No caso dos recipientes destinados ao transporte de gases comburentes (é dicir, cun risco secundario de 5.1), estes materiais non deben reaccionar cos gases de maneira perigosa.

- 8) Inspección periódica

As inspeccións periódicas e os ensaios das válvulas de descompresión deben levarse a cabo dentro dun prazo de cinco anos, como máximo.

*Nota.— As embalaxes illadas que conteñan nitróxeno líquido refrixerado plenamente absorbido nun material poroso non están suxeitos a estas instrucións cando se transportan como carga, sempre que se axusten ás condicións da disposición especial A152.*

#### Condicións relativas aos recipientes crioxénicos abertos

Os recipientes crioxénicos abertos deben construírse respectando as condicións seguintes:

1. Os recipientes deben deseñarse, fabricarse, someterse a ensaio e equiparse de forma que poidan resistir todas as condicións, incluída a fatiga, ás cales estarán sometidos nas condicións normais de utilización e de transporte.
2. A capacidade de auga máxima para os recipientes metálicos é 50 l e para os recipientes de vidro é 5 L.
3. O recipiente debe estar dotado de dobre parede con baleiro intermedio (illamento por baleiro). O illamento debe evitar que se forme xeadas na parede externa do recipiente.
4. Os materiais de construción deben ter propiedades mecánicas satisfactorias á temperatura de servizo.

5. Os materiais que estean en contacto directo coas mercadorías perigosas non se deben ver afectados ou debilitados polas mercadorías perigosas que estea previsto transportar e non deben causar ningún efecto perigoso, por exemplo, catalizando unha reacción ou reaccionando coas mercadorías perigosas.

6. Os recipientes dotados de dobre parede de vidro deben ter embalaxe exterior con suficiente material de recheo ou material absorbente para soportar as presións e golpes que ocorren nas condicións normais de transporte.

7. O recipiente debe estar deseñado de tal forma que permaneza en posición vertical durante o transporte, é dicir, debe ter unha base cuxa dimensión horizontal máis pequena sexa maior que a da altura do centro de gravidade cando está cheo ao máximo da súa capacidade, ou debe estar montado en cardáns.

8. Os recipientes deben ser envases metálicos ou de vidro illados ao baleiro, con orificios de comunicación coa atmosfera para impedir calquera aumento de presión dentro do vulto, e as aberturas deben estar provistas de dispositivos que permitan o escape dos gases co fin de evitar calquera derramamento de líquido e deben estar configuradas de tal forma que permanezan inmóbiles durante o transporte.

9. Nos recipientes crioxénicos abertos débense inscribir de forma permanente (por exemplo, estampándoos, gravándoos ou gravándoos ao ácido) as marcas seguintes:

- nome e enderezo do fabricante;
- número ou nome do modelo;
- número de serie ou de lote;
- número ONU e denominación do artigo expedido dos gases aos cales o recipiente estea destinado;
- capacidade do recipiente en litros.

≠ *Nota.— As dimensións das marcas serán as que se indican na parte 6;5.2.7.1 para os cilindros. Para os recipientes crioxénicos abertos fabricados antes do 1 de xaneiro de 2012 non se requiren estas marcas.*

10. Permítese recipientes crioxénicos abertos para nitróxeno, argon, cripton, neon e xenon líquidos refrixerados.

### Instrución de embalaxe 203

Esta instrución aplícase a ONU 1950 e 2037.

Deben satisfacerse as condicións xerais relativas ás embalaxes de 4;1.

As embalaxes únicas non están permitidas.

#### **Aerosois metálicos e recipientes non reutilizables que conteñen gas (cartuchos de gas)**

Os aerosois en recipientes metálicos non reutilizables e recipientes non reutilizables que conteñen gas (cartuchos de gas) non deben ter unha capacidade superior a 1 000 mL.

Deben satisfacerse as condicións seguintes:

- a) a presión interna do recipiente non deberá exceder os 1 500 kPa a 55°C, e cada recipiente deberá ser capaz de resistir sen rotura unha presión equivalente polo menos a unha vez e media a presión de equilibrio do contido a 55°C;
- b) se a presión no recipiente é superior a 970 kPa a 55°C, pero non excede os 1 105 kPa a 55°C, debe utilizarse un recipiente IP.7, IP.7A ou IP.7B, de metal;
- c) se a presión no recipiente é superior a 1 105 kPa a 55°C pero non excede os 1 245 kPa a 55°C, deberá utilizarse un recipiente IP.7A ou IP.7B, de metal;
- d) se a presión no recipiente é superior a 1 245 kPa a 55°C, deberá utilizarse un recipiente IP.7B de metal;

e) os recipientes metálicos IP.7B que rebenten a unha presión mínima de 1 800 kPa poden levar unha cápsula interna cargada cun gas comprimido non tóxico e ininflamable que sirva de propulsor. Neste caso, as presións que se indican en a), b), c) ou d) non se aplican á presión dentro da cápsula do aerosol. A cantidade de gas contida na cápsula debe limitarse co fin de non exceder a presión mínima para que o recipiente rebente en caso de que todo o contido de gas da cápsula se libere no recipiente metálico exterior;

f) o contido líquido non deberá encher completamente o recipiente pechado a 55°C;

g) cada recipiente cuxa capacidade exceda os 120 mL, debe ter sido quentado ata que a presión no recipiente sexa equivalente á presión de equilibrio do contido a 55°C, sen que aparezan fugas, deformación ou outro defecto.

#### **Aerosois plásticos (IP.7c)**

Os aerosois plásticos non reutilizables non deben ter unha capacidade superior a 120 mL, excepto cando a substancia propulsora é un gas ininflamable e non tóxico e as substancias contidas non son perigosas de conformidade coas disposicións das instrucións técnicas; neste caso a cantidade non debe superar 500 mL.

Deben satisfacerse as condicións seguintes:

a) o contido non debe encher completamente o recipiente pechado a 55°C;

b) a presión no recipiente non pode exceder os 970 kPa a 55°C; e

c) cada recipiente debe someterse ao ensaio de fugas de conformidade coas disposicións da parte 6;3.2.8.1.6.

#### **Todos os aerosois**

a) as válvulas, de habelas, deben ir protexidas durante o transporte por unha tapa de seguridade ou por outro medio apropiado;

b) os recipientes deben ir embalados en forma compacta, para evitar o seu desprazamento, en caixas de madeira (4C1, 4C2), caixas de madeira contrachapada (4D), caixas de madeira reconstituída (4F), caixas de cartón (4G) ou caixas de plástico (4H1, 4H2) do grupo de embalaxe II.

### **Instrución de embalaxe Y203**

Esta instrución aplícase a ONU 1950 e 2037.

Deben satisfacerse as condicións de 3;4.

As embalaxes únicas non están permitidas.

#### **EMBALAXES COMBINADAS:**

##### **INTERIORES:**

#### **Aerosois metálicos e recipientes non reutilizables que conteñen gas (cartuchos de gas)**

+ Os aerosois metálicos non reutilizables e os recipientes non reutilizables que conteñen gas (cartuchos de gas) que conteñen substancias tóxicas non deben ter unha capacidade superior a 120 mL.

≠ Todos os aerosois metálicos non reutilizables e os recipientes non reutilizables que conteñen gas (cartuchos de gas) non deben ter unha capacidade superior a 1 000 mL.

Deben satisfacerse as condicións seguintes:

a) a presión interna do recipiente non debe exceder os 1 245 kPa a 55°C, e cada recipiente deberá ser capaz de resistir sen rotura unha presión equivalente polo menos a unha vez e media a presión de equilibrio do contido a 55°C;

b) se a presión no recipiente é superior a 970 kPa a 55°C, pero non excede os 1 105 kPa a 55°C, debe utilizarse un recipiente IP.7, IP.7A ou IP.7B, de metal;

c) se a presión no recipiente é superior a 1 105 kPa a 55°C, debe utilizarse un recipiente IP.7A ou IP.7B, de metal;

d) se a presión do recipiente excede os 1 245 kPa a 55°, debe utilizarse un recipiente metálico IP.7B;



e) os recipientes metálicos IP.7B que rebenten a unha presión mínima de 1 800 kPa poden levar unha cápsula interna cargada cun gas comprimido non tóxico e ininflamable que sirva de propulsor. Neste caso, as presións que se indican en a), b), c) ou d) non se aplican á presión dentro da cápsula para os aerosois. A cantidade de gas contido na cápsula debe limitarse co fin de non exceder a presión mínima para que o recipiente rebente en caso de que todo o contido de gas da cápsula se libere no recipiente metálico exterior;

f) o contido líquido non deberá encher completamente o recipiente pechado a 55°C;

g) cada recipiente cuxa capacidade exceda de 120 mL, debe ter sido quentado ata que a presión no recipiente sexa equivalente á presión de equilibrio do contido a 55°C, sen que aparezan fugas, deformación ou outro defecto.

#### **Aerosois plásticos (IP.7C)**

Os aerosois en recipientes metálicos non reutilizables non deben ter unha capacidade superior a 120 mL, excepto cando a substancia propulsora é un gas ininflamable e non tóxico e as substancias contidas non son perigosas de conformidade coas disposicións das instrucións técnicas; neste caso a cantidade non debe superar 500 mL.

Deben satisfacerse as condicións seguintes:

a) o contido non debe encher completamente o recipiente pechado a 55°C;

b) a presión no recipiente non pode exceder os 970 kPa a 55°C;

c) cada recipiente debe someterse ao ensaio de fugas de conformidade coas disposicións de 6;3.2.8.1.6.

#### **Todos os aerosois**

a) as válvulas, de habelas, deben ir protexidas durante o transporte, por unha tapa de seguridade ou por outro medio apropiado;

b) os recipientes deben embalarse de maneira compacta para evitar o seu desprazamento.

#### **EXTERIORES:**

Caixas

de cartón

de madeira

de madeira contrachapada

de madeira reconstituída

de plástico

### **Instrucción de embalaxe 204**

Deberán satisfacerse as condicións xerais relativas ás embalaxes de 4;1.

Os aerosois ininflamables que conteñan produtos biolóxicos ou algún preparado medicinal que se deteriorenen ao sometelos a ensaio da calor son aceptables cando están envasados en recipientes interiores para unha soa carga, cuxa capacidade máxima non exceda os 575 ml cada un, con tal de que se satisfagan as condicións seguintes:

a) a presión interna do aerosol non deberá exceder os 970 kPa a 55°C;

b) o contido líquido non deberá encher completamente o recipiente pechado a 55°C;

c) un aerosol de cada partida de 500 unidades ou menos deberase quentar ata que a presión interna sexa equivalente á presión de equilibrio do contido a 55°C, sen que o recipiente presente fugas, deformación ou outros defectos;

d) as válvulas deberán estar protexidas durante o transporte por unha tapa ou outro medio apropiado;

e) os aerosois deberán embalarse de maneira compacta, para impedir o seu desprazamento, en caixas de madeira (4C1, 4C2), de madeira contrachapada (4D), de madeira reconstituída (4F), de cartón (4G) ou de plástico (4H1, 4H2), do grupo de embalaxe II.

### Instrución de embalaxe Y204

Deberán satisfacerse as condicións de 3;4.

As embalaxes únicas non están permitidas.

#### **EMBALAXES COMBINADAS:**

##### *INTERIORES:*

Os aerosois que conteñan unicamente unha ou varias substancias non tóxicas e produtos biolóxicos ou algún preparado medicinal que se deteriorenen ao sometelos ao ensaio da calor son aceptables cando están envasados en recipientes interiores para unha soa carga, cuxa capacidade máxima non exceda os 575 ml cada un, con tal que se satisfagan as condicións seguintes:

- a) a presión interna do aerosol non deberá exceder os 970 kPa a 55°C;
- b) o contido líquido non deberá encher completamente o recipiente pechado a 55°C;
- c) un aerosol de cada partida de 500 unidades ou menos deberase quentarse ata que a presión interna sexa equivalente á presión de equilibrio do contido a 55°C, sen que o recipiente presente fugas, deformación ou outros defectos;
- d) as válvulas deberán estar protexidas durante o transporte por unha tapa ou outro medio apropiado;
- e) os aerosois deberán embalarse de maneira compacta, para impedir o seu desprazamento, en calquera das seguintes caixas:

##### *EXTERIORES:*

Caixas  
de cartón  
de madeira  
de madeira contrachapada  
de madeira reconstituída  
de plástico

### Instrución de embalaxe 206

Aeronaves de pasaxeiros e de carga para 3167, ONU 3168 e ONU 3169 unicamente

#### **Condicións xerais**

Deben satisfacerse as condicións da parte 4, capítulo 1, incluíndo:

As mostras de gases só se poden aceptar para o transporte como gases non sometidos a presión sempre que se encontren a unha presión equivalente á presión atmosférica ambiental no momento de pecharse o sistema de contención, que non debe exceder os 105 kPa absoluta.

Os cilindros e recipientes de gas que se axustan aos requisitos de construción, ensaio e enchedura aprobados pola autoridade nacional que corresponda están permitidos.

#### **1) Condicións de compatibilidade**

— As substancias deben ser compatibles coas súas embalaxes segundo o prescrito en 4;1.1.3.

#### **2) Condicións relativas a peches**

— Os peches deben satisfacer as condicións de 4;1.1.4.

EMBALAXES COMBINADAS						EMBALAXES ÚNICAS
Número ONU e denominación do artigo expedido	Embalaxe interior (véxase 6;3.2)	Embalaxe interior cantidade (por recipiente) — pasaxeiros	Cantidade total por vulto — pasaxeiros	Embalaxe interior cantidade (por recipiente) — carga	Cantidade total por vulto — carga	
ONU 3167 <b>Mostra de gas non sometido a presión inflamable, n.e.n.p.</b>	Vidro	1,0 l	1,0 l	2,5 l	5,0 l	Non
	Metal	1,0 l		2,5 l		
ONU 3168 <b>Mostra de gas non sometido a presión tóxico inflamable, n.e.n.p.</b>	Vidro	Prohibido	Prohibido	1,0 l	1,0 l	Non
	Metal			1,0 l		
ONU 3169 <b>Mostra de gas non sometido a presión tóxico, n.e.n.p.</b>	Vidro	Prohibido	Prohibido	1,0 l	1,0 l	Non
	Metal			1,0 l		

**CONDICIÓN DE EMBALAXE ADICIONAIS PARA EMBALAXES COMBINADAS**

- As embalaxes interiores deben estar hermeticamente pechadas.
- As embalaxes deben satisfacer os requisitos de idoneidade do grupo de embalaxe II.
- As embalaxes interiores deben ir embaladas de maneira que se evite movemento na embalaxe exterior.

**EMBALAXES EXTERIORES DE EMBALAXES COMBINADAS (véxase 6;3.1)***Caixas*

Aceiro (4A)  
 Aluminio (4B)  
 Cartón (4G)  
 Madeira contrachapada (4D)  
 Madeira natural (4C1, 4C2)  
 Madeira reconstituída (4F)  
 + Outro metal (4N)  
 Plástico (4H1, 4H2)

*Bidóns*

≠ Aceiro (1A1, 1A2)  
 ≠ Aluminio (1B1, 1B2)  
 Cartón (1G)  
 ≠ Outro metal (1N1, 1N2)  
 ≠ Plástico (1H1, 1H2)

*Garrafóns*

≠ Aceiro (3A1, 3A2)  
 ≠ Aluminio (3B1, 3B2)  
 ≠ Plástico (3H1, 3H2)

### Instrucción de embalaxe 208

Deberán satisfacerse as condicións xerais relativas ás embalaxes de 4;1.

Os obxectos hidráulicos ou pneumáticos que conteñan un gas non inflamable, non licuado e non tóxico, e que estean construídos con materiais que non poidan fragmentarse baixo presión, poderán ser transportados nas condicións seguintes:

a) Instalados en equipo de construción ou outras máquinas, os artigos deberán deseñarse e construírse de modo que, ao expedilos, a presión de rotura non sexa inferior a cinco veces a presión en servizo a 21°C.

*Nota.— Non se require etiquetaxe, nin marcas, nin o documento de transporte de mercadorías perigosas, nin proporcionar información ao piloto ao mando.*

b) Embalados en forma compacta, para evitar movementos, en embalaxes exteriores resistentes e cargadas a unha presión que non exceda os 1 380 kPa a 21°C, tamén deberán satisfacer as condicións seguintes:

1) o volume interno do recipiente a presión non deberá exceder os 41 L;

2) cada artigo deberá someterse a ensaio antes da expedición inicial e, antes de que se reencha e reexpida, a unha presión polo menos igual a tres veces a presión en servizo a 21°C e, en todo caso, non inferior a 830 kPa, sen que o artigo presente fugas ou danos.

c) Embalados en forma compacta, para evitar movementos, en embalaxes exteriores resistentes e cargadas a unha presión que exceda os 1 380 kPa a 21°C, tamén deberán satisfacer as condicións seguintes:

1) o volume interno do recipiente a presión non deberá exceder os 41 L;

2) cada artigo deberá someterse a ensaio, antes da expedición inicial e antes de que se reencha e reexpida, a unha presión polo menos igual a tres veces a presión en servizo a 21°C e, en todo caso, non inferior a 830 kPa, sen que o artigo presente fugas ou danos;

3) cada artigo deberá deseñarse e construírse de modo que a presión de rotura non sexa inferior a cinco veces a presión en servizo a 21°C, durante a expedición.

### Instrucción de embalaxe 211

Deberán satisfacerse as condicións xerais relativas ás embalaxes de 4;1.

As máquinas frigoríficas ou os seus compoñentes que conteñan gases licuados que non sexan tóxicos ou amoníaco en solución (ONU 2672) deberán satisfacer os requisitos seguintes:

a) cada cilindro non deberá conter máis de 450 kg dun gas da división 2.2 sen risco secundario, nin máis de 25 kg de amoníaco en solución (ONU 2672);

b) as máquinas ou compoñentes que teñan un ou máis cilindros cargados non poderán conter unha cantidade total superior a 910 kg dun gas da división 2.2 sen risco secundario, nin máis de 45 kg de amoníaco en solución (ONU 2672);

c) cada cilindro deberá estar provisto dun dispositivo de seguridade que satisfaga as exixencias dunha norma nacional recoñecida;

d) cada cilindro deberá estar provisto dunha válvula de incomunicación en cada abertura, con excepción das aberturas que se utilizan para os dispositivos de seguridade e sen ningunha outra conexión. Estas válvulas terán que cerrarse antes do transporte e durante este;

e) os cilindros deberánse construír, inspeccionar e ensaiar conforme unha norma nacional recoñecida;

f) todos os elementos sometidos á presión do refrixerante durante o transporte deberánse ensaiar conforme unha norma das Nacións Unidas ou nacional recoñecida;

g) a parte líquida do refrixerante, se a houber, non deberá encher por completo ningún cilindro á temperatura de 55°C;

h) a cantidade de refrixerante, se está en estado licuado, non deberá exceder a densidade de carga prescrita polos regulamentos estatais pertinentes.

## Instrucción de embalaxe 212

Deberán satisfacerse as condicións xerais relativas ás embalaxes de 4;1.

Os aerosois ininflamables que son dispositivos de gas lacrimóxeno autorízanse en receptáculos internos metálicos non reutilizables cuxa capacidade non exceda os 1 000 mL, sempre que se dean as seguintes condicións:

- a) a presión dentro do aerosol non deberá exceder os 1 500 kPa a 55°C e cada recipiente ten que poder soportar sen rotura unha presión equivalente a 1,5 veces a presión de equilibrio do contido a 55°C;
- b) se a presión dentro do aerosol non excede os 1 105 kPa a 55°C, deberá utilizarse un recipiente IP.7, IP.7A ou IP.7B de metal;
- c) se a presión dentro do aerosol é superior a 1 105 kPa a 55°C, pero non excede os 1 245 kPa a 55°C, deberá utilizarse un recipiente IP.7A ou IP.7B de metal;
- d) se a presión dentro do aerosol é superior a 1 245 kPa a 55°C, deberá utilizarse un recipiente IP.7B de metal;
- e) os recipientes metálicos IP.7B que rebenten a unha presión mínima de 1 800 kPa poden levar unha cápsula interna cargada cun gas comprimido non tóxico e ininflamable que sirva de propulsor. Neste caso, as presións que se indican en a), b), c) ou d) non se aplican á presión dentro da cápsula. A cantidade de gas contida na cápsula debe limitarse co fin de non exceder a presión mínima para que o recipiente rebente en caso de que todo o contido de gas da cápsula se libere no aerosol;
- f) o contido líquido non deberá encher completamente o recipiente a 55°C;
- g) cada aerosol, deberá ter sido quentado ata que a presión no recipiente sexa equivalente á presión de equilibrio do contido a 55°C, sen que aparezan fugas, deformacións ou outros defectos;
- h) as válvulas deberán ir protexidas durante o transporte por unha tapa de seguridade ou por outro medio apropiado;
- i) os aerosois deberán colocarse individualmente en tubos enrolados en espiral e provistos de extremos metálicos ou en caixas de cartón prensado de dobre face suficientemente acolchadas, que deberán embalarse en forma compacta en caixas de madeira (4C1, 4C2), de madeira contrachapada (4D), de madeira reconstituída (4F), de cartón (4G) ou de plástico (4H1, 4H2), do grupo de embalaxe II. A cantidade máxima neta por vulto será de 50 kg.

## Instrucción de embalaxe 213

Deberían satisfacerse as condicións xerais relativas ás embalaxes de 4;1.

Os extintores de incendios cargados con gases comprimidos ou licuados deberán embalarse en embalaxes exteriores resistentes, e de modo que non se poidan activar accidentalmente.

Os extintores de incendios poderán levar incorporados cartuchos explosivos (cartuchos de accionamento da división 1.4C ou 1.4S), sen que cambie a súa clasificación na división 2.2, sempre que a cantidade total dos explosivos deflagrantes (propulsores) non exceda os 3,2 g por extintor.

### Instrucción de embalaxe 214

Aeronaves exclusivamente de carga para ONU 3468 unicamente

Esta instrucción aplícase aos dispositivos de almacenamento que conteñen hidróxeno absorbido nun hidruro metálico (ONU 3468) individualmente ou cando van contidos en equipos ou aparellos ao transportarse en aeronaves de carga.

1) Para os dispositivos de almacenamento con hidruro metálico, deben satisfacerse as condicións xerais de embalaxe de 4;4.1.

2) Esta instrucción de embalaxe refírese unicamente aos cilindros cunha capacidade (en auga) non superior a 150 l e cunha presión máxima desenvolvida que non supere 25 MPa.

3) Os dispositivos de almacenamento con hidruro metálico que satisfán as condicións de 6; 5 aplicables á fabricación e ensaios dos cilindros que conteñen gas poden utilizarse unicamente para o transporte de hidróxeno.

4) Cando se utilizan cilindros de aceiro ou cilindros compostos con revestimento de aceiro, permítense unicamente os que levan a marca "H", de conformidade con 6;5.2.9 j).

5) Os dispositivos de almacenamento con hidruro metálico deben cumprir as disposicións relativas ás condicións de servizo, os criterios de deseño, a capacidade nominal, os ensaios de tipo, os ensaios por lotes, os ensaios de rutina, a presión de ensaio, a presión de carga nominal e as disposicións relativas aos dispositivos de descompresión para os dispositivos de almacenamento con hidruro metálico transportables enunciados na norma ISO 16111:2008, e a súa conformidade e aprobación deben avaliarse de acordo co disposto en 6;5.2.5.

6) Os dispositivos de almacenamento con hidruro metálico deben reenchese con hidróxeno a unha presión que non sexa maior que a presión de carga nominal que figura nas marcas permanentes que leva o dispositivo, de conformidade coa norma ISO 16111:2008.

7) As condicións relativas a ensaios periódicos para os dispositivos de almacenamento con hidruro metálico deben axustarse á norma ISO 16111:2008 e deben cumprirse de conformidade con 6;5.2.6; o intervalo entre as inspeccións periódicas non debe ser de máis de cinco anos.

8) Os dispositivos de almacenamento cunha capacidade de auga de menos de 1 l deben envasarse en embalaxes exteriores rixidas de material adecuado coa resistencia e deseño apropiados en relación coa capacidade da embalaxe e co seu uso previsto. Ademais, deben suxeitarse ou acolchase adecuadamente con material de recheo para evitar danos durante as condicións normais de transporte.

9) A cantidade neta máxima por vulto en aeronaves de carga é de 100 kg de dispositivos de almacenamento con hidruro metálico, comprendidos os dispositivos de almacenamento que van embalados cun equipo ou instalados nun equipo.

### Instrucción de embalaxe 215

Aeronaves de pasaxeiros e de carga para ONU 3478 e 3479 unicamente

#### Condicións xerais

Deben satisfacerse as condicións da parte 4;1.1.1, 1.1.2, e 1.1.8, incluíndo:

#### 1) Condicións de compatibilidade

— As substancias deben ser compatibles coas súas embalaxes segundo o prescrito en 4;1.1.3.

Número ONU e denominación do artigo expedido	Cantidade — pasaxeiros	Cantidade — carga
- a) os infladores de bolsas inflables, módulos de bolsas inflables ou pretensores de cintos de seguridade embalados no dispositivo de manipulación deben cumprir os criterios de proba prescritos na disposición especial A115;
- b) o dispositivo de manipulación debe estar totalmente pechado;
- c) cada inflador de bolsas inflables, módulo de bolsas inflables ou pretensor de cintos de seguridade debe estar suxeito dentro do dispositivo de manipulación para evitar o seu movemento durante o transporte; e
- d) independentemente do límite establecido na columna 13 da táboa 3-1, un dispositivo de manipulación que satisfaga as condicións da instrución de embalaxe 917, preparado para o transporte, pode ter unha masa bruta que non exceda 1 000 kg.

#### EMBALAXES EXTERIORES DE EMBALAXES COMBINADAS (véxase 6;3.1)

Caixas	Bidóns	Garrafóns
Aceiro (4A)	Aceiro (1A2)	Aceiro (3A2)
Aluminio (4B)	Aluminio (1B2)	Aluminio (3B2)
Cartón (4G)	Cartón (1G)	>
Madeira contrachapada (4D)	Madeira contrachapada (1D)	Plástico (3H2)
≠ Madeira natural (4C1, 4C2)	≠ Outro metal (1N2)	
Madeira reconstituída (4F)	Plástico (1H2)	
+ Outro metal (4N)		
Plástico (4H1, 4H2)		

### Instrución de embalaxe 962

Aeronaves de pasaxeiros e de carga para ONU 3363 unicamente

#### Condições xerais

Deben satisfacerse as condicións da parte 4, capítulo 1 (coa excepción de 4;1.1.2, 1.1.9, 1.1.13 e 1.1.16 que non se aplican), incluíndo:

##### 1) Condições de compatibilidade

— As substancias deben ser compatibles coas súas embalaxes segundo o prescrito en 4;1.1.3.

##### 2) Condições relativas a peches

— Os peches deben satisfacer as condicións de 4;1.1.4.

Esta entrada aplícase unicamente a maquinarias ou aparellos que conteñen mercadorías perigosas como parte integrante. Non se debe utilizar para maquinarias ou aparellos cuxa denominación do artigo expedido xa figura na táboa 3-1. Con excepción dos compoñentes de sistemas de combustible, a maquinaria ou aparello pode conter unicamente unha ou máis das mercadorías perigosas que se permiten en virtude de 3;4.1.2 ou ONU 2807 ou gases da división 2.2 sen risco secundario, pero excluíndo os gases licuados refrixerados.

Número ONU e denominación do artigo expedido	Estado	Cantidade neta total de mercadorías perigosas nun vulto (excluíndo material magnetizado)
ONU 3363 <b>Mercadorías perigosas en aparellos ou mercadorías perigosas en maquinarias</b>	Líquido	0,5 L
	Sólido	1 kg
	Gas (División 2.2 unicamente)	0,5 kg

#### CONDICIÓNS DE EMBALAXE ADICIONAIS

— Os recipientes que conteñen mercadorías perigosas deben asegurarse e acolchase con recheo co fin de evitar rotura ou derramamento e controlar o seu movemento dentro da maquinaria ou aparello nas condicións normais de transporte. O material de recheo non debe reaccionar perigosamente co contido dos recipientes. Se se produce unha perda do contido, isto non debe afectar considerablemente as propiedades protectoras do material de recheo.

— Deben fixarse etiquetas de "posición do vulto" (figura 5-26), ou etiquetas de posición impresas previamente que satisfagan as especificacións xa sexa da figura 5-26 ou da norma ISO 780-1997, en polo menos dous lados verticais opostos coas frechas apuntando na dirección correcta unicamente cando se requira asegurar que as mercadorías perigosas líquidas se manteñan na posición prevista.

— Independentemente do previsto en 5;3.2.10, as maquinarias ou aparellos que conteñan material magnetizado que satisfai as condicións da instrución de embalaxe 953 deben levar ademais a etiqueta de "Material magnetizado" (figura 5-24).

— Para os gases da división 2.2, os cilindros para gases, o seu contido e as razóns de enchedura deben satisfacer as condicións da instrución de embalaxe 200.

##### Compoñentes de sistemas de combustible

— Os compoñentes de sistemas de combustible deben baleirarse de combustible na medida do posible e todas as aberturas deben pechase hermeticamente. Deben embalarse:

1) con suficiente material absorbente para absorber a cantidade máxima de líquido que poida quedar despois do baleirado. Cando a embalaxe exterior non sexa estanca, debe proporcionarse un medio para conter o líquido en caso de fugas, na forma dun forro ou saco de plástico estanco, ou outro medio de contención igualmente eficaz; e

2) en embalaxes exteriores resistentes.

#### EMBALAXES EXTERIORES DE EMBALAXES COMBINADAS (véxase 6;3.1)

As mercadorías perigosas en maquinarias ou aparellos deben embalarse en embalaxes exteriores resistentes salvo cando, pola construción da maquinaria ou aparello, os recipientes que conteñen mercadorías perigosas estean protexidos adecuadamente.

### Instrución de embalaxe Y963

Aeronaves de pasaxeiros e de carga para ID 8000 unicamente

Os artigos de consumo son produtos embalados e distribuídos en embalaxes destinados á venda polo miúdo para uso persoal ou doméstico. Entre eles figuran os medicamentos administrados ou vendidos aos enfermos polos médicos ou polas administracións médicas. Salvo que se estipule doutro modo a seguir, as mercadorías perigosas embaladas de conformidade con esta instrución de embalaxe non necesitan cumprir con 4;1 nin coa parte 6 das presentes instrucións; deberán axustarse, non obstante, a todos os demais requisitos aplicables.

a) Cada embalaxe deberá deseñarse e construírse de modo que se eviten as fugas que poden ocasionar as variacións de altitude e temperatura durante o transporte aéreo.

b) As embalaxes interiores de materiais quebradizos (como por exemplo a louza, o vidro ou o plástico franxible) deberán embalarse de modo que se eviten as roturas e fugas nas condicións normais de transporte. As embalaxes deberán poder resistir unha caída desde unha altura de 1,2 m sobre unha superficie sólida de formigón na posición en que sexa maior a posibilidade de ocasionar danos. Cada vulto entregado para o seu transporte debe ser capaz de resistir, sen que se produzan roturas ou fugas nas embalaxes interiores e sen que o grao de eficacia se reduza considerablemente, unha forza aplicada á superficie superior, durante 24 horas, equivalente ao peso total de vultos idénticos empillados ata unha altura de 3 m (incluíndo a mostra de ensaio).

c) Ao encher os recipientes para líquidos, deixárase baleiro un volume de expansión suficiente para asegurarse de que non se producirá ningunha fuga nin deformación permanente do recipiente de resultado da dilatación do líquido ocasionada polas variacións de temperatura que poden ocorrer durante o transporte. A non ser que se estipulen condicións concretas nos regulamentos nacionais ou nos acordos internacionais, os líquidos non deberán encher completamente un recipiente á temperatura de 55°C. A esta temperatura debe deixarse baleiro un volume mínimo de expansión do 2%. A embalaxe primaria (que pode ser unha embalaxe composta), cuxa función básica é reter un líquido, deberá poder soportar, sen fugas, unha presión manométrica interna que produza unha diferenza de presión de polo menos 75 kPa ou unha presión relacionada coa presión de vapor do líquido que haxa que transportar, a que sexa maior. coa presión relacionada coa presión do vapor debe determinarse polo método previsto en 4;1.1.6. Deberán someterse a ensaio os recipientes de mostra para demostrar se a embalaxe primaria pode soportar a presión citada.

d) Os tapóns, tapas de cortiza ou outros medios de obturación por fricción deberán manterse firmemente colocados no seu sitio mediante dispositivos eficaces. Estes medios de obturación deberán deseñarse de modo que sexa sumamente improbable que se coloquen incorrectamente ou que só pechen parcialmente, e as súas características deberán ser tales que se poida verificar facilmente se están completamente pechados.

e) As embalaxes interiores deberán colocarse de maneira compacta en sólidas embalaxes exteriores e deberán embalarse, suxeitarse ou acolchase para impedir calquera rotura, perforación ou fuga do contido na embalaxe exterior nas condicións normais de transporte. Deberase utilizar material absorbente para as embalaxes interiores de vidro ou de louza que conteñan artigos de consumo da clase 3 ou líquidos da división 6.1, en cantidade suficiente para absorber o contido líquido das embalaxes interiores de maior capacidade incluídos na embalaxe exterior. O material absorbente e de amortecemento non deberá ser susceptible de reaccionar perigosamente co contido das embalaxes interiores. Non obstante as disposicións que anteceden, o material absorbente poderá non ser necesario se as embalaxes interiores están protexidas de modo tal que, en condicións normais de transporte, non caiba a posibilidade de que se produzan roturas das embalaxes interiores nin fugas do seu contido a través da embalaxe exterior.

f) As embalaxes interiores que conteñan líquidos, excluídos os líquidos inflamables en embalaxes de 120 ml ou menos, deben embalarse cos peches cara a arriba e a posición vertical do vulto debe indicarse nela mediante as etiquetas de "posición do vulto" (figura 5-26). Estas etiquetas ou outras etiquetas de posición do vulto previamente impresas que satisfagan o especificado na figura 5-26 ou na norma 780-1997 da ISO, deben adherirse ou imprimirse, como mínimo, en dous lados verticais opostos do vulto coas datas apuntando na dirección correcta.

g) A masa bruta de cada vulto preparado para a expedición non deberá exceder os 30 kg B.

h) As substancias da clase 2 deberán limitarse ademais aos artigos envasados en aerosois que conteñan gases comprimidos ou licuados non tóxicos necesarios para expeler líquidos, pos ou pastas, colocados en recipientes interiores non metálicos non reutilizables cuxa capacidade non exceda os 120 ml cada un, ou en recipientes interiores de metal non reutilizables cuxa capacidade non sexa superior a 820 ml (salvo os aerosois inflamables cuxa capacidade non deberá exceder os 500 ml cada un), con suxeición a que se cumpran, en cada caso, as seguintes disposicións:

1) a presión interna do aerosol non deberá exceder os 1 500 kPa a 55°C e cada recipiente deberá poder soportar sen estalar unha presión de 1,5 veces, como mínimo, a presión de equilibrio do contido a 55°C;

2) se a presión no aerosol é superior a 970 kPa a 55°C, pero non pasa de 1 105 kPa a 55°C, deberá utilizarse un recipiente interior de metal IP.7, IP.7A ou IP.7B;

3) se a presión interna do aerosol excede os 1 105 kPa a 55°C pero non é superior a 1 245 kPa a 55°C, deberá utilizarse un recipiente de metal IP.7A ou IP.7B;

4) se a presión interna do aerosol excede os 1 245 kPa a 55°C, deberá utilizarse un recipiente de metal IP.7B;

5) os recipientes metálicos IP.7B que rebenten a unha presión mínima de 1 800 kPa poden levar unha cápsula interna cargada cun gas comprimido non tóxico e ininflamable que sirva de propulsor. Neste caso, as presións que se indican en 1), 2), 3) ou 4) non se aplican á presión dentro da cápsula. A cantidade de gas contida na cápsula debe limitarse co fin de non exceder a presión mínima para que o recipiente rebente en caso de que todo o contido de gas da cápsula se libere no aerosol;

6) o contido líquido non deberá encher totalmente o recipiente pechado a 55°C;

7) cada aerosol cuxa capacidade exceda os 120 ml deberase cuentar ata que a presión no aerosol sexa igual á presión de equilibrio do contido a 55°C sen que presente fugas, deformación nin outro defecto; e

8) as válvulas deberán protexerse mediante unha tapa ou outro medio apropiado durante o transporte.

i) Respecto aos aerosois que conteñan algún preparado biolóxico ou médico que se deteriore ao facer a proba da calor e que non sexan tóxicos nin inflamables, envasados en recipientes interiores non reutilizables que non excedan os 575 ml cada un, son aplicables as disposicións seguintes:

1) a presión interior do aerosol non deberá exceder os 970 kPa a 55°C;

2) o contido líquido non debe ocupar enteiramente o recipiente pechado a 55°C;

3) un aerosol de cada lote de 500 ou menos, tense que cuentar ata que a presión do aerosol sexa equivalente á presión de equilibrio do contido a 55°C, sen que se produzan perdas, deformacións nin outros defectos; e

4) durante o transporte, as válvulas teñen que ir protexidas con tapa ou algún outro medio apropiado.

j) Excepto para os aerosois, as embalaxes interiores non deben exceder os:

1) 500 ml para líquidos; e

2) 500 g para sólidos.

k) Os artigos de consumo que se expidan conforme estas disposicións poderán expedirse nun dispositivo de carga unitarizada ou outro tipo de paleta cando estean preparados por un só expedidor, sempre que non conteñan outras mercadorías perigosas. O expedidor debe proporcionar ao explotador documentación escrita en que se especifique o número de vultos con artigos de consumo que contén cada dispositivo de carga unitarizada ou outro tipo de paleta.

l) No documento de transporte de mercadorías perigosas, a masa bruta deberá indicarse:

1) para un vulto, como a masa bruta efectiva do vulto;

2) para máis dun vulto, como a masa bruta efectiva de cada vulto ou ben como a masa media dos vultos. (Por exemplo se hai 10 vultos e a súa masa bruta total é de 100 kg, no documento de transporte de mercadorías perigosas pode indicarse unha "masa bruta media por vulto de 10 kg").

m) Os vultos preparados de acordo co disposto nestas disposicións deben marcarse de forma indeleble e lexible coa marca indicada na figura 3-1.



**Instrución de embalaxe 964**

Aeronaves de pasaxeiros e de carga para ONU 1941, ONU 1990, ONU 2315, ONU 3151, ONU 3082 e ONU 3334 unicamente

**Condições xerais**

Coa excepción de ONU 3082 ao cal non se aplican as condicións de 4;1.1.6, deben satisfacerse as condicións da parte 4, capítulo 1, incluíndo:

**1) Condições de compatibilidade**

— As substancias deben ser compatibles coas súas embalaxes segundo o prescrito en 4;1.1.3.

**2) Condições relativas a peches**

— Os peches deben satisfacer as condicións de 4;1.1.4.

Número ONU e denominación del artigo expedido	EMBALAXES COMBINADAS		Cantidade total por vulto — pasaxeiros	Cantidade total por vulto — carga	EMBALAXES ÚNICAS	
	Embalaxe interior (véxase 6;3.2)	Embalaxe interior cantidade (por recipiente)			Pasaxeiros	Carga
ONU 1941 <b>Dibromodifluometano</b>	Vidro	10,0 L	100 L	220 L	100 L	220 L
	Plástico	30,0 L				
	Metal	40,0 L				
ONU 1990 <b>Benzaldehido</b>	Vidro	10,0 L	100 L	220 L	100 L	220 L
	Plástico	30,0 L				
	Metal	40,0 L				
ONU 2315 <b>Difenilos policlorados líquidos</b>	Vidro	10,0 L	100 L	220 L	100 L	220 L
	Plástico	30,0 L				
	Metal	40,0 L				
ONU 3082 <b>Substancia líquida perigosa para o ambiente, n.e.n.p.</b>	Vidro	10,0 L	450 L	450 L	450 L	450 L
	Plástico	30,0 L				
	Metal	40,0 L				
ONU 3151 <b>Difenilos polihaloxenados líquidos ou Terfenilos polihaloxenados líquidos</b>	Vidro	10,0 L	100 L	220 L	100 L	220 L
	Plástico	30,0 L				
	Metal	40,0 L				
ONU 3334 <b>Líquido regulamentado para a aviación, n.e.n.p.</b>	Vidro	10,0 L	450 L	450 L	450 L	450 L
	Plástico	30,0 L				
	Metal	40,0 L				

**EMBALAXES EXTERIORES DE EMBALAXES COMBINADAS (véxase 6;3.1)**

Caixas	Bidóns	Garrafóns
Aceiro (4A)	≠ Aceiro (1A1, 1A2)	≠ Aceiro (3A1, 3A2)
Aluminio (4B)	≠ Aluminio (1B1, 1B2)	≠ Aluminio (3B1, 3B2)
Cartón (4G)	Cartón (1G)	>
Madeira contrachapada (4D)	≠ Outro metal (1N1, 1N2)	≠ Plástico (3H1, 3H2)
Madeira natural (4C1, 4C2)	≠ Plástico (1H1, 1H2)	
Madeira reconstituída (4F)		
+ Outro metal (4N)		
Plástico (4H1, 4H2)		

**EMBALAXES ÚNICAS**

Compostos	Cilindros	Bidóns	Garrafóns
Todos (véxase 6;3.1.18)	Véxase 4;2.7	Aceiro (1A1, 1A2) Aluminio (1B1, 1B2) Outro metal (1N1, 1N2) Plástico (1H1, 1H2)	Aceiro (3A1, 3A2) Aluminio (3B1, 3B2) Plástico (3H1, 3H2)

**Instrución de embalaxe Y964**

Cantidades limitadas

Aeronaves de pasaxeiros e de carga para ONU 1941, ONU 1990, ONU 3082 e ONU 3334 unicamente

**Condicións xerais**

Coa excepción de ONU 3082 ao cal non se aplican as condicións de 4;1.1.6, deben satisfacerse as condicións da parte 4, capítulo 1 (coa excepción de 4;1.1.2, 1.1.9 c), 1.1.9 e), 1.1.16, 1.1.18 e 1.1.20 que non se aplican), incluíndo:

**1) Condicións de compatibilidade**

— As substancias deben ser compatibles coas súas embalaxes segundo o prescrito en 4;1.1.3.

**2) Condicións relativas a peches**

— Os peches deben satisfacer as condicións de 4;1.1.4.

**3) Condicións relativas a cantidades limitadas**

— Deben satisfacerse as condicións da parte 3, capítulo 4, incluíndo:

— a capacidade do vulto de superar un ensaio de caída de 1,2 m;

— un ensaio de empillamento de 24 horas; e

— a capacidade das embalaxes interiores para líquidos de superar un ensaio de presión diferencial (4;1.1.6).

EMBALAXES COMBINADAS					EMBALAXES ÚNICAS
Número ONU e denominación do artigo expedido	Embalaxe interior (véxase 6;3.2)	Embalaxe interior cantidade (por recipiente)	Cantidade total por vulto	Masa bruta total por vulto	
ONU 1941 Dibromodifluometano	Vidro	5,0 l	30 kg	30 kg	Non
ONU 1990 Benzaldehído	Plástico	5,0 l			
ONU 3082 Substancia líquida perigosa para o ambiente, n.e.n.p. ONU 3334 Líquido regulamentado para a aviación, n.e.n.p.*	Metal	5,0 l			

**EMBALAXES EXTERIORES DE EMBALAXES COMBINADAS (véxase 6;3.1)***Caixas*

Aceiro  
Aluminio  
Cartón  
Madeira contrachapada  
Madeira natural  
Madeira reconstituída

+ Outro metal  
Plástico

*Bidóns*

Aceiro  
Aluminio  
Cartón  
Outro metal  
Plástico

*Garrafóns*

Aceiro  
Aluminio  
Plástico

≠

### Instrución de embalaxe 965

Aeronaves de pasaxeiros e de carga para ONU 3480

#### 1. Introducción

Esta entrada aplícase ás baterías de ión litio ou ás baterías poliméricas de litio. A estrutura desta instrución de embalaxe é a seguinte:

— a sección IA aplícase ás pilas de ión litio cunha capacidade nominal de máis de 20 Wh e ás baterías de ión litio cunha capacidade nominal de máis de 100 Wh, que deben asignarse á clase 9 e que están suxeitas a todos os requisitos aplicables das presentes instrucións;

— a sección IB aplícase ás pilas de ión litio cunha capacidade nominal que non supera 20 Wh e ás baterías de ión litio cunha capacidade que non supera 100 Wh embaladas en cantidades que superan a cantidade permitida na sección II, táboa 965-II; e

— a sección II aplícase ás pilas de ión litio cunha capacidade nominal que non supera 20 Wh e ás baterías de ión litio cunha capacidade que non supera 100 Wh embaladas en cantidades que non superan a cantidade permitida na sección II, táboa 965-II.

#### 2. Baterías de litio cuxo transporte está prohibido

O seguinte aplícase a todas as pilas e baterías de ión litio desta instrución de embalaxe:

As pilas e baterías identificadas polo fabricante como defectuosas por motivos de seguridade, ou que sufriron dano, e que poden producir un aumento perigoso de calor, ou lume ou cortocircuíto, están prohibidas para o transporte (p. ex., aquelas que se devolven ao fabricante por motivos de seguridade).

Está prohibido transportar por vía aérea as baterías de litio de refugallo e as baterías de litio que se envían para reciclalas ou eliminalas, salvo cando se conta coa aprobación da autoridade nacional que corresponda do Estado de orixe e do Estado do explotador.

#### IA. SECCIÓN IA

As condicións da sección IA aplícanse ás pilas de ión litio cunha capacidade nominal de máis de 20 Wh e ás baterías de ión litio cunha capacidade nominal de máis de 100 Wh que se determinou que cumpren os criterios de asignación correspondentes á clase 9.

Cada pila ou batería debe:

1) ser dun tipo que probadamente satisfai as condicións de cada unha das probas do *Manual de probas e criterios* das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3;

*Nota 1.— As baterías están suxeitas a estas probas independentemente do feito de que as pilas das cales se compoñen fosen sometidas a elas.*

*Nota 2.— As baterías e pilas fabricadas antes do 1 de xaneiro de 2014 conforme un prototipo sometido a ensaio de conformidade cos requisitos da quinta edición revisada do Manual de probas e criterios das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3, poden seguir transportándose.*

2) levar incorporado un dispositivo de desfogue de seguridade ou estar deseñada para evitar unha ruptura violenta en condicións normais de transporte e estar equipada cun medio eficaz de prevención de cortocircuítos externos; e

3) terse fabricado no marco dun programa de xestión da calidade conforme o descrito en 2;9.3.1 e).

Cada batería que contén pilas ou unha serie de pilas conectadas en paralelo debe estar equipada co medio eficaz que sexa necesario para impedir unha inversión perigosa de corrente (p. ex., díodos, fusibles).

##### IA.1 Condicións xerais

Deben satisfacerse as condicións da parte 4;1.

Táboa 965-IA

Número ONU e denominación do artigo expedido	Cantidade neta por vulto	
	Pasaxeiros	Carga
ONU 3480 <b>Baterías de ión litio</b>	5 kg	35 kg

≠

## Instrución de embalaxe 965

## IA.2 Condicións adicionais

- As pilas e baterías de ión litio deben estar protexidas contra cortocircuitos.
- As pilas e baterías de ión litio deben colocarse en embalaxes interiores que as conteñan por completo, para poñelas seguidamente nunha embalaxe exterior. O vulto completo de pilas ou baterías debe satisfacer as condicións de embalaxe do grupo de embalaxe II.
- As baterías de ión litio cuxa masa sexa igual ou superior a 12 kg e que teñan unha camisa exterior forte e resistente ao impacto, ou os grupos de baterías deste tipo, poden transportarse cando vaian en embalaxes exteriores resistentes ou en medios de contención (p.ex., en gaiolas totalmente pechadas ou en gaiolas feitas de listóns de madeira) que non estean suxeitos ás condicións da parte 6 destas instrucións, se así o aproba a autoridade nacional que corresponda do Estado de orixe. O envío debe ir acompañado dunha copia do documento de aprobación.
- As baterías fabricadas despois do 31 de decembro de 2011 deben levar impresa a capacidade nominal no revestimento exterior.

## IA.3 Embalaxes exteriores

Caixas	Bidóns	Garrafóns
Aceiro (4A)	Aceiro (1A2)	Aceiro (3A2)
Aluminio (4B)	Aluminio (1B2)	Aluminio (3B2)
Cartón (4G)	Cartón (1G)	Plástico (3H2)
Madeira contrachapada (4D)	Madeira contrachapada (1D)	
Madeira natural (4C1, 4C2)	Outro metal (1N2)	
Madeira reconstituída (4F)	Plástico (1H2)	
Outro metal (4N)		
Plástico (4H1, 4H2)		

## IB. SECCIÓN IB

As condicións da sección IB aplícanse ás pilas de ión litio cunha capacidade nominal que non supera 20 Wh e ás baterías de ión litio cunha capacidade que non supera 100 Wh embaladas en cantidades que superan a cantidade permitida na sección II, táboa 965-II.

As cantidades de pilas ou baterías de ión litio que superan os valores permitidos na sección II, táboa 965-II deben asignarse á clase 9 e están suxeitas a todas as disposicións aplicables das presentes instrucións (comprendidas as condicións do parágrafo 2 desta instrución de embalaxe e desta sección), a excepción do seguinte:

- as disposicións da parte 6; e
- os requisitos correspondentes ao documento de transporte de mercadorías perigosas de 5;4, sempre que o expedidor proporcione documentación alternativa por escrito na cal se describa o contido do envío. Cando así se acordase co explotador, o expedidor pode proporcionar esta información mediante técnicas de transmisión baseadas no tratamento electrónico de datos (TED) ou no intercambio electrónico de datos (IED). A información que se require é a seguinte e debería figurar na orde que se indica a continuación:

- 1) o nome e enderezo do expedidor e do destinatario;
- 2) ONU 3480;
- 3) baterías de ión litio - instrución de embalaxe 965 IB;
- 4) o número de vultos e a masa bruta de cada vulto.

As pilas e baterías de ión litio poden presentarse para o transporte se satisfán todas as condicións seguintes:

- 1) no caso das pilas de ión litio, a capacidade nominal (véxase o Glosario do adxunto 2) non supera 20 Wh;
- 2) no caso das baterías de ión litio, a capacidade nominal non supera 100 Wh;
  - no revestimento exterior da batería debe ir marcada a capacidade nominal, con excepción das baterías fabricadas antes do 1 de xaneiro de 2009;
- 3) cada pila ou batería é do tipo que probadamente satisfai as condicións de cada unha das probas que figuran no *Manual de probas e criterios* das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3.

*Nota 1.*— As baterías están suxeitas a estas probas independentemente do feito de que as pilas das cales se compoñen fosen sometidas a elas.

*Nota 2.*— As baterías e pilas fabricadas antes do 1 de xaneiro de 2014 conforme un prototipo sometido a ensaio de conformidade cos requisitos da quinta edición revisada do *Manual de probas e criterios* das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3, poden seguir transportándose.

≠

**Instrución de embalaxe 965**

4) as pilas e baterías débense ter fabricado no marco dun programa de xestión da calidade conforme o descrito en 2;9.3.1 e).

**IB.1 Condicións xerais**

As pilas e baterías deben embalarse en embalaxes exteriores resistentes que se axusten ao prescrito na parte 4;1.1.1, 1.1.3.1 e 1.1.10 (excepto 1.1.10.1).

**Táboa 965-IB**

Contido	Cantidade por vulto	
	Pasaxeiros	Carga
Pilas e baterías de ión litio	10 kg B	10 kg B

**IB.2 Condicións adicionais**

— As pilas e baterías deben colocarse en embalaxes interiores que as conteñan por completo, para poñelas seguidamente nunha embalaxe exterior resistente.

— As pilas e baterías deben estar protexidas para evitar cortocircuitos. Isto inclúe protección contra contacto con materiais condutores dentro da embalaxe que poidan producir cortocircuíto.

— Cada vulto debe resistir un ensaio de caída de 1,2 m en todas as orientacións posibles:

— sen que se danen as pilas ou as baterías que contén;

— sen que se desprace o contido de forma que poidan producirse contactos entre baterías (ou entre pilas);

— sen perda de contido.

— Cada vulto debe levar a etiqueta de manipulación de baterías de litio (figura 5-31), ademais da etiqueta de risco da clase 9.

— Cada envío debe ir acompañado dun documento en que se indique:

— que o vulto contén pilas ou baterías de ión litio;

— que o vulto debe manipularse con coidado e existe risco de inflamación se sofre algún dano;

— que, se o vulto sofre algún dano, deben seguirse procedementos especiais, incluídas a inspección e a introdución nunha nova embalaxe se é necesario; e

— un número de teléfono onde obter información adicional.

**IB.3 Embalaxes exteriores***Caixas**Bidóns**Garrafóns*

Embalaxes exteriores resistentes

**II. SECCIÓN II**

Con excepción da parte 1;2.3 (Transporte de mercadorías perigosas por correo), 7;4.4 (Notificación dos accidentes e incidentes relacionados con mercadorías perigosas), 8;1.1 (Disposicións para mercadorías perigosas transportadas polos pasaxeiros ou pola tripulación) e o parágrafo 2 desta instrución de embalaxe, as pilas e baterías de ión litio que se presentan para o transporte non están suxeitas a outras condicións destas Instrucións se satisfán as condicións desta sección.

As pilas e baterías de ión litio poden presentarse para o transporte se satisfán todas as condicións seguintes:

1) no caso de pilas de ión litio, a capacidade nominal non supera 20 Wh (véxase o glosario do anexo 2);

2) no caso de baterías de ión litio, a capacidade nominal non supera 100 Wh;

— a capacidade nominal debe ir marcada na parte exterior da batería, excepto para as baterías fabricadas antes do 1 de xaneiro de 2009;

3) cada pila ou batería é do tipo que probadamente satisfai as condicións de cada unha das probas que figuran no *Manual de probas e criterios* das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3.

*Nota 1.— As baterías están suxeitas a estas probas independentemente do feito de que as pilas das cales se compoñen fosen sometidas a elas.*

*Nota 2.— As baterías e pilas fabricadas antes do 1 de xaneiro de 2014 conforme un prototipo sometido a ensaio de conformidade cos requisitos da quinta edición revisada do Manual de probas e criterios das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3, poden seguir transportándose.*

≠

**Instrución de embalaxe 965**

4) as pilas e baterías débense ter fabricado no marco dun programa de xestión da calidade conforme o descrito en 2;9.3.1 e).

**II.1 Condicións xerais**

As pilas e baterías deben embalarse en embalaxes exteriores resistentes que se axusten ao pr escrito na parte 4;1.1.1, 1.1.3.1 e 1.1.10 (excepto 1.1.10.1).

**Táboa 965-II**

<i>Contido</i>	<i>Pilas e/ou baterías de ión litio con capacidade nominal de non máis de 2,7 Wh</i>	<i>Pilas ión litio con capacidade nominal de máis de 2,7 Wh, pero non máis de 20 WH</i>	<i>Baterías de ión litio con capacidade nominal de máis de 2,7 Wh, pero non máis de 100 Wh</i>
<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>
Número máximo de pilas/baterías por vulto	Sen limitación	8 pilas	2 baterías
Cantidade neta (masa) máxima por vulto	2,5 kg	n/a	n/a

Os límites que se especifican nas columnas 2, 3 e 4 da táboa 965-II non se deben combinar no mesmo vulto.

**II.2 Condicións adicionais**

— As pilas e baterías deben colocarse en embalaxes interiores que as conteñan por completo, para poñelas seguidamente nunha embalaxe exterior resistente.

— As pilas e baterías deben estar protexidas para evitar cortocircuitos. Isto inclúe protección contra contacto con materiais condutores dentro da embalaxe que poidan producir cortocircuíto.

— Cada vulto debe resistir un ensaio de caída de 1,2 m en todas as orientacións posibles:

— sen que se danen as pilas ou as baterías que contén;

— Sen que se desprece o contido de forma que poidan producirse contactos entre baterías (ou entre pilas);

— Sen perda de contido.

— Cada vulto debe levar a etiqueta de manipulación de baterías de litio (figura 5-31).

— Cada envío debe ir acompañado dun documento en que se indique:

— que o vulto contén pilas ou baterías de ión litio;

— que o vulto debe manipularse con coidado e existe risco de inflamación se o vulto sofre algún dano;

— que, se o vulto sofre algún dano, deben seguirse procedementos especiais, incluídas a inspección e a introdución nunha nova embalaxe se é necesario; e

— un número de teléfono onde obter información adicional.

— Cando se utiliza unha carta de porte aéreo, deben incluírse nela as indicacións "Baterías de ión litio conforme a sección II da instrución de embalaxe 965".

— Toda persoa que prepare ou presente pilas ou baterías para o transporte debe recibir a instrución adecuada sobre estas condicións e acorde coas súas responsabilidades.

**II.3 Embalaxes exteriores***Caixas**Bidóns**Garrafóns*

Embalaxes exteriores resistentes

**II.4 Sobreembalaxes**

Cando os vultos se poñen nunha sobreembalaxe, a etiqueta de manipulación de baterías de litio que se require nesta instrución de embalaxe debe quedar claramente visible ou ben debe fixarse á parte exterior da sobreembalaxe e a sobreembalaxe debe marcarse co termo "Sobreembalaxe".

≠

### Instrución de embalaxe 966

Aeronaves de pasaxeiros e de carga para ONU 3481 (embaladas cun equipo) unicamente

#### 1. Introducción

Esta entrada aplícase ás baterías de ión litio ou ás baterías poliméricas de litio embaladas cun equipo.

A sección I desta instrución de embalaxe aplícase ás pilas e baterías de ión litio e poliméricas de litio asignadas á clase 9. Algunhas pilas e baterías de ión litio e poliméricas de litio que se presentan para o transporte e satisfán as condicións da sección II desta instrución de embalaxe, con suxeición ao prescrito no parágrafo 2 seguinte, non están suxeitas a outras condicións destas instrucións.

#### 2. Baterías de litio cuxo transporte está prohibido

O seguinte aplícase a todas as pilas e baterías de ión litio desta instrución de embalaxe:

As pilas e baterías identificadas polo fabricante como defectuosas por motivos de seguridade, ou que sufriron dano, e que poden producir un aumento perigoso de calor, ou lume ou cortocircuíto, están prohibidas para o transporte (p. ex., aquelas que se devolven ao fabricante por motivos de seguridade).

#### I. SECCIÓN I

As condicións da sección I aplícanse a cada tipo de pila ou batería que se determinou que cumpre os criterios de asignación correspondentes á clase 9.

Cada pila ou batería debe:

1) ser dun tipo que probadamente satisfai as condicións de cada unha das probas do *Manual de probas e criterios* das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3;

*Nota 1.— As baterías están suxeitas a estas probas independentemente do feito de que as pilas das cales se compoñen fosen sometidas a elas.*

*Nota 2.— As baterías e pilas fabricadas antes do 1 de xaneiro de 2014 conforme un prototipo sometido a ensaio de conformidade cos requisitos da quinta edición revisada do Manual de probas e criterios das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3, poden seguir transportándose;*

2) levar incorporado un dispositivo de desfogue de seguridade ou estar deseñada para evitar unha ruptura violenta en condicións normais de transporte e estar equipada cun medio eficaz de prevención de cortocircuitos externos; e

3) terse fabricado no marco dun programa de xestión da calidade conforme o descrito en 2;9.3.1 e).

Cada batería que contén pilas ou unha serie de pilas conectadas en paralelo debe estar equipada co medio eficaz que sexa necesario para impedir unha inversión perigosa de corrente (p. ex., díodos, fusibles).

#### I.1 Condicións xerais

Deben satisfacerse as condicións da parte 4;1.

Número ONU e denominación do artigo expedido	Cantidade por vulto (Sección I)	
	Pasaxeiros	Carga
ONU 3481 <b>Baterías de ión litio embaladas cun equipo</b>	5 kg de pilas ou baterías de ión litio	35 kg de pilas ou baterías de ión litio

#### I.2 Condicións adicionais

- As pilas e baterías de ión litio deben estar protexidas contra cortocircuitos.
- As pilas ou baterías de ión litio deben:
  - colocarse en embalaxes interiores que as conteñan por completo, para poñelas seguidamente nunha embalaxe exterior. O vulto completo de pilas ou baterías debe satisfacer as condicións de embalaxe do grupo de embalaxe II; ou
  - colocarse en embalaxes interiores que as conteñan por completo, para poñelas seguidamente co equipo nunha embalaxe que satisfaga as condicións de embalaxe do grupo de embalaxe II.

≠

## Instrución de embalaxe 966

- O equipo debe estar afianzado para evitar o seu movemento dentro da embalaxe exterior e debe estar dotado dun medio eficaz para previr a súa activación accidental;
- Para os fins desta instrución de embalaxe, "equipo" significa o aparello que para funcionar require as baterías de ión litio coas cales está embalado.
- As baterías fabricadas despois do 31 de decembro de 2011 deben levar impresa a capacidade nominal no revestimento exterior.

## I.3 Embalaxes exteriores

Caixas	Bidóns	Garrafóns
Aceiro (4A)	Aceiro (1A2)	Aceiro (3A2)
Aluminio (4B)	Aluminio (1B2)	Aluminio (3B2)
Cartón (4G)	Cartón (1G)	Plástico (3H2)
Madeira contrachapada (4D)	Madeira contrachapada (1D)	
Madeira natural (4C1, 4C2)	Outro metal (1N2)	
Madeira reconstituída (4F)	Plástico (1H2)	
Outro metal (4N)		
Plástico (4H1, 4H2)		

## II. SECCIÓN II

Con excepción da parte 1;2.3 (Transporte de mercadorías perigosas por correo), 7;4.4 (Notificación dos accidentes e incidentes relacionados con mercadorías perigosas), 8;1.1 (Disposicións para mercadorías perigosas transportadas polos pasaxeiros ou pola tripulación) e o parágrafo 2 desta instrución de embalaxe, as pilas e baterías de ión litio embaladas cun equipo que se presentan para o transporte non están suxeitas a outras condicións destas instrucións se satisfán as condicións desta sección.

As pilas e baterías de ión litio poden presentarse para o transporte se satisfán todas as condicións seguintes:

- 1) no caso de pilas de ión litio, a capacidade nominal non supera 20 Wh (véxase o Glosario do anexo 2);
- 2) no caso de baterías de ión litio, a capacidade nominal non supera 100 Wh;
  - a capacidade nominal debe ir marcada na parte exterior da batería, excepto para as baterías fabricadas antes do 1 de xaneiro de 2009;
- 3) cada pila ou batería é do tipo que probadamente satisfai as condicións de cada unha das probas que figuran no *Manual de probas e criterios das Nacións Unidas*, parte III, subsección 38.3.

*Nota 1.— As baterías están suxeitas a estas probas independentemente do feito de que as pilas das cales se compoñen fosen sometidas a elas.*

*Nota 2.— As baterías e pilas fabricadas antes do 1 de xaneiro de 2014 conforme un prototipo sometido a ensaio de conformidade cos requisitos da quinta edición revisada do Manual de probas e criterios das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3, poden seguir transportándose;*

- 4) as pilas e baterías débense ter fabricado no marco dun programa de xestión da calidade conforme o descrito en 2;9.3.1 e).

## II.1 Condicións xerais

As pilas e baterías débense embalar en embalaxes exteriores resistentes que se axusten ao prescrito na parte 4;1.1.1, 1.1.3.1 e 1.1.10 (excepto 1.1.10.1).

Contido	Cantidade por vulto (Sección II)	
	Pasaxeiros	Carga
Cantidade neta de pilas ou baterías de ión litio por vulto	5 kg	5 kg

## II.2 Condicións adicionais

- As pilas e baterías de ión litio deben:
  - colocarse en embalaxes interiores que as conteñan por completo, para poñelas seguidamente nunha embalaxe exterior resistente; ou
  - colocarse en embalaxes interiores que as conteñan por completo, para poñelas seguidamente co equipo nunha embalaxe exterior resistente.



#

### Instrución de embalaxe 966

- As pilas e baterías deben estar protexidas para evitar cortocircuitos. Isto inclúe protección contra contacto con materiais condutores dentro da embalaxe que poidan producir cortocircuíto.
- O equipo debe estar afianzado para evitar o seu movemento dentro da embalaxe exterior e debe estar dotado dun medio eficaz para previr a súa activación accidental;
- O número máximo de baterías en cada vulto debe ser o número mínimo que se require para que o equipo funcione, máis dúas de reposto.
- Cada vulto de pilas ou batería, ou o vulto completo, debe resistir un ensaio de caída de 1,2 m en todas as orientacións posibles:
  - sen que se danen as pilas ou as baterías que contén;
  - sen que se desprace o contido de forma que se poidan producir contactos entre baterías (ou entre pilas);
  - sen perda de contido.
- Cada vulto debe levar a etiqueta de manipulación de baterías de litio (figura 5-31).
- Cada envío debe ir acompañado dun documento en que se indique:
  - que o vulto contén pilas ou baterías de ión litio;
  - que o vulto debe manipularse con coidado e existe risco de inflamación se o vulto sofre algún dano;
  - que, se o vulto sofre algún dano, deben seguirse procedementos especiais, incluídas a inspección e a introdución nunha nova embalaxe se é necesario; e
    - un número de teléfono onde obter información adicional.
- Cando se utiliza unha carta de porte aéreo, deben incluírse nela as indicacións “Baterías de ión litio conforme a sección II da instrución de embalaxe 966”.
- Toda persoa que prepare ou presente pilas ou baterías para o transporte debe recibir a instrución adecuada sobre estas condicións e acorde coas súas responsabilidades.

#### II.3 Embalaxes exteriores

Caixas

Bidóns

Garrafóns

Embalaxes exteriores resistentes

#### II.4 Sobreembalaxes

Cando os vultos se poñen nunha sobreembalaxe, a etiqueta de manipulación de baterías de litio que se require nesta instrución de embalaxe debe quedar claramente visible ou ben debe fixarse á parte exterior da sobreembalaxe e a sobreembalaxe debe marcarse co termo “Sobreembalaxe”.

#

### Instrución de embalaxe 967

Aeronaves de pasaxeiros e de carga para ONU 3481 (instaladas nun equipo) unicamente

#### 1. Introducción

Esta entrada aplícase ás baterías de ión litio ou ás baterías poliméricas de litio instaladas nun equipo.

A sección I desta instrución de embalaxe aplícase ás pilas e baterías de ión litio e poliméricas de litio asignadas á clase 9. Algunhas pilas e baterías de ión litio e poliméricas de litio que se presentan para o transporte e satisfán as condicións da sección II desta instrución de embalaxe, con suxeición ao prescrito no parágrafo 2 seguinte, non están suxeitas a outras condicións destas instrucións.

#### 2. Baterías de litio cuxo transporte está prohibido

O seguinte aplícase a todas as pilas e baterías de ión litio desta instrución de embalaxe:

As pilas e baterías identificadas polo fabricante como defectuosas por motivos de seguridade, ou que sufriron dano, e que poden producir un aumento perigoso de calor, ou lume ou cortocircuíto, están prohibidas para o transporte (p. ex., aquelas que se devolven ao fabricante por motivos de seguridade).

#### I. SECCIÓN I

As condicións da sección I aplícanse a cada tipo de pila ou batería que se determinou que cumpre os criterios de asignación correspondentes á clase 9.

Cada pila ou batería debe:

- 1) ser dun tipo que probadamente satisfai as condicións de cada unha das probas do *Manual de probas e criterios* das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3; e

≠

**Instrución de embalaxe 967**

*Nota 1.— As baterías están suxeitas a estas probas independentemente do feito de que as pilas das cales se compoñen fosen sometidas a elas.*

*Nota 2.— As baterías e pilas fabricadas antes do 1 de xaneiro de 2014 conforme un prototipo sometido a ensaio de conformidade cos requisitos da quinta edición revisada do Manual de probas e criterios das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3, poden seguir transportándose.*

2) levar incorporado un dispositivo de desfogue de seguridade ou estar deseñada para evitar unha ruptura violenta en condicións normais de transporte e estar equipada cun medio eficaz de prevención de cortocircuitos externos; e

3) terse fabricado no marco dun programa de xestión da calidade conforme o descrito en 2;9.3.1 e).

Cada batería que contén pilas ou unha serie de pilas conectadas en paralelo debe estar equipada co medio eficaz que sexa necesario para impedir unha inversión perigosa de corrente (p. ex., díodos, fusibles).

**I.1 Condicións xerais**

Os equipos deben embalarse en embalaxes exteriores resistentes que se axusten ao prescrito na parte 4;1.1.1, 1.1.3.1 e 1.1.10 (excepto 1.1.10.1).

Número ONU e denominación do artigo expedido	Cantidade por vulto (sección I)	
	Pasaxeiros	Carga
ONU 3481 <b>Baterías de ión litio instaladas nun equipo</b>	5 kg de pilas ou baterías de ión litio	35 kg de pilas ou baterías de ión litio

**I.2 Condicións adicionais**

— Os equipos deben estar afianzados para evitar o seu movemento dentro da embalaxe exterior e embalados de modo que non poidan funcionar accidentalmente durante o transporte aéreo.

— Os equipos deben embalarse en embalaxes exteriores resistentes construídas con materiais apropiados cuxa resistencia e deseño sexan adecuados en relación coa capacidade e co uso a que están destinadas, a menos que a batería quede protexida de forma equivalente polo equipo en que está instalada.

— As baterías fabricadas despois do 31 de decembro de 2011 deben levar impresa a capacidade nominal no revestimento exterior.

**I.3 Embalaxes exteriores**

Caixas

Bidóns

Garrafóns

Embalaxes exteriores resistentes

**II. SECCIÓN II**

Con excepción da parte 1;2.3 (Transporte de mercadorías perigosas por correo), 7;4.4 (Notificación dos accidentes e incidentes relacionados con mercadorías perigosas), 8;1.1 (Disposicións para mercadorías perigosas transportadas polos pasaxeiros ou pola tripulación) e o parágrafo 2 desta instrución de embalaxe, as pilas e baterías de ión litio instaladas nun equipo que se presentan para o transporte non están suxeitas a outras condicións destas instrucións se satisfán as condicións desta sección.

As pilas e baterías de ión litio poden presentarse para o transporte se satisfán todas as condicións seguintes:

- 1) no caso de pilas de ión litio, a capacidade nominal non supera 20 Wh (véxase Glosario do anexo 2);
- 2) no caso de baterías de ión litio, a capacidade nominal non supera 100 Wh;  
—a capacidade nominal debe ir marcada na parte exterior da batería, excepto para as baterías fabricadas antes do 1 de xaneiro de 2009;
- 3) cada pila ou batería é do tipo que probadamente satisfai as condicións de cada unha das probas que figuran no *Manual de probas e criterios* das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3.

*Nota 1.— As baterías están suxeitas a estas probas independentemente do feito de que as pilas das cales se compoñen fosen sometidas a elas.*

*Nota 2.— As baterías e pilas fabricadas antes do 1 de xaneiro de 2014 conforme un prototipo sometido a ensaio de conformidade cos requisitos da quinta edición revisada do Manual de probas e criterios das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3, poden seguir transportándose.*

≠

**Instrución de embalaxe 967**

4) as pilas e baterías débense ter fabricado no marco dun programa de xestión da calidade conforme o descrito en 2;9.3.1 e).

Os aparellos tales como etiquetas de identificación por radiofrecuencia (RFID), reloxos e rexistradores de temperatura, que non teñen a capacidade de xerar unha emisión perigosa de calor, poden transportarse cando intencionadamente se levan en estado activado. Cando van activos, estes aparellos deben satisfacer as normas definidas para radiación electromagnética co fin de asegurar que o seu funcionamento non interfira cos sistemas da aeronave.

**II.1 Condicións xerais**

Os equipos deben embalarse en embalaxes exteriores resistentes que se axusten ao prescrito na parte 4;1.1.1, 1.1.3.1 e 1.1.10 (excepto 1.1.10.1).

Contido	Cantidade por vulto (Sección II)	
	Pasaxeiros	Carga
Cantidade neta de pilas ou baterías de ión litio por vulto	5 kg	5 kg

**II.2 Condicións adicionais**

- O equipo debe estar afianzado para evitar o seu movemento dentro da embalaxe exterior e debe estar dotado dun medio eficaz para previr a súa activación accidental;
- As pilas e baterías deben estar protexidas para evitar cortocircuitos.
- O equipo debe embalarse en embalaxes exteriores resistentes construídas con materiais apropiados cuxa resistencia e deseño sexan adecuados en relación coa capacidade e co uso a que están destinadas, a menos que a batería quede protexida de forma equivalente polo equipo en que está instalada.
- Cada vulto que conteña máis de catro pilas ou máis de dúas baterías instaladas nun equipo debe levar a etiqueta de manipulación de baterías de litio (figura 5-31) [excepto se contén pilas botón instaladas nun equipo (incluídas as tarxetas de circuito)].
- Cada envío que leve a etiqueta de manipulación de baterías de litio debe ir acompañado dun documento en que se indique:
  - que o vulto contén pilas ou baterías de ión litio;
  - que o vulto debe manipularse con coidado e existe risco de inflamación se o vulto sofre algún dano;
  - que, se o vulto sofre algún dano, deben seguirse procedementos especiais, incluídas a inspección e a introdución nunha nova embalaxe se é necesario; e
  - un número de teléfono onde obter información adicional.
- Cando un envío inclúe vultos que levan a etiqueta de manipulación de baterías de litio, debe incluírse na carta de porte aéreo, se se utiliza unha carta de porte aéreo, a indicación "Baterías de ión litio conforme a sección II da instrución de embalaxe 967".
- Toda persoa que prepare ou presente pilas ou baterías para o transporte debe recibir a instrución adecuada sobre estas condicións e acorde coas súas responsabilidades.

**II.3 Embalaxes exteriores***Caixas**Bidóns**Garrafóns*

Embalaxes exteriores resistentes

**II.4 Sobreembalaxes**

Cando os vultos se poñen nunha sobreembalaxe, a etiqueta de manipulación de baterías de litio que se require nesta instrución de embalaxe debe quedar claramente visible ou ben debe fixarse á parte exterior do sobreembalaxe e a sobreembalaxe debe marcarse co termo "Sobreembalaxe".

#

### Instrución de embalaxe 968

Aeronaves de pasaxeiros e de carga para ONU 3090

#### 1. Introducción

Esta entrada aplícase ás baterías de metal litio ou de aliaxe de litio. A estrutura desta instrución de embalaxe é a seguinte:

— A sección IA aplícase ás pilas de metal litio cun contido de litio de máis de 1 g e ás baterías de metal litio cun contido de metal litio de máis de 2 g, que deben asignarse á clase 9 e que están suxeitas a todos os requisitos aplicables das presentes instrucións;

— A sección IB aplícase ás pilas de metal litio cun contido de metal litio que non supera 1 g e ás baterías de metal litio cun contido de metal litio que non supera 2 g embaladas en cantidades que superan a cantidade permitida na sección II, táboa 968-II; e

— A sección II aplícase ás pilas de metal litio cun contido de metal litio que non supera 1 g e ás baterías de metal litio cun contido de metal litio que non supera 2 g embaladas en cantidades que non superan a cantidade permitida na sección II, táboa 968-II.

#### 2. Baterías de litio cuxo transporte está prohibido

O seguinte aplícase a todas as pilas e baterías de metal litio desta instrución de embalaxe:

As pilas e baterías identificadas polo fabricante como defectuosas por motivos de seguridade, ou que sufriron dano, e que poden producir un aumento perigoso de calor, ou lume ou cortocircuíto, están prohibidas para o transporte (p. ex., aquelas que se devolven ao fabricante por motivos de seguridade).

Está prohibido transportar por vía aérea as baterías de litio de refugallo e as baterías de litio que se envían para reciclalas ou eliminalas, salvo cando se conta coa aprobación da autoridade nacional que corresponda do Estado de orixe e do Estado do explotador.

#### IA. SECCIÓN IA

As condicións da sección IA aplícanse ás pilas de metal litio cun contido de metal litio de máis de 1 g e ás baterías de metal litio cun contido de metal litio de máis de 2 g que se determinou que cumpren os criterios de asignación correspondentes á clase 9.

Cada pila ou batería debe:

1) ser dun tipo que probadamente satisfai as condicións de cada unha das probas do *Manual de probas e criterios* das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3; e

*Nota 1.— As baterías están suxeitas a estas probas independentemente do feito de que as pilas das cales se compoñen fosen sometidas a elas.*

*Nota 2.— As baterías e pilas fabricadas antes do 1 de xaneiro de 2014 conforme un prototipo sometido a ensaio de conformidade cos requisitos da quinta edición revisada do Manual de probas e criterios das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3, poden seguir transportándose.*

2) levar incorporado un dispositivo de desfogue de seguridade ou estar deseñada para evitar unha ruptura violenta en condicións normais de transporte e estar equipada cun medio eficaz de prevención de cortocircuítos externos; e

3) terse fabricado no marco dun programa de xestión da calidade conforme o descrito en 2;9.3.1 e).

Cada batería que contén pilas ou unha serie de pilas conectadas en paralelo debe estar equipada co medio eficaz que sexa necesario para impedir unha inversión perigosa de corrente (p. ex., díodos, fusibles).

#### IA.1 Condicións xerais

Deben satisfacerse as condicións da parte 4;1.

Táboa 968-IA

Número ONU e denominación do artigo expedido	Cantidade neta por vulto	
	Pasaxeiros	Carga
ONU 3090 Baterías de metal litio	2,5 kg	35 kg

≠

## Instrución de embalaxe 968

## IA.2 Condicións adicionais

- As pilas e baterías de metal litio deben estar protexidas contra cortocircuitos.
- As pilas e baterías de metal litio deben colocarse en embalaxes interiores que as conteñan por completo, para poñelas seguidamente nunha embalaxe exterior. O vulto completo de pilas ou baterías debe satisfacer as condicións de embalaxe do grupo de embalaxe II.
- As baterías de metal litio cuxa masa sexa igual ou superior a 12 kg e que teñan unha camisa exterior forte e resistente ao impacto, ou os grupos de baterías deste tipo, poden transportarse cando vaian en embalaxes exteriores resistentes ou en medios de contención (p.ex., en gaiolas totalmente pechadas ou en gaiolas feitas de listóns de madeira) que non estean suxeitos ás condicións da parte 6 destas instrucións, se así o aproba a autoridade nacional que corresponda do Estado de orixe. O envío debe ir acompañado dunha copia do documento de aprobación.
- Para pilas e baterías de metal litio preparadas para o transporte en aeronaves de pasaxeiros como clase 9:
  - as pilas e baterías que se presentan para o transporte en aeronaves de pasaxeiros deben embalarse en embalaxes intermedias ou exteriores metálicas ríxidas; e
  - as pilas e baterías deben estar rodeadas de material de recheo incombustible e non condutor e deben ir dentro dunha embalaxe exterior.

## IA.3 Embalaxes exteriores

Caixas	Bidóns	Garrafóns
Aceiro (4A)	Aceiro (1A2)	Aceiro (3A2)
Aluminio (4B)	Aluminio (1B2)	Aluminio (3B2)
Cartón (4G)	Cartón (1G)	Plástico (3H2)
Madeira contrachapada (4D)	Madeira contrachapada (1D)	
Madeira natural (4C1, 4C2)	Outro metal (1N2)	
Madeira reconstituída (4F)	Plástico (1H2)	
Outro metal (4N)		
Plástico (4H1, 4H2)		

## IB. SECCIÓN IB

As condicións da sección IB aplícanse ás pilas de metal litio cun contido de metal litio que non supera 1 g e ás baterías de metal litio cun contido de metal litio que non supera 2 g embaladas en cantidades que superan a cantidade permitida na sección II, táboa 968-II.

As cantidades de pilas ou baterías de metal litio que superan os valores permitidos na sección II, táboa 968-II deben asignarse á clase 9 e están suxeitas a todas as disposicións aplicables das presentes instrucións (comprendidas as condicións do parágrafo 2 desta instrución de embalaxe e desta sección), a excepción do seguinte:

- as disposicións da parte 6; e
- os requisitos correspondentes ao documento de transporte de mercadorías perigosas de 5.4, sempre que o expedidor proporcione documentación alternativa por escrito na cal se describa o contido do envío. Cando así se acordase co explotador, o expedidor pode proporcionar esta información mediante técnicas de transmisión baseadas no tratamento electrónico de datos (TED) ou no intercambio electrónico de datos (IED). A información que se require é a seguinte e debería figurar na orde que se indica a continuación:

- 1) o nome e o enderezo do expedidor e do destinatario;
- 2) ONU 3090;
- 3) baterías de metal litio - instrución de embalaxe 968 IB;
- 4) o número de vultos e a masa bruta de cada vulto.

As pilas e baterías de metal litio ou de aliaxe de litio poden presentarse para o transporte se satisfán todas as condicións seguintes:

- 1) para as pilas de metal litio, o contido de litio é como máximo de 1 g;
- 2) para as baterías de metal litio ou de aliaxe de litio, o contido total de litio é como máximo de 2 g;
- 3) cada pila ou batería é do tipo que probadamente satisfai as condicións de cada unha das probas que figuran no *Manual de probas e criterios* das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3.

*Nota 1.— As baterías están suxeitas a estas probas independentemente do feito de que as pilas das cales se compoñen fosen sometidas a elas.*

*Nota 2.— As baterías e pilas fabricadas antes do 1 de xaneiro de 2014 conforme un prototipo sometido a ensaio de conformidade cos requisitos da quinta edición revisada do Manual de probas e criterios das Nacións Unidas, Parte III, subsección 38.3, poden seguir transportándose.*

≠

## Instrución de embalaxe 968

4) as pilas e baterías débense ter fabricado no marco dun programa de xestión da calidade conforme o descrito en 2;9.3.1 e).

## IB.1 Condicións xerais

As pilas e baterías deben embalarse en embalaxes exteriores resistentes que se axusten ao prescrito na parte 4;1.1.1, 1.1.3.1 e 1.1.10 (excepto 1.1.10.1).

Táboa 968-IB

Contido	Cantidade por vulto	
	Pasaxeiros	Carga
Pilas e baterías de metal litio	2,5 kg B	2,5 kg B

## IB.2 Condicións adicionais

- As pilas e baterías deben colocarse en embalaxes interiores que as conteñan por completo, para poñelas seguidamente nunha embalaxe exterior resistente.
- As pilas e baterías deben estar protexidas para evitar cortocircuitos. Isto inclúe protección contra contacto con materiais condutores dentro da embalaxe que poidan producir cortocircuíto.
- Cada vulto debe resistir un ensaio de caída de 1,2 m en todas as orientacións posibles:
- Sen que se danen as pilas ou as baterías que contén;
- Sen que se desprece o contido de forma que se poidan producir contactos entre baterías (ou entre pilas);
- Sen perda de contido.
- Cada vulto debe levar a etiqueta de manipulación de baterías de litio (figura 5-31), ademais da etiqueta de risco da clase 9.
- Cada envío debe ir acompañado dun documento en que se indique:
  - que o vulto contén pilas ou baterías de metal litio;
  - que o vulto debe manipularse con coidado e existe risco de inflamación se o vulto sofre algún dano;
  - que, se o vulto sofre algún dano, deben seguirse procedementos especiais, incluídas a inspección e a introdución nunha nova embalaxe se é necesario; e
  - un número de teléfono onde obter información adicional.

## IB.3 Embalaxes exteriores

Caixas

Bidóns

Garrafóns

Embalaxes exteriores resistentes

## II. SECCIÓN II

Con excepción da parte 1;2.3 (Transporte de mercadorías perigosas por correo), 7;4.4 (Notificación dos accidentes e incidentes relacionados con mercadorías perigosas), 8;1.1 (Disposicións para mercadorías perigosas transportadas polos pasaxeiros ou pola tripulación) e o parágrafo 2 desta instrución de embalaxe, as pilas e baterías de metal litio ou de aliaxe de litio que se presentan para o transporte non están suxeitas a outras condicións destas instrucións se satisfán as condicións desta sección.

As pilas e baterías de metal litio ou de aliaxe de litio poden ofrecerse para o transporte se cumpren todas as condicións seguintes:

- 1) nunha pila de metal litio, o contido de litio é como máximo de 1 g;
- 2) nunha batería de metal litio ou de aliaxe de litio, o contido total de litio é como máximo de 2 g;
- 3) cada pila ou batería é do tipo que probadamente satisfai as condicións de cada unha das probas que figuran no *Manual de probas e criterios* das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3.

*Nota 1.— As baterías están suxeitas a estas probas independentemente do feito de que as pilas das cales se compoñen fosen sometidas a elas.*

*Nota 2.— As baterías e pilas fabricadas antes do 1 de xaneiro de 2014 conforme un prototipo sometido a ensaio de conformidade cos requisitos da quinta edición revisada do Manual de probas e criterios das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3, poden seguir transportándose.*

4) as pilas e baterías débense ter fabricado no marco dun programa de xestión da calidade conforme o descrito en 2;9.3.1 e).

≠

## Instrución de embalaxe 968

## II.1 Condicións xerais

As pilas e baterías deben embalarse en embalaxes exteriores resistentes que se axusten ao prescrito na parte 4;1.1.1, 1.1.3.1 e 1.1.10 (excepto 1.1.10.1).

Táboa 968-II

Contido	Pilas e/ou baterías de metal litio cun contido de litio de non máis de 0,3 g	Pilas de metal litio cun contido de litio de máis de 0,3 g, pero non máis de 1 g	Baterías de metal litio cun contido de litio de máis de 0,3 g, pero non máis de 2 g
1	2	3	4
Número máximo de pilas/baterías por vulto	Sen limitación	8 pilas	2 baterías
Cantidade neta (masa) máxima por vulto	2,5 kg	n/a	n/a

Os límites que se especifican nas columnas 2, 3 e 4 da táboa 968-II non deben combinarse no mesmo vulto.

## II.2 Condicións adicionais

- As pilas e baterías deben colocarse en embalaxes interiores que as conteñan por completo, para poñelas seguidamente nunha embalaxe exterior resistente.
- As pilas e baterías deben estar protexidas para evitar cortocircuitos. Isto inclúe protección contra contacto con materiais condutores dentro da embalaxe que poidan producir cortocircuíto.
- Cada vulto debe resistir un ensaio de caída de 1,2 m en todas as orientacións posibles:
- Sen que se danen as pilas ou as baterías que contén;
- Sen que se desprace o contido de forma que se poidan producir contactos entre baterías (ou entre pilas);
- Sen perda de contido.
- Cada vulto debe levar a etiqueta de manipulación de baterías de litio (figura 5-31).
- Cada envío debe ir acompañado dun documento en que se indique:
  - que o vulto contén pilas ou baterías de metal litio;
  - que o vulto debe manipularse con coidado e existe risco de inflamación se o vulto sofre algún dano;
  - que se o vulto sofre algún dano, deben seguirse procedementos especiais, incluídas a inspección e a introdución nunha nova embalaxe se é necesario; e
  - un número de teléfono onde obter información adicional.
- Cando se utiliza unha carta de porte aéreo, deben incluírse nela as indicacións "Baterías de metal litio conforme a sección II da instrución de embalaxe 968".
- Toda persoa que prepare ou presente pilas ou baterías para o transporte debe recibir a instrución adecuada sobre estas condicións e acorde coas súas responsabilidades.

## II.3 Embalaxes exteriores

Caixas

Bidóns

Garrafóns

Embalaxes exteriores resistentes

## II.4 Sobreembalaxes

Cando os vultos se poñen nunha sobreembalaxe, a etiqueta de manipulación de baterías de litio que se require nesta instrución de embalaxe debe quedar claramente visible ou ben debe fixarse á parte exterior da sobreembalaxe e o sobreembalaxe debe marcarse co termo "Sobreembalaxe".

#

### Instrución de embalaxe 969

Aeronaves de pasaxeiros e de carga para ONU 3091 (embaladas cun equipo) unicamente

#### 1. Introducción

Esta entrada aplícase ás baterías de metal litio ou de aliaxe de litio embaladas cun equipo.

A sección I desta instrución de embalaxe aplícase ás pilas e baterías de metal litio e de aliaxe de litio asignadas á clase 9. Algunhas pilas e baterías de metal litio e de aliaxe de litio que se presentan para o transporte e satisfán as condicións da sección II desta instrución de embalaxe, con suxeición ao prescrito no parágrafo 2 seguinte, non están suxeitas a outras condicións destas instrucións.

#### 2. Baterías de litio cuxo transporte está prohibido

O seguinte aplícase a todas as pilas e baterías de metal litio desta instrución de embalaxe:

As pilas e baterías identificadas polo fabricante como defectuosas por motivos de seguridade, ou que sufriron dano, e que poden producir un aumento perigoso de calor, ou lume ou cortocircuíto, están prohibidas para o transporte (p. ex., aquelas que se devolven ao fabricante por motivos de seguridade).

#### I. SECCIÓN I

As condicións da sección I aplícanse a cada tipo de pila ou batería que se determinou que cumpre os criterios de asignación correspondentes á clase 9.

Cada pila ou batería debe:

- 1) ser dun tipo que probadamente satisfai as condicións de cada unha das probas do *Manual de probas e criterios* das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3;

*Nota 1.— As baterías están suxeitas a estas probas independentemente do feito de que as pilas das cales se compoñen fosen sometidas a elas.*

*Nota 2.— As baterías e pilas fabricadas antes do 1 de xaneiro de 2014 conforme un prototipo sometido a ensaio de conformidade cos requisitos da quinta edición revisada do Manual de probas e criterios das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3, poden seguir transportándose.*

- 2) levar incorporado un dispositivo de desfogue de seguridade ou estar deseñada para evitar unha ruptura violenta en condicións normais de transporte e estar equipada cun medio eficaz de prevención de cortocircuitos externos; e
- 3) terse fabricado no marco dun programa de xestión da calidade conforme o descrito en 2;9.3.1 e).

Cada batería que contén pilas ou unha serie de pilas conectadas en paralelo debe estar equipada co medio eficaz que sexa necesario para impedir unha inversión perigosa de corrente (p. ex., díodos, fusibles).

#### I.1 Condicións xerais

Deben satisfacerse as condicións da parte 4;1.

Número ONU e denominación do artigo expedido	Cantidade por vulto (Sección I)	
	Pasaxeiros	Carga
ONU 3091 <b>Baterías de metal litio embaladas cun equipo</b>	5 kg de pilas ou baterías de metal litio	35 kg de pilas ou baterías de metal litio

#### I.2 Condicións adicionais

- As pilas e baterías de metal litio deben estar protexidas contra cortocircuitos.
- As pilas e baterías de metal litio deben:
  - colocarse en embalaxes interiores que as conteñan por completo, para poñelas seguidamente nunha embalaxe exterior. O vulto completo de pilas ou baterías debe satisfacer as condicións de embalaxe do grupo de embalaxe II; ou
  - colocarse en embalaxes interiores que as conteñan por completo, para poñelas seguidamente co equipo nunha embalaxe que satisfaga as condicións de embalaxe do grupo de embalaxe II.



≠

## Instrución de embalaxe 969

- O equipo debe estar afianzado para evitar o seu movemento dentro da embalaxe exterior e debe estar dotado dun medio eficaz para previr a súa activación accidental;
- Para os fins desta instrución de embalaxe, "equipo" significa o aparello que para funcionar require as baterías de litio coas cales está embalado.
- Para as pilas e baterías de metal litio preparadas para o transporte en aeronaves de pasaxeiros como clase 9:
- as pilas e baterías que se presentan para o transporte en aeronaves de pasaxeiros deben embalarse en embalaxes intermedias ou exteriores metálicas ríxidas rodeadas de material de recheo incombustible e non condutor e deben ir dentro dunha embalaxe exterior.

## I.3 Embalaxes exteriores

Caixas	Bidóns	Garrafóns
Aceiro (4A)	Aceiro (1A2)	Aceiro (3A2)
Aluminio (4B)	Aluminio (1B2)	Aluminio (3B2)
Cartón (4G)	Cartón (1G)	Plástico (3H2)
Madeira contrachapada (4D)	Madeira contrachapada (1D)	
Madeira natural (4C1, 4C2)	Outro metal (1N2)	
Madeira reconstituída (4F)	Plástico (1H2)	
Outro metal (4N)		
Plástico (4H1, 4H2)		

## II. SECCIÓN II

Con excepción da parte 1:2.3 (Transporte de mercadorías perigosas por correo), 7:4.4 (Notificación dos accidentes e incidentes relacionados con mercadorías perigosas), 8:1.1 (Disposicións para mercadorías perigosas transportadas polos pasaxeiros ou pola tripulación) e o parágrafo 2 desta instrución de embalaxe, as pilas e baterías de metal litio embaladas cun equipo que se presentan para o transporte non están suxeitas a outras condicións destas instrucións se satisfán as condicións desta sección.

As pilas e baterías de metal litio poden ofrecerse para o transporte se cumpren todas as condicións seguintes:

- 1) nunha pila de metal litio, o contido de litio é como máximo de 1 g;
- 2) nunha batería de metal litio ou de aliaxe de litio, o contido total de litio é como máximo de 2 g;
- 3) cada pila ou batería é do tipo que probadamente satisfai as condicións de cada unha das probas que figuran no *Manual de probas e criterios* das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3; e

*Nota 1.— As baterías están suxeitas a estas probas independentemente do feito de que as pilas das cales se compoñen fosen sometidas a elas*

*Nota 2.— As baterías e pilas fabricadas antes do 1 de xaneiro de 2014 conforme un prototipo sometido a ensaio de conformidade cos requisitos da quinta edición revisada do Manual de probas e criterios das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3, poden seguir transportándose.*

- 4) as pilas e baterías débense ter fabricado no marco dun programa de xestión da calidade conforme o descrito en 2:9.3.1 e).

## II.1 Condicións xerais

As pilas e baterías deben embalarse en embalaxes exteriores resistentes que se axusten ao prescrito na parte 4:1.1.1, 1.1.3.1 e 1.1.10 (excepto 1.1.10.1).

Contido	Cantidade por vulto (Sección II)	
	Pasaxeiros	Carga
Cantidade neta de pilas ou baterías de metal litio por vulto	5 kg	5 kg

## II.2 Condicións adicionais

- As pilas e baterías de metal litio deben:
  - colocarse en embalaxes interiores que as conteñan por completo, para poñelas seguidamente nunha embalaxe exterior resistente; ou

≠

**Instrucción de embalaxe 969**

- colocarse en embalaxes interiores que as conteñan por completo, para poñelas seguidamente co equipo nunha embalaxe exterior resistente.
- As pilas e baterías deben estar protexidas para evitar cortocircuitos. Isto inclúe protección contra contacto con materiais condutores dentro da embalaxe que poidan producir cortocircuíto.
- O equipo debe estar afianzado para evitar o seu movemento dentro da embalaxe exterior e debe estar dotado dun medio eficaz para previr a súa activación accidental;
- O número máximo de baterías en cada vulto debe ser o número mínimo que se require para o equipo funcione, máis dúas de reposto.
- Cada vulto de pilas ou baterías, ou o vulto completo, debe resistir un ensaio de caída de 1,2 m en todas as orientacións posibles:
  - Sen que se danen as pilas ou as baterías que contén;
  - Sen que se desprace o contido de forma que se poidan producir contactos entre baterías (ou entre pilas);
  - Sen perda de contido.
- Cada vulto debe levar a etiqueta de manipulación de baterías de litio (figura 5-31).
- Cada envío debe ir acompañado dun documento en que se indique:
  - que o vulto contén pilas ou baterías de metal litio;
  - que o vulto debe manipularse con coidado e existe risco de inflamación se o vulto sofre algún dano;
  - que, se o vulto sofre algún dano, deben seguirse procedementos especiais, incluídas a inspección e a introdución nunha nova embalaxe se é necesario; e
  - un número de teléfono onde obter información adicional.
- Cando se utiliza unha carta de porte aéreo, deben incluírse nela as indicacións "Baterías de metal litio conforme a sección II da instrucción de embalaxe 969".
- Toda persoa que prepare ou presente pilas ou baterías para o transporte debe recibir a instrucción adecuada sobre estas condicións e acorde coas súas responsabilidades.

**II.3 Embalaxes exteriores***Caixas**Bidóns**Garrafóns*

Embalaxes exteriores resistentes

**II.4 Sobreembalaxes**

Cando os vultos se poñen nunha sobreembalaxe, a etiqueta de manipulación de baterías de litio que se require nesta instrucción de embalaxe debe quedar claramente visible ou ben debe fixarse á parte exterior da sobreembalaxe e a sobreembalaxe debe marcarse co termo "Sobreembalaxe".

**Instrucción de embalaxe 970**

Aeronaves de pasaxeiros e de carga para ONU 3091 (instaladas nun equipo) unicamente

**1. Introducción**

Esta entrada aplícase ás baterías de metal litio ou de aliaxe de litio instaladas nun equipo.

A sección I desta instrucción de embalaxe aplícase ás pilas e baterías de metal litio e de aliaxe de litio asignadas á clase 9. Algunhas pilas e baterías de metal litio e de aliaxe de litio que se presentan para o transporte e satisfán as condicións da sección II desta instrucción de embalaxe, con suxeición ao prescrito no parágrafo 2 seguinte, non están suxeitas a outras condicións destas instruccións.

**2. Baterías de litio cuxo transporte está prohibido**

O seguinte aplícase a todas as pilas e baterías de metal litio desta instrucción de embalaxe:

As pilas e baterías identificadas polo fabricante como defectuosas por motivos de seguridade, ou que sufriron dano, e que poden producir un aumento perigoso de calor, ou lume ou cortocircuíto, están prohibidas para o transporte (p. ex., aquelas que se devolven ao fabricante por motivos de seguridade).

**I. SECCIÓN I**

As condicións da sección I aplícanse a cada tipo de pila ou batería que se determinou que cumpre os criterios de asignación correspondentes á clase 9.

≠

### Instrución de embalaxe 970

Cada pila ou batería debe:

1) ser dun tipo que probadamente satisfai as condicións de cada unha das probas do *Manual de probas e criterios* das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3;

*Nota 1.— As baterías están suxeitas a estas probas independentemente do feito de que as pilas das cales se compoñen fosen sometidas a elas.*

*Nota 2.— As baterías e pilas fabricadas antes do 1 de xaneiro de 2014 conforme un prototipo sometido a ensaio de conformidade cos requisitos da quinta edición revisada do Manual de probas e criterios das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3, poden seguir transportándose.*

2) levar incorporado un dispositivo de desfogue de seguridade ou estar deseñada para evitar unha ruptura violenta en condicións normais de transporte e estar equipada cun medio eficaz de prevención de cortocircuitos externos; e

3) terse fabricado no marco dun programa de xestión da calidade conforme o descrito en 2;9.3.1 e).

Cada batería que contén pilas ou unha serie de pilas conectadas en paralelo debe estar equipada co medio eficaz que sexa necesario para impedir unha inversión perigosa de corrente (p. ex., díodos, fusibles).

#### I.1 Condicións xerais

Os equipos deben embalarse en embalaxes exteriores resistentes que se axusten ao prescrito na parte 4;1.1.1, 1.1.3.1 e 1.1.10 (excepto 1.1.10.1).

Número ONU e denominación do artigo expedido	Cantidade por vulto (Sección I)	
	Pasaxeiros	Carga
ONU 3091 <b>Baterías de metal litio instaladas nun equipo</b>	5 kg de pilas ou baterías de metal litio	35 kg de pilas ou baterías de metal litio

#### I.2 Condicións especiais

— O equipo debe estar afianzado para evitar o seu movemento dentro da embalaxe exterior e debe estar dotado dun medio eficaz para previr a súa activación accidental.

— O equipo debe embalarse en embalaxes exteriores resistentes construídas con materiais apropiados cuxa resistencia e deseño sexan adecuados en relación coa capacidade e co uso a que están destinadas, a menos que a batería quede protexida de forma equivalente polo equipo en que está instalada.

— A cantidade de metal litio contida en cada equipo non debe exceder os 12 g por pila e os 500 g por batería.

#### I.3 Embalaxes exteriores

Caixas

Bidóns

Garrafóns

Embalaxes exteriores resistentes

## II. SECCIÓN II

Con excepción da parte 1;2.3 (Transporte de mercadorías perigosas por correo), 7;4.4 (Notificación dos accidentes e incidentes relacionados con mercadorías perigosas), 8;1.1 (Disposicións para mercadorías perigosas transportadas polos pasaxeiros ou pola tripulación) e o parágrafo 2 desta instrución de embalaxe, as pilas e baterías de metal litio contidas nun equipo que se presentan para o transporte non están suxeitas a outras condicións destas instrucións se satisfán as condicións desta sección.

As pilas e baterías de metal litio poden ofrecerse para o transporte se cumpren todas as condicións seguintes:

- 1) nunha pila de metal litio, o contido de litio é como máximo de 1 g;
- 2) nunha batería de metal litio ou de aliaxe de litio, o contido total de litio é como máximo de 2 g;
- 3) cada pila ou batería é do tipo que probadamente satisfai as condicións de cada unha das probas que figuran no Manual de probas e criterios das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3.

*Nota 1.— As baterías están suxeitas a estas probas independentemente do feito de que as pilas das cales se compoñen fosen sometidas a elas.*

≠

### Instrución de embalaxe 970

*Nota 2.— As baterías e pilas fabricadas antes do 1 de xaneiro de 2014 conforme un prototipo sometido a ensaio de conformidade cos requisitos da quinta edición revisada do Manual de probas e criterios das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3, poden seguir transportándose.*

4) as pilas e baterías débense ter fabricado no marco dun programa de xestión da calidade conforme o descrito en 2;9.3.1 e).

Os aparellos tales como etiquetas de identificación por radiofrecuencia (RFID), reloxos e rexistradores de temperatura, que non teñen a capacidade de xerar unha emisión perigosa de calor, poden transportarse cando intencionadamente se transportan en estado activado. Cando van activos, estes aparellos deben satisfacer as normas definidas para radiación electromagnética co fin de asegurar que o seu funcionamento non interfira cos sistemas da aeronave.

#### II.1 Condicións xerais

As baterías deben embalarse en embalaxes exteriores resistentes que se axusten ao prescrito na parte 4;1.1.1, 1.1.3.1 e 1.1.10 (excepto 1.1.10.1).

Contido	Cantidade por vulto (Sección II)	
	Pasaxeiros	Carga
Cantidade neta de pilas ou baterías de metal litio por vulto	5 kg	5 kg

#### II.2 Condicións adicionais

- O equipo debe estar afianzado para evitar o seu movemento dentro da embalaxe exterior e debe estar dotado dun medio eficaz para previr a súa activación accidental.
- As pilas e baterías deben estar protexidas para evitar cortocircuitos.
- O equipo debe embalarse en embalaxes exteriores resistentes construídos con materiais apropiados cuxa resistencia e deseño sexan adecuados en relación coa capacidade e co uso a que estean destinadas, a menos que a batería quede protexida de forma equivalente polo equipo en que está instalada.
- Cada vulto que conteña máis de catro pilas ou máis de dúas baterías instaladas nun equipo debe levar a etiqueta de manipulación de baterías de litio (figura 5-31) excepto se conteñen pilas botón instaladas nun equipo (incluídas as tarxetas de circuito).
- Cada envío que leve a etiqueta de manipulación de baterías de litio debe ir acompañado dun documento en que se indique:
  - que o vulto contén pilas ou baterías de metal litio;
  - que o vulto debe manipularse con coidado e existe risco de inflamación se o vulto sofre algún dano;
  - que, se o vulto sofre algún dano, deben seguirse procedementos especiais, incluídas a inspección e a introdución nunha nova embalaxe se é necesario; e
  - un número de teléfono onde obter información adicional.
- Cando un envío inclúe vultos que levan a etiqueta de manipulación de baterías de litio, debe incluírse na carta de porte aéreo, se se utiliza unha carta de porte aéreo, a indicación "Baterías de ión litio conforme a sección II da instrución de embalaxe 970".
- Toda persoa que prepare ou presente pilas ou baterías para o transporte debe recibir a instrución adecuada sobre estas condicións e acorde coas súas responsabilidades.

#### II.3 Embalaxes exteriores

Caixas

Bidóns

Garrafóns

Embalaxes exteriores resistentes

#### II.4 Sobreembalaxes

Cando os vultos se poñen nunha sobreembalaxe, a etiqueta de manipulación de baterías de litio que se require nesta instrución de embalaxe debe quedar claramente visible ou ben debe fixarse á parte exterior da sobreembalaxe e a sobreembalaxe debe marcarse co termo "Sobreembalaxe".

+

**Instrución de embalaxe 971**

Aeronaves de pasaxeiros e de carga para ONU 3499 unicamente (véxase tamén a disposición especial A186)

**Condicións xerais**

Deben satisfacerse as condicións da parte 4;1.1.1 e 1.1.8.

Para os efectos desta instrución de embalaxe, considérase que un condensador é unha embalaxe interior.

<i>Número ONU e denominación do artigo expedido</i>	<i>Cantidade — pasaxeiros</i>	<i>Cantidade — carga</i>
ONU 3499 <b>Condensador</b> eléctrico de dobre capa	Sen limitación	Sen limitación

**CONDICIÓN DE EMBALAXE ADICIONAIS**

- Cada condensador debe transportarse descargado. O condensador ou, cando vaia nun módulo, o módulo debe estar provisto dun aro metálico que conecte os bornes.
- Os condensadores deben ir firmemente acolchados con recheo nas embalaxes exteriores.

**EMBALAXES EXTERIORES DE EMBALAXES COMBINADAS (véxase 6;3.1)***Caixas**Bidóns**Garrafóns*

Embalaxes exteriores resistentes

## Parte 5

### OBRIGACIÓNS DO EXPEDIDOR

## Capítulo 1

### XENERALIDADES

*Partes deste capítulo resultan afectadas polas discrepancias estatais BE 4, CA 1, CA 4, CA 14, CA 15, CA 16, CH 3, DE 1, DE 2, FR 2, FR 3, GB 1, GB 6, HK 3, IN 2, IN 3, IR 1, IT 1, IT 2, IT 3, IT 5, JP 2, JP 8, MY 1, MY 2, MY 3, NL 3, RO 2, UA 1, US 10; véxase a táboa A-1*

*Nota.— É responsabilidade do expedidor asegurarse de que se reúnan todos os requisitos aplicables ao transporte por vía aérea. Os elementos que se indican a seguir proporciónanse a título de exemplo e non inclúen unha lista completa de todos os requisitos aplicables ao transporte por vía aérea.*

#### 1.1 REQUISITOS XERAIS

Antes de presentar calquera vulto ou sobreembalaxe de mercadorías perigosas para o seu despacho por vía aérea, toda persoa deberá asegurarse de que:

- ≠ a) non estea prohibido o transporte por vía aérea de tales obxectos ou substancias (véxase a parte 1, capítulo 2);
- b) as mercadorías estean debidamente clasificadas, marcadas e etiquetadas e satisfagan as condicións de transporte prescritas nestas instrucións;
- c) as mercadorías perigosas estean embaladas de acordo con todas as condicións aplicables ao transporte aéreo en materia de:
  - embalaxes interiores e límites máximos de cantidade por vulto;
  - tipos apropiados de embalaxe conforme as instrucións de embalaxe;
  - outros requisitos aplicables que se indiquen nas instrucións de embalaxe, tales como:
    - poden estar prohibidas as embalaxes únicas;
    - só se permiten as embalaxes interiores e exteriores indicadas nas instrucións de embalaxe;
    - a embalaxe interior pode ter que embalarse dentro dunha embalaxe intermedia; e
    - algunhas mercadorías perigosas deben transportarse en embalaxes que satisfagan niveis de idoneidade superiores;
  - procedementos de peche adecuados para as embalaxes interiores e exteriores (véxase 4;1.1.4);
  - requisitos de compatibilidade tales como os prescritos nas condicións particulares de embalaxe das instrucións de embalaxe e na parte 4, capítulo 1;
  - os materiais absorbentes requiridos nas instrucións de embalaxe, cando corresponda; e
  - o requisito de diferenza de presión prescrito en 4;1.1.6.
- d) o documento de transporte de mercadorías perigosas se outorgase debidamente e se asinase a declaración;
- e) só se utilice unha sobreembalaxe para transportar vultos que teñan a etiqueta “exclusivamente en aeronaves de carga” cando:
  - 1) os vultos vaian agrupados de tal modo que sexa posible observarlos sen dificultade e sexan facilmente accesibles;
  - ou
  - 2) non se exixa en 7;2.4.1 que os vultos sexan accesibles; ou
  - 3) se trate dun só vulto;
- f) a sobreembalaxe non contén vultos ou mercadorías perigosas que exigan a súa separación, segundo a táboa 7-1;
- g) cando se utiliza sobreembalaxe, os vultos deben ir suxeitos dentro desta;
- h) as mercadorías perigosas non estean pechadas en ningún contedor de carga nin dispositivo de carga unitarizada, con excepción das substancias radioactivas, segundo se prescribe en 7;2.9 (isto non se aplica, coa aprobación do explotador, aos dispositivos de carga unitarizada que conteñan artigos de consumo preparados de acordo coa instrución de embalaxe Y963 ou

xeo seco usado como refrixerante para mercadorías que non sexan perigosas cando estea preparado de acordo coa instrución de embalaxe 954 ou material magnetizado cando estea preparado de acordo coa instrución de embalaxe 953);

i) antes de utilizar de novo unha embalaxe ou sobreembalaxe, se quiten ou risquen por completo todas as etiquetas e marcas das mercadorías perigosas que xa non sexan apropiadas;

j) cada un dos vultos incluídos na sobreembalaxe estea debidamente embalado, marcado, etiquetado, non presente ningunha indicación de que a súa integridade quedou comprometida e estea preparado en todos os demais aspectos segundo o establecido nestas instrucións. A marca "sobreembalaxe" descrita en 2.4.10 indica o cumprimento deste requisito. A sobreembalaxe non debe comprometer a función prevista de cada vulto; e

+ k) os vultos ou sobreembalaxes que conteñen mercadorías perigosas se presenten ao explotador separadamente da carga que non está suxeita a estas instrucións, con excepción do previsto en 7;1.4.1.

*Nota 1.— Os vultos e sobreembalaxes que conteñen mercadorías perigosas poden incluírse na mesma carta de porte aéreo que a carga que non está suxeita a estas instrucións.*

*Nota 2.— O requisito de 1.1 k) aplícase tamén aos envíos agrupados que se presentan ao explotador.*

*Nota 3.— Con fins de refrixeración, a sobreembalaxe pode conter xeo seco, sempre que se axuste ás condicións da instrución de embalaxe 954.*

## 1.2 DISPOSICIÓNS XERAIS PARA A CLASE 7

### 1.2.1 Aprobación de expedicións e notificación

#### 1.2.1.1 Xeneralidades

Ademais da aprobación dos deseños de vultos descritos na parte 6, capítulo 4, en determinadas circunstancias (1.2.1.2 e 1.2.1.3) requírese a aprobación multilateral da expedición. En certos casos tamén é necesario notificar a expedición á autoridades competentes (1.2.1.4).

#### 1.2.1.2 Aprobación de expedicións

Precisarase a aprobación multilateral para:

- a) a expedición de vultos do tipo B(M) que non se axusten aos requisitos de 6;7.6.5;
- b) a expedición de vultos do tipo B(M) que conteñan material radioactivo cuxa actividade sexa superior a 3000 A<sub>1</sub> ou 3000 A<sub>2</sub>, segundo corresponda, ou a 1000 TBq; entre estes valores rexerá o menor;
- c) a expedición de vultos que conteñan substancias fisionables se a suma dos índices de seguridade con respecto á criticidade dos vultos nun só contedor de carga ou nunha aeronave excede 50, e

salvo que a autoridade competente pode permitir que se efectúe un transporte ao seu país ou a través del, sen que se aprobase a expedición, mediante unha disposición para o efecto no documento en que aprobe o deseño (véxase 1.2.2.1).

#### 1.2.1.3 Aprobación das expedicións en virtude de arranxos especiais

Unha autoridade competente pode aprobar disposicións ao abeiro das cales poderá transportarse en virtude de arranxos especiais unha expedición que non satisfaga todos os requisitos aplicables prescritos nas presentes instrucións (véxase 1;6.4).

#### 1.2.1.4 Notificacións

Cómpre notificar as autoridades competentes, do modo seguinte:

a) antes de proceder á primeira expedición de calquera vulto que requira a aprobación da autoridade competente, o expedidor debe asegurarse de que a autoridade competente do país de orixe da remesa e a autoridade competente de cada país a través do cal ou ao cal se vai transportar a remesa reciban copias de cada certificado expedido pola autoridade competente relativo ao deseño do vulto de que se trate. O expedidor non terá que esperar xustificante de recepción da autoridade competente, nin esta terá que xustificar a recepción do certificado;

b) para cada un dos seguintes tipos de envíos:

i) os vultos do tipo C que conteñan material radioactivo cuxa actividade sexa superior a 3000 A<sub>1</sub> ou a 3000 A<sub>2</sub>, segundo proceda, ou a 1000 TBq; entre estes valores rexerá o que sexa menor;



ii) os vultos do tipo B(U) que conteñan material radioactivo cuxa actividade sexa superior a 3000 A<sub>1</sub> ou a 3000 A<sub>2</sub>, segundo proceda, ou a 1000 TBq; entre estes valores rexerá o que sexa menor;

iii) os vultos do tipo B(M);

iv) as expedicións que se efectúen en virtude de arranxos especiais;

o expedidor débelle notificar á autoridade competente do país de orixe da remesa e á autoridade competente de cada un dos países a través dos cales ou ao cal se vai transportar a remesa. Esta notificación debe estar en poder de cada unha das autoridades competentes antes de que se inicie a expedición e, preferentemente, cunha antelación mínima de 7 días;

c) non será necesario que o expedidor envíe unha notificación por separado se os datos requiridos se incluíron xa na solicitude de aprobación da expedición;

d) a notificación da remesa incluirá:

i) datos suficientes para poder identificar o vulto ou vultos, comprendidos todos os números dos certificados e as marcas de identificación correspondentes;

ii) datos relativos á data de expedición, á data prevista de chegada e á ruta proposta;

iii) os nomes do material radioactivo ou nucleídos;

iv) unha descrición da forma física e química do material radioactivo, ou unha indicación de que se trata de material radioactivo en forma especial ou de material radioactivo de baixa dispersión; e

v) a actividade máxima do contido radioactivo durante o transporte expresada en bequerelios (Bq) co símbolo do prefixo apropiado do SI (véxase 1;3.2). Se se trata de substancias fisionables pode utilizarse, en lugar da actividade, a masa das substancias fisionables (ou, se se trata de mesturas, a masa de cada nucleído fisionable, segundo proceda) en gramos (g) ou nos seus múltiplos adecuados.

### 1.2.2 Certificados expedidos pola autoridade competente

1.2.2.1 Requírense certificados emitidos pola autoridade competente para o seguinte:

a) os deseños de:

i) material radioactivo en forma especial;

ii) material radioactivo de baixa dispersión;

iii) vultos que conteñan 0,1 kg de hexafluoruro de uranio ou unha cantidade superior;

iv) todos os vultos que conteñan substancias fisionables salvo nos casos previstos en 6;7.10.2;

v) os vultos do tipo B(U) e os vultos do tipo B(M);

vi) os vultos do tipo C;

b) arranxos especiais;

c) certas expedicións (véxase 1.2.1.2).

Os certificados deben confirmar que se satisfán os requisitos e para o deseño as aprobacións deben asignar ao deseño unha marca de identificación.

Os certificados de aprobación do deseño do vulto e de aprobación da expedición poderán combinarse nun só documento.

Os certificados e as solicitudes destes deben satisfacer os requisitos de 6;7.22.

1.2.2.2 O expedidor estará en posesión dunha copia de cada un dos certificados exixidos.

1.2.2.3 No caso dos deseños de vultos en que non se requira a expedición por parte dunha autoridade competente dun certificado de aprobación, o expedidor, logo de petición, facilitaralle á autoridade competente, para a súa inspección, probas documentais que evidencien que o deseño do vulto se axusta a todos os requisitos pertinentes.

### 1.2.3 Determinación do índice de transporte (IT) e do índice de seguridade con respecto á criticidade (ISC)

#### 1.2.3.1 Determinación do índice de transporte

1.2.3.1.1 O índice de transporte (IT) dun vulto, sobreembalaxe ou contedor será a cifra deducida de conformidade co seguinte procedemento:

a) determinarase o nivel de radiación máximo en unidades milisievert por hora (mSv/h) a unha distancia de 1 m das superficies externas do vulto, sobreembalaxe ou contedor. O valor determinado multiplicarase por 100 e a cifra obtida é o índice de transporte. Para minerais e concentrados de uranio e de torio, o nivel de radiación máximo en calquera punto situado a unha distancia de 1 m da superficie externa da carga pode tomarse como:

- 0,4 mSv/h para minerais e concentrados físicos de uranio e torio;
- 0,3 mSv/h para concentrados químicos de torio;
- 0,02 mSv/h para concentrados químicos de uranio que non sexan hexafluoruro de uranio;

b) para contedores, o valor determinado en a) anterior multiplicarase polo factor apropiado da táboa 5-1;

c) a cifra obtida segundo a) e b) anteriores redondearase á primeira cifra decimal superior (por exemplo, 1,13 será 1,2), excepto valores de 0,05 ou menos, os cales se poderán considerar como cero.

1.2.3.1.2 O índice de transporte dunha sobreembalaxe ou contedor obterase xa sexa sumando os índices de transporte de todos os vultos contidos, ou medindo directamente o nivel de radiación, salvo no caso de sobreembalaxes non ríxidas, para as cales o índice de transporte se obterá unicamente sumando os índices de transporte de todos os vultos.

**Táboa 5-1. Factores de multiplicación para contedores de carga**

<i>Dimensións da carga*</i>	<i>Factor de multiplicación</i>
dimensión da carga $\leq 1 \text{ m}^2$	1
$1 \text{ m}^2 < \text{dimensión da carga} \leq 5 \text{ m}^2$	2
$5 \text{ m}^2 < \text{dimensión da carga} \leq 20 \text{ m}^2$	3
$20 \text{ m}^2 < \text{dimensión da carga}$	10
* Mídese a área da maior sección transversal da carga.	

1.2.3.1.3 O índice de seguridade con respecto á criticidade para unha sobreembalaxe ou contedor de carga obterase sumando os ISC de todos os vultos contidos. Seguirase o mesmo procedemento para determinar a suma total dos ISC dun envío ou a bordo dunha aeronave.

1.2.3.1.4 Os vultos e sobreembalaxes clasificaranse na categoría I-BRANCA, II-AMARELA ou III-AMARELA de conformidade coas condicións especificadas na táboa 5-2, e cos seguintes requisitos:

a) no caso dun vulto ou sobreembalaxe, teranse en conta tanto o índice de transporte como o nivel de radiación na superficie para determinar a categoría apropiada. Cando o índice de transporte satisfaga a condición correspondente a unha categoría, pero o nivel de radiación na superficie satisfaga a condición correspondente a unha categoría diferente, o vulto ou sobreembalaxe considerarase que pertence á categoría superior das dúas. Para este efecto, a categoría I-BRANCA considerarase a categoría inferior;

b) o índice de transporte determinarase de acordo cos procedementos especificados en 1.2.3.1.1 e 1.2.3.1.2;

c) se o nivel de radiación na superficie é superior a 2 mSv/h, o vulto ou sobreembalaxe transportarase segundo a modalidade de uso exclusivo e axustándose ás disposicións de 7;2.10.5.3, segundo corresponda;

d) a un vulto que se transporte en virtude de arranxos especiais asignaráselle a categoría III-AMARELA, salvo en virtude das disposicións de 1.2.3.1.5;

e) a unha sobreembalaxe que conteña vultos transportados en virtude de arranxos especiais asignaráselle a categoría III-AMARELA, salvo en virtude das disposicións de 1.2.3.1.5.

1.2.3.1.5 En todos os casos de transporte internacional de vultos que requiran a aprobación do deseño ou a expedición por parte da autoridade competente, e para os que sexan aplicables distintos tipos de aprobación nos diversos países interesados na expedición, a categorización debe facerse de conformidade co certificado do país de orixe do deseño.

Táboa 5-2. Categorias dos vultos e sobreembalaxes

<i>Condições</i>		
<i>Índice de transporte</i>	<i>Nivel de radiación máximo en calquera punto da superficie externa</i>	<i>Categoría</i>
0*	Ata 0,005 mSv/h	I-BRANCA
Maior que 0 pero non maior que 1*	Maior que 0,005 mSv/h pero non maior que 0,5 mSv/h	II-AMARELA
Maior que 1 pero non maior que 10	Maior que 0,5 mSv/h pero non maior que 2 mSv/h	III-AMARELA
Maior que 10	Maior que 2 mSv/h pero non maior que 10 mSv/h	III-AMARELA**
* Se o índice de transporte medido non é maior que 0,05, o valor citado pode ser cero de conformidade con 1.2.3.1.1 c).		
** Deberá transportarse baixo uso exclusivo e arranxo especial.		

### 1.2.4 Disposicións específicas para os vultos exceptuados

1.2.4.1 Os vultos exceptuados deben levar marcada de maneira lexible e duradeira no exterior da embalaxe a seguinte información:

- a) o número das Nacións Unidas precedido das letras "UN";
- b) a identificación do expedidor ou do consignatario, ou de ambos; e
- c) a súa masa bruta permitida se excede os 50 kg.

1.2.4.2 Os requisitos de documentación establecidos en 5.4 non se aplican aos vultos exceptuados de material radioactivo, excepto en canto a que a información debe figurar nun documento de transporte, como unha carta de porte aéreo ou outro documento similar. A información que se require é a seguinte e debería figurar na orde que se indica a continuación:

- a) o número das Nacións Unidas precedido das letras "UN"; e
- b) a denominación do artigo expedido.

Cando así se acordase co explotador, o expedidor pode proporcionar esta información mediante técnicas de transmisión baseadas no tratamento electrónico de datos (TED) ou no intercambio electrónico de datos (IED).

## 1.3 INFORMACIÓN AOS EMPREGADOS

O expedidor deberá facilitarles aos empregados información apropiada que lles permita desempeñar o seu labor no relativo ao transporte de mercadorías perigosas por vía aérea.

## 1.4 INSTRUCIÓN

Antes de entregar un envío de mercadorías perigosas para o seu transporte por vía aérea, todas as persoas pertinentes que participen na súa preparación deberán ter recibido instrución que lles permita desempeñar as súas responsabilidades, segundo se detalla na parte 1. Cando o expedidor non conte con persoal que recibise instrución, por "persoas pertinentes" poderanse entender as empregadas para actuar en nome do expedidor e desempeñar as responsabilidades do expedidor na preparación do envío. Con todo, estas persoas deberán ter recibido a instrución requirida na parte 1, capítulo 4.

## 1.5 EMBALAXES DE RECUPERACIÓN

Antes de entregar unha embalaxe de recuperación para o seu transporte por vía aérea, a persoa que o entrega debe asegurarse de que:

- leve as marcas coa denominación do artigo expedido e o número ONU correspondentes ás mercadorías perigosas que contén, ademais de todas as etiquetas especificadas respecto destas;
- leve a marca "Recuperación";

— se engada a expresión “Embalaxe de recuperación” despois da descrición das mercadorías no documento de transporte de mercadorías perigosas que se require en 4.1; e

— se o vulto contén mercadorías perigosas que só se poden transportar en aeronaves de carga, leve unha etiqueta que indique “Exclusivamente en aeronaves de carga” e se inclúa no documento de transporte de mercadorías perigosas a declaración necesaria de conformidade con 4.1.5.7.1 b).

Ademais, a persoa debe asegurarse de que se satisfaga calquera outra condición aplicable.

## 1.6 EMBALAXES BALEIRAS

1.6.1 Excepto no que respecta á clase 7, toda embalaxe que contivese mercadorías perigosas debe identificarse, marcarse, etiquetarse e rotularse na forma prescrita para esas mercadorías, a menos que se tomen medidas, como limpeza, eliminación de vapores ou nova enchedura cunha substancia non perigosa, para contrarrestar todo perigo.

1.6.2 Antes de devolver ao expedidor, ou enviar a outro lugar, unha embalaxe baleira que contivese unha substancia infecciosa, esta debe desinfectarse ou esterilizarse para contrarrestar todo perigo e debe quitarse ou riscarse toda etiqueta ou marca indicativa de que contivo unha substancia infecciosa.

1.6.3 As embalaxes utilizadas para o transporte de material radioactivo non se deben utilizar para almacenamento ou transporte doutras mercadorías, a menos que sexan descontaminadas por debaixo do nivel de  $0,4 \text{ Bq/cm}^2$  para emisores beta e gamma e emisores alfa de baixa toxicidade, e de  $0,04 \text{ Bq/cm}^2$  para todos os demais emisores alfa.

## 1.7 VULTOS MIXTOS

Cando se embalen dúas ou máis mercadorías perigosas na mesma embalaxe exterior, o vulto debe etiquetarse e marcarse na forma prescrita para cada substancia. Non se precisarán etiquetas de risco secundario cando este quede xa representado por unha etiqueta de risco principal.

---

## Capítulo 2

### MARCAS NOS VULTOS

*Partes deste capítulo resultan afectadas polas discrepancias estatais BR 6, CA 4, DQ 4, é 1, HK 2, IR 4, MY 6, PK 1, RO 1, US 1, US 7, VC 5, VU 1; véxase a táboa A-1*

#### 2.1 NECESIDADE DE PÓR MARCAS

A menos que se indique outra cousa nas presentes instrucións, os vultos de mercadorías perigosas e embalaxes exteriores de protección que conteñan mercadorías perigosas que se desexen despachar por vía aérea deberán ir marcados conforme se preceptúa neste capítulo.

#### 2.2 COLOCACIÓN DAS MARCAS

2.2.1 As marcas deberán ir colocadas nas embalaxes de maneira que non queden ocultadas ou confusas por algunha parte ou accesorio da embalaxe ou por calquera outra etiqueta ou marca.

2.2.2 Todas as marcas que se prescriben en 2.1 para os vultos:

- deben ser duradeiras e imprimirse ou marcarse doutra forma, ou fixarse na superficie externa do vulto;
- deben ser facilmente visibles e lexibles;
- deben poder permanecer á intemperie sen diminución notable da súa eficacia;
- deben colocarse nun fondo de cor que faga contraste coa súa; e
- non se deben colocar cerca doutras marcas que poidan reducir notablemente a súa eficacia.

#### 2.3 MARCAS PROHIBIDAS

En ningún vulto que conteña mercadorías perigosas en estado líquido poden utilizarse frechas, a non ser que sirvan para indicar a posición ou forma de colocación apropiada do vulto.

#### 2.4 ESPECIFICACIÓNS E REQUISITOS EN CANTO ÁS MARCAS

##### 2.4.1 Marcas coa denominación e número ONU ou ID do artigo expedido

≠ 2.4.1.1 A menos que se indique o contrario nas presentes instrucións, en cada vulto debe indicarse a denominación do artigo expedido da mercadoría perigosa (complementada, se corresponde, co seu nome ou nomes técnicos. Véxase a parte 3, capítulo 1) e, cando se asigne, o correspondente número das Nacións Unidas ou o número ID precedido das letras "UN" ou "ID", segundo corresponda. O número ONU e as letras "UN" ou "ID" deben ter unha altura de polo menos 12 mm, salvo no caso das embalaxes cunha capacidade de 30 l ou 30 kg ou menos, en que deben ter como mínimo 6 mm de altura, e no das embalaxes de 5 l ou 5 kg ou menos, en que deben ser dun tamaño apropiado. No caso de obxectos sen embalar, as marcas deben colocarse no obxecto, no seu bastidor ou no seu dispositivo de manipulación, almacenaxe ou lanzamento. A título de exemplo, unha marca corrente de vulto sería:

"Líquido corrosivo ácido orgánico, n.e.p. (cloruro de caprililo) UN 3265".

+ *Nota.— As condicións relativas ao tamaño da marcación dos números ONU aplicaranse a partir do 1 de xaneiro de 2014.*

2.4.1.2 Para as substancias sólidas, a menos que a palabra "fundido" xa estea incluída na denominación do artigo expedido, deberá engadirse á denominación do artigo expedido que figura no vulto cando a substancia se entregue para o transporte aéreo en estado fundido (véxase a parte 3, capítulo 1).

*Nota.— O texto descriptivo agregado ás entradas da columna 1 da Lista de mercadorías perigosas (táboa 3-1) non forma parte da denominación do artigo expedido, pero pode utilizarse ademais da dita denominación.*

## 2.4.2 Datos do expedidor e do consignatario

Cada vulto debe levar o nome e o enderezo da persoa que ofrece as mercadorías perigosas para o transporte aéreo e os do consignatario. Estes datos deben situarse nunha mesma superficie do vulto, preto da marca coa denominación do artigo expedido, se as dimensións do vulto son apropiadas.

## 2.4.3 Marcas especiais para os explosivos

Á denominación do artigo expedido exixida de conformidade con 2.4.1 pode engadirse un texto descriptivo cos nomes comerciais ou militares.

## 2.4.4 Marcas de especificación da embalaxe

2.4.4.1 Toda embalaxe exterior ou única utilizada para transportar mercadorías perigosas que, segundo a parte 4, requira a especificación da embalaxe, ten que levar as marcas apropiadas ao contido previstas na parte 6, capítulo 2.

2.4.4.2 As marcas deben estamparse, imprimirse ou marcarse doutra forma no vulto, co fin de que teñan carácter permanente.

## 2.4.5 Marcas especiais para material radioactivo

### 2.4.5.1

a) Todo vulto cuxa masa bruta exceda os 50 kg levará marcada a súa masa bruta permitida de maneira lexible e duradeira no exterior da embalaxe.

b) Todo vulto que se axuste ao deseño:

i) dun vulto do tipo BI-1, dun vulto do tipo BI-2 ou dun vulto do tipo BI-3 levará marcada de maneira lexible e duradeira no exterior da embalaxe a inscrición “TIPO BI-1”, “TIPO BI-2” ou “TIPO BI-3”, segundo proceda;

ii) dun vulto do tipo A levará marcada de maneira lexible e duradeira no exterior da embalaxe a inscrición “TIPO A”;

iii) dun vulto do tipo BI-2, dun vulto do tipo BI-3 ou dun vulto do tipo A levará marcado de maneira lexible e duradeira no exterior da embalaxe o código internacional de matrículas de vehículos (Código VRI) do país de orixe do deseño e o nome do fabricante, ou outra identificación da embalaxe especificada pola autoridade competente do país de orixe do deseño.

c) Todo vulto que se axuste a un deseño aprobado pola autoridade competente levará marcadas no exterior da embalaxe de maneira lexible e duradeira:

i) a marca de identificación asignada a ese deseño pola autoridade competente;

ii) un número de serie para identificar inequivocamente cada embalaxe que se axuste a ese deseño;


iii) cando se trate de deseños de vultos do tipo B(U) ou do tipo B(M), a inscrición “TIPO B(U)” ou “TIPO B(M)”;

iv) cando se trate de deseños de vultos do tipo C, a inscrición “TIPO C”.

d) Todo vulto que se axuste a un deseño do tipo B(U), do tipo B(M) ou do tipo C levará, na superficie externa do recipiente máis exterior resistente ao lume e á auga, o símbolo do trevo que se indica na figura 5-1, estampado, gravado ou marcado de calquera outra maneira que o faga ben visible e resistente aos efectos do lume e da auga.

e) As marcas dos vultos exceptuados deben axustarse ao requirido en 1.2.4.

2.4.5.2 En todos os casos en que o transporte internacional de vultos requira a aprobación do deseño de vulto ou da expedición por parte da autoridade competente, e os tipos aprobados difiran nos países relacionados coa expedición, a marcación debe facerse de acordo co certificado do país de orixe do deseño.



**Figura 5.1** Símbolo do trevo esquematizado coas proporcións que corresponden a un círculo central de raio  $X$ . A dimensión mínima admisible de  $X$  debe ser 4 mm.

#### 2.4.6 Marcas especiais para gas licuado refrixerado

A posición vertical de cada vulto debe indicarse en forma destacada mediante a etiqueta de “Posición do vulto” (figura 5-26), ou ben mediante etiquetas de posición do vulto previamente impresas que satisfagan as especificacións da figura 5-26 ou da norma ISO 780:1997. A etiqueta debe adherirse ou imprimirse, como mínimo, en dous lados verticais opostos do vulto coas frechas apuntando na dirección correcta. A inscrición “MANTÉNASE EN POSICIÓN VERTICAL” debe pórse a intervalos de  $120^\circ$  arredor do vulto ou en cada un dos seus lados. Debe marcarse claramente nos vultos a lenda “EVÍTENSE AS CAÍDAS — MANIPÚLESE CON PRECAUCIÓN”.

#### 2.4.7 Marca especial para o xeo seco

A masa neta de anhídrido carbónico sólido (xeo seco) deberá marcarse sobre todo vulto que conteña esta substancia.

#### 2.4.8 Marca especial para substancias biolóxicas, categoría B


Os vultos que conteñan substancias biolóxicas de categoría B embaladas de conformidade coa instrución de embalaxe 650 deberán levar a marca “Substancias biolóxicas, categoría B”.

#### 2.4.9 Disposicións especiais para a marcación de substancias perigosas para o ambiente

2.4.9.1 Os vultos que conteñan substancias perigosas para o ambiente que se axustan aos criterios de 2.9.2.1 a) (núms. ONU 3077 e 3082) deben levar, de maneira duradeira, a marca de substancia perigosa para o ambiente, coa excepción das embalaxes únicas e embalaxes combinadas en que as ditas embalaxes únicas ou embalaxes interiores destas embalaxes combinadas teñen:

- unha cantidade neta igual ou inferior a 5 l para líquidos; ou
- unha masa neta igual ou inferior a 5 kg para sólidos.

2.4.9.2 A marca de substancia perigosa para o ambiente debe figurar ao carón das marcas requiridas en 2.4.1.1. Deben cumprirse os requisitos que figuran en 2.2.2.



**Figura 5.2 Símbolo convencional (peixe e árbore): negro sobre branco ou fondo que contraste en forma adecuada**

2.4.9.3 A marca de substancia perigosa para o ambiente debe ser como a que se presenta na figura 5-2. Nas embalaxes, as dimensións deben ser de 100 mm x 100 mm, salvo nos vultos cuxas dimensións obriguen a fixar marcas máis pequenas.

2.4.9.4 Independentemente da aplicación de 2.4.9.1, todos os vultos que conteñan substancias perigosas para o ambiente (ONU núms. 3077 e 3082) deben levar a etiqueta de risco da clase 9.

#### **2.4.10 Marcas nas sobreembalaxes**

≠ A sobreembalaxe debe marcarse coa palabra "Sobreembalaxe", as denominacións dos artigos expedidos, os números ONU e as instrucións especiais de manipulación que figuran nas embalaxes interiores para cada artigo de mercadorías perigosas contido na sobreembalaxe, a menos que as marcas e etiquetas de todas as mercadorías perigosas que van na sobreembalaxe queden visibles, excepto cando se apliquen os requisitos establecidos en 3.2.6 e 3.5.1.1 h) a i). As marcas de especificacións de embalaxes non se deben reproducir nas sobreembalaxes. Cando se coloquen vultos que conteñan mercadorías perigosas en cantidades limitadas dentro dunha sobreembalaxe, a sobreembalaxe debe marcarse tamén coa marca de cantidades limitadas que se mostra na figura 3-1, excepto cando todas as marcas das mercadorías perigosas dentro da sobreembalaxe queden visibles.

#### **2.4.11 Marcas adicionais nos vultos que conteñen mercadorías perigosas en cantidades limitadas**

En 3;4 figuran as disposicións relativas ás marcas que deben levar os vultos que conteñen mercadorías perigosas en cantidades limitadas.

#### **2.4.12 Disposicións específicas para mercadorías perigosas embaladas en cantidades exceptuadas**

As disposicións relativas ás marcas que deben levar os vultos que conteñen mercadorías perigosas en cantidades exceptuadas figuran en 3;5.

#### **2.4.13 Marcas requiridas por outros modos de transporte**

Permítense as marcas requiridas por outros regulamentos de transporte internacionais ou nacionais, ademais das marcas requiridas polas presentes Instrucións, sempre que non se poidan confundir nin entrar en conflito con calquera marca prescrita nas presentes instrucións debido á súa cor, deseño ou formato.

#### **2.4.14 Marcas especiais para xeradores de oxíxeno químicos**

Cando se transporten xeradores de oxíxeno químicos incorporados en equipo respiratorio de protección (PBE) segundo a disposición especial A144, a declaración "Equipo respiratorio de protección da tripulación de aeronave (máscara antifume), de conformidade coa disposición especial A144" irá marcada no vulto, ao carón da denominación do artigo expedido.



## **2.4.15 Marcas requiridas para RIG utilizados para transportar ONU 3077**

Os recipientes intermedios para graneis deben levar as marcas requiridas aplicables a outras embalaxes, excepto no caso dos recipientes intermedios para graneis de máis de 450 l de capacidade, que deben levar marcados a denominación do artigo expedido e o número ONU, segundo o prescrito en 2.4.1, e a marca de substancia perigosa para o ambiente, en dous costados opostos.

## **2.5 IDIOMAS NECESARIOS**

Ademais dos idiomas que poida exixir o Estado de orixe, deberíase utilizar o inglés.

---

## Capítulo 3

### ETIQUETAS

*Partes deste capítulo resultan afectadas polas discrepancias estatais AU 5, CA 1, CA 4, IT 7, JP 9, JP 21, PK 2, VC 6, VU 5; véxase a táboa A-1*

*Nota 1.— Estas disposicións refírense fundamentalmente ás etiquetas de risco. Pero tamén se poden aplicar a un vulto, segundo sexa o caso, outras marcas ou símbolos para indicar as precaucións que convén adoptar para manipular ou almacenalo (por exemplo, un símbolo que represente un paraugas poderá indicar que hai que manter seco o vulto). Con eses fins, é preferible utilizar os símbolos recomendados pola Organización Internacional de Normalización (ISO).*

*Nota 2.— En 3.6 deste capítulo establécense os requisitos relativos á colocación de rótulos dos contedores grandes que conteñan material radioactivo.*

*Nota 3.— Os requisitos relativos á colocación de rótulos nos tanques portátiles figuran en S-4;12.4 do suplemento.*

#### 3.1 NECESIDADE DE PÓR ETIQUETAS

3.1.1 Cando se trate de obxectos ou substancias que figuran polo seu nome na Lista de mercadorías perigosas (táboa 3-1), débeseles fixar unha etiqueta indicativa do risco que se indica na columna 3 da táboa 3-1. Tamén se debe fixar unha etiqueta de risco secundario coa cal se indique o risco a que cun número de clase ou división se fai referencia na columna 4 da táboa 3-1. Non obstante, as disposicións especiais que figuran na columna 7 poderán tamén prescribir unha etiqueta de risco secundario cando non se indique ningún risco desta índole na columna 4 ou poderán eximir do requisito dunha etiqueta de risco secundario cando este risco figure na Lista de mercadorías perigosas.

3.1.2 As etiquetas que identifiquen o risco primario e os riscos secundarios das mercadorías perigosas teñen que levar a clase ou número de división tal cal require 3.5.1.

3.1.3 As etiquetas teñen que poder resistir a intemperie, de modo que esta non afecte considerablemente a súa eficacia.

#### 3.2 COLOCACIÓN DAS ETIQUETAS

3.2.1 Na lista de mercadorías perigosas indícanse as etiquetas que teñen que levar os vultos de mercadorías perigosas, con respecto aos obxectos e substancias especificamente mencionados polo seu nome, e tamén no caso dos obxectos e substancias que, sen estar mencionados especificamente polo seu nome, queden comprendidos en entradas xenéricas ou n.e.p.

3.2.2 Os vultos que conteñan substancias da clase 8 non teñen que levar unha etiqueta de risco secundario da división 6.1 se a súa toxicidade se debe unicamente aos efectos destrutivos que causan sobre os tecidos. As substancias da división 4.2 non teñen que levar unha etiqueta de risco secundario da división 4.1 se a substancia é tamén un sólido inflamable.

3.2.3 Os vultos que conteñan peróxidos orgánicos que satisfagan os criterios previstos na clase 8, grupos de embalaxe I ou II, deberán levar a etiqueta de risco secundario de substancia corrosiva.

*Nota.— Moitos preparados de peróxido orgánico son inflamables; non obstante, non se require colocar unha etiqueta de risco secundario de substancia inflamable debido a que se considera que a etiqueta de peróxido orgánico implica en por si que o produto pode ser inflamable.*

3.2.4 Ademais da etiqueta de risco principal (figura 5-17), os vultos de substancias infecciosas deben levar calquera outra etiqueta que requira a natureza do seu contido. Isto non se aplica cando unha cantidade de mercadorías perigosas igual ou menor que 30 ml das clases 3, 8 ou 9 vai embalada nunha embalaxe primaria que contén substancias infecciosas, sempre que estas substancias se axusten aos requisitos de 3;5.1.2.

3.2.5 Os vultos que conteñan material radioactivo que posúa outras características perigosas deben levar tamén etiquetas nas cales se indiquen esas características.

3.2.6 Excepto cando se utilicen etiquetas ampliadas conforme 3.6, todo vulto, sobreembalaxe e contedor que conteña material radioactivo deberá levar polo menos dúas etiquetas que correspondan aos modelos das figuras 5-18, 5-19 e 5-20, de acordo coa categoría a que pertenza (véxase 5;1.2.3.1.4). As etiquetas fixaranse en dous lados opostos da parte exterior do vulto, ou ben no exterior dos catro lados do contedor. Toda sobreembalaxe que conteña material radioactivo debe levar dúas etiquetas, como mínimo, nos lados opostos da súa parte exterior. Ademais, todo vulto, sobreembalaxe e contedor que conteña substancias fisionables distintas das substancias fisionables exceptuadas nas disposicións de 6;7.10.2 deberá levar etiquetas que se axustarán ao modelo representado na figura 5-21; estas etiquetas fixaranse, cando sexa aplicable, ao lado das

etiquetas para material radioactivo. As etiquetas non deberán cubrir as marcas especificadas no capítulo 2. Todas as etiquetas non relacionadas co contido se deberán retirar ou cubrir.

3.2.7 Os recipientes intermedios para graneis deben levar as etiquetas requiridas aplicables a outras embalaxes, excepto no caso dos recipientes intermedios para graneis de máis de 450 l de capacidade, que deben levar as etiquetas en dous costados opostos.

3.2.8 Con excepción do disposto en 3.5.1.1 d), cada etiqueta ten que:

- a) ir fixada a un fondo de cor contrastante ou ten que ir encadrada por unha liña exterior de puntos ou continua;
- b) estar colocada na mesma superficie do vulto que a marca de denominación do artigo expedido e preto desta, se as dimensións do vulto son adecuadas;
- c) ir colocada nas embalaxes de maneira que non quede oculta ou confusa por algunha parte ou accesorio da embalaxe nin por calquera outra etiqueta ou marca;
- d) cando se exixan etiquetas de risco primario e secundario, aparecer unha ao carón da outra; e
- e) cando se trate de etiquetas de advertencia de perigo, ir fixada a un ángulo de 45° (en forma de rombo), a menos que as dimensións do vulto non resulten apropiadas.

3.2.9 As etiquetas non se deberán pregar. Os vultos cilíndricos deberán ser de tamaño tal que a etiqueta non se superpoña a si mesma. De se tratar de vultos cilíndricos que conteñan substancias radioactivas e que requiran dúas etiquetas idénticas, as etiquetas deberán colocarse en puntos diametralmente opostos da circunferencia e non deberán superporse unha á outra. Se o tamaño do vulto é tal que non se poden colocar as dúas etiquetas idénticas sen que estas se superpoñan entre si, é aceptable unha soa etiqueta sempre que esta non se superpoña a si mesma.

3.2.10 As etiquetas deberán ir firmemente pegadas ou impresas en todo vulto que conteña mercadorías perigosas. Cando un vulto sexa dunha forma tan irregular que non se poida colocar unha etiqueta ou imprimir sobre a súa superficie, é aceptable que a etiqueta vaia ligada ao vulto pegada a un soporte suficientemente resistente.

3.2.11 Dado que os vultos ou envíos de materiais magnetizados (clase 9) deben levar a etiqueta de “Material magnetizado” (figura 5-24) segundo se indica na columna 5 da táboa 3-1, non é necesario que eses vultos ou envíos leven a etiqueta de “Mercadorías perigosas varias” (figura 5-23).

3.2.12 Ademais das etiquetas de clase de risco prescritas en 3.1, nos vultos que conteñan mercadorías perigosas colocaranse tamén etiquetas para manipulación, da seguinte forma:

- a) a etiqueta “Exclusivamente en aeronaves de carga” (figura 5-25) deberá colocarse:
  - 1) cando o vulto que conteña as mercadorías perigosas só se poida transportar en aeronaves de carga. Non obstante, cando o número de instrución de embalaxe e a cantidade permitida por vulto sexan idénticos para as aeronaves de pasaxeiros e as de carga, non se debería aplicar a etiqueta “Exclusivamente en aeronaves de carga”;
  - 2) en cada vulto de material radioactivo do tipo B(M) e contedor que leve vultos deste tipo;
  - 3) estar colocada na mesma superficie do vulto, cerca das etiquetas de risco;
- b) cando o exixan as disposicións de 4;1.1.13, as etiquetas “Posición do vulto” (figura 5-26) ou outras etiquetas de posición previamente impresas nos vultos que satisfagan o especificado na figura 5-26 ou na norma 780:1997 da ISO, deben adherirse ou imprimirse en dous lados verticais opostos do vulto, de modo que as frechas sinalen a dirección correcta. As palabras “Mercadorías perigosas” poden agregarse na etiqueta debaixo da liña;
- c) no caso dos vultos que conteñan gases licuados refrixerados, a etiqueta de “Líquido crioxénico” (figura 5-28) deberá colocarse en todos os vultos;
- d) no caso dos vultos que conteñan substancias de reacción espontánea da división 4.1 ou peróxidos orgánicos da división 5.2, a etiqueta “Mantéñase afastado da calor” (figura 5-29) deberá colocarse en todos os vultos. Esta etiqueta debería fixarse na mesma superficie do vulto que a etiqueta ou etiquetas de clase de risco, e ao seu carón; e
- e) para os vultos exceptuados de material radioactivo, debe aplicarse a etiqueta de manipulación “Material radioactivo, vulto exceptuado” (figura 5-30).

3.2.13 Cando nas figuras 5-1 a 5-31 haxa que pór algunha inscrición, pódese utilizar un texto equivalente noutro idioma.

3.2.14 Permítense as etiquetas requiridas por outros regulamentos de transporte internacionais ou nacionais, Ademais das etiquetas requiridas polas presentes instrucións, sempre que non se poidan confundir nin entrar en conflito con calquera etiqueta prescrita nas presentes instrucións, debido á súa cor, deseño ou formato.

### 3.3 ETIQUETAXE DE SOBREEMBALAXES

3.3.1 As sobreembalaxes deben etiquetarse de acordo cos requisitos para vultos que figuran no capítulo 3, para cada artigo de mercadoría perigosa que conteñan as sobreembalaxes, a menos que estean visibles as etiquetas representativas de todas as mercadorías perigosas contidas nelas.

3.3.2 As sobreembalaxes que conteñan vultos soltos con peche no extremo e mercadorías perigosas líquidas deben levar a etiqueta "Posición do vulto" (figura 5-26) ou etiquetas preimpresas de orientación do vulto que reúnan as mesmas especificacións da figura 5-26 ou da norma ISO 780:1997, a menos que estas etiquetas se fixen no vulto e queden visibles na sobreembalaxe. Estas etiquetas deben fixarse ou imprimirse en polo menos dous lados verticais e opostos da sobreembalaxe, coas frechas apuntando na dirección requirida para indicar a posición da sobreembalaxe que se require, co fin de garantir que os peches no extremo queden cara arriba, aínda que os vultos soltos en cuestión tamén poden ter peche lateral.

### 3.4 ETIQUETAS PROHIBIDAS

En ningún vulto que conteña mercadorías perigosas en estado líquido poden utilizarse frechas, a non ser que sirvan para indicar a posición ou forma de colocación apropiada do vulto.

### 3.5 ESPECIFICACIÓNS APLICABLES ÁS ETIQUETAS

#### 3.5.1 Etiquetas de clase de risco

3.5.1.1 As etiquetas de clase de risco deberán responder ás especificacións seguintes:

a) As etiquetas serán cadradas e de dimensións mínimas de 100 mm × 100 mm, cos lados a 45° (en forma de diamante), pero poderán utilizarse etiquetas de 50 mm × 50 mm nos vultos que conteñan substancias infecciosas cando os vultos sexan de dimensións tales que só permitan pór neles etiquetas máis pequenas. En todo o seu perímetro levarán unha liña trazada a 5 mm do bordo e paralela a el. Na metade superior dunha etiqueta a liña será da mesma cor que o símbolo e na metade inferior será da mesma cor que o número que figura na esquina inferior. As etiquetas divídense pola metade. Exceptuadas as divisións 1.4, 1.5 e 1.6, a metade superior da etiqueta debe conter o símbolo gráfico e a inferior debe conter a inscrición e o número da clase ou da división (e para mercadorías da clase 1, a letra do grupo de compatibilidade) que corresponda. A etiqueta poderá incluír texto, como o núm. ONU ou palabras que describan a clase ou división de risco (por exemplo "inflamable") de conformidade co disposto en f), sempre que o texto non xere confusión nin vaia en detrimento dos demais elementos que deben figurar na etiqueta.

b) Os símbolos, inscricións e números imprimíranse en negro en todas as etiquetas salvo:

- 1) na etiqueta da clase 8, na cal o texto (se leva algún) e o número da clase deben figurar en branco;
- 2) nas etiquetas con fondo enteiramente verde, vermello ou azul, nas cales poderán figurar en branco; e
- 3) na etiqueta de clase 5.2, en que o símbolo pode figurar en branco.

c) Exceptuadas as divisións 1.4, 1.5 e 1.6, as etiquetas para a clase 1 mostran, na súa metade inferior, o número da división e a letra do grupo de compatibilidade correspondente á substancia ou obxecto de que se trate. As etiquetas para as divisións 1.4, 1.5 e 1.6 mostran, na metade superior, o número da división e na inferior, a letra do grupo de compatibilidade.

d) Os cilindros que conteñan gases da clase 2 poderán levar, se for necesario por causa da súa forma, da súa posición e do seu sistema de fixación para o transporte, etiquetas similares ás dispostas neste capítulo, pero de dimensión reducida, de conformidade coa norma ISO 7225:2005, co fin de que se poidan fixar na parte non cilíndrica (oxiva) dos ditos cilindros. As etiquetas poden sobreporse na medida prevista na norma ISO 7225:2005 "Botellas de gas — Etiquetas de perigo"; non obstante, en calquera caso, as etiquetas para o perigo principal e as cifras que figuran en todas as etiquetas de perigo deben ser completamente visibles e os signos convencionais deben permanecer recoñecibles.

e) Se se trata de etiquetas para a clase 5, o número de división da substancia ten que aparecer na esquina inferior da etiqueta. En canto ás outras etiquetas, o número da clase ten que aparecer na esquina inferior da etiqueta.

f) A menos que nestas instrucións se indique doutro modo, na parte inferior da etiqueta só é posible inserir o texto que indique a natureza do risco (ademais do número da clase ou división, ou do grupo de compatibilidade).

g) Toda etiqueta pode incluír información para identificala, comprendido o nome do fabricante, sempre que esta información se imprima fóra da marxe de liña continua en caracteres de 10 puntos tipográficos como máximo.

Etiquetas para material radioactivo

h) Cada etiqueta, conforme as figuras 5-18, 5-19 e 5-20, debe completarse cos datos seguintes:

1) Contido:

A) salvo no caso do material BAE-I, o nome do radionucleido, segundo se indica na táboa 2-12, usando os símbolos prescritos. De se tratar de mesturas de radionucleidos, enumeraranse os nucleidos máis restritivos na medida en que o permita o espazo dispoñible. Indicarase o grupo de BAE ou OCS a continuación do símbolo do radionucleido. Con este fin utilizaranse os termos “BAE-II”, “BAE-III”, “OCS-I” e “OCS-II”;

B) no caso do material BAE-I, o único necesario é o termo “BAE-I” e non é necesario indicar o nome do radionucleido.

2) Actividade: a actividade máxima do contido radioactivo durante o transporte, expresada en bequerelios (Bq), co símbolo do prefixo do SI apropiado. En canto ao material fisionable, en lugar da actividade pode utilizarse a masa das substancias fisionables (ou, se se trata de mesturas, a masa de cada nucleido fisionable, segundo proceda), en gramos (g) ou nos seus múltiplos.

3) No caso das sobreembalaxes e contedores de carga, a anotación do “Contido” e da “Actividade” nas etiquetas debe dar a información requirida en 3.5.1.1 h) 1 A) e B), respectivamente, correspondente ao contido total da sobreembalaxe ou contedor de carga, excepto no caso das sobreembalaxes ou contedores de carga que conteñan cargas mixtas de vultos con radionucleidos diferentes, no cal a anotación da etiqueta pode dicir “véxase o documento de transporte”.

4) Índice de transporte: o número determinado de conformidade con 1.2.3.1.1 e 1.2.3.1.2. (non se require o índice de transporte no concernente á categoría I — BRANCA).

i) Cada etiqueta conforme a figura 5-21 debe indicar o índice de seguridade respecto á criticidade (ISC), como se declara no certificado de aprobación de arranxo especial ou no certificado de aprobación do deseño de vulto expedido pola autoridade competente.

j) No caso das sobreembalaxes e contedores de carga, o índice de seguridade respecto á criticidade (ISC) que figura na etiqueta debe dar a información requirida en h) correspondente ao contido total fisionable do sobreembalaxe ou contedor de carga.

k) En todos os casos en que o transporte internacional de vultos requira a aprobación do deseño de vulto ou da expedición por parte da autoridade competente, e os tipos aprobados difiran nos países relacionados coa expedición, a etiquetaxe debe facerse de acordo co certificado do país de orixe do deseño.

3.5.1.2 Nas figuras 5-3 a 5-23 ilústranse as etiquetas das clases de risco, xunto cos símbolos e cores autorizados. As descrições das etiquetas empregadas na columna 5 da táboa 3-1 aparecen entre parénteses.

*Nota 1.— O asterisco (\*) que aparece xunto ao vértice inferior das etiquetas denota o lugar reservado ao correspondente número da clase ou división, cando a etiqueta se utilice para indicar o risco primario. Véxanse as figuras 5-3 a 5-6 no concernente á información que teñen que proporcionar as etiquetas para explosivos.*

*Nota 2.— Acéptanse variacións menores no deseño do símbolo das etiquetas ou outras diferenzas, como a largura das liñas verticais nas etiquetas que figuran nestas instrucións ou na Regulamentación doutros modos de transporte, que non afecten o significado obvio da etiqueta. Por exemplo, a man que figura na etiqueta da clase 8 pode ir con sombra ou sen ela, as liñas verticais do extremo dereito e esquerdo nas etiquetas da división 4.1 e da clase 9 poden exceder o bordo da etiqueta ou ben pode haber un espazo en branco no bordo, etc.*

### 3.5.2 Etiquetas de manipulación

#### 3.5.2.1 Especificacións das etiquetas de manipulación

Nas figuras 5-24 a 5-26 e 5-28 a 5-31 ilústranse cada unha das etiquetas do deseño e cor autorizados. As dimensións mínimas das etiquetas aparecen nas figuras. Non obstante:

a) as etiquetas cuxas dimensións non sexan menores da metade das indicadas poden utilizarse en vultos que conteñan substancias infecciosas, cando os vultos sexan de dimensións tales que unicamente poden levar etiquetas máis pequenas; e

b) as etiquetas de orientación poden cumprir coas especificacións da figura 5-26 ou coa norma ISO 780:1997.

#### 3.5.2.2 Etiqueta de manipulación de baterías de litio

Os vultos que conteñen baterías de litio que satisfán as condicións da sección II das instrucións de embalaxe 965 a 970 deben levar a etiqueta de manipulación “Batería de litio” ilustrada na figura 5-31, segundo o requirido na instrución de

embalaxe aplicable. A etiqueta debe ter unha dimensión mínima de 120 mm x 110 mm, salvo que nos vultos que conteñen baterías de litio poden utilizarse etiquetas de 74 mm x 105 mm cando a dimensión dos vultos é tal que unicamente poden levar etiquetas máis pequenas. A etiqueta debe indicar "Baterías de metal litio" ou "Baterías de ión litio", segundo corresponda. Cando o vulto conteña os dous tipos de baterías, a etiqueta debe indicar "Baterías de metal litio e de ión litio". Os vultos que conteñen baterías de litio que satisfán as condicións da sección IB das instrucións de embalaxe 965 e 968 deben levar tanto a etiqueta de manipulación de "Batería de litio" da figura 5-31 como a etiqueta de risco da clase 9 (figura 5-23).

### 3.6 ROTULACIÓN DE CONTEDORES GRANDES QUE CONTEÑEN MATERIAL RADIOACTIVO

#### 3.6.1 Disposicións especiais para a clase 7

3.6.1.1 Os contedores grandes que conteñan vultos (que non sexan vultos exceptuados), e as cisternas levarán catro rótulos que se axustarán ao modelo representado na figura 5-27. Os rótulos fixaranse en posición vertical en cada unha das paredes laterais e na frontal e posterior do contedor. Todos os rótulos non relacionados co contido se deberán retirar. En vez de utilizar unha etiqueta e un rótulo, está permitido tamén utilizar soamente etiquetas ampliadas, como as indicadas nas figuras 5-18, 5-19 e 5-20 e, cando proceda, como a indicada na figura 5-21, de dimensións cuxo tamaño mínimo sexa o sinalado na figura 5-27.

3.6.1.2 Para a clase 7, o rótulo debe ter unha dimensión total de 250 mm por 250 mm, levar unha liña negra trazada a 5 mm do bordo e paralela a este, e debe axustarse á figura 5-27. O número 7 debe ter unha altura mínima de 25 mm. A cor de fondo da metade superior do rótulo debe ser amarela e a da metade inferior branca. A cor do trevo e dos caracteres impresos debe ser negra. O emprego do termo "Radioactivo" na metade inferior é optativo co obxecto de permitir que este rótulo se utilice para incluír o número pertinente das Nacións Unidas que corresponde ao envío.




Figura 5-3. Explosivo, clase 1, divisións 1.1, 1.2 e 1.3



Figura 5-4. Explosivo, clase 1, división 1.4




Figura 5-5. Explosivo, clase 1, división 1.5



Figura 5-6. Explosivo, clase 1, división 1.6



Figura 5-7. Gas inflamable, clase 2, división 2.1






Figura 5-8. Gas non inflamable, non tóxico, clase 2, división 2.2





Figura 5-9. Gas tóxico, clase 2, división 2.3



Figura 5-10. Líquido inflamable, clase 3



Figura 5-11. Sólido inflamable, clase 4, división 4.1



**Figura 5-12. Substancia que presenta risco de combustión espontánea, clase 4, división 4.2**



**Figura 5-13. Substancia que en contacto coa auga emite gas inflamable, clase 4, división 4.3**



Figura 5-14. Substancia comburente, clase 5




Figura 5-15. Peróxido orgánico, clase 5, división 5.2




Figura 5-16. Substancia tóxica, clase 6, división 6.1




Figura 5-17. Substancia infecciosa, clase 6, división 6.2



Figura 5-18. Material radioactivo, clase 7, categoría I




Figura 5-19. Material radioactivo, clase 7, categoría II



Figura 5-20. Material radioactivo, clase 7, categoría III




Figura 5-21. Etiqueta para o índice de seguridade con respecto á criticidade




Figura 5-22. Substancia corrosiva, clase 8





Figura 5-23. Mercadorías perigosas varias, clase 9



(Magnéticas)




Cor azul sobre fondo branco  
Dimensións: 110 mm × 90 mm

Figura 5-24. Material magnetizado



Cor negra sobre fondo alaranxado  
Dimensións: 120 mm × 110 mm

Figura 5-25. Exclusivamente en aeronaves de carga



Cor vermella ou negra sobre fondo contrastado  
Dimensións: 74 mm x 105 mm

**Figura 5-26. Posición do vulto**



Figura 5-27. Material radioactivo, clase 7, rótulo para contedores grandes



Símbolo: branco  
Fondo: verde  
Dimensións: 75 mm × 105 mm

*Nota.— O texto "Coidado — pode causar queimaduras se se derrama ou presenta fugas" é opcional e pode incluírse.*

Figura 5-28. Etiqueta de líquido crioxénico



Figura 5-29. Mantéñase afastado da calor



**Figura 5-30. Material radioactivo, vulto exceptuado**



Figura 5-31. Etiqueta de manipulación de baterías de litio

## Capítulo 4

### DOCUMENTOS

*Partes deste capítulo resultan afectadas polas discrepancias estatais AE 5, AE 7, AU 5, BN 1, BR 3, BR 5, BR 6, BR 8, CA 4, CA 14, CA 15, CA 16, CA 20, é 1, HK 2, JM 2, JM 3, MY 6, PK 3, RO 1, US 1, US 7, US 12, VC 7, VU 1, ZA 3; véxase a táboa A-1*

*Nota.— Estas instrucións non exclúen a utilización de técnicas de transmisión baseadas no tratamento electrónico de datos (TED) e no intercambio electrónico de datos (IED) como alternativa da documentación impresa. A menos que se indique outra cousa, todas as referencias ao “documento de transporte de mercadorías perigosas” neste capítulo inclúen tamén a entrega da información requirida utilizando técnicas de transmisión TED e IED.*

#### 4.1 INFORMACIÓN PARA O TRANSPORTE DE MERCADORÍAS PERIGOSAS

##### 4.1.1 Información xeral

4.1.1.1 Quen entregue mercadorías perigosas para o transporte por vía aérea debe proporcionar ao explotador nun documento impreso ou, cando así se acordou co explotador, a información aplicable ao envío, como se indica neste parágrafo. A información pode proporcionarse por medio de técnicas de tratamento electrónico de datos (TED), ou intercambio electrónico de datos IED.

4.1.1.2 Cando se utilice un documento impreso, a persoa que presente mercadorías perigosas para o seu transporte por vía aérea debe proporcionar ao explotador dous exemplares do documento de transporte de mercadorías perigosas, cubertos e asinados de conformidade co aquí previsto.

4.1.1.3 Cando a información para o transporte de mercadorías perigosas se proporcione mediante técnicas baseadas no TED ou no IED, deberá ser posible transferir sen demora os datos a un documento impreso, e estes presentaranse na orde indicada no presente capítulo.

*Nota.— Todas as referencias a “documento de transporte de mercadorías perigosas” que figuren no presente capítulo inclúen, ademais, a información requirida por medio de técnicas de transmisión baseadas en TED e en IED.*

##### 4.1.2 Forma do documento de transporte

4.1.2.1 O documento de transporte de mercadorías perigosas pode ter calquera forma, sempre que conteña toda a información que se require de conformidade coas presentes instrucións.

4.1.2.2 Se nun documento figuran as mercadorías perigosas e aquelas que non son perigosas, as mercadorías perigosas deben aparecer en primeiro lugar, ou ben deben destacarse doutro modo.

##### 4.1.2.3 Páxinas seguintes

O documento de transporte de mercadorías perigosas pode ter máis dunha páxina, sempre que as páxinas consecutivas vaian numeradas.

4.1.2.4 A información do documento de transporte de mercadorías perigosas debe ser fácil de identificar, lexible e duradeira.

##### 4.1.3 Expedidor e consignatario

Deben incluírse no documento de transporte de mercadorías perigosas o nome e o enderezo do expedidor e do consignatario. Para o transporte de material radioactivo, recoméndase incluír o número de teléfono do consignatario co fin de facilitar a pronta entrega no aeroporto de destino.

#### 4.1.4 Información requirida no documento de transporte de mercadorías perigosas

##### 4.1.4.1 Descrición das mercadorías perigosas

No documento de transporte de mercadorías perigosas debe incluírse a seguinte información para cada substancia, material ou obxecto de mercadorías perigosas que se presenta para o transporte:

- a) o número das Nacións Unidas ou o número ID precedido das letras “UN” ou “ID”, segundo corresponda;
- b) a denominación do artigo expedido, determinada de conformidade con 3;1.2, incluída a denominación técnica que figura entre parénteses, segundo corresponda (véxase 3;1.2.7);



c) a clase de risco primario ou, cando se asigne, a división das mercadorías, incluíndo, no concernente á clase 1, o grupo de compatibilidade. Os termos “clase” ou “división” poden incluírse antes dos números da clase ou da división de risco primario;

d) o número ou os números da clase ou da división de risco secundario que corresponden á etiqueta ou etiquetas de risco secundario que se teñan que empregar ao ser asignadas deben figurar despois do número da clase ou da división de risco primario e colocarse entre parénteses. Os termos “clase” ou “división” poden incluírse antes dos números da clase ou da división de risco secundario;

e) cando se asigne, o grupo de embalaxe para a substancia ou obxecto, que pode ir precedido da abreviatura “GE” (p. ex., “GE II”).

#### 4.1.4.2 *Secuencia da descrición das mercadorías perigosas*

A descrición dos cinco elementos de mercadorías perigosas que figura en 4.1.4.1 debe presentarse na orde anterior [é dicir, a), b), c), d) e e)], sen entremesturar outra información, salvo do modo que se prescribe nas presentes instrucións. A seguir figuran exemplos dunha descrición de mercadorías perigosas:

“UN 1717 Cloruro de acetilo, 3 (8) II” ou  
“UN 1717 Cloruro de acetilo, clase 3 (clase 8), GE II”

*Nota 1.— Ademais das condicións que se prescriben nas presentes instrucións, a autoridade nacional que corresponda poderá exixir outros elementos de información para certos modos de transporte (por exemplo, o punto de inflamación para transporte marítimo). Salvo que nas presentes instrucións se permita ou requira doutro modo, a información adicional debe ir despois da descrición das mercadorías perigosas.*

*Nota 2.— O texto descritivo agregado ás entradas da columna 1 da Lista de mercadorías perigosas (táboa 3-1) non forma parte da denominación do artigo expedido, pero pode utilizarse ademais da dita denominación.*

*Nota 3.— Para os explosivos da clase 1, pode completarse a descrición básica como mercadorías perigosas engadindo un texto descritivo no cal se indiquen os seus nomes comerciais ou militares.*

#### 4.1.4.3 *Información que complementa a denominación do artigo expedido na descrición das mercadorías perigosas*

A denominación do artigo expedido na descrición das mercadorías perigosas debe complementarse co seguinte:

a) *Nomes técnicos para a descrición de mercadorías “n.e.n.p.” e outras descricións xenéricas:* as denominacións do artigo expedido ás cales se asigna un asterisco na columna 1 da Lista de mercadorías perigosas deben complementarse cos correspondentes nomes técnicos ou do grupo químico, de conformidade co prescrito en 3;1.2.7;

b) *Embalaxes baleiras sen limpar:* os recipientes baleiros que conteñan residuos de mercadorías perigosas de clases distintas da clase 7 deben describirse como tales utilizando, por exemplo, os termos “Baleiro, sen limpar” ou “Residuos — último contido”, antes ou despois da descrición de mercadorías perigosas especificada en 4.1.4.1 a) a e);

c) *Refugallos:* no caso das mercadorías perigosas de refugallo (salvo os refugallos radioactivos) que se transportan para eliminalas ou procesalas para a súa eliminación, a denominación do artigo expedido deberá ir precedida do termo “Refugallos”, excepto cando este termo xa forme parte da denominación do artigo expedido;

d) *Substancias de temperatura elevada:* para as substancias sólidas, a menos que a palabra “fundido” xa estea na denominación do artigo expedido, deberá engadirse á denominación do artigo expedido que figure no documento de transporte de mercadorías perigosas cando a substancia se entregue para o transporte aéreo en estado fundido (véxase a parte 3, capítulo 1).

### 4.1.5 **Información requirida ademais da descrición das mercadorías perigosas**

Despois da descrición das mercadorías perigosas, no seu documento de transporte, debe incluírse a información seguinte.

#### 4.1.5.1 *Cantidade de mercadorías perigosas, número e tipo de embalaxe*

O número de vultos, o tipo de embalaxe (p. ex., bidóns de aceiro, caixas de cartón, etc.) e a cantidade neta de mercadoría perigosa en cada vulto (por volume ou masa, segundo corresponda) debe indicarse para cada artigo de mercadorías perigosas que ten diferente denominación do artigo expedido, número ONU ou grupo de embalaxe. Poden utilizarse abreviaturas para

especificar a unidade de medida da cantidade. No caso de vultos que conteñen as mesmas mercadorías perigosas e idéntica cantidade por vulto, pódese utilizar un múltiplo da cantidade. Por exemplo:

UN 1263, pintura, 3, GE II, 5 caixas de cartón × 5 l

Os envíos que inclúen vultos con diferentes cantidades da mesma mercadoría perigosa deben identificarse claramente. Por exemplo:

UN 1263, pintura, 3, GE II, 5 caixas de cartón × 5 l, 10 caixas de cartón × 10 l

≠ Os códigos de embalaxe das Nacións Unidas só se poden utilizar para complementar a descrición do tipo de vulto [p.ex., unha caixa de cartón (4G)]. Para cantidades limitadas, cando a letra "B" segue á cantidade na columna 11 da táboa 3-1 e para as expedicións que se realizan conforme as deposicións da sección IB das instrucións de embalaxe 965 (ONU 3480, **Baterías de ión litio**) e 968 (ONU 3090, **Baterías de metal litio**) debe indicarse a masa bruta de cada vulto en lugar da cantidade neta [excepto cando hai distintas mercadorías perigosas embaladas na mesma embalaxe exterior, o cal se debe describir axustándose ao indicado no parágrafo e)]; e:

a) no caso de embalaxes baleiras sen limpar segundo se describe en 4.1.4.3 b), só se debe incluír o número e tipo de embalaxe;

b) para os xogos de mostras químicas e caixas de primeiros auxilios, a masa neta total de mercadorías perigosas. Se as caixas de primeiros auxilios ou xogos conteñen substancias sólidas e líquidas, a masa neta de líquido dentro delas calcúlase nunha proporción de 1:1 do seu volume, é dicir, 1 litro igual a 1 quilogramo;

c) no caso de mercadorías perigosas en maquinaria ou en aparellos, a cantidade total de cada unha das mercadorías perigosas en estado sólido, líquido e gasoso, contidas no obxecto;

d) para mercadorías perigosas transportadas en embalaxes de recuperación, debe entregarse unha estimación da cantidade de mercadorías perigosas;

≠ e) para mercadorías perigosas en cantidades limitadas cun límite de 30 kg B na táboa 3-1 e para as expedicións que se realizan conforme as deposicións da sección IB das instrucións de embalaxe 965 (ONU 3480, **Baterías de ión litio**) e 968 (ONU 3090, **Baterías de metal litio**) cando hai distintas mercadorías perigosas embaladas na mesma embalaxe exterior, a cantidade neta de cada mercadoría perigosa seguida da masa bruta do vulto completo;

f) para os explosivos da clase 1, a cantidade neta indicada para cada vulto debe suplementarse coa masa neta de explosivo (véxase a parte 1;3.1.1 para a definición de masa neta de explosivo) contida no vulto, seguida da unidade de medida. En relación co valor proporcionado, poden indicarse as abreviaturas "NEQ" (cantidade neta de explosivo), "NEM" (masa neta de explosivo) ou "NEW" (peso neto de explosivo).

*Nota.— Non se require indicar o número, o tipo e a capacidade de cada embalaxe interior dentro da embalaxe exterior dunha embalaxe combinada.*

#### 4.1.5.2 Embalaxes de recuperación

No caso das mercadorías perigosas que se transportan en embalaxes de recuperación, deben incluírse as palabras "Vulto de recuperación".

#### 4.1.5.3 Xeradores de oxíxeno químicos

Cando se transporten xeradores de oxíxeno químicos incorporados en equipo respiratorio de protección (PBE) segundo a disposición especial A144, a declaración "Equipo respiratorio de protección da tripulación de aeronave (máscara antifume), de conformidade coa disposición especial A144" debe incluírse no documento de transporte de mercadorías perigosas.

#### 4.1.5.4 Substancias de reacción espontánea e peróxidos orgánicos

4.1.5.4.1 Cando se requira unha aprobación para transportar peróxidos orgánicos ou substancias de reacción espontánea (para peróxidos orgánicos véxase 2;5.3.2.5 e para as substancias de reacción espontánea véxase 2;4.2.3.2.5), debe incluírse unha declaración ao respecto no documento de transporte de mercadorías perigosas. Debe xuntarse ao documento de transporte de mercadorías perigosas un exemplar da aprobación da clasificación e as condicións de transporte dos peróxidos orgánicos e as substancias de reacción espontánea que non figuran na lista.

4.1.5.4.2 Cando se transporte unha mostra dun peróxido orgánico (véxase 2;5.3.2.6) ou dunha substancia de reacción espontánea (véxase 2;4.2.3.2.6), debe incluírse no documento de transporte de mercadorías perigosas unha declaración en tal sentido.

#### 4.1.5.5 *Substancias infecciosas e substancias controladas*

O documento de transporte de mercadorías perigosas debe incluír tamén o nome e o número telefónico da persoa responsable cando unha lei nacional ou un convenio internacional prohibe divulgar o nome técnico despois dunha entrada "n.e.n.p.\*" ou para as substancias infecciosas ONU 2814 e ONU 2900.

#### +4.1.5.6 *Referencia de clasificación dos artificios de pirotecnia*

4.1.5.6.1 Cando se transportan artificios de pirotecnia dos núms. ONU 0336 ou ONU 0337, o documento de transporte de mercadorías perigosas debe conter unha ou máis referencias de clasificación expedidas pola autoridade nacional que corresponda.

4.1.5.6.2 Esas referencias de clasificación deben incluír o nome do Estado da autoridade nacional que corresponda, indicado mediante o símbolo distintivo utilizado para os vehículos automóbiles no tráfico internacional, a identificación da autoridade nacional que corresponda e un número de serie exclusivo. Os seguintes son exemplos desas referencias de clasificación:

GB/HSE123456  
D/BAM1234  
USA EX20091234.

#### 4.1.5.7 *Material radioactivo*

4.1.5.7.1 A seguinte información debe incluírse para cada un dos envíos de material da clase 7, segundo proceda, na orde indicada:

a) o nome ou símbolo de cada radionucleido ou, para as mesturas de radionucleidos, unha descrición xeral apropiada ou unha lista dos nucleidos máis restritivos;

b) unha descrición da forma física e química do material, ou unha indicación de que o material é material radioactivo en forma especial ou material radioactivo de baixa dispersión. Para a forma química, é aceptable unha descrición química xenérica;

c) a actividade máxima do contido radioactivo durante o transporte expresada en bequerelios (Bq) co símbolo do prefixo apropiado do SI (véxase 1;3.2). Se se trata de substancias fisionables, pode utilizarse en lugar da actividade a masa das substancias fisionables (ou, se se trata de mesturas, a masa de cada nucleido fisionable, segundo proceda) en gramos (g) ou nos seus múltiplos adecuados en gramos (g) ou nos seus múltiplos adecuados;

d) a categoría do vulto, é dicir: I-BRANCA, II-AMARELA, III-AMARELA;

e) o índice de transporte (só no caso das categorías II-AMARELA e III-AMARELA);

f) se se trata de envíos que inclúan substancias fisionables distintos dos envíos exceptuados en virtude de 6;7.10.2, o índice de seguridade con respecto á criticidade;

g) a marca de identificación correspondente a cada certificado de aprobación da autoridade competente (material radioactivo en forma especial, material radioactivo de baixa dispersión, arranxos especiais, deseño do vulto ou expedición) aplicable ao envío;

h) no caso de envíos de máis dun vulto, a información contida en 4.1.4.1 a) a c) e 4.1.5.7.1 a) a g) debe entregarse para cada un dos vultos. Se se trata de vultos nunha sobreembalaxe ou contedor, debe incluírse unha exposición detallada do contido de cada vulto incluído no interior da sobreembalaxe ou contedor e, segundo proceda, de cada sobreembalaxe ou contedor. Se os vultos se van extraer da sobreembalaxe ou contedor nun punto de descarga intermedio, deberá disporse da documentación de transporte adecuada;

i) cando sexa necesario expedir un envío segundo a modalidade de uso exclusivo, a indicación "EXPEDICIÓN NA MODALIDADE DE USO EXCLUSIVO"; e

j) se se trata de BAE-II, BAE-III, OCS-I e OCS-II, a actividade total do envío como múltiplo de  $A_2$ . Para material radioactivo para o cal o valor  $A_2$  é ilimitado, o múltiplo de  $A_2$  debe ser cero.

4.1.5.7.2 Nos documentos de transporte, o expedidor incluíra unha declaración relativa ás medidas que, se proceder, debe adoptar o transportista. Esta declaración irá redactada nos idiomas que o transportista ou as autoridades interesadas consideren necesario e deberá comprender, como mínimo, os seguintes puntos:

- a) os requisitos suplementarios relativos á carga, estiba, transporte, manipulación e descarga do vulto, sobreembalaxe ou contedor, incluída calquera disposición especial referente á estiba con miras á disipación da calor en condicións de seguridade (véxase 7;2.10.3.2), ou ben unha declaración de que non é necesario ningún destes requisitos;
- b) calquera restrición que afecte o tipo de aeronave e, se foren necesarias, instrucións sobre a ruta que se debe seguir;
- c) medidas, adecuadas para o envío, que se deben adoptar en caso de emerxencia.

4.1.5.7.3 En todos os casos en que o transporte internacional de vultos requira a aprobación do deseño de vulto ou da expedición por parte das autoridades competentes, e os tipos aprobados difiran nos países relacionados coa expedición, o número ONU e a denominación do artigo expedido prescritos en 4.1.4.1 estarán de acordo co certificado do país de orixe do deseño.

4.1.5.7.4 Non é necesario que os pertinentes certificados das autoridades competentes acompañen o envío a que se refiren. O expedidor deberá estar disposto a facilitalos.

#### 4.1.5.8 Condicións adicionais

4.1.5.8.1 O documento de transporte de mercadorías perigosas debe conter ademais:

- a) as instrucións de embalaxe aplicadas e, cando corresponda, a referencia ás disposicións especiais A1 ou A2, excepto se se trata de material radioactivo;
- b) unha declaración en que se indique que a expedición respecta as limitacións prescritas xa sexa para o transporte en aeronaves de pasaxeiros e carga ou en aeronaves exclusivamente de carga, segundo sexa o caso;

*Nota.— Para que o transporte dun vulto sexa aceptable a bordo dunha aeronave de pasaxeiros, debe empregarse o número ou números da instrución de embalaxe correspondente a aeronaves de pasaxeiros, e o vulto non debe levar a etiqueta "Exclusivamente en aeronaves de carga". Para que o transporte dun vulto sexa aceptable a bordo de aeronaves exclusivamente de carga, debe empregarse o número ou números da instrución de embalaxe correspondente a aeronaves de carga e o vulto debe levar a etiqueta "Exclusivamente en aeronaves de carga", ou debe consignarse o número ou números da instrución de embalaxe correspondente a aeronaves de pasaxeiros, sen adherir a etiqueta "Exclusivamente en aeronaves de carga". Non obstante, cando o número ou números de instrución de embalaxe e a cantidade permitida por vulto sexan idénticos para as aeronaves de pasaxeiros e as de carga, non debería aplicarse a etiqueta "Exclusivamente en aeronaves de carga".*

- c) información especial relacionada coa manipulación, cando sexa o caso;
- d) indicación de que se utilizou unha sobreembalaxe de protección, de ser o caso; e
- e) o valor "Q" redondeado ata o primeiro decimal superior se as substancias están embaladas de conformidade con 3;4.3.3 ou 4;1.1.9 e).

4.1.5.8.2 Para as substancias explosivas, cando a autoridade nacional que corresponda adoptase a instrución de embalaxe 101, o sinal distintivo do Estado para os vehículos automotores en tránsito internacional polo país en cuxo nome actúa a autoridade, deberá indicarse así no documento de transporte de mercadorías perigosas:

Embalaxe autorizada pola autoridade competente de...

*Nota.— Neste caso a expresión "autoridade competente", que se emprega por razóns de compatibilidade intermodal, refírese á autoridade nacional que corresponda.*

4.1.5.8.3 No documento de transporte de mercadorías perigosas o explotador deberá indicar, cando presente para o seu transporte substancias de reacción espontánea da división 4.1 ou peróxidos orgánicos da división 5.2, que os vultos que conteñan estas substancias ou outras substancias con propiedades similares se deberán cubrir dos raios directos do sol e de todas as fontes de calor e colocarse en áreas que estean ventiladas en forma conveniente.

#### 4.1.6 Certificación

4.1.6.1 O documento de transporte de mercadorías perigosas ten que incluír unha certificación ou unha declaración en que se indique que o envío se pode aceptar para o transporte e que as mercadorías están adecuadamente embaladas, coas marcas e etiquetas correspondentes, e en boas condicións para o transporte, de conformidade co previsto nos regulamentos aplicables, incluíndo os requisitos adicionais correspondentes ao transporte aéreo prescritos nestas instrucións (en 5;1.1 danse exemplos de requisitos adicionais aplicables ao transporte aéreo).

O texto desta certificación é o seguinte:

“Pola presente declaro que o contido deste envío vén descrito completa e exactamente pola denominación do artigo expedido, que foi clasificado e embalado, que se lle aplicaron as marcas e etiquetas/rótulos correspondentes e que, en todos os aspectos, está en boas condicións para o transporte, de conformidade co previsto nos regulamentos internacionais e estatais aplicables”.

Para o transporte aéreo exíxese a seguinte declaración adicional:

“Declaro que se cumpriron todos os requisitos aplicables ao transporte aéreo”.

O expedidor debe asinar e pór a data na certificación. Acéptanse facsímiles da sinatura onde as leis e regulamentos aplicables recoñecen a validez xurídica dos facsímiles de sinatura.

*Nota.— A palabra “rótulos” non é indispensable para os embarques por vía aérea.*

4.1.6.2 Se a documentación de mercadorías perigosas se presenta ao explotador mediante técnicas de transmisión TED ou IED, as sinaturas poden ser sinaturas electrónicas ou poden substituírse polos nomes (en maiúsculas) da persoa autorizada para asinar. Cando a información detallada orixinal do envío se entrega ao explotador mediante técnicas TED ou IED e despois o envío se transborda a cargo dun explotador que require un documento de transporte de mercadorías perigosas impreso, o explotador debe garantir que no documento impreso se indique “Orixinal recibido electronicamente” co nome de signatario en letras maiúsculas.

4.1.6.3 Ademais dos idiomas que para o documento de transporte de mercadorías perigosas poida exixir o Estado de orixe, deberíase utilizar o inglés.

## 4.2 CARTA DE PORTE AÉREO

Cando se emite unha carta de porte aéreo para acompañar un envío que require un documento de transporte de mercadorías perigosas, a carta de porte aéreo debe conter unha declaración na cal se indique que as mercadorías perigosas se describen nun documento anexo de transporte de mercadorías perigosas. Cando corresponda, a carta de porte aéreo emitida para acompañar un envío debe indicar que o envío debe transportarse exclusivamente en aeronaves de carga.

## 4.3 DOCUMENTACIÓN ADICIONAL PARA MATERIAL NON RADIOACTIVO

4.3.1 Cando se envíen mercadorías perigosas autorizadas polas disposicións especiais A1 ou A2 deberán ir acompañadas cunha copia do documento ou documentos de aprobación que indique as limitacións de cantidade, os requisitos de embalaxe e, no caso de A2, os requisitos de etiquetaxe.

4.3.2 Cando se transporten mercadorías perigosas en tanques portátiles tal como se autoriza de conformidade coa parte S-4, capítulo 12, do suplemento, débese selles xuntar unha copia do documento (ou documentos) de aprobación.

4.3.3 Cando se envíen mercadorías perigosas nas embalaxes que se autorizan en 4;2.8, débese selles xuntar unha copia do documento (ou documentos) de aprobación.

4.3.4 Cando, de conformidade coas disposicións de 2;5.3.2.5 ou 2;4.2.3.2.5, se requira unha aprobación para transportar peróxidos orgánicos e substancias de reacción espontánea, debe xuntarse unha copia da aprobación ao documento de transporte de mercadorías perigosas.

4.3.5 Cando se envíen mercadorías perigosas baixo dispensa (véxase 1;1.1.2), debe acompañar o envío unha copia da dispensa. Cando máis dun Estado concedese unha dispensa para un envío determinado, os documentos que o deberán acompañar son as dispensas outorgadas polos Estados de orixe, de tránsito (se corresponde) e de destino.

## 4.4 CONSERVACIÓN DA INFORMACIÓN RELATIVA AO TRANSPORTE DE MERCADORÍAS PERIGOSAS

4.4.1 O expedidor debe conservar unha copia do documento de transporte de mercadorías perigosas e da información e documentación adicionais que se especifiquen nestas instrucións durante un período mínimo de tres meses.

4.4.2 Cando os documentos se conservan en formato electrónico ou nun sistema informático, o expedidor debe poder reproducilos en forma impresa.

## Parte 6

### **NOMENCLATURA, MARCAS, REQUISITOS E ENSAIOS DAS EMBALAXES**

## Capítulo 1

### APLICACIÓN, NOMENCLATURA E CLAVES

#### 1.1 APLICACIÓN

1.1.1 Todos os capítulos desta parte se aplican, de acordo co indicado na táboa 6-1, ás embalaxes destinadas ás diversas clases e divisións de mercadorías perigosas.

**Táboa 6-1. Aplicación dos capítulos**

<i>Clase ou división</i>	<i>capítulo</i>
Clases 1, 2, 3, 4, 5, 8 e 9 e división 6.1, cando as instrucións de embalaxe para estas clases e divisións requiren o emprego dunha embalaxe marcada como se indica no capítulo 2 desta parte.	1 a 5
División 6.2, substancias infecciosas	2, 6
Clase 7, material radioactivo	7

1.1.2 As características das embalaxes previstas no capítulo 3 baséanse nas embalaxes utilizadas actualmente. A fin de ter en conta os avances da ciencia e a tecnoloxía, non hai obxección ningunha a que se utilicen embalaxes con especificacións diferentes das previstas no capítulo 3, sempre que sexan igualmente eficaces, aceptables para a autoridade que corresponda e capaces de resistir con éxito os ensaios descritos en 4;1.1.18 e no capítulo 4. Aceptaranse métodos de ensaio distintos dos descritos nestas instrucións, sempre que sexan equivalentes.

1.1.3 Os fabricantes de embalaxes e os distribuidores subseguintes deben proporcionar información con respecto aos procedementos que se deben seguir (comprendidas as instrucións de peche das embalaxes e recipientes interiores) e unha descrición dos tipos e dimensións dos peches (comprendidas as xuntas obturadoras necesarias) e de calquera outro elemento necesario para asegurar que os vultos, como se presentan para o transporte, poden superar con éxito os ensaios de idoneidade pertinentes dos capítulos 4 a 7 e as condicións de presión diferencial de 4;1.1.6, segundo corresponda.

#### 1.2 CLAVES PARA DESIGNAR OS TIPOS DE EMBALAXE

1.2.1 A clave consiste en:

- unha cifra arábica que indica a forma da embalaxe, por exemplo, bidón, garrafón, etc., seguida
- dunha ou máis letras maiúsculas en caracteres latinos, que indican a natureza do material, por exemplo, aceiro, madeira, etc., seguidas, cando sexa necesario,
- dunha cifra arábica que indica a variedade da embalaxe dentro da forma a que este pertence.

1.2.2 Cando se trata de embalaxes compostas, utilízanse, seguindo unha orde, dúas letras maiúsculas en caracteres latinos, na segunda posición da clave. A primeira indica o material de que está feito o recipiente interior e a segunda o material da embalaxe exterior.

1.2.3 Se se trata de embalaxes combinadas, emprégase só o número de clave da embalaxe exterior.

1.2.4 As cifras seguintes deben utilizarse para as distintas formas de embalaxe:

1. Bidón
2. Reservado
3. Garrafón
4. Caixa
5. Saco
6. Embalaxe composta.

1.2.5 Deberán utilizarse as seguintes letras maiúsculas para os tipos de material:

- A. Aceiro (de todos os tipos e revestimentos)
- B. Aluminio
- C. Madeira natural
- D. Madeira contrachapada
- F. Madeira reconstituída
- G. Cartón
- H. Material plástico
- L. Têxtils
- M. Papel multicamada
- N. Metal (excluído o aceiro e o aluminio)
- P. Vidro, porcelana ou gres (non se usa nestas instrucións).

*Nota.— Para material plástico, enténdese que a expresión inclúe outros materiais poliméricos como o caucho.*

1.2.6 A clave da embalaxe pode ir seguida das letras “T”, “U”, “V” ou “W”. A letra “T” significa unha embalaxe de recuperación que se axusta aos requisitos de 4.8. A letra “U” significa unha embalaxe especial que se axusta aos requisitos de 6.5.1.6. A letra “V” significa unha embalaxe especial que se axusta aos requisitos de 4.1.7. A letra “W” significa que a embalaxe, aínda que é do mesmo tipo indicado pola clave, está fabricada segundo especificacións distintas ás de 3.1 e considérase equivalente conforme os requisitos de 1.1.2.

### 1.3 ÍNDICE DAS EMBALAXES

A táboa 6-2 contén un índice das embalaxes que non sexan interiores, citadas nos capítulos 1 a 4. Enumera todas as embalaxes, salvo as interiores, especificadas nas *Recomendacións relativas ao transporte de mercadorías perigosas* das Nacións Unidas, e sinala as que, segundo estas instrucións, non está permitido transportar por vía aérea. No índice figura o número do parágrafo en que se enumeran os requisitos correspondentes ás embalaxes utilizadas nestas instrucións. Os ensaios de idoneidade especificanse no capítulo 4. A táboa 6-3 contén un índice de embalaxes interiores e o número do parágrafo onde figuran os requisitos, xunto cos ensaios de idoneidade, que teñan aplicación (por exemplo, para aerosois). Ademais das embalaxes que figuran na lista, no caso de ONU 3077 permítense os recipientes intermedios para graneis, segundo o prescrito na Instrución de embalaxe 956.

**Táboa 6-2. Índice de embalaxes que non sexan embalaxes interiores**

Forma	Clave e, se corresponde, variedade	Parágrafo	Máxima capacidade (l)	Máxima masa neta (kg)
Bidóns de aceiro	1A1 de tapa fixa	3.1.1	450	400
	1A2 de tapa amovible	3.1.1	450	400
Bidóns de aluminio	1B1 de tapa fixa	3.1.2	450	400
	1B2 de tapa amovible	3.1.2	450	400
Bidóns de metal (que non sexa aceiro nin aluminio)	1N1 de tapa fixa	3.1.3	450	400
	1N2 de tapa amovible	3.1.3	450	400
Garrafóns de aceiro	3A1 de tapa fixa	3.1.4	60	120
	3A2 de tapa amovible	3.1.4	60	120
Garrafóns de aluminio	3B1 de tapa fixa	3.1.4	60	120
	3B2 de tapa amovible	3.1.4	60	120
Bidóns de madeira contrachapada 1D		3.1.5	250	400
Reservada				
Bidóns de cartón	1G	3.1.6	450	400
Bidóns e garrafóns de plástico	1H1 bidóns, de tapa fixa	3.1.7	450	400
	1H2 bidóns, de tapa amovible	3.1.7	450	400
	3H1 garrafóns de tapa fixa	3.1.7	60	120
	3H2 garrafóns de tapa amovible	3.1.7	60	120



Forma	Clave e, se corresponde, variedade	Parágrafo	Máxima capacidade (l)	Máxima masa neta (kg)	
Caixas de madeira natural	4C1 ordinarias	3.1.8		400	
	4C2 de paredes non cribantes	3.1.8		400	
Caixas de madeira contrachapada	4D	3.1.9		400	
Caixas de madeira reconstituída	4F	3.1.10		400	
Caixas de cartón	4G	3.1.11		400	
Caixas de plástico	4H1 Caixas de plástico expandido	3.1.12		60	
	4H2 Caixas de plástico sólido	3.1.12		400	
Caixas de aceiro, aluminio ou doutro metal	4A aceiro	3.1.13		400	
	4B aluminio	3.1.13		400	
	4N metal distinto do aceiro ou aluminio	3.1.13		400	
Sacos de tea	5L1 sen forro ou revestimento interior	Non se usan nestas instrucións			
	5L2 non cribantes	3.1.14		50	
	5L3 resistentes á auga	3.1.14		50	
Sacos tecidos de plástico	5H1 sen forro ou revestimento interior	3.1.15	Para usos especiais exclusivamente	50	
	5H2 non cribantes	3.1.15		50	
	5H3 resistentes á auga	3.1.15		50	
Sacos de película de plástico	5H4	3.1.16		50	
Sacos de papel	5M1 multicamada	3.1.17			
	5M2 multicamada, resistentes á auga	3.1.17		50	
Embalaxes compostas (de plástico)	6HA1 recipientes de plástico con bidón exterior de aceiro	3.1.18	250	400	
	6HA2 recipiente de plástico con gaiola* ou caixa exterior de aceiro	3.1.18	60	75	
	6HB1 recipiente de plástico con bidón exterior de aluminio	3.1.18	250	400	
	6HB2 recipiente de plástico con gaiola* ou caixa exterior de aluminio	3.1.18	60	75	
	6HC recipiente de plástico con caixa exterior de madeira	3.1.18	60	75	
	6HD1 recipiente de plástico con bidón exterior de madeira contrachapada	3.1.18	250	400	
	6HD2 recipiente de plástico con caixa exterior de madeira contrachapada	3.1.18	60	75	
			3.1.18	250	400
	6HG1 recipiente de plástico con bidón exterior de cartón	3.1.18	60	75	
	6HG2 recipiente de plástico con caixa exterior de cartón	3.1.18	250	400	
	6HH1 recipiente de plástico con bidón exterior de plástico	3.1.18	60	75	
	6HH2 recipiente de plástico con caixa exterior de plástico sólido				
Embalaxes compostas (de vidro, porcelana ou gres)	6PA1 recipientes con bidón exterior de aceiro				
	6PA2 recipiente con gaiola* ou caixa exterior de aceiro				
	6PB1 recipiente con bidón exterior de aluminio				
	6PB2 recipiente con gaiola* ou caixa exterior de aluminio				
	6PC recipiente con caixa exterior de madeira				
	6PD1 recipiente con bidón exterior de madeira contrachapada	Non se usan nestas instrucións			
	6PD2 recipiente con cesta exterior de vimbio				
	6PG1 recipiente con bidón exterior de cartón				
	6PG2 recipiente con caixa exterior de cartón				
	6PH1 recipiente con embalaxe exterior de plástico expandido				
6PH2 recipiente con embalaxe exterior sólido de plástico					

\* As gaiolas son embalaxes exteriores de superficies descontinuas. As gaiolas non poderán utilizarse coma embalaxes exteriores de embalaxes compostas para o transporte por vía aérea.

**Táboa 6-3. ÍNDICE DE EMBALAXES INTERIORES**

<i>Clave</i>	<i>Forma</i>	<i>Parágrafo</i>
	Vidro	3.2.1
	Material plástico	3.2.2
	Latas, botes ou tubos de metal	3.2.3
	Sacos de papel	3.2.4
	Sacos de plástico	3.2.5
	Botes ou caixas de cartón	3.2.6
IP.7	Recipientes metálicos (aerosois) non reutilizables	3.2.7.1
IP.7A	Recipientes metálicos (aerosois) non reutilizables	3.2.7.1
IP.7B	Recipientes metálicos (aerosois) non reutilizables	3.2.7.2
IP.7C	Recipientes plásticos (aerosois) non reutilizables	3.2.8
	Tubos flexibles metálicos ou de plástico	3.2.9

## Capítulo 2

### MARCAS DAS EMBALAXES QUE NON SEXAN INTERIORES

#### Notas de introdución

*Nota 1.— Coa marca indícase que a embalaxe que a leva corresponde a un prototipo ensaiado con éxito e que se cumpren as disposicións dos capítulos 3 e 4, que están relacionadas coa fabricación pero non co emprego da embalaxe. A marca, por tanto, non confirma necesariamente que a embalaxe poida ser utilizada para unha determinada substancia.*

*Nota 2.— Espérase que as marcas sexan útiles para os fabricantes de embalaxes, reacondicionadores, usuarios das embalaxes, explotadores e autoridades que corresponda. En relación co emprego dunha nova embalaxe, a marca orixinal serve ao fabricante para identificar o tipo e indicarlle que regulamentos en materia de ensaios de idoneidade se satisfíxeron.*

*Nota 3.— A marca non proporciona sempre detalles completos dos ensaios, etc., e podería ser necesario telos en conta, por exemplo, mediante un certificado de homologación, informes dos ensaios realizados ou un rexistro das embalaxes que os superaron. Por exemplo, unha embalaxe que leve a marca X ou Y podería utilizarse para substancias ás cales se asignase un grupo de embalaxe correspondente a un risco menor, determinando o valor máximo admisible da densidade relativa mediante a aplicación do factor 1,5 ou 2,25, segundo corresponda, indicado nos requisitos de ensaio das embalaxes, previstos no capítulo 4. É dicir, unha embalaxe do grupo de embalaxe I, ensaiada para produtos dunha densidade relativa de 1,2, podería utilizarse como embalaxe do grupo de embalaxe II para produtos dunha densidade relativa de 1,8 ou como embalaxe do grupo de embalaxe III para produtos dunha densidade relativa de 2,7 dando por suposto, claro está, que é posible satisfacer todos os criterios de idoneidade requiridos cunha densidade relativa máis elevada.*

#### 2.1 REQUISITOS NO CONCERNENTE ÁS MARCAS PARA EMBALAXES QUE NON SEXAN INTERIORES

2.1.1 Cada embalaxe cuxo uso se preveja conforme estas instrucións debe levar marcas que sexan duradeiras, lexibles, colocadas nun lugar e de tamaño proporcionado ao da embalaxe para que resulten facilmente visibles. Nos vultos de masa bruta superior a 30 kg, as marcas, ou un duplicado delas, deben colocarse na parte superior ou nun lado da embalaxe. As letras, números ou símbolos deben ser de 12 mm de altura como mínimo, excepto nas embalaxes de 30 l ou 30 kg de capacidade ou menos, en que deben ser de 6 mm de altura como mínimo, e nas embalaxes de 5 l ou 5 kg ou menos en que deben ser do tamaño apropiado. As marcas deben indicar o seguinte:

- a) o símbolo de embalaxe das Nacións Unidas



Este símbolo utilizarase exclusivamente para certificar que a embalaxe en cuestión se axusta aos requisitos pertinentes dos capítulos 1 ao 6. Nas embalaxes metálicas poden estamparse en relevo, como símbolo, as letras "UN";

- b) a clave que designe o tipo de embalaxe, conforme 1.2;

- c) unha clave que conste de dúas partes:

- 1) dunha letra para designar o grupo de embalaxe cuxo prototipo foi ensaiado con éxito:

X para os grupos de embalaxe I, II e III

Y para os grupos de embalaxe II e III

Z só para o grupo de embalaxe III;


2) A) para embalaxes únicas previstas para líquidos, a densidade relativa, arredondándoa ata o primeiro decimal, con respecto á cal o prototipo foi ensaiado; isto pode omitirse se a densidade relativa non excede 1,2;

B) no caso de embalaxes previstas para sólidos ou de embalaxes interiores, a masa máxima bruta en quilogramos que tiña o prototipo ensaiado;

d) 1) no caso de embalaxes únicas previstas para líquidos, a presión hidráulica de ensaio que se comprobou que a embalaxe soportaba, en kPa, arredondada á decena inferior máis próxima;

- 2) no caso de embalaxes previstas para sólidos ou de embalaxes interiores, a letra "S";

e) os dous últimos díxitos do ano de fabricación da embalaxe. As embalaxes dos tipos 1H1, 1H2, 3H1 e 3H2 deben estar debidamente marcadas co mes de fabricación; estas marcas poden aparecer na embalaxe nun sitio distinto das outras. Un método adecuado sería:



f) o Estado que autoriza a asignación da marca, mediante o signo distintivo dos vehículos motorizados utilizados no tráfico internacional;

g) o nome do fabricante ou demais identificación da embalaxe prescrita pola autoridade nacional que corresponda.

2.1.2 Ademais das marcas duradeiras prescritas en 2.1.1, todo bidón de metal novo de máis de 100 l de capacidade debe levar en forma permanente (p. ex., estampadas en relevo) as marcas prescritas en 2.1.1 a) a e) no fondo, cunha indicación do espesor nominal de, polo menos, o metal que se utilizou no corpo (en mm, ata 0,1 mm). Cando o espesor nominal de calquera dos extremos do bidón de metal sexa inferior ao do corpo, deben marcarse no fondo e en forma permanente (p. ex., estampados en relevo) os espesores nominais da tapa, o corpo e o fondo da maneira seguinte, p. ex., "1,0-1,2-1,0" ou "0,9-1,0-1,0". Os espesores nominais do metal deben determinarse de conformidade coas normas pertinentes da ISO (3574:1999 da ISO para o aceiro, p. ex.). As marcas que se indican en 2.1.1 f) e g) non deben aplicarse en forma permanente (p. ex., estampadas en relevo), salvo nos casos que se mencionan en 2.1.5.

2.1.3 Toda embalaxe que vaia someterse a algún proceso de reacondicionamento distinto daqueles a que se refire 2.1.2 deberá levar en forma permanente as marcas prescritas en 2.1.1 a) a e). As marcas son permanentes se poden resistir sen alteración o proceso de reacondicionamento (p. ex., estampadas en relevo). Nas embalaxes que non sexan bidóns de metal de capacidade superior a 100 l, estas marcas permanentes poden substituír as marcas duradeiras correspondentes que se prescriben en 2.1.1.

2.1.4 Para os bidóns de metal reconstruídos, se non se cambiou o tipo de embalaxe nin se substituíu ou eliminou ningún elemento que forme parte da estrutura, non é preciso que as marcas requiridas sexan permanentes (p. ex., estampadas en relevo). Todos os demais bidóns de metal reconstruídos deben levar as marcas que se indican en 2.1.1 a) a e) en forma permanente (p. ex., estampadas en relevo) na parte superior ou no corpo.

2.1.5 Os bidóns de metal fabricados con materiais (p. ex., aceiro inoxidable) que permiten repetidamente a súa reutilización poden levar as marcas indicadas en 2.1.1 f) e g) en forma permanente (p. ex., estampadas en relevo).

2.1.6 As embalaxes fabricadas con material plástico reciclado definidas en 1;3 deben levar a marca "REC". Esta marca debe colocarse preto da marca prescrita en 2.1.1.

2.1.7 As marcas deben aplicarse na mesma orde dos incisos de 2.1.1; cada elemento das marcas requiridas nestes incisos e, cando corresponda, nos incisos h) a j) de 2.1.8, debe estar claramente separado, mediante guións ou espazos, segundo mostran os exemplos de 2.1.10; 2.2.3; e 2.3. Toda outra marca autorizada pola autoridade nacional que corresponda ten que permitir que as partes da marca se poidan identificar correctamente por referencia a 2.1.1.

2.1.8 Unha vez reacondicionada unha embalaxe, quen se encargue desta operación debe poñer, en secuencia, outra marca permanente que diga o seguinte:

h) o nome do Estado en cuxo territorio se fixo o reacondicionamento, mediante o signo distintivo dos vehículos motorizados utilizados no tráfico internacional;

i) o nome do reacondicionador ou outra identificación da embalaxe que prescriba a autoridade nacional que corresponda;

j) o ano de reacondicionamento; a letra "R" e, se se trata de embalaxes que foron sometidas con éxito aos ensaios de estanquidade de 4.4, ademais a letra "L".

2.1.9 Cando, despois do reacondicionamento, as marcas requiridas segundo 2.1.1 a) a d) xa non figuran na parte superior ou no corpo dun bidón de metal, quen se encargue desta operación debe volver a poñelas de maneira duradeira antes das marcas requiridas en 2.1.8. As marcas non deben indicar un grao de idoneidade superior ao que lle corresponde, de acordo cos ensaios e as marcas, ao prototipo orixinal.

2.1.10 Exemplos de marcas de embalaxes NOVAS:

*para unha caixa nova de cartón*



4G/Y145/S/02  
NL/VL823

como en 2.1.1 a), b), c)1), c)2)B), d)2) e e)  
como en 2.1.1 f) e g)

para un bidón novo de aceiro que teña que conter líquidos

Ⓢ 1A1/Y1.4/150/98 como en 2.1.1 a), b), c)1), c)2)A), d)1) e e)  
NL/VL824 como en 2.1.1 f) e g)

para un bidón novo de aceiro que teña que conter sólidos ou embalaxes interiores

Ⓢ 1A2/Y150/S/01 como en 2.1.1 a), b), c)1), c)2)B), d)2) e e)  
NL/VL825 como en 2.1.1 f) e g)

para unha caixa nova de plástico de especificacións equivalentes

Ⓢ 4HW/Y136/S/98 como en 2.1.1 a), b), c)1), c)2)B), d)2) e e)  
NL/VL826 como en 2.1.1 f) e g)

para un bidón de aceiro refabricado que teña que conter líquidos

Ⓢ 1A2/Y/100/01 como en 2.1.1 a), b), c)1), c)2)A), d)1) e e)  
USA/MM5 como en 2.1.1 f) e g)

2.1.11 Exemplos de marcas de embalaxes REACONDICIONADAS:

Ⓢ 1A1/Y1.4/150/97 como en 2.1.1 a), b), c)1), c)2)A), d)1) e e)  
NL/RB/01 RL como en 2.1.8 h), i) e j)

Ⓢ 1A2/Y150/S/99 como en 2.1.1 a), b), c)1), c)2)B), d)2) e e)  
USA/RB/00 R como en 2.1.8 h), i) e j)

## 2.2 MARCAS DE EMBALAXE PARA SUBSTANCIAS INFECCIOSAS

2.2.1 As embalaxes para substancias infecciosas, que satisfán os requisitos da Instrución de embalaxe 620 e do capítulo 6 desta parte, deben levar unha marca de embalaxe.

2.2.2 A marca de embalaxe consta de:

- o símbolo de embalaxe das Nacións Unidas;
- a clave que designa o tipo de embalaxe, de conformidade co disposto en 1.3;
- a indicación "CLASE 6.2";
- os dous últimos díxitos do ano de fabricación da embalaxe;
- o nome do Estado que autoriza a asignación da marca, mediante o signo distintivo dos vehículos motorizados utilizados no tráfico internacional;
- o nome ou outra identificación do fabricante da embalaxe que especifiquen as autoridades nacionais competentes.

2.2.3 Exemplos de marcas de embalaxe:

Ⓢ 4G/CLASE 6.2/01 como en 2.2.2 a), b), c) e d)  
S/SP-9989-ERIKSSON como en 2.2.2 e) e f)

Cada un dos elementos das marcas aplicadas de conformidade con a) a f) debe estar claramente separado mediante unha barra oblicua ou espazos, para poder identificalo facilmente.

## 2.3 MARCAS DE EMBALAXE PARA EMBALAXES DE RECUPERACIÓN

Exemplo de marca de embalaxes de RECUPERACIÓN:

Ⓢ 1A2T/Y300/S/01 como en 2.1.1 a), b), c)2)B), d)2) e e)  
USA/abc como en 2.1.1 f) e g)

*Nota.*— Nos exemplos de 2.1.10, 2.2.3 e 2.3, para simplificar, as marcas figuran en dúas liñas, pero poden aplicarse nunha soa ou en varias, sempre que se respecte a orde correcta. A inclusión do símbolo "r" nas marcas de especificación é optativa.

## 2.4 MARCAS DE EMBALAXE PARA RECIPIENTES INTERMEDIOS PARA GRANEIS

2.4.1 Os recipientes intermedios para graneis, que satisfán os requisitos do capítulo 6.5 da Regulamentación modelo das Nacións Unidas, deben levar unha marca de embalaxe.

2.4.2 A marca de embalaxe consta de:

a) o símbolo das Nacións Unidas para as embalaxes/envases



no caso dos RIG metálicos con marcas estampadas ou gravadas, poden utilizarse as letras maiúsculas "UN" en vez do símbolo;

b) a clave que designa o tipo de RIG segundo figura na Instrución de embalaxe 956 e conforme o que se describe detalladamente no capítulo 6.5 da Regulamentación modelo das Nacións Unidas;

c) unha letra maiúscula que designe o grupo ou grupos de embalaxe para os cales foi aprobado o prototipo:

1) X para os grupos de embalaxe I, II e III;

2) Y para os grupos de embalaxe II e III;

3) Z para o grupo de embalaxe III unicamente;

d) o mes e o ano (as dúas últimas cifras) de fabricación;

e) o Estado que autoriza a asignación da marca, indicado mediante o símbolo distintivo utilizado para os vehículos automóviles no tráfico internacional;



f) o nome ou símbolo do fabricante e calquera outra identificación do RIG, especificada pola autoridade nacional competente;

g) a carga aplicada durante o ensaio de empillamento, en kg no caso dos RIG non deseñados para ser empillados, figurará a cifra "0";

h) a masa bruta máxima admisible, en kg.

2.4.3 A carga máxima de empillamento cando o RIG estea en servizo debe mostrarse nun símbolo da seguinte forma:

≠



A masa sinalada encima do símbolo non debe ser superior á carga imposta durante o ensaio do prototipo (véxase 6.5.6.6.4 da Regulamentación modelo das Nacións Unidas) dividida por 1,8.

2.4.4 Exemplo de marca de embalaxe:



13H3/Z/03 01  
F/Meunier1713/0/1000

como en 2.4.2 a), b), c), e d)  
como en 2.4.2 e), f), g) e h)

### Capítulo 3

## CARACTERÍSTICAS DAS EMBALAXES

### 3.1 CARACTERÍSTICAS DAS EMBALAXES QUE NON SEXAN INTERIORES

#### Características xerais

Nas condicións normais de transporte, as infiltracións da substancia contida na embalaxe que poidan producirse non deben xerar perigo.

#### 3.1.1 Bidóns de aceiro

1A1 de tapa fixa

1A2 de tapa amovible

3.1.1.1 O corpo e os fondos deben ser de chapa de aceiro dun tipo apropiado e de espesor adecuado á capacidade do bidón e ao uso a que estea destinado.

*Nota.— No caso dos bidóns de aceiro ao carbono, os aceiros “apropiados” son os que figuran nas normas ISO 3573:1999 “Chapa de aceiro ao carbono laminado en quente de calidade comercial e para estiramento en frío” e ISO 3574:1999 “Chapa de aceiro ao carbono reducido en frío de calidade comercial e para estiramento en frío”. Nos bidóns de aceiro ao carbono de menos de 100 litros, os aceiros “apropiados”, ademais dos anteriores, son tamén os que figuran nas normas ISO 11949:1995 “Folla de lata electrolítica reducida en frío”, ISO 11950:1995 “Aceiro cromado electrolítico reducido en frío” e ISO 11951:1995 “Chapa negra en rolo reducida en frío para produción de folla de lata ou aceiro cromado electrolítico bañado en óxido”.*

3.1.1.2 As xuntas do corpo teñen que estar soldadas se se prevé que os bidóns vaian conter máis de 40 l de líquido. As xuntas do corpo estarán cosidas ou soldadas mecanicamente se se prevé que os bidóns conteñan sólidos ou 40 l ou menos de líquido.

3.1.1.3 Os bordos deben estar cosidos ou soldados mecanicamente. Poden engadirse, por separado, aros de reforzo.

3.1.1.4 O corpo dos bidóns de capacidade superior a 60 l debe ter, en xeral, polo menos dous aros de rodadura (nervadura moldada), que tamén poden estar engadidos. Se os aros de rodadura están engadidos, deben estar axustados perfectamente ao corpo e suxeitos de forma que non poidan escorrer. Non se admitirá a soldadura por puntos dos aros de rodadura.

3.1.1.5 O diámetro das aberturas para encher, baleirar e ventilar no corpo ou fondos dos bidóns de tapa fixa (1A1) non debe ser superior a 7 cm. Os bidóns con aberturas maiores serán considerados como de tapa amovible (1A2). Os peches das aberturas do corpo e dos fondos dos bidóns deben estar concibidos e instalados de forma que permanezan suxeitos e hermeticamente pechados en condicións normais de transporte. Os aros de peche poden estar soldados ou cosidos mecanicamente. Xunto cos peches deben utilizarse xuntas obturadoras ou outros elementos análogos, a menos que os peches sexan herméticos de seu.

3.1.1.6 Os dispositivos de peche dos bidóns de tapa amovible deben estar concibidos e instalados de forma que queden suxeitos e que os bidóns estean hermeticamente pechados en condicións normais de transporte. As tapas amovibles deben estar provistas de xuntas obturadoras ou elementos análogos.

3.1.1.7 Se os materiais utilizados para o corpo, fondos, peches e adaptadores non son de seu compatibles coas substancias que haxa que transportar, deberá aplicarse un tratamento ou revestimento interno de protección apropiado. Este tratamento ou revestimento debe conservar as súas características de protección en condicións normais de transporte.

3.1.1.8 Capacidade máxima dos bidóns: 450 l.

3.1.1.9 Masa neta máxima: 400 kg.

### 3.1.2 Bidóns de aluminio

- 1B1 de tapa fixa
- 1B2 de tapa amovible

3.1.2.1 O corpo e os fondos deben ser de aluminio dunha pureza do 99% como mínimo ou dunha aliaxe a base de aluminio. Os materiais deben ser de tipo apropiado e de espesor adecuado á capacidade do bidón e ao uso a que estea destinado.

3.1.2.2 As costuras deben estar soldadas. As costuras dos rebordos, se as hai, deben estar reforzadas mediante aros de reforzo engadidos.

3.1.2.3 O corpo dos bidóns de capacidade superior a 60 l debe ter, en xeral, polo menos dous aros de rodadura (nervadura moldada), que tamén poden estar engadidos. Se os aros de rodadura están engadidos, deben estar axustados perfectamente ao corpo e suxeitos de forma que non poidan escorrer. Non se admitirá a soldadura por puntos dos aros de rodadura.

3.1.2.4 O diámetro das aberturas para encher, baleirar e ventilar no corpo ou fondo dos bidóns de tapa fixa (1B1) non debe ser superior a 7 cm. Os bidóns con aberturas maiores serán considerados como de tapa amovible (1B2). Os peches das aberturas do corpo e dos fondos dos bidóns deben estar concibidos e instalados de forma que permanezan suxeitos e hermeticamente pechados en condicións normais de transporte. Xunto cos peches deben utilizarse xuntas obturadoras ou outros elementos análogos, a menos que os peches sexan herméticos de seu.

3.1.2.5 Os dispositivos de peche dos bidóns de tapa amovible deben estar concibidos e instalados de forma que queden suxeitos e que os bidóns estean hermeticamente pechados en condicións normais de transporte. As tapas amovibles deben estar provistas de xuntas obturadoras ou elementos análogos.

3.1.2.6 Capacidade máxima dos bidóns: 450 l.

3.1.2.7 Masa neta máxima 400 kg.

### 3.1.3 Bidóns de metal que non sexa aceiro nin aluminio

- 1N1 de tapa fixa
- 1N2 de tapa amovible

3.1.3.1 O corpo e os fondos deben ser dun metal ou aliaxe que non sexa aceiro nin aluminio. Os materiais deben ser de tipo apropiado e de espesor adecuado á capacidade do bidón e ao uso a que estea destinado.

3.1.3.2 As costuras dos rebordos, se as hai, deben estar reforzadas mediante aros de reforzo engadidos. Todas as costuras que existan deben estar unidas (soldadas, seladas, etc.) de conformidade coa tecnoloxía apropiada para o metal ou aliaxe utilizados.

3.1.3.3 O corpo dos bidóns de capacidade superior a 60 l debe ter, en xeral, dous aros de rodadura (nervadura moldada), que poden estar tamén engadidos. Se os aros de rodadura están engadidos, deben estar axustados perfectamente ao corpo e suxeitos de forma que non poidan escorrer. Non se admitirá a soldadura por puntos dos aros de rodadura.

3.1.3.4 O diámetro das aberturas no corpo ou fondo dos bidóns de tapa fixa (1N1) non debe ser superior a 7 cm. Os bidóns con aberturas maiores serán considerados como de tapa amovible (1N2). Os peches das aberturas do corpo e dos fondos dos bidóns deben estar concibidos e instalados de forma que permanezan suxeitos e hermeticamente pechados en condicións normais de transporte. Os aros de peche deben estar unidos (soldados, selados, etc.) de conformidade coa tecnoloxía apropiada para o metal ou aliaxe utilizados, de modo que a costura resulte hermética. Xunto cos peches deben utilizarse xuntas obturadoras ou outros elementos análogos, a menos que os peches sexan herméticos de seu.

3.1.3.5 Os dispositivos de peche dos bidóns de tapa amovible deben estar concibidos e instalados de forma que queden suxeitos e que os bidóns estean hermeticamente pechados en condicións normais de transporte. As tapas amovibles deben estar provistas de xuntas obturadoras ou elementos análogos.

3.1.3.6 Capacidade máxima dos bidóns: 450 l.

3.1.3.7 Masa neta máxima: 400 kg.

### 3.1.4 Garrafóns de aceiro ou aluminio

- 3A1 de aceiro, de tapa fixa
- 3A2 de aceiro, de tapa amovible
- 3B1 de aluminio, de tapa fixa
- 3B2 de aluminio, de tapa amovible

3.1.4.1 O corpo e os fondos deben ser dunha chapa de aceiro, de aluminio 99% puro como mínimo ou dunha aliaxe a base de aluminio. O material debe ser dun tipo apropiado e un espesor adecuado á capacidade e uso a que estea destinado o garrafón.



3.1.4.2 Os rebordos dos garrafóns de aceiro deben estar cosidos ou soldados mecanicamente. As costuras do corpo dos garrafóns de aceiro destinados a conter máis de 40 l de líquido deben estar soldadas. As costuras do corpo dos garrafóns de aceiro destinados a conter 40 l ou menos deben estar mecanicamente cosidas ou soldadas. No caso dos garrafóns de aluminio, todas as costuras deben estar soldadas. Os rebordos, se os hai, deben estar reforzados cun anel de reforzo á parte.

3.1.4.3 O diámetro das aberturas dos garrafóns (3A1 e 3B1) non debe ser superior a 7 cm. Os garrafóns con aberturas maiores consideraranse do tipo de tapa amovible (3A2 e 3B2). O deseño dos peches debe ser tal que estes queden seguros e hermeticamente pechados en condicións normais de transporte. Xunto cos peches deben utilizarse xuntas obturadoras ou outros elementos análogos a menos que os peches sexan herméticos de seu.

3.1.4.4 Se os materiais utilizados para o corpo, fondos, peches e adaptadores non son de seu compatibles coas substancias que haxa que transportar, deberá aplicarse un tratamento ou revestimento interno de protección apropiado. Este tratamento ou revestimento debe conservar as súas características de protección en condicións normais de transporte.

3.1.4.5 Capacidade máxima dos garrafóns: 60 l.

3.1.4.6 Masa neta máxima: 120 kg.

### 3.1.5 Bidóns de madeira contrachapada

1D

3.1.5.1 A madeira utilizada deberá estar ben curada, comercialmente seca e exenta de defectos que poidan reducir a eficacia do bidón para o uso a que estea destinado. Cando para os fondos se utilicen materiais distintos da madeira contrachapada, a súa calidade debe ser polo menos equivalente á desta.

3.1.5.2 A madeira contrachapada que se utilice debe ser de dúas chapas como mínimo para o corpo e de tres para os fondos; as chapas adxacentes deben estar solidamente coladas cun adhesivo resistente á auga, poñéndoas de forma que as vetas de cada unha sexan perpendiculares ás da anterior.

3.1.5.3 O corpo e os fondos dos bidóns e as súas xuntas deben estar deseñados en función da capacidade do bidón e do uso a que estea destinado.

3.1.5.4 Con obxecto de facelas non cribantes, as tapas débense forrar de papel kraft ou doutro material equivalente que deberá estar perfectamente suxeito á tapa e sobresaír dela ao longo da súa circunferencia.

3.1.5.5 Capacidade máxima dos bidóns: 250 l.

3.1.5.6 Masa neta máxima: 400 kg.

### 3.1.6 Bidóns de cartón

1G

3.1.6.1 O corpo dos bidóns debe constar de varias camadas de cartón groso (sen corrugar) pegadas ou prensadas entre si e intercalando quizais unha ou máis camadas protectoras de betume, papel kraft encerado, follas de papel metálico, plástico, etc.

3.1.6.2 Os fondos teñen que ser de madeira natural, cartón, metal, madeira contrachapada, plástico ou outro material adecuado e poden levar unha ou máis camadas protectoras de betume, papel kraft encerado, follas de papel metálico, plástico, etc.

3.1.6.3 Os corpos e os fondos dos bidóns e das súas xuntas deben estar deseñados en función da capacidade do bidón e do uso a que estea destinado.

3.1.6.4 As embalaxes así constituídas deben ser suficientemente resistentes á auga, de forma que, en condicións normais de transporte, non se separen as distintas camadas.

3.1.6.5 Capacidade máxima dos bidóns: 450 l.

3.1.6.6 Masa neta máxima: 400 kg.

### 3.1.7 Bidóns e garrafóns de plástico

1H1 bidóns, de tapa fixa

1H2 bidóns, de tapa amovible

3H1 garrafóns de tapa fixa

3H2 garrafóns de tapa amovible

3.1.7.1 As embalaxes deben estar fabricadas a base de material plástico apropiado e ter unha resistencia adecuada á súa capacidade e ao uso a que estean destinadas. Salvo o material plástico reciclado que se define en 1;3, na fabricación non deben utilizarse materiais usados, a non ser que sexan restos do mesmo produto ou dunha nova trituración no mesmo procedemento de fabricación. As embalaxes deben ser suficientemente resistentes ao envellecemento e á degradación que poidan producir as substancias neles contidas ou a radiación ultravioleta. En condicións normais de transporte, a impregnación das substancias contidas non debe constituír ningún perigo.

3.1.7.2 Se é necesario protexer estas embalaxes contra os raios ultravioletas, o material débese impregnar con negro de fume ou con outros pigmentos ou inhibidores adecuados. Estes aditivos deben ser compatibles co contido e preservar a súa eficacia durante a vida útil da embalaxe. Se se utiliza negro de fume ou outros pigmentos ou inhibidores distintos dos utilizados na fabricación do prototipo de ensaio, pode prescindirse dun novo ensaio sempre que o contido de negro de fume non exceda o 2% da masa ou se o contido de pigmentos non excede o 3% da masa; o contido doutros inhibidores de radiacións ultravioletas non está limitado.

3.1.7.3 Ademais dos materiais utilizados para a protección contra os raios ultravioletas, na composición do plástico das embalaxes poderán entrar outros materiais que non alteren as súas propiedades químicas nin físicas. En tales casos, poderá prescindirse dun novo ensaio de idoneidade.

3.1.7.4 O espesor das paredes en calquera punto da embalaxe debe gardar relación coa capacidade desta e co uso a que estea destinada, tendo, así mesmo, en conta os esforzos a que poida estar exposto cada punto.

3.1.7.5 O diámetro das aberturas para encher, baleirar e ventilar no corpo ou fondos dos bidóns (1H1) e garrafóns (3H1) de tapa fixa non debe ser superior a 7 cm. Os bidóns e garrafóns con aberturas maiores consideraranse como de tapa amovible (1H2 e 3H2). Os peches das aberturas do corpo e dos fondos dos bidóns e garrafóns deben estar concibidos e instalados de forma que permanezan suxeitos e hermeticamente pechados en condicións normais de transporte. Xunto cos peches deben utilizarse xuntas obturadoras ou outros elementos análogos a menos que os peches sexan herméticos de seu.

3.1.7.6 Os dispositivos de peche dos bidóns e garrafóns de tapa amovible deben estar concibidos e instalados de forma que queden suxeitos e que estean hermeticamente pechados en condicións normais de transporte. Débense utilizar xuntas obturadoras con todas as tapas amovibles, a menos que o tipo de bidóns ou garrafóns sexa tal que, unha vez axustada adecuadamente a tapa amovible, quede hermeticamente pechada.

3.1.7.7 Capacidade máxima dos bidóns e garrafóns:

1H1, 1H2 : 450 l;  
3H1, 3H2 : 60 l.

3.1.7.8 Masa neta máxima:

1H1, 1H2 : 400 kg;  
3H1, 3H2 : 120 kg.

### 3.1.8 Caixas de madeira natural

4C1 ordinarias

4C2 de paredes non cribantes

3.1.8.1 A madeira utilizada debe estar ben curada, comercialmente seca e exenta de defectos que poidan reducir sensiblemente a solidez de calquera parte da caixa. A resistencia do material utilizado e o método de fabricación deben ser adecuados á capacidade e ao uso previsto da caixa. Está permitido que a parte superior e os fondos sexan de madeira reconstituída, tal como paneis de labras ou de partículas prensadas ou doutro tipo adecuado resistentes á auga.

3.1.8.2 Os elementos de suxeición deben ser resistentes á vibración que se produce nas condicións normais de transporte. Sempre que sexa posible, debe evitarse a colocación de cravos a contrafío. Nas unións que probablemente estean sometidas a maior esforzo deben utilizarse cravos con remache ou anulares ou outros elementos de suxeición similares.

3.1.8.3 Caixa 4C2: cada parte da caixa ten que ser dunha soa peza ou equivaler a unha soa peza. Considérase que unha parte é equivalente a unha soa peza cando os distintos elementos que a constitúen estean colados e ensamblados por algún dos métodos seguintes: ensambladura Lindermann, ensambladura de rañura e palleta, xunta de rebaixo a media madeira ou xunta ou tope con dúas abrazadeiras, polo menos de metal ondulado, en cada xunta.

3.1.8.4 Masa neta máxima: 400 kg.

### 3.1.9 Caixas de madeira contrachapada

4D

3.1.9.1 A madeira contrachapada que se utilice deberá ser de 3 chapas como mínimo. Ten que estar ben curada e cortada por movemento circular, sobre coitela fixa ou serrada, comercialmente seca e exenta de defectos que poidan reducir sensiblemente a solidez da caixa. A resistencia do material utilizado e o método de fabricación teñen que ser adecuados á capacidade e ao uso previsto da caixa. As chapas adxacentes teñen que estar coladas entre si cun adhesivo resistente á auga. Para a construción das caixas poderán utilizarse, xunto coa madeira contrachapada, outros materiais apropiados. As paredes das caixas teñen que estar ben cravadas ou aparafusadas a montantes ou cantoneiras ou unidas con calquera outro dispositivo de suxeición igualmente satisfactorio.

3.1.9.2 Masa neta máxima: 400 kg.

### 3.1.10 Caixas de madeira reconstituída

4F

3.1.10.1 As paredes das caixas deben ser de madeira reconstituída, tal como paneis de labras ou partículas prensadas ou doutro material apropiado que sexa resistente á auga. A solidez do material utilizado e o método de fabricación teñen que ser adecuados á capacidade e uso previsto das caixas.

3.1.10.2 As demais partes das caixas poderán ser doutros materiais adecuados.

3.1.10.3 As caixas deberán estar solidamente ensambladas por medio de dispositivos adecuados.

3.1.10.4 Masa neta máxima: 400 kg.

### 3.1.11 Caixas de cartón

4G

3.1.11.1 Para a fabricación das caixas debería utilizarse un cartón (dunha ou varias follas) forte e de boa calidade, compacto ou ondulado por ambas as caras, adecuado á capacidade da caixa e ao uso a que estea destinada. A resistencia á auga da cara externa debe ser tal que o aumento da masa, determinado en ensaios realizados durante 30 minutos, polo método de Cobb, que permite determinar a absorción da auga, non exceda  $155 \text{ g/m}^2$  — véxase ISO 535:1991. Debería ser suficientemente fácil de pregar. Debería, ademais, estar cortado dobrado sen engurras e rañurado de modo que poida armarse sen fisuras, desgarramentos superficiais nin vincos indebidos. A superficie ondulada do cartón debería estar firmemente pegada ás superficies planas.

3.1.11.2 Os extremos das caixas poderán ter un marco de madeira ou estar feitos de madeira ou outro material adecuado na súa totalidade. Tamén poderán utilizarse como reforzo listóns de madeira ou outro material adecuado.

3.1.11.3 As unións do corpo das caixas faranse por medio de fita adhesiva ou superpondo os bordos e colándoos ou coséndoos con grampas metálicas. As partes superpostas das unións serán suficientemente largas.

3.1.11.4 Cando a unión se efectúe con cola ou fita adhesiva, utilizarase un adhesivo resistente á auga.

3.1.11.5 As caixas deberán estar deseñadas de modo que o contido quede ben axustado no seu interior.

3.1.11.6 Masa neta máxima: 400 kg.

### 3.1.12 Caixas de plástico

4H1 caixas de plástico expandido

4H2 caixas de plástico sólido

3.1.12.1 As caixas teñen que ser de plástico apropiado e de solidez adecuada á capacidade e ao uso previsto das caixas. As caixas teñen que ser resistentes ao envellecemento e á degradación producida, sexa polas substancias que conteñan ou pola radiación ultravioleta.

3.1.12.2 As caixas constarán de dúas partes de plástico expandido e moldado: unha parte inferior, provista de alvéolos para aloxar as embalaxes interiores e outra superior que cubra a inferior e estea trabada a ela. As partes superior e inferior estarán deseñadas de modo que as embalaxes interiores queden ben encaixadas entre elas. A tapa que fai de pechadura das embalaxes interiores non deberá estar en contacto coa cara interna da parte superior da caixa.

3.1.12.3 Para poderen ser expeditas, as caixas de plástico expandido deben poder pecharse con fita adhesiva que teña unha resistencia á tracción suficiente para evitar que se abra. A fita adhesiva será resistente á intemperie e a súa adhesividade compatible co plástico expandido da caixa. Poden tamén utilizarse outros dispositivos de peche que sexan de eficacia ao menos equivalente.

3.1.12.4 Se é necesario protexer as caixas de plástico sólido contra os raios ultravioletas, o material impregnase con negro de fume ou con outros pigmentos ou inhibidores adecuados. Estes aditivos deben ser compatibles co contido e preservar a súa eficacia durante a vida útil da embalaxe. Se se utiliza negro de fume ou outros pigmentos ou inhibidores distintos dos utilizados na fabricación do prototipo de ensaio, pode prescindirse dun novo ensaio sempre que o contido de negro de fume non exceda o 2% da masa ou se o contido de pigmentos non excede o 3% da masa; o contido doutros inhibidores de radiacións ultravioletas non está limitado.

3.1.12.5 Ademais dos materiais utilizados para a protección contra os raios ultravioletas, na composición do plástico das caixas poderán entrar outros materiais que non alteren as súas propiedades químicas nin físicas. En tales casos, poderá prescindirse dun novo ensaio de idoneidade.

3.1.12.6 As caixas de plástico sólido deben ter dispositivos de peche de material apropiado e solidez adecuada e estar fabricadas de forma que a caixa non poida abrirse inintencionadamente.

3.1.12.7 Masa neta máxima:

caixa 4H1: 60 kg;

caixa 4H2 : 400 kg.

≠

### 3.1.13 Caixas de aceiro, aluminio ou doutro metal

4A caixas de aceiro  
4B caixas de aluminio

4N caixas doutro metal distinto do aceiro ou aluminio

3.1.13.1 A solidez do metal e a construción da caixa deberán gardar relación coa súa capacidade e co uso previsto.

3.1.13.2 As caixas deberán estar forradas con cartón ou feltro para embalaxe ou deberán ter un forro ou revestimento interior de material adecuado, segundo se requira. Se se utiliza forro metálico de dobre costura, adoptaranse as medidas necesarias para impedir a penetración de substancias, especialmente explosivas, nos intersticios das costuras.

3.1.13.3 Os peches, que poderán ser de calquera tipo adecuado, deberán permanecer pechados nas condicións normais de transporte.

3.1.13.4 Masa neta máxima: 400 kg.

### 3.1.14 Sacos de tea

5L2 non cribantes  
5L3 resistentes á auga

3.1.14.1 O material téxtil empregado deberá ser de boa calidade. A solidez da tea e a confección do saco teñen que gardar relación coa capacidade deste e o uso previsto.

3.1.14.2 Sacos non cribantes 5L2: os sacos deberán ser non cribantes, por exemplo, por un dos medios seguintes:

- papel pegado á cara interna do saco cun adhesivo resistente á auga, como o betume; ou
- película de plástico pegada á cara interior do saco; ou
- un ou varios forros interiores de papel ou de plástico.

3.1.14.3 Sacos, resistentes á auga 5L3: para evitar a entrada de humidade, o saco deberá impermeabilizarse, por exemplo, por un dos medios seguintes:

- un ou varios forros interiores separados de papel resistente á auga (por exemplo, papel kraft parafinado, papel alcatranado ou papel kraft revestido de plástico); ou
- película de plástico pegada á cara interior do saco; ou
- un ou varios forros interiores separados de plástico.

3.1.14.4 Masa neta máxima: 50 kg.

### 3.1.15 Sacos tecidos de plástico

5H1 sen forro nin revestimento interior  
5H2 non cribantes  
5H3 resistentes á auga

3.1.15.1 Os sacos deberán ser de bandas ou monofilamentos estirados de material plástico adecuado. A solidez do material e a confección do saco gardarán relación coa capacidade deste e o uso previsto.

3.1.15.2 Se o tecido é plano, os sacos confeccionaranse cosendo ou cerrando doutra forma o fondo e un dos lados. Se o tecido é tubular, o saco confeccionarase cosendo, entretecendo ou cerrándoo de forma igualmente resistente.

3.1.15.3 Sacos non cribantes 5H2: os sacos deberán facerse non cribantes, por exemplo, por medio:

- dunha camada de papel ou de película de plástico pegada á cara interior do saco; ou
- dun ou varios forros interiores separados de papel ou de plástico.

3.1.15.4 Sacos resistentes á auga 5H3: para evitar a entrada de humidade, os sacos deberán impermeabilizarse, por exemplo, por medio:

- de varios forros separados de papel resistente á auga (por exemplo, papel kraft parafinado, papel kraft con dúas capas de breadas ou papel kraft revestido de plástico); ou
- dunha película de plástico pegada á cara interior ou exterior do saco; ou
- dun ou máis forros interiores de plástico.

3.1.15.5 Masa neta máxima: 50 kg.

### 3.1.16 Sacos de película de plástico 5H4

3.1.16.1 Os sacos deberán ser de plástico apropiado. A solidez do material e a confección do saco gardarán relación coa súa capacidade e o uso previsto. As xuntas e pechaduras deberán resistir a presión e os choques, nas condicións normais de transporte.

3.1.16.2 Masa neta máxima: 50 kg.

### 3.1.17 Sacos de papel 5M1 multicamada 5M2 multicamada, resistentes á auga

3.1.17.1 Estes sacos deberán confeccionarse con papel kraft apropiado ou outro papel equivalente, de tres camadas como mínimo, das cales a do medio pode ser de tea de malla e ligante adhesivo cara ás camadas exteriores. A solidez do papel e a confección deberán gardar relación coa capacidade do saco e co uso a que estea destinado. As xuntas e os peches deberán ser non cribantes.

3.1.17.2 Para impedir a entrada de humidade, os sacos de catro camadas ou máis deberán impermeabilizarse utilizando papel resistente á auga para unha das dúas camadas externas, ou ben unha barreira resistente á auga, dun material protector adecuado, intercalada entre as dúas camadas externas. Os sacos de tres camadas deberán impermeabilizarse utilizando papel resistente á auga para a camada externa. Cando exista o risco de que a substancia contida reaccione coa humidade ou cando estea húmida no momento de empacala, tamén deberá colocarse xunto á substancia unha camada ou barreira impermeable, por exemplo de papel kraft con dúas camadas de breadas, papel kraft revestido de plástico, película de plástico pegada á superficie interior do saco ou un ou máis forros interiores de plástico. As xuntas e peches deberán ser impermeables.

3.1.17.3 Masa neta máxima: 50 kg.

### 3.1.18 Embalaxes compostas (de material plástico)

- 6HA1 recipiente de plástico con bidón exterior de aceiro
- 6HA2 recipiente de plástico con gaiola\* ou caixa exterior de aceiro
- 6HB1 recipiente de plástico con bidón exterior de aluminio
- 6HB2 recipiente de plástico con gaiola\* ou caixa exterior de aluminio
- 6HC recipiente de plástico con caixa exterior de madeira
- 6HD1 recipiente de plástico con bidón exterior de madeira contrachapada
- 6HD2 recipiente de plástico con caixa exterior de madeira contrachapada
- 6HG1 recipiente de plástico con bidón exterior de cartón
- 6HG2 recipiente de plástico con caixa exterior de cartón
- 6HH1 recipiente de plástico con bidón exterior de plástico
- 6HH2 recipiente de plástico con caixa exterior de plástico sólido

#### 3.1.18.1 *Recipientes interiores*

3.1.18.1.1 O previsto en 3.1.7.1 e 3.1.7.3 a 3.1.7.6 aplícase tamén aos recipientes interiores de plástico.

3.1.18.1.2 Os recipientes interiores de plástico deberán quedar ben axustados dentro da embalaxe exterior, na cal non haberá ningún saínte que poida causar a abrasión do plástico.

3.1.18.1.3 Capacidade máxima dos recipientes interiores:

6HA1, 6HB1, 6HD1, 6HG1, 6HH1: 250 l;  
6HA2, 6HB2, 6HC, 6HD2, 6HG2, 6HH2: 60 l.

3.1.18.1.4 Masa neta máxima:

6HA1, 6HB1, 6HD1, 6HG1, 6HH1: 400 kg;  
6HA2, 6HB2, 6HC, 6HD2, 6HG2, 6HH2: 75 kg.

#### 3.1.18.2 *Embalaxe exterior*

3.1.18.2.1 Recipiente de plástico con bidón exterior de aceiro 6HA1 ou 6HB1; na fabricación da embalaxe exterior aplicaranse tamén as disposicións pertinentes de 3.1.1 a 3.1.2, segundo corresponda.

\* As gaiolas son embalaxes exteriores de superficies descontinuas. As gaiolas non poderán utilizarse como embalaxes exteriores de embalaxes compostas para o transporte por vía aérea.

3.1.18.2.2 Recipiente de plástico con caixa exterior de aceiro ou aluminio 6HA2 a 6HB2; na fabricación da embalaxe exterior aplicaranse tamén as disposicións pertinentes de 3.1.13.

3.1.18.2.3 Recipiente de plástico con caixa exterior de madeira 6HC; na fabricación da embalaxe exterior aplicaranse tamén as disposicións pertinentes de 3.1.8.

3.1.18.2.4 Recipiente de plástico con bidón exterior de madeira contrachapada 6HD1; na fabricación da embalaxe exterior aplicaranse tamén as disposicións pertinentes de 3.1.5.

3.1.18.2.5 Recipiente de plástico con caixa exterior de madeira contrachapada 6HD2; na fabricación da embalaxe exterior aplicaranse tamén as disposicións pertinentes de 3.1.9.

3.1.18.2.6 Recipiente de plástico con bidón exterior de cartón 6HG1; na fabricación das embalaxes exteriores aplicaranse as disposicións de 3.1.6.1 a 3.1.6.4.

3.1.18.2.7 Recipiente de plástico con caixa exterior de cartón 6HG2; na fabricación das embalaxes exteriores aplicaranse as disposicións pertinentes de 3.1.11.

3.1.18.2.8 Recipiente de plástico con bidón exterior de plástico 6HH1; na fabricación das embalaxes exteriores aplicaranse as disposicións de 3.1.7.1 e 3.1.7.3 a 3.1.7.7.

3.1.18.2.9 Recipiente de plástico con caixa exterior de plástico sólido (mesmo material plástico corrugado) 6HH2; na fabricación das embalaxes exteriores aplicaranse as disposicións de 3.1.12.1 e 3.1.12.4 a 3.1.12.6.

## 3.2 CARACTERÍSTICAS DAS EMBALAXES INTERIORES

### 3.2.1 Vidro

As embalaxes teñen que estar ben construídas. Os materiais con que estean feitas estas embalaxes e peches teñen que ser de boa calidade e, cando estean en contacto co artigo ou substancia, non teñen que reaccionar con el. Os peches teñen que ser o suficientemente herméticos para impedir as fugas ou a cribaxe. As rollas de cortiza ou doutro tipo teñen que manterse ben apertadas por medio de arame, fita adhesiva ou por algún outro medio eficaz. As embalaxes con gargalos de rosca moldados teñen que ter tapas de rosca con forro elástico, que resistan totalmente o contido.

As ampolas de vidro deben selarse con calor, ser herméticas a gases e líquidos e non deben reaccionar quimicamente ao entraren en contacto co contido. Se a autoridade nacional que corresponda permite tubos de vidro para gases licuados, estes deben ter paredes grosas e carecer de defectos.

### 3.2.2 Plástico

As embalaxes teñen que estar ben construídas. Os materiais con que están feitas e os seus peches teñen que ser de polietileno de boa calidade ou doutro plástico adecuado e, cando estean en contacto co artigo ou substancia, non teñen que reaccionar con el. Os peches teñen que ser o suficientemente herméticos para impedir as fugas ou a cribaxe. As rollas de cortiza ou doutro tipo teñen que manterse ben apertadas por medio de arame, fita adhesiva ou por algún outro medio eficaz.

### 3.2.3 Latas, botes ou tubos de metal

As embalaxes teñen que estar ben construídas. Os materiais con que estean feitas as embalaxes e os seus peches teñen que ser de boa calidade e, cando estean en contacto coa substancia, non teñen que reaccionar con ela. Os peches teñen que ser suficientemente herméticos para impedir as fugas ou a cribaxe e as tapas de rosca teñen que levar un forro elástico que resista por completo o contido das embalaxes.

### 3.2.4 Sacos de papel

Ten que usarse papel kraft para sacos de transporte, ou equivalente, de ao menos dúas follas de papel.

### 3.2.5 Sacos de plástico

As soldaduras das unións e peches destes sacos non teñen que permitir a cribaxe. Os sacos de plástico teñen que ter un espesor mínimo de 0,1 mm.

### 3.2.6 Botes ou caixas de cartón

As embalaxes teñen que estar ben construídas e o material con que están feitas ten que ser de boa calidade. Están permitidas as cubertas, baixos e xuntas de metal, de espesor apropiado.

### 3.2.7 Recipientes metálicos (aerosois) non reutilizables (IP.7, IP.7A, IP.7B)

#### 3.2.7.1 Recipientes (aerosois) IP.7 e IP.7A

3.2.7.1.1 *Materiais e construción.* A chapa utilizada debe ser de aceiro ou dalgún metal non ferroso, de calidade uniforme e estirada uniformemente:

- IP.7 os recipientes teñen que ter un espesor de parede mínimo de 0,18 mm;
- IP.7A os recipientes teñen que ter un espesor de parede mínimo de 0,20 mm.

Os recipientes poden carecer de unións ou levalas soldadas directamente, soldadas con algún outro metal, soldadas con latón, con dobre costura ou estampadas. Os extremos teñen que poder resistir as presións. A capacidade máxima non debe exceder 820 ml e o seu diámetro interior máximo non excederá 76 mm.

3.2.7.1.2 *Ensaio de idoneidade.* Un recipiente de cada lote de 25 000 ou menos, producidos sucesivamente nun día, ensaiarase someténdoo a presión ata a súa destrución:

- IP.7 os recipientes non teñen que rebentar a unha presión inferior a 1 650 kPa;
- IP.7A os recipientes non teñen que rebentar a unha presión inferior a 1 860 kPa.

#### 3.2.7.2 Recipientes (aerosois) IP.7B

3.2.7.2.1 *Materiais e construción.* A chapa utilizada debe ser de aceiro ou dalgún metal non ferroso, de calidade uniforme e estirada uniformemente. Os recipientes poden carecer de unións ou levalas soldadas directamente, soldadas con algún outro metal, soldadas con latón, con dobre costura ou estampadas. Os extremos teñen que poder resistir as presións. A capacidade máxima non debe exceder 1 000 ml e o seu diámetro interior máximo non excederá 76 mm. O recipiente, incluíndo a súa válvula, ten que ser virtualmente hermético nas condicións normais de transporte e a válvula debe estar previamente protexida para evitar que se dispare durante o transporte.

#### 3.2.7.2.2 Ensaio de idoneidade necesarios:

- ensaio de presión hidráulica;
- ensaio de estouro;
- ensaio de fugas.

#### 3.2.7.2.3 *Ensaio de presión hidráulica.* Número de mostras: seis recipientes.

Método de ensaio e presións aplicadas: a presión ten que aplicarse lentamente. A presión de ensaio debe ser un 50% máis alta que a presión interna de 50°C, pero ao menos de 1 000 kPa. A presión de ensaio debe aplicarse durante 25 segundos.

Criterios para superar con éxito o ensaio: os recipientes non poden mostrar deformacións considerables, fugas ou defectos similares, só unha distorsión simétrica lixeira da base ou unha distorsión que afecte o perfil do extremo superior, con tal de que o recipiente pase o ensaio de estouro.

3.2.7.2.4 *Ensaio de estouro.* Número de mostras: seis recipientes, que poden ser os mesmos recipientes utilizados no ensaio de presión hidráulica.

Método de ensaio e presións aplicadas: unha presión hidráulica polo menos o 20% máis alta que a presión de ensaio mencionada en 3.2.7.2.3.

Criterios para superar con éxito o ensaio: os recipientes non poden ter fugas.

#### 3.2.7.2.5 *Ensaio de fugas.* Número de mostras: é necesario ensaiar todos os recipientes.

Método de ensaio: debe somerxerse nun baño de auga cada recipiente cheo. A temperatura da auga e a duración do ensaio deben ser tales que a presión interna equivalla á que se tería alcanzado a 55°C, ou a 50°C se a fase líquida non excede o 95% da capacidade do aerosol a 50°C. Se un aerosol é sensible á calor, a temperatura do baño deberá fixarse entre 20°C e 30°C, e neste caso débese ensaiar un recipiente de cada 2 000 á temperatura máis elevada.

Tamén é posible utilizar outros métodos de ensaio que sexan igualmente eficaces.

Criterios para superar con éxito o ensaio: os recipientes non poden mostrar deformacións permanentes visibles nin tampouco fugas.

### 3.2.8 Recipientes plásticos (aerosois) non reutilizables (IP.7C)

#### 3.2.8.1 Recipientes (aerosois) IP.7C

3.2.8.1.1 *Materiais e construción.* O recipiente debe ser de tereftalato de polietileno (PET), neftalato de polietileno (PEN), poliamida (nailon), ou unha mestura que conteña unha combinación de PET, PEN, etil vinil alcohol (EVOH) e nailon. Deben aplicarse procedementos termoplásticos que aseguren a uniformidade do recipiente completo. Non poderá empregarse material usado, salvo se se trata de residuos de produción ou retriturados do mesmo procedemento de fabricación. A embalaxe debe ser adecuadamente resistente ao envellecemento e á degradación causada xa sexa pola substancia contida ou pola radiación ultravioleta. A capacidade máxima non debe exceder 500 ml.

#### 3.2.8.1.2 Ensaio de idoneidade necesarios:

- ensaio de caída;
- ensaio de presión hidráulica;
- ensaio de estouro;
- ensaio de fugas.

3.2.8.1.3 *Ensaio de caída.* Método de ensaio: para asegurar que o escorremento non afecte a capacidade do tipo de recipiente de reter o contido, os recipientes deben deixarse caer da maneira seguinte: tres grupos de 25 recipientes cheos deben deixarse caer desde 1,8 m nunha superficie ríxida, inelástica, plana e horizontal. O primeiro grupo debe someterse a 38°C durante 26 semanas, o segundo grupo a 50°C durante 100 horas e o terceiro grupo a 55°C durante 18 horas, antes do ensaio de caída.

Criterios para superar con éxito o ensaio: os recipientes non poden presentar danos nin fugas.

#### 3.2.8.1.4 *Ensaio de presión hidráulica.* Número de mostras: seis recipientes.

Método de ensaio: os recipientes deben resistir unha presión de ensaio igual a 1 200 kPa como mínimo.

Criterios para superar con éxito o ensaio: o recipiente non debe presentar deformacións importantes, fugas nin defectos similares, só se permitirá unha leve distorsión simétrica na base ou unha que afecte o perfil do extremo superior, sempre que o recipiente pase con éxito o ensaio de estouro.

3.2.8.1.5 *Ensaio de estouro.* Número de mostras: seis. Estes recipientes poden ser os mesmos que se utilizaron no ensaio de presión hidráulica.

Método de ensaio e presións aplicadas: debe aplicarse unha presión hidráulica 20% máis elevada, como mínimo que a presión de ensaio mencionada en 3.2.8.1.4.

Criterios para superar con éxito o ensaio: o recipiente non debe presentar fugas.

3.2.8.1.6 *Ensaio de fugas.* Todos os aerosois. Debe aplicarse un ensaio de fugas de conformidade con 6;5.4.2.2.2 a 6;5.4.3 coa aprobación da autoridade pertinente.

### 3.2.9 Tubos flexibles metálicos ou de plástico

Os materiais de construción dos tubos flexibles e as súas cubertas, cando entran en contacto co peróxido orgánico, non deben afectar a estabilidade térmica.

---



## Capítulo 4

### ENSAIOS DE IDONEIDADE DAS EMBALAXES

#### Notas de introdución

*Nota 1.— Os ensaios de idoneidade especificados neste capítulo teñen en conta o material utilizado e o deseño das embalaxes. Tamén teñen en conta se as mercadorías que haxa que transportar son líquidos ou sólidos.*

*Nota 2.— Os ensaios de idoneidade fanse coa idea de garantir que non haxa perda do contido nas condicións normais de transporte. O rigor dos ensaios das embalaxes depende do contido que teñan que aloxar, tendo en conta o grao de perigosidade (é dicir, o grupo de embalaxe), a densidade relativa e a presión de vapor (canto aos líquidos).*

#### 4.1 ENSAIOS DE IDONEIDADE E FRECUENCIA DESTES

4.1.1 Cada prototipo de embalaxe ten que ensaiarse de conformidade co previsto neste capítulo e cos procedementos prescritos pola autoridade nacional que corresponda.

4.1.2 Antes de que poida utilizarse unha embalaxe, o seu prototipo ten que superar os ensaios prescritos no presente capítulo. Enténdese por prototipo o deseño, tamaño, material e espesor, modo de construción e empaque, que pode comprender diversos acabamentos da superficie. Tamén inclúe as embalaxes que difiran do prototipo só na súa altura máis baixa.

4.1.3 Os ensaios teñen que repetirse en mostras de produción a intervalos fixados pola autoridade nacional que corresponda. Canto aos ensaios das embalaxes de papel ou de cartón prensado, considérase que a preparación nas condicións ambientes equivale ao previsto en 4.2.3.

4.1.4 Tamén teñen que repetirse os ensaios despois de cada modificación que altere o proxecto, material ou sistema de construción da embalaxe.

4.1.5 A autoridade nacional que corresponda pode permitir os ensaios seleccionados de embalaxes que difiran unicamente en pequenos aspectos con relación ao tipo ensaiado, por exemplo, con embalaxes interiores de menor tamaño ou embalaxes interiores de menor masa neta; e as embalaxes tales como os bidóns, sacos e caixas que se constrúen con pequenas reducións das súas dimensións externas.

4.1.6 Reservado.

*Nota.— En relación coas condicións para a colocación de distintas embalaxes nunha embalaxe exterior e as variacións admisibles nas embalaxes interiores, véxase 4;1.1.10.1.*

4.1.7 Os obxectos ou embalaxes interiores de calquera forma para sólidos ou líquidos poderán ser armados e transportados, sen efectuar ensaios, nunha embalaxe exterior baixo as condicións seguintes:

a) A embalaxe exterior debe ter pasado con éxito os ensaios de conformidade con 4.3 con embalaxes interiores fráxiles (p. ex., vidro) que conteña líquidos, aplicando a altura de caída do grupo de embalaxe I.

b) A masa bruta combinada total das embalaxes interiores non debe exceder a metade da masa bruta das embalaxes interiores que se utilizaron para o ensaio de caída que se indica en a).

c) O espesor do material de acolchamento entre as embalaxes interiores entre si e entre as embalaxes interiores e a parte exterior da embalaxe non debe ser inferior ao espesor correspondente na embalaxe que se someteu a ensaios orixinalmente; e se no ensaio orixinal se utilizou unha embalaxe interior única, o espesor do material de acolchamento entre as embalaxes interiores non debe ser inferior ao espesor do material de acolchamento entre a parte exterior da embalaxe e a embalaxe interior do ensaio orixinal. Se se utilizan embalaxes interiores en menor cantidade ou de tamaño máis reducido que as que se utilizaron no ensaio de caída, débese usar material de acolchamento adicional suficiente para encher os espazos baleiros.

d) A embalaxe exterior debe ter pasado con éxito o ensaio de empillamento que figura en 4.6 estando baleiro. A masa total de vultos idénticos debe basearse na masa combinada das embalaxes interiores que se utilizaron no ensaio de caída que figura en a).

e) As embalaxes interiores que conteñen líquidos deben envolverse completamente cunha cantidade de material absorbente que poida absorber o contido total de líquido das embalaxes interiores.

f) Se unha embalaxe exterior está destinada a conter embalaxes interiores para líquidos e non é estanca, ou está destinada a conter embalaxes interiores para sólidos e non é hermética ao po, débese prover un medio de conter os líquidos ou sólidos en caso de fuga, que pode ser un forro estanco, un saco de plástico ou outro medio de contención igualmente

eficaz. Para as embalaxes que conteñen líquidos, o material absorbente que se require en e) debe colocarse dentro do medio de contención do contido líquido.

g) As embalaxes interiores que conteñan líquidos deben cumprir as condicións que figuran en 4;1.1.6.

h) As embalaxes deben marcarse de conformidade coas instrucións da parte 6;2 para indicar que foron sometidas a ensaios e se axustan aos requisitos de idoneidade do grupo de embalaxe I para as embalaxes combinadas. A masa bruta marcada en quilogramos debe corresponder á suma da masa da embalaxe exterior máis a metade da masa da embalaxe (ou embalaxes) interior que se utilizou no ensaio de caída que se menciona en a). Na marca da embalaxe debe figurar tamén a letra "V" descrita en 1.2.6.

4.1.8 En calquera momento, a autoridade nacional que corresponda pode exixir probas, mediante ensaios realizados de conformidade co previsto neste capítulo, de que as embalaxes de produción satisfán os mesmos ensaios efectuados co prototipo.

4.1.9 Se por razóns de seguridade se require algún tratamento interior ou camada de revestimento, este debe reter as súas propiedades protectoras aínda despois de feitos os ensaios.

4.1.10 Sempre que a validez dos resultados do ensaio non se vexa afectada e coa aprobación das autoridades nacionais competentes, poden realizarse varios ensaios coa mesma mostra.

## 4.2 PREPARACIÓN DAS EMBALAXES PARA OS ENSAIOS

4.2.1 Os ensaios deben realizarse con embalaxes preparadas para o transporte, incluíndo as embalaxes interiores no caso das embalaxes combinadas. Os recipientes ou embalaxes interiores ou únicos deben encherse como mínimo ao 98% da súa capacidade máxima para os líquidos e ao 95% para os sólidos. Os sacos só deben encherse ata a masa máxima a que poidan utilizarse. No caso dos sacos que non sexan os utilizados en embalaxes combinadas, cuxa embalaxe interior permite o transporte de líquidos e sólidos, é preciso realizar ensaios separados para o contido líquido e o sólido. As substancias ou obxectos que teñan que transportarse nas embalaxes poden substituírse por outras substancias ou obxectos, a menos que isto invalide o resultado dos ensaios. Canto aos sólidos, se se utiliza algunha outra substancia ten que ter as mesmas características físicas (masa, tamaño dos grans, etc.) que a substancia que haberá que transportar. É posible utilizar aditivos, tales como sacos de perdigóns, para conseguir a masa total prescrita, sempre que estean colocados de forma que non invaliden os resultados dos ensaios.

4.2.2 Nos ensaios de caídas aplicables aos líquidos, cando se utilice outra substancia, a súa densidade relativa e viscosidade deben ser similares ás da substancia que se transporte. Tamén se pode utilizar auga para facer o ensaio de caída de líquidos nas condicións previstas en 4.3.5.

4.2.3 As embalaxes de papel ou de cartón teñen que acondicionarse polo menos 24 horas nunha atmosfera que teña unha temperatura e humidade relativa (h.r.) controladas. Hai tres posibilidades, entre as cales hai que escoller unha delas. A atmosfera preferida é de 23°C ± 2°C e 50% ± 2% h.r. As outras dúas posibilidades son 20°C ± 2°C e 65% ± 2% h.r. ou 27°C ± 2°C e 65% ± 2% h.r.

*Nota.— Os valores medios deben estar dentro destes límites. As fluctuacións a curto prazo e as limitacións das medicións poden facer que cada medición varíe ata en ± 5% de humidade relativa sen afectar de maneira significativa a capacidade de reproducir o ensaio.*

4.2.4 Hai que tomar as medidas adicionais necesarias para asegurarse de que o plástico utilizado na fabricación de bidóns de plástico, garrafóns de plástico e embalaxes compostas (materiais de plástico) para conter líquidos se axusta ao previsto en 3.1.7.1, 3.1.7.3 e 4;1.1.3. Por exemplo, isto pode facerse sometendo mostras de recipientes ou embalaxes a un ensaio preliminar por un longo período de tempo, tal como seis meses, durante os cales as mostras teñen que permanecer cheas das substancias que teñan que conter, e despois do cal as mostras teñen que someterse aos ensaios previstos en 4.3, 4.4, 4.5 e 4.6. Canto ás substancias que poidan causar quebras ou debilitar os bidóns ou garrafóns de plástico, a mostra, coa substancia ou algunha outra substancia que se saiba que produce quebras de igual importancia no material plástico en cuestión, debe someterse a unha carga adicional equivalente á masa total de vultos idénticos que teñan que empillarse sobre ela durante o transporte. A altura mínima de empillamento, incluíndo a mostra de ensaio, debe ser de 3 m.

## 4.3 ENSAIO DE CAÍDA

### 4.3.1 Número de mostras de ensaio (por prototipo e fabricante) e dirección de caída

Cando non se trata de caídas sobre superficies planas, o centro de gravidade debe estar situado verticalmente sobre o punto de impacto. Cando pode haber máis dunha dirección para unha caída determinada, debe utilizarse aquela coa cal hai maior probabilidade de que a embalaxe presente defectos.

#### 4.3.2 Preparación especial das mostras de ensaio para facer o ensaio de caída

A temperatura da mostra de ensaio e do seu contido debe reducirse a  $-18^{\circ}\text{C}$  ou menos cando se trata das embalaxes seguintes:

- bidóns de plástico (véxase 3.1.7);
- garrafóns de plástico (véxase 3.1.7);
- caixas de plástico, excepto caixas de poliestireno expandido (véxase 3.1.12);
- embalaxes compostas (de material plástico) (véxase 3.1.18); e
- embalaxes combinadas con embalaxes interiores de plástico, excepto os sacos de plástico para conter substancias sólidas ou obxectos.

Cando as mostras de ensaio se preparan desta maneira, pódese prescindir do acondicionamento especificado en 4.2.3. Os líquidos de ensaio deben preservarse en estado líquido, se é necesario engadindo un anticongelante.

<i>Embalaxes</i>	<i>Número de mostras</i>	<i>Dirección da caída</i>
Bidóns de aceiro Bidóns de aluminio Garrafóns de aceiro Garrafóns de aluminio Bidóns de madeira contrachapada Bidóns de cartón Bidóns e garrafóns de plástico Embalaxes compostas en forma de bidón	Seis (tres por caída)	Primeira caída (tres mostras): a embalaxe ten que golpear diagonalmente o obxectivo co rebordo ou, se non ten rebordo, cunha costura circunferencial ou co bordo.  Segunda caída (coas outras tres mostras): a embalaxe ten que golpear o obxectivo polo punto máis débil non ensaiado coa primeira caída; p. ex., unha tapa ou, no caso dalgúns bidóns cilíndricos, a costura lonxitudinal soldada do corpo do bidón.
Caixas de madeira natural Caixas de madeira contrachapada Caixas de madeira reconstituída Caixas de cartón Caixas de plástico Caixas de aceiro ou de aluminio Embalaxes compostas en forma de caixa	Cinco (unha por caída)	Primeira caída: de plano sobre o fondo da caixa Segunda caída: de plano sobre a parte superior da caixa Terceira caída: de plano sobre un dos lados máis longos da caixa Cuarta caída: de plano sobre un dos lados máis curtos da caixa Quinta caída: sobre unha esquina
Sacos dunha soa camada sen costura lateral, ou multicamada	Tres (dúas caídas por saco)	Primeira caída: de plano sobre a cara frontal do saco Segunda caída: sobre un fondo do saco
Sacos dunha soa camada con costura lateral	Tres (tres caídas por saco)	Primeira caída: de plano sobre a cara frontal do saco Segunda caída: de plano sobre un lado do saco Terceira caída: sobre un fondo do saco

4.3.3 As embalaxes de tapa amovible para líquidos non deben deixarse caer ata, como mínimo, 24 horas despois de enchelas e pechallas, para ter en conta calquera posible relaxación das xuntas.

#### 4.3.4 Área de impacto

A área de impacto consistirá nunha superficie non elástica, horizontal e deberá ser:

- o suficientemente ríxida e maciza para ser inamovible;
- plana cunha superficie libre de defectos que poidan afectar os resultados do ensaio;
- o suficientemente ríxida como para ser indeformable nas condicións en que se realicen os ensaios e que non poida sufrir danos como consecuencia destes; e
- o suficientemente grande como para asegurar que o vulto sometido a ensaio quedará completamente contido dentro da súa superficie.

#### 4.3.5 Altura de caída

Canto aos sólidos e líquidos, se o ensaio se realiza co sólido ou líquido que haxa que transportar ou con algunha outra substancia que teña esencialmente as mesmas características físicas:

Grupo de embalaxe I	Grupo de embalaxe II	Grupo de embalaxe III
1,8 m	1,2 m	0,8 m

Canto aos líquidos en embalaxes únicas e nas embalaxes interiores das embalaxes combinadas, se o ensaio se fai con auga:

- a) cando as substancias que haxa que transportar teñan unha densidade relativa que non exceda 1,2:

Grupo de embalaxe I	Grupo de embalaxe II	Grupo de embalaxe III
1,8 m	1,2 m	0,8 m

b) cando as substancias que haxa que transportar teñan unha densidade relativa que exceda 1,2, a altura de caída debe calcularse sobre a base da densidade relativa  $d$  da substancia que haxa que transportar, arredondada ata o decimal máis próximo, así:

Grupo de embalaxe I	Grupo de embalaxe II	Grupo de embalaxe III
$d \times 1,5$ m	$d \times 1,0$ m	$d \times 0,67$ m

*Nota.— O termo auga inclúe solucións de auga e anticongelante cun peso específico mínimo de 0,95 que teñen que ensaiarse a  $-18^{\circ}\text{C}$ .*

#### 4.3.6 Criterios de superación do ensaio

4.3.6.1 Toda embalaxe que conteña algún líquido non pode ter filtracións unha vez que se lograse o equilibrio entre as presións interna e externa, exceptuando as embalaxes interiores de embalaxes combinadas, caso en que non é necesario que as presións sexan iguais.

4.3.6.2 Cando unha embalaxe que contén sólidos se somete ao ensaio de caída e a parte superior toca o albo, a mostra de ensaio supera o ensaio se o contido queda retido nunha embalaxe ou recipiente interior (por exemplo, un saco de plástico), sempre que a tapa conserve a súa función de contención, mesmo que xa non evite a cribaxe.

4.3.6.3 A embalaxe ou embalaxe exterior dunha embalaxe composta ou combinada non debe ter ningunha avaría que poida afectar a seguridade ao transportala. Os recipientes interiores, embalaxes interiores ou obxectos deben permanecer completamente dentro da embalaxe exterior e non debe haber fugas da substancia que enche o recipiente interior ou as embalaxes interiores.

4.3.6.4 Nin a camada externa dun saco nin a embalaxe exterior deben ter avarías que poidan afectar a seguridade ao transportalos.

4.3.6.5 Unha lixeira perda, a través do peche ou peches, ao chocar, non fai defectuosa a embalaxe, con tal de que non ocorran máis perdas.

4.3.6.6 Canto ás embalaxes para mercadorías da clase 1, non debe haber ningunha rotura que permita o derramamento de substancias ou obxectos explosivos soltos fóra da embalaxe exterior.

#### 4.4 ENSAIO DE ESTANQUIDADE

*Nota.— Este ensaio ten que realizarse con todos os prototipos de embalaxes que teñan que conter líquidos; no entanto, este ensaio non é necesario respecto ás embalaxes interiores combinadas.*

- 4.4.1 Número de mostras de ensaio: tres mostras por prototipo e fabricante.

4.4.2 Método de ensaio e presión que deben aplicarse: as embalaxes, incluíndo os seus peches, deben somerxerse en auga durante cinco minutos mentres se aplica internamente presión de aire; o método para mantelas baixo a auga non debe afectar os resultados do ensaio. A presión de aire (de manómetro) que hai que aplicar debe ser:

Grupo de embalaxe I	Grupo de embalaxe II	Grupo de embalaxe III
Como mínimo 30 kPa (0,3 bar)	Como mínimo 20 kPa (0,2 bar)	Como mínimo 20 kPa (0,2 bar)

Tamén poden aplicarse outros métodos que sexan polo menos tan eficaces como este.

4.4.3 Criterio de superación do ensaio: non pode haber perdas.

#### 4.5 ENSAIO DE PRESIÓN INTERNA (HIDRÁULICA)

4.5.1 Embalaxes que deben someterse a ensaio: o ensaio de presión interna (hidráulica) debe realizarse con todos os prototipos de embalaxes de metal, de plástico e compostas destinadas a conter líquidos. No caso de embalaxes interiores que forman parte de embalaxes combinadas non é preciso efectuar este ensaio. Con respecto aos requisitos sobre presión interna das embalaxes interiores, véxase 4;1.1.6.

4.5.2 Número de mostras de ensaio: tres mostras por prototipo e fabricante.

4.5.3 Método e presión de ensaio que hai que aplicar: as embalaxes metálicas, incluíndo os seus peches respectivos, deben someterse durante 5 minutos ao ensaio de presión. As embalaxes de plástico e as compostas (plástico), incluíndo os seus peches, teñen que someterse durante 30 minutos ao ensaio de presión. Esta é a presión que debe incluírse na marca exixida en 2.1.1 d). A forma en que se apoian as embalaxes non debe invalidar o ensaio. O ensaio de presión debe facerse en forma constante durante todo o período de ensaio. A presión hidráulica (manómetro) aplicada, determinada por calquera dos métodos que figuran a seguir, debe ser:

a) non inferior á presión total de manómetro medida da embalaxe (é dicir, a presión de vapor do líquido contido e a presión parcial do aire ou outro gas inerte, menos 100 kPa) a 55°C multiplicados por un factor de seguridade de 1,5. Esta presión total de manómetro debe determinarse a base do grao máximo de enchemento, de conformidade con 4;1.1.5 e unha temperatura de enchemento de 15°C. A presión de ensaio non debe ser inferior de 95 kPa (non menos de 75 kPa para os líquidos do grupo de embalaxe III, clase 3, ou da división 6.1); ou

b) non menos de 1,75 veces a presión de vapor a 50°C do líquido que haxa que transportar, menos 100 kPa, pero cunha presión mínima de ensaio de 100 kPa; ou

c) non menos de 1,5 veces a presión de vapor a 55°C do líquido que haxa que transportar, menos 100 kPa pero cunha presión mínima de ensaio de 100 kPa.

Todo iso exprésase así:

a)  $P_T = (P_{M55} \times 1,5)$  kPa con mínimos de 95 ou 75 kPa;

b)  $P_T = (Vp_{50} \times 1,75) - 100$  kPa cun mínimo de 100 kPa;

c)  $P_T = (Vp_{55} \times 1,5) - 100$  kPa cun mínimo de 100 kPa;

fórmulas en que:

$P_T$  = presión de ensaio en kPa (manómetro)

$P_{M55}$  = presión medida na embalaxe enchemento a unha temperatura de 55°C

$Vp_{50}$  = presión do vapor a 50°C

$Vp_{55}$  = presión do vapor a 55°C.

4.5.4 Ademais disto, as embalaxes que teñan que conter líquidos pertencentes ao grupo de embalaxe I deben ensaiarse a unha presión mínima de ensaio de 250 kPa (manómetro) por un período de 5 ou 30 minutos, segundo sexa o material de que está composta a embalaxe.

4.5.5 Criterios de superación do ensaio: ningunha embalaxe deberá ter perdas.

## 4.6 ENSAIO DE EMPILLAMENTO

4.6.1 Todos os prototipos de embalaxes, exceptuados os sacos, teñen que someterse ao ensaio de empillamento.

4.6.2 Número de mostras de ensaio: tres mostras de ensaio por prototipo e fabricante.

4.6.3 Método de ensaio: a mostra de ensaio ten que someterse a unha forza aplicada á superficie superior da mostra de ensaio, equivalente ao peso total de embalaxes idénticas que poderían empillarse nela durante a operación de transporte: cando o contido das mostras de ensaio sexan líquidos dunha densidade relativa diferente da do líquido que haxa que transportar, a forza ten que calcularse en relación co último. A altura mínima do empillamento, incluíndo a mostra de ensaio, ten que ser de 3 m. O ensaio debe durar 24 horas excepto cando se trata de bidóns de plástico, garrafóns e embalaxes compostas (6HH1 e 6HH2) que teñan que levar líquidos, caso en que teñen que someterse á proba de empillamento por un período de 28 días e a unha temperatura mínima de 40°C.

4.6.4 Criterios de superación do ensaio: ningunha mostra de ensaio deberá ter perdas. Cando se trata de embalaxes compostas ou combinadas, non pode haber perdas da substancia que os ocupa, a partir do recipiente interior ou da embalaxe interior. As mostras de ensaio non poden dar indicios de deterioración que poida afectar adversamente a seguridade de transporte, ou de distorsión que poida diminuír a súa resistencia ou causar a inestabilidade do empillamento de vultos. Antes de facer a avaliación, as embalaxes de plástico teñen que refrixerarse á temperatura ambiente.

## 4.7 INFORME SOBRE O ENSAIO

4.7.1 Debe prepararse e pórse á disposición dos usuarios da embalaxe un informe sobre o ensaio coa información seguinte, como mínimo:

- a) nome e enderezo do lugar en que se efectuou o ensaio;
- b) nome e enderezo do solicitante (se corresponde);
- c) identificación única do informe sobre o ensaio;
- d) data do informe sobre o ensaio;
- e) fabricante da embalaxe;
- f) descrición do tipo de embalaxe (p. ex., dimensións, material, peches, espesor, etc.), comprendido o método de fabricación (p. ex., moldado con aire), poden incluírse ilustracións ou fotografías;
- g) capacidade máxima;
- h) características do contido da mostra de ensaio (p. ex., viscosidade e densidade relativa dos líquidos e tamaño das partículas dos sólidos);
- i) descrición e resultados do ensaio;
- j) sinatura, nome e cargo do signatario.

4.7.2 No informe sobre o ensaio debe incluírse unha declaración relativa a que:

- a) a embalaxe preparada para transporte foi sometida a ensaio de conformidade coas disposicións pertinentes destas instrucións ou coas disposicións equivalentes do capítulo 6 das *Recomendacións relativas ao transporte de mercadorías perigosas*, das Nacións Unidas; e
- b) a aplicación doutros métodos ou elementos de embalaxe pode invalidalo.

4.7.3 Debe entregarse unha copia deste informe sobre o ensaio ás autoridades nacionais competentes.

## 4.8 REQUISITOS DE ENSAIO DAS EMBALAXES DE RECUPERACIÓN

As embalaxes de recuperación (véxase 1;3.1) deben ser sometidas aos ensaios e levar as marcas que se especifican nas condicións aplicables ás embalaxes do grupo de embalaxe II destinadas ao transporte de sólidos ou de embalaxes interiores, salvo no que respecta ao seguinte:

- a) a substancia de proba que se utiliza nos ensaios debe ser auga e as embalaxes deben encherse como mínimo ao 98% da súa capacidade máxima. Poden agregarse elementos, tales como sacos de balíns de chumbo, para alcanzar a masa total do vulto que se require, sempre que estes elementos se coloquen de maneira que non alteren os resultados. No ensaio de caída, a altura de caída debe axustarse ao que se especifica en 4.3;

b) as embalaxes deben ter superado con éxito o ensaio de estanquidade de 30 kPa e no informe sobre o ensaio que se require en 4.7.1 deben incluírse os seus resultados;

c) as embalaxes que teñen, entre outras, a función esencial de reter substancias líquidas deben, ademais, ter superado con éxito o ensaio de presión interna que se especifica en 4.5; e

d) despois da marca que se require segundo 2.1.1 b), debe agregarse a letra "T".

---

## Capítulo 5

### REQUISITOS RELATIVOS Á CONSTRUCCIÓN E Á PROBA DE CILINDROS E RECIPIENTES CRIOXÉNICOS PECHADOS, PULVERIZADORES DE AEROSOL, RECIPIENTES DE PEQUENA CAPACIDADE QUE CONTEÑEN GAS (CARTUCHOS DE GAS) E CARTUCHOS PARA PILAS DE COMBUSTIBLE QUE CONTEÑEN GAS LICUADO INFLAMABLE

*Nota 1.— Os pulverizadores de aerosol, os recipientes de pequena capacidade que conteñen gas (cartuchos de gas) e os cartuchos para pilas de combustible que conteñen gas licuado inflamable non están suxeitos ás condicións de 6;5.1 a 6;5.3.*

*Nota 2.— Para os recipientes crioxénicos abertos, deben cumprirse as condicións da Instrución de embalaxe 202.*

#### 5.1 REQUISITOS XERAIS

##### 5.1.1 Deseño e construción

5.1.1.1 Os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados e os seus peches deben deseñarse, fabricarse, someterse a ensaio e equiparse de maneira tal que soporten todas as condicións, incluída a fatiga, a que se verán sometidos durante as condicións normais de transporte.

5.1.1.2 Atendendo ao avance científico e tecnolóxico e aceptando que a escala nacional ou rexional poden utilizarse cilindros e recipientes crioxénicos pechados distintos daqueles coa marca de certificación das Nacións Unidas, pode permitirse o uso de cilindros e recipientes crioxénicos pechados que se axusten a condicións distintas das prescritas nas presentes instrucións se así o aproban as autoridades nacionais que corresponda dos países de transporte e uso.

5.1.1.3 En ningún caso o espesor mínimo das paredes será inferior a aquel especificado nas normas técnicas de deseño e construción.

5.1.1.4 Para os cilindros e recipientes crioxénicos pechados soldados, deben utilizarse unicamente metais aptos para soldadura.

≠ 5.1.1.5 A presión de ensaio dos cilindros debe axustarse á Instrución de embalaxe 200 ou, para un produto químico a presión, á Instrución de embalaxe 218. A presión de ensaio para os recipientes crioxénicos pechados debe axustarse á Instrución de embalaxe 202. A presión de ensaio para dispositivos de almacenamento con hidruro metálico debe axustarse á Instrución de embalaxe 214.

5.1.1.6 Non se utiliza.

5.1.1.7 Debe evitarse todo contacto entre metais diferentes que poida provocar danos por galvanización.

5.1.1.8 As condicións adicionais seguintes aplícanse á construción de recipientes crioxénicos pechados para transporte de gases licuados refrixerados.

5.1.1.8.1 Deben determinarse as propiedades mecánicas do metal utilizado en cada recipiente crioxénico pechado, incluíndo a resistencia ao impacto e o coeficiente de flexión.

5.1.1.8.2 Os recipientes crioxénicos pechados deben estar termicamente illados. O illamento térmico debe estar protexido contra impactos por medio dunha camisa exterior. Se o espazo entre o recipiente crioxénico pechado e a camisa exterior se baleira de aire (illamento por baleiro), a camisa exterior debe ter un deseño tal que soporte sen deformación permanente unha presión externa de polo menos 100 kPa (1 bar) calculada de conformidade cun código técnico recoñecido ou unha presión manométrica crítica calculada de esmagamento que non sexa inferior a 200 kPa (2 bar). Se a camisa exterior está pechada ata o punto de ser hermética (p. ex., no caso do illamento por baleiro), debe instalarse un dispositivo para evitar que aumente perigosamente a presión na camada illante cando a hermeticidade do recipiente crioxénico pechado ou os seus adaptadores é inadecuada. O dispositivo debe evitar que a humidade penetre no illamento.

5.1.1.8.3 Os recipientes crioxénicos pechados destinados ao transporte de gases licuados refrixerados que teñan un punto de ebulición inferior a  $-182^{\circ}\text{C}$  á presión atmosférica non deberán conter materiais que poidan reaccionar de maneira perigosa co oxíxeno do aire ou en atmosferas enriquecidas con oxíxeno cando eses materiais estean en lugares de illamento térmico onde exista un risco de contacto co oxíxeno do aire ou cun líquido enriquecido con oxíxeno.



5.1.1.8.4 Os recipientes crioxénicos pechados deben deseñarse e construírse con dispositivos de izada e suxeición adecuados.

5.1.1.9 Requisitos adicionais para a construción de recipientes presurizados para acetileno

Os cilindros para ONU 1001 — **Acetileno disolto** e ONU 3374 — **Acetileno sen disolvente**, reenchéranse cun material poroso, uniformemente distribuído, dun tipo que satisfaga os requisitos e ensaios especificados pola autoridade nacional que corresponda e que:

a) sexa compatible co cilindro e non forme compostos danifios ou perigosos, nin co acetileno nin co solvente no caso de ONU 1001; e

b) poida evitar a propagación da descomposición do acetileno no material poroso.

No caso de ONU 1001, o solvente debe ser compatible cos cilindros.

### 5.1.2 Materiais

5.1.2.1 Os materiais de construción dos cilindros e os recipientes crioxénicos pechados e os peches que están en contacto directo con mercadorías perigosas non deben verse afectados ou debilitados polas mercadorías perigosas en cuestión e non deben producir ningún efecto perigoso (p. ex., como catalizar unha reacción ou reaccionar coas mercadorías perigosas).

5.1.2.2 Os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados e os seus peches deben estar fabricados cos materiais prescritos nas normas técnicas de deseño e construción e na instrución de embalaxe aplicable ás substancias que van transportarse neles. Os materiais deben ser resistentes a fracturas por fragilidade e á fisuración por corrosión intensa, segundo o indicado nas normas técnicas de deseño e construción.

### 5.1.3 Equipamento de servizo

5.1.3.1 As válvulas, tubaxes e outros accesorios sometidos a presión, excluídos os dispositivos de descompresión, deben deseñarse e construírse de maneira que a presión de rotura sexa como mínimo 1,5 veces a presión de ensaio dos cilindros e os recipientes crioxénicos pechados.

5.1.3.2 O equipamento de servizo debe configurarse ou deseñarse para impedir danos que poden resultar do escape do contido do cilindro e do recipiente crioxénico pechado durante as condicións normais de manipulación e transporte. As válvulas de enchemento e de baleiramento e todas as tapas de protección deben ter seguros para que non se abran accidentalmente. As válvulas deben ir protexidas como se especifica en 4;4.1.1.8.

5.1.3.3 Os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados que non poden manipularse manualmente ou rodar deben estar equipados con dispositivos (rolos, aros, correas) que permitan manipularlos de maneira segura por medios mecánicos e amañalos de forma que a súa resistencia non se vexa afectada nin se sometan a tensión indebida.

5.1.3.4 Cada cilindro e recipiente crioxénico pechado debe estar equipado cos dispositivos de descompresión especificados na Instrución de embalaxe 200(1), 202 ou 214 ou en 5.1.3.6.4 e 5.1.3.6.5. Os dispositivos de descompresión deben deseñarse de maneira que impidan a entrada de materia externa, as fugas de gas e que se produza calquera exceso de presión perigoso.

5.1.3.5 Os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados cuxo reenchemento se mide por volume deben ter un indicador de nivel.

5.1.3.6 *Requisitos adicionais para os recipientes crioxénicos pechados*

5.1.3.6.1 Non se utiliza.

5.1.3.6.2 As seccións de tubaxe que poidan pecharse en ambos os extremos e onde o produto líquido poida verse bloqueado deben dispor dun dispositivo automático de descompresión para impedir que se produza presión excesiva nas tubaxes.

5.1.3.6.3 Cada conexión dun recipiente crioxénico pechado debe estar claramente marcada para indicar a súa función (p. ex., fase vapor ou fase líquida).

5.1.3.6.4 *Dispositivos de descompresión*

5.1.3.6.4.1 Cada recipiente crioxénico pechado con capacidade normal de máis de 550 l debe estar provisto como mínimo de dous dispositivos de descompresión. O dispositivo de descompresión debe ser dun tipo capaz de resistir forzas dinámicas, incluído o aumento transitorio de presión.

5.1.3.6.4.2 Os recipientes crioxénicos pechados con capacidade nominal de 550 l ou menos deben estar provistos dun dispositivo de descompresión como mínimo e ademais, poden ter un disco franxible en paralelo co dispositivo accionado por resorte, a fin de cumprir co prescrito en 5.1.3.6.5. O dispositivo de descompresión debe ser do tipo que resiste forzas dinámicas, incluído o aumento transitorio de presión.

5.1.3.6.4.3 As conexións cos dispositivos de descompresión terán un tamaño suficiente para permitir que a descarga necesaria pase libremente por eles.

5.1.3.6.4.4 Cando o recipiente se enchese ao máximo, todos os orificios de entrada dos dispositivos de descompresión deben estar situados no espazo vapor do recipiente crioxénico pechado e os dispositivos deben estar colocados de tal modo que o exceso de vapor poida escapar libremente.

#### 5.1.3.6.5 *Capacidade e axuste dos dispositivos de descompresión*

*Nota.— Polo que respecta aos dispositivos de descompresión, enténdese por PSMA a presión manométrica efectiva máxima admisible na parte superior dun recipiente crioxénico pechado cargado cando está en posición de servizo, incluída a presión efectiva máxima durante o enchemento e o baleiramento.*

5.1.3.6.5.1 O dispositivo de descompresión debe abrirse automaticamente a unha presión non inferior á PSMA e abrirse totalmente a unha presión igual ao 110% da PSMA. Despois da descarga, debe pecharse a unha presión non inferior ao 10% da presión a que comeza a descarga e manterase pechado a presións inferiores.

5.1.3.6.5.2 Non se utiliza.

5.1.3.6.5.3 En caso de perda de baleiro nun recipiente crioxénico pechado illado ao baleiro, a capacidade combinada de todos os dispositivos de descompresión instalados debe ser suficiente para que a presión (incluída a acumulada) dentro do recipiente crioxénico pechado non exceda o 120% da PSMA.

5.1.3.6.5.4 A capacidade requirida dos dispositivos de descompresión calcularase conforme un código técnico establecido, recoñecido pola autoridade nacional que corresponda. [Véxanse, por exemplo, as publicacións S-1.2-2003 e S-1.1-2003 de Compressed Gas Association (CGA)].

### 5.1.4 **Aprobación dos cilindros e dos recipientes crioxénicos pechados**

5.1.4.1 A conformidade dos cilindros e os recipientes crioxénicos pechados debe avaliarse na etapa de fabricación segundo o requira a autoridade nacional que corresponda. Unha entidade de inspección é a que debe inspeccionar, someter a ensaio e aprobar os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados. A documentación técnica debe incluír especificacións completas sobre o deseño e a construción, e toda a documentación relativa a fabricación e ensaio.

5.1.4.2 Os sistemas de garantía de calidade deben axustarse aos requisitos da autoridade nacional que corresponda.

### 5.1.5 **Inspección e ensaio iniciais**

5.1.5.1 Os cilindros novos que non sexan recipientes crioxénicos pechados nin dispositivos de almacenamento con hidruro metálico deben someterse a inspección e ensaio durante e despois da fabricación, de conformidade coas normas de deseño pertinentes, incluído o seguinte:

Para unha mostra apropiada de cilindros:

- a) ensaio das características mecánicas do material de construción;
- b) verificación do espesor mínimo das paredes;
- c) verificación da homoxeneidade do material para cada lote de produción;
- d) inspección das condicións externas e internas dos cilindros;
- e) inspección das roscas do gargalo;
- f) verificación da conformidade coa norma de deseño;

Para todos os cilindros:

g) ensaio de presión hidráulica. Os cilindros deben soportar a presión de ensaio sen expandírense máis do que permiten as especificacións de deseño;

*Nota.— Co acordo da autoridade nacional que corresponda, o ensaio de presión hidráulica pode substituírse por un ensaio en que se utilice gas, sempre que esta operación non supoña perigo.*

h) inspección e avaliación dos defectos de fabricación e a súa reparación ou ben exclusión dos cilindros como inservibles. No caso dos cilindros soldados, debe prestarse especial atención á calidade das soldaduras;

i) inspección das marcas dos cilindros;

j) ademais do anterior, inspección dos cilindros que se utilizan no transporte de ONU 1001 — **Acetileno disolto** e ONU 3374 — **Acetileno sen disolvente**, para asegurar a idoneidade da instalación, a condición da masa porosa e, se corresponde, a cantidade de disolvente.

5.1.5.2 As inspeccións e ensaios especificados en 5.1.5.1 a), b), d) e f) deben realizarse nunha mostra adecuada de recipientes crioxénicos pechados. Ademais, as soldaduras deben inspeccionarse mediante radiografías, ultrasóns ou calquera outro método ou proba adecuado e non destrutivo nunha mostra de recipientes crioxénicos pechados, conforme a norma de deseño e construción aplicable. A inspección das soldaduras non se aplica ás camisas exteriores. Ademais, todos os recipientes crioxénicos pechados deben someterse ás inspeccións e ensaios especificados en 5.1.5.1 g), h) e i), así como ao ensaio de estanquidade e a outro que comprobe o bo funcionamento do equipamento de servizo despois da montaxe.

5.1.5.3 No caso dos dispositivos de almacenamento con hidruro metálico, debe verificarse que as inspeccións e ensaios especificados en 5.1.5.1 a), b), c), d), e) se procede, f), g), h) e i) se levasen a cabo sobre unha mostra adecuada dos recipientes utilizados no dispositivo de almacenamento con hidruro metálico. Ademais, sobre unha mostra adecuada dos dispositivos de almacenamento con hidruro metálico, deben levarse a cabo as inspeccións e ensaios especificados en 5.1.5.1 c) e f), así como en 5.1.5.1 e) se procede, e unha inspección do estado externo dos dispositivos de almacenamento con hidruro metálico. Así mesmo, todos os dispositivos de almacenamento con hidruro metálico deben someterse ás inspeccións e ensaios iniciais especificados en 5.1.5.1 h) e i), así como a un ensaio de estanquidade e a unha proba que demostre o bo funcionamento do equipamento de servizo.

#### 5.1.6 Inspección e ensaio periódicos

5.1.6.1 Os cilindros reutilizables deben someterse periodicamente a inspección e ensaio por parte dunha entidade aprobada pola autoridade nacional que corresponda, de conformidade co seguinte:

a) verificación das condicións externas dos cilindros e verificación do equipamento e as marcas exteriores;

b) verificación das condicións internas dos cilindros (p. ex., inspeccións internas e comprobación do espesor mínimo das paredes);

c) verificación das roscas se hai indicios de corrosión ou se se quitan os adaptadores;

d) ensaio de presión hidráulica e, de ser necesario, verificación das características do material mediante os ensaios adecuados;

*Nota 1.— Co acordo da autoridade nacional que corresponda, o ensaio de presión hidráulica pode substituírse por un ensaio en que se utilice gas, sempre que esta operación non supoña perigo.*

*Nota 2.— Co acordo da autoridade nacional que corresponda, o ensaio de presión hidráulica dos cilindros pode substituírse por un método equivalente baseado en probas de emisión acústica ou unha combinación de probas de emisión acústica e exame por ultrasón. Pode utilizarse a norma ISO 16148:2006 como orientación para os procedementos de probas de emisión acústica.*

*Nota 3.— O ensaio de presión hidráulica pode substituírse por un exame por ultrasóns efectuado de conformidade coa norma ISO 10461:2005 + A1:2006 no caso dos cilindros de gas (bombonas) de aliaxe de aluminio sen soldadura, e coa norma ISO 6406:2005 no caso dos cilindros de gas (bombonas) de aceiro sen soldadura.*

e) verificación do equipamento de servizo, outros accesorios e dispositivos de descompresión, se van ser postos de novo en servizo.

≠ *Nota.— Con respecto á frecuencia das inspeccións e ensaios periódicos, véxase a Instrución de embalaxe 200 ou, para un produto químico a presión, a Instrución de embalaxe 218.*

5.1.6.2 Os cilindros destinados a transportar ONU 1001 — **Acetileno disolto** e ONU 3374 — **Acetileno sen disolvente**, só deben examinarse conforme o disposto en 5.1.6.1 a), c) e e). Ademais, débese examinar o estado do material poroso (por exemplo, fisuras, folgura superior, desprendementos, asentamento).

+ 5.1.6.3 As válvulas de descompresión dos recipientes crioxénicos pechados deben someterse a inspeccións e ensaios periódicos.

#### 5.1.7 Requisitos para os fabricantes

5.1.7.1 O fabricante debe ter a capacidade técnica e todos os recursos necesarios para fabricar de maneira satisfactoria os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados; isto refírese en particular a persoal cualificado para:

a) supervisar todo o proceso de fabricación;

b) levar a cabo a ensambladura de materiais; e

c) realizar os ensaios pertinentes.

5.1.7.2 A avaliación dos coñecementos dun fabricante debe, en todos os casos, realizala unha entidade de inspección aprobada pola autoridade nacional que corresponda do país de aprobación.

#### 5.1.8 Requisitos relativos ás entidades de inspección

As entidades de inspección deben ser independentes das empresas fabricantes e deben ter a competencia necesaria para realizaren os ensaios, as inspeccións e as aprobacións que se requiren.

### 5.2 REQUISITOS RELATIVOS AOS CILINDROS E RECIPIENTES CRIOXÉNICOS PECHADOS DAS NACIÓNS UNIDAS

Ademais das condicións xerais de 5.1, os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados das Nacións Unidas deben cumprir cos requisitos desta sección, comprendidas as normas, segundo corresponda.

*Nota.— Co acordo da autoridade nacional que corresponda, poden utilizarse versións de publicación máis recente das normas se se dispón delas.*

#### 5.2.1 Deseño, construción e inspección e ensaios iniciais

5.2.1.1 As normas seguintes aplícanse ao deseño, construción e inspección e ensaio iniciais dos cilindros das Nacións Unidas, salvo a inspección necesaria para o sistema de avaliación da conformidade e a aprobación, que debe realizarse de conformidade con 5.2.5:

ISO 9809-1:1999 Cilindros de gas — Cilindros de gas de aceiro sen soldadura reutilizables — Deseño, construción e ensaio — Parte 1: Cilindros de aceiro temperado e revenido con resistencia á tracción inferior a 1 100 MPa.

*Nota.— A nota relativa ao factor F na sección 7.3 desta norma non debe aplicarse aos cilindros das Nacións Unidas.*

ISO 9809-2:2000 Cilindros de gas — Cilindros de gas de aceiro sen soldadura reutilizables — Deseño, construción e ensaio — Parte 2: Cilindros de aceiro temperado e revenido con resistencia á tracción superior ou igual a 1 100 MPa.

ISO 9809-3:2000 Cilindros de gas — Cilindros de gas de aceiro sen soldadura reutilizables — Deseño, construción e ensaio — Parte 3: Cilindros de aceiro normalizados.

ISO 7866:1999 Cilindros de gas — Cilindros de gas de aliaxe de aluminio sen soldadura reutilizables — Deseño, construción e ensaio.

*Nota.— A nota relativa ao factor F na sección 7.2 desta norma non debe aplicarse aos cilindros das Nacións Unidas. Non debe autorizarse a aliaxe de aluminio 6351A — T6 ou equivalente.*

ISO 4706:2008 Cilindros de gas - Cilindros reutilizables, de aceiro e con soldadura - Presión de ensaio máxima de 60 bar.

ISO 18172-1:2007 Cilindros de gas - Cilindros reutilizables de aceiro inoxidable e con soldadura - Parte 1: Presión de ensaio máxima de 6 MPa.

ISO 20703:2006 Cilindros de gas - Cilindros reutilizables de aliaxe de aluminio e con soldadura - Deseño, construción e ensaio.

ISO 11118:1999 Cilindros de gas — Cilindros de gas metálicos non reutilizables — Especificacións e métodos de ensaio.

ISO 11119-1:2002 Cilindros de gas de construción composta — Métodos de especificación e ensaio — Parte 1: Cilindros de gas compostos e con aros.

ISO 11119-2:2002 Cilindros de gas de construción composta — Métodos de especificación e ensaio — Parte 2: Cilindros de gas compostos reforzados con fibra e totalmente envoltos nun revestimento metálico que transmita a carga.

ISO 11119-3:2002 Cilindros de gas de construción composta — Métodos de especificación e ensaio — Parte 3: Cilindros de gas de materiais compostos reforzados con fibra totalmente envoltos nun revestimento metálico ou non metálico que non transmita a carga.

*Nota 1 .— Nas normas a que se fai referencia máis arriba, os cilindros compostos deben estar deseñados para ter unha duración ilimitada.*

*Nota 2.— Despois dos 15 primeiros anos de servizo, os cilindros compostos fabricados de conformidade con estas normas poderán ser aprobados para que sigan prestando servizo pola autoridade nacional que corresponda e que aprobou orixinalmente os cilindros, a cal baseará a súa decisión na información dos ensaios proporcionada polo fabricante, o propietario ou o usuario.*

5.2.1.2 Non se utiliza.

5.2.1.3 As normas seguintes aplícanse ao deseño, construción e inspección e ensaio iniciais dos cilindros das Nacións Unidas para acetileno, con excepción da inspección necesaria para o sistema de avaliación da conformidade e a aprobación, que debe realizarse de conformidade con 5.2.5.

*Nota.— O volume máximo de 1 000 l, como se menciona na norma ISO 21029-1:2004 de recipientes crioxénicos, non se aplica aos gases licuados refrixerados en recipientes crioxénicos pechados incorporados en aparellos (p. ex., máquinas de IRM ou refrixerantes).*

Para a estrutura do cilindro:

ISO 9809-1:1999 Cilindros de gas — Cilindros de gas de aceiro sen soldadura reutilizables — Deseño, construción e ensaio — Parte 1: Cilindros de aceiro temperado e revenido con resistencia á tracción inferior a 1 100 MPa.

*Nota.— A nota relativa ao factor F na sección 7.3 desta norma non debe aplicarse aos cilindros das Nacións Unidas.*

ISO 9809-3:2000 Cilindros de gas — Cilindros de gas de aceiro sen soldadura reutilizables — Deseño, construción e ensaio — Parte 3: Cilindros de aceiro normalizados.

Para a masa porosa no cilindro:

ISO 3807-1:2000 Cilindros para acetileno — Requisitos básicos — Parte 1: Cilindros sen tapóns fusibles.

ISO 3807-2:2000 Cilindros para acetileno — Requisitos básicos — Parte 2: Cilindros con tapóns fusibles.

5.2.1.4 As normas seguintes aplícanse ao deseño, construción e inspección e ensaio iniciais de recipientes crioxénicos pechados coa marca "UN", coa excepción de que os requisitos de inspección relativos ao sistema de avaliación da conformidade e do proceso de aprobación se axusten ao disposto en 5.2.5:

ISO 21029-1:2004 Recipientes crioxénicos – Recipientes transportables, illados ao baleiro, dun volume inferior a 1 000 l — Parte 1: Deseño, fabricación, inspección e ensaios.

5.2.1.5 As normas seguintes aplícanse ao deseño, construción e inspección e ensaio iniciais de dispositivos de almacenamento con hidruro metálico coa marca "UN", coa excepción de que os requisitos de inspección en relación co sistema de avaliación da conformidade e a aprobación deben axustarse ao disposto en 5.2.5:

ISO 16111:2008 Dispositivos portátiles para o almacenamento de gas - Hidróxeno absorbido nun hidruro metálico reversible.

## 5.2.2 Materiais

Ademais das condicións relativas a material que se establecen nas normas de deseño e construción dos cilindros e os recipientes crioxénicos pechados, e calquera restrición prescrita na instrución de embalaxe aplicable para os gases que van transportarse (p. ex., Instrución de embalaxe 200, Instrución de embalaxe 202, ou Instrución de embalaxe 214), aplícanse as normas seguintes con respecto á compatibilidade de materiais:

ISO 11114-1:1997 Cilindros para o transporte de gas — Compatibilidade do material do cilindro e da válvula co contido de gas — Parte 1: Materiais metálicos.

ISO 11114-2:2000 Cilindros para o transporte de gas — Compatibilidade do material do cilindro e da válvula co contido de gas — Parte 2: Materiais non metálicos.

*Nota.— As limitacións que na norma ISO 11114-1 se impoñen ás aliaxes de aceiro de alta resistencia canto a niveis de resistencia de rotura á tracción ata 1 100 MPa non se aplican ao silano (ONU 2203).*

## 5.2.3 Equipamento de servizo

As normas seguintes aplícanse aos peches e ao seu sistema de protección:

≠ISO 11117:2008+ Cor 1:2009 Cilindros de gas — Cápsulas de protección de válvula e protexeválvulas — Deseño, construción e ensaios.

*Nota.— A construción conforme a norma ISO 11117:1998 pode continuar ata o 31 de decembro de 2014.*

ISO 10297:2006 Cilindros de gas — Válvulas de cilindros de gas reutilizables — Especificacións e ensaios de tipo.

+ISO 13340:2001 Cilindros de gas transportables — Válvulas de cilindros non reutilizables — Especificacións e ensaios de tipo.

No caso dos dispositivos de almacenamento con hidruro metálico coa marca "UN", aplícanse aos peches e aos seus sistemas de protección as disposicións da seguinte norma:

ISO 16111:2008 Dispositivos portátiles para o almacenamento de gas - Hidróxeno absorbido nun hidruro metálico reversible.

#### 5.2.4 Inspección e ensaio periódicos

As normas seguintes aplícanse ás inspeccións e ensaios periódicos dos cilindros das Nacións Unidas e dos dispositivos de almacenamento con hidruro metálico das Nacións Unidas:

ISO 6406: 2005 Cilindros de gas de aceiro sen soldadura — Inspeccións e ensaios periódicos.

ISO 10461:2005/A1:2006 Cilindros de gas de aliaxe de aluminio sen soldadura — Inspeccións e ensaios periódicos.

ISO 10462:2005 Cilindros transportables para acetileno disolto — Inspeccións e mantemento periódicos.

ISO 11623:2002 Cilindros de gas transportables — Inspección e ensaios periódicos dos cilindros de gas compostos.

ISO 16111:2008 Dispositivos portátiles para o almacenamento de gas - Hidróxeno absorbido nun hidruro metálico reversible.

+ISO 10460:2005 Cilindros de gas de aceiro ao carbono con soldadura – Inspección e ensaio periódicos.

*Nota.— A reparación das soldaduras descrita na cláusula 12.1 desta norma non debe permitirse. As reparacións descritas na cláusula 12.2 requiren a aprobación da autoridade nacional que corresponda que aprobese o organismo de inspeccións e ensaios periódicos de conformidade co disposto en 5.2.6.*

#### 5.2.5 Sistema para avaliar a conformidade dos cilindros e dos recipientes crioxénicos pechados e aprobación para a súa fabricación

##### 5.2.5.1 Definicións

Para os fins desta sección:

*Prototipo:* refírese ao deseño do cilindro e do recipiente crioxénico pechado segundo o especificado por unha norma particular aplicable a cilindros e recipientes crioxénicos pechados.

*Sistema de avaliación da conformidade:* é un sistema para a aprobación dun fabricante pola autoridade nacional que corresponda, por medio da aprobación do prototipo de cilindro e do recipiente crioxénico pechado, a aprobación do sistema de calidade do fabricante e a aprobación das entidades de inspección.

*Verificación:* significa confirmar mediante exame ou presentación de probas obxectivas que se cumpriron as condicións especificadas.

##### 5.2.5.2 Requisitos xerais

###### 5.2.5.2.1 Autoridade nacional que corresponda

5.2.5.2.1.1 A autoridade nacional que corresponda que aproba o cilindro e o recipiente crioxénico pechado debe aprobar o sistema de avaliación da conformidade, co obxecto de asegurar que os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados se axustan aos requisitos destas instrucións. Cando a autoridade nacional que corresponda que aproba o cilindro e o recipiente crioxénico pechado non é a autoridade nacional que corresponda do país de fabricación, o cilindro e o recipiente crioxénico pechado deben levar as marcas do país de aprobación e as do país de fabricación (véxase 5.2.7 e 5.2.8). A autoridade nacional que corresponda do país de aprobación debe proporcionar, a pedimento, á autoridade equivalente do país onde se utilizan os recipientes probas que demostren o cumprimento con este sistema de avaliación da conformidade.

5.2.5.2.2 A autoridade nacional que corresponda pode delegar total ou parcialmente as súas funcións no que respecta ao sistema de avaliación da conformidade.

5.2.5.2.3 A autoridade nacional que corresponda debe asegurar que se dispón dunha lista actualizada de entidades de inspección aprobadas coas súas marcas de identificación e dos fabricantes aprobados coas súas marcas de identificación.

#### 5.2.5.2.4 Entidade de inspección

5.2.5.2.4.1 A entidade de inspección debe estar aprobada para a inspección de cilindros e recipientes crioxénicos pechados pola autoridade nacional que corresponda e debe:

- a) contar con persoal que actúe de acordo cunha estrutura orgánica e que teña a capacidade, a instrución, a competencia e as habilidades necesarias para levar a cabo de maneira satisfactoria as súas funcións técnicas;
- b) ter acceso ás instalacións e equipamentos adecuados;
- c) actuar con imparcialidade e independentemente de calquera influencia que poida afectar a dita imparcialidade;
- d) garantir a confidencialidade comercial das actividades comerciais e de propiedade do fabricante e doutras entidades;
- e) manter unha clara diferenciación entre as verdadeiras funcións da entidade de inspección e funcións que non están relacionadas;
- f) funcionar cun sistema de calidade documentado;
- g) asegurar que se realicen os ensaios e as inspeccións que se prescriben na norma pertinente para cilindros recipientes crioxénicos pechados e as presentes Instrucións; e
- h) manter un sistema de informes e rexistro eficaz e apropiado de conformidade con 5.2.5.6.

5.2.5.2.5 A entidade de inspección debe encargarse da aprobación do prototipo, dos ensaios e a inspección da produción de cilindros e recipientes crioxénicos pechados e da certificación para verificar a conformidade coa norma pertinente de cilindros e recipientes crioxénicos pechados (véxase 5.2.5.4 e 5.2.5.5).

#### 5.2.5.2.6 Fabricante

O fabricante debe:

- a) manter un sistema de calidade documentado de conformidade con 5.2.5.3;
- b) solicitar as aprobacións de prototipos de conformidade con 5.2.5.4;
- c) seleccionar unha entidade de inspección da lista de entidades de inspección aprobadas que mantén a autoridade nacional que corresponda do país de aprobación; e
- d) manter rexistros de conformidade con 5.2.5.6.

#### 5.2.5.2.7 Laboratorio de ensaios

O laboratorio de ensaios debe ter:

- a) persoal que actúe dentro dunha estrutura orgánica e cuxo número, competencia e habilidades sexan suficientes; e
- b) instalacións e equipamentos adecuados para realizar os ensaios que se prescriben na norma de fabricación, á satisfacción da entidade de inspección.

#### 5.2.5.3 Sistema de calidade do fabricante

5.2.5.3.1 O sistema de calidade debe incluír todos os elementos, requisitos e disposicións adoptados polo fabricante. Debe estar documentado sistemática e ordenadamente en forma de criterios, procedementos e instrucións por escrito.

En particular, debe incluír descriucións adecuadas:

- a) da estrutura orgánica e das responsabilidades do persoal con respecto ao deseño e a calidade do produto;
- b) do control do deseño e das técnicas, procesos e procedementos de verificación que se aplicarán ao deseñar os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados;
- c) das instrucións operacionais que se seguirán respecto á fabricación dos cilindros e dos recipientes crioxénicos pechados, do control de calidade, da garantía de calidade e do proceso de fabricación;
- d) dos rexistros de calidade, é dicir, informes de inspección, datos de ensaios e datos de calibración;
- e) dos exames administrativos para asegurar o funcionamento eficaz do sistema de calidade dimanantes das auditorías realizadas de conformidade con 5.2.5.3.2;

- f) do procedemento para describir o cumprimento cos requisitos do cliente;
- g) do procedemento de control de documentos e a súa revisión;
- h) do medio de control dos cilindros e os recipientes crioxénicos pechados que non se axustan ás especificacións, dos compoñentes comprados e os materiais intermedios e finais; e
- i) dos programas de instrución e procedementos de cualificación para o persoal.

#### 5.2.5.3.2 Auditoría do sistema de calidade

5.2.5.3.2.1 Primeiramente debe avaliarse o sistema de calidade para determinar se se axusta ás condicións de 5.2.5.3.1 á satisfacción da autoridade nacional que corresponda.

5.2.5.3.2.2 Os resultados da auditoría deben notificarse ao fabricante. A notificación debe conter as conclusións da auditoría e toda medida correctiva que se requira.

5.2.5.3.2.3 Deben realizarse auditorías periódicas, á satisfacción da autoridade nacional que corresponda, para asegurar que o fabricante mantén e aplica o sistema de calidade. Os informes das auditorías periódicas deben entregarse ao fabricante.

#### 5.2.5.3.3 Mantemento do sistema de calidade

5.2.5.3.3.1 O fabricante debe manter o sistema de calidade tal como se aprobou para que siga sendo adecuado e eficaz.

5.2.5.3.3.2 O fabricante debe notificar á autoridade nacional que corresponda que aprobou o sistema de calidade calquera cambio que preveza realizar. Os cambios propostos deben avaliarse para determinar se o sistema de calidade emendado satisfará os requisitos de 5.2.5.3.1.

#### 5.2.5.4 Procedemento de aprobación

##### 5.2.5.4.1 Aprobación inicial do prototipo

A aprobación inicial do prototipo debe constar da aprobación do sistema de calidade do fabricante e a aprobación do deseño do cilindro e do recipiente crioxénico pechado que se fabricará. A solicitude para a aprobación inicial do prototipo debe axustarse ás condicións de 5.2.5.4.2 a 5.2.5.4.6 e 5.2.5.4.9.

5.2.5.4.2 Os fabricantes que queiran producir cilindros e recipientes crioxénicos pechados de conformidade cunha norma de cilindros e recipientes crioxénicos pechados e estas instrucións deben solicitar, obter e conservar un certificado de aprobación do prototipo outorgado pola autoridade nacional que corresponda do país de aprobación, polo menos para un prototipo do cilindro e do recipiente crioxénico pechado, de conformidade co procedemento prescrito en 5.2.5.4.9. O certificado debe presentarse, a pedimento, á autoridade nacional que corresponda do país onde se utilizan os cilindros.

5.2.5.4.3 Para cada instalación de fabricación debe presentarse unha solicitude que incluíra o seguinte:

- a) o nome e o enderezo oficial do fabricante e, se é un representante autorizado o que presenta a solicitude, o seu nome e enderezo;
- b) o enderezo da instalación de fabricación (se é diferente do anterior);
- c) o nome e o cargo da(s) persoa(s) responsable(s) do sistema de calidade;
- d) a designación do cilindro e do recipiente crioxénico pechado e a norma aplicable ao cilindro e ao recipiente crioxénico pechado;
- e) información detallada sobre calquera denegación de aprobación dunha solicitude semellante por calquera outra autoridade nacional que corresponda;
- f) a identificación da entidade de inspección para a aprobación do prototipo;
- g) a documentación da instalación de fabricación como se prescribe en 5.2.5.3.1;
- h) a documentación técnica necesaria para a aprobación do prototipo, que debe permitir a verificación da conformidade dos cilindros e dos recipientes crioxénicos pechados cos requisitos da norma de deseño de cilindros e recipientes crioxénicos pechados pertinente. A documentación técnica debe incluír o deseño e o método de fabricación, ademais do seguinte, como mínimo, na medida que corresponda para a avaliación:
  - i) norma de deseño do cilindro e do recipiente crioxénico pechado e plano de deseño e fabricación, que mostren os compoñentes e detalles de montaxe, se corresponde;



ii) descrições e explicaciones necesarias para comprender os planos e o uso que se prevé para os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados;

iii) unha lista das normas que se necesitan para definir completamente o procedemento de fabricación;

iv) cálculos de deseño e especificacións do material; e

v) informes dos ensaios para a aprobación do prototipo, coa descripción do resultado dos exames e os ensaios realizados de conformidade con 5.2.5.4.9.

5.2.5.4.4 Debe realizarse unha auditoría inicial de conformidade con 5.2.5.3.2, á satisfacción da autoridade nacional que corresponda.

5.2.5.4.5 Se se nega a aprobación ao fabricante, a autoridade nacional que corresponda debe proporcionar por escrito os motivos detallados da denegación.

5.2.5.4.6 Despois da aprobación, deben notificarse á autoridade nacional que corresponda os cambios na información presentada de conformidade con 5.2.5.4.3 con respecto á aprobación inicial.

#### 5.2.5.4.7 *Aprobación subseguinte do prototipo*

A solicitude para aprobación subseguintes do prototipo debe satisfacer as condicións de 5.2.5.4.8 e 5.2.5.4.9, sempre que o fabricante teña no seu poder unha aprobación inicial do prototipo. En tal caso, o sistema de calidade do fabricante segundo 5.2.5.3 debe ter sido aprobado canda a aprobación inicial do prototipo e debe aplicarse ao novo deseño.

5.2.5.4.8 A solicitude debe incluír:

a) o nome e o enderezo do fabricante e, se é un representante autorizado o que presenta a solicitude, o seu nome e enderezo;

b) información detallada de calquera denegación de aprobación dunha solicitude similar por outra autoridade nacional que corresponda;

c) proba de que se outorgou a aprobación inicial do prototipo; e

d) a documentación técnica, descrita en 5.2.5.4.3 h).

#### 5.2.5.4.9 *Procedemento para a aprobación do prototipo*

5.2.5.4.9.1 A entidade de inspección debe:

a) examinar a documentación técnica para verificar que:

i) o deseño cumpre coas disposicións pertinentes da norma; e

ii) o lote de prototipos se fabricou de conformidade coa documentación técnica e é representativo do deseño;

b) verificar que as inspeccións de produción se realizaron segundo 5.2.5.5;

c) seleccionar cilindros e recipientes crioxénicos pechados dun lote de produción de prototipos e supervisar os ensaios destes cilindros e recipientes crioxénicos pechados segundo se require para a aprobación do prototipo;

d) realizar ou ter realizado os exames e ensaios prescritos na norma de cilindros e recipientes crioxénicos pechados para determinar que:

i) a norma se aplicou e se cumpriu con ela; e

ii) os procedementos adoptados polo fabricante satisfán as condicións da norma; e

e) garantir que se realizaron de maneira correcta e competente os distintos exames e ensaios para a aprobación do prototipo.

5.2.5.4.9.2 Despois de ter obtido resultados satisfactorios nos ensaios co prototipo e de ter cumprido con todas as condicións aplicables de 5.2.5.4, debe outorgarse un certificado de aprobación do prototipo que debe incluír o nome e o enderezo do fabricante, os resultados e conclusións do exame e a información necesaria para a identificación do prototipo.

5.2.5.4.9.3 Se ao fabricante se lle nega a aprobación do prototipo, a autoridade nacional que corresponda debe notificar por escrito o motivo detallado da denegación.

#### 5.2.5.4.10 *Modificacións de prototipos aprobados*

O fabricante debe:

a) proporcionar á autoridade nacional que corresponda que outorga a aprobación, información sobre as modificacións do prototipo aprobado, cando tales modificacións non constitúan un novo deseño, segundo se prescribe na norma de cilindros e recipientes crioxénicos pechados; ou

b) cando as modificacións constitúan un novo deseño conforme a norma de cilindros e recipientes crioxénicos pechados pertinente, solicitar unha aprobación subseguinte do prototipo. A nova aprobación debe entregarse en forma de emenda do certificado de aprobación do prototipo orixinal.

5.2.5.4.11 A pedimento, a autoridade nacional que corresponda debe comunicar a toda outra autoridade nacional que corresponda a información relativa ás aprobacións de prototipos, ás modificacións de aprobacións e ás cancelacións de aprobacións.

#### 5.2.5.5 *Inspección e certificación da produción*

5.2.5.5.1 Unha entidade de inspección, ou unha entidade delegada, debe realizar a inspección e a certificación de cada cilindro. A entidade de inspección seleccionada polo fabricante para a inspección e os ensaios durante a produción pode ser distinta daquela a que se recorre para os ensaios de aprobación do prototipo.

5.2.5.5.2 Cando poida demostrarse á satisfacción da entidade de inspección que o fabricante conta con inspectores capacitados e competentes, independentes das operacións de fabricación, estes poden realizar a inspección. En tal caso, o fabricante debe conservar os rexistros da capacitación dos inspectores.

5.2.5.5.3 A entidade de inspección debe verificar que as inspeccións realizadas polo fabricante e os ensaios efectuados naqueles cilindros e recipientes crioxénicos pechados se axusten plenamente ás normas e condicións das presentes instrucións. Se se determina que non se cumpre co requirido con respecto á inspección e ensaios, pode anularse a autorización dos inspectores do fabricante para realizaren as inspeccións.

5.2.5.5.4 O fabricante debe, coa aprobación da entidade de inspección, facer unha declaración de conformidade co prototipo certificado. A solicitude da marca de certificación do cilindro e do recipiente crioxénico pechado debe considerarse como unha declaración de que o cilindro e o recipiente crioxénico pechado cumpren coas normas aplicables de cilindros e recipientes crioxénicos pechados e as condicións deste sistema de avaliación de conformidade e as presentes instrucións. A entidade de inspección debe fixar ou encargar ao fabricante que fixe en cada un dos cilindros e recipientes crioxénicos pechados aprobados a marca de certificación e a marca rexistrada da entidade de inspección.

5.2.5.5.5 Antes de reeñcher os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados, debe outorgarse un certificado de cumprimento asinado pola entidade de inspección e o fabricante.

#### 5.2.5.6 *Rexistros*

O fabricante e a entidade de inspección deben conservar os rexistros de aprobación dos prototipos e dos certificados de cumprimento durante un mínimo de 20 anos.

### 5.2.6 **Sistema de aprobación de inspeccións e ensaios periódicos de cilindros e recipientes crioxénicos pechados**

#### 5.2.6.1 *Definición*

Para os fins desta sección:

**Sistema de aprobación:** é un sistema de aprobación pola autoridade nacional que corresponda dunha entidade encargada de facer inspeccións e ensaios periódicos de cilindros e recipientes crioxénicos pechados (denominada no sucesivo "entidade de inspeccións e ensaios periódicos"), incluída a aprobación do sistema de calidade desa entidade.

#### 5.2.6.2 *Requisitos xerais*

##### 5.2.6.2.1 *Autoridade nacional que corresponda*

5.2.6.2.1.1 A autoridade nacional que corresponda deberá establecer un sistema de aprobación para asegurar que as inspeccións e ensaios periódicos dos cilindros e os recipientes crioxénicos pechados se axusten aos requisitos destas instrucións. Nos casos en que a autoridade nacional que corresponda que aproba a entidade de inspeccións e ensaios periódicos dun cilindro e un recipiente crioxénico pechado non sexa a autoridade nacional que corresponda do país que aproba a fabricación do cilindro, as marcas do país que aproba as inspeccións e ensaios periódicos deben aplicarse ao cilindro e ao recipiente crioxénico pechado (véxase 5.2.7).

5.2.6.2.1.2 A autoridade nacional que corresponda do país que aproba as inspeccións e ensaios periódicos deberá proporcionar á súa homóloga do país de utilización, logo de solicitude, probas que demostren o cumprimento deste sistema de aprobación, incluídos os rexistros das inspeccións e ensaios periódicos.

5.2.6.2.1.3 A autoridade nacional que corresponda do país de aprobación poderá cancelar o certificado de aprobación descrito en 5.2.6.4.1 cando dispoña de información que demostre o incumprimento do sistema de aprobación.

5.2.6.2.2 A autoridade nacional que corresponda poderá delegar as súas funcións relativas a este sistema de aprobación, na súa totalidade ou en parte.

5.2.6.2.3 A autoridade nacional que corresponda deberá asegurarse de que se dispón dunha lista actualizada das entidades de inspeccións e ensaios periódicos aprobadas e das súas marcas de identificación.

#### 5.2.6.2.4 *Entidade de inspeccións e ensaios periódicos*

A entidade de inspeccións e ensaios periódicos deberá estar aprobada pola autoridade nacional que corresponda e:

a) contar con persoal que actúe de acordo cunha estrutura orgánica e que teña a capacidade, a instrución, a competencia e as habilidades necesarias para levar a cabo de maneira satisfactoria as súas funcións técnicas;

b) ter acceso ás instalacións e equipamentos adecuados;

c) actuar con imparcialidade e independentemente de calquera influencia que poida afectar a dita imparcialidade;

d) garantir a confidencialidade comercial;

e) manter unha clara diferenciación entre as verdadeiras funcións da entidade de inspeccións e ensaios periódicos e funcións que non están relacionadas;

f) funcionar cun sistema de calidade documentado, de conformidade con 5.2.6.3;

g) solicitar a aprobación de conformidade con 5.2.6.4;

h) asegurar que se realicen as inspeccións e ensaios periódicos de conformidade con 5.2.6.5; e

i) manter un sistema de informes e rexistro eficaz e apropiado de conformidade con 5.2.6.6.

#### 5.2.6.3 *Sistema de calidade e auditoría da entidade de inspeccións e ensaios periódicos*

##### 5.2.6.3.1 *Sistema de calidade*

5.2.6.3.1.1 O sistema de calidade debe incluír todos os elementos, requisitos e disposicións adoptados pola entidade de inspeccións e ensaios periódicos. Debe estar documentado sistemática e ordenadamente en forma de criterios, procedementos e instrucións por escrito.

5.2.6.3.1.2 O sistema de calidade debe incluír:

a) unha descrición da estrutura orgánica e as responsabilidades;

b) as instrucións que se seguirán respecto ás inspeccións e ensaios, control de calidade, garantía de calidade e procedemento;

c) os rexistros de calidade, é dicir, informes de inspección, datos de ensaios, datos de calibración e certificados;

d) os exames administrativos para asegurar o funcionamento eficaz do sistema de calidade dimanantes das auditorías realizadas de conformidade con 5.2.6.3.2;

e) o procedemento de control de documentos e a súa revisión;

f) o medio de control dos cilindros e os recipientes crioxénicos pechados que non se axustan ás especificacións; e os programas de instrución e procedementos de cualificación para o persoal.

##### 5.2.6.3.2 *Auditoría*

5.2.6.3.2.1 Deben auditarase a entidade de inspeccións e ensaios periódicos e o seu sistema de calidade para determinar se se axustan aos requisitos destas instrucións á satisfacción da autoridade nacional que corresponda.

5.2.6.3.2.2 Realizarase unha auditoría como parte do procedemento inicial de aprobación (véxase 5.2.6.4.3). Tamén poderá requirirse unha auditoría como parte do procedemento para modificar unha aprobación (véxase 5.2.6.4.6).

5.2.6.3.2.3 Deben realizarse auditorías periódicas, á satisfacción da autoridade nacional que corresponda, para asegurar que a entidade de inspeccións e ensaios periódicos segue cumprindo cos requisitos destas instrucións.

5.2.6.3.2.4 Os resultados da auditoría deben notificarse á entidade de inspeccións e ensaios periódicos. A notificación debe conter as conclusións da auditoría e toda medida correctiva que se requira.

#### 5.2.6.3.3 *Mantemento do sistema de calidade*

5.2.6.3.3.1 A entidade de inspeccións e ensaios periódicos debe manter o sistema de calidade tal como se aprobou para que siga sendo adecuado e eficaz.

5.2.6.3.3.2 A entidade de inspeccións e ensaios periódicos debe notificar á autoridade nacional que corresponda que aprobou o sistema de calidade calquera cambio que prevexa realizar, de conformidade co procedemento para a modificación dunha aprobación previsto en 5.2.6.4.6.

#### 5.2.6.4 *Procedemento de aprobación das entidades de inspeccións e ensaios periódicos*

##### 5.2.6.4.1 *Aprobación inicial*

5.2.6.4.1.1 As entidades que queiran realizar inspeccións e ensaios periódicos de cilindros e recipientes crioxénicos pechados de conformidade cunha norma de cilindros e recipientes crioxénicos pechados e estas instrucións deben solicitar, obter e conservar un certificado de aprobación outorgado pola autoridade nacional que corresponda.

5.2.6.4.1.2 A aprobación por escrito debe presentarse, logo de solicitude, á autoridade nacional que corresponda do país en que se utilizan os cilindros.

5.2.6.4.2 Para cada entidade de inspeccións e ensaios periódicos debe presentarse unha solicitude que incluíra o seguinte:

- a) o nome e o enderezo da entidade de inspeccións e ensaios periódicos e, se é un representante autorizado o que presenta a solicitude, o seu nome e enderezo;
- b) o enderezo de cada unha das instalacións que realiza as inspeccións e ensaios periódicos;
- c) o nome e o cargo da persoa ou persoas responsables do sistema de calidade;
- d) a designación dos cilindros e os recipientes crioxénicos pechados, os métodos das inspeccións e ensaios periódicos, e as normas de cilindros e recipientes crioxénicos pechados que abrangan o sistema de calidade;
- e) a documentación relativa a cada instalación, o equipamento, e o sistema de calidade, como se prescribe en 5.2.6.3.1;
- f) os rexistros sobre cualificacións e instrución do persoal encargado das inspeccións e ensaios periódicos; e
- g) información detallada sobre calquera denegación de aprobación dunha solicitude similar por calquera outra autoridade nacional que corresponda.

##### 5.2.6.4.3 A autoridade nacional que corresponda debe:

- a) examinar a documentación para verificar que os procedementos se axustan aos requisitos das normas pertinentes sobre cilindros e recipientes crioxénicos pechados e destas instrucións; e
- b) realizar unha auditoría de conformidade con 5.2.6.3.2 para verificar que as inspeccións e ensaios se levan a cabo segundo o prescrito nas normas pertinentes sobre cilindros e recipientes crioxénicos pechados e nestas instrucións, á satisfacción da autoridade nacional que corresponda.

5.2.6.4.4 Despois de que se realizase a auditoría con resultados satisfactorios e se cumprisen todos os requisitos aplicables de 5.2.6.4, expedirase un certificado de aprobación. Nel debe figurar o nome da entidade de inspeccións e ensaios periódicos, a marca rexistrada, o enderezo de cada instalación, e os datos necesarios para a identificación das súas actividades aprobadas (p. ex., designación dos cilindros e recipientes crioxénicos pechados, método de inspección e ensaio periódicos e normas sobre os ditos cilindros e recipientes crioxénicos pechados).

5.2.6.4.5 Se se nega a aprobación á entidade de inspeccións e ensaios periódicos, a autoridade nacional que corresponda debe proporcionar por escrito os motivos detallados da denegación.

##### 5.2.6.4.6 *Modificacións da aprobación dunha entidade inspeccións e ensaios periódicos*

5.2.6.4.6.1 Despois da aprobación, a entidade de inspeccións e ensaios periódicos debe notificar á autoridade nacional que corresponda que outorga a aprobación calquera modificación da información presentada conforme 5.2.6.4.2 relativa á aprobación inicial.

5.2.6.4.6.2 As modificacións deberán avaliarse a fin de determinar se se cumpren os requisitos das normas pertinentes sobre cilindros e recipientes crioxénicos pechados e destas instrucións.

5.2.6.4.6.3 Poderá ser necesario realizar unha auditoría de conformidade con 5.2.6.3.2.

5.2.6.4.6.4 A autoridade nacional que corresponda debe aceptar ou rexeitar estas modificacións por escrito e expedirá un certificado de aprobación emendado, segundo sexa necesario.

5.2.6.4.7 Logo de solicitude, a autoridade nacional que corresponda debe comunicar a calquera outra autoridade nacional que corresponda, a información relativa ás aprobacións iniciais, as modificacións das aprobacións e as cancelacións das aprobacións.

#### 5.2.6.5 *Inspeccións e ensaios periódicos e certificación*

5.2.6.5.1 A aplicación da marca de inspeccións e ensaios periódicos a un cilindro e un recipiente crioxénico pechado debe considerarse como unha declaración de que este cumpre coas normas aplicables sobre cilindros e recipientes crioxénicos pechados e os requisitos destas instrucións. A entidade de inspeccións e ensaios periódicos debe fixar a marca de inspeccións e ensaios periódicos, incluída a marca rexistrada, en cada cilindro e recipiente crioxénico pechado aprobado (véxase 5.2.7.8).

5.2.6.5.2 Antes de proceder ao enchemento dos cilindros e os recipientes crioxénicos pechados, a entidade de inspeccións e ensaios periódicos debe expedir un certificado no senso de que ese cilindro ou recipiente crioxénico pechado pasou con éxito a inspección e ensaio periódicos.

#### 5.2.6.6 *Rexistros*

5.2.6.6.1 A entidade de inspeccións e ensaios periódicos debe conservar os rexistros das inspeccións e ensaios periódicos dos cilindros e os recipientes crioxénicos pechados (tanto os que pasaran con éxito como os que non o superasen), incluída a localización da instalación onde se fixesen os ensaios, como mínimo durante 15 anos.

5.2.6.6.2 O propietario do cilindro e do recipiente crioxénico pechado debe conservar un rexistro idéntico ata a seguinte inspección e ensaio periódicos, a menos que o cilindro e o recipiente crioxénico pechado se retiren permanentemente do servizo.

### 5.2.7 **Marcas dos cilindros e os recipientes crioxénicos pechados reutilizables das Nacións Unidas**

*Nota.— As disposicións sobre a marcación dos dispositivos de almacenamento con hidruro metálico das Nacións Unidas figuran en 5.2.9.*

5.2.7.1 Os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados reutilizables das Nacións Unidas deben levar, de maneira clara e lexible, as marcas de certificación, operacionais e de fabricación. Estas marcas deben fixarse de maneira permanente (p. ex., estampadas, gravadas, ou gravadas á augaforte) no cilindro. As marcas deben ir no ombro, o extremo superior ou o gargalo do cilindro e do recipiente crioxénico pechado ou nun elemento permanentemente adherido do cilindro e do recipiente crioxénico pechado (p. ex., colar soldado ou unha placa resistente á corrosión soldada á camisa exterior do recipiente crioxénico pechado). Excepto no caso do símbolo de embalaxe UN, a dimensión mínima das marcas debe ser de 5 mm para os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados cun diámetro igual ou superior a 140 mm, e 2,5 mm para os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados cun diámetro inferior a 140 mm. A dimensión mínima do símbolo de embalaxe UN debe ser de 10 mm para os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados cun diámetro igual ou superior a 140 mm, e de 5 mm para os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados cun diámetro inferior a 140 mm.

5.2.7.2 Deben aplicarse as marcas de certificación seguintes:

a) o símbolo de embalaxe das Nacións Unidas



Este símbolo só deberá utilizarse para certificar que unha embalaxe cumpre os requisitos pertinentes dos capítulos 1 a 6;

b) a norma técnica (p. ex., ISO 9809-1) utilizada no deseño, na construción e nos ensaios;

c) os caracteres que identifican o país de aprobación segundo indican os símbolos distintivos utilizados internacionalmente para os vehículos motorizados;

d) a marca ou selo de identificación da entidade de inspección aprobada pola autoridade nacional que corresponda do país que autoriza as marcas;

e) a data da inspección inicial, o ano (catro díxitos) seguido do mes (dous díxitos) separados por unha barra oblicua ("/").

5.2.7.3 Deben aplicarse as marcas operacionais seguintes:

f) a presión de ensaio en bar, precedida das letras "PH" e seguida das letras "BAR";

g) a masa do cilindro e do recipiente crioxénico pechado baleiro incluíndo todas as partes integrantes adheridas de maneira permanente (p. ex., anel do gargalo, anel da base, etc.) en quilogramos, seguida das letras "KG". Esta masa non incluírá a masa das válvulas, as cápsulas ou os dispositivos de protección das válvulas, os revestimentos nin a masa porosa no caso do acetileno. A masa do recipiente baleiro debe expresarse con tres cifras significativas arredondando a última cifra ao valor superior. Para os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados de menos de 1 kg, a masa debe expresarse con dúas cifras significativas arredondando a última ao valor superior. No caso de cilindros para o ONU 1001, (**acetileno disolto**) e o ONU 3374 (**acetileno exento de solvente**) indícarase, como mínimo, un decimal despois da coma, e no caso de cilindros de menos de 1 kg, indícaranse dous decimais despois da coma;

h) o espesor mínimo garantido da parede do cilindro en milímetros seguido das letras "MM". Esta marca non se require no caso dos cilindros con capacidade de auga inferior ou igual a 1 litro, para os cilindros compostos nin para os recipientes crioxénicos pechados;

i) no caso dos cilindros para gases comprimidos, ONU 1001 (**acetileno disolto**) e ONU 3374 (**acetileno exento de solvente**), a presión de servizo en bar, precedida das letras "PW". no caso dos recipientes crioxénicos pechados, a presión de servizo máxima admisible, precedida das letras "PSMA";

j) no caso dos cilindros para gases licuados e os recipientes crioxénicos pechados, a capacidade de auga en litros debe expresarse con tres cifras significativas aproximando a última ao valor inferior, seguida da letra "L". Se o valor da capacidade mínima ou nominal de auga é un número enteiro, as cifras despois da coma decimal poden desprezarse;

k) no caso dos cilindros para ONU 1001 (**acetileno disolto**), a masa total do recipiente baleiro, os adaptadores e accesorios que non se sacan durante o enchemento, os revestimentos, a masa porosa, o disolvente e o gas de saturación debe expresarse con tres cifras significativas arredondando a última ao valor inferior, seguida das letras "KG". Indícarase como mínimo un decimal despois da coma. Nos cilindros de menos de 1 kg, a masa debe expresarse mediante un mínimo de dúas cifras significativas arredondadas á última cifra inferior;

l) no caso dos cilindros para ONU 3374 (**acetileno exento de solvente**), a masa total do recipiente baleiro, os adaptadores e accesorios que non se sacan durante o enchemento, os revestimentos e a masa porosa deben expresarse con tres cifras significativas arredondando a última ao valor inferior, seguida das letras "KG". Indícarase como mínimo un decimal despois da coma. Nos cilindros de menos de 1 kg, a masa debe expresarse mediante un mínimo de dúas cifras significativas arredondadas á última cifra inferior.

5.2.7.4 Deben aplicarse as marcas de fabricación seguintes:

m) identificación da rosca do cilindro (p. ex., 25E). (Esta marca non se require para os recipientes crioxénicos pechados);

n) a marca de fabricante rexistrada pola autoridade nacional que corresponda. Cando o país de fabricación non é o mesmo que o país de aprobación, a marca do fabricante debe ir precedida dos caracteres que identifican o país de fabricación, como o indican os símbolos distintivos utilizados internacionalmente para os vehículos motorizados. A marca do país e a marca do fabricante deben ir separadas por un espazo ou unha barra oblicua;

o) o número de serie asignado polo fabricante; e

p) no caso de cilindros e recipientes crioxénicos pechados de aceiro e cilindros e recipientes crioxénicos pechados compostos con revestimento interior de aceiro para o transporte de gases cun risco de fragilidade por hidróxeno, a letra "H" indicando a compatibilidade do aceiro (véxase ISO 11114-1:1997).


5.2.7.5 As marcas mencionadas deben aplicarse en tres grupos:

a) as marcas de fabricación deben constituír o primeiro grupo e aparecer consecutivamente na secuencia indicada en 5.2.7.4;

b) as marcas operacionais prescritas en 5.2.7.3 deben figurar no grupo intermedio así como a presión de ensaio f) que debe ir precedida da presión de servizo i) cando se require esta última;

c) as marcas de certificación deben ir en último lugar e figurar na secuencia indicada en 5.2.7.2.

A seguir dáse un exemplo das marcas aplicadas a un cilindro:

m) 25E	n) DMF	o) 765432	p) H	
i) PW200PH	f) 300BAR	g) 62,1KG	j) 50L	h) 5,8MM
a) 	b) ISO 9809-1	c) F	d) IB	e) 2000/12

5.2.7.6 Hai marcas que poden poñerse noutras partes en lugar da parede lateral, sempre que se trate de zonas que estean sometidas a pouco esforzo e cuxa dimensión e profundidade non permitan as concentracións de esforzo perigosas. No caso dos recipientes crioxénicos pechados, tales marcas poden ir nunha placa soldada á camisa exterior. Estas marcas deben ser compatibles coas marcas requiridas.

5.2.7.7 Os cilindros de construción composta cunha vida útil limitada deben estar marcados coas letras "FINAL" seguidas polo ano (catro díxitos) e o mes (dous díxitos) de expiración.

5.2.7.8 Ademais das marcas mencionadas, todo cilindro e recipiente crioxénico pechado reutilizable que cumpra cos requisitos de inspección e ensaios periódicos prescritos en 5.2.4 debe levar unha marca que indique:

a) o carácter ou caracteres indicativos do país que autorizou a entidade encargada de realizar a inspección e ensaio periódicos. Esta marca non se require se a entidade foi aprobada pola autoridade nacional que corresponda do país que aprobou a fabricación;

b) a marca rexistrada da entidade autorizada pola autoridade nacional que corresponda para realizar a inspección e ensaio periódicos;

c) a data da inspección e ensaio periódicos, o ano (dous díxitos) seguido do mes (dous díxitos) separados por unha barra oblicua ("/"). Poderán utilizarse catro díxitos para indicar o ano.

As marcas mencionadas deben aparecer de forma consecutiva, na orde indicada.

5.2.7.9 Nos cilindros de acetileno, co acordo da autoridade nacional que corresponda, a data da inspección periódica máis recente e o selo da entidade encargada de realizar a inspección poden gravarse nun anel unido á botella pola válvula. Ese anel debe estar configurado de maneira tal que só poida retirarse desmontando a válvula.

### 5.2.8 Marcas dos cilindros e os recipientes crioxénicos pechados non reutilizables das Nacións Unidas

5.2.8.1 Os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados non reutilizables das Nacións Unidas deben levar, de maneira clara e lexible, a marca de certificación, ademais das marcas concretas de cilindro e recipiente crioxénico pechado. Estas marcas deben fixarse de maneira permanente (p. ex., estarcidas, estampadas, gravadas ou gravadas á augaforte) no cilindro e recipiente crioxénico pechado. Salvo no caso do estarcido, as marcas deben ir no ombro, extremo superior ou gargalo do cilindro e recipiente crioxénico pechado ou nun elemento adherido de maneira permanente ao cilindro e ao recipiente crioxénico pechado (p. ex., colar soldado). Excepto no caso da marca "UN" e a marca "NON RECARGAR", a dimensión mínima das marcas debe ser de 5 mm para os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados cun diámetro maior ou igual a 140 mm e de 2,5 mm para os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados cun diámetro inferior a 140 mm. A dimensión mínima da marca "UN" debe ser de 10 mm para os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados cun diámetro igual ou superior a 140 mm e de 5 mm para os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados cun diámetro inferior a 140 mm. A dimensión mínima da marca "NON RECARGAR" debe ser de 5 mm.

5.2.8.2 As marcas mencionadas en 5.2.7.2 a 5.2.7.4 deben aplicarse, salvo no caso de g), h) e m). O número de serie o pode substituírse por un número de lote. Así mesmo, requírense as palabras "NON RECARGAR" en letras de 5 mm de altura como mínimo.

5.2.8.3 Deben aplicarse os requisitos de 5.2.7.5.

*Nota.— Nos cilindros e nos recipientes crioxénicos pechados non reutilizables, tendo en conta a súa dimensión, esta marca pode substituírse por unha etiqueta.*

5.2.8.4 Permítese poñer outras marcas sempre que se instalen en partes sometidas a baixo esforzo que non sexan a parede lateral e cuxa dimensión e profundidade non xeren concentracións perigosas de esforzo. Estas marcas deben ser compatibles coas marcas requiridas.

### 5.2.9 Marcas dos dispositivos de almacenamento con hidruro metálico das Nacións Unidas

5.2.9.1 Os dispositivos de almacenamento con hidruro metálico coa marca "UN" deben levar, de maneira clara e lexible, as marcas que figuran en 5.2.9.2. Estas marcas deben fixarse de modo permanente (por exemplo, estampándoas, gravándoas ou gravándoas á augaforte) no dispositivo de almacenamento con hidruro metálico. As marcas deben colocarse na oxiva, na parte superior ou no gargalo do dispositivo de almacenamento con hidruro metálico ou nalgunha peza permanentemente fixa do dispositivo de almacenamento con hidruro metálico. Con excepción do símbolo das Nacións Unidas para as embalaxes, a dimensión mínima das demais marcas debe ser:

— 5 mm no caso dos dispositivos de almacenamento con hidruro metálico cuxa medida total máis curta sexa superior ou igual a 140 mm; e

— 2,5 mm no caso dos dispositivos de almacenamento con hidruro metálico cuxa medida total máis curta sexa inferior a 140 mm.

A dimensión mínima do símbolo das Nacións Unidas para as embalaxes debe ser:

— 10 mm no caso dos dispositivos de almacenamento con hidruro metálico cuxa medida total máis curta sexa superior ou igual a 140 mm; e

— 5 mm no caso dos dispositivos de almacenamento con hidruro metálico cuxa medida total máis curta sexa inferior a 140 mm.

5.2.9.2 Deben colocarse as seguintes marcas:

a) O símbolo das Nacións Unidas para as embalaxes:



Este símbolo debe utilizarse exclusivamente para certificar que a embalaxe cumpre os requisitos pertinentes dos capítulos 1 a 6;

b) "ISO 16111" (a norma técnica utilizada para o deseño, fabricación e ensaio);

c) os caracteres que identifican o país de aprobación, segundo indican os símbolos distintivos utilizados internacionalmente para a circulación de vehículos motorizados;

d) a marca ou selo de identificación da entidade de inspección autorizada pola autoridade nacional que corresponda do país que autoriza as marcas;

e) a data da inspección inicial, o ano (catro díxitos), seguido do mes (dous díxitos) e separados por unha barra oblicua (é dicir: "/");

f) a presión de ensaio do cilindro en bar, precedida das letras "PH" e seguida das letras "BAR";

g) a presión nominal de carga do dispositivo de almacenamento con hidruro metálico en bar, precedida das letras "RCP" e seguida das letras "BAR";

h) a marca do fabricante autorizado pola autoridade nacional que corresponda. Cando o país de fabricación non é o mesmo que o país de aprobación, a marca do fabricante debe ir precedida das letras que identifican o país de fabricación, segundo indican os símbolos distintivos utilizados internacionalmente para a circulación de vehículos motorizados. A marca do país e a marca do fabricante deben estar separadas por un espazo ou por unha barra oblicua;

i) o número de serie asignado polo fabricante;

j) no caso dos cilindros de aceiro e dos cilindros de materiais compostos con revestimento interior de aceiro, a letra "H" que mostra a compatibilidade do aceiro (véxase a norma ISO 11114-1:1997); e

k) no caso dos dispositivos de almacenamento con hidruro metálico que teñen unha vida limitada, a data de expiración, indicada coas letras "FINAL" seguidas do ano (catro díxitos), seguido do mes (dous díxitos), e separados por unha barra oblicua (é dicir: "/").

As marcas de certificación consignadas nas alíneas a) a e) deben distribuírse de forma consecutiva segundo a orde indicada. A presión de ensaio f) debe ir inmediatamente precedida pola presión nominal de carga g). As marcas de fabricación indicadas nos números h) a k) deben distribuírse de forma consecutiva segundo a orde indicada.

5.2.9.3 Permítese poñer outras marcas sempre que se instalen en partes sometidas a baixo esforzo que non sexan a parede lateral e cuxa dimensión e profundidade non xeren concentracións perigosas de esforzo. Estas marcas deben ser compatibles coas marcas requiridas.



5.2.9.4 Ademais das marcas precedentes, cada dispositivo de almacenamento con hidruro metálico que cumpra coas condicións das inspeccións e ensaios periódicos de 5.2.4 debe marcarse coas indicacións seguintes:

a) os caracteres que identifiquen o país que autorizou o organismo encargado de facer as inspeccións e ensaios periódicos, segundo indican os símbolos distintivos utilizados internacionalmente para a circulación de vehículos motorizados. Esta indicación non se require se o organismo foi aprobado pola autoridade nacional que corresponda do país que autorizou a fabricación;

b) a marca rexistrada do organismo autorizado pola autoridade nacional que corresponda para facer as inspeccións e ensaios periódicos; e

c) a data da inspección e o ensaio periódicos, o ano (dous díxitos), seguido do mes (dous díxitos), e separado por unha barra oblicua (é dicir: "/"). Para indicar o ano poden usarse catro díxitos.

As marcas anteriores deben aparecer consecutivamente na orde indicada.

### 5.3 REQUISITOS PARA OS CILINDROS E OS RECIPIENTES CRIOXÉNICOS PECHADOS QUE NON SON DAS NACIÓNS UNIDAS

5.3.1 Os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados que non estean deseñados, construídos, inspeccionados, sometidos a ensaio nin aprobados de conformidade cos requisitos de 5.2 deben deseñarse, construírse, inspeccionarse, someterse a ensaio e aprobarse de conformidade coas disposicións dun código técnico recoñecido pola autoridade nacional que corresponda e os requisitos xerais de 5.1.

5.3.2 Os cilindros e os recipientes crioxénicos pechados deseñados, construídos, inspeccionados, sometidos a ensaio e aprobados de conformidade coas disposicións desta sección non deben levar o símbolo de embalaxe "UN".

5.3.3 Para os cilindros metálicos, a construción debe ser tal que a razón mínima de estouro (presión de estouro dividida por presión de ensaio) sexa:

- 1,50 para os cilindros reutilizables,
- 2,00 para os cilindros non reutilizables.

5.3.4 As marcas deben axustarse aos requisitos da autoridade nacional que corresponda do país de utilización.

### 5.4 REQUISITOS RELATIVOS A PULVERIZADORES DE AEROSOL, RECIPIENTES DE PEQUENA CAPACIDADE QUE CONTEÑEN GAS (CARTUCHOS DE GAS) E CARTUCHOS PARA PILAS DE COMBUSTIBLE QUE CONTEÑEN GAS LICUADO INFLAMABLE

#### 5.4.1 Recipientes de pequena capacidade que conteñen gas (cartuchos de gas) e cartuchos para pilas de combustible que conteñen gas licuado inflamable

5.4.1.1 Todo recipiente ou cartucho para pilas de combustible debe ser sometido a un ensaio realizado nun baño de auga quente; a temperatura do baño e a duración do ensaio deben ser tales que a presión interna alcance aquela que se tería alcanzado a 55°C (50°C se a fase líquida non excede o 95% da capacidade do recipiente ou cartucho para pilas de combustible a 50°C). Se o contido é sensible á calor ou se o recipiente ou cartucho para pilas de combustible está feito con material plástico que amoleza a esta temperatura de ensaio, a temperatura do baño deberá fixarse entre 20°C e 30°C pero, ademais, un recipiente ou cartucho para pilas de combustible de cada 2 000 deberá ensaiarse á temperatura máis alta.

5.4.1.2 Non deben producirse fugas nin deformacións permanentes en ningún dos recipientes nin cartuchos para pilas de combustible, salvo no caso dos recipientes de material plástico ou cartuchos para pilas de combustible que poden deformarse ao amoleceren, sempre que non se produzan fugas.

#### 5.4.2 Pulverizadores de aerosol

5.4.2.1 Todo pulverizador de aerosol cheo debe someterse a un ensaio de baño en auga quente ou a un ensaio alternativo aprobado.

##### 5.4.2.2 *Ensaio de baño en auga quente*

5.4.2.2.1 A temperatura do baño de auga e a duración do ensaio deben ser tales que a presión interna alcance o valor que tería a 55°C (50°C se a fase líquida non ocupa máis do 95% da capacidade do pulverizador de aerosol a 50°C). Se o contido é sensible á calor ou se os pulverizadores de aerosol están feitos dun plástico que amoleza a esa temperatura de ensaio, a temperatura do baño debe fixarse entre 20°C e 30°C, e ademais, un pulverizador de aerosol de cada 2 000 debe someterse a ensaio á temperatura superior.

5.4.2.2.2 Non debe producirse ningunha fuga ou deformación permanente dun pulverizador de aerosol excepto que un pulverizador de aerosol de plástico poderá deformarse ou amolecer, a condición de que non haxa fugas.

#### 5.4.2.3 *Métodos alternativos*

5.4.2.3.1 Poden empregarse, co acordo da autoridade nacional que corresponda, métodos alternativos que ofrezan un grao de seguridade equivalente, coa condición de que se cumpran as condicións de 5.4.2.2.1, 5.4.2.2.2 e 5.4.2.3.

#### 5.4.2.3.2 *Sistema de calidade*

5.4.2.3.2.1 Os cargadores de pulverizadores de aerosol e os fabricantes de compoñentes deben dispor dun sistema de calidade. Este sistema debe prever a aplicación de procedementos que garantan que todos os pulverizadores de aerosol con fugas ou deformacións se eliminen e non sexan presentados para o transporte.

5.4.2.3.2.2 O sistema de calidade debe comprender:

- a) unha descrición da estrutura organizativa e das responsabilidades en materia de organización;
- b) as instrucións pertinentes relativas ás inspeccións e ensaios, ao control e á garantía de calidade e á execución das operacións;
- c) rexistros da avaliación da calidade, tales como informes das inspeccións, resultados de ensaios e calibracións e certificados;
- d) a verificación por parte da dirección da eficacia do sistema de calidade;
- e) un procedemento de control dos documentos e da súa revisión;
- f) medios de control dos pulverizadores de aerosol non conformes;
- g) programas de formación e procedementos de cualificación do persoal pertinente; e
- h) procedementos que garantan que o produto final non está danado.

5.4.2.3.2.3 Levaranse a cabo, á satisfacción da autoridade nacional que corresponda, unha auditoría inicial e auditorías periódicas. Estas auditorías deben asegurar que o sistema aprobado é, e se mantén, satisfactorio e eficaz. Toda modificación prevista nese sistema debe notificarse previamente á autoridade nacional que corresponda.

#### 5.4.2.3.3 *Ensaio de presión e estanquidade dos pulverizadores de aerosol antes do seu enchemento*

Todo pulverizador de aerosol baleiro debe someterse a unha presión igual ou superior á presión máxima que se espere alcanzar no pulverizador de aerosol cheo, a 55°C (50°C se a fase líquida non ocupa máis do 95% da capacidade do recipiente a 50°C). Esta presión debe ser, como mínimo, de dous terzos a presión de deseño do pulverizador de aerosol. No caso de que se detecte unha taxa de fuga igual ou superior a  $3,3 \times 10^{-2}$  mbar.l.s<sup>-1</sup> á presión de ensaio, unha deformación ou outro defecto, o pulverizador de aerosol en cuestión debe ser eliminado.

#### 5.4.2.3.4 *Ensaio dos pulverizadores de aerosol despois do enchemento*

5.4.2.3.4.1 Antes de proceder ao enchemento, a persoa encargada debe asegurarse de que o dispositivo de embutición estea correctamente axustado e de que se usa o propulsor especificado.

5.4.2.3.4.2 Todo pulverizador de aerosol cheo debe pesarse e someterse a un ensaio de estanquidade. O equipamento de detección de fugas utilizado debe ser o suficientemente sensible como para detectar, como mínimo, unha taxa de fuga de  $2,0 \times 10^{-3}$  mbar.l.s<sup>-1</sup> a 20°C.

5.4.2.3.4.3 Debe eliminarse todo pulverizador de aerosol cheo en que se detecten fugas, deformacións ou un exceso de masa.

5.4.3 Co acordo da autoridade nacional que corresponda, os aerosois e os recipientes de pequena capacidade non están suxeitos ao disposto en 5.4.1 e 5.4.2 cando deben ser estériles pero poden resultar contaminados durante o ensaio de baño de auga, sempre que:

- a) conteñan un gas non inflamable e cumpran algunha das seguintes condicións:
  - i) conteñan outras substancias que sexan ingredientes de produtos farmacéuticos para uso médico, veterinario ou similar; ou
  - ii) conteñan outras substancias empregadas na elaboración de produtos farmacéuticos; ou
  - iii) se utilicen para fins médicos, veterinarios ou similares;

b) os métodos alternativos para a detección de fugas e a avaliación da resistencia á presión utilizados polo fabricante, tales como a detección de helio e os ensaios en baño de auga empregando unha mostra estatística dos lotes de produción de ao menos 1 de cada 2 000, permitan obter un nivel de seguridade equivalente; e

c) os produtos farmacéuticos a que se refiren as alíneas a) i) e iii) se fabriquen baixo a autoridade dunha administración médica nacional. Se así o exige a autoridade nacional que corresponda, deben seguirse os principios de boas prácticas (GMP) de fabricación establecidos pola Organización Mundial da Saúde (OMS)<sup>1</sup>.

---

<sup>1</sup>. Publicación da OMS: Quality assurance of pharmaceuticals. A compendium of guidelines and related materials. Volume 2: Good manufacturing practices and inspection.

## Capítulo 6

### EMBALAXES PARA SUBSTANCIAS INFECCIOSAS DE CATEGORÍA A

#### 6.1 XENERALIDADES

Os requisitos deste capítulo aplícanse ás embalaxes destinadas ao transporte de substancias infecciosas de categoría A.

#### 6.2 REQUISITOS PARA AS EMBALAXES

6.2.1 Os requisitos para as embalaxes previstas nesta sección baséanse nas embalaxes utilizadas actualmente, especificadas no capítulo 2. A fin de ter en conta os avances da ciencia e a tecnoloxía, non hai obxección ningunha respecto da utilización de embalaxes con especificacións diferentes das previstas no presente capítulo, sempre que sexan igualmente eficaces, aceptables para a autoridade competente e capaces de resistir con éxito os ensaios descritos en 6.5. Aceptaránse métodos de ensaio distintos dos descritos nestas instrucións, sempre que sexan equivalentes.

6.2.2 As embalaxes deben fabricarse e someterse a ensaios de acordo cun programa de garantía de calidade á satisfacción autoridade competente, a fin de asegurar que cada unha desas embalaxes cumpre cos requisitos do presente capítulo.

6.2.3 Os fabricantes de embalaxes e os distribuidores subseguintes deben proporcionar información con respecto aos procedementos que deben seguirse (comprendidas as instrucións de peche das embalaxes e recipientes interiores) e unha descrición dos tipos e dimensións dos peches (comprendidas as xuntas obturadoras necesarias) e de calquera outro elemento necesario para asegurar que os vultos, tal como se presentan para o transporte, poden superar con éxito os ensaios de idoneidade pertinentes do presente capítulo.

#### 6.3 CLAVE DE DESIGNACIÓN DOS TIPOS DE EMBALAXE

6.3.1 As claves de designación dos tipos de embalaxe figuran en 6;1.2.

6.3.2 A clave do tipo de embalaxe pode ir seguida das letras "U", ou "W". A letra "U" indica unha embalaxe especial que cumpre o prescrito en 6.5.1.6. A letra "W" indica que a embalaxe, ben que é do mesmo tipo que a designada pola clave, foi fabricada conforme especificacións diferentes das indicadas no capítulo 3 e considérase equivalente conforme o prescrito en 6.2.1.

#### 6.4 MARCAS


*Nota 1.— As marcas indican que a embalaxe que as leva corresponde a un prototipo que superou con éxito os ensaios e cumpre os requisitos deste capítulo, os cales se refiren á fabricación, pero non á utilización, da embalaxe.*

*Nota 2.— As marcas teñen por finalidade facilitar o traballo dos fabricantes de embalaxes, dos reacondicionadores, dos usuarios, dos transportistas e das autoridades que corresponda.*

*Nota 3.— As marcas non sempre proporcionan todos os detalles, por exemplo os relativos aos niveis de ensaio, e pode ser necesario ter en conta tamén estes aspectos mediante a alusión a un certificado de ensaio, a informes de ensaio ou a un rexistro das embalaxes que superaron os ensaios.*

6.4.1 Toda embalaxe que vaia utilizarse conforme as presentes instrucións levará marcas duradeiras, lexibles e colocadas nun lugar e dun tamaño tal en relación co da embalaxe que as faga ben visibles. Para os vultos cunha masa bruta superior a 30 kg, as marcas ou unha reprodución destas deberán figurar na parte superior ou nun dos lados da embalaxe. As letras, as cifras e os símbolos deberán medir 12 mm de altura como mínimo, salvo nas embalaxes de ata 30 l ou 30 kg de capacidade, onde a súa altura deberá ser de 6 mm como mínimo, así como nas embalaxes de ata 5 l ou 5 kg de capacidade, en que serán dun tamaño adecuado.

6.4.2 Unha embalaxe que satisfaga os requisitos desta sección e da sección 6.5 debe estar provista das marcas seguintes:

a) o símbolo das Nacións Unidas para as embalaxes: 

Este símbolo só deberá utilizarse para certificar que unha embalaxe cumpre os requisitos pertinentes dos capítulos 1 a 6;

b) a clave que designe o tipo de embalaxe conforme as prescricións de 6;1.2;

- c) a mención "CLASE 6.2";
- d) as dúas últimas cifras do ano de fabricación da embalaxe;
- e) o nome do Estado que autoriza a atribución da marca, indicado mediante o signo distintivo utilizado para os vehículos automóviles no tráfico internacional;
- f) o nome do fabricante ou outro medio de identificación da embalaxe especificada pola autoridade competente; e
- g) nas embalaxes que satisfagan os requisitos de 6.5.1.6 inserirase a letra "U" inmediatamente despois da mención a que se refire a alínea b) anterior.

6.4.3 As marcas figurarán na orde dos números de 6.4.2; cada un dos elementos da marca requiridos neses números deberán estar claramente separados, por exemplo por unha barra oblicua ou un espazo, de maneira que sexan facilmente identificables. Véxanse os exemplos de 6.4.4. Ningunha marca adicional admitida pola autoridade competente debe impedir que se identifiquen correctamente as partes da marca conforme o prescrito en 6.4.1.

6.4.4 Exemplo dunha marca:

	4G/CLASE 6.2/06	segundo 6.4.2 a), b), c) e d)
	S/SP-9989-ERIKSSON	segundo 6.4.2 e) e f)

## 6.5 REQUISITOS RELATIVOS AOS ENSAIOS PARA AS EMBALAXES

### 6.5.1 Realización e frecuencia dos ensaios

6.5.1.1 Cada prototipo de embalaxe será sometido aos ensaios que se describen na presente sección, conforme os procedementos establecidos pola autoridade competente.

6.5.1.2 Antes de que vaia utilizarse unha embalaxe, o prototipo correspondente terá que ter superado os ensaios prescritos no presente capítulo. Cada prototipo de embalaxe defínese polo seu deseño, o seu tamaño, os materiais utilizados e o seu espesor, as súas características de construción e de embalaxe, pero pode tamén incluír diversos tratamentos de superficie. A este prototipo corresponderán igualmente as embalaxes que só difiran del pola súa menor altura.

6.5.1.3 Os ensaios repetiranse con mostras de produción a intervalos fixados pola autoridade competente.

6.5.1.4 Os ensaios repetiranse tamén despois de cada modificación que altere o deseño, o material ou o modo de construción dunha embalaxe.

6.5.1.5 A autoridade competente pode permitir o ensaio selectivo das embalaxes que difiran unicamente en aspectos menores do prototipo sometido a ensaio, por exemplo, dimensións menores ou masa neta menor dos recipientes primarios; e de embalaxes tales como bidóns e caixas que se fabrican con dimensións exteriores levemente reducidas.

6.5.1.6 Nas condicións seguintes, poderán instalarse recipientes primarios de calquera tipo nunha embalaxe secundaria e transportarse sen someter a proba a embalaxe exterior ríxida:

a) a combinación de embalaxe exterior ríxida debe ter superado con éxito as probas de conformidade con 6.5.2.2 con recipientes primarios fráxiles (p. ex., vidro);

b) a masa bruta combinada total dos recipientes primarios non debe ser superior á metade da masa bruta dos recipientes primarios utilizados na proba de caída libre en a);

c) o espesor do material de acolchamento entre os recipientes primarios e entre os recipientes primarios e a parte exterior da embalaxe secundaria non debe ser inferior ao espesor correspondente na embalaxe sometida a ensaio orixinalmente; e se no ensaio orixinal se utilizou un recipiente primario único, o espesor do material de acolchamento entre os recipientes primarios non debe ser inferior ao espesor do material de acolchamento entre a parte exterior da embalaxe secundaria e o recipiente primario do ensaio orixinal. Cando se utilicen menos recipientes primarios ou ben recipientes primarios de menor tamaño (comparado cos recipientes primarios utilizados na proba de caída libre), débese utilizar material de acolchamento adicional para encher os espazos baleiros;

d) a embalaxe exterior ríxida debe ter superado con éxito o ensaio de empillamento de 4.6 estando baleiro. A masa total de vultos idénticos debe basearse na masa combinada das embalaxes utilizadas no ensaio de caída libre de a);

e) nos recipientes primarios que conteñan líquidos debe haber unha cantidade adecuada de material absorbente que absorba integramente o contido líquido dos recipientes primarios;

f) se a embalaxe exterior ríxida se vai utilizar para conter recipientes primarios para líquidos e non é estanca, ou se vai utilizar para conter recipientes primarios para sólidos e non é non cribante, debe proporcionarse un medio de conter calquera contido líquido ou sólido en caso de fuga; o medio en cuestión pode ser un revestimento hermético, saco plástico ou outro medio de contención de eficacia equivalente; e

g) ademais das marcas prescritas en 6.4.2 a) a f), as embalaxes deben marcarse de conformidade co disposto en 6.4.2 g).

6.5.1.7 A autoridade competente pode solicitar en calquera momento que se demostre, mediante a execución dos ensaios indicados neste capítulo, que as embalaxes producidas en serie satisfán os ensaios superados polo prototipo.

6.5.1.8 Poden efectuarse varios ensaios cunha mesma mostra, sempre que a validez dos resultados dos ensaios non quede afectada por isto e se conte coa aprobación da autoridade competente.

### 6.5.2 Preparación das embalaxes para os ensaios

6.5.2.1 Débese preparar cada mostra de embalaxe como se se fose transportar, salvo que a substancia infecciosa líquida ou sólida debe substituírse por auga ou por unha mestura de auga e anticongelante, se se especifica un acondicionamento a  $-18^{\circ}\text{C}$ . Debería encherse cada recipiente primario ata o 98% da súa capacidade, como mínimo.

*Nota.— Por “auga” enténdense tamén as solucións auga/anticongelante cunha densidade relativa mínima de 0,95 para os ensaios a  $-18^{\circ}\text{C}$ .*

#### 6.5.2.2 Ensaos exixidos e número de mostras necesarias

**Táboa 6-4. Ensaos exixidos para os tipos de embalaxe**

Embalaxe exterior ríxida	Tipo de embalaxe <sup>a</sup>		Ensaos exixidos					
	Recipiente primario		Aspersión de auga 6.5.3.6.1	Acondicionamento en frío 6.5.3.6.2	Caída 6.5.3	Caída adicional 6.5.3.6.3	Perforación 6.5.4	Empillamento 6.4.6
	Plástico	Outros	Núm. de mostras	Núm. de mostras	Núm. de mostras	Núm. de mostras	Núm. de mostras	Núm. de mostras
Caixa de cartón	X		5	5	10		2	
		X	5	0	5		2	
Bidón de cartón	X		3	3	6		2	
		X	3	0	3	Necesario nunha mostra se está previsto que a embalaxe conteña xeo seco.	2	Necesario en tres mostras se se somete a ensaio unha embalaxe coa marca "U" definida en 6.5.1.6 para disposicións específicas.
Caixa de plástico	X		0	5	5		2	
		X	0	5	5		2	
Bidón/garrafón de plástico	X		0	3	3		2	
		X	0	3	3		2	
Caixas doutros materiais	X		0	5	5		2	
		X	0	0	5		2	
Bidóns/garrafóns doutros materiais	X		0	3	3		2	
		X	0	0	3		2	

a. O tipo de embalaxe serve para clasificar as embalaxes, para os efectos dos ensaios, segundo o tipo de embalaxe e as características dos seus materiais.

*Nota 1.— Nos casos en que o recipiente primario estea construído con dous ou máis materiais diferentes, o ensaio adecuado será o determinado polo material máis susceptible de sufrir danos.*

*Nota 2.— O material das embalaxes secundarias non se terá en conta ao seleccionar o ensaio ou o acondicionamento para o ensaio.*

#### 6.5.2.2.1 Explicación para o uso da táboa 6-4

6.5.2.2.1.1 Se a embalaxe que teña que ser sometida a ensaio consiste nunha caixa exterior de cartón cun recipiente primario de plástico, cinco mostras deberán someterse ao ensaio de aspersión de auga (véxase 6.5.3.6.1) antes de someterse ao ensaio de caída e outras cinco deberán acondicionarse a  $-18^{\circ}\text{C}$  (véxase 6.5.3.6.2) antes de someterse ao ensaio de caída. Se a embalaxe vai conter xeo seco, máis unha mostra deberá someterse ao ensaio de caída cinco veces despois de ser acondicionada conforme 6.5.3.6.3.

6.5.2.2.1.2 As embalaxes preparadas para o transporte someteranse aos ensaios prescritos en 6.5.3 e 6.5.4. Con respecto ás embalaxes exteriores, as epígrafes da táboa 6-4 fan referencia ao cartón ou materiais similares, cuxo comportamento pode ser modificado rapidamente por efecto da humidade, así como aos plásticos, que poden tornarse quebradizos a baixas temperaturas, e a outros materiais, como o metal, cuxo comportamento non se ve modificado por efecto da humidade ou da temperatura.

### 6.5.3 Ensaio de caída libre

6.5.3.1 As mostras débense someter a ensaios de caída libre desde unha altura de 9 m sobre unha superficie inelástica, horizontal, plana, maciza e ríxida de conformidade con 6;4.3.4.

6.5.3.2 Cando as mostras teñan forma de caixa, deberán deixarse caer cinco, cada unha delas nunha das orientacións seguintes:

- a) de plano sobre a base;
- b) de plano sobre a parte superior;
- c) de plano sobre un dos lados máis longos;
- d) de plano sobre un dos lados máis curtos;
- e) sobre unha esquina.

6.5.3.3 Se as mostras teñen a forma de bidón, deberán deixarse caer tres, cada unha delas, nunha das orientacións seguintes:

- a) diagonalmente sobre o rebordo superior, co centro de gravidade directamente arriba do punto de impacto;
- b) diagonalmente sobre o rebordo inferior;
- c) de plano sobre un lado.

6.5.3.4 Aínda que a mostra debe deixarse caer na dirección requirida, acéptase que, por razóns de aerodinámica, o impacto talvez non se produza nesa dirección.

6.5.3.5 Despois da secuencia de caída pertinente, non deberá haber ningunha fuga dos recipientes primarios que deberán quedar protexidos por un material de acolchamento/absorbente na embalaxe secundaria.

#### 6.5.3.6 Preparación especial das mostras para o ensaio de caída

##### 6.5.3.6.1 Cartón — Ensaio de aspersión de auga

Embalaxe exterior de cartón: a mostra debe someterse á acción dun chorro pulverizado de auga que simule exposición a precipitacións de aproximadamente 5 cm por hora durante unha hora como mínimo. A seguir deben someterse ao ensaio descrito en 6.5.3.1.

##### 6.5.3.6.2 Materiais plásticos — Acondicionamento en frío

Recipientes primarios ou embalaxes exteriores de plástico: a temperatura da mostra e do seu contido debe reducirse a  $-18^{\circ}\text{C}$  ou menos por un período mínimo de 24 horas e dentro dos 15 minutos de ter retirado as mostras desa atmosfera, a mostra debe someterse ao ensaio descrito en 6.5.3.1. Se a mostra contén xeo seco, o período de acondicionamento poderá reducirse a 4 horas.

##### 6.5.3.6.3 Embalaxes destinadas a conter xeo seco — Ensaio de caída adicional

Se está previsto que a embalaxe conteña xeo seco, deberá levarse a cabo un ensaio complementario do especificado en 6.5.3.1 e, se corresponde, en 6.5.3.6.1 ou 6.5.3.6.2. Unha das mostras deberá almacenarse de modo que se consuma todo o xeo seco e despois deixarase caer na posición descrita en 6.5.3.2 en que sexa máis probable que a embalaxe non supere o ensaio.

### 6.5.4 Ensaio de perforación

#### 6.5.4.1 Embalaxes cunha masa bruta de 7 kg ou menos

As mostras deben colocarse sobre unha superficie dura e plana. Débese deixar caer unha vara de aceiro cilíndrica dunha masa mínima de 7 kg, un diámetro de 38 mm e un raio no bordo do extremo do impacto que non exceda 6 mm (véxase a figura 6-1), en forma vertical desde unha altura de 1 m medido desde o extremo do impacto ata a superficie de impacto da mostra. Débese colocar unha mostra sobre a súa base. Unha segunda mostra débese colocar en dirección perpendicular á que se utilizou para a primeira mostra. En cada caso o obxectivo debe ser que a vara de aceiro produza un impacto no recipiente primario. Despois de cada impacto, aceptárase a penetración da embalaxe secundaria sempre que non haxa fugas do recipiente ou recipientes primarios.

#### 6.5.4.2 Embalaxes cunha masa bruta de máis de 7 kg

As mostras déixanse caer sobre un extremo dunha vara de aceiro cilíndrica. A vara debe colocarse verticalmente sobre unha superficie dura e plana. Debe ter un diámetro de 38 mm, cos bordos do extremo superior dun raio que non exceda 6 mm (véxase a figura 6-1). A vara debe sobresaír da superficie unha distancia polo menos igual á distancia entre o centro do recipiente ou recipientes primarios e a superficie externa da embalaxe exterior, cuxa proxección mínima sobresaínte sexa de 200 mm. Déixase caer unha mostra verticalmente co extremo superior cara a abaixo desde unha altura de 1 m, medido desde o extremo superior da vara de aceiro. Déixase caer unha segunda mostra desde a mesma altura nunha dirección perpendicular á que se utilizou para a primeira mostra. En cada caso, a embalaxe debe estar orientada de tal forma que poida preverse que a vara de aceiro sexa capaz de penetrar os recipientes primarios. Despois de cada impacto, aceptárase a penetración da embalaxe secundaria sempre que non haxa fugas do recipiente ou recipientes primarios.

#### 6.5.5 Informe sobre o ensaio

6.5.5.1 Debe prepararse e poñerse á disposición dos usuarios da embalaxe un informe escrito sobre o ensaio coa información seguinte, como mínimo:

- a) nome e enderezo do lugar en que se efectuou o ensaio;
- b) nome e enderezo do solicitante (se corresponde);
- c) identificación única do informe sobre o ensaio;
- d) data do ensaio e do informe sobre o ensaio;
- e) fabricante da embalaxe;
- f) descrición do prototipo de embalaxe (p. ex., dimensións, material, peches, espesor, etc.), comprendido o método de fabricación (p. ex., moldado con aire), poden incluírse ilustracións ou fotografías;
- g) capacidade máxima;
- h) contido da mostra de ensaio;
- i) descrición e resultados do ensaio;
- j) sinatura, nome e cargo do signatario.

6.5.5.2 No informe sobre o ensaio debe incluírse unha declaración relativa a que a embalaxe preparada para o transporte foi sometido a ensaio de conformidade coas disposicións pertinentes deste capítulo e que a aplicación doutros métodos ou elementos de embalaxe pode invalidalo. Debe entregarse unha copia deste informe sobre o ensaio ás autoridades nacionais que correspondan.




Figura 6-1. Vara de aceiro cilíndrica que se utiliza no ensaio de penetración



## Capítulo 7

### REQUISITOS RELATIVOS Á CONSTRUCCIÓN, Á PROBA E Á APROBACIÓN DE VULTOS E MATERIAL DA CLASE 7

*Partes deste capítulo resultan afectadas polas discrepancias estatais CA 1, CA 3, CA 4, DE 2, IR 4, JP 8, JP 26, US 10; véxase a táboa A-1*

#### 7.1 REQUISITOS XERAIS

7.1.1 O vulto debe deseñarse de maneira que poida manipularse e transportarse con facilidade e seguridade tendo en conta a súa masa, volume e forma. Ademais, o vulto deberá deseñarse de modo que poida suxeitarse debidamente dentro da aeronave durante o transporte.

7.1.2 O deseño debe ser de natureza tal que calquera dispositivo de enganche que poida levar o vulto para izalo non falle cando se utilice debidamente, e que, se se producir o fallo dispositivo, non sufra menoscabo a capacidade do vulto para satisfacer outros requisitos das presentes instrucións. No deseño deberán terse en conta os coeficientes de seguridade apropiados en previsión de manobras de izada brusca.

7.1.3 Os dispositivos de enganche e calquera outro que leven os vultos na súa superficie exterior para as operacións de izada deben estar deseñados de maneira que poidan soportar a masa total do vulto, de conformidade cos requisitos de 7.1.2, ou poidan desmontarse ou deixarse inoperantes durante o transporte.

7.1.4 Na medida do posible, as superficies externas da embalaxe deben estar deseñadas e terminadas de modo que non teñan partes saíntes e que poidan descontaminarse facilmente.

7.1.5 Na medida do posible, a camada externa do vulto debe deseñarse de maneira que non recolla nin reteña a auga.

7.1.6 Os elementos que durante o transporte se engadan aos vultos e que non formen parte destes non deberán menoscabar a súa seguridade.

7.1.7 Os vultos deben resistir os efectos de toda aceleración, vibración ou resonancia vibratoria que poida producirse nas condicións normais de transporte sen que diminúa a eficacia dos dispositivos de peche dos diversos recipientes nin se deteriore a integridade do vulto no seu conxunto. En particular, as porcas, os porlóns e outros dispositivos de suxeición deberán estar deseñados de forma que non poidan afrouxarse nin soltarse accidentalmente, nin sequera despois dun uso repetido.

7.1.8 Os materiais da embalaxe, así como todos os seus compoñentes ou estruturas, deberán ser física e quimicamente compatibles entre si e co contido radioactivo. Deberá terse en conta o seu comportamento baixo irradiación.

7.1.9 Todas as válvulas a través das cales poida escapar o contido radioactivo deben protexerse contra a manipulación non autorizada.

7.1.10 No deseño do vulto deberán terse en conta as temperaturas e as presións ambientes que probablemente se dean durante as condicións normais de transporte.

7.1.11 No deseño de vultos para material radioactivo que teña outras propiedades perigosas deberán terse en conta esas propiedades (véxanse parte 2; capítulo de introdución, 3.1, 3.2 e 4;9.1.5).

#### 7.2 REQUISITOS COMPLEMENTARIOS RELATIVOS A VULTOS TRANSPORTADOS POR VÍA AÉREA

7.2.1 A temperatura das superficies accesibles non deberá exceder 50°C, cunha temperatura ambiente de 38°C, sen ter en conta a irradiación solar.

7.2.2 Os vultos deben estar deseñados de maneira que non sufra menoscabo a integridade da contención se se expoñen a temperaturas ambientes comprendidas entre -40°C e +55°C.

7.2.3 Os vultos que conteñan material radioactivo deben ser capaces de resistir, sen que resulten fugas, unha presión interna que produza unha diferenza de presión non inferior á presión operacional normal máxima máis 95 kPa.

Os vultos exceptuados deberán deseñarse de conformidade cos requisitos especificados en 7.1 e 7.2.

### 7.3 REQUISITOS RELATIVOS AOS VULTOS EXCEPTUADOS

### 7.4 REQUISITOS RELATIVOS AOS VULTOS INDUSTRIAIS

7.4.1 Os vultos industriais dos tipos 1, 2 e 3 (tipos BI-1, BI-2 e BI-3) deberán deseñarse de modo que cumpran os requisitos especificados en 7.1, 7.2 e 7.6.2.

7.4.2 Para ser cualificado como vulto do tipo BI-2, o vulto deberá, se se somete aos ensaios especificados en 7.14.4 e 7.14.5, impedir:

- a) a perda ou dispersión do contido radioactivo; e
- b) un aumento superior ao 20% no nivel de radiación máximo en calquera superficie externa do vulto.

7.4.3 O vulto industrial do tipo BI-3 deberá satisfacer todos os requisitos prescritos en 7.6.2 a 7.6.15.

#### 7.4.4 Requisitos alternativos aplicables aos vultos industriais dos tipos 2 e 3 (tipo BI-2 e tipo BI-3)

7.4.4.1 Os vultos poden utilizarse como vultos do tipo BI-2, sempre que:

- a) satisfagan os requisitos especificados en 7.4.1;
- b) se deseñen de conformidade cos requisitos prescritos na parte 6, capítulos 1 a 4, das presentes instrucións para os grupos de embalaxe I ou II; e
- c) cando se sometan aos ensaios especificados para os grupos de embalaxe I ou II prescritos na parte 6, capítulo 4, se impida:
  - i) a perda ou dispersión do contido radioactivo; e
  - ii) un aumento superior ao 20% no nivel de radiación máximo en calquera superficie externa do vulto.

7.4.4.2 Os contedores coas características dun recipiente pechado poden utilizarse tamén como vultos industriais dos tipos 2 ou 3 (tipo BI-2 ou tipo BI-3), sempre que:

- a) o contido radioactivo se limite a materiais sólidos;
- b) satisfagan os requisitos de 7.4.1; e
- c) estean deseñados de conformidade cos requisitos ISO 1496-1:1990: "Series 1 freight containers — Specification and testing — Part 1: General cargo containers" e as emendas posteriores 1:1993, 2:1998, 3:2005, 4:2006 e 5:2006, excluídas as dimensións e a masa bruta máxima. Deberán deseñarse de modo que, se se someten aos ensaios prescritos no citado documento e ás aceleracións producidas durante o transporte en condicións rutineiras, se impida:
  - i) toda perda ou dispersión do contido radioactivo; e
  - ii) un aumento superior ao 20% no nivel de radiación máximo en calquera superficie externa dos contedores.

### 7.5 REQUISITOS RELATIVOS AOS VULTOS QUE CONTEÑAN HEXAFLUORURO DE URANIO

7.5.1 Os vultos destinados a conter hexafluoruro de uranio deben cumprir cos requisitos prescritos noutras partes das presentes instrucións que se refiren ás propiedades radioactivas e fisionables do material. Salvo nos casos en que o permita 7.5.4, o hexafluoruro de uranio en cantidades iguais ou superiores a 0,1 kg deberá tamén embalarse e transportarse de conformidade coas disposicións do documento ISO 7195:2005: "Nuclear energy — Packaging of uranium hexafluoride (UF<sub>6</sub>) for transport", e cos requisitos especificados en 7.5.2 e 7.5.3. Os vultos deberán tamén satisfacer os requisitos prescritos noutras partes das presentes instrucións que se refiren ás propiedades radioactivas e fisionables do material.

7.5.2 Todo vulto deseñado para conter 0,1 kg ou unha cantidade superior de hexafluoruro de uranio deberá deseñarse de modo que satisfaga os seguintes requisitos:

- a) superar o ensaio estrutural especificado en 7.20 sen que se produzan fugas nin tensións inaceptables, segundo se especifica no documento ISO 7195:2005;

b) superar o ensaio de caída libre especificado en 7.14.4 sen que resulte perda ou dispersión do hexafluoruro de uranio; e

c) superar o ensaio térmico especificado en 7.16.3 sen que se produza rotura do sistema de contención.

7.5.3 Os vultos deseñados para conter 0,1 kg ou unha cantidade superior de hexafluoruro de uranio non deberán estar dotados de dispositivos de descompresión.

7.5.4 Con suxeición á aprobación da autoridade competente, os vultos deseñados para conter 0,1 kg ou unha cantidade superior de hexafluoruro de uranio poden transportarse sempre que:

a) os vultos estean deseñados conforme normas internacionais ou nacionais distintas da ISO 7195:2005, sempre que se manteña un nivel equivalente de seguridade;

b) os vultos estean deseñados para resistir unha presión de ensaio inferior a 2,76 MPa sen que resulten fugas nin tensións inaceptables, segundo se especifica en 7.20;

c) no caso de vultos deseñados para conter 9 000 kg ou unha cantidade superior de hexafluoruro de uranio, non é necesario que os vultos satisfagan o requisito especificado en 7.5.2 c).

En todos os demais aspectos, deberán cumprirse os requisitos especificados en 7.5.1 a 7.5.3.

## 7.6 REQUISITOS RELATIVOS AOS VULTOS DO TIPO A

7.6.1 Os vultos do tipo A deberán deseñarse de modo que cumpran os requisitos especificados en 7.1, 7.2 e 7.6.2 a 7.6.17.

7.6.2 A menor dimensión total externa do vulto non deberá ser inferior a 10 cm.

7.6.3 Todo vulto deberá levar na súa parte externa un precinto ou selo que non rompa facilmente e que, mentres permaneza intacto, sexa proba de que o vulto non foi aberto.

7.6.4 Todos os dispositivos para fixación do vulto deberán estar deseñados de maneira tal que, tanto en condicións de transporte normais como en condicións de accidente, as forzas actuantes neses dispositivos non diminúan a capacidade do vulto para cumprir os requisitos das presentes instrucións.

7.6.5 Ao deseñar os vultos, deberanse ter en conta respecto dos compoñentes da embalaxe as temperaturas comprendidas entre  $-40^{\circ}\text{C}$  e  $+70^{\circ}\text{C}$ . Deberá prestarse especial atención ás temperaturas de conxelación, cando o contido sexa líquido, e á posible deterioración dos materiais da embalaxe dentro do citado intervalo de temperaturas.

7.6.6 As técnicas de deseño e de fabricación deberán axustarse ás normas nacionais ou internacionais ou a outras normas aceptables para a autoridade competente.

7.6.7 O deseño debe comprender un sistema de contención firmemente pechado, cun peche de seguridade que non poida abrirse sen querer nin por efecto da presión que poida desenvolverse no interior do vulto.

7.6.8 O material radioactivo en forma especial poderá considerarse como un compoñente do sistema de contención.

7.6.9 Se un sistema de contención constitúe unha unidade separada do vulto, deberá poder cerrarse firmemente mediante un peche de seguridade independente das demais partes da embalaxe.

7.6.10 No deseño de todos os compoñentes do sistema de contención deberá terse presente, cando proceda, a descomposición radiolítica dos líquidos e outros materiais vulnerables e a xeración de gases por reacción química e radiólise.

7.6.11 O sistema de contención deberá reter o seu contido radioactivo aínda que a presión ambiente descenda ata 60 kPa.

7.6.12 Todas as válvulas que non sexan as de alivio da presión deberán ir aloxadas dentro dun receptáculo que reteña todo escape procedente da válvula.

7.6.13 Toda blindaxe contra as radiacións na cal vaia incorporado un compoñente do vulto, especificado como parte do sistema de contención, deberá estar deseñado de maneira que resulte imposible que ese compoñente se separe fortuitamente da blindaxe. Se este e o compoñente incorporado constitúen unha unidade separada, a blindaxe contra as radiacións deberá poder pechase firmemente cun peche de seguridade independente dos demais elementos da embalaxe.

7.6.14 Os vultos deberán deseñarse de maneira tal que se se someten aos ensaios especificados en 7.14, se impida:

- b) un aumento superior ao 20% no nivel de radiación en calquera superficie externa do vulto.

7.6.15 No deseño dun vulto para conter material radioactivo líquido deberá preverse un saldo ou exceso de volume destinado a acomodar tanto as variacións do contido debidas a cambios de temperatura, como a efectos dinámicos e de dinámica de enchemento.

### 7.6.16 Vultos de tipo A deseñados para conter líquidos

Ademais, os vultos do tipo A deseñados para conter material radioactivo líquido deberán:

a) ser adecuados para cumprir as condicións prescritas en 7.6.14 a) se os vultos se someten aos ensaios especificados en 7.15; e

- b) ou ben:

i) estar provistos de material absorbente suficiente para absorber o dobre do volume do contido líquido. O material absorbente debe estar disposto de maneira adecuada para que entre en contacto co líquido en caso de escape; ou

ii) estar provistos dun sistema de contención constituído por compoñentes primarios de contención interior e compoñentes secundarios de contención exterior deseñados de modo que encerren o contido líquido completamente e que aseguren a súa retención nos compoñentes secundarios de contención exterior, mesmo se se producen escapes nos compoñentes primarios de contención interior.

### 7.6.17 Vultos de tipo A deseñados para conter gas

Os vultos deseñados para conter gases deberán ser tales que fagan imposible a perda ou dispersión do contido radioactivo, se se someten aos ensaios especificados en 7.15. Os vultos do tipo A destinados a conter gas tritio ou gases nobres quedarán exentos deste requisito.

## 7.7 REQUISITOS RELATIVOS AOS VULTOS DO TIPO B(U)

7.7.1 Os vultos do tipo B(U) deberán deseñarse de modo que se axusten aos requisitos especificados en 7.1, 7.2 e 7.6.2 a 7.6.15, sen prexuízo do especificado en 7.6.14 a), e os requisitos especificados en 7.7.2 a 7.7.15.

7.7.2 Os vultos deberán deseñarse de modo que, nas condicións ambientes que se especifican en 7.7.5 e 7.7.6, a calor xerada no interior do vulto polo seu contido radioactivo non afecte desfavorablemente o vulto, en condicións normais de transporte como se demostra mediante os ensaios indicados en 7.14, de maneira que o vulto deixe de cumprir os requisitos correspondentes no que atinxe á contención e á blindaxe se se deixa abandonado durante un período dunha semana. Prestarase especial atención aos efectos da calor que poidan:

a) alterar a disposición, a forma xeométrica ou o estado físico do contido radioactivo ou, se o material radioactivo se encontra encerrado nun recipiente ou revestimento (por exemplo, elementos combustibles envaiñados), provocar a deformación ou fusión do recipiente, do material de revestimento ou do propio material radioactivo; ou

b) minorar a eficacia da embalaxe por dilatación térmica diferencial ou por fisuración ou por fusión do material de blindaxe contra as radiacións; ou

- c) en combinación coa humidade, acelerar a corrosión.

7.7.3 Os vultos deberán deseñarse de maneira que, nas condicións ambientes especificadas en 7.7.5 e sen illamento, a temperatura das súas superficies accesibles non exceda 50°C, salvo cando se transporten en utilización exclusiva.

7.7.4 A fin de cumprir cos requisitos de 7.2.1, poden terse en conta barreiras ou pantallas destinadas a protexer as persoas sen necesidade de someter tales barreiras ou pantallas a ensaios.

7.7.5 A temperatura ambiente suporase de 38°C.

7.7.6 Suporase que as condicións de irradiación solar son as especificadas na táboa 6-5.

7.7.7 Os vultos provistos de protección térmica con obxecto de satisfacer os requisitos do ensaio térmico especificado en 7.16.3 deberán deseñarse de modo que tal protección conserve a súa eficacia se se someten os vultos aos ensaios especificados en 7.14 e 7.16.2 a) e b) ou 7.16.2 b) e c), segundo proceda. Calquera protección desta natureza no exterior dos vultos non deberá perder a súa eficacia en caso de desgarramento, corte, arrastre, abrasión ou manipulación brusca.

Táboa 6-5. Datos relativos á irradiación solar

Caso	Forma e posición da superficie	Irradiación solar para 12 horas por día ( $W/m^2$ )
1	Superficies planas transportadas horizontalmente — boca abaixo	0
2	Superficies planas transportadas horizontalmente — boca arriba	800
3	Superficies transportadas verticalmente	200*
4	Outras superficies (non horizontais) transportadas boca abaixo	200*
5	Todas as demais superficies	400*

\* Como alternativa, pódese recorrer a unha función sinusoidal, adoptando un coeficiente de absorción e desprezando os efectos dunha posible reflexión proveniente dos obxectos contiguos.

7.7.8 Os vultos deseñaranse de modo que se se someten:

a) aos ensaios especificados en 7.14, a perda de contido radioactivo non sexa superior a  $10^{-6}$   $A_2$  por hora; e

b) aos ensaios especificados en 7.16.1, 7.16.2 b), 7.16.3 e 7.16.4, e aos ensaios en:

i) 7.16.2 c), cando o vulto teña unha masa non superior aos 500 kg, unha densidade xeral non superior a  $1\,000\text{ kg/m}^3$  baseándose nas dimensións externas, e un contido radioactivo superior a  $1\,000\ A_2$ , que non estea constituído por materiais radioactivos en forma especial; ou

ii) 7.16.2 a) para todos os demais vultos,

se axusten aos seguintes requisitos:

— os vultos queden con suficiente blindaxe para asegurar que o nivel de radiación a 1 m da súa superficie non exceda  $10\text{ mSv/h}$  co contido radioactivo máximo para o cal están deseñados os vultos; e

— a perda acumulada de contido radioactivo nun período dunha semana non sexa superior a  $10\ A_2$  para o cripton 85 e a  $A_2$  para todos os demais radionúclidos.

Cando se trate de mesturas de radionúclidos diferentes, aplicaranse as disposicións de 2;7.2.2.4 a 2;7.2.2.6, salvo que para o cripton 85 pode utilizarse un valor efectivo de  $A_2(i)$  igual a  $10\ A_2$ . No caso de a), na avaliación teranse en conta os límites de contaminación externa especificados en 4;9.1.2.

7.7.9 Os vultos de contido radioactivo con actividade superior a  $10^5\ A_2$  deberán deseñarse de modo que, se se someten ao ensaio reforzado de inmersión en auga especificado en 7.17, non se produza a rotura do sistema de contención.

7.7.10 A observancia dos límites admisibles para a liberación de actividade non deberá depender do emprego de filtros nin dun sistema mecánico de refrixeración.

7.7.11 O vulto non deberá levar incorporado ningún sistema de alivio da presión do sistema de contención que poida dar lugar ao escape de material radioactivo ao ambiente nas condicións dos ensaios especificados en 7.14 e 7.16.

7.7.12 Os vultos deseñaranse de maneira que se se encontran á presión normal de traballo máxima e se someten aos ensaios especificados en 7.14 e 7.16, os niveis das tensións no sistema de contención non alcancen valores que afecten desfavorablemente o vulto de modo que este deixe de cumprir os requisitos aplicables.

7.7.13 Os vultos non terán unha presión normal de traballo máxima superior a unha presión manométrica de  $700\text{ kPa}$ .

7.7.14 Os vultos que conteñan material radioactivo de baixa dispersión deseñaranse de modo tal que ningún elemento que se incorpore ao material radioactivo de baixa dispersión que non forme parte del, nin ningún compoñente interno da embalaxe, afecte desfavorablemente as características funcionais do material radioactivo de baixa dispersión.

7.7.15 Os vultos deseñaranse para un intervalo de temperaturas ambientes de  $-40^\circ\text{C}$  a  $+38^\circ\text{C}$ .

### 7.8 REQUISITOS RELATIVOS AOS VULTOS DO TIPO B(M)

Os vultos do tipo B(M) deberán axustarse aos requisitos relativos aos vultos do tipo B(U) especificados en 7.7.1, coa excepción de que, no caso de vultos destinados exclusivamente ao transporte no interior dun determinado país ou entre países determinados, se poden supor, sempre que se conte coa aprobación das autoridades competentes deses países, condicións diferentes das indicadas en 7.6.5, 7.7.5, 7.7.6 e 7.7.9 a 7.7.15. Na medida do posible, cumpriranse os requisitos relativos aos vultos do tipo B(U) especificados en 7.7.9 a 7.7.15.

### 7.9 REQUISITOS RELATIVOS AOS VULTOS DO TIPO C

7.9.1 Os vultos do tipo C deberán deseñarse de modo que se axusten aos requisitos especificados en 7.1, 7.2 e 7.6.2 a 7.6.15, sen prexuízo do especificado en 7.6.14 a), e aos requisitos especificados en 7.7.2 a 7.7.6, en 7.7.10 a 7.7.15 e 7.9.2 a 7.9.4.

7.9.2 Os vultos deberán satisfacer os criterios de avaliación prescritos para os ensaios en 7.7.8 b) e en 7.7.12 despois do seu enterramento nun medio definido por unha condutividade térmica de 0,33 W/(m.K) e unha temperatura de 38°C en estado estable. Nas condicións iniciais para a avaliación suporase que o illamento térmico dos vultos se mantén intacto, que os vultos se encontran á presión normal de traballo máxima e que a temperatura ambiente é de 38°C.

7.9.3 Os vultos deberán deseñarse de modo que, se se encontran á presión normal de traballo máxima e se someten:

a) aos ensaios especificados en 7.14, a perda do seu contido radioactivo non sexa superior a  $10^{-6}$   $A_2$  por hora; e

b) ás secuencias de ensaio indicadas en 7.19.1, se axusten aos seguintes requisitos:

i) os vultos queden con suficiente blindaxe para asegurar que o nivel de radiación a 1 m da súa superficie non exceda 10 mSv/h co contido radioactivo máximo para o cal están deseñados os vultos; e

ii) a perda acumulada de contido radioactivo nun período dunha semana non sexa superior a 10  $A_2$  para o cripton 85 e a  $A_2$  para todos os demais radionúclidos.

Cando se trate de mesturas de radionúclidos diferentes, deberán aplicarse as disposicións de 2;7.2.2.4 a 2;7.2.2.6, salvo que para o cripton 85 pode utilizarse un valor efectivo de  $A_2(i)$  igual a 10  $A_2$ . No caso de a), na avaliación deberán terse en conta os límites de contaminación externa especificados en 4;9.1.2.

7.9.4 Os vultos deberán deseñarse de modo que, se se someten ao ensaio reforzado de inmersión en auga especificado en 7.17, non se produza a rotura do sistema de contención.

### 7.10 REQUISITOS RELATIVOS AOS VULTOS QUE CONTEÑAN SUBSTANCIAS FISIONABLES

7.10.1 As substancias fisionables deberán transportarse de modo que:

a) se mantexa a subcriticidade nas condicións de transporte normal e en caso de accidentes; en particular, deberán terse en conta as seguintes posibilidades:

i) a penetración ou o escape de auga dos vultos;

ii) a diminución da eficacia dos moderadores ou absorbentes neutrónicos incluídos nos vultos;

iii) a modificación da disposición do contido, xa sexa dentro do vulto ou como consecuencia dun escape de substancias del;

iv) a diminución do espazo dentro dos vultos ou entre eles;

v) a inmersión dos vultos en auga ou o seu afundimento na neve; e

vi) os cambios de temperatura; e

b) satisfagan os requisitos:

i) prescritos en 7.6.2 en relación cos vultos que conteñan substancias fisionables;

ii) prescritos noutras partes das presentes instrucións en relación coas propiedades radioactivas do material; e

iii) especificados en 7.10.3 a 7.10.12, a menos que estean exceptuados segundo 7.10.2.

7.10.2 As substancias fisionables que se axusten a unha das disposicións prescritas en a) a d) de 2;7.2.3.5 quedan exentas do requisito de ser transportadas en vultos que se axusten ao prescrito en 7.10.3 a

7.10.12, así como dos demais requisitos das presentes instrucións aplicables ás substancias fisionables. Só se permite un tipo de exención por envío.

7.10.3 En caso de que se descoñeza a forma química ou física, a composición isotópica, a masa ou concentración, a razón de moderación ou densidade ou a configuración xeométrica, as avaliacións especificadas en 7.10.7 a 7.10.12 deberán efectuarse supondo que cada parámetro descoñecido ten o valor que dá a máxima multiplicación de neutróns compatible coas condicións e parámetros coñecidos nestas avaliacións.

7.10.4 Tratándose do combustible nuclear irradiado, as avaliacións prescritas en 7.10.7 a 7.10.12 deberán basearse nunha composición isotópica que estea demostrado que produce:

a) a máxima multiplicación de neutróns durante o historial de irradiación; ou

b) unha estimación conservadora da multiplicación de neutróns para efectos de avaliar os vultos. Despois da irradiación e antes da expedición, realizarase unha medición para confirmar se é conservador o valor da composición isotópica.

7.10.5 Os vultos, despois de sometelos aos ensaios especificados en 7.14, deben:

a) ter dimensións externas totais de 10 cm como mínimo; e

b) non permitir a entrada dun cubo de 10 cm.

7.10.6 Os vultos deben deseñarse para un intervalo de temperaturas ambientes de  $-40^{\circ}\text{C}$  a  $+38^{\circ}\text{C}$ , a menos que a autoridade competente especifique outra cousa no certificado de aprobación do deseño do vulto.

7.10.7 Tratándose dun vulto en illamento, deberá suporse que a auga pode penetrar ou escapar de todos os espazos baleiros do vulto, mesmo os situados dentro do sistema de contención. Non obstante, se o deseño inclúe características especiais que impidan a penetración ou o escape de auga nalgúns deses espazos baleiros, mesmo como consecuencia dun erro, poida supoñerse que non hai penetración nin escape no que respecta a tales espazos baleiros. Estas características especiais deben incluír:

a) a presenza de barreiras múltiples de grande eficacia, dúas das cales, como mínimo, permanecerían estancas se os vultos se sometesen aos ensaios prescritos en 7.10.12 b); un alto grao de control da calidade na fabricación, mantemento e reparación das embalaxes e ensaios que demostren a estanquidade de cada vulto antes da súa expedición; ou

b) cando se trate de vultos que conteñan hexafluoruro de uranio só, cun enriquecemento máximo en uranio-235 de 5% en masa:

i) vultos nos cales, despois dos ensaios prescritos en 7.10.12 b), non haxa ningún contacto físico entre a válvula e calquera outro compoñente da embalaxe que non sexa no seu punto orixinal de unión e nos cales, ademais, despois do ensaio prescrito en 7.16.3, as válvulas permanezan estancas; e

ii) un alto grao de control de calidade na fabricación, mantemento e reparación das embalaxes conxuntamente con ensaios para demostrar a estanquidade de cada vulto antes da súa expedición.

7.10.8 Suporase que o sistema de confinamento está rodeado directa e completamente dunha reflexión por auga de 20 cm como mínimo ou dunha reflexión maior que poida producir o material circundante da embalaxe. Non obstante, cando poida demostrarse que o sistema de confinamento se mantén dentro da embalaxe despois de someterse aos ensaios prescritos en 7.10.12 b), poderá suporse nos ensaios prescritos en 7.10.9 c) que o vulto está rodeado directa e completamente dunha reflexión por auga de 20 cm como mínimo.

7.10.9 Os vultos deberán ser subcríticos nas condicións especificadas en 7.10.7 e 7.10.8 e estar nas condicións que dean lugar á máxima multiplicación de neutróns e compatibles:

a) coas condicións de transporte rutineiro (libre de accidentes);

b) cos ensaios especificados en 7.10.11 b);

c) cos ensaios especificados en 7.10.12 b).

7.10.10:

a) Os vultos deberán ser subcríticos en condicións compatibles cos ensaios dos vultos do tipo C especificados en 7.19.1, supoñendo unha reflexión por auga de 20 cm como mínimo pero sen penetración de auga.

b) Na avaliación de 7.10.9, non se deberán ter en conta as características especiais mencionadas en 7.10.7 a menos que, despois dos ensaios dos vultos do tipo C especificados en 7.19.1 e, posteriormente, nos especificados no ensaio de infiltración de auga de 7.18.3, se impida a penetración ou escape de auga dos espazos baleiros.

7.10.11 Deberá fixarse un número "N" de modo que un número de vultos igual a cinco veces "N", cos vultos na disposición e as condicións que permitan a máxima multiplicación de neutróns, sexa subcrítico atendendo aos requisitos seguintes:

a) non deberá existir nada entre os vultos e estes estarán rodeados por todos os seus lados dunha reflexión por auga de 20 cm como mínimo; e

b) o estado dos vultos deberá ser a condición avaliada ou demostrada se se tiveren sometido aos ensaios especificados en 7.14.

7.10.12 Deberá fixarse un número "N" de modo que un número de vultos igual ao dobre de "N", cos vultos na disposición e as condicións que permitan a máxima multiplicación de neutróns sexa subcrítico atendendo aos requisitos seguintes:

a) unha moderación hidroxenada entre os vultos e unha reflexión por auga de 20 cm como mínimo por todos os seus lados; e

b) os ensaios especificados en 7.14 seguidos por calquera dos ensaios que sexa máis rigoroso entre os seguintes:

i) os ensaios especificados en 7.16.2 b) e, ou ben os especificados en 7.16.2 c) para os vultos cunha masa que non exceda 500 kg e unha densidade total que non exceda  $1\,000\text{ kg/m}^3$  en función das súas dimensións externas, ou os indicados en 7.16.2 a) para todos os demais vultos; seguidos polo ensaio especificado en 7.16.3 e, por último, polos ensaios especificados en 7.18.1 a 7.18.3; ou

ii) o ensaio especificado en 7.16.4; e

c) en caso de que calquera parte das substancias fisionables escape do sistema de contención despois dos ensaios especificados en 7.10.12 b), deberá suporse que escapan substancias fisionables de cada vulto do conxunto ordenado e o total das substancias fisionables deberá ordenarse na configuración e moderación que dea lugar á máxima multiplicación de neutróns cunha reflexión por auga completa e directa de 20 cm como mínimo.

7.10.13 O índice de seguridade con respecto á criticidade (ISC) de vultos que conteñan substancias fisionables obterase dividindo o número 50 entre o menor dos dous valores de N deducidos de conformidade cos procedementos especificados en 7.10.11 e 7.10.12 (é dicir,  $ISC = 50/N$ ). O valor do índice de seguridade con respecto á criticidade pode ser cero, sempre que un número ilimitado de vultos sexa subcrítico (é dicir, N é en realidade igual a infinito en ambos os casos).

## 7.11 PROCEDIMENTOS DE ENSAIO E DEMOSTRACIÓN DE CUMPRIMENTO

7.11.1 Deberase demostrar que se cumpren as normas funcionais prescritas en 2;7.2.3.1.3, 2;7.2.3.1.4, 2;7.2.3.3.1, 2;7.2.3.3.2, 2;7.2.3.4.1, 2;7.2.3.4.2 e 6;7.1 a 6;7.10 facendo para isto uso de calquera dos métodos que se consignan a seguir ou mediante unha combinación deles:

a) execución de ensaios con espécimes que representen material BAE-III ou material radioactivo en forma especial, ou material radioactivo de baixa dispersión ou con prototipos ou mostras da embalaxe, caso en que o contido do espécime ou da embalaxe que se vai ensaiar deberá simular coa maior fidelidade posible o grao previsto de contido radioactivo; así mesmo, o espécime ou embalaxe que será obxecto de ensaio deberá prepararse na forma en que normalmente se presente para o transporte;

b) referencia a demostracións anteriores satisfactorias de índole suficientemente semellante;

c) execución de ensaios con modelos de escala conveniente que incorporen aquelas características que sexan importantes en relación co elemento en estudo, sempre que a experiencia práctica demostrase que os resultados de tales ensaios son apropiados a fins de deseño. Cando se utilice un modelo a escala, deberase ter presente a necesidade de axustar determinados parámetros de ensaio, tales como o diámetro do penetrador ou a carga de compresión;

d) cálculo ou argumentación razoada, cando exista un consenso xeral de que os métodos de cálculo e os parámetros utilizados neles son fiables ou conservadores.

7.11.2 Despois de someter a ensaios o espécime, prototipo ou mostra utilizaranse métodos adecuados de avaliación para asegurar que se cumpriron os requisitos da presente sección de conformidade coas normas funcionais e de aceptación prescritas en 2;7.2.3.1.3, 2;7.2.3.1.4, 2;7.2.3.3.1, 2;7.2.3.3.2, 2;7.2.3.4.1, 2;7.2.3.4.2 e 6;7.1 a 6;7.10.

7.11.3 Deberán examinarse todos os espécimes antes de sometelos a ensaio, a fin de determinar e rexistrar posibles defectos ou deterioracións, en particular:

a) as diverxencias con respecto ao deseño;

b) os defectos de fabricación;

c) a corrosión ou outras deterioracións; e

d) a distorsión das características dos compoñentes.

Deberá especificarse claramente o sistema de contención do vulto. As características externas do espécime deberán identificarse con toda claridade, a fin de que sexa fácil referirse a calquera parte del simple e claramente.



### 7.12 ENSAIO DA INTEGRIDADE DO SISTEMA DE CONTENCIÓN E DA BLINDAXE E AVALIACIÓN DA SEGURIDADE CON RESPECTO Á CRITICIDADE

Despois de calquera dos ensaios pertinentes que se especifican en 7.14 a 7.20:

- a) deben determinarse e rexistrarse os defectos e deterioracións;
- b) debe determinarse se se conservou a integridade do sistema de contención e da blindaxe na medida exixida en 7.1 a 7.10 para o vulto obxecto de ensaio; e
- c) no caso de vultos que conteñan substancias fisionables, debe determinarse se son válidas as hipóteses e condicións utilizadas nas avaliacións prescritas en 7.10.1 a 7.10.13 para un ou máis vultos.

### 7.13 ÁREA DE IMPACTO PARA OS ENSAIOS DE CAÍDA

A área de impacto para os ensaios de caída especificados en 2;7.2.3.3.5 a), 7.14.4, 7.15 a), 7.16.2 e 7.19.2 deberá consistir nunha superficie horizontal e plana de natureza tal que calquera incremento da súa resistencia ao desprazamento ou á deformación ao producirse o impacto co espécime non dea lugar a un aumento significativo dos danos experimentados por ese espécime.

### 7.14 ENSAIOS ENCAMIÑADOS A DEMOSTRAR A CAPACIDADE DE SOPORTAR AS CONDICIÓNS NORMAIS DE TRANSPORTE

7.14.1 Estes ensaios son o ensaio de aspersión con auga, o ensaio de caída libre, o ensaio de empillamento e o ensaio de penetración. Espécimes dos vultos deberán someterse aos ensaios de caída libre, empillamento e penetración, precedido cada un deles dun ensaio de aspersión con auga. Pode utilizarse un espécime para todos os ensaios, sempre que se cumpran os requisitos de 7.14.2.

7.14.2 O intervalo de tempo que medie entre a conclusión do ensaio de aspersión con auga e o ensaio seguinte deberá ser tal que a auga quedase embebida ao máximo, sen que se produza unha desecación apreciable do exterior do espécime. Na falta de toda proba en contrario, deberá adoptarse un intervalo de dúas horas, no caso de que a aspersión con auga se aplique simultaneamente desde as catro direccións. Ora ben, non deberá mediar intervalo de tempo ningún se a aspersión con auga se aplica consecutivamente desde cada unha das catro direccións.

7.14.3 Ensaio de aspersión con auga: o espécime deberá someterse a aspersión con auga que simule a exposición a unha chuvia de aproximadamente 5 cm por hora durante unha hora, como mínimo.

7.14.4 Ensaio de caída libre: o espécime deberá deixarse caer sobre o albo de maneira que experimente o máximo dano polo que respecta ás características de seguridade en ensaio:

- a) a altura da caída, medida entre o punto inferior do espécime e a superficie superior do albo non deberá ser menor que a distancia especificada na táboa 6-6 para a masa aplicable. O albo será o definido en 7.13;
- b) cando se trate de vultos rectangulares de cartón de fibra ou de madeira cuxa masa non exceda 50 kg, deberá someterse un espécime por separado a un ensaio de caída libre sobre cada un dos seus vértices desde unha altura de 0,3 m;
- c) cando se trate de vultos cilíndricos de cartón de fibra cuxa masa non exceda 100 kg, deberá someterse un espécime por separado a un ensaio de caída libre sobre cada un dos cuadrantes de ambos os contornos circulares desde unha altura de 0,3 m.

**Táboa 6-6. Altura en caída libre para o ensaio de vultos en condicións normais de transporte**

<i>Masa do vulto (kg)</i>	<i>Altura de caída libre (m)</i>
Masa do vulto < 5 000	1,2
5 000 ≤ masa do vulto < 10 000	0,9
10 000 ≤ masa do vulto < 15 000	0,6
15 000 ≤ masa do vulto	0,3

7.14.5 Ensaio de empillamento: a menos que a forma da embalaxe impida realmente o empillamento, o espécime deberá someterse durante 24 horas a unha carga de compresión igual á maior das seguintes:

- a) un peso total igual a cinco veces o peso máximo do vulto; e
- b) a equivalente ao produto de 13 kPa pola área da proxección vertical do vulto.

A carga debe aplicarse uniformemente sobre dous lados opostos do espécime, un dos cales será a base sobre a cal normalmente descansa o vulto.

7.14.6 Ensaio de penetración: o espécime deberá colocarse sobre unha superficie ríxida, plana e horizontal que permaneza practicamente inmóbil mentres se estea a realizar o ensaio:

a) unha barra, de 3,2 cm de diámetro co extremo inferior hemisférico e unha masa de 6 kg, deberá deixarse caer, dirixíndoa convenientemente para que o seu eixe lonxitudinal permaneza vertical sobre o centro da parte máis débil do espécime, de maneira que, se penetra o suficiente, chegue ata o sistema de contención. A barra non deberá experimentar unha deformación considerable como consecuencia da execución do ensaio;

b) a altura da caída da barra, medida entre o seu extremo inferior e o punto de impacto previsto na superficie superior do espécime, deberá ser de 1 m.

#### 7.15 ENSAIOS COMPLEMENTARIOS PARA OS VULTOS DO TIPO A DESEÑADOS PARA CONTER LÍQUIDOS E GASES

Someteranse un espécime ou espécimes separados a cada un dos ensaios indicados a seguir, a menos que se poida demostrar que un destes ensaios é máis rigoroso que o outro para o espécime de que se trate, caso en que se someterá un só espécime ao ensaio máis rigoroso:

a) ensaio de caída libre: deberá deixarse caer o espécime sobre o albo de maneira que experimente o máximo dano polo que respecta á contención. A altura da caída, medida entre o extremo inferior do espécime e a superficie superior do albo, será de 9 m. O albo será o definido en 7.13;

b) ensaio de penetración: o espécime deberá someterse ao ensaio especificado en 7.14.6, coa excepción de que a altura da caída se aumentará a 1,7 m en lugar de 1 m como se especifica en 7.14.6 b).

#### 7.16 ENSAIOS PARA DEMOSTRAR A CAPACIDADE DE SOPORTAR AS CONDICIÓN DE ACCIDENTE DURANTE O TRANSPORTE

7.16.1 O espécime deberá someterse aos efectos acumulados dos ensaios especificados en 7.16.2 e 7.16.3, na dita orde. Despois destes ensaios, xa sexa o mesmo espécime ou un espécime por separado someterase aos efectos dos ensaios de inmersión en auga especificados en 7.16.4 e, se procede, en 7.17.

7.16.2 Ensaio mecánico: o ensaio mecánico consistirá en tres ensaios de caída diferentes. Cada espécime deberá someterse ás caídas aplicables segundo se especifica en 7.7.8 ou en 7.10.12. A orde en que se someta o espécime ás probas de caída deberá escollerse de maneira que, despois da execución do ensaio mecánico, os danos que experimente sexan tales que dean lugar a un dano máximo no subseguinte ensaio térmico:

a) na caída I, o espécime deberá deixarse caer sobre o albo de maneira que experimente o máximo dano; a altura da caída, medida entre o extremo inferior do espécime e a superficie superior do albo, será de 9 m. O albo deberá ter as mesmas características que o descrito en 7.13;

b) na caída II, o espécime deberá deixarse caer, de modo que experimente o dano máximo, sobre unha barra rixidamente montada e perpendicular ao albo. A altura da caída, medida entre o punto do espécime en que se pretende que se produza o impacto e a superficie superior da barra será de 1 m. A barra será maciza, de aceiro doce, cunha sección circular ( $15,0 \pm 0,5$  cm) de diámetro, e de 20 cm de lonxitude, a menos que unha barra máis longa poida causar un dano maior, caso en que se empregará unha barra de lonxitude suficiente para causar o dano máximo. A superficie superior da barra será plana e horizontal, e o seu bordo será arredondado, cun raio non superior a 6 mm. O albo en que estea montada a barra terá as mesmas características que o descrito en 7.13;

c) na caída III, o espécime deberá someterse a un ensaio de esmagamento dinámico colocándoo sobre o albo de modo que sufra o dano máximo pola caída dunha masa de 500 kg desde unha altura de 9 m sobre o espécime. A masa consistirá nunha placa maciza de aceiro doce de 1 m por 1 m que caerá en posición horizontal. A altura de caída medirase entre a cara inferior da placa e o punto máis alto do espécime. O albo sobre o que repouse o espécime deberá ter as mesmas características que o descrito en 7.13.

7.16.3 Ensaio térmico: o espécime deberá estar en condicións de equilibrio térmico a unha temperatura ambiente de 38°C, sometido ás condicións da irradiación solar especificadas na táboa 6-5 e á taxa máxima de deseño de xeración de calor no interior do vulto producido polo contido radioactivo. Como alternativa, permítese que calquera destes parámetros posúa distintos valores antes e durante o ensaio, sempre que se teñan debidamente en conta na avaliación ulterior do comportamento do vulto. O ensaio térmico consistirá no seguinte:

a) a exposición do espécime durante un período de 30 minutos a un medio térmico que forneza un fluxo de calor que equivalla, como mínimo, ao da combustión en aire dun combustible hidrocarburado en condicións ambientes suficientemente en repouso como para alcanzar un coeficiente de emisión medio da chama de 0,9 como mínimo, e unha temperatura media de 800°C, como mínimo, que rodee totalmente o espécime, cun

coeficiente de absorción superficial de 0,8 ou ben o valor que se poida demostrar que terá o vulto se se expón a un lume das características especificadas, seguido de:

b) a exposición do espécime a unha temperatura ambiente de 38°C, sometido ás condicións da irradiación solar especificadas na táboa 6-5 e á taxa máxima de deseño de xeración de calor no interior do vulto producido polo contido radioactivo durante suficiente tempo para garantir que as temperaturas no espécime diminúan uniformemente ou se aproximen ás condicións iniciais de estado estacionario. Como alternativa, permítese que calquera destes parámetros posúa distintos valores despois de que cese o fornecemento de calor, sempre que se teñan debidamente en conta na avaliación posterior do comportamento do vulto.

Durante o ensaio e despois del, o espécime non deberá arrefriarse artificialmente e permitirase que prosiga naturalmente calquera combustión dos seus materiais.

7.16.4 Ensaio de inmersión en auga: o espécime deberá mergullarse nunha columna de auga de, como mínimo, 15 m durante un período non inferior a 8 horas na posición que produza o dano máximo. Para os efectos de demostración, considerarase que cumpre tales condicións unha presión externa manométrica de, como mínimo, 150 kPa.

#### **7.17 ENSAIO REFORZADO DE INMERSIÓN EN AUGA APLICABLE AOS VULTOS DO TIPO B(U) E DO TIPO B(M) QUE CONTEÑAN MÁIS DE $10^5$ A<sub>2</sub>, E AOS VULTOS DO TIPO C**

Ensaio reforzado de inmersión en auga: o espécime deberá mergullarse nunha columna de auga de, como mínimo, 200 m, durante un período non inferior a unha hora. Para os efectos de demostración, considerarase que cumpre estas condicións unha presión externa manométrica de, como mínimo, 2 MPa.

#### **7.18 ENSAIO DE INFILTRACIÓN DE AUGA APLICABLE AOS VULTOS CON CONTIDO DE SUBSTANCIAS FISIONABLES**

7.18.1 Deberán quedar exceptuados deste ensaio os vultos para os cales, para efectos de avaliación conforme 7.10.7 a 7.10.12, se superpuxese unha penetración ou un escape de auga no grao que dea lugar á reactividade máxima.

7.18.2 Antes de someter o espécime ao ensaio de infiltración de auga que se especifica a seguir, deberá someterse aos ensaios descritos en 7.16.2 b), e aos de a) ou c) de 7.16.2, segundo se prescribe en 7.10.12, e ao ensaio especificado en 7.16.3.

7.18.3 O espécime deberá mergullarse nunha columna de auga de, como mínimo, 0,9 m, durante un período non inferior a 8 horas e na posición en que sexa de esperar unha infiltración máxima.

#### **7.19 ENSAIOS APLICABLES AOS VULTOS DO TIPO C**

7.19.1 Os espécimes deberán someterse aos efectos de cada unha das secuencias de ensaio que se indican a seguir na orde especificada:

- a) os ensaios especificados en 7.16.2 a) e c), 7.19.2 e 7.19.3; e
- b) o ensaio especificado en 7.19.4.

Permitirase utilizar espécimes por separado en cada unha das secuencias descritas en a) e b).

7.19.2 Ensaio de perforación/desgarramento: o espécime deberá someterse aos efectos destrutivos causados polo impacto dunha sonda maciza de aceiro doce. A sonda deberá estar orientada á superficie do espécime de maneira que dea lugar a un dano máximo ao finalizar a secuencia de ensaios especificada en 7.19.1 a).

a) O espécime, que representará un vulto cunha masa inferior a 250 kg, deberá colocarse nun albo e someterse á caída dunha sonda cunha masa de 250 kg desde unha altura de 3 m sobre o punto en que se pretende que se produza o impacto. Para este ensaio, utilizarase como sonda unha barra cilíndrica en 20 cm de diámetro cuxa extremidade de impacto teña a forma do tronco dun cono circular recto coas seguintes dimensións: 30 cm en altura e 2,5 cm en diámetro na parte superior de bordo arredondado e un raio non superior a 6 mm. O espécime colocarase nun albo das características especificadas en 7.13.

b) Para os vultos que teñan unha masa de 250 kg ou máis, a base da sonda deberá colocarse sobre un albo e o espécime deberá deixarse caer sobre ela. A altura da caída, medida desde o punto do espécime en que se pretende que se produza o impacto co espécime ata o extremo superior da sonda, será de 3 m. Neste ensaio, a sonda terá as mesmas propiedades e dimensións que as especificadas en a), salvo que a lonxitude e

a masa da sonda deberán ser as que produzan o máximo dano ao espécime. A base da sonda deberá colocarse no albo das características especificadas en 7.13.

7.19.3 Ensaio térmico reforzado: as condicións para este ensaio deberán ser as especificadas en 7.16.3, salvo que a exposición ao medio térmico será por un período de 60 minutos.

7.19.4 Ensaio de impacto: o espécime deberá deixarse caer sobre un albo a unha velocidade non inferior a 90 m/s, orientado de modo que experimente o máximo dano. O albo será das características descritas en 7.13, excepto que a superficie do albo poderá ter calquera orientación, sempre que sexa normal á traxectoria do espécime.

## 7.20 ENSAIOS DE EMBALAXES DESEÑADAS PARA CONTER HEXAFLUORURO DE URANIO

Os espécimes que comprendan ou simulen embalaxes deseñadas para conter 0,1 kg ou unha cantidade superior de hexafluoruro de uranio deberán someterse a ensaios hidráulicos a unha presión interna de 1,38 MPa como mínimo, pero cando a presión de ensaio sexa inferior a 2,76 MPa, o deseño deberá ser obxecto de aprobación multilateral. Para volver ensaiar as embalaxes poderá aplicarse calquera outro ensaio non destrutivo equivalente coa condición de que se someta a aprobación multilateral.

## 7.21 APROBACIÓN DOS DESEÑOS DE VULTOS E MATERIAIS

7.21.1 A aprobación de deseños de vultos que conteñan 0,1 kg de hexafluoruro de uranio, ou unha cantidade superior, está suxeita aos seguintes requisitos:

- a) para cada deseño que se axuste aos requisitos de 7.5.4 requírese aprobación multilateral;
- b) para cada deseño que se axuste aos requisitos de 7.5.1 a 7.5.3 deberá requirirse aprobación unilateral da autoridade competente do Estado de orixe do deseño, excepto se nas presentes instrucións se require, doutro modo, aprobación multilateral.

7.21.2 Todo deseño de vultos do tipo B(U) e do tipo C require ser obxecto de aprobación unilateral, salvo que:

- a) un deseño de vulto de substancias fisionables, suxeito tamén ao prescrito en 5;1.2.2.1 e 7.21.4 requira de aprobación multilateral; e
- b) un deseño de vulto do tipo B(U) para material radioactivo de baixa dispersión requira de aprobación multilateral.

7.21.3 Os deseños de vultos do tipo B(M), incluídos os destinados a substancias fisionables, que deben cumprir tamén os requisitos de 5;1.2.2.1 e 7.21.4, así como os destinados a material radioactivo de baixa dispersión, deberán ser obxecto de aprobación multilateral.

7.21.4 Todo deseño de vulto para substancias fisionables que non estea exceptuado en virtude de 7.10.2 dos requisitos que se aplican especificamente a vultos que conteñan substancias fisionables deberá ser obxecto de aprobación multilateral.

7.21.5 O deseño para material radioactivo en forma especial deberá ser obxecto de aprobación unilateral. O deseño para material radioactivo de baixa dispersión deberá ser obxecto de aprobación multilateral (véxase tamén 6.4.23.8 das recomendacións das Nacións Unidas).

## 7.22 REGISTRO DE NÚMEROS DE SERIE E VALIDACIÓN

7.22.1 Deberá informarse a autoridade competente do número de serie de cada embalaxe fabricada segundo un deseño por ela aprobado. A autoridade competente levará un rexistro dos ditos números de serie.

7.22.2 A aprobación multilateral poderá obterse mediante a validación do certificado orixinal outorgado pola autoridade competente do Estado de orixe do deseño ou expedición.

## 7.23 MEDIDAS DE TRANSICIÓN PARA A CLASE 7

### 7.23.1 Vultos para os cales non se require a aprobación do deseño da autoridade competente, en virtude das edicións de 1985 e 1985 (emendada en 1990) da Colección Seguridade núm. 6 do OIEA

7.23.1.1 Os vultos exceptuados, os vultos industriais do tipo BI-1, do tipo BI-2, e do tipo BI-3 e os vultos do tipo A que non requirían a aprobación do deseño da autoridade competente, e que cumpren os requisitos establecidos nas edicións de 1985 ou de 1985 (emendada en 1990) do *Regulamento para o transporte seguro de materiais radioactivos* (Colección Seguridade núm. 6 do OIEA), poderán seguirse utilizando con suxeición ao programa obrigatorio de garantía de calidade, de conformidade cos requisitos especificados en 1;6.3, e cos límites de actividade e restricións dos materiais que se indican en 2;7.2.4.

7.23.1.2 Calquera embalaxe modificada, a menos que teña por obxecto aumentar a seguridade, ou que se fabrique despois do 31 de decembro de 2003, deberá cumprir plenamente o prescrito nestas instrucións. Os vultos preparados para o transporte antes do 31 de decembro de 2003 de conformidade coas edicións de 1985 ou de 1985 (emendada en 1990) da Colección Seguridade núm. 6 do OIEA poderanse seguir transportando. Os vultos que se preparen para o transporte despois desta data deberán cumprir plenamente o disposto na presente edición destas instrucións.

### 7.23.2 Vultos aprobados de conformidade coas edicións de 1973, de 1973 (emendada), de 1985 e de 1985 (emendada en 1990) da Colección Seguridade núm. 6 do OIEA

7.23.2.1 As embalaxes fabricadas segundo un deseño de vulto aprobado pola autoridade competente en virtude das disposicións das edicións de 1973 ou de 1973 (emendada) da Colección Seguridade núm. 6 do OIEA poden continuar utilizándose con suxeición á aprobación multilateral do deseño do vulto; ao programa obrigatorio de garantía de calidade, de conformidade cos requisitos aplicables prescritos en 1;6.3; aos límites de actividade e ás restricións dos materiais que se indican en 2;7.2.4; e no caso dos vultos que conteñan substancias fisionables e que se transporten por vía aérea, ao requisito prescrito en 7.10.10. Non se permitirán novas construcións de embalaxes deste tipo. Exixírase que cumpran plenamente o prescrito nestas instrucións as modificacións introducidas no deseño das embalaxes ou na natureza ou cantidade do contido radioactivo autorizado que a autoridade competente determine que afectarán significativamente a seguridade. De conformidade coas disposicións de 5;2.4.5.1 c) asignarase a cada embalaxe un número de serie que se marcará no seu exterior.

7.23.2.2 As embalaxes fabricadas segundo un deseño de vulto aprobado pola autoridade competente en virtude das disposicións das edicións de 1985 ou de 1985 (emendada en 1990) da Colección Seguridade núm. 6 do OIEA poden continuar utilizándose con suxeición á aprobación multilateral do deseño dos vultos; ao programa obrigatorio de garantía de calidade, de conformidade cos requisitos prescritos en 1;6.3; aos límites de actividade e ás restricións dos materiais que se indican en 2;7.2.4; e, no caso dos vultos que conteñan substancias fisionables e que se transporten por vía aérea, ao requisito prescrito en 7.10.10. Deberá garantirse que cumpran plenamente o prescrito nestas instrucións as modificacións introducidas no deseño das embalaxes ou na natureza ou cantidade do contido radioactivo autorizado que a autoridade competente determine que afectarán significativamente a seguridade. Todos as embalaxes que comencen a fabricarse despois do 31 de decembro de 2006 deberán cumprir plenamente as disposicións desas instrucións.

### 7.23.3 Material radioactivo en forma especial aprobado de conformidade coas edicións de 1973, de 1973 (emendada), de 1985 e de 1985 (emendada en 1990) da Colección Seguridade núm. 6 do OIEA

O material radioactivo en forma especial fabricado segundo un deseño que recibise a aprobación unilateral da autoridade competente en virtude das edicións de 1973, de 1973 (emendada), de 1985 ou de 1985 (emendada en 1990) da Colección Seguridade núm. 6 do OIEA poden continuar utilizándose sempre que estean de conformidade co programa obrigatorio de garantía de calidade, conforme os requisitos aplicables prescritos en 1;6.3. Todo o material radioactivo en forma especial fabricado despois do 31 de decembro de 2003 deberá cumprir plenamente as disposicións destas instrucións.

## Parte 7

### OBRIGACIÓNS DO EXPLOTADOR

## NOTA DE INTRODUCCIÓN

Nesta parte especificanse as obrigacións dos explotadores canto á aceptación, manipulación e carga de mercadorías perigosas. Con todo, nada do aquí exposto impón ao explotador a obrigación de transportar determinado obxecto ou substancia ou lle impide exixir condicións especiais para isto. Por outra parte, tampouco se pretende impedir que o axente de despacho da carga en terra desempeñe algunha ou todas as funcións do explotador. No entanto, os axentes de servizos de escala deben cumprir coas obrigacións que recaen no explotador segundo a parte 7.

---

## Capítulo 1

### PROCEDIMENTOS DE ACEPTACIÓN

*Partes deste capítulo resultan afectadas polas discrepancias estatais AE 6, AU 5, CA 1, CA 4, CA 6, CA 14, CA 15, CA 16, CH 3, CN 1, DK 2, FR 3, HK 1, HR 4, HR 5, IN 1, IN 2, IR 1, IR 2, IR 4, IT 1, IT 5, MO 1, NL 3, PL 1, RU 2, SG 1, UA 1, US 10, US 13; véxase a táboa A-1*

#### 1.1 PROCEDIMENTOS DE ACEPTACIÓN DE CARGA

1.1.1 O persoal dos explotadores que participa na aceptación da carga debe recibir a capacitación adecuada que lle permita identificar e detectar as mercadorías perigosas que se presentan como carga xeral.

1.1.2 O persoal de aceptación da carga debe buscar confirmación dos expedidores sobre o contido de calquera artigo da carga do cal se sospeite que contén mercadorías perigosas para evitar que se carguen na aeronave, como carga xeral, mercadorías perigosas non declaradas. Moitos artigos que parecen inocuos poden conter mercadorías perigosas; no capítulo 6 figura unha lista de descricións xerais que, segundo demostrou a experiencia, acostuman aplicarse aos citados artigos.

+ *Nota.— A miúdo, utilízanse denominacións xerais para describir o contido dos envíos de carga. A fin de axudar na detección de mercadorías perigosas non declaradas, o persoal encargado da aceptación da carga debería verificar os documentos de envío remitíndose á descrición xeral indicada na carta de porte aéreo e, se for necesario, debería pedir aos expedidores proba de que o envío non contén mercadorías perigosas.*

#### 1.2 ACEPTACIÓN DE MERCADORÍAS PERIGOSAS POR PARTE DO EXPLOTADOR

1.2.1 Ningún explotador debe aceptar para transporte por vía aérea un vulto ou sobre-embalaxe que conteña mercadorías perigosas, nin un contedor de carga aérea con material radioactivo, nin un dispositivo de carga unitarizada nin outro tipo de palé que conteña as mercadorías perigosas descritas en 1.4.1 b) e c), a menos que:

- vaia acompañado de dúas copias do correspondente documento de transporte de mercadorías perigosas; ou
- a información aplicable ao envío se proporcione en formato electrónico; ou
- cando se permita, vaia acompañado de documentación alternativa.

1.2.2 Cando se proporcione un documento de transporte de mercadorías perigosas de conformidade con 1.2.1 a), unha das copias ten que acompañar o envío ata o punto final de destino e o explotador ten que gardar unha copia en terra nun lugar a que se poida acceder nun tempo razoable; o documento debe conservarse neste lugar ata que as mercadorías cheguen ao seu destino final e despois poderá gardarse noutra parte.

1.2.3 Cando a información aplicable ao envío se presente en forma electrónica, o explotador terá acceso á información en todo momento durante o transporte ao destino final. Deberá ser posible transferir os datos sen demora a un documento impreso. Cando se proporcione un documento impreso, os datos deben presentarse de acordo con 5;4.

#### 1.3 VERIFICACIÓN DE ACEPTACIÓN

1.3.1 Ningún explotador debe aceptar para o transporte a bordo dunha aeronave un vulto ou sobre-embalaxe que conteña mercadorías perigosas nin un contedor de carga aérea que conteña material radioactivo nin un dispositivo de carga unitarizada nin outro tipo de palé que conteña mercadorías perigosas segundo se describe en 1.4, a menos que verifícase, mediante unha lista de verificación, que:

- os documentos, ou os datos electrónicos, se corresponde, cumpren cos requisitos detallados que se especifican en 5;4;
- a cantidade de mercadorías perigosas declarada no documento de transporte de mercadorías perigosas se encontra dentro dos límites por vulto que poden levar na súa persoa os pasaxeiros ou que pode transportarse en aeronaves de carga, segundo corresponda;



c) as marcas do vulto, sobre-embalaxe ou contedor de carga aérea coinciden co declarado no documento de transporte de mercadorías perigosas que o acompaña e son claramente visibles;

d) cando se requira, a letra que figura na marca de especificación da embalaxe que designa o grupo de embalaxe para o cal foi probado satisfactoriamente o prototipo é apropiada para as mercadorías perigosas contidas na embalaxe. Isto non se aplica ás sobre-embalaxes en que a marca de especificación non está visible;

e) as denominacións dos diversos artigos expedidos, os números das Nacións Unidas, as etiquetas e as instrucións especiais de manipulación que levan os vultos internos son ben visibles ou aparecen, así mesmo, no exterior da sobre-embalaxe;

f) as etiquetas do vulto, sobre-embalaxe ou contedor de carga axústanse aos requisitos de 5;3;

≠ g) a embalaxe exterior dunha embalaxe combinada ou a embalaxe única está permitida conforme a instrución de embalaxe pertinente e, cando está visible, é do tipo declarado no respectivo documento de transporte de mercadorías perigosas;

h) o vulto ou sobre-embalaxe non contén mercadorías perigosas diferentes que deban separarse de conformidade coa táboa 7-1;

i) o vulto, sobre-embalaxe, contedor de carga aérea ou dispositivo de carga unitarizada non presenta fugas nin indicios de que se comprometese a súa integridade;

j) un sobre-embalaxe non contén vultos que exhiban a etiqueta "Exclusivamente en aeronaves de carga", salvo que:

1) os vultos estean agrupados de modo que sexa posible observalos sen dificultade e sexan facilmente accesibles; ou

2) non se exixa que o vulto ou vultos sexan accesibles en 7;2.4.1; ou

3) se trate dun só vulto.

*Nota 1.— As pequenas discrepancias tales como a omisión de puntos e comas na denominación do artigo expedido que figura no documento de transporte ou nas marcas dos vultos ou variacións menores nas etiquetas de risco que non afectan o significado obvio delas non se consideran como erros se non comprometen a seguridade e non deberían constituir unha razón para rexeitar un envío.*

*Nota 2.— Cando os vultos estean nunha sobre-embalaxe ou contedor de carga, de acordo con 1.4, na lista de verificación debería comprobarse se son correctas as marcas e etiquetas desa sobre-embalaxe ou outro tipo de palé ou contedor de carga e non de cada un dos vultos que contén. Cando os vultos estean nun dispositivo de carga unitarizada, de acordo con 1.4.1, na lista de verificación non debería requirirse verificar se as marcas e etiquetas de cada un dos vultos son correctas.*

*Nota 3 — Para as mercadorías perigosas en cantidades exceptuadas e material radioactivo en vultos exceptuados, non se require unha lista de verificación.*

#### 1.4 ACEPTACIÓN DE CONTEDORES DE CARGA E DISPOSITIVOS DE CARGA UNITARIZADA

1.4.1 Ningún explotador deberá aceptar dun expedidor un contedor de carga ou un dispositivo de carga unitarizada que conteña mercadorías perigosas, a menos que se trate de:

a) un contedor para material radioactivo (véxase 6;7.1);

b) un dispositivo de carga unitarizada ou outro tipo de palé que conteña artigos de consumo, preparado conforme a Instrución de embalaxe I963;

c) un dispositivo de carga unitarizada ou outro tipo de palé que conteña xeo seco usado como refrixerante para mercadorías que non sexan perigosas preparado de acordo coa Instrución de embalaxe 954; ou

d) un dispositivo de carga unitarizada ou outro tipo de palé que conteña material magnetizado.

1.4.2 Cando o explotador acepta un dispositivo de carga unitarizada ou outro tipo de palé que conteña artigos de consumo, xeo seco ou material magnetizado segundo se permite en 1.4.1, el mesmo debe poñer no dispositivo de carga unitarizada unha etiqueta de identificación segundo o requirido en 2.8.1.

## 1.5 OBRIGACIÓNS ESPECIAIS AO ACEPTAR SUBSTANCIAS INFECCIOSAS

### 1.5.1 Encamiñamento

Calquera que sexa a modalidade de transporte, este deberá realizarse pola vía de encamiñamento máis rápida posible. Cando sexa necesario facer transbordos, haberá que adoptar precaucións para asegurar atención especial, tramitación rápida e a vixilancia requirida das substancias en tránsito.

## 1.6 ENVÍOS DE MATERIAL RADIOACTIVO QUE NON POIDAN ENTREGARSE

Naqueles casos en que non se poida entregar un envío, este colocarse en lugar seguro e informarse a autoridade competente o antes posible, pedindo instrucións sobre as medidas que deben adoptarse posteriormente.

---

## Capítulo 2

### ALMACENAMIENTO E CARGA

*Partes deste capítulo resultan afectadas polas discrepancias estatais CA 1, CA 4, IR 2, IR 4, JP 10, JP 11, JP 12, US 15; véxase a táboa A-1*

#### 2.1 RESTRICIÓN APLICABLES Á CARGA NO POSTO DE PILOTAXE E EN AERONAVES DE PASAXEIROS

2.1.1 As mercadorías perigosas non deben carrexarse na cabina de ningunha aeronave ocupada por pasaxeiros nin tampouco no posto de pilotaxe, salvo que o permita 1;2.2.1 e 8;1 e no que atinxe a material radioactivo, os vultos exceptuados en 2;7.2.4.1.1. As mercadorías perigosas poden carrexarse no compartimento de carga da cuberta principal das aeronaves de pasaxeiros, sempre que o compartimento en cuestión satisfaga todas as condicións de certificación aplicables aos compartimentos de carga da clase B ou da clase C. Non se deben transportar en aeronaves de pasaxeiros mercadorías perigosas que leven a etiqueta “Exclusivamente en aeronaves de carga”.

2.1.2 Conforme as condicións prescritas en S-7;2.2 do Suplemento, o Estado de orixe e o Estado do explotador poden aprobar o transporte de mercadorías perigosas nos compartimentos de carga da cuberta principal das aeronaves de pasaxeiros que non satisfán as condicións de 2.1.1.

*Nota.— A clasificación dos compartimentos de carga descríbese no documento da OACI titulado Orientación sobre resposta de emerxencia para afrontar incidentes aéreos relacionados con mercadorías perigosas (Doc 9481).*

+ 2.1.3 Con respecto ás condicións adicionais relativas á carga de mercadorías perigosas para transporte por helicóptero, véxase a parte 7;7.

#### 2.2 MERCADORÍAS PERIGOSAS INCOMPATIBLES

##### 2.2.1 Segregación

Os vultos que conteñan mercadorías perigosas capaces de reaccionar perigosamente entre si non deberán estibarse, nunha aeronave, unhas xunto a outras ou nunha posición tal que poidan obrar reciprocamente en caso de perdas. Como mínimo, deberá observarse a norma de separación que figura na táboa 7-1, a fin de manter unha separación aceptable entre vultos que conteñan mercadorías perigosas que encerran riscos diferentes. A norma aplícase independentemente do feito de que a clase ou a división sexa o risco primario ou secundario.

##### 2.2.2 Separación de substancias e obxectos explosivos

2.2.2.1 Só os explosivos da división 1.4, grupo de compatibilidade S, poden transportarse en aeronaves de pasaxeiros. Só os explosivos seguintes poden transportarse en aeronaves de carga:

División 1.3: Grupos de compatibilidade C, G.

División 1.4: Grupos de compatibilidade B, C, D, E, G, S.

2.2.2.2 A medida en que os explosivos poden estibarse xuntos nunha aeronave está determinada pola súa “compatibilidade”. Considérase que os explosivos son compatibles se poden estibarse xuntos sen que aumente significativamente a probabilidade de accidente ou ben, para unha cantidade determinada, a magnitude dos efectos dun accidente.

2.2.2.3 Os explosivos pertencentes ao grupo de compatibilidade S poden estibarse con explosivos de calquera outro grupo de compatibilidade.

2.2.2.4 Salvo con respecto ao prescrito en 2.2.2.5, os explosivos de grupos de compatibilidade diferentes poden estibarse xuntos, pertencen ou non á mesma división.

2.2.2.5 Para os explosivos con números de división e grupos de compatibilidade que son diferentes, debe aplicarse o esquema de segregación da táboa 7-2, a fin de manter unha distancia aceptable entre os vultos.

Táboa 7-1. Separación de vultos

Etiqueta de risco	Clase ou división							
	1	2	3	4.2	4.3	5.1	5.2	8
1	Nota 1	Nota 2	Nota 2	Nota 2	Nota 2	Nota 2	Nota 2	Nota 2
2	Nota 2	—	—	—	—	—	—	—
3	Nota 2	—	—	—	—	x	—	—
4.2	Nota 2	—	—	—	—	x	—	—
4.3	Nota 2	—	—	—	—	—	—	x
5.1	Nota 2	—	x	x	—	—	—	—
5.2	Nota 2	—	—	—	—	—	—	—
8	Nota 2	—	—	—	x	—	—	—

Un "x" na intersección entre unha fila e unha columna denota que os vultos que conteñen esas clases de mercadorías perigosas non poderán estibarse xuntos, ou estar en contacto entre si, nin nunha posición en que poidan entrar en contacto se chega a escapar ou derramarse o seu contido, de modo que un vulto que conteña mercadorías perigosas da clase 3 non poderá estibarse xunto a un vulto con mercadorías perigosas da división 5.1 nin en contacto con este.

Nota 1.— Véxanse 2.2.2.2 a 2.2.2.5.

Nota 2.— Esta clase ou división non se pode estibar xunto cos explosivos non pertencentes á división 1.4, grupo de compatibilidade S.

Nota 3.— Os vultos que conteñan substancias perigosas con riscos múltiples nas clases ou divisións que requiren segregación segundo a táboa 7-1 non necesitan ser segregados doutros vultos que leven o mesmo número ONU.

Táboa 7-2. Separación de substancias e obxectos explosivos

División e grupo de compatibilidade	1.3C	1.3G	1.4B	1.4C	1.4D	1.4E	1.4G	1.4S
1.3C			x					
1.3G			x					
1.4B	x	x		x	x	x	x	
1.4C			x					
1.4D			x					
1.4E			x					
1.4G			x					
1.4S								

Un "x" na intersección dunha fila e unha columna indica que os explosivos destas divisións e grupos de compatibilidade deben transportarse en dispositivos de carga unitarizada separados e, ao estibalos a bordo, os dispositivos de carga unitarizada deben quedar separados por outras mercadorías cunha distancia mínima de separación de 2 m. Cando non van cargados en dispositivos de carga unitarizada, estes explosivos deben estibarse en lugares para carga distintos e non adxacentes, e deben quedar separados por outras mercadorías cunha distancia mínima de separación de 2 m.

### 2.3 MANIPULACIÓN E CARGA DE VULTOS QUE CONTEÑAN MERCADORÍAS PERIGOSAS LÍQUIDAS

Durante o transporte por vía aérea, todo vulto de mercadorías perigosas que leve a etiqueta indicadora da posición en que se teña que colocar, prescrita en 5.3, ten que se cargar e estibar a bordo das aeronaves e manipular en todo momento de conformidade coa indicación que leve a etiqueta. Os vultos soltos con peche no extremo e que conteñan mercadorías perigosas téñense que estibar e cargar a bordo das aeronaves co peche cara arriba, teñan ou non tamén peche lateral.

### 2.4 CARGA E SUXEIÇÃO DAS MERCADORÍAS PERIGOSAS

#### 2.4.1 Carga a bordo das aeronaves cargueiras

≠

≠ 2.4.1.1 Os vultos ou sobre-embalaxes de mercadorías perigosas que leven a etiqueta “Exclusivamente en aeronaves de carga” deben cargarse para o seu transporte en aeronaves de carga axustándose a unha das disposicións seguintes:

a) nun compartimento de carga de clase C; ou

b) nun dispositivo de carga unitarizada con sistema de detección/supresión de incendios equivalente a aquel que se especifica nos requisitos de certificación dos compartimentos de carga de clase C, segundo o determine a autoridade nacional que corresponda (debe indicarse “Compartimento de clase C” na etiqueta do dispositivo de carga unitarizada cando a autoridade nacional que corresponda determine que ese dispositivo de carga unitarizada se axusta ás normas relativas aos compartimentos de carga de clase C); ou

c) de maneira tal que no caso dunha emerxencia relacionada con estes vultos ou sobre-embalaxes, un membro da tripulación ou outra persoa autorizada poida ter acceso a eles e poida manipularlos e, cando a dimensión e a masa o permitan, poida separalos doutra carga; ou

+ d) en transporte exterior por helicóptero; ou

+ e) coa aprobación do Estado do explotador, no caso de operacións de helicópteros, na cabina (véxase a parte S-7;2.4 do Suplemento).

*Nota.— A clasificación dos compartimentos de carga descríbese no documento da OACI titulado Orientación sobre resposta de emerxencia para afrontar incidentes aéreos relacionados con mercadorías perigosas (Doc 9481).*

2.4.1.2 Os requisitos de 2.4.1.1 non se aplican:

≠ a) aos líquidos inflamables (clase 3), grupo de embalaxe III, con excepción dos que teñen risco secundario da clase 8;

≠ b) ás substancias tóxicas (división 6.1) sen risco secundario, con excepción da clase 3;

+ c) ás substancias infecciosas (división 6.2);

d) ao material radioactivo (clase 7);

e) ás mercadorías perigosas varias (clase 9).

*Nota.— Ao transportar mercadorías en adegas de carga non presurizadas, prodúcese unha presión diferencial de ata 75 kPa a altitudes de cruceiro. É posible que os vultos que se enchen a unha presión atmosférica normal non soporten esta presión diferencial. Debería obterse a confirmación do expedidor canto á idoneidade da embalaxe.*

#### 2.4.2 Suxeición das mercadorías perigosas

O explotador ten que suxeitar as mercadorías perigosas a bordo de modo tal que non poidan moverse. Canto aos vultos ou sobre-embalaxes que conteñan material radioactivo, o método de fixación ten que ser idóneo para satisfacer en todo momento as condicións de separación previstas en 2.8.3.

#### 2.4.3 Condicións xerais de carga

Cando as mercadorías perigosas suxeitas ás disposicións aquí previstas se encontran a bordo da aeronave, o explotador debe protexelas para evitar que sufran danos, incluíndo os que se producen polo movemento da equipaxe, correo, fornecementos ou outra carga. A manipulación dos vultos durante a súa preparación para o transporte, o tipo de aeronave na cal se van transportar e o método que se require para cargala exixen especial atención a fin de que non se produzan accidentalmente danos debido ao arrastramento ou manipulación incorrecta dos vultos.

## 2.5 VULTOS AVARIADOS QUE CONTEÑAN MERCADORÍAS PERIGOSAS

Cando calquera vulto dalgunha mercadoría perigosa, xa cargado a bordo dunha aeronave, teña avarías ou perdas do seu contido, o explotador deberá descargarlo da aeronave, ou dispor que o descargue a autoridade ou organización competente, e posteriormente encargarse de que se deposite nalgún lugar seguro. Se se trata dun vulto que teña perdas, o explotador deberá asegurarse de que o resto do envío se acha en boas condicións para o seu transporte por vía aérea e de que ningún outro vulto, equipaxe ou carga quedou contaminado. Véxanse 3.1 e 3.2 desta parte no que concirne ás medidas que se deben adoptar en caso de avaría dos vultos que conteñan substancias infecciosas da clase 6 ou material radioactivo da clase 7.

+

## 2.6 VISIBILIDADE DAS MARCAS E ETIQUETAS

Durante o transporte por vía aérea, incluíndo o almacenamento, as marcas e etiquetas requiridas nas presentes instrucións non deben quedar ocultas ou confusas por algunha parte ou accesorio da embalaxe ou por calquera outra etiqueta ou marca.

## 2.7 SUBSTITUCIÓN DAS ETIQUETAS

Cando un explotador descubra que as etiquetas colocadas en vultos de mercadorías perigosas se extraviaron, desprenderon ou son ilexibles, o explotador ten que substituílas coas etiquetas apropiadas, de conformidade cos datos facilitados no correspondente documento de transporte de mercadorías perigosas.

## 2.8 IDENTIFICACIÓN DOS DISPOSITIVOS DE CARGA UNITARIZADA QUE CONTEÑAN MERCADORÍAS PERIGOSAS

2.8.1 Todo dispositivo de carga unitarizada que encerre mercadorías perigosas que requiran etiqueta de clase de risco, deberá levar claramente visible no seu exterior unha indicación de que o dispositivo de carga unitarizada contén mercadorías perigosas, salvo que as propias etiquetas de clase de risco sexan ben visibles.

2.8.2 Esta indicación deberá facerse poñendo ao dispositivo de carga unitarizada unha etiqueta volante de identificación cun bordo sombreado en vermello que destaque en ambas as caras e cuxas dimensións mínimas sexan de 148 mm × 210 mm. Nesta etiqueta volante deberán marcarse claramente as clases ou divisións de risco primario e secundario das mercadorías perigosas en cuestión.

2.8.3 Se o dispositivo de carga unitarizada contén vultos que leven a etiqueta "Exclusivamente en aeronaves de carga", esa etiqueta deberá estar ben visible ou a etiqueta volante deberá indicar que o dispositivo de carga unitarizada só pode estibarse en aeronaves de carga.

2.8.4 A etiqueta volante deberá arrincarse do dispositivo de carga unitarizada inmediatamente despois de descargar as mercadorías perigosas.

## 2.9 ESTIBA DAS SUBSTANCIAS TÓXICAS E DAS INFECCIOSAS

Non deben transportarse no mesmo compartimento dunha aeronave substancias da clase 6 (substancias tóxicas e infecciosas da categoría A) nin substancias que exixan unha etiqueta de risco secundario "Tóxico" xunto a animais, ou substancias que se saiba polas marcas ou dalgún outro modo que se trata de alimentos, forraxes ou outros artigos comestibles destinados ao consumo humano ou animal, a menos que as substancias tóxicas ou infecciosas da categoría A e os alimentos ou animais se carguen en dispositivos de carga unitarizada distintos e que, ao estibalos a bordo, os dispositivos de carga unitarizada non estean adxacentes entre si, ou ben as substancias tóxicas ou infecciosas da categoría A vaian nun dispositivo de carga unitarizada e os alimentos ou animais noutro dispositivo de carga unitarizada, ambos cerrados.

## 2.10 DISPOSICIÓNS ESPECIAIS APLICABLES AO TRANSPORTE DE MATERIAL RADIOACTIVO

### 2.10.1 Limitación da exposición de persoas á radiación

2.10.1.1 A exposición á radiación do persoal de transporte e de almacenamento debe controlarse de modo que non haxa probabilidades de que o persoal adscrito a estas actividades reciba unha dose de radiación que exceda a aceptable para o gran público. En circunstancias especiais, poden concertarse os arranxos necesarios para que a autoridade competente encargada do control radiolóxico clasifique ese persoal como man de obra ocupada na manipulación de material radioactivo e obrígalo a que se ataña ás disposicións que se xulguen necesarias.

2.10.1.2 A todo o persoal pertinente de transporte e de almacenamento deben impartírselle as instrucións necesarias relativas aos riscos que corren e ás precaucións conseguíntes que teñan que tomar.

2.10.1.3 Deberíase adoptar a práctica de manter a exposición á radiación ao mínimo razoablemente posible. As distancias de separación que figuran nas táboas 7-3 e 7-4 representan valores mínimos e, cando sexa posible, deberían utilizarse distancias maiores. Na medida do posible, os vultos de material radioactivo estibados en compartimentos de carga situados baixo cuberta nas aeronaves de pasaxeiros deberían colocarse sobre o piso do compartimento.

*Nota.— As distancias entre vultos de material radioactivo e pasaxeiros, que se especifican na táboa 7-3, baséanse nun criterio de coeficiente de dose de referencia de 0,02 mSv/h nun asento de 0,4 m de altura.*

### 2.10.2 Límites de actividade

A actividade total en toda aeronave para transportar material BAE e OCS en vultos do tipo BI-1, BI-2, BI-3 ou sen embalar non excederá os límites indicados na táboa 7-5.

### 2.10.3 Estiba durante o transporte e o almacenamento en tránsito

2.10.3.1 Os envíos deberán estibarse en forma segura.

2.10.3.2 Sempre que o fluxo térmico medio na súa superficie non exceda  $15 \text{ W/m}^2$  e que a carga circundante inmediata non vaia en sacos ou bolsas, poderase transportar ou almacenar un vulto ou sobre-embalaxe xunto con carga xeral embalada sen que deba observarse ningunha condición especial de estiba, salvo polo que poida requirir de maneira específica o correspondente certificado de aprobación da autoridade competente.

2.10.3.3 A carga de contedores de carga aérea e a acumulación de vultos, sobre-embalaxes e contedores de carga aérea controlorase segundo se indica a seguir:

a) salvo na modalidade de uso exclusivo, deberá limitarse o número total de vultos, sobre-embalaxes e contedores de carga aérea nunha soa aeronave de modo que a suma total dos índices de transporte a bordo da aeronave non exceda os valores indicados na táboa 7-6. No caso de envíos de material BAE-I non existirá límite para a suma dos índices de transporte;

b) nos casos en que un envío se transporte na modalidade de uso exclusivo, non existirá límite para a suma dos índices de transporte a bordo dunha soa aeronave, pero aplicaranse as distancias mínimas de segregación requiridas en 2.9.6;

c) o nivel de radiación nas condicións de transporte rutineiro non deberá exceder  $2 \text{ mSv/h}$  en ningún punto da superficie externa da aeronave nin  $0,1 \text{ mSv/h}$  a  $2 \text{ m}$  de distancia da superficie externa da aeronave; e

d) a suma total dos índices de seguridade con respecto á criticidade nun contedor de carga aérea e a bordo dunha aeronave non deberá exceder os valores indicados na táboa 7-7.

2.10.3.4 Todo vulto ou sobre-embalaxe que teña un índice de transporte superior a 10, ou todo envío que teña un índice de seguridade con respecto á criticidade superior a 50, deberá transportarse unicamente segundo a modalidade de uso exclusivo.

### 2.10.4 Segregación de vultos que conteñan substancias fisiónables durante o transporte e o almacenamento en tránsito

2.10.4.1 Calquera grupo de vultos, sobre-embalaxes e contedores de carga aérea que conteña substancias fisiónables almacenadas en tránsito en calquera zona de almacenamento deberá limitarse de modo que a suma total dos índices de seguridade con respecto á criticidade do grupo non exceda 50. Cada grupo deberá almacenarse de modo que se manteña un espazo mínimo de  $6 \text{ m}$  respecto doutros grupos deste tipo.

**Táboa 7-3. Distancia mínima entre a superficie dos vultos, das sobre-embalaxes e dos contedores de material radioactivo e a superficie interior máis próxima das paredes ou pisos da cabina de pasaxeiros ou do posto de pilotaxe, sexa cal for a duración da viaxe**

<i>Suma total dos índices de transporte</i>	<i>Distancia mínima (metros)</i>
0,1 – 1,0	0,30
1,1 – 2,0	0,50
2,1 – 3,0	0,70
3,1 – 4,0	0,85
4,1 – 5,0	1,00
5,1 – 6,0	1,15
6,1 – 7,0	1,30
7,1 – 8,0	1,45
8,1 – 9,0	1,55
9,1 – 10,0	1,65
10,1 – 11,0	1,75
11,1 – 12,0	1,85
12,1 – 13,0	1,95
13,1 – 14,0	2,05
14,1 – 15,0	2,15
15,1 – 16,0	2,25
16,1 – 17,0	2,35
17,1 – 18,0	2,45
18,1 – 20,0	2,60
20,1 – 25,0	2,90
25,1 – 30,0	3,20
30,1 – 35,0	3,50
35,1 – 40,0	3,75
40,1 – 45,0	4,00
45,1 – 50,0	4,25

Se a aeronave leva a bordo máis dun vulto, sobre-embalaxe ou contedor, a distancia mínima de separación entre os vultos ou contedores debe determinarse de acordo con esta táboa, a base da suma dos valores dos índices de transporte de cada un dos vultos, sobre-embalaxes ou contedores. Emporiso, se os vultos, sobre-embalaxes ou contedores se separan en grupos, a distancia mínima entre cada un destes grupos e a superficie interior máis próxima das paredes ou pisos da cabina de pasaxeiros ou do posto de pilotaxe será a distancia aplicable á suma dos índices de transporte de cada grupo, sempre que cada un destes se encontre separado entre si por unha distancia ao menos tres veces maior que a distancia aplicable ao grupo que reuna a suma maior de índices de transporte.

*Nota.— Con respecto á suma total de índices de transporte superior a 50, para transportar exclusivamente en aeronaves de carga, véxase a táboa 7-4.*



**Táboa 7-4. Distancia mínima entre a superficie dos vultos, das sobre-embalaxes, e dos contedores de material radioactivo transportados exclusivamente por aeronaves de carga, e a superficie interior máis próxima das paredes ou pisos do posto de pilotaxe ou doutras seccións ocupadas por persoal, sen importar cal sexa a duración da viaxe**

<i>Suma total dos índices de transporte</i>	<i>Distancia mínima (metros)</i>	<i>Suma total dos índices de transporte</i>	<i>Distancia mínima (metros)</i>
50,1– 60,0	4,65	180,1– 190,0	8,55
60,1– 70,0	5,05	190,1– 200,0	8,75
70,1– 80,0	5,45	200,1– 210,0	9,00
80,1– 90,0	5,80	210,1– 220,0	9,20
90,1– 100,0	6,10	220,1– 230,0	9,40
100,1– 110,0	6,45	230,1– 240,0	9,65
110,1– 120,0	6,70	240,1– 250,0	9,85
120,1– 130,0	7,00	250,1– 260,0	10,05
130,1– 140,0	7,30	260,1– 270,0	10,25
140,1– 150,0	7,55	270,1– 280,0	10,40
150,1– 160,0	7,80	280,1– 290,0	10,60
160,1– 170,0	8,05	290,1– 300,0	10,80
170,1– 180,0	8,30		

Se a aeronave leva a bordo máis dun vulto, sobre-embalaxe ou contedor, a distancia mínima de separación entre os vultos, sobre-embalaxes ou contedores debe determinarse de acordo con esta táboa a base da suma dos valores dos índices de transporte de cada un dos vultos, sobre-embalaxes ou contedores. Emporiso, se os vultos, sobre-embalaxes ou contedores se separasen en grupos, a distancia mínima entre cada un destes grupos e a superficie interior máis próxima das paredes ou pisos do posto de pilotaxe sería a distancia aplicable á suma dos índices de transporte de cada grupo, sempre que cada un destes se encontre separado entre si por unha distancia ao menos tres veces maior que a distancia aplicable ao grupo que reúna a suma maior de índices de transporte.

*Nota.*— Para sumas menores de índices de transporte, véxase a táboa 7-3. As distancias, nos casos en que a suma total dos índices de transporte sexa superior a 200, aplícanse ao uso exclusivo unicamente.

**Táboa 7-5. Límites de actividade nas aeronaves para o material BAE e OCS en vultos industriais**

<i>Natureza do material</i>	<i>Límites de actividade nas aeronaves</i>
BAE-I	Sen límite
BAE-II e BAE-III Sólidos non combustibles	Sen límite
BAE-II e BAE-III Sólidos combustibles, e todos os líquidos e gases	100 A <sub>2</sub>
OCS	100 A <sub>2</sub>

**Táboa 7-6. Límites do índice de transporte para contedores e aeronaves non na modalidade de uso exclusivo**

<i>Tipo de contedor ou medio de transporte</i>	<i>Límite da suma total de índices de transporte nun contedor ou a bordo dunha aeronave</i>
Contedor — pequeno	50
Contedor — grande	50
Aeronave de pasaxeiros	50
de carga	200

**Táboa 7-7. Límites do índice de seguridade con respecto á criticidade para contedores e aeronaves que conteñan substancias fisionables**

Tipo de contedor ou aeronave	Límite da suma total de índices de seguridade con respecto á criticidade nun contedor ou a bordo dunha aeronave	
	Non na modalidade de uso exclusivo	Na modalidade de uso exclusivo
Contedor — pequeno	50	Non se aplica
Contedor — grande	50	100
Aeronave de pasaxeiros	50	Non se aplica
Aeronave de carga	50	100

2.10.4.2 Cando a suma total dos índices de seguridade con respecto á criticidade a bordo dunha aeronave ou no interior dun contedor de carga aérea exceda 50, tal como se permite na táboa 7-7, o almacenamento deberá realizarse de forma que se manteña un espazo mínimo de 6 m respecto doutros grupos de vultos, sobre-embalaxes ou contedores de carga aérea que conteñan substancias fisionables ou doutro medio de transporte que carrexese material radioactivo.

### 2.10.5 Transporte por vía aérea

2.10.5.1 Nas aeronaves de pasaxeiros non deberán transportarse vultos do tipo B(M) nin envíos na modalidade de uso exclusivo.

2.10.5.2 Non deberán transportarse por vía aérea vultos do tipo B(M) con ventilación, vultos que requiran refrixeración externa mediante un sistema auxiliar de refrixeración, vultos sometidos a controis operacionais durante o seu transporte nin vultos que conteñan materiais pirofóricos líquidos.

2.10.5.3 A non ser en virtude de arranxos especiais, non deberán transportarse por vía aérea os vultos ou sobre-embalaxes que na súa superficie teñan un nivel de radiación superior a 2 mSv/h.

2.10.5.4 Salvo no caso de expedicións en virtude de arranxos especiais, permitirase a mestura de vultos de diferentes tipos de material radioactivo, incluídas as substancias fisionables, así como a mestura de diferentes tipos de vultos con diferentes índices de transporte, sen necesidade da aprobación específica da autoridade competente. No caso de expedicións en virtude de arranxos especiais, non se permitirá a mestura salvo que estea especificamente autorizada en virtude do arranxo especial.

### 2.10.6 Separación

#### 2.10.6.1 Distancias de separación con respecto ás persoas

Os vultos, sobre-embalaxes ou contedores das categorías II-amarela e III-amarela deberán separarse das persoas. As distancias mínimas de separación que se aplicarán figuran nas táboas 7-3 e 7-4 e trátase das distancias que van desde a superficie dos vultos, embalaxes ou contedores ata a superficie interior máis próxima das paredes ou pisos da cabina de pasaxeiros ou do posto de pilotaxe, independentemente da duración do transporte do material radioactivo. A táboa 7-4 só se aplica cando o material radioactivo se transporta en aeronaves de carga e, nesas circunstancias, as distancias mínimas deberán aplicarse segundo o devandito tamén a calquera outra área ocupada por persoas.

#### 2.10.6.2 Distancias de separación con respecto ás películas fotográficas sen revelar

Os vultos, sobre-embalaxes ou contedores das categorías II-amarela e III-amarela deben separarse das películas ou placas fotográficas sen revelar. As distancias mínimas de separación que se aplicarán figuran na táboa 7-8 e trátase das distancias que van desde a superficie dos vultos, sobre-embalaxes ou contedores ata a superficie dos vultos con películas ou placas fotográficas sen revelar.

#### 2.10.6.3 Distancias de separación con respecto aos animais vivos

Os vultos, sobre-embalaxes ou contedores das categorías II-amarela e III-amarela deben estar separados dos animais vivos por unha distancia de 0,5 m como mínimo durante as viaxes que non excedan 24 horas, e por unha distancia de 1 m como mínimo, durante as viaxes que excedan 24 horas.

**2.11 CARGA DE MATERIAL MAGNETIZADO**

O material magnetizado debe cargarse de maneira que os rumbos dos compases da aeronave se manteñan dentro das tolerancias prescritas nos requisitos de aeronavegabilidade aplicables e, cando sexa posible, en lugares onde se minimicen os efectos que poida ter nos compases. Os vultos múltiples poden ter un efecto acumulativo. Para o material magnetizado que se transporta conforme as condicións de aprobación descritas na Instrución de embalaxe 953, a estiba debe axustarse ás condicións especificadas na aprobación para autorizar o transporte.

*Nota.— Aínda cando non se axusten á definición de material magnetizado, as masas de metais ferromagnéticos tales como automóviles, pezas de automóbil, valados e tubaxes metálicas e material de construción metálico poden afectar os compases da aeronave, do mesmo modo que poden afectalas os vultos ou artigos que individualmente non se axusten á definición de material magnetizado pero que no seu conxunto poden ter unha intensidade de campo magnético do material magnetizado.*

**2.12 CARGA DE XEO SECO**

2.12.1 Cando o xeo seco (dióxido de carbono sólido) se expida separadamente ou cando se utilice como refrixerante doutros artigos, pode transportarse a reserva de que o explotador tome disposicións adecuadas segundo o tipo de aeronave, réxime de ventilación, método de embalaxe e de estiba, que se transporten ou non animais no mesmo voo, e outros factores. O explotador debe asegurarse de que o persoal de terra estea informado de que se está a cargar ou se cargou a bordo da aeronave determinada cantidade de xeo seco.

2.12.2 Cando o xeo seco vai contido nun dispositivo de carga unitarizada ou outro tipo de palé preparada por un só expedidor de acordo coa Instrución de embalaxe 954 e o explotador despois da aceptación agrega xeo seco adicional, este último debe asegurarse de que a información entregada ao piloto ao mando reflecta a cantidade de xeo seco emendada.

*Nota.— Véxase a Instrución de embalaxe 954 para os arranxos entre o expedidor e o explotador.*

**Táboa 7-8. Distancia mínima en metros entre a superficie de cada vulto, sobre-embalaxe ou contedor de material radioactivo e as películas ou placas fotográficas sen revelar, para o transporte que requira un máximo de 48 horas**

Suma total dos índices de transporte	Duración do transporte					
	2 horas ou menos	2 a 4 horas	4 a 8 horas	8 a 12 horas	12 a 24 horas	24 a 48 horas
1	0,4	0,6	0,9	1,1	1,5	2,2
2	0,6	0,8	1,2	1,5	2,2	3,1
3	0,7	1,0	1,5	1,8	2,6	3,8
4	0,8	1,2	1,7	2,2	3,1	4,4
5	0,8	1,3	1,9	2,4	3,4	4,8
10	1,4	2,0	2,8	3,5	4,9	6,9
20	2,0	2,8	4,0	4,9	6,9	10,0
30	2,4	3,5	4,9	6,0	8,6	12,0
40	2,9	4,0	5,7	6,9	10,0	14,0
50	3,2	4,5	6,3	7,9	11,0	16,0

*Nota.— O anterior calculouse de maneira que a dose de radiación a que estean expostos os elementos fotográficos non exceda 0,1 mSv (10 mrem).*

≠

### **2.13 CARGA DE ONU 2211 POLÍMEROS EN PERLAS EXPANSIBLES U ONU 3314, COMPOSTO PLÁSTICO PARA MOLDAXE**

É posible transportar nunha das bodegas inaccesibles de calquera aeronave un máximo de 100 kg de masa neta de polímeros expansibles en perlas (ou gránulos) ou de material plástico para moldaxe, de que fala a Instrución de embalaxe 957.

### **2.14 MANIPULACIÓN DAS SUBSTANCIAS DE REACCIÓN ESPONTÁNEA E DOS PERÓXIDOS ORGÁNICOS**

Durante o transporte, os vultos ou dispositivos de carga unitarizada que conteñan substancias de reacción espontánea da división 4.1 ou peróxidos orgánicos da división 5.2 deberán protexerse dos raios directos do sol e almacenarse nalgún lugar ben ventilado, afastado de toda fonte de calor.

+

### **2.15 MANIPULACIÓN E CARGA DE RECIPIENTES INTERMEDIOS PARA GRANEIS (RIG)**

Durante a manipulación e carga de recipientes intermedios para graneis (RIG) deberían terse en conta as marcas para RIG especificadas en 6;2.4.3, se as houber.

---

## Capítulo 3

### INSPECCIÓN E DESCONTAMINACIÓN

*Partes deste capítulo resultan afectadas polas discrepancias estatais AE 4, CA 4, FR 4, IT 4; véxase a táboa A-1*

#### 3.1 INSPECCIÓN DE AVARÍAS E FUGAS

3.1.1 O explotador ten que asegurarse de que non se cargue a bordo de ningunha aeronave nin de ningún dispositivo de carga unitarizada un vulto ou sobre-embalaxe que conteña mercadorías perigosas a menos que o inspeccionase inmediatamente antes de metelo a bordo e determinase que non hai indicios de fugas ou avarías.

3.1.2 Non se debe estibar a bordo de ningunha aeronave ningún dispositivo de carga unitarizada a menos que este se inspeccionase debidamente e se determinase que non existen indicios de fugas ou avarías nas mercadorías perigosas nel encerradas.

3.1.3 Ao descargar da aeronave ou do dispositivo de carga unitarizada os vultos ou sobre-embalaxes que conteñen mercadorías perigosas, estes deberán inspeccionarse para determinar se hai indicios de avarías ou fugas. Se os houber, deberá inspeccionarse o lugar a bordo en que as mercadorías perigosas ou o dispositivo de carga unitarizada foron estibados para comprobar se se produciron avarías ou contaminación, e, se esta constitúe un perigo, ese lugar será obxecto de descontaminación. As obrigacións especiais do explotador relativas ás substancias infecciosas detállanse en 3.1.4.

3.1.4 Toda persoa encargada do transporte dos vultos que conteñan substancias infecciosas, que se aperciba de que algún vulto sufriu avarías ou fugas, debe:

- a) evitar a manipulación do vulto ou manipular o mínimo indispensable;
- b) inspeccionar os vultos adxacentes para ver se están contaminados e apartar os que poidan estalo;
- c) notificar o feito ás autoridades sanitarias ou veterinarias competentes e proporcionar detalles aos outros países de tránsito onde poida haber persoas que estivesen expostas ao perigo;
- d) notificar ao expedidor ou ao consignatario, ou a ambos, de ser o caso.

#### 3.2 VULTOS CON MATERIAL RADIOACTIVO DETERIORADOS OU CON FUGAS, EMBALAXES CONTAMINADAS

3.2.1 Cando se advirta que un vulto está deteriorado ou presenta fugas, ou se se sospeita que se puideron producir fugas ou deterioracións nel, deberá restrinxirse o acceso a ese vulto e un especialista realizará, tan pronto como sexa posible, unha avaliación do grao de contaminación e do nivel de radiación resultante no vulto. A avaliación deberá comprender o vulto, a aeronave, as zonas contiguas de carga e descarga e, de ser necesario, todos os demais materiais que se transportasen na mesma aeronave. Cando sexa necesario, deberán tomarse medidas adicionais para a protección das persoas, os bens e o ambiente, de conformidade coas disposicións establecidas pola autoridade competente, a fin de contrarrestar e reducir a un mínimo as consecuencias de tal fuga ou deterioración.

3.2.2 Os vultos deteriorados ou que presenten fugas de contido radioactivo superiores aos límites admisibles para as condicións normais de transporte poderán trasladarse a un lugar provisional aceptable baixo supervisión, pero a súa utilización suspenderase ata que se reparen ou reintegren ao seu estado inicial e se descontaminen.

3.2.3 As aeronaves e o equipamento que habitualmente se utiliza para o transporte de material radioactivo deberán estar suxeitos a inspeccións periódicas a fin de determinar o grao de contaminación. A frecuencia desas inspeccións dependerá da probabilidade de que se produza unha contaminación, así como da cantidade en que se transporte material radioactivo.

3.2.4 Sen prexuízo do disposto en 3.2.5, toda aeronave ou equipamento ou parte delas que resultase contaminada durante o transporte de material radioactivo por cima dos niveis especificados en 4;9.1.2, ou que presente un nivel de radiación superior a 5  $\mu\text{Sv/h}$  na superficie será descontaminada, tan pronto como sexa posible, por especialistas e non deberá volver utilizarse ata que a contaminación transitoria deixe de ser superior aos límites especificados en 4;9.1.2 e o nivel de radiación resultante da contaminación fixa nas superficies tras a descontaminación sexa inferior a 5  $\mu\text{Sv/h}$  na superficie.

3.2.5 As sobre-embalaxes, contedores ou aeronaves dedicados ao transporte de material radioactivo na modalidade de uso exclusivo exceptuaranse do cumprimento dos requisitos de 4;9.1.4 e 3.2.4 unicamente no que respecta ás súas superficies internas e só mentres permanezan no dito uso exclusivo específico.

### 3.3 EQUIPAXE OU CARGA QUE SE SOSPEITAN CONTAMINADOS

Se o explotador sabe que se contaminou equipaxe ou carga para as cales non se indicou a presenza de mercadorías perigosas e se sospeita que a contaminación pode deberse a mercadorías perigosas, deberá tomar medidas razoables para identificar a natureza e a fonte da contaminación antes de proceder ao embarque da equipaxe ou da carga contaminados. Se se determina ou sospeita que a substancia contaminante está clasificada como mercadoría perigosa nas instrucións técnicas, o explotador deberá illar a equipaxe ou a carga e adoptar as medidas apropiadas para anular todo risco identificando a equipaxe ou carga antes de proseguir a viaxe por vía aérea.

---

## Capítulo 4

### SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN

*Partes deste capítulo resultan afectadas polas discrepancias estatais AU 4, CA 4, CA 19, FR 5, GB 4, KP 3, MY 4, MY 5, US 12, US 13, US 15, VU 3, VU 4; véxase a táboa A-1*

#### NOTA DE INTRODUCCIÓN

As responsabilidades dos explotadores sobre a subministración de información aos pasaxeiros aparecen na parte 8.

#### 4.1 INFORMACIÓN PROPORCIONADA AO PILOTO AO MANDO

≠ 4.1.1 Tan pronto como sexa posible antes da saída da aeronave, pero en ningún caso despois de que se desprace pola súa propia potencia, o explotador de toda aeronave na cal haxa que transportar mercadorías perigosas, debe:

a) proporcionar ao piloto ao mando, por escrito ou en forma impresa, información exacta e lexible relativa ás mercadorías perigosas que se transportarán como carga; e

+ b) a partir do 1 de xaneiro de 2014, proporcionar ao persoal encargado do control operacional da aeronave (é dicir, o encargado de operacións de voo, o despachador de voo, ou outros membros do persoal de terra responsables das operacións de voo) a mesma información que se require proporcionar ao piloto ao mando (é dicir, unha copia da información por escrito proporcionada ao piloto ao mando). Todos os explotadores deben especificar, nos seus manuais de operacións ou noutros manuais apropiados, o persoal (cargo ou función) a que se lle debe proporcionar esta información.

+ Para as operacións de helicópteros, coa aprobación do Estado do explotador, a información proporcionada ao piloto ao mando pode abreviarse ou proporcionarse por outros medios (p.ex., por comunicación por radio, como parte da documentación para o voo, é dicir, no libro de a bordo ou no plan operacional de voo) cando as circunstancias fan que sexa imposible producir información escrita ou impresa ou nun formulario específico (véxase a parte S-7;4.8 do Suplemento).

*Nota 1.— Isto inclúe información sobre as mercadorías perigosas cargadas nun punto de saída previo e que van transportarse nun voo subseguinte.*

+ *Nota 2.— A información requirida en virtude de 4;1.1 b) debería estar á disposición do persoal do explotador cuxas responsabilidades concordan máis estreitamente coas obrigacións do encargado de operacións de voo/despachador de voo que se describen no anexo 6, parte I, capítulo 4, 4.6. Este persoal débese encargar de proporcionar a información requirida en 4.6 coa intención de facilitar a resposta de emerxencia.*

+ *Nota 3.— A disposición de 4.1.1 b) ten carácter de recomendación ata o 1 de xaneiro de 2014, data a partir da cal será obrigatoria.*

Excepto cando se dispón doutro modo, esta información debe incluír o seguinte:

a) o número da carta de porte aéreo (cando se expida);

b) a denominación do artigo expedido (complementada co seu nome técnico, se corresponde) (véxase 3;1) e o correspondente número ONU ou número ID indicado nestas instrucións. Cando se transporten xeradores de oxíxeno químicos incorporados nun equipamento respiratorio de protección (PBE) segundo a Disposición especial A144, a denominación do artigo expedido "Xeradores de oxíxeno químicos" debe completarse coa declaración "Equipamento respiratorio de protección da tripulación de aeronave (máscara antifume), de conformidade coa Disposición especial A144";

c) a clase ou división a que pertenza e o risco ou riscos secundarios que correspondan á etiqueta ou etiquetas de risco secundario aplicadas ou ben mediante números e, no caso da clase 1, o grupo de compatibilidade;

d) o grupo de embalaxe indicado no documento de transporte de mercadorías perigosas;

e) o número de vultos e o lugar exacto onde se estibaron. Canto ao material radioactivo, véxase g);

f) a cantidade neta ou, se corresponde, a masa bruta de cada vulto, salvo que isto non se aplica ao material radioactivo nin a outras substancias perigosas, cando non se exige que conste a cantidade neta nin a masa bruta no documento de transporte de mercadorías perigosas (véxase 5;4.1.4) ou, cando corresponda, noutros documentos por escrito. No caso de envíos que constan de múltiples vultos con mercadorías perigosas que teñen a mesma denominación do artigo expedido e o mesmo número ONU ou número ID, só se require proporcionar a cantidade total e unha indicación da cantidade do vulto máis grande e do máis pequeno en cada un dos lugares de estiba a bordo. Para os dispositivos de carga unitarizada ou outros tipos de palés que conteñan artigos de consumo aceptados dun só expedidor, é preciso proporcionar o número de vultos e a masa bruta media;

g) canto ao material radioactivo, o número de vultos, sobre-embalaxes ou contedores de carga, a súa categoría, índice de transporte, de ser o caso, e o lugar exacto onde se estibaron a bordo;

h) se o vulto ten que transportarse exclusivamente en aeronaves de carga;

i) o aeródromo no cal teña que descargar o vulto ou vultos;

j) se corresponde, a indicación de que as mercadorías perigosas se transportan ao abeiro dalgunha dispensa estatal; e

k) o número de teléfono onde pode obterse, durante o voo, un exemplar da información proporcionada ao piloto ao mando, se o explotador quere que o piloto ao mando poida facilitar un número de teléfono en lugar de información detallada sobre as mercadorías perigosas a bordo da aeronave, como se prescribe en 4.3.

4.1.2 Para ONU 1845 — **Dióxido de carbono, sólido** (xeo seco), requírese proporcionar só o número ONU, a denominación do artigo expedido, a clase, a cantidade total de cada bodega da aeronave e o aeródromo en que os vultos se van descargar.

+ 4.1.3 Para ONU 3480 (**Baterías de ión litio**) e ONU 3090 (**Baterías de metal litio**), só se require proporcionar o número ONU, a denominación do artigo expedido, a clase, a cantidade total en cada lugar específico onde se carga e, cando corresponde, a indicación de que o vulto debe transportarse en aeronaves exclusivamente de carga. Cando ONU 3480 (**Baterías de ión litio**) e ONU 3090 (**Baterías de metal litio**) se transporten en virtude dunha dispensa estatal, deben axustarse a todos os requisitos de 4.1.

≠ 4.1.4 A información proporcionada ao piloto ao mando debe incluír necesariamente a confirmación asinada, ou algunha outra indicación, da persoa responsable de cargar a aeronave, de que non houbo proba ningunha de avaría ou perda nos vultos nin perda ningunha nos dispositivos de carga unitarizada cargados a bordo.

4.1.5 Durante o voo, a información proporcionada ao piloto ao mando ten que estar á disposición inmediata deste.

4.1.6 Debería presentarse esta información proporcionada ao piloto ao mando nun formulario especial e non sinxelamente mediante a carta de porte aéreo, o documento de transporte de mercadorías perigosas ou a factura, etc.

4.1.7 O piloto ao mando deberá indicar nunha copia da información que lle foi proporcionada, ou doutro modo, que se recibiu a dita información.

≠ 4.1.8 Unha copia lexible da información proporcionada ao piloto ao mando debe conservarse en terra. Nesta copia, ou adxunta a ela, debe indicarse que o piloto ao mando recibiu a información. O encargado de operacións de voo, o despachador de voo ou o persoal de terra designado responsable das operacións de voo debe ter fácil acceso a unha copia ou á información contida nela ata despois da chegada do voo.

4.1.9 Ademais dos idiomas que poida exixir o Estado do explotador, debería utilizarse o inglés para a información proporcionada ao piloto ao mando.

4.1.10 No caso de que a información proporcionada ao piloto ao mando sexa dun volume tal que non poida ser transmitida radiotelefonicamente durante o voo nunha situación de emerxencia, o explotador debería facilitar un resumo da información, indicando as cantidades e a clase ou a división das mercadorías perigosas en cada un dos compartimentos de carga.

+ 4.1.11 Non é necesario que as mercadorías perigosas da táboa 7-9 figuren na información proporcionada ao piloto ao mando.



Táboa 7-9

+ Mercadorías perigosas que non necesariamente deben incluírse na información proporcionada ao piloto ao mando

Número ONU	Artigo	Referencia
n/a	Mercadorías perigosas embaladas en cantidades exceptuadas	3;5.1.1
ONU 2807	<b>Material magnetizado</b>	Instrución de embalaxe 953
ONU 2908	<b>Material radioactivo, vultos exceptuados, embalaxes baleiras</b>	1;6.1.5.1 a)
ONU 2909	<b>Material radioactivo, vultos exceptuados — obxectos manufacturados de uranio natural ou uranio empobrecido ou torio natural</b>	1;6.1.5.1 a)
ONU 2910	<b>Material radioactivo, vultos exceptuados — cantidades limitadas de material</b>	1;6.1.5.1 a)
ONU 2911	<b>Material radioactivo, vultos exceptuados — instrumentos ou obxectos</b>	1;6.1.5.1 a)
ONU 3090	<b>Baterías de metal litio</b> (incluídas as baterías de aliaxe de litio) cando cumpren as condicións da Instrución de embalaxe 968, Sección II	Instrución de embalaxe 968, sección II
ONU 3091	<b>Baterías de metal litio embaladas cun equipamento</b> (incluídas as baterías de aliaxe de litio) cando cumpren as condicións da Instrución de embalaxe 969, Sección II	Instrución de embalaxe 969, sección II
ONU 3091	<b>Baterías de metal litio instaladas nun equipamento</b> (incluídas as baterías de aliaxe de litio) cando cumpren as condicións da Instrución de embalaxe 970, Sección II	Instrución de embalaxe 970, sección II
ONU 3245	<b>Microorganismos modificados xeneticamente</b>	Instrución de embalaxe 959
ONU 3245	<b>Organismos modificados xeneticamente</b>	Instrución de embalaxe 959
ONU 3373	<b>Substancia biolóxica, categoría B</b>	Instrución de embalaxe 650, sub-epígrafe 11
ONU 3480	<b>Baterías de ión litio</b> (incluídas as baterías poliméricas de ión litio) cando cumpren as condicións da Instrución de embalaxe 965, Sección II	Instrución de embalaxe 965, sección II
ONU 3481	<b>Baterías de ión litio embaladas cun equipamento</b> (incluídas as baterías poliméricas de ión litio) cando cumpren as condicións da Instrución de embalaxe 966, Sección II	Instrución de embalaxe 966, sección II
ONU 3481	<b>Baterías de ión litio instaladas nun equipamento</b> (incluídas as baterías poliméricas de ión litio) cando cumpren as condicións da Instrución de embalaxe 967, Sección II	Instrución de embalaxe 967, sección II

#### 4.2 INFORMACIÓN PROPORCIONADA AOS EMPREGADOS

Todo explotador terá que facilitar, no seu manual de operacións ou noutros manuais pertinentes, información que permita á tripulación de voo e a outros empregados desempeñar a súa misión no relativo ao transporte de mercadorías perigosas. Esta información ten que incluír necesariamente instrucións sobre as medidas que haxa que adoptar no caso de que xurdan situacións de emerxencia en que interveñan mercadorías perigosas, e detalles da situación e sistema de numeración dos compartimentos de carga, xunto:

- coa cantidade máxima de xeo seco que estea permitido transportar en cada compartimento; e
- se se vai transportar material radioactivo, coas instrucións sobre a carga destas mercadorías perigosas, baseándose nos requisitos de 7;2.9.

Cando corresponda, esta información deberá proporcionarse tamén aos axentes de servizos de escala.

#### 4.3 INFORMACIÓN QUE TEN QUE PROPORCIONAR O PILOTO AO MANDO EN CASO DE EMERXENCIA EN VOO

De presentarse en voo algunha situación de emerxencia e tan pronto como a dita situación o permita, o piloto ao mando deberá informar a dependencia pertinente dos servizos de tránsito aéreo, para coñecemento das autoridades de aeródromo, sobre calquera mercadoría perigosa transportada como carga a bordo da aeronave. Cando sexa posible, a información deberá incluír a denominación do artigo expedido ou o número da ONU, a clase/división e para a clase 1, o grupo de compatibilidade,

calquera risco secundario observado, a cantidade e a localización a bordo da aeronave ou un número de teléfono onde poida obterse unha copia da información proporcionada ao piloto ao mando. Cando se considere que non é posible incluír toda a información, deberían proporcionarse os datos que se consideren máis importantes segundo as circunstancias ou un resumo das cantidades e a clase ou división das mercadorías perigosas estibadas en cada compartimento de carga.

#### 4.4 NOTIFICACIÓN DOS ACCIDENTES E INCIDENTES RELACIONADOS CON MERCADORÍAS PERIGOSAS

Todo explotador está obrigado a notificar ás autoridades que correspondan do Estado do explotador e ao Estado no cal ocorrese un accidente ou incidente, conforme os requisitos de notificación daquelas autoridades que correspondan, os accidentes e incidentes relacionados con mercadorías perigosas

*Nota.— Inclúense os incidentes relacionados con mercadorías perigosas que non estean suxeitas a todas ou a algunhas das presentes instrucións mediante a aplicación dunha excepción ou dunha disposición especial (p. ex., un incidente causado polo cortocircuíto dunha batería de pila seca requirida para cumprir coas condicións de prevención de cortocircuitos establecidas nunha das disposicións especiais de 3;3).*

#### 4.5 NOTIFICACIÓN DE MERCADORÍAS PERIGOSAS NON DECLARADAS OU MAL DECLARADAS

≠ Todo explotador debe tamén notificar calquera ocasión en que se descubran na carga ou no correo mercadorías perigosas non declaradas ou mal declaradas. Esta notificación debe dirixirse ás autoridades que correspondan do Estado do explotador e do Estado no cal isto ocorreu. O explotador debe notificar ademais calquera ocasión en que se descubran mercadorías perigosas non permitidas de acordo co establecido en 8;1.1.1, xa sexa na equipaxe ou que os pasaxeiros ou membros da tripulación leven na súa persoa. A notificación debe dirixirse ás autoridades que correspondan do Estado no cal isto ocorreu.

#### + 4.6 NOTIFICACIÓN DE SUCESOS RELACIONADOS CON MERCADORÍAS PERIGOSAS

O explotador debe notificar ao Estado do explotador e ao Estado de orixe todo suceso en que:

- a) se descobre que se transportaron mercadorías perigosas que non se cargaron, segregaron, separaron nin afianzaron de conformidade co disposto na parte 7; 2; ou
- b) se descobre que se transportaron mercadorías perigosas respecto das cales non se proporcionou información ao piloto ao mando de conformidade co disposto na parte 7;4.1.

#### 4.7 INFORMACIÓN QUE TEN QUE PROPORCIONAR O EXPLOTADOR EN CASO DE ACCIDENTE OU INCIDENTE DE AVIACIÓN

4.7.1 No caso:

- a) dun accidente de aeronave; ou
- b) dun incidente grave de aeronave relacionado con mercadorías perigosas transportadas como carga,

o explotador da aeronave que transporte mercadorías perigosas como carga debe facilitar, sen dilación, ao persoal de emerxencia que responda ao accidente ou incidente grave, información relativa ás mercadorías perigosas a bordo, extraída da información proporcionada ao piloto ao mando. O explotador deberá proporcionar, o antes posible, esta información ás autoridades competentes do Estado do explotador e ao Estado no cal ocorreu o accidente ou incidente grave.

4.7.2 No caso dun incidente de aeronave, e se así se lle solicita, o explotador dunha aeronave que transporte mercadorías perigosas como carga debe facilitar, sen dilación, aos servizos de emerxencia que respondan ao incidente e ás autoridades competentes do Estado en que ocorreu o incidente, información relativa ás mercadorías perigosas a bordo, extraída da información por escrito proporcionada ao piloto ao mando.

*Nota.— Os termos “accidente”, “incidente grave” e “incidente” están definidos no anexo 13.*

4.7.3 Os explotadores deben incluír o disposto en 4.7.1 e 4.7.2 nos correspondentes manuais e plans de continxencia para accidentes.

#### 4.8 PUNTOS DE ACEPTACIÓN DA CARGA — SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN

O explotador ou o axente de despacho do explotador debe asegurar a subministración de información sobre transporte de mercadorías perigosas instalando de maneira destacada e en lugares visibles o número suficiente de letreiros informativos nos puntos de aceptación da carga, para así alertar os expedidores e axentes respecto das mercadorías perigosas que poida haber nos seus envíos de carga. Estes avisos deben incluír exemplos visuais das mercadorías perigosas, comprendidas as baterías.

>

#### 4.9 INFORMACIÓN SOBRE A RESPONSA DE EMERXENCIA

O explotador debe asegurar que para envíos con respecto aos cales estas instrucións requiren un documento de transporte de mercadorías perigosas, se dispoña en todo momento e de inmediato da información apropiada para utilizar na resposta de emerxencia en caso de accidentes e incidentes relacionados con mercadorías perigosas transportadas por vía aérea. Esta información debe estar á disposición do piloto ao mando e pode obterse:

a) do documento da OACI *Orientación sobre resposta de emerxencia para afrontar incidentes aéreos relacionados con mercadorías perigosas* (Doc 9481); ou

≠ b) de calquera outro documento que proporcione información apropiada con respecto ás mercadorías perigosas a bordo.

#### 4.10 INSTRUCIÓN

O explotador debe asegurarse de que, de conformidade cos requisitos detallados en 1;4, se imparta a todos os empregados que sexa pertinente, comprendidas as axencias empregadas para actuar no seu nome, a debida capacitación, para que cumpran coas obrigacións que lles incumben en relación co transporte de mercadorías perigosas, pasaxeiros e a súa equipaxe, carga, correo e subministracións.

≠

#### 4.11 CONSERVACIÓN DE DOCUMENTOS OU INFORMACIÓN

≠ 4.11.1 O explotador debe asegurarse de que polo menos unha copia dos documentos ou información correspondentes ao transporte de envíos de mercadorías perigosas por vía aérea se conserve como mínimo 3 meses unha vez realizado o voo en que se transportaron as mercadorías perigosas. Os documentos ou a información que deben conservarse, como mínimo, son o documento de transporte de mercadorías perigosas, a lista de verificación para a aceptación de mercadorías (se é un formulario que debe completarse á man), a información proporcionada por escrito ao piloto ao mando e, para as expedicións que se presentan en virtude da Sección IB das instrucións de embalaxe 965 e 968, a documentación alternativa, se corresponde, ou a información que nela se proporciona. Estes documentos ou a información pertinente deben poñerse á disposición da autoridade nacional que corresponda, cando se solicite.

+ 4.11.2 Para todo vulto ou sobre-embalaxe que conteña mercadorías perigosas ou contedor que conteña material radioactivo ou dispositivo de carga unitarizada ou outro tipo de palé que conteña mercadorías perigosas segundo o descrito en 1.4, que o explotador non aceptase debido a erro ou omisión do expedidor canto á embalaxe, etiquetas, marcas ou documentación, debería conservarse unha copia da documentación e da lista de verificación para a aceptación (cando estea nun formato que exixa completala fisicamente) durante un período mínimo de tres meses despois de terse completado a lista de verificación para a aceptación.

*Nota.— Cando os documentos se conserven por medios electrónicos ou nun sistema de computadora, deberían poder reproducirse en forma impresa.*

---

## Capítulo 5

### DISPOSICIÓN RELATIVAS AOS PASAXEIROS E Á TRIPULACIÓN

#### 5.1 INFORMACIÓN AOS PASAXEIROS

≠ 5.1.1 O explotador debe asegurarse de que a información sobre os tipos de mercadorías perigosas que o pasaxeiro ten prohibido transportar a bordo das aeronaves se lle proporcione no punto de compra do billete. A información subministrada por Internet pode ter forma de texto ou de ilustración, pero o procedemento debe ser tal que a compra do billete non poida completarse se o pasaxeiro, ou a persoa que actúe no seu nome, non indica que comprende as restricións relativas a mercadorías perigosas na equipaxe.

5.1.2 O explotador ou o axente de despacho do explotador e o explotador de aeroporto deben asegurarse de que se advirta aos pasaxeiros sobre os tipos de mercadorías perigosas que está prohibido que transporten a bordo das aeronaves mediante avisos colocados de maneira destacada e en número suficiente en cada posto aeroportuario en que o explotador venda pasaxes, en que os pasaxeiros se presenten para o despacho e nas zonas de embarque nas aeronaves; igual que en calquera outro lugar de presentación de pasaxeiros para o despacho. Estes avisos deben incluír exemplos visuais de mercadorías perigosas cuxo transporte a bordo dunha aeronave estea prohibido.

5.1.3 O explotador de aeronaves de pasaxeiros debería proporcionar información sobre as mercadorías perigosas que poden transportar os pasaxeiros de conformidade con 8;1.1.2, de modo que estea dispoñible mediante o seu sitio web ou outras fontes de información antes de que os pasaxeiros procedan coa presentación para o despacho.

≠ 5.1.4 Cando o procedemento de presentación de pasaxeiros para o despacho poida completarse a distancia (p. ex., por internet), o explotador debe garantir que se entregue ao pasaxeiro a información sobre os tipos de mercadorías perigosas que está prohibido que leve a bordo da aeronave. A información pode ter forma de texto ou de ilustración, pero o procedemento debe ser tal que a presentación de pasaxeiros para o despacho non poida completarse se o pasaxeiro, ou a persoa que actúe no seu nome, non indica que comprende as restricións relativas a mercadorías perigosas na equipaxe.

≠ 5.1.5 Cando o pasaxeiro poida completar no aeroporto o procedemento de presentación para o despacho sen que participe outra persoa (p. ex., utilizando a instalación automatizada de presentación de pasaxeiros), o explotador ou o explotador do aeroporto debe asegurarse de que se proporcione a ese pasaxeiro a información sobre os tipos de mercadorías perigosas que ten prohibido transportar a bordo da aeronave. A información debería ter forma de ilustración e o procedemento debe ser tal que a presentación de pasaxeiros para o despacho non poida completarse se o pasaxeiro non indica que comprende as restricións relativas a mercadorías perigosas na equipaxe.

>

#### 5.2 PROCEDIMENTOS DE RECEPCIÓN DE PASAXEIROS

5.2.1 O persoal dos explotadores encargado da recepción debe ter recibido a capacitación adecuada que lle permita identificar e detectar mercadorías perigosas transportadas polos pasaxeiros, que non estean comprendidas en 8;1.1.2.

5.2.2 Para evitar que os pasaxeiros introduzan na aeronave, dentro da súa equipaxe, ou leven na súa persoa, mercadorías perigosas que estes teñen prohibido transportar, o persoal encargado da recepción debería obter deles confirmación de que non levan mercadorías perigosas que non están permitidas, e obter ademais confirmación do contido de calquera artigo que sospeiten que poida conter mercadorías perigosas cuxo transporte non está permitido. Moitos artigos que parecen inocuos poden conter mercadorías perigosas e en 7;6, figura unha lista de descricións xerais que, a experiencia demostrou, que se acostuman aplicar a eses artigos.

+ 5.2.3 Para evitar que os pasaxeiros introduzan na aeronave, dentro da súa equipaxe excedente consignada como carga, mercadorías perigosas que teñen prohibido transportar, as organizacións ou empresas que aceptan equipaxe excedente como carga deberían pedir ao pasaxeiro, ou á persoa que actúa en nome do pasaxeiro, confirmación de que a equipaxe excedente non contén mercadorías perigosas cuxo transporte non está permitido, e deberían requirir ademais confirmación sobre o contido de calquera artigo que sospeiten que poida conter mercadorías perigosas cuxo transporte non está permitido.

## Capítulo 6

### DISPOSICIÓN PARA AXUDAR A RECOÑECER AS MERCADORÍAS PERIGOSAS NON DECLARADAS

6.1 Para evitar que se carguen nunha aeronave mercadorías perigosas non declaradas e que os pasaxeiros introduzan a bordo esas mercadorías perigosas que teñen prohibido levar na súa equipaxe (véxase 8;1.1.2), información relativa a:

- a) descrições xerais que acostuman utilizarse para os artigos de carga ou de equipaxe de pasaxeiros que poden conter mercadorías perigosas;
- b) outras indicacións de que pode haber mercadorías perigosas (p. ex., etiquetas, marcas); e
- c) mercadorías perigosas que os pasaxeiros poden transportar de conformidade con 8;1.1.2,

debe proporcionarse ao persoal de reservas e vendas de carga, ao persoal de recepción da carga, ao persoal de reservas e vendas de pasaxeiros e ao persoal de recepción dos pasaxeiros, segundo corresponda, e estar inmediatamente dispoñible para uso dese persoal. A seguir figura unha lista desas descrições xerais e tipos de mercadorías perigosas que poden estar incluídas en calquera artigo que responda a tal descripción.

*Aparellos accionados electricamente (cadeiras de rodas, cortadoras de céspede, carretillas de golf, etc.)* — poden conter acumuladores de electrólito líquido.

*Aparellos dentais* — poden conter resinas ou disolventes inflamables, gas comprimido ou licuado, mercurio e material radioactivo.

*Aparellos respiratorios* — poden incluír cilindros de aire comprimido ou oxíxeno, xeradores de oxíxeno químico ou oxíxeno líquido refrixerado.

*Automóviles, partes de automóviles* — véxase pezas de recambio para automotores, etc.

*Caixas de ferramentas* — poden conter explosivos (remaches), gases comprimidos ou aerosois, gases inflamables (cilindros de butano ou sopretes), adhesivos ou pinturas inflamables, líquidos corrosivos, etc.

*Cilindros* — poden conter gas comprimido ou licuado.

*Embríons conxelados* — poden estar embalados con gas licuado refrixerado ou xeo seco.

*Utensilios domésticos* — poden conter artigos que satisfagan calquera dos criterios de mercadorías perigosas. Como exemplos, cabe citar os líquidos inflamables como pintura con disolvente, adhesivos, produtos para pulir, aerosois (para os pasaxeiros, os que non están permitidos en 8;1.1.2), branqueadores, produtos de limpeza corrosivos para fornos e tubaxe de desaugadoiros, municións, mistos, etc.

*Envíos consolidados (agrupamentos)* — poden conter calquera das clases definidas de mercadorías perigosas.

*Equipaxe de pasaxeiros* — pode conter artigos que satisfagan calquera dos criterios aplicables a mercadorías perigosas. A modo de exemplo, pódense citar artificios de pirotecnia, líquidos domésticos inflamables, produtos de limpeza corrosivos para fornos ou para canos, repostos para acendedores de gas ou líquido inflamable ou botellas para estufas ou cociñas de campamento, mistos, municións, branqueadores, aerosois (non permitidos en 8;1.1.2), etc.

*Equipaxe e efectos persoais non acompañados* — pode conter produtos que satisfán calquera dos criterios relativos a mercadorías perigosas. A modo de exemplo, pódense citar artificios de pirotecnia, produtos líquidos inflamables para a casa, produtos de limpeza corrosivos para fornos ou tubaxes de desaugadoiros, recargas para acendedores que conteñen gas ou líquido inflamable ou cilindros para fogóns de acampada, mistos, branqueadores, aerosois, etc.

*Nota.* — A equipaxe excedente que se transporta como carga pode conter determinadas mercadorías perigosas, segundo o prescrito en 1;1.1.5.1 g).

*Equipamento de mergullo* — pode conter cilindros de gas comprimido (p. ex., aire ou oxíxeno). Ademais, pode conter lámpadas de alta intensidade que xeran unha calor extremadamente intensa ao funcionaren no aire. Para transportalas de maneira segura, hai que desconectar a lámpada ou a pila.

*Equipamento de competición automobilística ou motociclística* — pode conter motores, carburadores ou depósitos con combustible ou residuos de combustible, acumuladores de electrólito líquido, aerosois inflamables, nitrometano ou outro aditivo para a gasolina, cilindros de gas comprimido, etc.

*Equipamento de laboratorio/ensaio* — pode conter produtos que satisfán os criterios aplicables a mercadorías perigosas, en particular aqueles relativos a líquidos inflamables, sólidos inflamables, substancias comburentes, peróxidos orgánicos, substancias tóxicas ou corrosivas.

*Equipamento de minaría e perforación* — poden conter explosivos ou outras mercadorías perigosas.

*Equipamento de reparación* — pode conter peróxidos orgánicos e substancias adhesivas inflamables, pinturas con disolvente, resinas, etc.

*Equipamento eléctrico* — pode conter materiais magnetizados, mercurio en caixas de interruptores, tubos electrónicos ou acumuladores de electrólito líquido.

*Equipamento expedicionario* — pode conter explosivos (bengalas), líquidos inflamables (gasolina), gas inflamable (garrafas de campamento) ou outras mercadorías perigosas.

*Equipamento fotográfico* — pode conter produtos que satisfán os criterios aplicables a mercadorías perigosas, en particular aqueles relativos a aparellos que xeran calor, a líquidos inflamables, sólidos inflamables, substancias comburentes, peróxidos orgánicos, substancias tóxicas ou substancias corrosivas.

*Equipamento para acampada* — poden conter gases inflamables (butano, propano, etc.), líquidos inflamables (queroseno, gasolina, etc.) ou sólidos inflamables (hexamina, mistos, etc.).

*Equipamento e medios de filmación* — pode conter dispositivos explosivos pirotécnicos, xeradores con motores de combustión interna incorporados, acumuladores de electrólito líquido, combustible, artigos que producen calor, etc.

*Frigoríficos* — poden conter gases licuados ou amoníaco en solución.

*Froita ou verdura conxelada* — pode estar embalada con xeo seco (dióxido de carbono sólido).

*Globos de aire quente* — poden conter cilindros de gas inflamable, extintores de incendios, motores de combustión interna, acumuladores, etc.

*Imáns e outros artigos de material similar* — poden satisfacer individual e acumulativamente a definición de material magnetizado (véxase 2;9.2.1).

*Instrumentos* — poden conter barómetros, manómetros, interruptores de mercurio, tubos rectificadores, termómetros, etc., que conteñan mercurio.

*Interruptores en equipamentos ou instrumentos eléctricos* — poden conter mercurio.

*Líquido crioxénico* — indica gases licuados refrixerados como argon, helio, neon e nitróxeno, etc.

*Material de construción metálico* — pode conter material ferromagnético que estea suxeito a requisitos especiais de estiba a raíz da posibilidade de que afecte os instrumentos da aeronave (véxase 2;9.2.1).

*Mostras de ensaio* — poden conter produtos que satisfán os criterios aplicables a mercadorías perigosas, en particular aqueles relativos a substancias infecciosas, líquidos inflamables, sólidos inflamables, substancias comburentes, peróxidos orgánicos, substancias tóxicas ou corrosivas.

*Mostras para diagnóstico* — poden conter substancias infecciosas.

*Pezas de recambio para aeronaves en terra (AOG)* — poden conter explosivos (bengalas ou outros artigos pirotécnicos), xeradores de oxíxeno químicos, conxuntos de pneumáticos en desuso, cilindros de gas comprimido (oxíxeno, dióxido de carbono ou extintores de incendio), combustible en equipamento, acumuladores de electrólito líquido ou baterías de litio, mistos.

*Pezas de recambio para automotores (automóviles, motocicletas, ciclomotores)* — poden conter motores, carburadores ou depósitos de combustible que conteñan ou contivesen combustible, acumuladores de electrólito líquido, gas comprimido en aparellos para inflar pneumáticos e en extintores de incendio, bolsas inchables, etc.

*Pezas de recambio para barcos* — poden conter explosivos (bengalas), cilindros de gas comprimido (balsas salvavidas), pintura, baterías de litio (transmisores de localización de emerxencia), etc.

*Pezas de recambio para maquinarias* — poden conter substancias adhesivas, pinturas, seladores e disolventes inflamables, acumuladores de electrólito líquido e pilas de litio, mercurio, cilindros de gas comprimido ou licuado, etc.

*Produtos farmacéuticos* — poden conter produtos que satisfán os criterios aplicables a mercadorías perigosas, en particular aqueles relativos a material radioactivo, líquidos inflamables, sólidos inflamables, substancias comburentes, peróxidos orgánicos, substancias tóxicas ou corrosivas.

*Produtos químicos* — poden conter produtos que satisfán os criterios correspondentes a mercadorías perigosas, en particular aqueles relativos a líquidos inflamables, sólidos inflamables, substancias comburentes, peróxidos orgánicos, substancias tóxicas ou corrosivas.

*Produtos químicos para piscinas* — poden conter substancias comburentes ou corrosivas.

*Recipientes crioxénicos secos (vapor)* — poden conter nitróxeno líquido en estado libre. Estes recipientes non están suxeitos ás presentes instrucións unicamente cando o seu deseño non permite liberación ningunha de nitróxeno líquido independentemente da orientación do vulto.

*Seme* — pode estar embalado con xeo seco ou gas licuado refrixerado (véxase Recipientes crioxénicos secos).

*Sopretes* — os microsopretes e acendedores correntes poden conter gas inflamable e estar equipados cun dispositivo de acendemento electrónico. Os sopretes máis grandes poden constar dunha boquilla (a miúdo cun interruptor de acendemento automático) conectada a un envase ou cilindro de gas inflamable.

*Subministracións médicas* — poden conter produtos que satisfán os criterios aplicables a mercadorías perigosas, en particular aqueles relativos a líquidos inflamables, sólidos inflamables, substancias comburentes, peróxidos orgánicos, substancias tóxicas ou corrosivas.

*Tubaxes metálicas* — poden conter material ferromagnético que estea suxeito a requisitos especiais de estiba a raíz da posibilidade de que afecte os instrumentos da aeronave (véxase 2;9.2.1).

*Unidades de regulación de combustible* — poden conter líquidos inflamables.

*Vacinas* — poden estar embaladas con xeo seco (dióxido de carbono sólido).

*Valados metálicos* — poden conter material ferromagnético que estea suxeito a requisitos especiais de estiba a raíz da posibilidade de que afecte os instrumentos da aeronave (véxase 2;9.2.1).

---

+

## Capítulo 7

### OPERACIÓNS DE HELICÓPTEROS

*Nota.— Os requisitos deste capítulo engádense ás demais disposicións das presentes instrucións que se aplican a todos os explotadores (véxase parte 7 e parte 1;4).*

7.1.1 Debido ás diferenzas no tipo de operacións que levan a cabo os helicópteros en comparación cos avións, é posible que en determinadas circunstancias non todas as disposicións das presentes instrucións resulten apropiadas ou necesarias, xa que os helicópteros realizan operacións en lugares sen persoal, lugares afastados, zonas montañosas ou sitios de construción, etc. Nestas circunstancias, e cando sexa apropiado, o Estado do explotador pode outorgar unha aprobación para permitir o transporte de mercadorías perigosas sen que se cumpran todos os requisitos habituais das presentes instrucións. Se os Estados, que non sexan o Estado do explotador, notificaron á OACI que requiren aprobación previa para estas operacións, debe obterse ademais a aprobación dos Estados de orixe e de destino, segundo corresponda.

7.1.2 Cando se carguen mercadorías perigosas para transporte exterior aberto por helicóptero, debería considerarse tamén o tipo de embalaxe utilizada e a protección desas embalaxes contra os efectos do fluxo do aire e as condicións meteorolóxicas, cando sexa necesario (p.ex, danos por chuvia ou neve), ademais das disposicións xerais de carga de 7;2.

7.1.3 Cando se transportan mercadorías perigosas suspendidas desde un helicóptero, o explotador debe asegurar que se consideren os perigos que orixina a descarga de electricidade estática ao aterrar ou liberar a carga.

7.1.4 Cando os helicópteros transportan pasaxeiros, conforme a parte S-7.2.2.4 do Suplemento, o Estado do explotador pode outorgar unha aprobación para permitir o transporte de mercadorías perigosas xa sexa:

- a) na cabina, cando tales mercadorías perigosas están asociadas aos pasaxeiros ou van acompañadas por eles; ou
  - b) en compartimentos de carga que non se axustan aos requisitos da parte 7;2.1.1.
-



## Parte 8

### DISPOSICIÓN RELATIVAS AOS PASAXEIROS E Á TRIPULACIÓN

---

## Capítulo 1

### DISPOSICIÓN PARA MERCADORÍAS PERIGOSAS TRANSPORTADAS POLOS PASAXEIROS OU POLA TRIPULACIÓN

*Partes deste capítulo resultan afectadas polas discrepancias estatais CH 1, US 15;  
véxase a táboa A-1*

#### 1.1 MERCADORÍAS PERIGOSAS TRANSPORTADAS POLOS PASAXEIROS OU POLA TRIPULACIÓN

≠ 1.1.1 Salvo que se estipule doutro modo en 1.1.2, os pasaxeiros e os membros da tripulación non deben transportar mercadorías perigosas, comprendidos os vultos de material radioactivo exceptuados, nin como equipaxe de man ou facturada nin na súa persoa. Con excepción do previsto na táboa 8-1, 30), o equipamento de seguridade como maletíns, caixas de seguridade, sacos de seguridade e outros, que conteñan mercadorías perigosas, por exemplo, pilas de litio ou material pirotécnico, están totalmente prohibidos; véxase a entrada correspondente na táboa 3-1. Está prohibido transportar dispositivos médicos de oxíxeno para uso persoal que utilicen oxíxeno líquido, xa sexa na persoa, ou como equipaxe de man ou facturada, ou dentro da equipaxe. Está prohibido transportar armas de electrochoque (p ex., taser) que conteñan mercadorías perigosas, como explosivos, gases comprimidos, baterías de litio, etc., na equipaxe de man ou facturada ou na persoa.

1.1.2 Sen prexuízo doutras restricións adicionais que poidan aplicar os Estados para salvagardar a seguridade da aviación, salvo as disposicións de notificación de incidentes previstas en 7;4.4 ou 7;4.5, segundo corresponda, as disposicións contidas nestas instrucións non se aplican aos seguintes artigos cando estes son transportados polos pasaxeiros ou membros da tripulación, ou en equipaxe que quedase separada do seu propietario durante o tránsito (p. ex., equipaxe extraviada ou erroneamente encamiñada) ou en equipaxe excedente transportada como carga segundo se permite en virtude de 1;1.1.5.1 g):

1.1.3 Á parte do explotador, toda organización ou empresa (como axentes de viaxes), que participe no transporte por vía aérea de pasaxeiros, debería proporcionar a estes información sobre os tipos de mercadorías perigosas que está prohibido transportar a bordo das aeronaves. Esta información debería entregarse como mínimo en forma de avisos nos lugares onde hai interacción cos pasaxeiros.

1.1.4 Cando sexa posible realizar a compra de billetes por medio da internet, debería proporcionarse ao pasaxeiro, xa sexa en forma de texto ou de ilustración, información sobre os tipos de mercadorías perigosas que ten prohibido transportar a bordo da aeronave. O procedemento de compra do billete debería ser tal que non poida completarse se o pasaxeiro, ou a persoa que actúe no seu nome, non indica que comprendeu as restricións relativas a mercadorías perigosas na equipaxe.

≠

**Táboa 8-1. Disposicións relativas a mercadorías perigosas transportadas polos pasaxeiros ou pola tripulación**

Artigos ou obxectos	Localización			Requírese aprobación do explotador	Débese informar o piloto ao mando	Restricións
	Equipaxe facturada	Equipaxe de man	Na persoa			
<b>Artigos de uso médico</b>						
1) Cilindros pequenos de oxíxeno gasoso ou de aire, de uso medicinal	Si	Si	Si	Si	Si	a) non máis de 5 kg de masa bruta por cilindro; b) os cilindros, as válvulas e os reguladores, cando os haxa, deben estar protexidos para evitar o dano que pode causar a liberación involuntaria do contido; e c) debe informarse o piloto ao mando do número de cilindros de oxíxeno ou de aire cargados a bordo e a súa localización na aeronave.

Artigos ou obxectos	Localización			Requírese aprobación do explotador	Débese informar o piloto ao mando	Restricións
	Equipaxe facturada	Equipaxe de man	Na persoa			
Dispositivos que conteñen oxixeno líquido	Non	Non	Non	n/a	n/a	Está prohibido transportar na equipaxe de man, na equipaxe facturada, ou na persoa, dispositivos que conteñen oxixeno líquido.
2) Cilindros dun gas da división 2.2 para activar as extremidades artificiais mecánicas	Si	Si	Si	Non	Non	Os cilindros de recambio de tamaño similar tamén están permitidos, cando son necesarios, para asegurar unha provisión suficiente durante toda a viaxe.
3) Artigos medicinais non radioactivos (mesmo aerosois)	Si	Si	Si	Non	Non	a) unha cantidade neta total de non máis de 0,5 kg ou 0,5 l por cada artigo; b) as válvulas de descompresión dos aerosois deben estar protexidas por unha tapa ou outro medio adecuado que impida a liberación involuntaria do contido; e c) unha cantidade neta total de non máis de 2 kg ou 2 l para todos os artigos mencionados en 3), 10) e 13) (p. ex., catro latas de aerosol de 500 ml cada unha) por persoa.
4) Marcapasos cardíacos ou outros dispositivos que conteñen radioisótopos, incluídos aqueles que funcionan con baterías de litio, implantados nunha persoa	n/a	n/a	Si	Non	Non	Deben estar implantados nunha persoa como consecuencia de tratamento médico.
Radiofármacos que conteña o corpo dunha persoa	n/a	n/a	Si	Non	Non	Como consecuencia de tratamento médico.
5) Axudas motrices (p.ex., cadeiras de rodas) accionadas por acumuladores inderramables de electrólito líquido ou por acumuladores que cumpren coa Disposición especial A123, para a súa utilización por pasaxeiros de mobilidade restrinxida debido xa sexa a discapacidade, a estado de saúde ou idade, ou a un problema temporal de mobilidade (p. ex., perna fracturada)	Si	Non	Non	Si	[véxase 5 d) iv)]	a) os acumuladores inderramables de electrólito líquido deben cumprir coa Disposición especial A67 ou os ensaios de vibración e presión diferencial da Instrución de embalaxe 872; b) o explotador debe verificar que: i) o acumulador estea debidamente afianzado á axuda motriz; ii) os bornes do acumulador estean protexidos contra cortocircuitos (p. ex., estando dentro dun recipiente para acumuladores); e iii) os circuitos eléctricos estean illados; c) as axudas motrices deben transportarse de maneira que queden protexidas contra os danos que poida causar o movemento da equipaxe, correo, subministracións ou outra carga; d) cando a axuda motriz estea especificamente deseñada para permitir que o usuario extraia os seus acumuladores (p.ex., pregable): i) os acumuladores deben extraerse; entón, a axuda motriz pode transportarse como equipaxe facturada sen restrición ningunha;

Artigos ou obxectos	Localización			Requírese aprobación do explotador	Débese informar o piloto ao mando	Restricións
	Equipaxe facturada	Equipaxe de man	Na persoa			
						<p>ii) os acumuladores extraídos deben transportarse en embalaxes ríxidas resistentes que deben estibarse no compartimento de carga;</p> <p>iii) os acumuladores deben protexerse contra cortocircuitos; e</p> <p>iv) debe informarse o piloto ao mando do lugar en que se encontra o acumulador embalado;</p> <p>e) recoméndase que os pasaxeiros cheguen a acordos por anticipado con cada explotador.</p>
6) Axudas motrices (p.ex., cadeiras de rodas) accionadas por acumuladores derramables, para a súa utilización por pasaxeiros de mobilidade restrinxida debido xa sexa a discapacidade, a estado de saúde ou idade, ou a un problema temporal de mobilidade (p. ex., perna fracturada)	Si	Non	Non	Si	Si	<p>a) cando sexa posible, a axuda motriz debe cargarse, estibarse, afianzarse e descargarse sempre na posición vertical. O explotador debe verificar que:</p> <p>i) o acumulador estea debidamente afianzado á axuda motriz;</p> <p>ii) os bornes do acumulador estean protexidos contra cortocircuitos (p. ex., estando dentro dun recipiente para acumuladores); e</p> <p>iii) os circuitos eléctricos estean illados;</p> <p>b) se a axuda motriz non pode cargarse, estibarse, afianzarse nin descargarse sempre na posición vertical, o acumulador (ou acumuladores) debe extraerse e transportarse en embalaxes que sexan resistentes e ríxidas,</p> <p>da maneira seguinte:</p> <p>i) as embalaxes deben ser estancas, inalterables ao electrólito e estar protexidas contra todo movemento violento, afianzadas en tarimas ou colocadas en compartimentos de carga nos cales haxa medios apropiados para afianzalos (excluíndo amarralos coa carga ou a equipaxe) utilizando para isto tirantes, soportes ou ganchos;</p> <p>ii) os acumuladores deben ir protexidos contra cortocircuitos, ir afianzados verticalmente nas embalaxes e rodeados de material absorbente compatible e en cantidade suficiente para absorber a totalidade do líquido contido; e</p> <p>iii) estas embalaxes deben ir marcadas "Acumulador de electrólito líquido para cadeiras de rodas" ou "Acumulador de electrólito líquido para axudas motrices" e levar a etiqueta de "Substancia corrosiva" (Figura 5-22), así como as etiquetas indicadoras da posición do vulto</p> <p>(Figura 5-26), segundo o prescrito en 5;3.</p>

Artigos ou obxectos	Localización			Requírese aprobación do explotador	Débese informar o piloto ao mando	Restricións
	Equipaxe facturada	Equipaxe de man	Na persoa			
						<p>A axuda motriz pode entón transportarse sen restrición ningunha como equipaxe facturada;</p> <p>c) as axudas motrices deben transportarse de maneira que queden protexidas contra os danos que poida causar o movemento da equipaxe, correo, subministracións ou outra carga;</p> <p>d) debe informarse o piloto ao mando do lugar en que se encontra a axuda motriz co acumulador instalado ou o lugar en que se encontra o acumulador embalado;</p> <p>e) recoméndase que os pasaxeiros cheguen a acordos por anticipado con cada explotador, e tamén que os acumuladores, a menos que sexan inderramables, leven, sempre que sexa posible, tapas de ventilación resistentes aos derramamentos.</p>
7) Axudas motrices (p.ex., cadeiras de rodas) accionadas por baterías de ión litio, para a súa utilización por pasaxeiros de mobilidade restrinxida debido xa sexa a discapacidade, a estado de saúde ou idade, ou a un problema temporal de mobilidade (p. ex., perna fracturada)	Si	[véxase 7 d)]	Non	Si	Si	<p>a) as baterías deben ser dun tipo que satisfaga as condicións de cada unha das probas do <i>Manual de probas e criterios das Nacións Unidas</i>, parte III, subsección 38.3;</p> <p>b) o explotador debe verificar que:</p> <p>i) a batería estea debidamente afianzada á axuda motriz;</p> <p>ii) os bornes da batería estean protexidos contra cortocircuitos (p.ex., colocándoa nun recipiente para baterías); e</p> <p>iii) os circuitos eléctricos estean illados;</p> <p>c) as axudas motrices deben transportarse de maneira que queden protexidas contra os danos que poida causar o movemento da equipaxe, correo, subministracións ou outra carga;</p> <p>d) cando a axuda motriz estea especificamente deseñada para permitir que o usuario extraia as súas baterías (p.ex., pregable):</p> <p>i) as baterías deben extraerse e transportarse na cabina de pasaxeiros;</p> <p>ii) os bornes da batería deben protexerse contra cortocircuitos (illando os bornes, p.ex., cubrindo con fita adhesiva os bornes expostos);</p> <p>iii) a batería debe protexerse contra danos (p.ex., póndoa individualmente nunha funda protectora);</p> <p>iv) a extracción da batería da axuda motriz debe levarse a cabo seguindo as instrucións do seu fabricante ou propietario;</p> <p>v) a batería non debe exceder 300 Wh; e</p> <p>vi) pódese transportar un máximo dunha batería de recambio que non exceda 300 Wh ou dúas baterías de recambio que non excedan 160 Wh cada unha;</p>

Artigos ou obxectos	Localización			Requírese aprobación do explotador	Débese informar o piloto ao mando	Restricións
	Equipaxe facturada	Equipaxe de man	Na persoa			
						<p>e) debe informarse o piloto ao mando do lugar en que se encontra a batería (ou baterías) de ión litio; e</p> <p>f) recoméndase que os pasaxeiros cheguen a acordos por anticipado con cada explotador.</p>
8) Aparellos electrónicos de uso médico portátiles [desfibriladores externos automáticos (DEA), nebulizadores, equipamento para aplicar presión positiva continua na vía aérea (CPAP) e outros] que conteñen pilas ou baterías de metal litio ou de ión litio	Non	Si	Si	Si	Non	<p>a) transportados polos pasaxeiros para uso médico;</p> <p>b) non poden transportarse máis de dúas baterías de recambio. As baterías de recambio deben ir individualmente protexidas para evitar cortocircuitos (colocándoas na súa embalaxe orixinal de venda ao retallo ou illando doutro modo os bornes, p. ex., cubrindo con fita adhesiva os bornes expostos ou colocando cada batería nunha bolsa plástica ou funda protectora); e</p> <p>c) toda batería instalada ou de recambio:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>— debe ser dun tipo que satisfaga as condicións de cada unha das probas do <i>Manual de probas e criterios das Nacións Unidas</i>, parte III, subsección 38.3; e</li> <li>— non debe exceder o seguinte: <ul style="list-style-type: none"> <li>— para as baterías de metal litio, un contido máximo de 8 gramos de litio; ou</li> <li>— para as baterías de ión litio, unha capacidade nominal máxima de 160 Wh.</li> </ul> </li> </ul>
9) Termómetro médico ou clínico pequeno que contén mercurio	Si	Si	Si	Non	Non	<p>a) non máis dun por persoa;</p> <p>b) para uso persoal; e</p> <p>c) no seu envase protector.</p>
<b>Artigos utilizados na vestimenta e no aseo persoal</b>						
10) Artigos de toucador (mesmo aerosois)	Si	Si	Si	Non	Non	<p>a) enténdese que o termo "artigos de toucador (mesmo aerosois)" inclúe artigos tales como os produtos para o cabelo en pulverizador, perfumes e colonias;</p> <p>b) unha cantidade neta total de non máis de 0,5 kg ou 0,5 l por cada artigo;</p> <p>c) as válvulas de descompresión dos aerosois deben estar protexidas por unha tapa ou outro medio adecuado que impida a liberación involuntaria do contido; e</p> <p>d) unha cantidade neta total de non máis de 2 kg ou 2 l para todos os artigos mencionados en 3), 10) e 13) (p. ex., catro latas de aerosol de 500 ml cada unha) por persoa.</p>
11) Rizadores para o cabelo, que conteñen algún gas hidrocarburo	Si	Si	Si	Non	Non	<p>a) só unha unidade por persoa;</p> <p>b) a cuberta de seguridade debe ir instalada de modo que cubra o elemento calefactor; e</p> <p>c) non deben transportarse cargas de gas de recarga para os rizadores.</p>

Artigos ou obxectos	Localización			Requírese aprobación do explotador	Débese informar o piloto ao mando	Restricións
	Equipaxe facturada	Equipaxe de man	Na persoa			

## Artigos de consumo

12) Bebidas alcohólicas que conteñen máis do 24% pero menos do 70%, en volume, de alcohol	Si	Si	Si	Non	Non	<p>a) deben ir en embalaxes de venda ao retalho;</p> <p>b) en recipientes de non máis de 5 l cada un; e</p> <p>c) unha cantidade neta total por persoa de non máis 5 l desas bebidas.</p> <p><i>Nota.— As bebidas alcohólicas que conteñen menos do 24% en volume de alcohol non están suxeitas a ningunha restrición.</i></p>
13) Aerosois da división 2.2 que non presentan riscos secundarios, para uso deportivo ou doméstico	Si	Non	Non	Non	Non	<p>a) unha cantidade neta total de non máis de 0,5 kg ou 0,5 l por cada artigo;</p> <p>b) as válvulas de descompresión dos aerosois deben estar protexidas por unha tapa ou outro medio adecuado que impida a liberación involuntaria do contido; e</p> <p>c) unha cantidade neta total de non máis de 2 kg ou 2 l para todos os artigos mencionados en 3), 10) e 13) (p. ex., catro latas de aerosol de 500 ml cada unha) por persoa.</p>
14) Cartuchos debidamente embalados da división 1.4S (ONU 0012 ou ONU 0014 unicamente)	Si	Non	Non	Si	Non	<p>a) non máis de 5 kg de masa bruta por persoa para o seu propio uso;</p> <p>b) non deben incluír municións con proxectís explosivos ou incendiarios; e</p> <p>c) as cantidades que se permiten para máis dunha persoa non deben combinarse nun ou máis vultos.</p>
15) Un paquete pequeno de fósforos de seguridade	Non	Non	Si	Non	Non	<p>a) non máis dun por persoa; e</p> <p>b) para uso persoal.</p>
Fósforos de acendemento universal	Non	Non	Non	n/a	n/a	Prohibido.
Acendedor de cigarros pequeno	Non	Non	Si	Non	Non	<p>a) non máis dun por persoa;</p> <p>b) para uso persoal; e</p> <p>c) non debe conter combustible líquido non absorbido (que non sexa gas licuado)</p>
Combustible ou recargas para acendedores	Non	Non	Non	n/a	n/a	Prohibido.
+ Acendedores de tipo soprete con pre mestura (véxase o glosario do adxunto 2) cun medio de protección contra activación accidental	Non	Non	Si	Non	Non	<p>a) non máis dun por persoa;</p> <p>b) para uso persoal; e</p> <p>c) non debe conter combustible líquido non absorbido (que non sexa gas licuado).</p>
+ Acendedores de tipo soprete con pre mestura (véxase o glosario do adxunto 2) sen un medio de protección contra	Non	Non	Non	n/a	n/a	Prohibido.

Artigos ou obxectos	Localización			Requírese aprobación do explotador	Débese informar o piloto ao mando	Restricións
	Equipaxe facturada	Equipaxe de man	Na persoa			
activación accidental						
≠ 16) Equipamento accionado por batería capaz de xerar calor extrema, que podería causar un incendio se se activase (p. ex., lámpadas submarinas de alta intensidade)	Si	Si	Non	Si	Non	<p>a) o compoñente xerador de calor e a batería deben illarse entre si extraendo o compoñente xerador de calor, a batería ou outro compoñente (p.ex., mecha); e</p> <p>b) toda batería que se extraía debe protexerse para evitar cortocircuitos (póndoa na embalaxe orixinal de venda ao retallo ou illando os bornes doutro modo, p.ex., cubrindo con fita adhesiva os bornes expostos ou poñendo cada batería nun saco de plástico ou funda protectora).</p>
≠ 17) Mochila de salvamento para aludes provista dun cilindro de gas comprimido da división 2.2	Si	Si	Non	Si	Non	<p>a) non máis dunha por persoa;</p> <p>b) pode conter un mecanismo pirotécnico de accionamento que non debe conter máis de 200 mg de masa neta de explosivos da división 1.4S ;</p> <p>c) a mochila debe embalarase de tal modo que non poida accionarse accidentalmente; e</p> <p>d) as bolsas inflables dentro da mochila deben ter válvulas de descompresión.</p>
18) Pequenos cartuchos colocados nun chaleco salvavidas autoinflable	Si	Si	Si	Si	Non	<p>a) só dióxido de carbono ou outro gas idóneo da división 2.2 sen risco secundario;</p> <p>b) para que se infle o chaleco;</p> <p>c) non máis de dous cilindros pequenos de dióxido de carbono ou outro gas idóneo da división 2.2 por persoa colocados no chaleco salvavidas autoinflable; e</p> <p>d) non máis de dous cartuchos de recambio.</p>
+ Pequenos cartuchos para outros aparellos	Si	Si	Si	Si	Non	<p>a) non máis de catro cilindros pequenos de dióxido de carbono ou outro gas idóneo da división 2.2 por persoa; e</p> <p>b) a capacidade de auga de cada cilindro non debe exceder 50 ml.</p> <p><i>Nota — Para o dióxido de carbono, un cilindro de gas cunha capacidade de auga de 50 ml é equivalente a un cartucho de 28 g.</i></p>
≠ 19) Aparellos electrónicos portátiles (incluídos os dispositivos médicos) que conteñen pilas ou baterías de metal litio ou de ión litio.						
Aparellos electrónicos portátiles que conteñen pilas ou baterías de metal litio ou de ión litio	Si	Si	Si	Non	Non	<p>a) para uso persoal dos pasaxeiros ou da tripulación;</p> <p>b) deberían levarse na equipaxe de man;</p> <p>c) ningunha batería debe exceder o seguinte: — para as baterías de metal litio, un contido</p>



Artigos ou obxectos	Localización			Requírese aprobación do explotador	Débese informar o piloto ao mando	Restricións
	Equipaxe facturada	Equipaxe de man	Na persoa			
						máximo de 2 gramos de litio; ou  — para as baterías de ión litio, unha capacidade nominal de 100 Wh;  d) se estes aparellos se transportan como equipaxe facturada, deben tomarse medidas para evitar que se activen accidentalmente; e  e) as baterías e as pilas deben ser dun tipo que satisfaga as condicións de cada unha das probas do <i>Manual de probas e criterios</i> das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3.
Baterías de recambio para aparellos electrónicos portátiles (incluídos os dispositivos médicos) que conteñen pilas ou baterías de metal litio ou de ión litio	Non	Si	Si	Non	Non	a) para uso persoal dos pasaxeiros ou da tripulación;  b) deben ir individualmente protexidas para evitar cortocircuitos (colocándoas na súa embalaxe orixinal de venda ao retalho ou illando doutro modo os bornes, p. ex., cubrindo con fita adhesiva os bornes expostos ou colocando cada batería nunha bolsa plástica ou funda protectora);  c) ningunha batería debe exceder o seguinte: — para as baterías de metal litio, un contido máximo de 2 gramos de litio; ou — para as baterías de ión litio, unha capacidade nominal de 100 Wh como máximo; e  d) as baterías e as pilas deben ser dun tipo que satisfaga as condicións de cada unha das probas do <i>Manual de probas e criterios</i> das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3.
Aparellos electrónicos portátiles que conteñen baterías de ión litio cunha capacidade nominal de máis de 100 Wh pero non máis de 160 Wh	Si	Si	Si	Si	Non	a) para uso persoal dos pasaxeiros ou da tripulación;  b) deberían levarse na equipaxe de man; e  c) as baterías e as pilas deben ser dun tipo que satisfaga as condicións de cada unha das probas do <i>Manual de probas e criterios</i> das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3.
Baterías de recambio para aparellos electrónicos portátiles que conteñen baterías de ión litio cunha capacidade nominal de máis de 100 Wh pero non máis de 160 Wh	Non	Si	Si	Si	Non	a) para uso persoal dos pasaxeiros ou da tripulación;  b) non máis de dúas baterías de recambio protexidas individualmente, por persoa;  c) deben ir individualmente protexidas para evitar cortocircuitos (colocándoas na súa embalaxe orixinal de venda ao retalho ou illando doutro modo os bornes, p. ex., cubrindo con fita adhesiva os bornes expostos ou colocando cada batería nunha bolsa plástica ou funda protectora); e  d) as baterías e as pilas deben ser dun tipo que satisfaga as condicións de cada unha das probas do <i>Manual de probas e criterios</i> das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3.

Artigos ou obxectos	Localización			Requírese aprobación do explotador	Débese informar o piloto ao mando	Restricións
	Equipaxe facturada	Equipaxe de man	Na persoa			
20) Pilas de combustible para activar aparellos electrónicos portátiles (p. ex., cámaras, teléfonos celulares, computadoras portátiles e cámaras de vídeo)	Non	Si	Si	Non	Non	a) os cartuchos para pilas de combustible só poden conter líquidos inflamables, substancias corrosivas, gases licuados inflamables, substancias que reaccionan coa auga ou hidróxeno en hidruros metálicos;
Cartuchos de recambio para pilas de combustible	Si	Si	Si	Non	Non	b) a recarga de pilas de combustible a bordo da aeronave non está permitida, excepto cando se trate da instalación dun cartucho de recambio;
						c) a cantidade máxima de combustible en cada pila de combustible ou cartucho para pila de combustible non debe ser superior a: <ul style="list-style-type: none"> <li>— 200 ml para líquidos;</li> <li>— 200 gramos para sólidos;</li> <li>— 120 ml para gases licuados no caso de cartuchos para pilas de combustible non metálicos ou 200 ml para pilas de combustible ou cartuchos para pilas de combustible metálicos; e</li> <li>— para o hidróxeno en hidruros metálicos, as pilas de combustible ou os cartuchos para pilas de combustible deben ter 120 ml de capacidade de auga como máximo;</li> </ul>
						d) cada pila de combustible e cada cartucho para pilas de combustible debe cumprir coa norma 62282-6-100 Ed. 1 comprendida a Emenda 1 da CEI e debe levar a marca de certificación do fabricante para indicar que cumpre coa especificación. Ademais, cada cartucho para pilas de combustible debe levar marcada a cantidade máxima e o tipo de combustible no cartucho;
						e) os cartuchos para pilas de combustible que conteñen hidróxeno en hidruros metálicos deben axustarse ás condicións da Disposición especial A162;
						f) non poden transportarse máis de dous cartuchos de recambio para pilas de combustible por pasaxeiro;
						g) as pilas de combustible que conteñen combustible están permitidas na equipaxe de man unicamente;
						h) a interacción entre sistemas de pilas de combustible e baterías integradas nun aparello debe axustarse á norma 62282-6-100 Ed. 1 comprendida a Emenda 1 da CEI. As pilas de combustible cuxa única función é cargar unha batería no aparello non están permitidas;

Artigos ou obxectos	Localización			Requírese aprobación do explotador	Débese informar o piloto ao mando	Restricións
	Equipaxe facturada	Equipaxe de man	Na persoa			
						<p>i) as pilas de combustible deben ser dun tipo que non sirva para cargar baterías cando o aparello electrónico portátil non está en uso e deben levar unha marca durable do fabricante que diga: "APROBADA PARA O SEU TRANSPORTE NA CABINA DA AERONAVE UNICAMENTE", para así indicalo; e</p> <p>j) ademais dos idiomas que poida requirir o Estado de orixe nas marcas especificadas, debería utilizarse o inglés.</p>
21) Xeo seco	Si	Si	Non	Si	Non	<p>a) non máis de 2,5 kg por persoa;</p> <p>b) para embalar mercadorías perecedoras que non están suxeitas a estas instrucións;</p> <p>c) o vulto debe permitir o escape do dióxido de carbono; e</p> <p>d) cando se transporta na equipaxe facturada, cada vulto debe ir marcado:</p> <p>— "XEO SECO" ou "DIÓXIDO DE CARBONO SÓLIDO"; e</p> <p>— o peso neto de xeo seco ou unha indicación de que o peso neto é igual a 2,5 kg ou menos.</p>
22) Un barómetro de mercurio ou termómetro de mercurio	Non	Si	Non	Si	Si	<p>a) debe ser transportado por un representante dun servizo meteorolóxico estatal ou dun organismo oficial similar; e</p> <p>b) debe ir embalado nunha embalaxe exterior resistente, con revestimento interior selado ou un saco de material resistente a proba de fugas, de perforación e impermeable ao mercurio, que impedirá que este saia do vulto independentemente da posición en que se encontre.</p>
23) Instrumentos que conteñen material radioactivo [é dicir, monitor de axentes químicos (CAM) e/ou monitor con dispositivo de alarma e identificación rápidas (RAID-M)]	Si	Si	Non	Si	Non	<p>a) os instrumentos non deben exceder os límites de actividade que se especifican na táboa 2-15 das presentes instrucións;</p> <p>b) deben ir ben embalados e sen baterías de litio; e</p> <p>c) deben ser transportados polos membros do persoal da Organización para a Prohibición das Armas Químicas (OPAQ), en viaxe oficial.</p>
24) Lámpadas de baixo consumo enerxético	Si	Si	Si	Non	Non	<p>a) en embalaxes de venda ao retalho; e</p> <p>b) para uso persoal ou doméstico.</p>
+ 25) Dispositivos de permeación para calibrar equipamento monitor da calidade do aire	Si	Non	Non	Non	Non	Deben axustarse á Disposición especial A41.
+ 26) Equipamento electrónico portátil que contén un acumulador inderramable que satisfai as condicións da Disposición especial A67	Si	Si	Non	Non	Non	<p>a) o acumulador debe ter unha voltaxe de non máis de 12 volts e unha capacidade nominal de non máis de 100 Wh; e</p> <p>b) o equipamento debe protexerse para evitar que se active involuntariamente ou ben o acumulador debe desconectarse e os bornes expostos deben illarse.</p>

Artigos ou obxectos	Localización			Requírese aprobación do explotador	Débese informar o piloto ao mando	Restricións
	Equipaxe facturada	Equipaxe de man	Na persoa			
+ Acumuladores inderramables de recambio que satisfán as condicións da Disposición especial A67	Si	Si	Non	Non	Non	a) o acumulador debe ter unha voltaxe de non máis de 12 volts e unha capacidade nominal de non máis de 100 Wh; e b) o equipamento debe protexerse contra cortocircuitos illando efectivamente os bornes expostos; e c) non máis de dous acumuladores individualmente protexidos por persoa.
+ 27) Motores de combustión interna ou motores de pilas de combustible	Si	Non	Non	Non	Non	Deben axustarse á Disposición especial A70.
+ 28) Espécimes non infecciosos	Si	Si	Non	Non	Non	Deben axustarse á Disposición especial A180.
+ 29) Embalaxes illadas que conteñen nitróxeno líquido refrixerado	Si	Si	Non	Non	Non	Deben axustarse á Disposición especial A152.

**Equipamento de seguridade**

30) Equipamento de seguridade, como maletíns, caixas de seguridade, sacos de seguridade e outros, que conteñen mercadorías perigosas como parte deles, por exemplo, baterías de litio ou material pirotécnico	Si	Non	Non	Si	Non	a) o equipamento debe estar dotado dun medio eficaz para previr a súa activación accidental; b) se o equipamento contén unha substancia explosiva ou pirotécnica ou un obxecto explosivo, a autoridade nacional que corresponda do Estado de fabricación debe excluír da clase 1 o obxecto ou a substancia en cuestión, de conformidade coa parte 2.1.5.2.1; c) se o equipamento contén pilas ou baterías de litio, estas pilas ou baterías deben axustarse ás restricións seguintes: — nunha pila de metal litio, o contido de litio debe ser 1 g como máximo; — nunha batería de metal litio, o contido total de litio debe ser 2 g, como máximo; — no caso de pilas de ión litio, a capacidade nominal (véxase o glosario que figura no adxunto 2) non debe superar 20 Wh; — no caso de baterías de ión litio, a capacidade nominal non debe superar 100 Wh; — cada pila ou batería debe ser dun tipo que satisfaga as condicións de cada unha das probas do <i>Manual de probas e criterios</i> das Nacións Unidas, parte III, subsección 38.3; d) se o equipamento contén gases para expulsar corante ou tinta: — permítense unicamente os cartuchos de gas e os recipientes pequenos que conteñen gas, con capacidade máxima de 50 ml, e que non conteñen constituínte ningún suxeito ás presentes instrucións, á parte dos gases da división 2.2;
---	----	-----	-----	----	-----	---

<i>Artigos ou obxectos</i>	<i>Localización</i>			<i>Requírese aprobación do explotador</i>	<i>Débase informar o piloto ao mando</i>	<i>Restricións</i>
	<i>Equipaxe facturada</i>	<i>Equipaxe de man</i>	<i>Na persoa</i>			
						<ul style="list-style-type: none"> <li>— a liberación do gas non debe causar molestias ou incomodidade extremas aos membros da tripulación que lles impidan desempeñar correctamente as funcións asignadas; e</li> <li>— en caso de activación accidental, todos os efectos perigosos deben limitarse ao equipamento e non producir ruído extremo; e</li> <li>e) o transporte de equipamento de seguridade que presente defectos ou danos está prohibido.</li> </ul>

## Adxunto 1

### LISTAS DAS DENOMINACIÓNS DO ARTIGO EXPEDIDO

## Capítulo 1

**LISTA DOS NÚMEROS ONU  
COAS SÚAS CORRESPONDENTES  
DENOMINACIÓNS DO ARTIGO EXPEDIDO**

0004	<b>Picrato amónico</b> seco ou humidificado cun máximo do 10%, en masa, de auga	0037	<b>Bombas de iluminación para fotografía</b>
0005	<b>Cartuchos para armas</b> con carga explosiva	0038	<b>Bombas de iluminación para fotografía</b>
0006	<b>Cartuchos para armas</b> con carga explosiva	0039	<b>Bombas de iluminación para fotografía</b>
0007	<b>Cartuchos para armas</b> con carga explosiva	0042	<b>Multiplicadores</b> sen detonador
0009	<b>Municións incendiarias</b> con ou sen carga dispersora, carga expulsora ou carga propulsora	0043	<b>Cargas explosivas</b>
0010	<b>Municións incendiarias</b> con ou sen carga dispersora, carga expulsora ou carga propulsora	0044	<b>Cebos do tipo de cápsula</b>
0012	<b>Cartuchos para armas, con proxectil inerte</b> <i>ou</i> <b>Cartuchos para armas de pequeno calibre</b>	0048	<b>Cargas de demolición</b>
0014	<b>Cartuchos para armas de pequeno calibre, sen bala</b> <i>ou</i> <b>Cartuchos para armas, sen bala</b> <i>ou</i> <b>Cartuchos para ferramentas, sen carga</b>	0049	<b>Cartuchos fulgurantes</b>
0015	<b>Municións fumíxenas</b> con ou sen carga dispersora, carga expulsora ou carga propulsora	0050	<b>Cartuchos fulgurantes</b>
0016	<b>Municións fumíxenas</b> con ou sen carga dispersora, carga expulsora ou carga propulsora	0054	<b>Cartuchos de sinais</b>
0018	<b>Municións lacrimóxenas</b> con carga dispersora, carga expulsora ou carga propulsora	0055	<b>Cartuchos baleiros con fulminante</b>
0019	<b>Municións lacrimóxenas</b> con carga dispersora, carga expulsora ou carga propulsora	0056	<b>Cargas de profundidade</b>
0020	<b>Municións tóxicas</b> con carga dispersora, carga expulsora ou carga propulsora	0059	<b>Cargas ocas</b> sen detonador
0021	<b>Municións tóxicas</b> con carga dispersora, carga expulsora ou carga propulsora	0060	<b>Cargas explosivas para multiplicadores</b>
0027	<b>Pólvora negra</b> en gran ou en po <i>ou</i> <b>Pólvora negra</b> en gran ou en po	0065	<b>Mecha detonante</b> flexible
0028	<b>Pólvora negra comprimida</b> <i>ou</i> <b>Pólvora negra moi graúda</b>	0066	<b>Mecha de combustión rápida</b>
0029	<b>Detonadores non eléctricos</b> para voaduras	0070	<b>Cisallas pirotécnicas</b>
0030	<b>Detonadores eléctricos</b> para voaduras	0072	<b>Ciclonita humidificada</b> cun mínimo do 15%, en masa, de auga <i>ou</i> <b>Ciclotrimetilentrinitramina humidificada</b> cun mínimo do 15%, en masa, de auga <i>ou</i> <b>Hexóxeno humidificado</b> cun mínimo do 15%, en masa, de auga <i>ou</i> <b>RDX humidificada</b> cun mínimo do 15%, en masa, de auga
0033	<b>Bombas</b> con carga explosiva	0073	<b>Detonadores para municións</b>
0034	<b>Bombas</b> con carga explosiva	0074	<b>Diazodinitrofenol humidificado</b> cun mínimo do 40%, en masa, de auga ou dunha mestura de alcohol e auga
0035....	<b>Bombas</b> con carga explosiva	0075	<b>Dinitrato de dietilenglicol desensibilizado</b> cun mínimo do 25%, en masa, de flemador non volátil insoluble en auga
		0076	<b>Dinitrofenol</b> seco ou humidificado con menos do 15%, en masa, de auga
		0077	<b>Dinitrofenolatos</b> de metais alcalinos, secos ou humidificados con menos do 15%, en masa, de auga

- |      |  |      |  |
|------|--|------|--|
| 0078 | <b>Dinitrorresorcinol</b> seco ou humidificado con menos do 15%, en masa, de auga  | 0132 | <b>Sales metálicos deflagrantes de derivados nitrados aromáticos, n.e n.p.</b>   |
| 0079 | <b>Dipicrilamina</b><br><i>ou Hexanitrodifenilamina</i><br><i>ou Hexil</i>   | 0133 | <b>Hexanitrate de manitol humidificado</b> cun mínimo do 40%, en masa, de auga ou dunha mestura de alcohol e auga<br><i>ou Nitromanita humidificada</i> , cun mínimo do 40%, en masa, de auga ou dunha mestura de alcohol e auga   |
| 0081 | <b>Explosivos para voaduras, tipo A</b>  | 0135 | <b>Fulminato de mercurio humidificado</b> cun mínimo do 20%, en masa, de auga ou dunha mestura de alcohol e auga   |
| 0082 | <b>Explosivos para voaduras, tipo B</b>  | 0136 | <b>Minas</b> con carga explosiva   |
| 0083 | <b>Explosivos para voaduras, tipo C</b>  | 0137 | <b>Minas</b> con carga explosiva   |
| 0084 | <b>Explosivos para voaduras, tipo D</b>  | 0138 | <b>Minas</b> con carga explosiva   |
| 0092 | <b>Bengalas de superficie</b>  | 0143 | <b>Nitroglicerina desensibilizada</b> cun mínimo do 40%, en masa, de flemador non volátil insoluble en auga  |
| 0093 | <b>Bengalas aéreas</b>   | 0144 | <b>Nitroglicerina en solución alcohólica</b> , con máis do 1% pero non máis do 10% de nitroglicerina   |
| 0094 | <b>Fotopólvora</b>   | 0146 | <b>Nitroamidón</b> seco ou humidificado con menos do 20%, en masa, de auga   |
| 0099 | <b>Cartuchos de agretamento explosivos</b> sen detonador, para pozos de petróleo   | 0147 | <b>Nitrourea</b>   |
6.1		3287	<b>Líquido tóxico inorgánico, n.e.n.p.*</b>	
≠	6.1	3389	<b>Líquido tóxico por inhalación, corrosivo, n.e.n.p.*</b> , cunha $\text{CL}_{50}$ inferior ou igual a $200 \text{ ml/m}^3$ e con concentración saturada de vapor superior ou igual a $500 \text{ CL}_{50}$	
≠	6.1	3390	<b>Líquido tóxico por inhalación, corrosivo, n.e.n.p.*</b> , cunha $\text{CL}_{50}$ inferior ou igual a $1\,000 \text{ ml/m}^3$ e con concentración saturada de vapor superior ou igual a $10 \text{ CL}_{50}$	
>				
>				
≠	6.1	3	3383	<b>Líquido tóxico por inhalación, inflamable, n.e.n.p.*</b> , cunha $\text{CL}_{50}$ inferior ou igual a $200 \text{ ml/m}^3$ e con concentración saturada de vapor superior ou igual a $500 \text{ CL}_{50}$
≠	6.1	3	3384	<b>Líquido tóxico por inhalación, inflamable, n.e.n.p.*</b> , cunha $\text{CL}_{50}$ inferior ou igual a $1\,000 \text{ ml/m}^3$ e con concentración saturada de vapor superior ou igual a $10 \text{ CL}_{50}$
≠	6.1	3 e 8	3488	<b>Líquido tóxico por inhalación, inflamable, corrosivo, n.e.n.p.*</b> , cunha $\text{CL}_{50}$ inferior ou igual a $200 \text{ ml/m}^3$ e con concentración saturada de vapor superior ou igual a $500 \text{ CL}_{50}$
≠	6.1	3 e 8	3489	<b>Líquido tóxico por inhalación, inflamable, corrosivo, n.e.n.p.*</b> , cunha

Clase ou división	Risco secundario	Núm. ONU	Denominación do artigo expedido
≠ 6.1		3381	CL <sub>50</sub> inferior ou igual a 1 000 ml/m <sup>3</sup> e con concentración saturada de vapor superior ou igual a 10 CL <sub>50</sub> <b>Líquido tóxico por inhalación, n.e.n.p.*</b> , cunha CL <sub>50</sub> inferior ou igual a 200 ml/m <sup>3</sup> e con concentración saturada de vapor superior ou igual a 500 CL <sub>50</sub>
≠ 6.1		3382	<b>Líquido tóxico por inhalación, n.e.n.p.*</b> , cunha CL <sub>50</sub> inferior ou igual a 1 000 ml/m <sup>3</sup> e con concentración saturada de vapor superior ou igual a 10 CL <sub>50</sub>
≠ 6.1	5.1	3387	<b>Líquido tóxico por inhalación, comburente, n.e.n.p.*</b> , cunha CL <sub>50</sub> inferior ou igual a 200 ml/m <sup>3</sup> e con concentración saturada de vapor superior ou igual a 500 CL <sub>50</sub>
≠ 6.1	5.1	3388	<b>Líquido tóxico por inhalación, n.e.n.p.*</b> , cunha CL <sub>50</sub> inferior ou igual a 1 000 ml/m <sup>3</sup> e con concentración saturada de vapor superior ou igual a 10 CL <sub>50</sub>
≠ 6.1	4.3	3385	<b>Líquido tóxico por inhalación, que reacciona coa auga, n.e.n.p.*</b> , cunha CL <sub>50</sub> inferior ou igual a 200 ml/m <sup>3</sup> e con concentración saturada de vapor superior ou igual a 500 CL <sub>50</sub>
≠ 6.1	4.3	3386	<b>Líquido tóxico por inhalación, que reacciona coa auga, n.e.n.p.*</b> , cunha CL <sub>50</sub> inferior ou igual a 1 000 ml/m <sup>3</sup> e con concentración saturada de vapor superior ou igual a 10 CL <sub>50</sub>
≠ 6.1	3 e 4.3	3490	<b>Líquido tóxico por inhalación, que reacciona coa auga, inflamable, n.e.n.p.*</b> , cunha CL <sub>50</sub> inferior ou igual a 200 ml/m <sup>3</sup> e con concentración saturada de vapor superior ou igual a 500 CL <sub>50</sub>
≠ 6.1	3 e 4.3	3491	<b>Líquido tóxico por inhalación, que reacciona coa auga, inflamable, n.e.n.p.*</b> , cunha CL <sub>50</sub> inferior ou igual a 1 000 ml/m <sup>3</sup> e con concentración saturada de vapor superior ou igual a 10 CL <sub>50</sub>
6.1	4.3	3123	<b>Líquido tóxico que reacciona coa auga, n.e.n.p.*</b>
6.1		3315	<b>Mostra química tóxica líquida ou sólida</b>
6.1		3243	<b>Sólidos que conteñen líquido tóxico, n.e.n.p.*</b>
6.1	8	3290	<b>Sólido tóxico corrosivo inorgánico, n.e.n.p.*</b>
6.1		2811	<b>Sólido tóxico orgánico, n.e.n.p.*</b>
6.1	5.1	3086	<b>Sólido tóxico comburente, n.e.n.p.*</b>
6.1	8	2928	<b>Sólido tóxico corrosivo orgánico, n.e.n.p.*</b>
6.1	4.1	2930	<b>Sólido tóxico inflamable orgánico, n.e.n.p.*</b>
6.1		3288	<b>Sólido tóxico inorgánico, n.e.n.p.*</b>
6.1	4.2	3124	<b>Sólido tóxico que pode quecer espontaneamente, n.e.n.p.*</b>
6.1	4.3	3125	<b>Sólido tóxico que reacciona coa auga, n.e.n.p.*</b>
6.1		3172	<b>Toxinas extraídas dun medio vivo, líquidas, n.e.n.p.*</b>
6.1		3462	<b>Toxinas extraídas dun medio vivo, sólidas, n.e.n.p.*</b>
<b>División 6.2</b>			
<i>Entradas específicas</i>			
6.2		3291	<b>Refugallos biomédicos, n.e.n.p.</b>
6.2		3291	<b>Refugallos clínicos sen especificar, n.e.n.p.</b>
6.2		3291	<b>Refugallos médicos, n.e.n.p.</b>
6.2		3291	<b>Refugallos médicos regulamentados, n.e.n.p.</b>
6.2		3373	<b>Substancia biolóxica, Categoría B</b>
<i>Entradas xerais</i>			
6.2		2814	<b>Substancia infecciosa para o ser humano*</b>
6.2		2900	<b>Substancia infecciosa para os animais* unicamente</b>
<b>CLASE 7</b>			
<i>Entradas xerais</i>			
7		3324	<b>Material radioactivo, baixa actividade específica (BAE-II), fisionable</b>
7		3325	<b>Material radioactivo, baixa actividade específica (BAE-III), fisionable</b>
7		2912	<b>Material radioactivo, baixa actividade específica (BAE-I), non fisionable ou fisionable exceptuado</b>
7		3321	<b>Material radioactivo, baixa actividade específica (BAE-II), non fisionable ou fisionable exceptuado</b>
7		3322	<b>Material radioactivo, baixa actividade específica (BAE-III), non fisionable ou fisionable exceptuado</b>
7		3333	<b>Material radioactivo, vultos do tipo A, en forma especial, fisionable</b>
7		3332	<b>Material radioactivo, vultos do tipo A, en forma especial, non fisionable ou fisionable exceptuado</b>
7		3327	<b>Material radioactivo, vultos do tipo A, non en forma especial, fisionable</b>
7		2915	<b>Material radioactivo, vultos do tipo A, non en forma especial, non fisionable ou fisionable exceptuado</b>
7		3329	<b>Material radioactivo, vultos do tipo B (M), fisionable</b>
7		3328	<b>Material radioactivo, vultos do tipo B (U), fisionable</b>
7		2917	<b>Material radioactivo, vultos do tipo B (M), non fisionable ou fisionable exceptuado</b>
7		2916	<b>Material radioactivo, vultos do tipo B (U), non fisionable ou fisionable exceptuado</b>

Clase ou división	Risco secundario	Núm. ONU	Denominación do artigo expedido
7		3330	<b>Material radioactivo, vultos do tipo C, fisionable</b>
7		3323	<b>Material radioactivo, vultos do tipo C, non fisionable ou fisionable exceptuado</b>
7		2910	<b>Material radioactivo, vultos exceptuados — cantidades limitadas de material</b>
7		2908	<b>Material radioactivo, vultos exceptuados, embalaxes baleiras</b>
7		2911	<b>Material radioactivo, vultos exceptuados — instrumentos ou obxectos</b>
7		2909	<b>Material radioactivo, vultos exceptuados — obxectos manufacturados de uranio natural ou uranio empobrecido ou torio natural</b>
7		3326	<b>Material radioactivo, obxectos contaminados na superficie, (OCS-I ou OCS-II), fisionable</b>
7		2913	<b>Material radioactivo, obxectos contaminados na superficie (OCS-I ou OCS-II), non fisionable ou fisionable exceptuado</b>
7		3331	<b>Material radioactivo, transportado en virtude de arranxos especiais, fisionable</b>
7		2919	<b>Material radioactivo, transportado en virtude de arranxos especiais, non fisionable ou fisionable exceptuado</b>

**CLASE 8***Entradas específicas*

8		2735	<b>Aminas líquidas corrosivas, n.e.n.p.*</b>
8	3	2734	<b>Aminas líquidas corrosivas inflamables, n.e.n.p.*</b>
8		3259	<b>Aminas sólidas corrosivas, n.e.n.p.*</b>
8		3145	<b>Alquifenois líquidos, n.e.n.p. (incluídos os homólogos C<sub>2</sub>-C<sub>12</sub>)</b>
8		2430	<b>Alquifenois sólidos, n.e.n.p. (incluídos os homólogos C<sub>2</sub>-C<sub>12</sub>)</b>
8		2837	<b>Bisulfatos en solución acuosa</b>
8		2693	<b>Bisulfitos en solución acuosa, n.e.n.p.</b>
8	3	2986	<b>Clorosilanos corrosivos inflamables, n.e.n.p.</b>
8		2987	<b>Clorosilanos corrosivos, n.e.n.p.</b>
8		2801	<b>Corante líquido corrosivo, n.e.n.p.*</b>
8		3147	<b>Corante sólido corrosivo, n.e.n.p.*</b>
8		1903	<b>Desinfectante líquido corrosivo, n.e.n.p.*</b>
8	6.1	3471	<b>Hidroxenodifluoruros en solución, n.e.n.p.</b>
8		1740	<b>Hidroxenodifluoruros sólidos, n.e.n.p.</b>
8		1719	<b>Líquido alcalino cáustico, n.e.n.p.*</b>
8		2801	<b>Materia intermedia líquida corrosiva para corantes, n.e.n.p.*</b>
8		3147	<b>Materia intermedia sólida corrosiva para corantes, n.e.n.p.*</b>
8	3	2734	<b>Poliaminas líquidas corrosivas inflamables, n.e.n.p.*</b>
8		2735	<b>Poliaminas líquidas corrosivas, n.e.n.p.*</b>
8		3259	<b>Poliaminas sólidas corrosivas, n.e.n.p.*</b>

*Entradas xerais*

8		3264	<b>Líquido corrosivo ácido inorgánico, n.e.n.p.*</b>
8		3265	<b>Líquido corrosivo ácido orgánico, n.e.n.p.*</b>
8		3266	<b>Líquido corrosivo básico inorgánico, n.e.n.p.*</b>
8		3267	<b>Líquido corrosivo básico orgánico, n.e.n.p.*</b>
8	5.1	3093	<b>Líquido corrosivo comburente, n.e.n.p.*</b>
8	3	2920	<b>Líquido corrosivo inflamable, n.e.n.p.*</b>
8	4.2	3301	<b>Líquido corrosivo que pode quecer espontaneamente, n.e.n.p.*</b>
8	4.3	3094	<b>Líquido corrosivo que reacciona coa auga, n.e.n.p.*</b>
8	6.1	2922	<b>Líquido corrosivo tóxico, n.e.n.p.*</b>
8		1760	<b>Líquido corrosivo, n.e.n.p.*</b>
8		3260	<b>Sólido corrosivo ácido inorgánico, n.e.n.p.*</b>
8		3261	<b>Sólido corrosivo ácido orgánico, n.e.n.p.*</b>
8		3262	<b>Sólido corrosivo básico inorgánico, n.e.n.p.*</b>
8		3263	<b>Sólido corrosivo básico orgánico, n.e.n.p.*</b>
8	5.1	3084	<b>Sólido corrosivo comburente, n.e.n.p.*</b>
8	4.1	2921	<b>Sólido corrosivo inflamable, n.e.n.p.*</b>
8	4.2	3095	<b>Sólido corrosivo que pode quecer espontaneamente, n.e.n.p.*</b>
8	4.3	3096	<b>Sólido corrosivo que reacciona coa auga, n.e.n.p.*</b>
8	6.1	2923	<b>Sólido corrosivo tóxico, n.e.n.p.*</b>
8		1759	<b>Sólido corrosivo, n.e.n.p.*</b>
8		3244	<b>Sólidos que conteñen líquido corrosivo, n.e.n.p.*</b>

**CLASE 9***Entradas xerais*

9		3257	<b>Líquido a temperatura elevada, n.e.n.p.*</b>
---	--	------	---

<i>Clase ou división</i>	<i>Risco secundario</i>	<i>Núm. ONU</i>	<i>Denominación do artigo expedido</i>
9		3334	Líquido regulamentado para a aviación, n.e.n.p.*
9		3245	Microorganismos modificados xeneticamente
9		3245	Organismos modificados xeneticamente
9		3258	Sólido a temperatura elevada, n.e.n.p.*
9		3335	Sólido regulamentado para a aviación, n.e.n.p.*
9		3082	Substancia líquida perigosa para o ambiente, n.e.n.p.*
9		3077	Substancia sólida perigosa para o ambiente, n.e.n.p.*

## Adxunto 2

### GLOSARIO

**ATENCIÓN:** Estas explicacións só teñen carácter informativo. Non hai que guiarse por elas para os fins da clasificación dos riscos e non reflicten necesariamente a información proporcionada ás Nacións Unidas cando se asignaron os números ONU.

---

## Glosario

<i>Termo e explicación</i>	<i>Números ONU, se corresponde</i>
<b>ÁCIDO NITRANTE, MESTURA DE.</b> Mestura de ácidos nítrico e sulfúrico utilizada para a nitración da glicerina, da celulosa ou doutras substancias orgánicas. En contacto con materias orgánicas, esta mestura de ácidos acostuma inflamarse salvo que a mestura conteña moita auga.	1796, 1826
<b>ÁCIDO SULFÚRICO ESGOTADO.</b> Ácido sulfúrico xeralmente moi concentrado, que se utilizou en procesos químicos e que contén materias orgánicas residuais.	1832
<b>ÁCIDO SULFÚRICO FUMANTE.</b> Ácido sulfúrico en que se dissolveu un exceso de anhídrido sulfúrico. A diferenza do ácido sulfúrico común, emite fumes tóxicos.	1831
<b>ACUMULADORES ELÉCTRICOS DE ELECTRÓLITO LÍQUIDO ÁCIDO OU ALCALINO.</b> Serie de placas de metal inmersas nun electrólito, que acostuma ser ácido sulfúrico diluído, pero en certo tipo de acumulador é unha solución de hidróxido potásico. Ambos os electrólitos son líquidos corrosivos. Os recipientes utilizados para os acumuladores que conteñen ácido son xeralmente de ebonita. Os acumuladores de calquera destes tipos, cando conteñen electrólitos, clasifícanse como líquidos corrosivos. Os acumuladores en tránsito poden causar danos por derramamento do electrólito ou provocar un incendio por cortocircuíto accidental nos bornes.	2794, 2795
<b>ACUMULADORES ELÉCTRICOS SECOS QUE CONTEÑAN HIDRÓXIDO POTÁSICO SÓLIDO.</b> Acumuladores cargados con hidróxido potásico sólido, expedidos de fábrica en estado seco e cheos de electrólito alcalino sólido. Debe agregarse auga antes de usalos.	3028
<b>ALUMINIO EN PO.</b> O aluminio en po non recuberto pode desprender hidróxeno en contacto coa auga e o po moi fino pode inflamarse en contacto con chamas ou faíscas. Xeralmente, os pos de aluminio recubertos, tratados con aceites ou cera para usalos en imprenta ou pinturas, non son perigosos.	1309, 1396
<b>APRESTOS PARA COIRO.</b> Preparado que habitualmente contén un disolvente ou outro líquido cun punto de inflamación baixo.	—
<b>ARTIGO DE CONSUMO.</b> Artigo de consumo é un produto para uso persoal ou doméstico que vén empacado e se distribúe en embalaxes destinadas ou adecuadas á venda ao retallo.	—
<b>ARTIFICIOS DE PIROTECNIA.</b> Obxectos pirotécnicos destinados a espectáculos.	0333, 0334, 0335, 0336, 0337
<b>ASBESTO.</b> Denominación xenérica que comprende as fibras de silicatos minerais que se encontran na natureza constituindo as series das serpentinas e os anfíbolos. Forma parte da serie das serpentinas o crisólito, coñecido habitualmente como asbesto branco. Na serie dos anfíbolos cóntanse a actinolita, a amosita ou a misurita (coñecida correntemente como asbesto pardo), a antofilita, a crocidolita (máis coñecida como asbesto azul), e a tremolita. Todos os tipos de asbestos poden ser nocivos para a saúde, e os tipos máis perigosos son o asbesto azul e o pardo.	2212, 2590
<b>BASE PARA LACA OU LACA EN ESCAMAS, CON NITROCELULOSA, SECA.</b> Pode consistir nunha mestura sólida coloidal de nitrocelulosa, pigmento, gomas e un plastificante.	—
≠ <b>BATERÍAS DE LITIO.</b> Dúas ou máis pilas conectadas entre si electricamente e dotadas dos dispositivos necesarios para o seu uso, por exemplo, a envoltura, os bornes, as marcas e os dispositivos de protección. Unha batería dunha soa pila considérase unha "pila" e debe someterse ás probas exixidas para as "pilas" para os efectos das presentes instrucións e do <i>Manual de probas e criterios das Nacións Unidas</i> (véxase tamén a definición de "pila de litio").	3090, 3091 3480, 3481
<i>Nota.— As unidades que se denominan normalmente "paquetes de baterías", "módulos" ou "conxuntos de baterías" e cuxa función principal é a de constituir unha fonte de corrente para outro equipamento, están suxeitas, para os efectos das presentes instrucións e do Manual de probas e criterios das Nacións Unidas, ás mesmas condicións que as baterías.</i>	
<b>BATERÍAS QUE CONTEÑEN SODIO.</b> Obxectos compostos dunha serie de PILAS QUE CONTEÑEN SODIO instaladas de maneira segura nun estoxo metálico que as envolve completamente e que pola súa construción e cerramento impide o escape de mercadorías perigosas en condicións normais de transporte. Aínda que polo seu deseño e función estas baterías están destinadas a proporcionar unha fonte de enerxía eléctrica, son electricamente inertes a calquera temperatura a que permaneza en estado sólido o sodio contido nelas.	3292
<b>BENGALAS.</b> Obxectos que conteñen substancias pirotécnicas destinados a utilizarse para iluminar, identificar, sinalar ou advertir. O termo comprende: as BENGALAS AÉREAS; as BENGALAS DE SUPERFICIE.	0092, 0093, 0403, 0404, 0418, 0419, 0420, 0421

Termo e explicación	Números ONU, se corresponde
<b>BOMBAS.</b> Obxectos explosivos que se lanzan desde unha aeronave. Poden conter un líquido inflamable cunha carga dispersora, un composto con pólvora de iluminación ou unha carga dispersora. O termo non comprende os torpedos (aéreos) e inclúe: as BOMBAS DE ILUMINACIÓN PARA FOTOGRAFÍA; as BOMBAS con carga dispersora; as BOMBAS QUE CONTEÑEN UN LÍQUIDO INFLAMABLE con carga dispersora.	0033, 0034, 0035, 0037, 0038, 0039, 0291, 0299, 0399, 0400
<b>CABEZAS DE GUERRA.</b> Obxectos que conteñen explosivos detonantes. Están destinados a ser montados nun foguete, un proxectil dirixido ou un torpedo. Poden conter unha carga dispersora ou unha carga expulsora. O termo comprende: as CABEZAS DE FOGUETE con carga dispersora ou carga expulsora; as CABEZAS DE FOGUETE con carga explosiva; as CABEZAS PARA TORPEDOS con carga explosiva.	0221, 0286, 0287, 0369, 0370, 0371
<b>CAL SODADO.</b> Mestura de óxido ou hidróxido cálcico con hidróxido sódico.	1907
<b>CAPACIDADE NOMINAL.</b> Expresada en vats-hora, calcúlase multiplicando a capacidade nominal dunha pila ou batería en amperes-hora pola súa voltaxe nominal.	3480, 3481
<b>CARGA COMPLETA.</b> Significa unha proporción considerable tal que o risco na práctica debería avaliarse supoñendo a explosión simultánea de todo o contido explosivo da carga ou vulto.	—
<b>CARGAS DE DEMOLICIÓN.</b> Obxectos que conteñen unha carga de explosivo detonante nunha envoltura de cartón, plástico, metal ou outro material. O termo non comprende os seguintes obxectos, que se enuncian por separado: bombas, minas, etc.	0048
<b>CARGAS DE PROFUNDIDADE.</b> Obxectos que consisten nunha carga de explosivo detonante contida nun bidón ou nun proxectil. Están destinados a detonar debaixo da auga.	0056
<b>CARGAS DISPERSORAS EXPLOSIVAS.</b> Obxectos que consisten nunha pequena carga de explosivo utilizada para facer estourar proxectís ou outras munições a fin de dispersar o seu contido.	0043
<b>CARGAS EXPLOSIVAS.</b> Obxectos que conteñen unha carga de explosivo detonante como hexolita, octolita ou explosivos de plástico ligado destinados a producir efecto por detonación ou fragmentación.	—
<b>CARGAS EXPLOSIVAS DE SEPARACIÓN.</b> Obxectos que consisten nunha pequena carga de explosivo con medios de iniciación. Rompen barras ou varetas para separar rapidamente un equipamento.	0173
<b>CARGAS EXPLOSIVAS PARA ROTURA DE CABLES, véxase CISALLAS PIROTÉCNICAS.</b>	
<b>CARGAS EXPLOSIVAS PARA SONDEXES.</b> Obxectos que consisten nunha carga de explosivo detonante. Lánzanse desde barcos e estouran cando chegan a unha profundidade predeterminada ou ao fondo do mar.	0204, 0296, 0374, 0375
<b>CARGAS EXPLOSIVAS PARA USOS CIVÍS SEN DETONADOR.</b> Obxectos que consisten nunha carga de explosivo detonante sen medios de iniciación, que se utiliza para soldadura, empate, conformación e outros procedementos metalúrxicos.	0442, 0443, 0444, 0445
<b>CARGAS EXPLOSIVAS SUPLEMENTARIAS.</b> Obxectos que consisten nun pequeno multiplicador amovible que se coloca na cavidade dun proxectil situada entre a espoleta e a carga dispersora.	0060
<b>CARGAS EXPULSORAS.</b> Cargas de explosivo deflagrante destinadas a expeler a carga explosiva do obxecto principal sen producir danos.	—
<b>CARGAS OCAS SEN DETONADOR.</b> Obxectos que consisten nunha envoltura que contén unha carga de explosivo detonante cunha cavidade revestida dunha materia rixida, sen medios de iniciación. Están destinadas a producir un potente efecto de perforación.	0059, 0439, 0440, 0441
<b>CARGAS PARA EXTINTORES DE INCENDIOS.</b> Consisten xeralmente en paquetes de bicarbonato sódico (po seco) que non é perigoso, e en botellas de ácido sulfúrico concentrado, que é un líquido corrosivo.	1774
<b>CARGAS PROPULSORAS.</b> Obxectos que consisten nunha carga de explosivo propulsor, de calquera forma, con ou sen envoltura, destinada a usarse como compoñente de motores de foguete ou para reducir a resistencia ao avance dos proxectís.	0271, 0272, 0415, 0491
<b>CARGAS PROPULSORAS PARA ARTILLARÍA.</b> Obxectos que consisten nunha carga de explosivo propulsor, de calquera forma, con ou sen envoltura, destinada a usarse en artillaría.	0242, 0279, 0414
<b>CARTUCHOS COMBUSTIBLES BALEIROS SEN FULMINANTE.</b> Obxectos que consisten en vaíñas de cartuchos fabricadas parcial ou totalmente con nitrocelulosa.	0046, 0447



<i>Termo e explicación</i>	<i>Números ONU, se corresponde</i>
<b>CARTUCHOS DE ACCIONAMENTO.</b> Obxectos destinados a producir efectos mecánicos. Constan dunha vaiña cunha carga de explosivo deflagrante e un medio de ignición. Os gases produto da deflagración producen inflación, xeran movemento lineal ou rotativo ou accionan diafragmas, válvulas ou interruptores, ou ben lanzan dispositivos de fixación ou axentes extintores.	0275, 0276, 0323, 0381
<b>CARTUCHOS DE ACCIONAMENTO PARA EXTINTORES DE INCENDIOS.</b> Aparellos que conteñen unha pequena carga explosiva cunha carga iniciadora cuxo accionamento rompe unha peza de metal (p. ex., un disco de ruptura), e deste modo acciónase un extintor de incendios.	—
<b>CARTUCHOS DE AGRETAMENTO EXPLOSIVOS PARA POZOS DE PETRÓLEO SEN DETONADOR.</b> Obxectos que conteñen unha carga de explosivo detonante dentro dun receptáculo sen medios de iniciación. Utilízanse para agretar as rochas que rodean unha perforación e facilitar a saída do petróleo bruto da rocha.	0099
<b>CARTUCHOS DE SINAI.</b> Obxectos que se utilizan para disparar bengalas de cores ou outros sinais por medio de pistolas de sinais, etc.	0054, 0312, 0405
<b>CARTUCHOS FULGURANTES.</b> Obxectos que constan dunha vaiña, un cebo e pólvora de iluminación, nunha soa peza, listos para disparar.	0049, 0050
<b>CARTUCHOS PARA ARMAS.</b>	0005, 0006, 0007, 0014, 0321, 0326, 0327, 0338, 0348, 0412, 0413
1) Municións coa súa carga montada ou semimontada destinadas a ser disparadas con armas. Cada cartucho contén todos os compoñentes necesarios para un disparo. Esta denominación e descrición deberían aplicarse aos cartuchos para armas de pequeno calibre que non poidan describirse como "cartuchos para armas de pequeno calibre". Están comprendidas nesta denominación e descrición as municións de carga separada cando a carga propulsora e o proxectil se embalan xuntos (véxase tamén "Cartuchos para armas sen bala").	
2) Os cartuchos incendiarios, fumixenos, tóxicos e lacrimóxenos describíense no presente adxunto baixo a denominación "Municións incendiarias", etc.	
<b>CARTUCHOS PARA ARMAS CON PROXECTIL INERTE.</b> Munición que consta dun proxectil sen carga detonante pero con carga propulsora. A presenza de rastrexadores non ten que considerarse para facer a clasificación, con tal de que o risco predominante sexa o que presenta a carga propulsora.	0012, 0328, 0339, 0417
<b>CARTUCHOS PARA ARMAS DE PEQUEÑO CALIBRE.</b> Munición que consiste nun casco provisto dun cebo fulminante central ou periférico e que contén unha carga propulsora e un proxectil (ou proxectís) sólido(s). Están destinados a ser disparados con armas de calibre non superior a 19,1 mm. Nesta definición inclúense os cartuchos de escopeta de todo calibre. No termo non se inclúen: os CARTUCHOS PARA ARMAS DE PEQUEÑO CALIBRE SEN BALA, que figuran por separado, nin algúns cartuchos para armas de pequeno calibre que figuran baixo CARTUCHOS PARA ARMAS CON PROXECTIL INERTE.	0012, 0328, 0339, 0417
<b>CARTUCHOS PARA PERFORACIÓN DE POZOS DE PETRÓLEO.</b> Obxectos que consisten nunha vaiña delgada de fibra, metal ou outra materia, que conteñen exclusivamente unha carga propulsora que lanza un proxectil de aceiro temperado. Neste termo non están comprendidos os seguintes obxectos, que figuran por separado: CARGAS OCAS.	0277, 0278
<b>CARTUCHO PARA PILAS DE COMBUSTIBLE.</b> Artigo que almacena combustible para descargalo na pila de combustible mediante unha válvula (ou máis) que controla a descarga do combustible na pila de combustible.	3473, 3476, 3477, 3478, 3479
<b>CARTUCHOS SEN BALA.</b> Obxectos que constan dun casco de cartucho cun cebo fulminante horizontal ou periférico e que encerra unha carga de pólvora sen fume ou negra, pero sen proxectil. Utilízanse para prácticas de tiro, salvos ou pistolas de stárter, etc.	0014, 0326, 0327, 0338, 0413
<b>CARTUCHOS BALEIROS CON FULMINANTE.</b> Obxectos que consisten nunha vaiña de cartucho metálica, de plástico ou doutra materia non inflamable, nos cales o único compoñente explosivo é o fulminante.	0055, 0379
<b>CEBOS DO TIPO DE CÁPSULA.</b> Obxectos que consisten nunha cápsula metálica ou de plástico que contén unha pequena cantidade de mestura explosiva fulminante que se acende facilmente por percusión. Serven para provocar a ignición nos cartuchos para armas de pequeno calibre, e nos cebos de percusión para cargas propulsoras.	0044, 0377, 0378
<b>CEBOS PARA ARMAS DE XOGUETE (PISTÓNS).</b> Artigos que consisten en pequenas cantidades dunha substancia explosiva disposta entre dúas tiras ou discos de papel ou recuberta de plástico, verniz ou outra substancia.	—
<b>CEBOS TUBULARES.</b> Obxectos que constan dun cebo de ignición e unha carga auxiliar dun explosivo deflagrante tal como a pólvora negra, usados para inflamar a carga propulsora nunha vaiña de cartuchos para artillaría, etc.	0319, 0320, 0376

<i>Termo e explicación</i>	<i>Números ONU, se corresponde</i>
<b>CIRCONIO EN SUSPENSIÓN NUN LÍQUIDO INFLAMABLE.</b> Circonio metálico dividido en partículas moi finas, xeralmente en suspensión nun líquido moi volátil e inflamable. Se se derrama, é propenso á inflamación espontánea.	1308
<b>CISALLAS PIROTÉCNICAS.</b> Obxectos que conteñen un compoñente cortante movido por unha pequena carga de explosivo deflagrante contra unha zafra.	0070
<b>FOGUETES.</b> Obxectos constituídos por un motor de foguete e unha carga útil, que pode ser unha cabeza de guerra explosiva ou outro dispositivo. O termo comprende os proxectís dirixidos e: os FOGUETES con cabeza inerte; os FOGUETES con carga explosiva; os FOGUETES con carga expulsora; os FOGUETES DE COMBUSTIBLE LÍQUIDO con carga explosiva; os FOGUETES LANZACABOS.	0180, 0181, 0182, 0183, 0238, 0240, 0295, 0397, 0398, 0436, 0437, 0438, 0453
+ <b>COMPOÑENTE EXPLOSIVO AUXILIAR ILLADO.</b> “Compoñente explosivo auxiliar illado” é un pequeno dispositivo que executa mediante unha explosión unha operación relacionada co funcionamento do obxecto, distinta das que realizan as súas cargas explosivas principais. O funcionamento do compoñente non causa ningunha reacción das cargas explosivas principais contidas no obxecto.	—
<b>COMPOÑENTES DE CADEAS DE EXPLOSIVOS, N.E.N.P.</b> Obxectos que conteñen un explosivo destinado a transmitir a detonación ou a deflagración dentro dunha cadea de explosivos.	0382, 0383, 0384, 0461
<b>CONDENSADO DE HIDROCARBUROS.</b> Líquido que se condensa por compresión do gas Pintsch (gas de petróleo comprimido) ou o condensado dos condutos principais do gas de refinaría. Consiste principalmente nunha mestura de benceno e de hidrocarburos non saturados.	3295
<b>CONXUNTOS DE DETONADORES NON ELÉCTRICOS PARA VOADURAS.</b> Trátase de detonadores non eléctricos unidos a elementos tales como unha mecha de seguridade, un cebo de percusión, un cebo de inflamación ou unha mecha detonante. Poden estar concibidos para detonar instantaneamente ou conter elementos que dean lugar a unha acción retardada. Inclúense relés de detonación que conteñen unha mecha detonante. Outros relés de detonación figuran como “Detonadores non eléctricos”.	0360, 0361
<b>CONTIDO TOTAL.</b> Significa unha proporción de magnitude tal que o risco na práctica debería avaliarse supoñendo a explosión simultánea de todo o contido explosivo da carga ou vulto.	—
<b>COPRA.</b> Polpa disecada de coco que se utiliza para producir aceite de coco. A copra contén até un 67% de aceite e pode experimentar combustión espontánea.	1363
<b>DETONADORES.</b> Obxectos que consisten nun tubo pequeno de metal ou de plástico que contén explosivos tales como azida de chumbo, TNPE ou combinacións de explosivos. Están concibidos para iniciar unha cadea de detonación. Poden estar construídos para detonar instantaneamente ou conter un elemento de retardo. Neste termo inclúense: os DETONADORES PARA MUNICIÓNS e os detonadores para voaduras, tanto eléctricos como non eléctricos. Quedan comprendidos tamén os relés de detonación sen mecha detonante flexible.	0029, 0030, 0073, 0255, 0267, 0364, 0365, 0366, 0455, 0456
<b>DISOLVENTES.</b> Substancias que poden disolver outras para formar unha mestura ou solución homoxénea. Entre os grupos de disolventes orgánicos inclúense os ésteres, os éteres, as acetonas, as aminas e os hidrocarburos nitrados e clorados. Moitos disolventes son inflamables e tóxicos, con diversas intensidades.	—
<b>DISOLVENTE DE PLÁSTICOS, N.E.N.P.</b> Denominación comunmente aplicada ás mesturas utilizadas para disolver materiais plásticos ou para diluír colas de plástico. En xeral, poden conter líquidos inflamables ou combustibles, tales como acetona, acetato amílico ou algún dos alcohois ou cetonas. A clasificación vén determinada polo seu punto de inflamación.	—
<b>DISPOSITIVOS ACTIVADOS POLA AUGA con carga dispersora, carga expulsora ou carga propulsora.</b> Obxectos cuxo funcionamento depende dunha reacción fisicoquímica do seu contido coa auga.	0248, 0249
<b>DISPOSITIVOS PORTADORES DE CARGAS OCAS CARGADOS para perforación de pozos de petróleo sen detonador.</b> Obxectos que consisten nun tubo de aceiro ou unha banda metálica en que van aloxadas cargas ocas unidas por unha mecha detonante sen medios de iniciación.	0124, 0494
<b>ELECTRÓLITO.</b> Expresión que se acostuma aplicar ao ácido sulfúrico diluído, utilizado nos acumuladores eléctricos normais de placas de chumbo. A disolución de hidróxido potásico utilizada nalgúns acumuladores eléctricos denomínase tamén electrólito.	—
+ <b>ACENDEDOR DE TIPO SOPRETE CON PREMESTURA.</b> Acendedor de gas no cal o combustible e o aire se mesturan antes de ser subministrados para a combustión, por exemplo, os acendedores que producen chama azul.	—

Termo e explicación	Números ONU, se corresponde
<b>ACENDEDORES PARA MECHAS DE SEGURIDADE.</b> Obxectos de diversos deseños activados por fricción, percusión ou electricidade e empregados para acender as mechas de seguridade.	0131
<b>EQUIPAMENTO DE RESINA DE POLIÉSTER.</b> A denominación "equipamento de resina de poliéster" abrangue diferentes artigos, tales como os compostos de recheo, ligadura e selaxe, axentes estabilizadores e os equipamentos de reparación de fibra de vidro. Este equipamento acostuma constar dunha resina de poliéster non saturada mesturada con estireno e, á parte, dun endurecedor (xeralmente, un peróxido orgánico flemado) como compoñente secundario. O compoñente principal (en líquido viscoso ou pasta) é en si inflamable debido ao contido de estireno (punto de inflamación entre 29°C e 32°C).	3269
<b>EQUIPAMENTO DE SEGURIDADE.</b> Equipamento como maletíns, caixas de seguridade, sacos de seguridade e outros, que conteñen mercadorías perigosas, por exemplo, baterías de litio, cartuchos de gas e/ou material pirotécnico.	
<b>ESPOLETAS.</b> Obxectos destinados a iniciar unha detonación ou unha deflagración en municións. Conteñen compoñentes mecánicos, eléctricos, químicos ou hidrostáticos e xeralmente dispositivos de protección. O termo comprende: as ESPOLETAS DETONANTES; as ESPOLETAS DETONANTES con dispositivos de protección; as MECHAS DE IGNICIÓN.	0106, 0107, 0257, 0316, 0317, 0367, 0368, 0408, 0409, 0410
<b>ESTABILIZADA.</b> Estabilizada significa que a substancia se encontra nunha condición que impide a reacción fóra de control. Isto pode lograrse mediante métodos tales como a adición dun produto químico inhibidor, desgasificando a substancia para eliminar o oxíxeno disolto e deixando inerte o espazo de aire no vulto, ou mantendo a substancia baixo temperatura controlada.	
<b>EXPLOSIÓN DO CONTIDO TOTAL.</b> Esta expresión utilízase ao someter a ensaio un obxecto ou vulto único ou unha pequena pila de obxectos ou vultos.	—
<b>EXPLOSIÓN MASIVA.</b> Explosión que afecta case a totalidade da carga practicamente ao instante.	—
<b>EXPLOSIVO DEFLAGRANTE.</b> Substancia, por exemplo unha carga de proxección, que reacciona máis ben por deflagración que por detonación ao iniciala e utilízala como corresponde.	—
<b>EXPLOSIVO DETONANTE.</b> Substancia que reacciona máis ben por detonación que por deflagración ao iniciala e utilízala como corresponde.	—
<b>EXPLOSIVOS PARA VOADURAS.</b> Substancias explosivas detonantes utilizadas en minaría, construción e traballos similares. Os explosivos para voaduras clasifícanse en cinco tipos. Ademais dos compoñentes que se enumeran, poden conter tamén compoñentes inertes, tales como o kieselguhr, e outros compoñentes secundarios, tales como axentes corantes e estabilizantes.	0081, 0082, 0083, 0084, 0241, 0331, 0332
<b>EXPLOSIVOS PARA VOADURAS TIPO A.</b> Substancias que constan de nitratos orgánicos líquidos, tales como a nitroglicerina, ou unha mestura de tales ingredientes con un ou varios dos seguintes: nitrocelulosa, nitrato amónico ou outros nitratos inorgánicos, derivados nitrados aromáticos ou materias combustibles tales como as serraduras ou o aluminio en po. Estes explosivos deben presentarse en forma pulverulenta ou con consistencia xelatinosa ou elástica. O termo comprende a dinamita en xelatina para voaduras e outras dinamitas en xelatina.	0081
<b>EXPLOSIVOS PARA VOADURAS, TIPO B.</b> Substancias que consisten en a) unha mestura de nitrato amónico ou outros nitratos inorgánicos cun explosivo tal como o trinitrotolueno, con ou sen outras substancias tales como serraduras ou aluminio en po, ou b) unha mestura de nitrato amónico ou outros nitratos inorgánicos con outras substancias combustibles que non sexan ingredientes explosivos. Eses explosivos non deben conter nitroglicerina, nitratos orgánicos líquidos similares nin cloratos.	0082, 0331
<b>EXPLOSIVOS PARA VOADURAS, TIPO C.</b> Substancias que consisten nunha mestura de, ben sexa clorato potásico ou sódico, ben perclorato potásico, sódico ou amónico, con derivados nitrados orgánicos ou materias combustibles tales como as serraduras, o aluminio en po ou algún hidrocarburo. Estes explosivos non deben conter nitroglicerina nin nitratos orgánicos líquidos similares.	0083
<b>EXPLOSIVOS PARA VOADURAS, TIPO D.</b> Substancias que consisten nunha mestura de compostos nitrados orgánicos con materias combustibles, tales como os hidrocarburos e o aluminio en po. Estes explosivos non deben conter nitroglicerina, nitratos orgánicos líquidos similares, cloratos nin nitrato amónico. O termo acostuma incluír os explosivos plásticos.	0084
<b>EXPLOSIVOS PARA VOADURAS, TIPO E.</b> Substancias que conteñen auga como ingrediente fundamental e unha gran proporción de nitrato amónico ou outras substancias comburentes, algunhas delas en solución. Os demais compoñentes poden ser derivados nitrados, tales como trinitrotolueno, hidrocarburos ou aluminio en po. O termo comprende os explosivos en emulsión, os lodos explosivos e os explosivos en hidroxel.	0241, 0332
<b>EXPLOSIVO PRIMARIO.</b> Substancia explosiva fabricada para producir na práctica un efecto por	—

<i>Termo e explicación</i>	<i>Números ONU, se corresponde</i>
explosión que é moi sensible á calor, impacto ou fricción e que, mesmo en cantidades moi pequenas, experimenta detonación ou se queima moi rapidamente. Pode transmitir detonación (no caso de explosivo de iniciación) ou deflagración a explosivos secundarios próximos a el. Os explosivos primarios principais son fulminato de mercurio, azida de chumbo e estífnato de chumbo.	—
<b>EXPLOSIVO SECUNDARIO.</b> Substancia explosiva relativamente insensible (en comparación cos explosivos primarios), habitualmente iniciada mediante explosivos primarios con ou sen a axuda de multiplicadores ou cargas suplementarias. Un explosivo deste tipo pode reaccionar como explosivo deflagrante ou detonante.	—
<b>EXPLOTAR.</b> Verbo que se utiliza para indicar os efectos explosivos que polo estouro, a calor, o lanzamento de proxectís, poidan poñer en perigo a vida e a propiedade. Inclúese tanto a deflagración como a detonación.	—
<b>EXTRACTOS AROMÁTICOS OU EXTRACTOS SAPORÍFEROS.</b> Substancias que se utilizan para fragancias e dar sabor aos alimentos ou bebidas. Cando conteñen un disolvente ou outro líquido cuxo punto de inflamación é suficientemente reducido, clasifícanse como líquidos inflamables. No entanto, cando conteñen un líquido que ten propiedades corrosivas ou tóxicas, deben clasificarse de acordo cos criterios pertinentes. Estas substancias poden ter propiedades que produzan molestias e, no caso de producirse unha fuga no vulto, por exemplo, poden causar grande incomodidade á tripulación e aos pasaxeiros.	1169, 1197
<b>FÓSFOROS.</b> Fósforos de carteira, en tiras ou en caixa que soamente se inflaman ao esfregarse cunha superficie preparada para este fin.	1944
<b>FÓSFOROS DE ACENDEMENTO UNIVERSAL OU RESISTENTES AO VENTO.</b> Acostuman conter sesquisulfuro de fósforo, clorato potásico e outros ingredientes. Os fósforos de acendemento universal prenden facilmente ao esfregarse sobre practicamente calquera superficie seca.	1331, 2254
<b>GALIO.</b> Metal branco prateado cun punto de fusión de 30°C; pode ser sobrearrefriado até case 0°C sen solidificación. Ten a propiedade de penetrar rapidamente os planos de exfoliación das aliaxes do aluminio e outros metais e causar fisuras.	2803
<b>GALLETA DE PÓLVORA HUMIDIFICADA.</b> Substancia constituída por nitrocelulosa impregnada cun máximo do 60% de nitroglicerina ou doutros nitratos orgánicos líquidos, ou unha mestura deles.	0159, 0433
<b>GAS DE HULLA COMPRIMIDO.</b> O gas obtido da destilación destrutiva do carbón bituminoso.	1023
<b>GAS DE PETRÓLEO COMPRIMIDO.</b> O gas obtido mediante a reacción que se produce ao aplicar vapor a altas temperaturas ao gasóleo ou fraccións similares do petróleo, ou pola fragmentación a alta temperatura do gasóleo. O gas é inflamable pero clasifícase como gas tóxico porque contén unha alta proporción de monóxido de carbono.	1071
<b>XERADOR DE OXÍXENO QUÍMICO.</b> Dispositivo que contén substancias químicas cuxa activación libera oxíxeno como produto dunha reacción química. Os xeradores de oxíxeno químicos utilízanse na produción de oxíxeno para a respiración, por exemplo, en aeronaves, submarinos, naves espaciais, refuxios contra bombardeos e aparellos respiratorios. Os sales oxidantes, como cloratos e percloratos de litio, sodio e potasio, que se empregan nos xeradores de oxíxeno químicos, despiden oxíxeno ao quecer. Estes sales mestúranse (combinan) cun combustible, habitualmente ferro en po, para formar unha candea de clorato que produce oxíxeno por reacción continua. O combustible utilízase para xerar calor por oxidación. Unha vez que se inicia a reacción, por descomposición térmica libérase oxíxeno desde o sal quente (úsase protección térmica arredor do xerador). Unha parte do oxíxeno reacciona co combustible para producir máis calor, o que pola súa vez produce máis oxíxeno, e así sucesivamente. Para iniciar a reacción pode recorrerse a un dispositivo de percusión, de fricción, ou ben a un arame eléctrico.	3356
<b>GRANADAS de man ou de fusil.</b> Obxectos destinados a ser lanzados á man ou disparados cun fusil. O termo comprende: as GRANADAS de man ou de fusil con carga explosiva; as GRANADAS DE EJERCICIOS de man ou de fusil. O termo non comprende as granadas de fume, que se inclúen baixo MUNICIÓNS FUMÍXENAS.	0110, 0284, 0285, 0292, 0293, 0318, 0372, 0452
<b>HIDROCARBURO GASOSO COMPRIMIDO.</b> Gas de hidrocarburos sometidos a alta presión, pero non en estado líquido.	1964
<b>HIDROCARBURO GASOSO LICUADO.</b> Gas de hidrocarburos procedentes do gas natural ou da destilación do petróleo, que se licua mediante presión.	1965
<b>HIPOCLORITOS EN SOLUCIÓN.</b> Solucións acuosas que conteñen un hipoclorito soluble. As solucións varían dentro dunha ampla gama de concentración. As solucións son alcalinas e corrosivas, pero non son inflamables. Se a solución de hipoclorito se pon en contacto con ácidos fortes, ten lugar unha descomposición que produce gases nocivos do tipo do cloro.	1791
<b>IGNICIÓN, MEDIO DE.</b> Termo xenérico que se utiliza en relación co método aplicado para acender a candea deflagrante de substancias explosivas ou pirotécnicas (p. ex., cebos de cargas propulsoras, inflamadores de motores de foguete, mechas de ignición).	—

Termo e explicación	Números ONU, se corresponde
<b>INFLADORES DE BOLSAS INFLABLES, PIROTÉCNICOS OU MÓDULOS DE BOLSAS INFLABLES, PIROTÉCNICOS OU PRENTORES DE CINTOS DE SEGURIDADE, PIROTÉCNICOS.</b> Artigos que conteñen substancias pirotécnicas e se usan como bolsas inflables ou cintos de seguridade salvavidas en vehículos.	0503, 3268
<b>INFLAMADORES.</b> Obxectos que conteñen unha ou máis substancias explosivas, utilizados para provocar a deflagración dunha cadea de explosivos. Poden activarse química, eléctrica ou mecanicamente. Neste termo non se inclúen os seguintes artigos que figuran por separado: <b>CEBOS DO TIPO DE CÁPSULA, CEBOS TUBULARES, ACENDEDORES PARA MECHAS DE SEGURIDADE, MECHA DE COMBUSTIÓN RÁPIDA, MECHA DE IGNICIÓN, MECHA DE IGNICIÓN TUBULAR e MECHA INSTANTÁNEA NON DETONANTE.</b>	0121, 0314, 0315, 0325, 0454
<b>INICIACIÓN, MEDIO DE.</b> 1) Dispositivo destinado a producir a detonación dun explosivo (p. ex., detonadores, detonadores para municións, espoletas detonantes). 2) A expresión "co seu propio medio de iniciación" significa que o artefacto ten ensamblado o seu dispositivo de iniciación normal e que se considera que este dispositivo encerra un risco considerable durante o transporte, pero non o suficientemente alto como para ser inaceptable. Non obstante, a expresión non se aplica a un artefacto empacado xunto co seu medio de iniciación cando o dispositivo está empacado de modo de eliminar o risco de que o artefacto produza detonación no caso de activación accidental do dispositivo de iniciación. O medio de iniciación pode montarse no artefacto sempre que haxa mecanismos de protección que fagan improbable que o dispositivo produza a detonación do artefacto nas condicións de transporte. 3) Para fins de clasificación, todo medio de iniciación sen dous mecanismos de protección efectivos debería considerarse do grupo de compatibilidade B; un obxecto co seu propio medio de iniciación, sen dous mecanismos efectivos de protección, pertencería ao grupo de compatibilidade F. No entanto, un medio de iniciación que ten en si dous mecanismos de protección efectivos pertencería ao grupo de compatibilidade D; e un obxecto cun medio de iniciación con dous mecanismos de protección efectivos pertencería ao grupo de compatibilidade D ou E. Os medios de iniciación que se considere que teñen dous mecanismos de protección efectivos deberían estar aprobados pola autoridade nacional que corresponde. Unha maneira común e eficaz de lograr o nivel de protección necesario consiste en utilizar un medio de iniciación que incorpore dous ou máis mecanismos de seguridade independentes.	—
<b>ISOCIANATOS, N.E.N.P. ou ISOCIANATOS EN SOLUCIÓN, N.E.N.P.</b> Comprenden unha serie de produtos químicos utilizados para a fabricación de espumas de plástico, caucho sintético, etc. Algúns son suficientemente tóxicos ou lacrimóxenos como para clasificalos entre os artigos tóxicos, en particular os isocianatos puros. Outros talvez teñan que clasificarse como líquidos inflamables, segundo as súas características, e pode considerarse que algúns non están suxeitos a estas instrucións.	2206, 2478, 3080
<b>LÍQUIDO/SÓLIDO PIROFÓRICO, ORGÁNICO/INORGÁNICO.</b> Substancia que pode inflamarse ao quedar exposta ao aire á temperatura do ambiente ou menor, sen necesidade de verse exposta a calor, choque ou fricción.	2845, 2846, 3194, 3200
<b>MAGNESIO, SERRALLA DE.</b> Escamas, láminas, limaduras, raeduras, raspaduras ou labras resultantes do traballo mecánico, ou retrincos procedentes de finas láminas metálicas de magnesio. A serralla pode inflamarse por acción dunha chama externa e arde intensa e persistentemente. Non quece espontaneamente. A serralla pode ter un lustre metálico brillante ou mate, e ás veces ter pintada a superficie.	—
<b>MATERIA INTERMEDIA PARA CORANTES, N.E.N.P.</b> Composto cíclico que contén un radical amino, hidroxilo, ácido sulfónico ou quinona ou unha combinación destes grupos utilizados na fabricación de corantes.	1602, 2801
<b>MECHA.</b> Dispositivo de ignición ou de detonación en forma de cordón ou de tubo.	—
<b>MECHA DE COMBUSTIÓN RÁPIDA.</b> Obxecto que consiste en fibras téxtiles recubertas de pólvora negra ou outro composto pirotécnico de combustión rápida cun revestimento flexible de protección; ou ben consiste nun núcleo de pólvora negra recuberta dun tecido flexible. Arde con chama externa que avanza progresivamente en sentido lonxitudinal e úsase para transmitir a ignición dun dispositivo a unha carga ou cebo.	0066
<b>MECHA DE IGNICIÓN tubular, con envoltura metálica.</b> Obxecto que consiste nun tubo de metal cun núcleo de explosivo deflagrante.	0103
<b>MECHA DE SEGURIDADE.</b> Obxecto que consiste nun núcleo de pólvora negra de gran fino, recuberto dunha vaíña flexible de tecido e dun ou varios revestimentos de protección. Cando se acende arde a unha velocidade predeterminada sen efecto explosivo externo ningún.	0105
<b>MECHA DETONANTE con envoltura metálica.</b> Obxecto que consta dun núcleo de explosivo detonante aloxado nun tubo de metal brando con ou sen revestimento de protección. Cando o núcleo contén unha cantidade suficientemente pequena de explosivo, engáñense os termos "de efecto reducido".	0102, 0104, 0290
<b>MECHA DETONANTE flexible.</b> Obxecto que consta dun núcleo explosivo detonante recuberto de	0065, 0289

Termo e explicación	Números ONU, se corresponde
<p>tecido con revestimento de plástico ou outro material, a menos que o tecido sexa non cribante.</p> <p><b>MECHA DETONANTE PERFILADA FLEXIBLE.</b> Obxecto que consiste nun núcleo de explosivo detonante, de sección en V, aloxado nunha vaíña metálica flexible.</p>	0237, 0288
<p><b>MECHA INSTANTÁNEA NON DETONANTE (MECHA RÁPIDA).</b> Obxecto que consiste en fias de algodón impregnadas de pólvora negra fina (mestura rápida). Arde con chama externa e úsase nos cordóns de combustión para fogos artificiais, etc.</p>	0101
<p><b>MEDIO DE TRANSPORTE.</b> Vehículo de transporte tal como aeronave, barco, vehículo de estrada, motocicleta ou montacargas.</p>	
<p><b>MESTURA ANTIDETONANTE PARA CARBURANTES DE MOTORES.</b> Mestura dun ou máis compostos orgánicos de chumbo, tales como o chumbo tetraetilo, chumbo trietilmetilo, chumbo dietildimetilo, chumbo etiltrimetilo e chumbo tetrametilo, con un ou máis compostos halóxenos, tales como o dibromuro de etileno e o dicloruro de etileno.</p>	1649
<p><b>MESTURA ESTABILIZADA DE METILACETILENO E PROPADIENO.</b> Mestura gasosa inflamable que é razoablemente estable a temperaturas normais. Aínda cando se trata dun derivado do acetileno, este gas non se transporta disolto en líquido e os cilindros non necesitan un recheo absorbente.</p>	1060
<p><b>MINAS.</b> Obxectos que consisten normalmente en recipientes metálicos ou dun material composto e unha carga dispersora. Están destinados a funcionar ao paso de buques, vehículos ou persoal. O termo comprende os "torpedos bangalore".</p>	0136, 0137, 0138, 0294
<p><b>MOTOR DE PILA DE COMBUSTIBLE.</b> Véxase a parte 1;3.1.</p>	3166
<p><b>MOTORES DE AERONAVE.</b> Denominación xenérica para motores que propulsan aeronaves que se alimentan de líquidos inflamables (combustible de reactor, nafta, queroseno, etc.) e que se aplica aos deseños con émbolo, aos deseños con turbina e comprende os grupos auxiliares de enerxía (APU).</p>	3166
<p><b>MOTORES DE FOGUETE.</b> Obxectos que consisten nun combustible sólido, líquido ou hipergólico aloxado nun cilindro provisto dunha ou varias tubeiras. Serven para propulsar un foguete ou un mísil dirixido. O termo comprende:</p> <p>os MOTORES DE FOGUETE;</p> <p>os MOTORES DE FOGUETE QUE CONTEÑAN LÍQUIDOS HIPERGÓLICOS con ou sen carga expulsora; os MOTORES DE FOGUETE DE COMBUSTIBLE LÍQUIDO.</p>	0186, 0250, 0280, 0281, 0322, 0395, 0396
<p><b>MOTORES DE TURBINA.</b> Denominación xenérica que se aplica aos motores de turbina que se alimentan de líquidos inflamables, gases inflamables ou outros combustibles. Poden propulsar aeronaves de ás fixas, xiroavións, naviplanos (aircrafts), embarcacións, vehículos terrestres, bombas e instalacións xeradoras de enerxía.</p>	3166
<p><b>MULTIPLICADORES.</b> Obxectos que constan dunha carga de explosivo detonante con ou sen medios de iniciación. Úsanse para aumentar a forza de iniciación dos detonadores ou das mechas detonantes.</p>	0042, 0225, 0268, 0283
<p><b>MUNICIÓNS.</b> Termo xeral que se refire sobre todo aos obxectos de aplicación militar consistentes en todo tipo de bombas, granadas, foguetes, minas, proxectís e outros dispositivos ou artefactos semellantes.</p>	—
<p><b>MUNICIÓNS DE PROBA.</b> Municións que conteñen unha substancia pirotécnica, utilizadas para probar a eficacia ou a potencia de novas municións, compoñentes ou conxuntos de armas.</p>	0363
<p><b>MUNICIÓNS FUMIXENAS.</b> Munición que contén substancias fumixenas tales como ácido clorosulfónico en mestura, tetracloruro de titanio ou fósforo branco; ou unha composición pirotécnica fumixena baseada en hexacloretano ou fósforo vermello. Salvo cando a substancia é en si mesma un explosivo, a munición contén un ou máis dos seguintes elementos: unha carga propulsora con cebo e carga de inflamación; unha espoleta con carga dispersora ou carga expulsora. O termo comprende as granadas de fume, pero non inclúe os SINAIS FUMIXENOS, que se enumeran por separado. O termo comprende:</p>	0015, 0016, 0245, 0246, 0303
<p>as MUNICIÓNS FUMIXENAS, con ou sen carga dispersora, carga expulsora ou carga propulsora;</p> <p>as MUNICIÓNS FUMIXENAS DE FÓSFORO BRANCO con carga dispersora, carga expulsora ou carga propulsora.</p>	
<p><b>MUNICIÓNS ILUMINANTES con ou sen carga dispersora, carga expulsora ou carga propulsora.</b> Munición destinada a producir unha fonte única de luz intensa para iluminar unha zona. O termo comprende os cartuchos, granadas e proxectís iluminantes e as bombas iluminantes e para identificación de albos. O termo non inclúe os seguintes artigos, que se enumeran por separado:</p>	0171, 0254, 0297
<p>ARTIFICIOS MANUAIS DE PIROTECNIA PARA SINAIS, BENGALAS AÉREAS, BENGALAS DE SUPERFICIE, CARTUCHOS DE SINAIS, SINAIS DE SOCORRO.</p>	
<p><b>MUNICIÓNS INCENDIARIAS.</b> Munición que contén unha substancia incendiaria que pode ser un sólido, un líquido, ou un xel con fósforo branco. Salvo cando a composición é un explosivo en si mesma, tamén contén un ou máis dos seguintes elementos: unha carga propulsora con cebo e carga de inflamación, unha espoleta con carga dispersora ou con carga expulsora. O termo comprende:</p>	0009, 0010, 0243, 0244, 0247, 0300,
<p>as MUNICIÓNS INCENDIARIAS, en forma de líquido ou de xel, con carga dispersora, carga</p>	

Termo e explicación	Números ONU, se corresponde
<p>expulsora ou carga propulsora; as MUNICIÓNS INCENDIARIAS, con ou sen carga dispersora, carga expulsora ou carga propulsora; as MUNICIÓNS INCENDIARIAS DE FÓSFORO BRANCO, con carga dispersora, carga expulsora ou carga propulsora.</p>	
<p><b>MUNICIÓNS LACRIMÓXENAS con carga dispersora, carga expulsora ou carga propulsora.</b> Munición que contén unha substancia lacrimóxena. Contén tamén un ou máis dos seguintes elementos: unha substancia pirotécnica, unha carga propulsora con cebo e carga de inflamación, unha espoleta con carga dispersora ou carga expulsora.</p>	0018, 0019, 0301
<p><b>MUNICIÓNS PARA PRÁCTICAS DE TIRO.</b> Munición que carece de carga explosiva principal e contén unha carga dispersora ou carga expulsora. Normalmente contén tamén unha espoleta e unha carga propulsora. O termo non inclúe os seguintes artigos que se enumeran por separado: GRANADAS DE EJERCICIOS.</p>	0362, 0488
<p><b>MUNICIÓNS TÓXICAS con carga dispersora, carga expulsora ou carga propulsora.</b> Munición que contén un axente tóxico. Contén tamén un ou máis dos seguintes elementos: unha substancia pirotécnica, unha carga propulsora con cebo e carga de inflamación; unha espoleta con carga dispersora ou carga expulsora.</p>	0020, 0021
<p><b>OBXECTOS EXPLOSIVOS EXTREMADAMENTE INSENSIBLES (OBXECTOS EEI).</b> Obxectos que conteñen substancias extremadamente insensibles unicamente e que demostran unha probabilidade de iniciación ou propagación accidental insignificante (en condicións normais de transporte).</p>	0486
<p><i>Nota. Unha substancia extremadamente insensible é unha substancia que, aínda que sexa capaz de facer explosión, demostrou a través de ensaios que é tan insensible que existe moi pouca probabilidade de iniciación accidental.</i></p>	
<p><b>OBXECTOS PIROFÓRICOS.</b> Obxectos que conteñen unha substancia pirofórica (susceptible de inflamación espontánea en contacto co aire) e unha substancia ou compoñente explosivos. A expresión exclúe os artigos que conteñan fósforo branco.</p>	0380
<p><b>OBXECTOS PIROTÉCNICOS para usos técnicos.</b> Obxectos que conteñen substancias pirotécnicas e se empregan con fins técnicos, tales como a produción de calor, a produción de gas, efectos teatrais, etc. O termo non inclúe os seguintes artigos, que se enumeran por separado: todas as municións; ARTIFICIOS DE PIROTECNIA, ARTIFICIOS MANUAIS DE PIROTECNIA PARA SINAIS, BENGALAS AÉREAS, BENGALAS DE SUPERFICIE, CARGAS EXPLOSIVAS DE SEPARACIÓN, CARTUCHOS DE SINAIS, CISALLAS PIROTÉCNICAS, PETARDOS DE SINAIS PARA FERROCARRÍS, REMACHES EXPLOSIVOS, SINAIS DE SOCORRO, SINAIS FUMIXENOS.</p>	0428, 0429, 0430, 0431, 0432
<p><b>ÓXIDO DE FERRO ESGOTADO OU FERRO ESPONXOSO ESGOTADO.</b> Mestura de labra de madeira con óxido de ferro e posiblemente con cal ou outra materia, obtida da purificación do gas de hulla despois de saturada con xofre. Esta materia residual é moi propensa ao quecemento e inflamación espontáneos.</p>	1376
<p><b>PELÍCULA DE SOPORTE NITROCELULÓSICO.</b> Tipo de película composto principalmente de nitrocelulosa. Como tal, ten unha temperatura de inflamación baixa e arde rapidamente ao inflamarse, emitindo gases que son tóxicos. Cando a película é nova e se encontra en bo estado, é razoablemente estable e non presenta riscos de quecemento nin combustión espontáneas. As películas que se deterioraron considerablemente vólvense moi inestables e presentan o risco de quecemento espontáneo salvo que se conserven en auga.</p>	1324
<p><b>PILA DE COMBUSTIBLE.</b> Véxase a parte 1;3.1.</p>	
<p>+ <b>PILA DE LITIO.</b> Unidade electroquímica contida nunha caixa (cun eléctrodo positivo e outro negativo) que presenta unha diferenza de tensión entre os seus dous bornes. De conformidade coas presentes instrucións e o <i>Manual de probas e criterios das Nacións Unidas</i>, e na medida en que a unidade electroquímica contida na caixa cumpra a definición de "pila" que figura neles, considérase unha "pila" e non unha "batería", independentemente de que a unidade se denomine "batería" ou "batería dunha soa pila" fóra das presentes Instrucións ou do <i>Manual de probas e criterios das Nacións Unidas</i>.</p>	3090, 3091, 3480, 3481
<p><b>PILAS QUE CONTEÑEN SODIO.</b> Obxectos compostos dun estoxo metálico hermeticamente selado que envolve completamente as mercadorías perigosas e que pola súa construción e deseño impide o seu escape en condicións normais de transporte. Ademais das pilas de sodio, nesta entrada considéranse tamén as que conteñen xofre, pero ningunha outra mercadoría perigosa. Aínda que polo seu deseño e función estas pilas están destinadas a proporcionar unha fonte de enerxía eléctrica, son electricamente inertes a calquera temperatura a que permanece en estado sólido o sodio contido nelas.</p>	3292
<p><b>PIROXILINA EN SOLUCIÓN.</b> Piroxilina (nitrocelulosa) ou algodón soluble disolto en acetato de amilo ou noutros disolventes orgánicos. A piroxilina en solución utilízase como base para a fabricación de</p>	—

<i>Termo e explicación</i>	<i>Números ONU, se corresponde</i>
lacas, compostos para revestimento de coiros, coiros artificiais, colas, etc. Xeralmente é máis viscosa que as lacas normais.	
<b>POLÍMEROS EXPANSIBLES, EN GRÁNULOS.</b> Produtos semielaborados, utilizados para manufacturar artigos a base de polímeros, que foron impregnados dun gas ou líquido inflamable como espumóxeno. Poden desprender pequenas cantidades de gas inflamable, durante o seu transporte.	2211
<b>PO ARSENICAL.</b> Pos metalúrxicos que conteñen grandes doses de arsénico. Estes pos son perigosos debido ás súas características tóxicas.	1562
<b>PÓLVORA DE ILUMINACIÓN.</b> Substancia pirotécnica que ao acenderse produce unha luz intensa.	0094, 0305
<b>PÓLVORA NEGRA.</b> Substancia que consiste nunha mestura íntima de carbón vexetal ou doutro tipo e nitrato potásico ou sódico, con ou sen xofre. Pode presentarse en pasta, en grans, comprimida ou en grans moi grosos.	0027, 0028
<b>PÓLVORA SEN FUME.</b> Substancia baseada na nitrocelulosa utilizada como explosivo propulsor. Entran nesta categoría os propulsores de base única [soamente nitrocelulosa (NC)], os de dobre base [como os compostos de NC e nitroglicerina (NG)] e os de tripla base (NC/NG/nitroguanidina). As cargas de pólvora sen fume fundidas, comprimidas ou en sacos figuran como CARGAS PROPULSORAS OU CARGAS PROPULSORAS PARA ARTILLARÍA.	0160, 0161
<b>POTASIO E SODIO, ALIAXES DE.</b> Mesturas de sodio e de potasio metálicos que son sólidas a temperaturas ordinarias. Todas as mesturas, independentemente do seu estado físico, reaccionan fortemente coa auga e poden inflamarse espontaneamente. Estas mesturas son combustibles.	1422
<b>PROPULSORES.</b> Explosivos deflagrantes que se utilizan para propulsar ou reducir a resistencia dos proxectís.	—
<b>PROPULSOR LÍQUIDO.</b> Substancia que contén un explosivo líquido deflagrante e que se utiliza para propulsión.	0495, 0497
<b>PROPULSOR SÓLIDO.</b> Substancia que contén un explosivo sólido deflagrante e que se utiliza para propulsión.	0498, 0499
<b>PROXECTÍS.</b> Obxectos do tipo dunha granada ou unha bala, lanzados por un canón ou outra peza de artillaría, un rifle ou outra arma de pequeno calibre. Poden ser inertes con ou sen rastrexador, ou conter unha carga dispersora ou expulsora ou unha carga explosiva. O termo comprende: os PROXECTÍS inertes con rastrexador; os PROXECTÍS con carga dispersora ou carga expulsora; os PROXECTÍS con carga explosiva.	0167, 0168, 0169, 0324, 0344, 0345, 0346, 0347, 0424, 0425, 0426, 0427, 0434, 0435
<b>SEDIMENTOS ÁCIDOS.</b> Residuos ácidos resultantes da refinación dos aceites minerais ou dos procesos de nitración. Xeralmente presentan, máis ou menos, os mesmos riscos que o ácido orixinal.	1906
<b>SILICOLITIO.</b> Aliaxe de litio metálico e silicio utilizada na industria.	1417
<b>SINAIS.</b> Obxectos que conteñen substancias pirotécnicas destinadas a emitir sinais sonoros, chamas, fume ou calquera combinación destes efectos. O termo comprende: os ARTIFICIOS MANUAIS DE PIROTECNIA PARA SINAIS; os SINAIS DE SOCORRO para barcos; os PETARDOS DE SINAIS PARA FERROCARRÍS; os SINAIS FUMIXENOS.	0191, 0192, 0193, 0194, 0195, 0196, 0197, 0313, 0373, 0487, 0492, 0493
<b>SOLUCIÓNS DE REVESTIMENTO.</b> Produtos tales como as camadas de imprimación para automóviles, materiais para revestimento de bidóns ou barrís, etc., que non poden considerarse propiamente como colas, pero que presentan riscos similares para o seu transporte. Xeralmente conteñen disolventes inflamables.	1139
<b>SUBPRODUTOS DO PROCESAMENTO DO ALUMINIO.</b> Substancia que consiste en espuma de aluminio virxe e que se encontra na superficie do metal de aluminio fundido impuro.	3170
<b>SUCEDÁNEO DE TEREINTINA.</b> Destilado do petróleo que pode conter algúns ingredientes aromáticos e que habitualmente ten un punto de inflamación duns 40°C. Augarrás mineral é un sinónimo de sucedáneo de terebintina.	1300
<b>SULFURO POTÁSICO ANHIDRO.</b> Sólido de color avermellado, de forte cheiro. É higroscópico e oxídase espontaneamente ao contacto co aire. Pode producir combustión espontánea se o produto non está debidamente embalado.	1382
<b>SULFURO SÓDICO ANHIDRO.</b> Sólido amarelo ou avermellado, de forte cheiro. É higroscópico e oxídase espontaneamente en contacto co aire. Pode producirse combustión espontánea se o produto non está debidamente embalado.	1385



---

<i>Termo e explicación</i>	<i>Números ONU, se corresponde</i>
≠ <b>SUBSTANCIA EXPLOSIVA EXTREMADAMENTE INSENSIBLE (SEI).</b> Substancia que demostrou mediante ensaios un nivel de insensibilidade tal que a probabilidade de iniciación accidental é moi escasa.	—
<b>SUBSTANCIAS EXPLOSIVAS MOI INSENSIBLES N.E.N.P. (SUBSTANCIAS EMI).</b> Substancias que presentan un risco de explosión masiva pero que son tan insensibles que existe moi pouca probabilidade de iniciación ou transición de combustión a detonación (en condicións normais de transporte) e que pasaron con éxito a serie de probas 5.	0482
<b>TORPEDOS.</b> Obxectos que conteñen un sistema de propulsión explosivo ou non explosivo e destinados a ser impulsados pola auga. Conteñen unha cabeza inerte ou unha cabeza de guerra. O termo comprende: os TORPEDOS DE COMBUSTIBLE LÍQUIDO con cabeza non explosiva; os TORPEDOS DE COMBUSTIBLE LÍQUIDO con ou sen carga explosiva; os TORPEDOS con carga explosiva.	0329, 0330, 0449, 0450, 0451
<b>RASTREXADORES PARA MUNICIÓNS.</b> Obxectos selados que conteñen substancias pirotécnicas, destinados a mostrar a traxectoria dun proxectil.	0212, 0306
<b>ISCAS SÓLIDAS.</b> Xeralmente feitas de turba, labras de madeira ou serraduras e dun líquido inflamable.	2623

---

## Adxunto 3

### DISCREPANCIAS NOTIFICADAS CON RESPECTO ÁS INSTRUCCIÓNS

## Capítulo 1

### DISCREPANCIAS NOTIFICADAS POLOS ESTADOS

1.1 En 2.2.1 do anexo 18 dispónse que todo Estado contratante tomará as medidas necesarias para o cumprimento das disposicións detalladas contidas nas presentes instrucións técnicas. Non obstante, o parágrafo 2.5 do anexo 18 exige que cando un Estado contratante adopte disposicións que difiran das previstas nas presentes instrucións técnicas as notifique sen dilación á OACI para que esta poida publicalas nas Instrucións técnicas.

1.2 Aquelas discrepancias que os Estados notificaron á OACI antes do 31 de xullo de 2012 aparecen na táboa A-1. As discrepancias dos Estados, a menos que resulten evidentes polo contexto, aplícanse como segue:

- a) cando as discrepancias constitúen disposicións máis estritas que as sinaladas nestas instrucións, aplícanse ao transporte de mercadorías perigosas por vía aérea:
  - 1) cara a, desde ou a través de todo o territorio de soberanía do Estado que as notificou, por parte de todos os explotadores; e
  - 2) fóra do territorio do Estado que as notificou, por parte de todos os explotadores para os cales ese Estado sexa o Estado do explotador;
- b) cando as discrepancias constitúen disposicións menos estritas que as sinaladas nestas instrucións, soamente se inclúen a título informativo e poden aplicarse unicamente dentro do territorio do Estado que as notificou, por parte dos explotadores para os cales ese Estado sexa o Estado do explotador.

1.3 Nas presentes instrucións indicouse a clave de identificación de cada Estado baixo o título do capítulo ou capítulos principalmente afectados. Cando as discrepancias estatais se aplican a determinados artigos ou substancias, a clave de identificación figura na columna 6 da táboa 3-1, na liña correspondente a cada denominación do artigo expedido.

1.4 A táboa de discrepancias estatais (táboa A-1) baséase nos datos proporcionados polos Estados interesados. Esta táboa preséntase exclusivamente a título informativo e todo outro detalle debe solicitarse á dependencia governamental que corresponda.

1.5 Se un Estado non pode aterse aos novos requisitos que figuran nesta edición das Instrucións, debería notificalo á OACI utilizando o formulario que figura ao final deste capítulo. Se esas discrepancias se reciben antes do 15 de abril de 2013, aparecerán na Addenda que se publicará en maio de 2013.

1.6 Os Estados que figuran a seguir notificaron discrepancias:

Alemaña — DE	Países Baixos — NL
Arabia Saudita — SA	Pakistán — PK
Australia — AU	Polonia — PL
Bélxica — BE	Reino Unido — GB
Brasil — BR	República Kirguisa — KG
Brunei Darussalam — BN	República Popular Democrática de Corea — KP
Canadá — CA	Romanía — RO
China — CN	Singapur — SG
Hong-Kong — HK, Rexión administrativa especial – China	Sri Lanka — VC
Macau — MO, Rexión administrativa especial – China	Sudáfrica — ZA
Croacia — HR	Suíza — CH
Dinamarca — DK	Turquía — TR
Emiratos Árabes Unidos — AE	Ucraina — UA
España — E	Vanuatu — VU
Estados Unidos — US	
Federación de Rusia — RU	
Fiji — DQ	
Francia — FR	
India — IN	
Irán (República Islámica do) — IR	
Italia — IT	
Xamaica — JM	
Xapón — JP	
Luxemburgo — LU	
Malasia — MY	
Omán — OM	

**Táboa A-1. Discrepancias estatais**

A clave de identificación correspondente a cada discrepancia estatal consta dun identificador de dúas letras que sinala o Estado e un número de serie. As discrepancias enúnciáanse na orde alfabética correspondente a esas claves de identificación. Para cada discrepancia indícanse os respectivos números da parte e capítulo ou parágrafo en que se menciona.

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
<b>AE — EMIRATOS ÁRABES UNIDOS</b>		
AE 1	O transporte de mercadorías perigosas cara a, desde ou dentro dos Emiratos Árabes Unidos debe estar supeditado ao cumprimento das disposicións das presentes instrucións e á Regulamentación de aviación civil dos Emiratos Árabes Unidos. Para obter un exemplar da Regulamentación de aviación civil dos Emiratos Árabes Unidos é preciso dirixirse ao sitio web da Administración xeral de aviación civil (GCAA): <a href="http://www.gcaa.ae">www.gcaa.ae</a> .	
AE 2	Os axentes de carga e os expedidores de carga que aceptan e tramitan mercadorías perigosas para o seu transporte por vía aérea deben asegurarse de contar en todo momento cun mínimo de dous membros do persoal con certificación en mercadorías perigosas da Administración xeral de aviación civil (GCAA), para encargarse dos correspondentes envíos. Esta condición é un requisito previo para que a GCAA aprobe a solicitude do expedidor de mercadorías perigosas ou para a renovación de certificados. Os axentes de manipulación en terra deben aceptar mercadorías perigosas unicamente dos axentes de carga ou expedidores de carga que contan coa certificación da GCAA, por conduto de persoal capacitado e cualificado para aceptar mercadorías perigosas, conforme a táboa 1-4 das presentes instrucións (táboa 1.5.A da Regulamentación sobre mercadorías perigosas da IATA).	1;4
AE 3	A solicitude para transportar mercadorías perigosas en virtude das disposicións especiais A1, A2 ou outras dispensas estatais ou aprobacións das autoridades competentes debe presentarse á Sección de Seguridade e Protección do Departamento de Seguridade e Infraestrutura da GCAA como mínimo cinco días laborables antes do voo previsto. O enderezo e indicacións para comunicarse son os seguintes:  Department of Security and Infrastructure Safety and Security Section P.O. Box 6558 Abu Dhabi United Arab Emirates Fax: +971 2 4054461, +971 4 2111502 Correo-e: <a href="mailto:dangerousgoods@gcaa.ae">dangerousgoods@gcaa.ae</a>	1;1
AE 4	O explotador é o responsable de coordinar co expedidor e co consignatario a devolución ao Estado de orixe de toda mercadoría perigosa que quede sen reclamar, que estea danada e/ou que presente fugas, cando reciba da GCAA instrucións ao respecto.	7;3
AE 5	Os envíos de mercadorías perigosas cara a, desde, dentro ou en tránsito polos Emiratos Árabes Unidos deben incluír a información de resposta de emerxencia que se describe a seguir.  O documento de transporte (declaración do expedidor para mercadorías perigosas) debe incluír un número de teléfono de resposta de emerxencia de 24 horas, cos indicativos internacionais e interurbanos, ao cal chamar en caso de incidentes ou accidentes relacionados con mercadorías perigosas. Este número debe ser atendido por unha persoa coa cal sexa posible contactar en caso de emerxencia e que:  1) poida comunicarse en inglés; 2) coñeza os riscos e as características das mercadorías perigosas que se transportan; 3) conte con información completa de resposta de emerxencia e atenuación de accidentes en relación coas mercadorías perigosas, ou teña acceso inmediato á persoa que posúe ese coñecemento e información.  (Véxase 5;4 e 7;4 das presentes instrucións e os parágrafos 8.1.6.11, 9.5.1 e 10.8.3.11 da Regulamentación sobre mercadorías perigosas da IATA).	5;4
AE 6	A lista de verificación para a aceptación de mercadorías perigosas debe reflectir os requisitos pertinentes contidos nas Instrucións e na Regulamentación de mercadorías perigosas da IATA máis recentes.	7;1.3

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
AE 7	<p>Antes de enviar material radioactivo cara a, desde e vía os Emiratos Árabes Unidos, deben obterse permisos de importación, exportación e/ou tránsito no Departamento de seguridade en materia de radiación da Autoridade Federal de Regulamentación Nuclear (FANR). A información para comunicarse co Departamento de control e protección contra radiación dos Emiratos Árabes Unidos é a seguinte:</p> <p>Federal Authority for Nuclear Regulation P.O. Box 112021 Abu Dhabi United Arab Emirates Teléfono: +971 2 651 6644 Fax: +971 2 651 6661 Sitio web: <a href="http://www.fanr.gov.ae">www.fanr.gov.ae</a></p>	5;4
AE 8	Os explotadores de servizos aéreos poden transportar mercadorías perigosas cara a, desde e vía os Emiratos Árabes Unidos sempre que contén coa aprobación da autoridade de aviación civil do seu Estado de orixe para transportalas.	1;1
AE 9	Para as armas e municións, explosivos e toda outra mercadoría perigosa da clase 1 cuxo destino sexan os Emiratos Árabes Unidos ou se se trata de transbordos, requírese permiso do Ministerio do Interior (notificación con 48 horas de anticipación, como mínimo, antes de expedir o envío). As armas e municións soamente poden importarse cunha licenza que debe obterse no Ministerio de Defensa dos Emiratos Árabes Unidos antes de expedir o envío.	
<b>AU — AUSTRALIA</b>		
<p>A autoridade nacional australiana con respecto ao anexo 18 e a autoridade competente con respecto ás presentes instrucións é a seguinte:</p> <p>Civil Aviation Safety Authority (CASA) GPO Box 2005 Canberra ACT 2601 Australia Correo-e: <a href="mailto:dg@casa.gov.au">dg@casa.gov.au</a> Teléfono: +61 131757 Fax: +61 2 6217 1300 Sitio web: <a href="http://www.casa.gov.au/dg">www.casa.gov.au/dg</a></p>		
AU 1	As mercadorías perigosas para as cales se require aprobación segundo as disposicións especiais A1 ou A2 das Instrucións técnicas poderán transportarse unicamente en aeronaves de pasaxeiros ou de carga en territorio australiano coa aprobación da Civil Aviation Safety Authority (CASA). As solicitudes de aprobación deben presentarse á CASA como mínimo 10 días antes do voo previsto.	Táboa 3-1 3;3
AU 2	<p>Importación e/ou exportación de material radioactivo a Australia</p> <p>Para importar ou exportar material radioactivo requírese un permiso que pode obterse solicitándoo ao organismo australiano de protección contra a radiación e seguridade nuclear [Australian Radiation Protection and Nuclear Safety Agency (ARPANSA)]. Existen dúas categorías de permisos de importación: unha que se aplica aos radioisótopos médicos e outra aos radioisótopos non médicos. Está prohibido importar refugallo radioactivos a Australia.</p> <p>Para obter información e formularios de solicitude é preciso dirixirse ao sitio web de ARPANSA a:</p> <p><a href="http://www.arpansa.gov.au">http://www.arpansa.gov.au</a></p> <p>As solicitudes e consultas deben enviarse a:</p> <p>Import/Export Permits Officer - ARPANSA P.O. Box 655 Miranda NSW 1490 Australia</p>	Táboa 3-1 3;3

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
	<p>Teléfono: +61 2 9541 8333            Fax: +61 2 9541 8314            Correo-e: <a href="mailto:info@arpana.gov.au">info@arpana.gov.au</a></p>	
AU 3	<p>Está prohibido introducir en Australia substancias infecciosas, salvo produtos compostos de sangue humano, urina humana e tecido humano, sen aprobación previa da Administración de Sanidade australiana. As solicitudes de aprobación deben dirixirse a:</p> <p>Australian Quarantine and Inspection Service            Department of Agriculture, Fisheries and Forestry            GPO Box 858            Canberra, ACT 2601            Australia            Teléfono: +61 2 6272 3933            Sitio web: <a href="http://www.aqis.gov.au">http://www.aqis.gov.au</a></p>	Táboa 3-1
AU 4	<p>Para os fins de cumprimento de 7;4.6, a notificación en caso de incidentes relacionados con mercadorías perigosas debe transmitirse á Civil Aviation Safety Authority (CASA) dentro dun prazo de dous días laborables. Esta notificación non substitúe a que se require en virtude do anexo 13, é dicir, precísase ademais dela.</p>	7;4.6
AU 5	<p>Cando, consonte as presentes instrucións, se permite o transporte de vultos de mercadorías perigosas tanto en aeronaves de pasaxeiros como de carga e os vultos levan a etiqueta "Exclusivamente en aeronaves de carga" de conformidade con discrepancias notificadas polos Estados (por exemplo, US 2, US 10, US 13, etc.), os vultos poden transportarse tanto en aeronaves de pasaxeiros como de carga dentro de Australia despois do primeiro porto de descarga dos vultos en Australia, pero nestas circunstancias debe retirarse a etiqueta "Exclusivamente en aeronaves de carga". O explotador, o expedidor ou o axente do explotador ou expedidor poden retirar a etiqueta "Exclusivamente en aeronaves de carga". O expedidor debe proporcionar o documento de transporte de mercadorías perigosas apropiado cos vultos e, cando corresponde, a carta de porte aéreo (ou nota de envío), preparados de conformidade coas presentes instrucións para o transporte dos vultos tanto en aeronaves de pasaxeiros como de carga dentro de Australia. Cando se aplican as disposicións de AU 05, o explotador debe completar unha verificación para a aceptación de acordo con 7;1 antes de continuar o transporte dos vultos a bordo dunha aeronave dentro de Australia.</p>	5;3 5;4 7;1
<b>BE — BÉLXICA</b>		
BE 1	<p>Definición de "substancia explosiva": no sentido da regulamentación belga, considérase explosiva toda substancia que poida utilizarse polas súas propiedades explosivas, deflagrantes ou pirotécnicas.</p>	1;3.1
BE 2	<p>Non pode efectuarse transporte ningún de explosivos por vía aérea desde, cara a ou no interior de Bélxica senón en virtude dunha autorización do ministro que teña ao seu cargo o servizo de explosivos, quen pode conceder dispensas con respecto aos modos de embalaxe.</p>	1;1.2 2;1.5 4;3
	<p>Soamente se admiten as solicitudes presentadas por persoas físicas ou xurídicas que teñan a súa residencia ou sede en Bélxica. En caso contrario, o solicitante debe recorrer a un representante responsable, residente en Bélxica e aprobado por resolución ministerial; poden obterse informacións ao respecto dirixíndose a:</p> <p>Service des Explosifs            Ministère des Affaires Économiques            Konig Albert II-iaan 16            1000 Bruxelles            Teléfono: 322 206 4111            Fax: 322 206 5752</p>	
	<p>A autorización de transporte que se mencionou anteriormente está subordinada ademais á conformidade da Administración de:</p> <p>Aviación civil belga            Ministerio de Comunicacions e Infraestrutura, CCN            rue du Progrès 80            1030 Bruxelles            Teléfono: 322 206 3211            Fax: 322 206 3290</p>	

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
	<p>Estas diversas disposicións teñen sanción xurídica na regulamentación xeral belga sobre os explosivos (Decreto real do 23 de setembro de 1958, emendado), onde se estipula igualmente que a autorización de transporte por vía aérea soamente se concede na práctica para cada ocasión, salvo no que se refire aos produtos considerados en Bélxica como municións de seguridade ou como artificios de pirotecnia, para os cales pode outorgarse, en principio, unha autorización que cubra varios envíos nun lapso dado.</p> <p>Advirtase que, tanto se se trata dunha importación como dunha exportación, ou mesmo dun tránsito realizado parcialmente por vía terrestre, todo transporte que derive dunha autorización válida para cada caso require unha solicitude previa en que conste o itinerario completo, mesmo a vía terrestre.</p>	
BE 3	Estas substancias enumeradas na táboa 3-1, na cal aparece "BE 3" na columna 6, defínense como "substancias explosivas" e están sometidas ás condicións da discrepancia BE 2.	Táboa 3-1
BE 4	<p>Requírese autorización previa de:</p> <p>Axencia Federal de Control Nuclear Ravensteinstraat 36 1010 Bruxelles Teléfono: 322 289 2111 Fax: 322 289 2121 correo-e: info@fanc.fgov.bc</p> <p>Para o transporte desde, cara a ou no interior de Bélxica de material radioactivo e de material fisionable cuxas cantidades excedan os límites de actividade definidos no Regulamento xeral de protección da poboación dos traballadores e o ambiente contra o perigo das radiacións ionizantes (Decreto real do 20 de xullo de 2001). A autorización de transporte por vía aérea está subordinada ademais á conformidade de:</p> <p>Administración de aviación civil belga Ministerio de Comunicacions e Infraestrutura, CNN rue du Progrès 80 1030 Bruxelles</p> <p>O transporte en aeronaves que sobrevoen o territorio do Reino de Bélxica, de:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1) material radioactivo fisionable, segundo se define no Doc 9284 da OACI, 2;7.1 en cantidades que excedan os límites prescritos en 2;7.2.3.5; e</li> <li>2) material radioactivo <ul style="list-style-type: none"> <li>— en vultos do tipo B(U) que conteñan máis de 3 000 A<sub>1</sub> ou 3 000 A<sub>2</sub> ou 1 000 TBq, dos tres, o que sexa inferior; ou</li> <li>— en vultos do tipo B(M); ou</li> <li>— en vultos do tipo C que conteñan máis de 3000 A<sub>1</sub> ou 3000 A<sub>2</sub> ou 1000 TBq, dos tres, o que sexa inferior; ou</li> <li>— transportado en virtude dun arranxo especial</li> </ul> </li> </ol> <p>non se aceptará sen previa autorización da Administración de aviación civil belga.</p>	<p>1;1.2 2;7 5;1.2.2</p>
BE 5	Os requisitos seguintes aplícanse ás aeronaves con matrícula:	1;1.2
	<ol style="list-style-type: none"> <li>a) de Bélxica, independentemente do lugar onde están realizando operacións; e</li> <li>b) dun Estado que non sexa Bélxica e ás cales se exige operar dentro dos límites e de conformidade co anexo III do Regulamento do Consello (CE) núm. 3922/1991 do 16 de decembro de 1991 sobre a harmonización de normas técnicas e procedementos administrativos aplicables á aviación civil ("EU-OPS"), cando están realizando operacións en Bélxica.</li> </ol>	

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
	<p>As aeronaves soamente poden transportar mercadorías perigosas con aprobación previa da autoridade de aviación civil. O transporte desas mercadorías debe axustarse ás Instrucións técnicas da OACI. A solicitude para obter unha autorización xeral ou especial debe dirixirse a:</p> <p>Belgian Civil Aviation Authority Operations Department — Dangerous Goods CCN — 2nd Floor Vooruitgangstraat 80 — Bus 5 B-1030 Brussels Belgium Teléfono: +32 2 277 43 58 Fax: +32 277 42 57 Correo-e: <a href="mailto:koenraad.clerbout@mobiliteit.fgov.be">koenraad.clerbout@mobiliteit.fgov.be</a></p> <p>Esta discrepancia non se aplica:</p> <p>a) ás aeronaves con matrícula dun Estado que non sexa Bélxica e ás cales non se exige operar dentro dos límites e de conformidade con EU-OPS, sempre que se conte cunha aprobación outorgada por ese Estado e un exemplar dela se presente á autoridade de aviación civil de Bélxica;</p> <p>b) ás mercadorías perigosas cando explotadores estranxeiros sobrevoan o territorio de Bélxica, salvo que doutro modo se especifique nas Instrucións técnicas da OACI e sempre que o explotador en cuestión teña autorización do seu Estado de matrícula para transportar mercadorías perigosas de conformidade coas disposicións das presentes instrucións; ou</p> <p>c) ao transporte de xeo seco (dióxido de carbono sólido), ONU 1845, cando se utiliza con fins de refrixerante en combinación con mercadorías que non están suxeitas ás presentes instrucións. Todos os demais requisitos das presentes instrucións con respecto ao transporte de xeo seco seguen aplicándose.</p>	
	<b>BN — BRUNEI DARUSSALAM</b>	
BN 1	Negara Brunei Darussalam optou por utilizar o inglés en toda documentación e correspondencia relativas ao transporte de mercadorías perigosas por vía aérea. Empregaranse as versións inglesas do anexo 18 e das Instrucións técnicas.	5;4
	<b>BR — BRASIL</b>	
BR 1	A autoridade nacional brasileira con respecto ao anexo 18 e a autoridade competente con respecto ás presentes instrucións é a seguinte:	
	<p>Agência Nacional de Aviação Civil (ANAC) Superintendência de Segurança Operacional — SSO Gerência Técnica de Artigos Perigosos — GTAP Av. Presidente Vargas 850 — 12º andar Cep.: 20.071-001 Centro Rio de Janeiro Brazil Correo-e: <a href="mailto:artigo.perigoso@anac.gov.br">artigo.perigoso@anac.gov.br</a> Teléfono: +55 21 3501-5526</p>	
BR 2	O transporte de mercadorías perigosas cara a, desde ou dentro do Brasil debe estar supeditado ao cumprimento das disposicións das presentes instrucións e a regulamentación de aviación civil do Brasil. Para obter un exemplar de toda a regulamentación nacional é preciso dirixirse ao sitio web seguinte:	
	<a href="http://www.anac.gov.br/cargaarea">www.anac.gov.br/cargaarea</a> .	



Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
BR 3	Os explotadores de servizos aéreos que transportan mercadorías perigosas deben presentar un informe mensual de todas as mercadorías perigosas transportadas desde ou dentro do Brasil para o décimo día laborable do mes seguinte o máis tardar. Para obter máis información e un formulario para o informe, é preciso dirixirse ao sitio web: <a href="http://www.anac.gov.br/cargaaerea">www.anac.gov.br/cargaaerea</a> .	5;4
BR 4	As mercadorías perigosas para as que se require dispensa ou aprobación conforme as Instrucións técnicas poden transportarse en aeronaves de pasaxeiros ou de carga cara a, desde ou dentro do Brasil coa aprobación da Administración Nacional de Aviación Civil (ANAC). As solicitudes deben presentarse como mínimo 15 días antes do voo previsto para as aprobacións e 60 para as dispensas. Para obter máis información e un formulario de solicitude, é preciso dirixirse ao sitio web: <a href="http://www.anac.gov.br/cargaaerea">www.anac.gov.br/cargaaerea</a> ou ao enderezo de correo-e: <a href="mailto:artigo.perigoso@anac.gov.br">artigo.perigoso@anac.gov.br</a> .	1;1
≠ BR 5	Para o transporte de mercadorías perigosas con orixe en Brasil debe utilizarse o formulario da declaración de mercadorías perigosas do expedidor proporcionada na Instrución suplementaria IS 175-001. Pode empregarse un formulario aberto en lugar do formulario en columnas, sempre que se proporcione toda a información na declaración de mercadorías perigosas do expedidor. Así mesmo, permítense os datos electrónicos xa que poden reproducirse en formato impreso, se as autoridades brasileiras os solicitan.	5;4
≠ BR 6	Para todo o transporte do interior en territorio brasileiro, permítense utilizar o idioma portugués ou o inglés nas marcas de mercadorías perigosas, salvo a denominación do artigo expedido, que debe figurar en inglés. O inglés debe utilizarse en todas as marcas e nos documentos de transporte de mercadorías perigosas para o transporte internacional en territorio brasileiro, ademais dos idiomas exixidos polos Estados de tránsito e destino. A información do documento de transporte pode figurar en portugués ademais da información en inglés.	5;2 5;4
BR 7	Na lexislación nacional do Brasil especificase que os requisitos de instrución están descritos na Instrución suplementaria IS 175-002. Todos os empregados que traballan en territorio brasileiro deben recibir instrución conforme esta instrución. Para obter un exemplar, é preciso dirixirse ao sitio web: <a href="http://www.anac.gov.br/cargaaerea">www.anac.gov.br/cargaaerea</a> .	1;4
BR 8	O transporte de material radioactivo desde ou dentro do Brasil está supeditado á aprobación da Comisión nacional de enerxía nuclear (CNEN): CNEN — Transport Safety Service Rua General Severiano, 90/401 Postal Code: 22.290-900 Tel: +55-21-2173-2308 Correo-e: <a href="mailto:nbruno@cnen.gov.br">nbruno@cnen.gov.br</a> Sitio web: <a href="http://www.cnen.gov.br">www.cnen.gov.br</a>	1;6 5;4

**CA — CANADÁ**

Toda consulta relativa á aplicación das discrepancias CA 1, CA 2 ou CA 3 debe dirixirse a:

Canadian Nuclear Safety Commission  
Transport Licensing and Strategic Support Division  
Directorate of Nuclear Substance Regulation  
P.O. Box 1046 — Station B  
280 Slater Street  
Ottawa, Ontario  
Canada K1P 5S9  
Teléfono: chamada gratuita, Canadá unicamente: 1-800-668-5284  
Teléfono: (613) 995-5894  
Fax: (613) 995-5086  
Correo-e: [transport@cnsccsn.gc.ca](mailto:transport@cnsccsn.gc.ca)

CA 1	Non poden transportarse en aeronaves que saian de Canadá ou sobrevoen o seu territorio os materiais radioactivos fisionables, calquera que sexa a cantidade, sen autorización previa.	2;7, 4;9, 5;1, 5;3, 6;7, 7;1, 7;2
------	---	---

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
CA 2	“Tipo BI-1” e “tipo BI-2” segundo se prescribe en 4;9.2.4 para material BAE e OCS “en condicións de uso non exclusivo” substituirase por “tipo BI-3”.	4;9.2.4
CA 3	Os vultos do tipo B(U) de material radioactivo deberán ser aprobados pola Comisión de seguridade nuclear do Canadá.	2;7, 6;7
CA 4	Ademais do regulamento sobre transporte de mercadorías perigosas e as Instrucións técnicas da OACI, o transporte por vía aérea de material radioactivo cara a, desde ou dentro do Canadá está suxeito ás disposicións do regulamento de embalaxe e transporte de substancias nucleares elaborado pola Comisión canadense de seguridade nuclear.	2;7, 4;9, 5;1, 5;2, 5;3, 5;4, 6;7, 7;1, 7;2, 7;3, 7;4
CA 5	En Canadá non se permite o envío de substancias infecciosas por correo. As substancias deben cumprir con todos os requisitos de documentación e etiquetas, mesmo os expostos en 1;2.3 das presentes instrucións.	1;2.3
CA 6	O transporte de mercadorías perigosas por vía aérea cara a, desde ou dentro de Canadá está suxeito ao previsto no Regulamento sobre o transporte de mercadorías perigosas e nas Instrucións técnicas da OACI, como se indica no citado regulamento. As solicitudes para obter un exemplar do documento <i>Transportation of Dangerous Goods Regulations of Canada</i> (Regulamento canadense sobre o transporte de mercadorías perigosas) (Doc núm. RE-4631), en forma impresa, informatizada ou en microficha, deberán dirixirse a: Canada Communication Group — Publishing Ottawa, Ontario Canada K1A 0S9 ou véxase o seguinte sitio web para o texto do documento <i>Transportation of Dangerous Goods Regulations of Canada</i> : <a href="http://www.tc.gc.ca/eng/tdg/clear-tofc-211.htm">http://www.tc.gc.ca/eng/tdg/clear-tofc-211.htm</a>	1;1 7;1
CA 7	As mercadorías perigosas que requiren aprobación de conformidade coas disposicións especiais A1 ou A2 das Instrucións técnicas poden transportarse unicamente en aeronaves de pasaxeiros ou de carga cara a, desde ou dentro do Canadá coa aprobación das autoridades canadenses para o transporte de mercadorías perigosas por vía aérea. Autoridades canadenses para o transporte de mercadorías perigosas por vía aérea con respecto a CA 7: Chief, Airspace Standards and Procedures Transport Canada Civil Aviation Directorate Ottawa, Ontario Canada K1A 0N8 Teléfono: (613) 998-9855 Fax: (613) 954-1602 Correo-e: <a href="mailto:services@tc.gc.ca">services@tc.gc.ca</a>	Táboa 3-1 Táboa 3-2
CA 8	Non se utiliza.	
CA 9	O servizo de correos do Canadá (Canada Post) non acepta o envío por correo do material radioactivo definido en 2;7.1.	1;2
CA 10	A entrada no Canadá de substancias infecciosas para os animais, ONU 2900, está supeditada aos requisitos prescritos na Lei de sanidade dos animais (1990, c.21), e requírese a aprobación previa da Axencia canadense de inspección de alimentos. As solicitudes de aprobación deberán dirixirse a: Office of Biohazard Containment and Safety Science Branch Canadian Food Inspection Agency (CFIA) 59 Camelot Drive Ottawa, Ontario Canada K1A 0I9 Teléfono: (613) 221-7068 Fax: (613) 228-6129 Correo-e: <a href="mailto:importzoopath@inspection.gc.ca">importzoopath@inspection.gc.ca</a> <a href="http://www.inspection.gc.ca/english/anima/impe.shtml">http://www.inspection.gc.ca/english/anima/impe.shtml</a>	Táboa 3-1

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
CA 11	<p>A entrada no Canadá de substancias infecciosas para o home, ONU 2814, está supeditada aos requisitos prescritos no Regulamento sobre a importación de axentes patóxenos para o home (SOR/94-558), e requirese a aprobación previa do Ministerio de Saúde Pública do Canadá. As solicitudes de aprobación deberán dirixirse a:</p> <p>Office of Laboratory Security Public Health Agency of Canada 100 Colonnade Rd (6201A) Ottawa, Ontario Canada K1A 0K9 Teléfono: (613) 957-1779 Fax: (613) 941-0596 <a href="http://www.phac-aspc.gc.ca/ols-bsl/index.html">http://www.phac-aspc.gc.ca/ols-bsl/index.html</a></p>	Táboa 3-1
CA 12	<p>Ningunha persoa poderá manipular, entregar para o seu transporte nin transportar cara a, dentro ou desde o Canadá explosivos que:</p> <p>a) estean en contacto directo cun medio de contención grande; ou</p> <p>b) sexan tamén material radioactivo.</p> <p>(No regulamento canadense sobre o transporte de mercadorías perigosas, o termo "medio de contención grande" está definido como cunha capacidade superior a 450 L (450 L equivale a 0,45 m<sup>3</sup> ou 15,9 ft<sup>3</sup>.)</p>	1;1
CA 13	<p>Na sección 2.43 do regulamento canadense sobre o transporte de mercadorías perigosas establécense os criterios de clasificación canadenses para os produtos, substancias ou organismos que talvez non figuran como mercadorías perigosas nas presentes instrucións pero que contaminan o medio mariño e son potencialmente perigosas para o ambiente.</p>	Táboa 3-1
CA 14	<p>A información requirida no documento de transporte será fácil de identificar, lexible, en caracteres indelebles e en inglés ou francés (permítense outros idiomas.)</p>	5;1, 5;4 7;1
CA 15	<p>No documento de transporte de mercadorías perigosas deberá incluírse o texto "24-hour number" ou "numéro de 24-heures", ou unha abreviatura dese texto, seguido dun número de teléfono, incluído o código rexional, no cal se poderá comunicar inmediatamente co expendedor, de quen poderá obterse información técnica sobre as mercadorías perigosas que se están transportando, sen interromper a comunicación telefónica establecida pola persoa que chame (inclúanse os códigos dos países cando corresponda.)</p> <p><i>Nota 1.— Os termos "24-hour number" ou "numéro de 24-heures" fan referencia ao número de teléfono a que se pode chamar cando se están transportando mercadorías perigosas. Estes termos escolléronse para recalcar que as chamadas deben poder facerse non soamente en horas de oficina senón a calquera hora do día, mentres se estean transportando mercadorías perigosas.</i></p> <p><i>Nota 2.— Pode utilizarse o número de teléfono dunha persoa que non sexa o remitente, por exemplo CANUTEC, pero que ten a competencia necesaria para dar a información técnica pertinente, en inglés ou en francés. No entanto, para usar o número de teléfono de CANUTEC, o remitente debe recibir autorización por escrito de CANUTEC. Cando o remitente utiliza o número de teléfono dunha organización ou entidade que non sexa CANUTEC, debe asegurarse de que a organización ou entidade conta con información vixente e precisa sobre as mercadorías perigosas que está presentando para o transporte e, se a organización ou entidade se encontra fóra do Canadá, o número de teléfono debe incluír o indicativo internacional e, de ser necesario, o indicativo interurbano.</i></p>	5;1, 5;4 7;1

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
CA 16	<p>Os expedidores ou os seus representantes deben incluír no documento de transporte:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>— o número de referencia seguido de ERP ou ERAP ou PIU cando as mercadorías perigosas que se están transportando requiren un plan de asistencia de resposta de emerxencia; e</li> <li>— o número de teléfono, incluído o código rexional, para activar inmediatamente o plan.</li> </ul> <p>Se o número de 24 horas e o número do plan de asistencia de resposta de emerxencia son o mesmo, ese número pode figurar na mesma liña no documento de expedición, por exemplo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>— Número de 24 horas e 3-2021 ERP: 613-123-4567</li> <li>— Número de 24 horas e 3-2021 ERAP: 613-123-4567</li> <li>— 3-2021 ERP e número de 24 horas: 613-123-4567</li> <li>— ERAP 3-2021 e número de 24 horas: 613-123-4567</li> </ul> <p><i>Nota.— Na parte 7 do regulamento canadense sobre o transporte de mercadorías perigosas figura información relativa aos requisitos en materia do plan de asistencia de resposta de emerxencia.</i></p>	5;1, 5;4 7;1
CA 17	<p>Ningunha persoa poderá manipular, entregar para o seu transporte nin transportar mercadorías perigosas da clase 2, gases, nun medio de contención, a menos que este se fabricase, seleccionase e utilizase de conformidade con B340 da Canadian Standards Association (Asociación canadense de normalización), exceptuando as cláusulas 4.1.1.1.5.1.3 a) ii) e iii) e 5.1.4 a).</p> <p><i>Nota.— Unha persoa poderá utilizar un medio de contención que sexa un cilindro ou tubo para manipular, entregar para o seu transporte ou transportar mercadorías perigosas incluídas na clase 2, gases, se o medio de contención:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>a) <i>se fabricou conforme a CSA B339;</i></li> <li>b) <i>se utilizou no Canadá antes do 1 de xaneiro de 1993, se autorizou que seguise utilizándose, en virtude das seccións 7.32 e 8.4.2 do “Regulamento canadense sobre o transporte de mercadorías perigosas” vixente o 1 de xaneiro de 2001, e cumpre coas condicións prescritas nas ditas seccións; ou</i></li> <li>c) <i>se fabricou antes do 1 de xaneiro de 1993 conforme unha especificación para cilindros consignada en 49 CFR e exhibe marcas de rehabilitación segundo o prescrito en CSA B339 ou 49 CFR (Código de Regulamentos 49 dos Estados Unidos), exceptuando os medios de contención fabricados conforme as especificacións 49 CRF DOT-3B, DOT-3BN, DOT-3E, DOT-4AA480, DOT-4B, DOT-4B240ET, DOT-4BA, DOT-4BW, DOT-4D, DOT-4E, DOT-4L, DOT-8, DOT-8AL ou DOT-39 cuxa presión de servizo sexa inferior ou igual a 6,2 MPa (6 200 kPa) (900 psig).</i></li> </ul> <p>As solicitudes para obter unha copia impresa de CSA B340 ou B339 da Asociación canadense de normalización deberán dirixirse a:</p> <p>Canadian Standards Association 5060 Spectrum Way, Suite 100 Mississauga, Ontario Canada L4W 5N6 Teléfono: chamada gratuíta, Canadá e os Estados Unidos: 1-800-463-6727 Teléfono: (416) 747-4044 Fax: (416) 747-2510 Correo-e: <a href="mailto:sales@csa.ca">sales@csa.ca</a></p>	4;4
CA 18	<p>Para os fins do Regulamento canadense para o transporte de mercadorías perigosas, todo documento expedido a un membro estranxeiro da tripulación de voo dunha aeronave matriculada nun país que sexa Estado membro da Organización de Aviación Civil Internacional e no cal se indique que o membro en cuestión recibiu instrución en transporte de mercadorías perigosas por vía aérea constitúe un certificado de instrución válido, sempre que ese documento sexa válido nun Estado membro. Este documento debe presentarse a un inspector, cando así se solicita.</p>	1;4

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
CA 19	Cando no Canadá nun aeródromo canadense ou nunha instalación canadense de manipulación da carga aérea se produza a bordo dunha aeronave un "accidente imputable a mercadorías perigosas" ou un "incidente imputable a mercadorías perigosas", segundo se definen nas Instrucións técnicas da OACI, a notificación deberá facerse conforme o prescrito no documento <i>Transportation of Dangerous Goods Regulations of Canada, Part 8 — Accidental Release and Imminent Accidental Release</i> .	7;4
CA 20	O documento de expedición de mercadorías perigosas transportadas por unha aeronave debe proporcionar a información acerca das mercadorías perigosas que se require nas Instrucións técnicas da OACI nun formato cuxas marxes esquerda e dereita teñan liñas vermellas orientadas cara á esquerda ou cara á dereita.	5;4
<b>CH — SUÍZA</b>		
CH 1	Non se utiliza.	
≠ CH 2	Non se utiliza.	
CH 3	De conformidade coa "Ordenanza de protección radiolóxica", o transporte dentro, cara a ou desde Suíza non require autorización previa para os números ONU seguintes: 2908, 2909, 2910, 2911, 2912, 2915, 2916, 3321 e 3332. As autorizacións previas para o transporte das substancias da clase 7 con outros números ONU son outorgadas por:  Federal Office of Public Health Radiation Protection Division 3003 Berne, Switzerland Fax: +41 31 322 83 83	1;1.2 5;1.2 7;1
	Para obter máis información, deberán dirixirse á autoridade encargada de vixilancia:  Suva 6002 Lucerne, Switzerland Teléfono: +41 41 419 61 33 Fax: +41 41 419 62 13	
CH 4	No espazo aéreo de Suíza non deben transportarse materiais nucleares que conteñan plutonio, en ningunha cantidade. O material fisiónable especial con peso máximo de 15 gramos non se considera material nuclear.	2;7 Táboa 2-12
<b>CN — CHINA</b>		
CN 1	Os explotadores que transportan mercadorías perigosas por vía aérea cara a, desde e sobre China deben obter autorización previa por escrito da Administración de aviación civil de China. Para obter máis información, deberán dirixirse a:  Department of Air Transport Civil Aviation Administration of China P.O. Box 644 155 Dongsi St. West Beijing, China Teléfono: +86 10 64091929 +86 10 64091918 Fax:            +86 10 64091968	7;1
<b>HK — REXIÓN ADMINISTRATIVA ESPECIAL DE HONG KONG, CHINA</b>		
HK 1	Os explotadores que desexen transportar mercadorías perigosas en aeronaves que voen cara a, desde ou sobre o territorio de Hong Kong, deben obter autorización previa por escrito do director de aviación civil. Nas solicitudes deben figurar en detalle os programas de instrución sobre mercadorías perigosas. Pode obterse máis información en:	1;4 7;1

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
	<p>Director of Civil Aviation            Dangerous Goods Office            Airport Standards Division Civil Aviation Department            Civil Aviation Department Headquarters            Hong Kong International Airport            1 Tung Fai Road            Lantau, Hong Kong            Teléfono:+852 2910 6980/6981/6982            Fax:+852 2795 8469</p>	
HK 2	Ademais do idioma que puider exixir o Estado de orixe, debe utilizarse o inglés e en ambos os idiomas as marcas deberán destacar por igual.	5;2.5 5;4.1.6.3
HK 3	Está prohibido o envío por vía aérea desde Hong Kong de artigos e substancias explosivos orixinados en Hong Kong. Poden exportarse por vía aérea os explosivos previamente importados, sempre que a súa clasificación fose aprobada pola autoridade competente do Estado de orixe ou de fabricación.	2;1.5 5;1.1
<b>MO — REXIÓN ADMINISTRATIVA ESPECIAL DE MACAU, CHINA</b>		
MO 1	Os explotadores que desexen transportar mercadorías perigosas en aeronaves que van cara a, desde ou sobre Macau, China, deben obter autorización da Administración de aviación civil de Macau (AACM), China. Para obter máis detalles, deberán dirixirse a:	7;1
	<p>Flight Standards            Alameda Dr. Carlos D'Assumpção, 336-342            Centro Comercial Cheng Feng, 18º andar            Macau, China            Tel: (853) 28511213            Fax: (853) 28338089            Correo-e: aacm@aacm.gov.mo            Sitio web: www.aacm.gov.mo</p>	
MO 2	As mercadorías perigosas para as cales se require aprobación segundo as disposicións especiais A1 ou A2 das presentes instrucións poden transportarse unicamente en aeronaves de pasaxeiros ou de carga cara a, desde ou vía Macau coa aprobación da Administración de aviación civil —Macau, China (AACM). As solicitudes de aprobación deben presentarse á AACM co formulario prescrito como mínimo dez días laborables antes do voo previsto.	Táboa 3-1 3;3
<b>DE — ALEMAÑA</b>		
DE 1	Os materiais fisionables sinalados en 1) e as fontes importantes sinaladas en 2) non se aceptarán para o transporte cara a, desde ou a través de Alemaña sen autorización previa do:	1;1.2 5;1.2
	<p>Bundesamt für Strahlenschutz            Postfach 10 01 49            D-38201 Salzgitter, Alemaña            Teléfono: 05341 886-0            Fax: 05341 885 705</p> <p>1) Para os fins da presente discrepancia, os materiais fisionables (combustibles nucleares) tal como se definen no parágrafo 2.1 da lei alemá sobre enerxía atómica, son:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>a) o plutonio-239 e o plutonio-241;</li> <li>b) o uranio enriquecido cos isótopos de uranio-235 ou uranio-233;</li> <li>c) todo material que conteña un ou varios dos materiais mencionados en a) e b); e</li> <li>d) os materiais que permitan manter unha reacción en cadea autosustentada continua nunha instalación apropiada (reactor) e que están definidos legalmente.</li> </ol>	

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
	Os materiais (salvo as solucións de produtos de fisión radioactivos altamente solidificados procedentes do reprocesamento de combustibles nucleares) que conteñen os isótopos uranio-233, uranio-235, plutonio-239 e plutonio-241 en cantidades tales que o total de todos estes isótopos non pasa de 15 g ou a concentración de todos estes isótopos en total non é maior que 15 g por 100 kg quedan exceptuados desta discrepancia e, en consecuencia, non se require autorización previa.	
	2) Un envío debe considerarse como fonte importante se a actividade por vulto excede 1 000 TBq.	
DE 2	As solicitudes de aprobación dos vultos do tipo B, vultos que conteñan materiais fisionables, envíos, disposicións especiais e notificacións, deberán dirixirse a:  Bundesamt für Strahlenschutz Postfach 10 01 49, D-38201 Salzgitter, Alemaña Teléfono: (05341) 885 701 Fax: (05341) 885 705	5;1.2 6;7
DE 3	As solicitudes de aprobación relativas a materiais radioactivos en forma especial deberán dirixirse a:  Bundesanstalt für Materialforschung und Prüfung, Fachgruppe III.3 D-12200 Berlin, Alemaña Teléfono: (030) 8104 1330 Fax: (030) 8104 1237	2;7.2.3.3
DE 4	Para solicitar dispensa do cumprimento das Instrucións técnicas con respecto a todas as clases, haberá que dirixirse á autoridade seguinte:  Luftfahrt-Bundesamt, Gruppe Luftverkehrssicherheit Sachgebiet Gefahrgut Kelstarbacher Str. 23 Teléfono: (06142) 9461-0 Fax: (06142) 9461-59	1;1.1
DE 5	As substancias, mesturas ou solucións, en estado líquido ou sólido, clasificadas como ONU 3077, substancia sólida perigosa para o ambiente, n.e.n.p. ou ONU 3082, substancia líquida perigosa para o ambiente, n.e.n.p., na regulamentación doutros modos de transporte tamén debe transportarse por vía aérea baixo estas entradas.	2;0, 2;9
<b>DK — DINAMARCA</b>		
DK 1	O transporte por aeronaves cara a, desde, a través de ou sobre o territorio do Reino de Dinamarca, incluíndo Grenlandia e as Illas Feroe, de:  1) material radioactivo fisionable definido no Doc 9284 da OACI, 2;7.1.3 en cantidades que excedan os límites fixados en 2;7.23.5; e  2) material radioactivo  — nun vulto do tipo B(U) que conteña máis de 3 000 A <sub>1</sub> ou 3 000 A <sub>2</sub> ou 1 000 TBq; destes valores o que sexa o menor; ou — nun vulto do tipo B(M); ou — nun vulto do tipo C que conteña máis de 3 000 A <sub>1</sub> ou 3 000 A <sub>2</sub> , segundo corresponda, ou 1 000 TBq; destes valores o que sexa o menor; ou — como arranxo especial, no sentido dos regulamentos de transporte.	2;7.1.3 2;7.2.3.5
	Non se aceptará sen autorización previa da Administración de aviación civil. As solicitudes deberán dirixirse a:  National Institute of Radiation Hygiene Knapholm 7 DK-2730 Herlev Teléfono: 45.44 54 3454 (luns a venres de 10:00 a 15:00) Fax: 45.44 54 34 50 correo-e: sis@sis.dk	

<i>Clave de identificación</i>	<i>Discrepancia</i>	<i>Parágrafos pertinentes</i>
≠ DK 2	<p>Na lexislación nacional de Dinamarca especificase que as aeronaves no territorio sobre Dinamarca e Grenlandia non deben transportar armas, explosivos, equipamento bélico ou municións, sen autorización previa da autoridade de transporte danesa.</p> <p>Os explosivos da clase 1.4S de conformidade coas presentes instrucións poden transportarse sen aprobación previa se van embalados e etiquetados conforme a edición vixente das presentes instrucións. Os explosivos deben transportarse na bodega de carga da aeronave.</p> <p>As solicitudes por escrito deben enviarse a:</p> <p style="padding-left: 40px;">Danish Transport Authority Trafikstyrelsen Edvard Thomsens Vej 14 2300 KBH S Dinamarca</p> <p>A autoridade de transporte danesa debe recibir as solicitudes cinco días laborables antes de que se realice o voo.</p> <p><b>DQ — FIJI</b></p> <p>DQ 1 Non poderá transportarse material radioactivo en aeronaves cara a, desde, dentro ou sobre Fiji sen a autorización previa da Administración de aviación civil das Illas Fiji (CAAFI).</p> <p>DQ 2 Queda prohibido manipular ou entregar para o transporte explosivos da clase 1 conforme as Instrucións técnicas da OACI, cara a, desde, dentro ou sobre Fiji sen autorización previa da CAAFI. Isto inclúe as municións para armas deportivas, da división 1.4S.</p> <p>DQ 3 Non se permite enviar por correo nacional ou internacional substancias infecciosas, comprendidas as mostras para diagnóstico ou os produtos biolóxicos, cara a, desde, dentro ou sobre Fiji.</p> <p>DQ 4 Utilizarase o idioma inglés nas marcas ou etiquetas de toda a documentación sobre mercadorías perigosas transportadas por vía aérea.</p> <p>Toda solicitude de información e autorización ou aprobación deberá presentarse á CAAFI 10 días antes do voo previsto. A correspondencia deberá dirixirse a:</p> <p style="padding-left: 40px;">The Civil Aviation Authority of the Fiji Islands (CAAFI) Private Mail Bag NAP 0354 Nadi Airport Fiji Islands Teléfono: (679) 672-1555 Fax: (679) 672-1500/(679) 672-5125</p> <p><b>E — ESPAÑA</b></p> <p>E 1 No transporte do interior e no transporte internacional con orixe en España, utilizarase o idioma español en todas as marcas e no documento de transporte de mercadorías perigosas, ademais dos idiomas exixidos polos Estados de tránsito e destino.</p> <p><b>FR — FRANCIA</b></p> <p>≠ FR 1 A autoridade competente para Francia en materia de transporte aéreo de mercadorías perigosas por vía aérea é:</p> <p style="padding-left: 40px;">Direction Générale de l'Aviation Civile (DGAC) Direction de la Sécurité de l'Aviation Civile (DSAC) Direction de la Navigabilité et des Opérations (DSAC/NO)</p>	<p>1;1.2 2;1 4;3 7;1</p> <p>2;7</p> <p>2;1</p> <p>1;2.3</p> <p>5;2.5</p> <p>5;2.5 5;4.1.6.3</p>



Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
	<p>50, rue Henry Farman 75720 PARIS CEDEX 15 FRANCIA Teléfono: +33.(0)1.58.09.44.80 Fax: +33.(0)1.58.09.45.52</p> <p>Para emitir aprobacións de envíos e aprobacións de deseños de vulto ou de material radioactivo para uso civil, a autoridade competente é a Autorité de Sûreté Nucléaire (ASN), cuxo enderezo figura en FR 2.</p>	
FR 2	<p>Todas as consultas relativas ao transporte por vía aérea de material radioactivo, material fisionable ou para uso non civil deberán dirixirse, de conformidade coas instrucións da discrepancia pertinente, á DGAC, ASN e DSC/COGIC:</p> <p>Direction Générale de l'Aviation Civile (DGAC) Direction de la Sécurité de l'Aviation Civile (DSAC) – Direction de la Navigabilité et des Opérations (DSAC/NO) Mission Marchandises Dangereuses (DSAC/NO-MD) 50, rue Henry Farman 75720 PARIS CEDEX 15 FRANCIA Teléfono: +(33).(0)1.58.09.49.70 Fax: +(33).(0)1.58.09.45.52</p> <p>Autorité de Sûreté Nucléaire (ASN) Direction des Activités Industrielles et du Transport 10, Route du panorama Robert Schumann 92266 FONTENAY AUX ROSES CEDEX FRANCIA Teléfono: +(33).(0)1.43.19.70.39 Fax: +(33).(0)1.43.19.70.27</p> <p>Direction de la Sécurité Civile (DSC) Centre Opérationnel de Gestion Interministérielle des Crises (COGIC) 87-95 Quai du Docteur Dervaux 92600 ASNIERES FRANCIA Teléfono: +(33).(0)1.56.04.72.40 Fax: +(33).(0)1.41.11.52.52</p>	1;1.2 5;1.2
FR 3	<p>O transporte por vía aérea do material radioactivo seguinte cara a, desde, por ou sobre o territorio francés non pode realizarse sen un permiso emitido pola ASN:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>— no caso de material radioactivo en forma especial, se a actividade do material transportado no vulto é superior ou igual a 3000 A<sub>1</sub> ou 100000 A<sub>2</sub>, se o último valor é inferior ao valor de 3000 A<sub>1</sub>;</li> <li>— no caso do material radioactivo restante, se a actividade do material transportado é superior ou igual a 3000 A<sub>2</sub>.</li> </ul> <p>Despois de outorgarse a autorización, debe informarse a DGAC e a DSC/COGIC con respecto á expedición, con 48 horas de anticipación como mínimo.</p>	5;1.2 7;1.1
FR 4	<p>As aeronaves cuxas superficies interiores se contaminaron con material radioactivo poden volver utilizarse en territorio francés unicamente despois da aprobación dun experto autorizado. É preciso consultar a ASN para a escolla do experto. A aprobación en cuestión debe rexistrarse no libro de mantemento da aeronave. Debe informarse a DGAC sobre a contaminación e a aprobación antes de volver utilizar a aeronave.</p>	7;3
≠ FR 5	<p>O explotador (ou o seu representante) debe remitir á Autoridade de Seguridade Nuclear (Autorité de Sûreté Nucléaire – ASN, Véxase FR 2), nun prazo de 48 horas e con copia á DGAC, un informe escrito sobre todo incidente/accidente relacionado con vultos de material radioactivo da clase 7 que ocorra sobre o territorio de Francia; o informe debe redactarse conforme a guía sobre procedementos para notificar os sucesos que teñen lugar durante o transporte de material radioactivo, dispoñible no sitio da internet (<a href="http://www.asn.fr">www.asn.fr</a>).</p>	7;4



Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
	<p>b) dun Estado que non sexa o Reino Unido e aos cales non se exige operar dentro dos límites e de conformidade co anexo III do Regulamento (CE) núm. 3922/1991 ("EU-OPS"), cando están realizando operacións no Reino Unido.</p> <p>As aeronaves soamente poden transportar mercadorías perigosas con aprobación previa da Autoridade de Aviación Civil. O transporte desas mercadorías debe axustarse ás presentes instrucións. A solicitude para obter a autorización debe presentarse polo menos 10 días laborables antes da data do primeiro voo en que se transportarán as mercadorías perigosas e debe dirixirse a:</p> <p>Dangerous Goods Office Civil Aviation Authority 1W, Aviation House Gatwick Airport South West Sussex RH6 0YR Teléfono: 01293 573800 Fax: 01293 573991 Correo-e: <a href="mailto:dgo@caa.co.uk">dgo@caa.co.uk</a></p> <p><b>Aeronaves EU-OPS</b></p> <p>Para as aeronaves con matrícula dun Estado que non sexa o Reino Unido e aos cales se exige operar dentro dos límites e de conformidade con EU-OPS, non se necesita a aprobación da Autoridade de Aviación Civil sempre que se conte cunha aprobación outorgada por ese Estado.</p>	
>		
GB 4	<p>Para os fins de cumprimento de 7;4.6, a información relativa ás mercadorías perigosas relacionadas cun accidente ou incidente grave de aviación, ou con outro incidente ocorrido no Reino Unido debe enviarse, polo medio máis rápido posible a:</p> <p>Dangerous Goods Office Civil Aviation Authority 1W, Aviation House Gatwick Airport South West Sussex, RH6 0YR Teléfono: + 44 (0) 1293-573800, para as notificacións de luns a venres, entre as 0900 e as 1700 horas, hora local do Reino Unido, ou + 44 (0) 1293-567171, en calquera outro momento.</p> <p>A notificación faise ademais da requirida en virtude do anexo 13 e non en lugar dela.</p>	7;4.6
≠		
GB 5	<p>Non se permiten no correo internacional cara a ou desde o Reino Unido as substancias biolóxicas, categoría B (ONU 3373). As substancias biolóxicas, categoría B (ONU 3373) non se permiten no correo nacional a menos que sexan obxecto de arranxos especiais. Non se permiten no correo internacional ou nacional as mostras de pacientes que sexan obxecto de dispensa, a menos que se acorden arranxos especiais.</p>	1;2.3
GB 6	<p>Todo explotador que se propoña sobrevoar o Reino Unido transportando un vulto que conteña material radioactivo cuxa actividade sexa superior a: a) para material radioactivo en forma especial 3000 A<sub>1</sub> ou 100000 A<sub>2</sub>, de ambos os valores, o que sexa inferior; ou b) para todo outro material radioactivo 3000 A<sub>2</sub>, deberá notificalo á Dangerous Goods Office (véxanse os detalles en GB 2) como mínimo 2 días laborables antes da data prevista de voo, proporcionando a información requirida en 5;1.2.1.4 d), xunto cos nomes e enderezos do expedidor e o consignatario, e os datos do explotador para comunicarse con el. Se o voo non se realiza segundo o previsto ou se existe algún cambio na información proporcionada, deberá notificarse inmediatamente á Dangerous Goods Office. O explotador non terá que esperar a recibir un aviso de recepción ou aceptación antes de efectuar o voo.</p>	5;1.2.1.4
GB 7	<p>Conforme 1;4.1.2, a regulamentación nacional require que os seguintes programas de instrución sobre mercadorías perigosas sexan examinados e aprobados pola Autoridade de Aviación Civil:</p>	

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
	<ul style="list-style-type: none"> <li>— explotadores de aeronaves matriculadas no Reino Unido;</li> <li>— explotadores que non son do Reino Unido e que proporcionan instrución sobre mercadorías perigosas ao seu propio persoal para que eles leven a cabo as inspeccións para aceptar as mercadorías perigosas en nome doutros explotadores;</li> <li>— axentes de despacho de carga que proporcionan instrución sobre mercadorías perigosas ao seu propio persoal para que eles leven a cabo as inspeccións para aceptar as mercadorías perigosas en nome dos explotadores; e</li> <li>— empresas que proporcionan instrución sobre mercadorías perigosas a outras empresas que empregan persoal das categorías sinaladas na táboa 1-4, columnas 1, 2, 3 ou 6.</li> </ul> <p>En CAP 483, dispoñible en forma gratuíta no sitio web <a href="http://www.caa.co.uk/publications">www.caa.co.uk/publications</a>, pode obterse información detallada sobre os requisitos de aprobación.</p>	
	<b>HR — CROACIA</b>	
HR 1	<p>A autoridade nacional competente da República de Croacia con respecto ao anexo 18 e ás presentes instrucións é a seguinte:</p> <p>Croatian Civil Aviation Agency (CCAA)  Ulica grada Vukovara 284  10 000 Zagreb, Croatia  Teléfono: +385 1 2369 300  Fax: +385 1 2369 301  Correo-e: <a href="mailto:ccaa@ccaa.hr">ccaa@ccaa.hr</a>  Sitio web: <a href="http://www.ccaa.hr">www.ccaa.hr</a></p>	
HR 2	<p>Os seguintes requisitos aplícanse ás aeronaves con matrícula:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>— da República de Croacia, independentemente do lugar onde estean realizando operacións; e;</li> <li>— dun Estado que non sexa a República de Croacia ao cal non se exige operar dentro dos límites e de conformidade co anexo III do Regulamento (CE) núm. 3922/1991 ("EU-OPS"), cando estean realizando operacións na República de Croacia.</li> </ul> <p>As aeronaves soamente poden transportar mercadorías perigosas con aprobación previa da Axencia de Aviación Civil de Croacia (CCAA). O transporte desas mercadorías debe axustarse aos requisitos da edición en vigor máis recente das presentes instrucións e a todo addenda ou emenda delas que se publicase.</p> <p>Os explotadores (titulares de AOC) cuxa oficina principal se encontra situada na Unión Europea e aos cales se lles exige operar dentro dos límites e de conformidade co anexo III do Regulamento (CE) núm. 3922/1991 ("EU-OPS"), non necesitan a aprobación da Axencia de Aviación Civil de Croacia cando contan cunha aprobación outorgada polo Estado pertinente.</p>	1;1.2
HR 3	<p>As mercadorías perigosas para as cales se require aprobación segundo as disposicións especiais A1 ou A2 das presentes instrucións ou as dispensas ou aprobacións doutro Estado, poden transportarse en aeronaves de pasaxeiros ou de carga en territorio croata unicamente coa aprobación da Axencia de Aviación Civil de Croacia (CCAA). As solicitudes de aprobación deben presentarse a CCAA como mínimo 10 días antes do voo previsto.</p>	1;1 Táboa 3-1 3;3
HR 4	<p>Conforme a Lei sobre seguridade radiolóxica e nuclear (Diario oficial núm. 28/10), para o transporte de material radioactivo cara a e desde a República de Croacia, o explotador debe asegurarse de que o expedidor/destinatario teña unha aprobación previa. A solicitude de aprobación pode dirixirse a:</p> <p>State Office for Radiological and Nuclear Safety (SORNS)  Frankopanska 11  10 000 Zagreb, Croatia  Teléfono: +385 1 4881 770  Fax: +385 1 4881 780  Correo-e: <a href="mailto:dzrns@dzrns.hr">dzrns@dzrns.hr</a>  Sitio web: <a href="http://www.dzrns.hr">www.dzrns.hr</a></p>	1;1.2 5;1.2 7;1

<i>Clave de identificación</i>	<i>Discrepancia</i>	<i>Parágrafos pertinentes</i>
HR 5	<p>Conforme a Lei sobre substancias explosivas (Diario oficial núm. 178/04, 109/07, 67/08 e 144/10), para o transporte de explosivos cara a e desde a República de Croacia, o explotador debe asegurarse de que o expedidor/destinatario teña unha aprobación previa. A solicitude de aprobación pode dirixirse a:</p> <p>Ministry of Interior Administrative and Inspection Authority Ilica 335 10 000 ZAGREB, Croatia Teléfono: +385 1 3788 646 Fax: +385 1 3788 187 Correo-e: <a href="mailto:pitanja@mup.hr">pitanja@mup.hr</a> Sitio web: <a href="http://www.mup.hr">www.mup.hr</a></p>	1;1.2 2;1 4;3 7;1
<b>IN —INDIA</b>		
IN 1	<p>Poden transportarse mercadorías perigosas cara a, desde, dentro ou sobre a India sempre que o explotador estea certificado polo Estado do explotador para transportar esas mercadorías e se cumpran todos os requisitos especificados nas Instrucións técnicas da OACI.</p>	1;1 7;1
IN 2	<p>Non obstante, para o transporte de material radioactivo cara a, desde ou dentro da India (non sobre a India), o explotador debe asegurarse de que o expedidor/destinatario teña unha autorización emitida polo Goberno da India en cumprimento da sección 16 de Lei de enerxía atómica de 1962. A solicitude de autorización para o transporte de material radioactivo pode dirixirse ao enderezo seguinte:</p> <p>Atomic Energy Regulatory Board Radiological Safety Division Niyamak Bhavan Anushaktinagar Mumbai — 400 094 India</p>	5;1 7;1
IN 3	<p>De maneira similar, para o transporte de armas, municións, municións de guerra, etc., cara a, desde ou sobre a India requirírase unha autorización en cumprimento do artigo 8 do Regulamento de aeronaves de 1937. A solicitude de autorización pode dirixirse ao enderezo seguinte:</p> <p>Director General of Civil Aviation Opp. Safdarjung Airport New Delhi — 110 003 India</p>	5;1
<b>IR — REPÚBLICA ISLÁMICA DO IRÁN</b>		
IR 1	<p>A importación de material radioactivo á República Islámica do Irán está suxeita a autorización previa do Organismo de Enerxía Atómica da República Islámica do Irán. Toda solicitude relativa á aplicación desta discrepancia debe remitirse a:</p> <p>Atomic Energy Organization of the Islamic Republic of Iran Nuclear Safety and Radiation Protection Management P.O. Box 14155 — 4494 Tehran, Islamic Republic of Iran Teléfono: +98 21 88 22 11 24 +98 21 82 06 35 74 Fax: +98 21 88 22 11 25</p>	1;1.1 5;1.2 7;1.1

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
IR 2	Ademais de aplicarse o descrito na táboa 7-1, deben separarse os vultos que conteñen mercadorías da división 6.1 daqueles con mercadorías da clase 8; do mesmo modo, os vultos con mercadorías da división 4.1 daqueles que conteñen mercadorías da división 4.3.	7;1 7;2
IR 3	As mercadorías perigosas cuxo transporte por vía aérea está esencialmente prohibido e que están suxeitas ás disposicións especiais A1 ou A2 das Instrucións técnicas poderán importarse á República Islámica do Irán coa autorización previa da Organización de Aviación Civil do Irán.  Toda solicitude de autorización debe facerse como mínimo 15 días antes da data prevista do voo e dirixirse a:  Vice President C.A.O.I.R. of Iran Deputy of Flight Standard Civil Aviation Organization Mehrabad International Airport Tehran, Islamic Republic of Iran Fax: +98 21 66 03 65 52	Táboa 3-1 3;3
IR 4	O material fisionable en cantidades que superan as cantidades correspondentes a material fisionable exceptuado non debe transportarse en aeronaves cara a, desde, ou pola República do Irán sen autorización previa de:  Iranian Nuclear Regulatory Authority (INRA) End of North Kargar St. P.O.Box 14155-1339 Tehran, Islamic Republic of Iran Teléfono: +98 21 88 22 10 73 Fax: +98 21 88 22 10 72 Correo-e: <a href="mailto:INRA@aeoi.org.ir">INRA@aeoi.org.ir</a>	2;7 4;9 5;1 5;2 6;7 7;1 7;2
<b>IT — ITALIA</b>		
IT 1	Soamente poden transportar material radioactivo e fisionable cara a, desde ou a través do territorio italiano, os transportistas autorizados. A autorización pode solicitarse a:  Ministero dello Sviluppo Economico Dipartimento per l'Energia Direzione Generale per l'Energia Nucleare, le Energie Rinnovabili e l'Efficienza Energetica Divisione V — Attività afferenti la fonte primaria nucleare Via Molise, 2 00187 Roma — Italia Teléfono: +39 06 4705 2705/2103 Fax: +39 064788 7976 Correo-e: <a href="mailto:dgerm.ufficiob6trasporti@sviluppoeconomico.gov.it">dgerm.ufficiob6trasporti@sviluppoeconomico.gov.it</a>	1;1.1 5;1.2 7;1
IT 2	É preciso solicitar aprobación previa para os envíos de:  — vultos do tipo B (M); — vultos que conteñan material fisionable; e — os vultos do tipo B (U) que conteñan material radioactivo de actividade superior a 3000 A <sub>1</sub> ou 3000 A <sub>2</sub> , segundo corresponda, ou 1000 TBq, a que sexa menor.  Ademais da aprobación, o envío debe notificarse a ISPRA con 48 horas de anticipación como mínimo. A solicitude da aprobación do envío e a notificación poden dirixirse a:  Istituto Superiore per la Protezione e la Ricerca Ambientale (ISPRA) Institute for Environmental Protection and Research Department of Nuclear, Technological and Industrial Risk Radioactive Material Transport Division Via Vitaliano Brancati, 48 00144 Rome — Italy Teléfono: +39 06 5007 2978 Fax: +39 06 5007 2941 Correo-e: <a href="mailto:trasporti@isprambiente.it">trasporti@isprambiente.it</a>	5;1.2.1

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
IT 3	<p>A solicitude de aprobación para material radioactivo en forma especial, vultos de tipo B e tipo C, e vultos que conteñen material fisionable, debe dirixirse a:</p> <p>Instituto Superiore per la Protezione e la Ricerca Ambientale (ISPRA)            Institute for Environmental Protection and Research            Department of Nuclear, Technological and Industrial Risk            Radioactive Material Transport Division            Via Vitaliano Brancati, 48            00144 Rome — Italy            Teléfono: +39 06 5007 2978            Fax: +39 06 5007 2941            Correo-e: <a href="mailto:trasporti@isprambiente.it">trasporti@isprambiente.it</a></p>	5;1.2.1
IT 4	<p>A utilización posterior dunha aeronave que estivese exposta a contaminación radiactiva deberá ser certificada por un experto cualificado e rexistrarse no libro técnico de mantemento.</p>	7;3.2
IT 5	<p>O transporte de armas, municións e explosivos cara a, desde ou a través do territorio italiano, debe contar coa autorización previa do:</p> <p>Ente nazionale per l'Aviazione Civile (ENAC)            Direzione Regolazione Trasporto Aereo            Viale Castro Pretorio, 118            00185 Rome — Italy            Teléfono: +39 06 44596404            Fax: +39 06 44596531            Correo-e: <a href="mailto:regolazione.trasportoaereo@enac.gov.it">regolazione.trasportoaereo@enac.gov.it</a></p>	1;1 5;1.1 7;1
IT 7	<p>O transporte de mercadorías perigosas en tanques portátiles está supeditado á aprobación previa do envío pola autoridade competente italiana. A solicitude de aprobación, xunto cunha análise de seguridade, debe remitirse a:</p> <p>Ente nazionale per l'Aviazione Civile (ENAC)            Direzione Regolazione Trasporto Aereo            Viale Castro Pretorio, 118            00185 Rome — Italy            Teléfono: +39 06 44596404            Fax: +39 06 44596531            Correo-e: <a href="mailto:regolazione.trasportoaereo@enac.gov.it">regolazione.trasportoaereo@enac.gov.it</a></p>	4;1 5;3
<b>JM — XAMAICA</b>		
JM 1	<p>As solicitudes de aprobación para transportar mercadorías perigosas de conformidade coas disposicións especiais A1 ou A2 e as solicitudes de dispensa deben dirixirse a:</p> <p>The Director General            Jamaica Civil Aviation Authority            4 Winchester Road            Kingston 10            Jamaica, West Indies</p>	3;3
JM 2	<p>Para os envíos cara a, desde, dentro ou en tránsito por Xamaica, debe proporcionarse a información de resposta de emerxencia que se describe en JM 3 con respecto a todas as mercadorías perigosas que non sexan material magnetizado nin mercadorías perigosas para as cales non se require documento de transporte.</p>	5;4
JM 3	<p><i>Información sobre resposta de emerxencia.</i> O documento de transporte requirido de conformidade coas Instrucións técnicas debe incluír un número de teléfono de resposta de emerxencia de 24 horas (que inclúa todos os indicativos interurbanos e para os números internacionais en lugares fóra de Xamaica, o distintivo de acceso internacional e os distintivos de país e cidade necesarios para completar a chamada desde Xamaica). Este número debe ser atendido en todo momento por unha persoa que:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>— fale inglés con fluidez;</li> <li>— coñeza os riscos e as características das mercadorías perigosas que se transportan;</li> </ul>	5;4

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
	<ul style="list-style-type: none"> <li>— conte con información completa de resposta de emerxencia e atenuación de accidentes en relación coas mercadorías perigosas;</li> <li>— teña acceso inmediato á persoa que posúe ese coñecemento e información.</li> </ul>	
XM 4	O transporte de mercadorías perigosas por vía aérea debe realizarse de conformidade coas <i>Instrucións técnicas para o transporte sen riscos de mercadorías perigosas por vía aérea da OACI</i> (Doc 9284). O feito de non cumprir co prescrito nas Instrucións técnicas constitúe unha violación do Regulamento de aviación civil de Xamaica, 2004.	
<b>JP — XAPÓN</b>		
JP 2	O nivel máximo de radiación en calquera punto de calquera superficie externa de vultos, sobreembalaxes ou contedores de carga que conteñen material radioactivo non debe exceder 2mSv/h, mesmo cando transporten conforme a modalidade de uso exclusivo.	4;9.1
JP 3	O “material radioactivo exceptuado” non debe conter material radioactivo pirofórico (líquido) nin explosivo.	1;6.1.5
JP 8	Todos os vultos do tipo B(U) e do tipo B(M) e os vultos que conteñen 0,1 kg ou máis de hexafluoruro de uranio requiren a aprobación das autoridades xaponesas competentes, tanto para o deseño dos vultos como para o seu envío.	5;1.2.2 6;7.5.4 6;7.8
JP 9	As etiquetas fixaranse en dous lados opostos da parte exterior dos dispositivos de carga unitarizada que conteñan material radioactivo.	5;3.2.7
JP 10	Non deberá transportarse “material radioactivo exceptuado” na cabina de pasaxeiros nin no posto de pilotaxe de ningunha aeronave.	7;2.1
JP 11	O material radioactivo (clase 7), salvo o “material radioactivo exceptuado”, non deberá estibarse no mesmo compartimento de carga xunto con vultos que conteñan mercadorías perigosas das clases 1, 2, 3 ou 8.	7;2.2
JP 12	A manipulación e a carga do material radioactivo deberán facerse de tal modo que non teña acceso á zona ningunha persoa allea ao persoal que se ocupa da manipulación en terra e da carga.	7;2.9
JP 17	O nivel máximo de radiación a unha distancia de 1 m a partir das superficies externas de vultos, sobreembalaxes ou contedores de carga que conteñen material radioactivo non debe exceder 0,1 mSv/h, con excepción das sobreembalaxes ou contedores de carga que se transporten conforme a modalidade de uso exclusivo con notificación previa á Dirección de Aviación Civil de Xapón.	5;1.2.3
JP 20	Non se utiliza.	
JP 21	Non se utiliza	Táboa 3-1 5;3.2.2
JP 23	O material radioactivo de clase 7 en vultos exceptuados cun risco asociado doutra clase especificada en 3;5 debe axustarse ás disposicións de 1;6.1.5, 3;5 e ás discrepancias JP 3 e JP 9.	1;6 3;5
JP 24	As substancias que leven a etiqueta “tóxico” ou “gas tóxico”, comprendida a etiqueta ademais produtos alimenticios, comidas ou outras substancias comestibles destinadas ao consumo humano ou animal.	4;1
JP 26	Non se transportarán por vía aérea dentro do espazo aéreo territorial do Xapón vultos que conteñan material fisionable nin tampouco vultos con radioactividade maior que a que se especifica a seguir: <ul style="list-style-type: none"> <li>1) para material radioactivo en forma especial — 3000 A<sub>1</sub> ou 100000 A<sub>2</sub>, a que sexa menor; ou</li> <li>2) todo outro material radioactivo — 3000 A<sub>2</sub>.</li> </ul>	2;7.2.4.6 6;7.10



Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
<b>KG — REPÚBLICA KIRGUISA</b>		
KG 1	Non poderá transportarse material radioactivo en aeronaves cara a, desde, dentro ou sobre a República Kirguisa sen a autorización previa da Administración de Aviación Civil da República Kirguisa (CAAKR).	2;7
KG 2	Queda prohibido manipular ou entregar para o transporte explosivos da clase 1, cara a, desde, dentro ou sobre a República Kirguisa sen autorización previa da Administración de Aviación Civil da República Kirguisa (CAAKR).	2;1
KG 3	Toda solicitude de permiso ou aprobación debe entregarse á Administración de Aviación Civil da República Kirguisa (CAAKR) oito días antes do voo proposto e debe dirixirse a: Civil Aviation Authority Ministry of Transport and Communications Kyrgyz Republic 1, Ajibek Batyra st., Bishkek, 720044 Teléfono: +996 (312) 542140, 542141, 542135 Fax: +996 (312) 542140, 542141, 542135- Fax: +996 (312) 542140, 542141, 542135	
<b>KP — REPÚBLICA POPULAR DEMOCRÁTICA DE COREA</b>		
KP 1	Ao Departamento de normas de seguridade de voo da Administración xeral de aviación civil da República Popular Democrática de Corea correspóndelle a responsabilidade de asegurar o cumprimento do anexo 18 e as Instrucións técnicas na República Popular Democrática de Corea. Correo-e: <a href="mailto:gaca@sillibank.com">gaca@sillibank.com</a> Fax: +850 2 381 4625	
KP 2	As mercadorías perigosas para as cales se require dispensa ou aprobación conforme as disposicións especiais A1 ou A2 das Instrucións técnicas poden transportarse en aeronaves de pasaxeiros ou de carga cara a, desde ou pola República Popular Democrática de Corea unicamente co permiso do Departamento de normas de seguridade de voo. As solicitudes de permiso para este fin deberían presentarse como mínimo dez días laborables antes do voo previsto.	3;3 Táboa 3-1
KP 3	Todo incidente ou accidente relacionado con mercadorías perigosas debe notificarse ao Departamento de normas de seguridade de voo da Administración xeral de aviación civil o antes posible e, en todo caso, dentro dun prazo de cinco días laborables.	7;4.6
<b>LU — LUXEMBURGO</b>		
LU 1	Conforme o Regulamento gran ducal do 14 de decembro de 2000 relativo á protección da poboación contra os perigos dimanantes da radiación de ionización, modificado o 21 de xullo de 2006, toda liña aérea que transporte material radioactivo que supere o nivel de dispensa (vultos exceptuados, tipo A, tipo B, etc.) cara a e desde o aeroporto de Luxemburgo, debe estar autorizada para este efecto polo ministro de Saúde. Para obter información sobre o procedemento de autorización é preciso dirixirse a: Division de la Radioprotection Allée Marconi — Villa Louvigny L-2120 Luxembourg Correo-e: <a href="mailto:radioprotection@ms.etat.lu">radioprotection@ms.etat.lu</a> Teléfono: +352 247 85670 <a href="http://www.radioprotection.lu">www.radioprotection.lu</a>	
<b>MY — MALASIA</b>		
MY 1	Os explotadores que desexen transportar toda clase de mercadorías perigosas desde, sobre, ou cara ao territorio de Malasia, deben obter autorización previa por escrito do director xeral do Departamento de aviación civil de Malasia. A solicitude de aprobación debe dirixirse a:	5;1.1

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
MY 2	<p>The Director General Department of Civil Aviation, Malaysia Level 1-4, Block Podium Lot 4G4, Precinct 4 Federal Government Administrative Centre 62570 Putrajaya, Malaysia. AFTN: WMKKYAYX Tel: 603-8871 4000 Fax: 603-8889 5691</p> <p>O director xeral do Departamento de aviación civil de Malasia examinará para fins de aprobación o transporte de material radioactivo por vía aérea cara a ou desde Malasia, coa condición de que se obtivese previamente un permiso ou a aprobación da Xunta de Enerxía Atómica de Malasia. A solicitude dun permiso ou de aprobación desa Xunta pode presentarse ao seguinte enderezo:</p>	5;1.1
MY 3	<p>The Atomic Energy Licensing Board of Malaysia Ministry of Science, Technology and Innovation Batu 24, Jalan Dengkil 43800 Dengkil, Selangor Tel: 03-8928 4100 03-8926 7699 Fax: 03-8922 3685</p> <p>Os expedidores que desexen transportar armas, municións e explosivos cara a ou desde o territorio de Malasia, deben obter permiso previo do inspector xeral de policía de Malasia. Unha vez obtido o permiso do inspector xeral de policía de Malasia, os expedidores deberán enviar as súas solicitudes ao director xeral do Departamento de aviación civil de Malasia, a fin de obter a aprobación para transportar armas, municións e explosivos por vía aérea.</p>	5;1.1
MY 4	<p>Se se produce unha emerxencia en voo dentro do espazo malaio, o piloto ao mando deberao notificar á dependencia correspondente de servizos de tránsito aéreo, para que informe as autoridades de aeródromos sobre toda mercadoría perigosa que se transporte a bordo da aeronave. Esa información deberá comprender o risco primario, os riscos secundarios que requiren etiquetas e a cantidade e localización a bordo da aeronave das mercadorías perigosas. Se a situación o permite, a información debería incluír tamén a denominación do artigo expedido, a súa clase ou división e, no caso da clase 1, o grupo de compatibilidade.</p>	7;4.3
MY 5	<p>Todo explotador que se vexa involucrado nun incidente relacionado con mercadorías perigosas en territorio malaio deberá proporcionar á autoridade malaia a información necesaria para reducir ao mínimo os riscos que poida provocar todo derramamento, perda de fluídos ou radiación, rotura ou calquera outro dano que sufran as mercadorías perigosas.</p>	7;4.6.2
MY 6	<p>Ademais do idioma que poida exixir o Estado de orixe, deberase utilizar o inglés e ambos os idiomas destacarán por igual.</p>	5;2.5 5;4.1.6.3
<b>NL — PAÍSES BAIXOS</b>		
NL 1	<p>As mercadorías perigosas para as cales se require aprobación de conformidade coas disposicións especiais A1 ou A2 das presentes instrucións non poderán transportarse en aeronaves de pasaxeiros ou aeronaves de carga (segundo corresponda) cara a, desde ou polos Países Baixos sen aprobación previa do Ministerio de Transporte, Obras Públicas e Xestión de Augas, sexan ou non os Países Baixos o país de orixe.</p> <p>As solicitudes de todas as aprobacións deberían efectuarse polo menos 10 días antes da data de voo proposta e deben dirixirse a:</p> <p>Human Environment and Transport Inspectorate (CAA — NL) Ministry of Infrastructure and the Environment Certification and Approvals Department Postbus 575 2130 AN Hoofddorp The Netherlands Teléfono: +31 70 456 3003 +31 88 489 0000 (fuera del horario de oficina)</p>	Táboa 3-1 3;3

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
NL 2	Fax: +31 70 456 3030 Correo-e: <a href="mailto:dgmelding@ilent.nl">dgmelding@ilent.nl</a>	
NL 3	Non se utiliza.	
	<p>Os envíos que conteñen máis de 15 g de uranio-235 non irradiado, ou uranio-233 ou plutonio salvo se o contido de Pu-238 é superior ao 80% en masa, ou uranio enriquecido ao 20% de uranio-235 ou máis, ou máis de 1 kg de uranio enriquecido ao 10% de uranio-235 pero menos do 20%, ou 10 kg de uranio enriquecido sobre o uranio natural pero sen exceder o 10%, ou substancias fisionables irradiadas, non se aceptarán para o transporte cara a, desde, por ou sobre os Países Baixos sen a autorización por escrito do Ministerio de Vivenda, Planificación Espacial e Ambiente.</p> <p>Os envíos que conteñen uranio, plutonio e torio con concentracións de 0,1%, 0,1% e 3% en masa, respectivamente, e que exceden os límites para vultos exceptuados da táboa 2-15 non se aceptarán para o transporte cara a, por ou desde os Países Baixos sen autorización por escrito.</p> <p>Os envíos de artigos de consumo que conteñen radioactividade adicional que excede os niveis para os vultos exceptuados da táboa 2-15, ou os produtos medicinais que conteñen radioactividade adicional, non se aceptarán para o transporte cara a ou desde os Países Baixos sen autorización por escrito.</p> <p>Os envíos que conteñen outro material radioactivo que excede os límites para vultos exceptuados da táboa 2-15 non se aceptarán para o transporte desde, por ou cara a os Países Baixos sen notificación previa. A notificación pode vir do expedidor, do consignatario, do explotador ou doutro, pero corresponde ao explotador verificala. Non se require que o explotador espere aviso de recepción ou aceptación antes de efectuarse o voo.</p> <p><i>Nota.—O expedidor, o consignatario, o explotador ou outro poden obter autorización por escrito para o transporte cara a, desde ou polos Países Baixos, pero corresponde ao explotador verificala ao aceptar o envío.</i></p> <p>As solicitudes de autorización ou notificacións deben dirixirse a:</p> <p>SenterNovem            Team stralingsbescherming            P.O. Box 3144            2509 AC The Hague            The Netherlands            Teléfono: + 31 70 373 5000            Fax: + 31 70 373 5100</p>	1;1,3 5;1,2 7;1
NL 4	<p>A toda substancia, líquida ou sólida, solución e mestura (como preparado e refugallo), que non poida clasificarse nas outras clases e que satisfaga os criterios aplicables a substancias que contaminan o medio acuático segundo se describe no Acordo europeo sobre o transporte internacional de mercadorías perigosas por estrada (ADR), asignaráselle a clase 9 — mercadorías perigosas varias, "Substancia líquida perigosa para o ambiente, n.e.n.p." ou "Substancia sólida perigosa para o ambiente, n.e.n.p."</p> <p>Esta discrepancia aplícase unicamente no caso de transporte de conexión por estrada cara a, por ou desde os Países Baixos. A discrepancia non se aplica a envíos en tránsito ou sobrevoo.</p>	2;0, 2;9
NL 5	Non se utiliza.	
NL 6	<p>As leis nacionais dos Países Baixos estipulan que un explotador non debe transportar mercadorías perigosas sen autorización previa da Administración de Aviación Civil dos Países Baixos (CAA-NL) e que o transporte desas mercadorías debe efectuarse de conformidade coas Instrucións técnicas. O anterior aplícase aos explotadores que transportan mercadorías perigosas cara a e desde os Países Baixos (exclúese o sobrevoo). A autorización outórgase ao explotador mediante a expedición dunha licenza de mercadorías perigosas e entrégase unicamente se o explotador conta con persoal que recibiu instrución de conformidade coas disposicións das Instrucións técnicas. Os explotadores con matrícula dos Países Baixos e doutros Estados que non sexan os Países Baixos aos cales se exige operar dentro dos límites e de</p>	1;1,2

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
	<p>conformidade con EU-OPS non necesitan autorización da Autoridade de Aviación Civil dos Países Baixos cando contan cunha autorización outorgada polo Estado pertinente.</p> <p>A solicitude da licenza de mercadorías perigosas debe presentarse como mínimo seis semanas antes da data do primeiro voo en que van transportarse as mercadorías perigosas. O formulario de solicitude pode obterse dirixíndose a:</p> <p>Human Environment and Transport Inspectorate (CAA — NL)          Ministry of Infrastructure and the Environment          Certification and Approvals Department          Postbus 575          2130 AN Hoofddorp          The Netherlands          Teléfono: +31 70 456 3003          +31 88 489 0000(fuera del horario de oficina)          Fax: +31 70 456 3030          Correo-e: <a href="mailto:dgmelding@ilent.nl">dgmelding@ilent.nl</a></p>	
	<p><b>OM — OMÁN</b></p> <p>OM 1 Está prohibido transportar mercadorías perigosas cara a, desde ou por Omán, salvo nos casos en que se conta coa autorización previa da autoridade de aviación civil despois de ter coordinado coas autoridades competentes conforme a regulamentación aplicable e, en particular:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>a) explosivos, armas e municións de guerra;</li> <li>b) mercadorías nucleares, isótopos radioactivos, gases venenosos e obxectos conexos;</li> <li>c) mercadorías de dobre uso, como drogas;</li> <li>d) xermes e mercadorías perigosas; e</li> <li>e) toda outra mercadoría para a cal se require aprobación en virtude da Disposición especial A1 ou A2.</li> </ul> <p>A solicitude de aprobación debe presentarse como mínimo cinco días antes da data prevista do voo e enviarse a:</p> <p>Director Flight Safety          Directorate General of Safety and Aviation Services          P.O. Box 1 P.C. 111          Muscat International Airport          Sultanate of Oman</p>	
	<p><b>PK — PAKISTÁN</b></p> <p>PK 1 Debe utilizarse o inglés para marcar os vultos e embalaxes externos. Pero en caso de que se utilice o idioma do Estado de orixe, ambos os idiomas deben escribirse un xunto ao outro, en forma destacada.</p> <p>PK 2 En todas as etiquetas de risco debe figurar un breve texto en inglés, en que se indique a natureza do risco.</p> <p>PK 3 Ben que debe utilizarse o inglés, ademais do idioma do Estado de orixe, no documento de transporte de mercadorías perigosas, o documento mesmo axustarase ao modelo de declaración do expedidor da IATA.</p>	<p>5;2.5</p> <p>5;3.2.11 5;3.5.1.1</p> <p>5;4.1.6.3</p>

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
<b>PL — POLONIA</b>		
PL 1	<p>Non se aceptará transportar combustible nuclear esgotado nin refugallos radioactivos cara a, desde, por ou sobre o territorio de Polonia sen a autorización do presidente da Oficina de Aviación Civil despois de consultar co presidente da Axencia Nacional de Enerxía Atómica. Toda correspondencia debería enviarse ao presidente da Oficina de Aviación Civil, polo menos 30 días laborables antes do voo previsto. As solicitudes deben dirixirse a:</p> <p style="padding-left: 40px;">President of Civil Aviation Office Żelazna 59 Street 00-848 Warsaw Poland</p>	7;1
<b>RO — ROMANÍA</b>		
RO 1	<p>Conforme a lexislación romanesa, todos os voos dentro da FIR Bucharest de aeronaves civís que transportan como carga armas, municións, explosivos, material radioactivo e outros materiais clasificados e regulamentados como mercadorías perigosas, poden levarse a cabo unicamente despois de ter obtido un permiso do Ministerio de Transporte e Infraestrutura.</p> <p>A solicitude do permiso mencionado debe rexistrarse na Autoridade de Aeronáutica Civil de Romanía no enderezo seguinte:</p> <p style="padding-left: 40px;">Romanian Civil Aeronautical Authority (RCAA) Overflight Department Sos. Bucuresti-Ploiesti, Nr. 38-40 Sector 1, Cod 013695 Bucuresti, Romania Teléfono: +40 21 208 15 00 Fax: +40 21 208 15 83 AFTN: LRBBYR SITA: BUHTOYA Correo-e: overflight@caa.ro</p>	1;1.2 Parte 2 5;1.2
	<p>A sección GEN 1.2 da AIP de Romanía contén todos os detalles relativos ao formulario de solicitude e outros documentos específicos que se requiren.</p>	
	<p>Cando o envío contén material radioactivo, o explotador de servizos aéreos debe proporcionar á Autoridade de Aeronáutica Civil de Romanía unha copia da autorización expedida pola Comisión nacional para o control de actividades nucleares (CNCAN).</p>	
	<p>A información de contacto da Comisión nacional para o control de actividades nucleares é a seguinte:</p>	
	<p style="padding-left: 40px;">National Commission for the Control of the Nuclear Activities B-dul. Libertatii, Nr. 14, Sector 5 Bucuresti, Romania Teléfono: +40 21 316 05 72 Fax: +40 21 317 38 87</p>	
RO 2	<p>RO 1 non se aplica aos casos en que os transportistas aéreos realizan voos de emerxencia médica nin aos voos realizados por transportistas aéreos que teñen licenza de explotador de conformidade co Regulamento núm. 1008/2008 da UE e que non transportan mercadorías perigosas clasificadas segundo o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>— Clase 1 — todos os artigos;</li> <li>— Clase 3 — unicamente os explosivos insensibilizados ONU 1204, ONU 2059, ONU 3064, ONU 3343, ONU 3357 e ONU 3379;</li> <li>— Clase 6 — unicamente división 6.2, categoría A, ONU 2814 e ONU 2900</li> <li>— Clase 7 — todos os artigos</li> </ul>	1;1.2 Parte 2
	<p>Estes transportistas deben unicamente notificar a información seguinte á Autoridade de Aeronáutica Civil de Romanía antes de iniciarse o voo: denominación do artigo expedido, número ONU, clase ou división e cantidade.</p>	

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
RO 3	<p>Ás aeronaves civís que participan no transporte de mercadorías perigosas cuxo transporte por vía aérea está prohibido en circunstancias normais, de conformidade cos documentos da OACI, non se lles permite realizar voos dentro da FIR Bucharest (OMTCT 2066/2006).</p> <p>A Autoridade de Aeronáutica Civil de Romanía pode outorgar exencións respecto das disposicións unicamente cando o transporte correspondente se xustifique atendendo a un interese público de importancia. A exención debe outorgarse coa aprobación do Ministerio de Transporte e Infraestrutura.</p>	1;1.1.3 Táboa 3-1
RO 4	Non se utiliza.	
<b>RU — FEDERACIÓN DE RUSIA</b>		
RU 1	Para todo transporte do interior na Federación de Rusia, debe utilizarse o idioma ruso en todas as marcas e documentos de transporte de mercadorías perigosas. Para o transporte internacional con orixe en Rusia, deben utilizarse o ruso e o inglés nas marcas e documentos de transporte de mercadorías perigosas, ademais dos idiomas exixidos polos Estados de tránsito e destino.	5;2.5 5;4.1 5;4.1.1
RU 2	Os explotadores que consideren transportar mercadorías perigosas de alto risco indicadas na táboa 1-6 das Instrucións técnicas cara a, desde, dentro ou polo territorio da Federación de Rusia non aceptarán as ditas mercadorías para o transporte se non reciben confirmación do aeroporto (ou do axente de manipulación en terra) especificando que esas mercadorías poden manipularse no territorio da Federación de Rusia. Se as mercadorías se transportan cara ao territorio da Federación de Rusia, requírese, ademais, a confirmación do estado de preparación do destinatario para aceptar as mercadorías en cuestión.	7; 1;1.1.1 7; 1;1.1.2
RU 3	<p>O material radioactivo fisionable en calquera cantidade non se aceptará na Federación de Rusia para o transporte en aeronaves de pasaxeiros e non se transportará ao interior de Federación de Rusia, nin se transportará desde o seu territorio nin polo seu territorio sen a autorización previa de:</p> <p>Federal Environmental, Technological and Atomic Supervisory Body (ROSTECHNADZOR) Ul. Taganskaya, 34 109147 Moscow Russia Teléfono: 495-411-60-22 Fax: 495-261-60-43</p> <p>Esta discrepancia inclúe material e obxectos radioactivos fisionables, que conteñan uranio-233, uranio-235, plutonio e outros isótopos de elementos transuránicos.</p> <p><b>SA — ARABIA SAUDITA</b></p>	
SA 1	Prohíbese o transporte de bebidas alcohólicas que vaian entregarse en calquera destino de Arabia Saudita.	
SA 2	O expedidor de calquera mercadoría perigosa debe comprometerse por escrito a reexpedir o envío pola súa conta e risco, se tal envío non é despachado e recibido polo consignatario nos 15 días laborables seguintes ao da súa chegada a calquera destino de Arabia Saudita.	
SA 3	Para todas as mercadorías perigosas con destino en Arabia Saudita debe escribirse na carta de porte aéreo o nome, o enderezo e o número de teléfono completos do consignatario.	
SA 4	<p>Requírese aprobación previa dos departamentos gobernamentais interesados para a importación dos seguintes artigos:</p> <p>a) municións de guerra e explosivos, que requiren ademais a aprobación de:</p> <p>Presidency of Civil Aviation Air Transport Department P.O. Box 887 Jeddah 21421 Arabia Saudita</p>	

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
	<p>b) produtos químicos, excepto os de perfumaría, cosméticos e xeo seco;</p> <p>c) material radioactivo. Soamente poderá importarse material radioactivo cuxo destino final sexa Jeddah, Riyadh e Dammam, salvo que sexa para uso médico, caso en que poderá importarse a calquera punto de Arabia Saudita.</p>	
SA 5	O destino final para o material radioactivo debe ser unicamente Jeddah, Riyadh ou Damman, salvo que sexa para uso médico, caso en que poderá transportarse a calquera punto de Arabia Saudita sempre que se especifique a dita intención na declaración do expedidor.	
SA 6	Para todas as mercadorías perigosas con destino en Arabia Saudita debe escribirse en cada vulto o nome, enderezo e número de teléfono completos do consignatario.	
<b>SG — SINGAPUR</b>		
SG 1	<p>Conforme o parágrafo 50D da Orde de navegación aérea de Singapur, os explotadores que desexen transportar mercadorías perigosas cara a, en tránsito, ou desde Singapur, deben obter previamente permiso de mercadorías perigosas por escrito da Autoridade de Aviación Civil de Singapur (CAAS). A información e os formularios de solicitude para obter o permiso de mercadorías perigosas poden obterse dirixíndose ao sitio web da CAAS (<a href="http://www.caas.gov.sg">www.caas.gov.sg</a>). Todas as solicitudes deben presentarse nos formularios prescritos e remitirse a:</p> <p>Dangerous Goods Unit Airworthiness/Flight Operations Division Civil Aviation Authority of Singapore Singapore Changi Airport P.O. Box 1 Singapore 918141 Teléfono: +65 6541 3487 Fax: +65 6545 6519 Correo-e: <a href="mailto:caas_dangerousgoods@caas.gov.sg">caas_dangerousgoods@caas.gov.sg</a></p>	7;1
SG 2	<p>Na Orde de navegación aérea de Singapur (ANO), municións de guerra (MOW) defínense como "armas e municións deseñadas para usalas na guerra ou contra unha persoa, comprendida toda peza deseñada para estas armas ou municións". MOW inclúe armas (para fins deportivos ou non deportivos), como rifles, pistolas e revólveres, ademais de compoñentes e pezas de armas. As MOW poden conter ou estar cargadas con explosivos, cartuchos, cargas, cebadores e municións que se clasifican como mercadorías perigosas de conformidade coas presentes instrucións.</p> <p>Os explotadores que desexen transportar municións de guerra por vía aérea cara a, por ou desde Singapur deben obter un permiso para MOW e un permiso para mercadorías perigosas de conformidade cos parágrafos 50C e 50D da Orde de navegación aérea.</p> <p>A información e os formularios de solicitude acerca dos permisos para MOW poden obterse dirixíndose ao sitio web da CAAS (<a href="http://www.caas.gov.sg">www.caas.gov.sg</a>). Todas as solicitudes deben presentarse nos formularios prescritos e remitirse a:</p> <p>Dangerous Goods Unit Airworthiness/Flight Operations Division Civil Aviation Authority of Singapore Singapore Changi Airport P.O. Box 1 Singapore 918141 Teléfono: +65 6541 3487 Fax: +65 6545 6519 Correo-e: <a href="mailto:caas_dangerousgoods@caas.gov.sg">caas_dangerousgoods@caas.gov.sg</a></p>	7;1
<b>TR — TURQUÍA</b>		
TR 1	A autoridade responsable de mercadorías perigosas en Turquía é a Dirección Xeral de Aviación Civil, que depende do Ministerio de Transporte:	

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
	<p>Directorate General of Civil Aviation Bosna Hersek Cad. 90. Sok. No. 5 Emek — Ankara</p> <p>Teléfono: (0312) 215 50 82 215 61 72 215 73 73</p> <p>Fax: (0312) 212 46 84 215 80 94</p> <p>Com: CIVIL AIR Télex: 44659 CAD TR AFTN: LTAYAAT SITA: ANKYXYA</p>	
TR 2	<p>Nos casos seguintes, as solicitudes para tránsito diplomático e autorización de voos que chegan deberán realizarse 10 días laborables antes do voo previsto:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>— aeronaves que transportan explosivos, armas e municións;</li> <li>— aeronaves que transportan persoal e funcionarios das Forzas Armadas;</li> <li>— aeronaves que transportan material radioactivo cara a ou desde Turquía.</li> </ul>	
<b>UA — UCRAÍNA</b>		
UA 1	<p>A exportación, a importación e o tránsito de material radioactivo, sen excepcións, están suxeitos á aprobación do Servizo estatal de control de exportacións de Ucraína e a unha decisión do Ministerio de Seguridade Ambiental (Administración Estatal de Regulamentación Nuclear de Ucraína). As consultas relativas a esta discrepancia deben dirixirse a:</p> <p>State Export Committee of Ukraine 19/21 Frunze Street Kiev, 254080 UKRAINE Teléfono/fax: 044-4624970</p> <p>ou</p> <p>State Nuclear Regulatory Administration of Ukraine 9/11 Arsenaina Street Kiev, 01011 UKRAINE Teléfono: 044-2944224 Fax: (044) 2948895</p>	5;1.2 7;1
<b>US — ESTADOS UNIDOS</b>		
US 1	<p>O transporte de mercadorías perigosas por vía aérea debe conformarse ao Regulamento dos Estados Unidos (49 CFR partes 171-180) ou ás presentes instrucións técnicas con suxeición a 49 CFR parte 171, subparte C. Os requisitos de 49 CFR 175 aplícanse á presentación, aceptación e transporte de mercadorías perigosas en comercio mediante aeronaves cara a, desde ou dentro dos Estados Unidos e a toda aeronave de matrícula dos Estados Unidos en comercio aéreo. A parte 175 contén requisitos adicionais que se aplican á persoa que desempeña, intenta desempeñar ou debe desempeñar unha función de conformidade con 49 CFR e que se aplican tamén aos pasaxeiros e membros da tripulación.</p> <p>Cando se utilizan as instrucións técnicas para o envío de mercadorías perigosas, o feito de non respectar estas instrucións e todas as discrepancias pertinentes notificadas polos Estados Unidos constitúe unha infracción ao Regulamento dos Estados Unidos.</p> <p>A autoridade nacional competente dos Estados Unidos é:</p> <p>Associate Administrator for Hazardous Materials Safety Pipeline and Hazardous Materials Safety Administration U.S. Department of Transportation Washington, D.C. 20590-0001</p>	1;1.4
	<p>As marcas dos vultos e o documento de transporte de mercadorías perigosas teñen que estar redactados en inglés. Non poden utilizarse abreviaturas, salvo</p>	5;2.5 5;4.1.6.3



Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
	<p>que estean especificamente autorizadas nestas instrucións ou nas subpartes C e D de 49 CFR 172.</p> <p>O expedidor debe conservar un exemplar do documento de transporte ou unha reprodución electrónica del por un período mínimo de dous anos despois da aceptación das mercadorías perigosas polo explotador inicial. En cada exemplar do documento de expedición incluírase a data de aceptación polo explotador inicial, pero tamén poderá utilizarse a data da carta de porte aéreo ou do coñecemento de embarque en lugar da data de aceptación polo primeiro explotador. No caso de residuos perigosos, o documento de transporte debe conservarse por un período de tres anos despois da súa aceptación polo explotador inicial.</p> <p><i>Nota.— O Regulamento dos Estados Unidos, igual que as interpretacións relativas ao seu uso, poden obterse mediante a internet en <a href="http://www.phmsa.dot.gov/hazmat/regs">http://www.phmsa.dot.gov/hazmat/regs</a>. As consultas relativas ao regulamento poden dirixirse a: Office of Hazardous Materials Safety Information Center. Teléfono: (800) 467-4922, (202) 366-4488 ou por correo-e: <a href="mailto:infoctr@dot.gov">infoctr@dot.gov</a>.</i></p>	
US 2	<p>Ademais das mercadorías perigosas enumeradas na Lista de mercadorías perigosas (táboa 3-1), respecto ás cales aparece nas columnas 2 e 3 a palabra "Prohibido", non se pode transportar cara a, desde ou dentro dos Estados Unidos, baixo ningunha circunstancia, ningunha substancia cuxo transporte estea prohibido de conformidade co Regulamento dos Estados Unidos (véxase 49 CFR 173.21 e a táboa de mercadorías que presentan riscos 49 CFR 172.101).</p> <p>A menos que se autorice especificamente na táboa de material perigoso (Hazardous Material Table) de 49 CFR 172.101, o transporte de líquidos con toxicidade por inhalación de vapores a que se aplican os criterios da división 6.1, grupo de embalaxe I ou de gases a que se aplican os criterios da división 2.3, está prohibido a bordo de aeronaves de pasaxeiros e de carga cara a, desde ou dentro dos Estados Unidos.</p> <p>As baterías e pilas de metal litio primarias (non recargables) (ONU 3090) non se aceptan para o transporte en aeronaves de pasaxeiros. As baterías que se transportan de conformidade coa sección IA ou IB da Instrución de embalaxe 968 deben levar a etiqueta CARGO AIRCRAFT ONLY (EXCLUSIVAMENTE EN AERONAVES DE CARGA). As baterías que se transportan de conformidade coa sección II da Instrución de embalaxe 968 deben ir marcadas "PRIMARY LITHIUM BATTERIES — FORBIDDEN FOR TRANSPORT ABOARD PASSENGER AIRCRAFT" (BATERÍAS DE LITIO PRIMARIAS — PROHIBIDO O TRANSPORTE EN AERONAVES DE PASAXEIROS) ou "LITHIUM METAL BATTERIES — FORBIDDEN FOR TRANSPORT ABOARD PASSENGER AIRCRAFT" (BATERÍAS DE METAL LITIO — PROHIBIDO O TRANSPORTE EN AERONAVES DE PASAXEIROS).</p> <p>As baterías e pilas de metal litio primarias (non recargables) instaladas nun equipamento ou embaladas cun equipamento (ONU 3091) non se aceptan para o transporte en aeronaves de pasaxeiros, salvo cando:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1) o equipo e as baterías e pilas se transportan de acordo coa Instrución de embalaxe 969 ou 970, segundo corresponda;</li> <li>2) o vulto contén como máximo o número de baterías ou pilas de metal litio que se necesitan para alimentar o equipamento correspondente;</li> <li>3) o contido de litio de cada pila, totalmente cargada, non excede 5 gramos;</li> <li>4) o contido total de litio do ánodo de cada batería, totalmente cargada, non excede 25 gramos; e</li> <li>5) o peso neto das baterías de litio non excede 5 kg (11 lb).</li> </ol> <p>As baterías e pilas de metal litio primarias (non recargables) instaladas nun equipamento ou embaladas cun equipamento (ONU 3091) que se transportan de conformidade coa sección I da Instrución de embalaxe 969 ou 970 e que non cumpren as condicións anteriores, non se aceptan para o transporte en aeronaves de pasaxeiros e deben levar a etiqueta CARGO AIRCRAFT ONLY (EXCLUSIVAMENTE EN AERONAVES DE CARGA).</p> <p>As baterías e pilas de metal litio primarias (non recargables) instaladas nun equipamento ou embaladas cun equipamento (ONU 3091) que se transportan de</p>	1;2;1 3;2 4;11
±		

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes												
US 3	<p>conformidade coa sección II da Instrución de embalaxe 969 ou 970 e que non cumpren as condicións anteriores, non se aceptan para o transporte en aeronaves de pasaxeiros e deben ir marcadas "PRIMARY LITHIUM BATTERIES — FORBIDDEN FOR TRANSPORT ABOARD PASSENGER AIRCRAFT" (BATERÍAS DE LITIO PRIMARIAS — PROHIBIDO O TRANSPORTE EN AERONAVES DE PASAXEIROS) ou "LITHIUM METAL BATTERIES — FORBIDDEN FOR TRANSPORT ABOARD PASSENGER AIRCRAFT" (BATERÍAS DE METAL LITIO — PROHIBIDO O TRANSPORTE EN AERONAVES DE PASAXEIROS).</p> <p><i>Nota 1.— As mercadorías perigosas que están prohibidas en aeronaves de pasaxeiros conforme 49 CFR 172.101 (columna 9A) tamén están prohibidas en aeronaves de pasaxeiros aínda que nas Instrucións técnicas da OACI se permita o seu transporte. As mercadorías perigosas que están prohibidas en aeronaves de carga conforme 49 CFR 172.101 (columna 9B) tamén están prohibidas en aeronaves de carga aínda que nas Instrucións técnicas da OACI se permita o seu transporte.</i></p> <p><i>Nota 2.— Non se permite aos pasaxeiros ou á tripulación transportar mercadorías perigosas cuxo transporte non está permitido na equipaxe facturada nin na equipaxe de man conforme 49 CFR 175.10, mesmo que o seu transporte estea autorizado en virtude da parte 8 das presentes instrucións. Por exemplo, non está autorizado que os pasaxeiros ou a tripulación transporten mochilas de rescate en avalanchas [véxase táboa 8-1, 17].</i></p>	3;1 Táboa 3-1												
US 4	<p>As disposicións seguintes aplícanse ás substancias para as cales esta discrepancia se identifica na columna 6 da táboa 3-1:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1) se na columna 7 aparece A1, non poden transportarse cara a, desde ou dentro dos Estados Unidos a bordo dunha aeronave de pasaxeiros sen aprobación previa da autoridade competente dos Estados Unidos (véxase US 1);</li> <li>2) se na columna 7 aparece A2, non poden transportarse cara a, desde ou dentro dos Estados Unidos a bordo dunha aeronave de pasaxeiros ou de carga sen aprobación previa da autoridade competente dos Estados Unidos (véxase US 1);</li> <li>3) os prototipos de baterías e pilas de litio de conformidade coa Disposición especial A88 e os peróxidos orgánicos e as substancias de reacción espontánea que non están identificados por un nome técnico en 49 CFR 173.225 b) non poden transportarse cara a, desde ou dentro dos Estados Unidos a bordo de aeronaves de pasaxeiros ou de carga sen autorización previa da autoridade competente dos Estados Unidos (véxase US 1).</li> </ol> <p>A seguir figuran substancias que están suxeitas a condicións adicionais cando se transportan por vía aérea cara a, desde ou dentro dos Estados Unidos. As condicións adicionais que figuran en III tamén se aplican aos transportistas estadounidenses que operan fóra dos Estados Unidos.</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>I. <i>Substancias que presentan riscos.</i> Cando unha substancia, mesmo as súas mesturas e solucións, enumerada no apéndice A do Regulamento 49 CFR 172.101, se entrega para o transporte nun vulto no cal a cantidade neta da substancia, mestura ou solución é igual a ou excede da cantidade (RQ) indicada para a substancia no apéndice A, a substancia, mestura ou solución considéranse substancias que presentan riscos, a menos que: <ul style="list-style-type: none"> <li>— se trate dun derivado do petróleo que serve de lubricante ou de combustible; ou</li> <li>— se trate dunha concentración inferior á indicada na táboa que segue, baseada na RQ especificada para ese material:</li> </ul> <table border="1" data-bbox="437 1794 978 1933"> <thead> <tr> <th data-bbox="437 1794 563 1839">RQ Quilogramos</th> <th data-bbox="647 1794 762 1839">Concentración en masa Porcentaxe</th> <th data-bbox="858 1794 914 1839">Concentración en masa PPM</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td data-bbox="437 1861 488 1883">45,4</td> <td data-bbox="683 1861 715 1883">0,2</td> <td data-bbox="858 1861 914 1883">2 000</td> </tr> <tr> <td data-bbox="437 1883 488 1906">4,54</td> <td data-bbox="683 1883 730 1906">0,02</td> <td data-bbox="874 1883 914 1906">200</td> </tr> <tr> <td data-bbox="437 1906 488 1928">0,45</td> <td data-bbox="671 1906 742 1928">0,002</td> <td data-bbox="882 1906 906 1928">20</td> </tr> </tbody> </table> </li> </ol> <p>Respecto a mesturas de radionúclidos, véxase a nota 7 do apéndice A de 49 CFR 172.101.</p>	RQ Quilogramos	Concentración en masa Porcentaxe	Concentración en masa PPM	45,4	0,2	2 000	4,54	0,02	200	0,45	0,002	20	
RQ Quilogramos	Concentración en masa Porcentaxe	Concentración en masa PPM												
45,4	0,2	2 000												
4,54	0,02	200												
0,45	0,002	20												

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
<p>As substancias que encerran riscos, salvo cando se trate de residuos que presentan riscos, tal como se definen na sección II, deben axustarse aos seguintes requisitos:</p>	<p>a) Respecto a toda substancia que presente riscos e que sexa unha mercadoría perigosa de conformidade con estas instrucións técnicas, salvo as que figuran baixo as denominacións do artigo expedido “SUBSTANCIA LÍQUIDA PERIGOSA PARA O AMBIENTE, N.E.N.P.” ou “SUBSTANCIA SÓLIDA PERIGOSA PARA O AMBIENTE, N.E.N.P.”:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1) a menos que xa estea incluído na denominación do artigo expedido; e excepto para material radioactivo da clase 7, o nome da substancia que presenta risco ten que indicarse entre parénteses en relación coa descrición da mercadoría perigosa que figure no documento de transporte e coa denominación do artigo expedido nas marcas do vulto; e</li> <li>2) as letras “RQ” deben aparecer no documento de transporte, xa sexa antes ou despois da descrición básica e en relación coa denominación do artigo expedido que haxa que marcar no vulto.</li> </ol> <p>b) Canto ás substancias que presenten riscos pero non se axusten a ningunha outra definición de mercadorías perigosas segundo estas instrucións técnicas:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1) a substancia que presente riscos expedirase baixo a descrición básica de mercadorías perigosas “SUBSTANCIA LÍQUIDA PERIGOSA PARA O AMBIENTE, N.E.N.P., clase 9, ONU 3082, III” ou “SUBSTANCIA SÓLIDA PERIGOSA PARA O AMBIENTE, N.E.N.P., clase 9, ONU 3077, II”, segundo corresponda, e de conformidade cós requisitos das presentes instrucións técnicas que se apliquen ao despacho de mercadorías comprendidas nesta descrición;</li> <li>2) salvo 4;1.1.6, o vulto ten que satisfacer todas as condicións xerais de embalaxe aplicables da parte 4, capítulo 1 destas instrucións, que serían aplicables ás mercadorías perigosas do grupo de embalaxe III;</li> <li>3) consignaranse as letras “RQ” no documento de transporte, antes ou despois da descrición básica e xunto á denominación do artigo expedido que deba marcarse no vulto; e</li> <li>4) indicarse entre parénteses o nome da substancia que presente riscos, xunto coa descrición das mercadorías perigosas no documento de transporte e xunto coa denominación do artigo expedido nas marcas do vulto. Se o material contén máis de dúas substancias perigosas, deben identificarse unicamente as dúas que presentan as cantidades notificables máis reducidas.</li> </ol>	<p><i>Nota.— A lista de mercadorías que presentan riscos e as RQ aplicables que figuran no apéndice A de 49 CFR 172.101 poden obterse mediante a internet en:</i></p>
	<p><u><a href="http://www.phmsa.dot.gov/hazmat/regs/international/icao">http://www.phmsa.dot.gov/hazmat/regs/international/icao</a></u></p>	
	<p>II. <i>Residuos que presentan riscos.</i> Enténdese por residuos que presentan riscos todos os materiais supeditados ás condicións aplicables ao manifesto de residuos que presentan riscos, da Oficina de Protección do Medio Ambiente dos Estados Unidos (EPA), previstos en 40 CFR, parte 262. Aplícanse os seguintes requisitos ao transporte de residuos que presentan riscos:</p>	
	<p>a) Respecto a todo residuo que encerre riscos e que sexa unha substancia perigosa de conformidade con estas instrucións técnicas, salvo os que figuran baixo as denominacións do artigo expedido “SUBSTANCIA LÍQUIDA PERIGOSA PARA O AMBIENTE, N.E.N.P.” ou “SUBSTANCIA SÓLIDA PERIGOSA PARA O AMBIENTE, N.E.N.P.”:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1) no documento de transporte e nas marcas dos vultos debe aparecer a palabra “RESIDUO” precedendo a denominación do artigo expedido; e</li> <li>2) os requisitos previstos en 49 CFR 172.205 son aplicables con respecto ao manifesto de residuos que presentan riscos.</li> </ol>	

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
<p>b) Canto aos residuos que presenten riscos pero non se axusten a ningunha outra definición de mercadorías perigosas segundo estas instrucións técnicas:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1) o residuo que presente riscos expedirase baixo a descrición básica de mercadorías perigosas "SUBSTANCIA LÍQUIDA PERIGOSA PARA O AMBIENTE, N.E.N.P., clase 9, ONU 3082, III" ou "SUBSTANCIA SÓLIDA PERIGOSA PARA O AMBIENTE, N.E.N.P., clase 9, ONU 3077, III", segundo corresponda, e de conformidade cos requisitos das presentes instrucións técnicas que se apliquen ao despacho de mercadorías comprendidas nesta descrición;</li> <li>2) o vulto ten que satisfacer todas as condicións xerais de embalaxe aplicables da parte 4, capítulo 1 destas instrucións, que serían aplicables ás mercadorías perigosas do grupo de embalaxe III;</li> <li>3) aplícanse os requisitos da norma 49 CFR 172.205 con respecto aos residuos que presentan riscos; e</li> <li>4) para os residuos que presentan riscos e que se axusten á definición de substancia que presenta riscos, indícanse as letras "RQ" e o nome da substancia que presenta riscos entre parénteses, xunto coa descrición básica nos documentos de transporte e nas marcas do vulto.</li> </ol> <p><i>Nota 1.— Dentro dos Estados Unidos, soamente poden transportar residuos que presentan riscos os transportistas que conseguiron o correspondente número de identificación como transportista de residuos da Oficina de Protección do Medio Ambiente (EPA).</i></p> <p><i>Nota 2.— A asignación das substancias descritas en I e II ao ONU 3077 e ONU 3082 axústase á Disposición especial A97 destas instrucións técnicas.</i></p> <p><i>Nota 3.— A lista de mercadorías que presentan riscos e as RQ aplicables que figuran no apéndice A de 49 CFR 172.101 poden obterse mediante a internet en:</i></p> <p><u><a href="http://www.phmsa.dot.gov/hazmat/regs/international/icao">http://www.phmsa.dot.gov/hazmat/regs/international/icao</a></u></p> <p>III. <i>Outros materiais.</i> Os materiais que non estean supeditados aos requisitos previstos nestas instrucións técnicas, pero que se axusten á definición de clase de risco en 49 CFR, partes 171-180 teñen que transportarse de conformidade con ese regulamento.</p>	2;1.3	
US 5	<p>Non está permitido o transporte de obxectos ou substancias explosivos cara a, desde ou dentro dos Estados Unidos, salvo con aprobación previa da autoridade competente dos Estados Unidos [(véxase US 1), Attention: Approvals and Permits Division (PHH-30)]. Unha vez outorgada, esa aprobación segue sendo válida para o transporte posterior do obxecto ou substancia, sempre que non se modifique a súa composición, deseño ou embalaxe. Salvo cando se prescriba doutro modo en 49 CFR 172.320, cada un dos vultos que conteñan obxectos ou substancias explosivas deberá marcarse co número EX asignado na aprobación de cada substancia, obxecto ou dispositivo contido no vulto. O número EX poderá proporcionarse tamén xunto coa descrición das mercadorías perigosas no documento de transporte, en lugar de marcarse no vulto como se prescribese en 49 CFR 172.320 d). Os obxectos do tipo que figura en 49 CFR 173.56 h) non requiren aprobación previa nin número EX.</p>	Táboa 3-1
US 6	<p>Os cilindros transportados cara a, desde ou dentro dos Estados Unidos deberán fabricarse, inspeccionarse e someterse a ensaios de conformidade coas especificacións pertinentes de 49 CFR 178, excepto no caso dos cilindros fabricados no estranxeiro que se reciben nos Estados Unidos para ser enchidos, os cales poderán transportarse, con fins de exportación desde os Estados Unidos, de conformidade con 49 CFR 171.23 a)4). O deseño e a aprobación das cisternas móbiles deberán axustarse aos requisitos de 49 CFR 178.270 a 178.272, sempre que non sexan cisternas móbiles, fabricadas fóra dos Estados Unidos que cumpren cos requisitos da Regulamentación modelo das Nacións Unidas.</p>	Táboa 3-1

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
	Salvo o prescrito en 49 CFR 173.306, os recipientes para aerosois de máis de 120 mililitros (4 onzas líquidas) deben ser metálicos ou de plástico e para unha soa carga. Os aerosois deben constar dun gas comprimido, licuado ou disolto baixo presión cuxo único propósito sexa expeler un líquido, pasta ou po non venenoso (que non sexa da división 6.1, grupo de embalaxe III), e un disparador de peche automático que permita ao gas expeler o contido.	2;2 Instrucións de embalaxe: 203, I203, 204, I204, 212, (ONU 1950)
US 7	Os acendedores ou outros dispositivos similares que conteñan gas inflamable (como acendedores para lareiras e fachos) non poderán transportarse cara a, desde ou dentro dos Estados Unidos, salvo que o deseño do obxecto fose examinado e ensaiado por unha persoa autorizada pola autoridade competente dos Estados Unidos (véxase US 1). En 49 CFR 173.308 figura información sobre os prototipos de mostras que se someten a exame e ensaio.	
	Os números de aprobación proporcionados pola autoridade competente dos Estados Unidos (véxase US 1) antes do 1 de xaneiro de 2007 xa non son válidos e todo deseño de acendedor que estea actualmente en produción debe ser novamente obxecto de exame e ensaio de conformidade coas disposicións de 49 CFR 173.308..	5;2 5;4
US 10	No transporte do material radioactivo, cara a, desde ou dentro dos Estados Unidos, son aplicables os requisitos e limitacións adicionais que se enumeran a seguir: <ul style="list-style-type: none"> <li>a) O material radioactivo, salvo o contido en vultos exceptuados, non poderá entregarse para o transporte a bordo de aeronaves de pasaxeiros, a menos que o material radioactivo sirva para traballos de investigación, ou diagnósticos ou tratamentos médicos, ou teña algunha relación con eles. O documento de transporte de material radioactivo, salvo o contido en vultos exceptuados a bordo de aeronaves de pasaxeiros, debe incluír unha certificación de que o envío contén material radioactivo destinado a traballos de investigación, ou diagnósticos ou tratamentos médicos, ou relacionados con eles. Independentemente do uso previsto, ninguén poderá levar consigo un vulto do tipo B(M) a bordo dunha aeronave de pasaxeiros, un vulto do tipo B(M) con ventilación a bordo de ningunha aeronave, ou un líquido pirofórico da clase 7 a bordo de ningunha aeronave.</li> <li>b) Ninguén poderá entregar para o transporte a bordo de aeronaves de pasaxeiros vultos ou sobreembalaxes cuxo índice de transporte sexa superior a 3,0.</li> <li>c) Ninguén pode entregar para o transporte a bordo de aeronaves plutonio, excepto se: <ul style="list-style-type: none"> <li>1) o plutonio está incluído nun dispositivo médico deseñado para uso persoal;</li> <li>2) a actividade específica do material en que está contido o plutonio é inferior a 1 Bq/g;</li> <li>3) o plutonio se expide nun vulto único que contén como máximo unha cantidade <math>A_2</math> de plutonio ou os seus isótopos, en calquera forma e se expide de conformidade coas disposicións pertinentes destas instrucións para o material radioactivo da clase 7; ou</li> <li>4) a autoridade competente dos Estados Unidos autoriza especificamente a expedición de plutonio por vía aérea.</li> </ul> </li> <li>d) Nos vultos que conteñan material radioactivo de actividade superior a: <ul style="list-style-type: none"> <li>1) <math>3000 \times A_1</math>;</li> <li>2) <math>3000 \times A_2</math>; ou</li> <li>3) 1000 TBq (27 000 Ci), sexa cal for a cantidade menor,</li> </ul> a indicación "cantidade controlada por estrada" deberá figurar no documento de transporte.</li> </ul>	5;1,2 7;1

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
	<p>e) Os vultos que conteñan:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1) <math>3000 \times A_1</math>;</li> <li>2) <math>3000 \times A_2</math>; ou</li> <li>3) 1000 TBq (27 000 Ci), sexa cal for a cantidade menor,</li> </ol> <p>deberán levar a etiqueta amarela de material radioactivo da clase 7, Categoría III.</p>	5;1.2.3.1.4
	<p>f) Todos os prototipos de vultos do tipo B(U), tipo B(M), tipo H(U), tipo H(M) e de vultos para substancias fisionables deberán ser certificados polo Departamento de Transporte dos Estados Unidos. Os vultos individuais cun índice de seguridade con respecto á criticidade superior a 50 e as expedicións de vultos cun índice total de seguridade con respecto á criticidade superior a 50 nas aeronaves de pasaxeiros e a 100 nas aeronaves de carga non poden transportarse cara a, desde ou dentro dos Estados Unidos a bordo de aeronaves de pasaxeiros ou de carga sen autorización previa da autoridade competente dos Estados Unidos (véxase US 1). As solicitudes de certificación de prototipos de vultos e as aprobacións deben enviarse á autoridade competente dos Estados Unidos, Attention: Radioactive Materials Branch (PHH-23).</p>	6;7.7 6;7.8
	<p>g) Salvo o material de baixa actividade específica e os obxectos contaminados na superficie, os límites de actividade para os vultos do tipo A e do tipo B deberán limitarse de conformidade con 49 CFR 173.431.</p>	
US 11	<p>Poderase considerar que un acumulador eléctrico de electrólito líquido inderramable non está suxeito a estas instrucións unicamente se o acumulador e a súa embalaxe exterior están marcados de maneira clara e indeleble coa indicación "INDERRAMABLE" ou "ACUMULADOR INDERRAMABLE" e o acumulador satisfai as condicións que figuran na Disposición especial A67 para considerar que non está suxeito a estas instrucións.</p>	Táboa 3-2
US 12	<p>Nas expedicións cara a, desde, no interior ou en tránsito polos EUA, debe subministrarse información de resposta de emerxencia tal como se describe a seguir, con respecto a toda mercadoría perigosa que non sexa material magnetizado, unha mercadoría perigosa para a cal non se exige documento de transporte, ou outro material regulamentado segundo se define en 49 CFR 173.144.</p> <p><i>Número telefónico.</i> O documento de transporte requirido por estas instrucións debe conter un número telefónico de resposta de emerxencia (cos seus códigos de área e para os números internacionais en lugares fóra dos Estados Unidos, os códigos de país e cidade necesarios para completar a chamada desde os Estados Unidos) para utilizalo en caso de incidente relacionado con mercadorías perigosas. Mentres as mercadorías perigosas se estean transportando, incluíndo o tempo de almacenamento durante o transporte, en todo momento, ese número deberá estar supervisado por unha persoa que:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1) estea informada dos riscos e características de mercadorías perigosas transportadas;</li> <li>2) dispoña de ampla información de resposta de emerxencia e atenuación de accidentes con respecto a mercadorías perigosas; ou</li> <li>3) teña acceso inmediato a unha persoa que posúa tales coñecementos e información.</li> </ol> <p>O número telefónico debe rexistrarse no documento de transporte, identificando claramente o seu obxectivo (por exemplo: "CONTACTO DE EMERXENCIA: ****"), xa sexa:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1) inmediatamente despois da descrición da mercadoría perigosa mencionada no documento; ou</li> <li>2) se soamente corresponde un número a cada mercadoría perigosa enumerada no documento de transporte, a información pode indicarse nun sitio destacado, sempre que o número se identifique como número telefónico de resposta de emerxencia.</li> </ol>	5;4.1.4 7;4.4

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
	<p>O número de teléfono debe ser o número da persoa que presenta as mercadorías perigosas para o seu transporte ou o número da entidade ou organización que pode proporcionar información detallada sobre as mercadorías perigosas, e que acepta a responsabilidade de facelo. A persoa que presenta as mercadorías perigosas para o seu transporte e que proporciona o número telefónico dunha entidade ou organización debe asegurarse de que a entidade ou organización recibiu información vixente sobre o material antes de que este sexa presentado para o seu transporte.</p> <p>Non se require un número telefónico de resposta de emerxencia para os artigos descritos como corresponde baixo as denominacións "Equipamentos accionados con acumuladores", "Vehículos accionados con acumuladores", "Dióxido de carbono sólido", "Artigo de consumo", "Xeo seco", "Motores de combustión interna (accionados con gas inflamable)", "Motores de combustión interna (accionados con líquido inflamable)", "Vehículos (accionados con gas inflamable)", "Vehículos (accionados con líquido inflamable)", "Rícino en flocos", "Rícino, fariña de", "Rícino, sementes", "Rícino, torta de", "Frigoríficos" e materiais transportados en virtude das disposicións relativas a cantidades limitadas".</p> <p><i>Información de resposta de emerxencia.</i> A información de resposta de emerxencia relativa á mercadoría perigosa transportada debe estar dispoñible inmediatamente en todo momento en que a mercadoría perigosa estea presente. Esta información debería ser apropiada para utilizarse en caso de que un incidente, inclusive un incidente que suceda durante as operacións en terra, exixa unha resposta de emerxencia e ante accidentes. Esta información debe incluír como mínimo:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1) a descrición da mercadoría perigosa segundo 5;4 das presentes instrucións;</li> <li>2) os riscos inmediatos para a saúde;</li> <li>3) os riscos de incendio ou explosión;</li> <li>4) as precaucións inmediatas que hai que tomar en caso de accidente ou incidente;</li> <li>5) os métodos inmediatos para combater incendios;</li> <li>6) os métodos iniciais para reparar as perdas ou fugas, se non hai incendio; e</li> <li>7) as medidas preliminares de primeiros auxilios.</li> </ol> <p>A información debe estar impresa en inglés, estar dispoñible fóra do vulto que contén a mercadoría perigosa e ser inmediatamente accesible en caso de incidente. Os métodos para dar cumprimento a este requisito comprenden, aínda que non exclusivamente:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1) que se inclúa a información no documento de transporte;</li> <li>2) que se agregue a información nun documento á parte, como un prego de datos importantes de seguridade que inclúa como mínimo toda a información mencionada; ou</li> <li>3) proporcionando a información para usala conxuntamente co documento de transporte (ou a bordo da aeronave, conxuntamente coa información proporcionada ao piloto ao mando que se require en 7;4.1 das presentes instrucións), nun documento á parte, como a <i>Orientación sobre resposta de emerxencia para afrontar incidentes aéreos relacionados con mercadorías perigosas</i> (Doc 9481) da OACI.</li> </ol>	
US 13	<p>Os explotadores deben axustarse a todos os requisitos de 49 CFR, parte 175 (véxase US 1). Estes requisitos inclúen, aínda que esta lista non sexa exhaustiva, o seguinte:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>a) Non se aceptará ningún vulto preparado de conformidade coas presentes instrucións técnicas para o transporte cara a, desde ou dentro dos Estados Unidos, a menos que o expedidor se axustase a todas as discrepancias aplicables dos Estados Unidos indicadas nas presentes instrucións técnicas.</li> <li>b) O explotador inicial debe conservar unha copia do documento de transporte, ou unha reprodución electrónica del, durante un período mínimo dun ano despois de ter aceptado as mercadorías perigosas. En cada exemplar do documento de expedición incluírase a data de aceptación polo explotador</li> </ol>	7;1
		7;1

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
	<p>inicial. A data inscrita no documento de expedición poderá ser aquela en que o expedidor notifica ao transportista aéreo que un envío está listo para o transporte, segundo se indica na carta de porte aéreo ou o coñecemento de embarque, en lugar da data en que o envío é recollido ou aceptado polo transportista. No caso de residuos perigosos, o exemplar do documento de transporte conservárase por un período de tres anos despois da súa aceptación polo explotador inicial.</p>	
	<p>c) Na notificación ao piloto ao mando da aeronave deberanse enumerar aqueles outros materiais que se consideren mercadorías perigosas segundo os regulamentos dos Estados Unidos, tal como o indican as discrepancias e proporcionase a información requirida ao respecto.</p>	7;4.1.1
	<p>d) Salvo materiais en cantidades limitadas ou exceptuadas, substancias da clase 9, acumuladores de aeronave transportados como artigo de recambio (49 CFR 175.8), e obxectos e substancias considerados perigosos nestas instrucións técnicas pero que non estean suxeitos ao disposto en 49 CFR, partes 170-180, aplícanse as limitacións seguintes:</p>	
	<p>1) Non poderán transportarse a bordo dunha aeronave máis de 25 kg de masa neta de mercadorías perigosas e, ademais, 75 kg de masa neta de gases ininflamables cuxo transporte se permita en aeronaves de pasaxeiros, de maneira que queden inaccesibles.</p>	
	<p>2) Para o transporte en aeronaves de carga, tamén se exceptúan desta discrepancia as substancias seguintes:</p>	
	<p>i) Substancias da clase 3 (líquidos inflamables), grupo de embalaxe III (salvo as que levan a etiqueta CORROSIVO);</p>	
	<p>ii) Substancias da clase 6 (tóxicas), (salvo as que levan ademais a etiqueta INFLAMABLES) (grupos de embalaxe II e III unicamente);</p>	
	<p>iii) Substancias da división 6.2 (substancias infecciosas); e</p>	
	<p>iv) Material da clase 7 (radioactivo) que non se axusta á definición doutra clase de risco.</p>	
	<p><i>Nota 1.— Accesible significa, nunha aeronave de pasaxeiros ou exclusivamente de carga, que cada vulto está estibado nun lugar onde un membro da tripulación ou outra persoa autorizada pode ter acceso, manipular e, cando o tamaño e o peso o permiten, separar tales vultos doutra carga durante o voo, incluíndo contedores de carga nun compartimento de carga accesible se as mercadorías perigosas están estibadas de modo que quedan accesibles. Adicionalmente, considérase que un vulto está accesible cando se transporta nunha aeronave exclusivamente de carga se está:</i></p>	
	<p><i>— nun compartimento de carga certificado pola FAA como compartimento de carga de aeronave de clase C segundo se define en 14 CFR 25.857(c); ou</i></p>	
	<p><i>—nun contedor de carga certificado pola FAA que conta cun sistema de detección de incendios ou de fume e un sistema de supresión de incendios equivalentes aos que se requiren conforme os requisitos de certificación para compartimentos de carga de aeronave de clase C.</i></p>	
	<p><i>Nota 2.— Inaccesible significa todas as outras configuracións para incluír vultos estibados nun lugar onde un membro da tripulación ou outra persoa autorizada non pode ter acceso, manipular nin, cando o tamaño e o peso o permiten, separar tales vultos doutra carga durante o voo, incluíndo contedores de carga nun compartimento de carga accesible se os vultos están estibados de maneira que quedan inaccesibles.</i></p>	



Clave de identificación

Discrepancia

Parágrafos pertinentes

Na táboa seguinte figuran os límites impostos por esta discrepancia:

Aplicabilidade	Prohibido	<i>Límite de cantidade: 25 kg de peso neto de mercadorías perigosas máis 75 kg de peso neto de gas ininflamable por compartimento de carga</i>	Sen limitación
Aeronaves de pasaxeiros	Vultos con etiqueta de "exclusivamente en aeronaves de carga"	Inaccesible	Accesible
Aeronaves exclusivamente de carga — vultos autorizados a bordo de aeronaves de pasaxeiros	Non se aplica	Inaccesible	Accesible
Aeronaves exclusivamente de carga — vultos non autorizados a bordo de aeronaves de pasaxeiros e con etiqueta de "exclusivamente en aeronaves de carga"	Inaccesible	Non se aplica	Accesible

e) Os explotadores deben cumprir cos requisitos de notificación de incidentes prescritos en 49 CFR 171.15 e 171.16 e cos requisitos de notificación de discrepancias prescritos en 175.31.

7;4.4

*Nota.— Poden obterse copias do formulario de notificación de incidentes e orientacións para cubri-lo en:*

<http://www.phmsa.dot.gov/hazmat/incident-reports>.

US 15

Salvo o prescrito con respecto aos cilindros de oxíxeno comprimido, ningún pode cargar ou transportar cara a, desde ou dentro dos Estados Unidos un vulto que conteña mercadorías perigosas que exixen unha etiqueta coa indicación COMBURENTE nun compartimento de carga inaccesible que non conte cun sistema de detección de incendios ou de fume e un sistema de supresión de incendios.

Táboa 3-1  
Instrución de  
embalaxe 200  
7;2, 7;4.1

Os cilindros de oxíxeno comprimido deberán transportarse de conformidade co seguinte:

- non poderá estibarse un total combinado de máis de seis cilindros de oxíxeno comprimido por aeronave en compartimentos de carga sen un sistema de detección de incendios ou de fume e un sistema de supresión de incendios;
- salvo no caso dos cilindros cuxo transporte está permitido na cabina de pasaxeiros conforme as condicións que figuran a seguir, os cilindros de oxíxeno transportados en aeronaves de pasaxeiros ou nun compartimento de carga inaccesible en aeronaves de carga, deberán estibarse horizontalmente o máis preto posible do piso do compartimento de carga ou do dispositivo de carga unitarizada;

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
	<p>c) cando se transporte en compartimentos da clase B ou o seu equivalente (é dicir, un compartimento accesible con sistema de detección de incendios), os cilindros de oxíxeno comprimido deberán cargarse de maneira que un membro da tripulación poida ver, manipular e, cando as dimensións e o peso o permitan, separar os cilindros doutra carga durante o voo. Non poderán transportarse en compartimentos de carga da clase B ou o seu equivalente máis de seis cilindros de oxíxeno comprimido e un cilindro de oxíxeno comprimido para uso médico por pasaxeiro que necesite oxíxeno no punto de destino, cunha capacidade nominal de 1 000 L (34 pés cúbicos) ou menos de oxíxeno; e</p> <p>d) todo cilindro debe satisfacer os requisitos da discrepancia US 6 e estar embalado segundo se require na discrepancia US 18.</p> <p>Os cilindros que conteñen oxíxeno comprimido para uso médico, de propiedade dun explotador de aeronaves ou alugados por el e presentados para o transporte por pasaxeiros que o necesitan para uso médico persoal no lugar de destino, poderán transportarse na cabina dunha aeronave de pasaxeiros conforme as disposicións seguintes:</p> <p>a) na cabina da aeronave poderá transportarse un máximo de seis cilindros de propiedade do explotador da aeronave, ademais dun máximo dun cilindro por pasaxeiro que o necesite para uso médico persoal no lugar de destino;</p> <p>b) a capacidade nominal de cada un dos cilindros non poderá exceder 1 000 L (34 pés cúbicos);</p> <p>c) cada un dos cilindros deberá axustarse aos requisitos que figuran na discrepancia US 6 e ir nunha sobreembalaxe ou embalaxe exterior que se axuste aos criterios de idoneidade da especificación 300 da Air Transport Association (ATA) para a categoría I, ou ben colocarse nunha embalaxe exterior de metal, plástico ou madeira que se axuste á norma ONU ao nivel de idoneidade correspondente ao grupo de embalaxe I ou II; e</p> <p>d) os cilindros de oxíxeno transportados de conformidade con estas disposicións deberán incluírse na información proporcionada ao piloto ao mando de acordo con 7;4.1 destas instrucións.</p>	8;1.1.2
US 16	Os infladores de bolsas inflables, os módulos de bolsas inflables e os pretensores de cintos de seguridade non poderán transportarse cara a, desde ou dentro dos Estados Unidos sen aprobación previa da autoridade competente dos Estados Unidos (véxase US 1). Atención: Approvals and Permits Division (PHH-30). Esta aprobación segue sendo válida para o transporte ulterior sempre que non haxa cambio na súa composición, deseño ou embalaxe. No transporte do interior, os infladores de bolsas inflables, os módulos e os pretensores que se axusten aos criterios dos explosivos da división 1.4G transportaranse coa descrición seguinte: "Obxectos pirotécnicos para usos técnicos", ONU 0431. O documento de transporte de mercadorías perigosas (documentos de expedición) incluírá o número EX ou o código do produto para cada inflador, módulo ou pretensor aprobado conxuntamente coa descrición básica que se require en 5;4.1.4. Se se utiliza o código dos produtos, estes terán que poder localizarse co número EX específico asignado ao inflador, módulo ou pretensor, segundo corresponda, pola autoridade competente dos Estados Unidos. Non se require marcar o número EX ou o código do produto na embalaxe exterior.	
US 17	Os expedidores e explotadores deberán cumprir cos requisitos de seguridade prescritos na 49 CFR parte 172, subparte I, segundo corresponda.	1;5
US 18	Os cilindros que conteñen oxíxeno comprimido, ONU 1072; gas comprimido comburente, n.e.n.p., ONU 3156; gas licuado comburente, n.e.n.p., ONU 3157; trifluoruro de nitróxeno, ONU 2451; ou óxido nítrico, ONU 1070, deben embalarse de conformidade con 49 CFR 173.302(f) e 173.304(f) e poñerse nunha embalaxe exterior rixida que se axuste aos requisitos específicos de penetración de chamas e resistencia térmica segundo o prescrito nos apéndices D e E de 49 CFR parte 178. Este requisito non se aplica aos cilindros que conteñen oxíxeno comprimido de uso médico transportado de conformidade coa discrepancia US 15.	
	Os xeradores de oxíxeno químicos (segundo se definen en 49 CFR 171.8) soamente poden transportarse en aeronaves de carga de acordo co disposto en 49 CFR 173.168. O transporte de xeradores de oxíxeno químicos, ONU 3356, non está permitido en aeronaves de pasaxeiros, a non ser que se conte coa aprobación das autoridades competentes dos Estados Unidos (véxase US 1). Os xeradores de oxíxeno químicos, ONU 3356, que se	

<i>Clave de identificación</i>	<i>Discrepancia</i>	<i>Parágrafos pertinentes</i>
	transportan cun medio de iniciación deben ser obxecto de clasificación e aprobación pola autoridade competente dos Estados Unidos (véxase US 1) de conformidade cos procedementos especificados en 49 CFR 173.56. Aquí inclúense os xeradores de oxixeno instalados nos equipamentos respiratorios persoais que se transportan de acordo coa Disposición especial A144 das presentes instrucións.	
	<b>VC — SRI LANKA</b>	
VC 1	Ningún explotador de aeronaves deberá transportar mercadorías perigosas por vía aérea cara a, desde ou sobre Sri Lanka sen a aprobación expresa por escrito do director xeral de Aviación Civil de Sri Lanka.	1;1.2
VC 2	Xeralmente outórgase autorización por un período determinado de tempo con suxeición ao cumprimento rigoroso das Instrucións técnicas da OACI e a calquera outra condición que o director xeral de Aviación Civil considere necesaria.	1;1.2
VC 3	A solicitude de autorización debe dirixirse a:  General Director of Civil Aviation Civil Aviation Authority of Sri Lanka No. 4, Hunupitiya Road, Colombo 02 Sri Lanka Fax: 94 11 2304644 ou 94 11 2304649  polo menos dez días antes da data do primeiro voo en que se transportarán as mercadorías perigosas.	1;1.2
VC 4	O transporte de substancias infecciosas, comprendidas as mostras para diagnóstico e os produtos biolóxicos, non está permitido no correo internacional cara a ou desde Sri Lanka.	1;2.3
VC 5	Nas marcas de embalaxes e sobreembalaxes utilizarase o idioma inglés.	5;2.5
VC 6	En todas as etiquetas de risco deberá incluírse un texto breve en inglés que indique o tipo de risco que corresponde.	5;3
VC 7	Nos envíos cara a, desde ou en tránsito por Sri Lanka, incuirase no formulario de declaración do expedidor un número de teléfono de resposta de emerxencia de 24 horas (incluíndo distintivos de acceso, país e cidade) para contactar coa persoa que ten toda a información sobre o contido do vulto.	5;4
	<b>VU — VANUATU</b>	
VU 1	As marcas nos vultos e embalaxes externas e o documento de transporte de mercadorías perigosas que acompañe os envíos de mercadorías perigosas deberán consignarse en inglés ou francés. Se o Estado de orixe require outro idioma, destacaranse todos por igual.	5;2.5 5;4.1.6.3
VU 2	Prohíbese a entrada en Vanuatu de substancias infecciosas sen aprobación previa do Departamento de Sanidade do Goberno de Vanuatu. Os pedidos de aprobación deberán dirixirse a:  Director of Health P.O. Box 102, Port-Vila Vanuatu	1;1.2
VU 3	Se se produce unha emerxencia en voo dentro do espazo aéreo de Vanuatu, o piloto ao mando da aeronave debe informar a dependencia pertinente do servizo de tránsito aéreo da existencia de mercadorías perigosas a bordo da aeronave para que esta o notifique ás autoridades do aeródromo. Na información debe constar o risco primario, os riscos secundarios que requiren etiquetas e a cantidade e localización das mercadorías perigosas a bordo da aeronave. Se a situación o permite, a información debería conter tamén a denominación do artigo expedido, a clase ou división e no caso da clase 1, o grupo de compatibilidade.	7;4.3

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
VU 4	O explotador que se vexa involucrado nun incidente imputable a mercadorías perigosas no territorio de Vanuatu debe proporcionar ás autoridades a información necesaria para reducir ao mínimo os riscos provocados por calquera derramamento, perda de fluído ou calquera outro dano que afecte as mercadorías perigosas.	7;4.6.2
VU 5	Todas as etiquetas de risco, mesmo as que identifiquen un risco secundario, deben incluír un texto en que se sinale a natureza do risco. O texto debe verse en forma destacada en inglés ou francés na metade inferior da etiqueta, tal como se indica en 5;3.5.	5;3.5
<b>ZA — SUDÁFRICA</b>		
ZA 1	<p>As solicitudes de aprobación para o transporte de mercadorías perigosas en virtude das disposicións especiais A1 ou A2 e as solicitudes de dispensa deben dirixirse a:</p> <p>The Commissioner for Civil Aviation South Africa Civil Aviation Authority Private Bag X08 Waterkloof 0145 Republic of South Africa</p> <p>No caso de cada envío, o expedidor debe obter un permiso para transportar por vía aérea os seguintes artigos, antes de presentalos para o seu transporte cara a/ desde ou a través do espazo aéreo:</p> <p>Explosivos: Clase 1</p> <p>Chief Inspector of Explosives Private Bag X624 Pretoria 0001 Republic of South Africa</p> <p>Para armas e municións de guerra para uso militar:</p> <p>The Commissioner for Civil Aviation South African Civil Aviation Authority Private Bag X08 Waterkloof 0145 Republic of South Africa</p> <p>(Véxase a nota seguinte)</p> <p><i>Nota.— Cando as armas ou municións se consideren municións de guerra ou en caso de que estean destinadas a utilizarse con fins militares, exíxese a aprobación do Comisioner for Civil Aviation polo que se refire á Sección 15A da Lei de aviación núm. 74 de 1962.</i></p>	3;1 (Táboa 3-1) 3;3
ZA 2	O transporte de mercadorías perigosas por vía aérea debe realizarse de conformidade coa edición vixente das <i>Instrucións técnicas para o transporte sen riscos de mercadorías perigosas por vía aérea</i> , (Doc 9284-AN/905), da OACI. O feito de non cumprir coas instrucións técnicas e todas as discrepancias pertinentes da República de Sudáfrica constitúe unha violación do Regulamento de Aviación Civil da República de Sudáfrica, de 1997, na súa forma emendada.	
ZA 3	Nos envíos cara a, desde ou a través da República de Sudáfrica, a declaración do expedidor requirida polas instrucións técnicas debe incluír un número de teléfono de resposta de emerxencia de 24 horas (que inclúa os indicativos interurbanos e internacionais que corresponda) ao cal chamar en caso de incidentes relacionados con mercadorías perigosas.	5;4.1
	Este número debe ser atendido en todo momento por unha persoa que:	
	<ol style="list-style-type: none"> <li>1) coñeza os riscos e as características das mercadorías perigosas que se transportan; ou</li> <li>2) teña acceso inmediato á persoa que posúe o dito coñecemento e información.</li> </ol>	
CM-03	As substancias comburentes e os peróxidos orgánicos con risco primario ou secundario non se aceptarán para o transporte. (Excepción: o oxixeno comprimido, ONU 1072, con risco secundario).	2;5 Táboa 3-1
CM-04	O material radioactivo non se aceptará para o transporte.	2;7 Táboa 3-1
<b>CV — CARGOLUX</b>		
CV-01	O material fisionable, segundo se define nestas instrucións, non se aceptará para o transporte.	2;7 Táboa 3-1
CV-02	Os refugallos, independentemente do tipo que sexan, non se aceptarán para o transporte.	Táboa 3-1
CV-03	Non se aceptarán para o transporte mercadorías perigosas no correo aéreo.	1;2.3
<b>CX — CATHAY PACIFIC AIRWAYS</b>		
CX-01	Non se utiliza.	
CX-02	Todos as embalaxes combinadas que conteñen mercadorías perigosas líquidas correspondentes aos grupos de embalaxe I, II ou III deben conter material absorbente suficiente para absorber todo o contido de todas as embalaxes interiores.	4;1
≠ CX-03	Non se utiliza.	

	Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
≠	CX-04	O expedidor debe proporcionar un número telefónico de emerxencia de 24 horas para chamar unha persoa ou axencia que saiba sobre os perigos, características e medidas que se deben adoptar en caso de accidente ou incidente a raíz de (cada unha de) as mercadorías perigosas que se transportan. Este número telefónico, comprendidos o indicativo de país e de área precedidos pola expresión "Contacto de emerxencia" ou "Número de 24 horas", debe incluírse, preferentemente, na casa correspondente a información adicional de manipulación, da declaración de mercadorías perigosas do expedidor (DGD), p. ex., "Contacto de emerxencia +47 67 50 00 00". (Véxase 8.1.6.11 e 10.8.3.11 da Regulamentación sobre mercadorías perigosas da IATA).	5;4
≠	CX-05	As substancias líquidas en embalaxes únicas de bidóns ou garrafóns de calquera material deben prepararse da maneira seguinte: <ul style="list-style-type: none"> <li>1) os bidóns de aceiro/bidóns de plástico/garrafóns de plástico deben ir protexidos con outra embalaxe exterior resistente tal como unha caixa de cartón; ou</li> <li>2) se están preparadas como sobreembalaxe aberta, debe utilizarse un palé de plástico, espuma ou madeira, de tamaño adecuado para protexer, como mínimo, a parte superior e a parte inferior da embalaxe.</li> </ul>	2;8
	CX-06	Ademais dos requisitos de 8.2.5 da Regulamentación sobre mercadorías perigosas da IATA, os números ONU de todos os envíos de mercadorías perigosas en cantidades exceptuadas deben indicarse na carta de porte aéreo.	5;4
≠	CX-07	Está prohibido transportar como carga en aeronaves de Cathay Pacific Airways pilas e baterías de metal litio (ONU 3090). Esta prohibición aplícase á sección IA, IB e á sección II da Instrución de embalaxe 968. Esta prohibición non se aplica a: <ul style="list-style-type: none"> <li>— pilas e baterías de metal litio embaladas con ou instaladas nun equipamento (ONU 3091) de conformidade coa Instrución de embalaxe 969 ou 970;</li> <li>— pilas e baterías de ión litio (ONU 3480 e ONU 3481) de conformidade coa Instrución de embalaxe 965, 966 ou 967; ou</li> <li>— as baterías de litio (recargables e non recargables) consideradas nas disposicións sobre as mercadorías perigosas que transportan os pasaxeiros e os membros da tripulación. (Véxase 2.3.2 a 2.3.5 e a táboa 2.3.A da Regulamentación sobre mercadorías perigosas da IATA e a parte 8 das presentes instrucións).</li> </ul>	Táboa 3-1 4;11 8;1
≠	CX-08	Todos os envíos de baterías de litio instaladas nun equipamento preparados de conformidade coa sección II da Instrución de embalaxe 967 ou 970 deben incluír na carta de porte aéreo as indicacións obrigatorias que figuran na sección II ("Baterías de ión litio conforme a sección II da Instrución de embalaxe 967" ou "Baterías de metal litio conforme a sección II da Instrución de embalaxe 970"). Isto aplícase mesmo aos envíos para os cales non se require poñer no vulto unha etiqueta de manipulación de baterías de litio.	4;11
	<b>CZ — CHINA SOUTHERN</b>		
	CZ-01	Non se aceptarán para o transporte mercadorías perigosas en cantidades exceptuadas que se orixinen na China.	3;5
	CZ-02	Non se aceptarán para o transporte mercadorías perigosas en envíos agrupados, salvo o seguinte: <ul style="list-style-type: none"> <li>— envíos agrupados que conteñen ONU 1845, Dióxido de carbono sólido (xeo seco) cando se utiliza como refrixerante;</li> <li>— envíos agrupados cunha carta de porte aéreo específica soamente.</li> </ul>	Táboa 3-1 7;1
≠	CZ-03	O expedidor proporcionará un número telefónico de emerxencia de 24 horas para chamar unha persoa ou axencia que saiba sobre os perigos, características e medidas que se deben adoptar en caso de accidente ou incidente a raíz de cada unha das mercadorías perigosas que se transportan. Este número telefónico,	5;4

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
	comprendidos o indicativo de país e de área precedidos pola expresión "Contacto de emerxencia" ou "Número de 24 horas", incluírase, preferentemente, na casa correspondente a instrucións adicionais de manipulación da declaración de mercadorías perigosas do expedidor.  Para os envíos respecto dos cales non se exige unha declaración de mercadorías perigosas do expedidor, non se require indicar un número telefónico de emerxencia de 24 horas.	
CZ-04	Non se conta con almacenaxe en frío para mercadorías perigosas, salvo o dióxido de carbono sólido (xeo seco) cando se usa como refrixerante.	
CZ-05	CSN non designará axentes de vendas para aceptar ou manipular mercadorías perigosas na China.	
CZ-06	Non se aceptan para o transporte os gases tóxicos da división 2.3.	2;2 Táboa 3-1
CZ-07	Unicamente o material radioactivo da categoría I-branca e a categoría II- amarela se acepta para o transporte.	2;7 Táboa 3-1 5;1
≠ CZ-08	Está prohibido transportar como carga en aeronaves de pasaxeiros pilas e baterías de metal litio ou de aliaxe de litio (ONU 3090) e pilas e baterías de metal litio ou de aliaxe de litio embaladas cun equipamento ou instaladas nun equipamento (ONU3091). (Véxanse as instrucións de embalaxe 968, 969, 970). Esta condición non se aplica:  — ás pilas e baterías de metal litio ou de aliaxe de litio embaladas cun equipamento ou instaladas nun equipamentoo (ONU 3091) que corresponden á categoría de material da compañía (COMAT);  — ás pilas e baterías de metal litio ou de aliaxe de litio embaladas cun equipamento ou instaladas nun equipamento (ONU 3091) transportadas conforme a sección II da Instrución de embalaxe 969 ou 970.	Táboa 3-1 4;11 8;1
<b>C8 — CARGOLUX ITALIA</b>		
C8-01	O material fisionable, segundo se define nestas instrucións, non se aceptará para o transporte.	2;7 Táboa 3-1
C8-02	Os refugallos, independentemente do tipo que sexan, non se aceptarán para o transporte.	Táboa 3-1
C8-03	Non se aceptarán para o transporte mercadorías perigosas no correo aéreo.	1;2.3
<b>DE — CONDOR FLUGDIENST GMBH/CONDOR BERLIN</b>		
DE-01	Non se aceptarán para o transporte as mercadorías perigosas en cantidades limitadas (instrucións de embalaxe "Y") (excepción: aceptaranse ID 8000 — Artigo de consumo).	3;4
DE-02	Non se aceptarán para o transporte mercadorías perigosas en envíos agrupados, salvo o seguinte:  — envíos agrupados que conteñen ONU 1845, Dióxido de carbono sólido (xeo seco) cando se utiliza como refrixerante;  — envíos agrupados que teñen unha carta de porte aéreo específica soamente;  — envíos agrupados con máis dunha carta de porte aéreo específica, cando se trata do mesmo expedidor.	7;1
DE-03	Non se aceptarán as substancias biolóxicas, categoría B (ONU 3373) no correo aéreo.	Táboa 3-1 1;2.3

<i>Clave de identificación</i>	<i>Discrepancia</i>	<i>Parágrafos pertinentes</i>	
DE-04	Non se aceptarán os xeradores de oxíxeno.	Táboa 3-1	
DE-05	Non se aceptarán as substancias biolóxicas, categoría B (ONU 3373).	Táboa 3-1	
DE-06	Non se aceptará para o transporte o material fisionable.	Táboa 3-1	
DE-07	Non se aceptarán para o transporte os artigos a que corresponden as clases de risco seguintes: RPG (2.3), ROP (5.2), RIS (6.2), RRW/RRY/RRE (RRW/RRE unicamente con autorización previa de DE-HDQ).		
DE-08	O transporte de obxectos que producen calor, como lanternas submarinas (lámpadas de mergullo) e soldadores permítese unicamente na equipaxe de man.	8;1	
<b>DL — DELTA AIRLINES</b>			
≠	DL-01	<p>Aceptarase para o transporte unicamente o material radioactivo da clase 7 que se indica a seguir:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>— material radioactivo en “vultos exceptuados”; e</li> <li>— ONU 2915 — Material radioactivo, vulto de tipo A e ONU 3332 — Material radioactivo, vulto de tipo A, forma especial.</li> </ul> <p>O límite para o material radioactivo é de IT 3,0 por aeronave.</p>	1;6 2;7 5;1
	DL-02	Os residuos perigosos ou calquera mercadoría perigosa que se axuste á definición de residuo perigoso non se aceptará para o transporte.	Táboa 3-1
	DL-03	<p>Os vultos en embalaxes do tipo "todos os vultos embalados nun" (All packed in one - APIO) que conteñen tanto "hidróxido" como "ácido" na denominación do artigo expedido ou nome técnico deben ir acompañados da declaración de seguridade asinada, do expedidor, que se indica a seguir:</p> <p>Este envío cumpre con 5.0.2.11. O ácido e o hidróxido, se se mesturan, non reaccionarán en forma perigosa.</p> <p>Esta declaración debe figurar na casa de "información adicional de manipulación" da declaración de mercadorías perigosas do expedidor e estar asinada pola mesma persoa que asina a declaración do expedidor con toda a información pertinente.</p>	Táboa 3-1 5;4
	DL-04	Non se aceptarán mercadorías perigosas en embalaxes do tipo "todos os vultos embalados nun" (All packed in one - APIO) dentro dunha sobreembalaxe.	
+	DL-05	Non se aceptarán para o transporte as substancias tóxicas da división 6.1, grupo de embalaxe I.	2;6
+	DL-06	Non se aceptará para o transporte ONU 3480, baterías de ión litio, Instrución de embalaxe 965, seccións IA e IB. Aceptarase para o transporte ONU 3480, Baterías de ión litio presentadas conforme as condicións da sección II.	4;11
<b>D0 — DHL AIR LIMITED</b>			
≠	D0-01	<p>Os envíos de mercadorías perigosas transportados por DHL Air Limited (DHL) soamente se aceptarán con arranxos previos concertados con, e coa aprobación Regional Restricted Commodities Group (Grupo rexional para artigos baixo restrición) — DHL Express Europe Headquarters, antes da súa presentación para o transporte.</p> <p>Regional Restricted Commodities Group — DHL Express Europe Headquarters          Teléfono: +49 0 341 4499 4949          Fax: +49 0 4499 88 4982          Correo-e: rcalert@dhl.com</p>	



	Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
≠	D0-02	A carta de porte de mercadorías perigosas en “Cantidades exceptuadas” debe incluír o número ONU aplicable, ademais de axustarse aos requisitos de 3;5.5 das presentes instrucións e 2.6.8.2 da Regulamentación sobre mercadorías perigosas da IATA.	3;5
≠	D0-03	Todas as baterías de litio, comprendidas as reacondicionadas, preparadas conforme a sección II das instrucións de embalaxe 965 a 970 aceptaranse para o transporte unicamente coa aprobación de Regional/Global Restricted Commodities Group (Grupo rexional/mundial para artigos baixo restrición) — DHL Express Europe Headquarters.	4;11
	D0-04	Está prohibido transportar armas e municións de guerra ou partes delas, a menos que se conte cunha dispensa expresa das autoridades nacionais. Neste caso, deben transportarse na aeronave nun lugar inaccesible aos pasaxeiros durante o voo e, cando se trata de armas de fogo, estas deben estar descargadas. Estes obxectos soamente poden aceptarse mediante arranxos previos e aprobación de Regional Restricted Commodities Group (Grupo rexional para artigos baixo restrición) — DHL Express Europe Headquarters.	2;1 Táboa 3-1 7;2
	D0-05	Non se utiliza.	
	D0-06	Os refugallos radioactivos e fisionables non se aceptarán para o transporte.	2;7
	D0-07	Non se utiliza.	
≠	D0-08	<p>Non se aceptarán declaracións do expedidor escritas á man. As casas da declaración do expedidor que se indican a seguir deben completarse utilizando máquina de escribir ou computador:</p> <p>Número ONU ou ID, incluíndo prefixo, denominación do artigo expedido, clase de risco ou división, risco secundario ou división, grupo de embalaxe, tipo de embalaxe, instrución de embalaxe, autorización e número de teléfono de emerxencia.</p> <p><i>Nota.— O nome técnico, cando se require, pode ir manuscrito.</i></p> <p>Para os envíos de material radioactivo, ademais do sinalado anteriormente, debe indicarse o seguinte utilizando máquina de escribir ou computador:</p> <p>radionúclido, forma especial ou forma física e química. Toda outra información pode completarse á man.</p> <p>As modificacións/emendas escritas á man da información que, segundo DO-08, se require ingresar utilizando máquina de escribir ou computador poden aceptarse se son lexibles e van acompañadas da mesma sinatura que figura na declaración do expedidor.</p>	5;4
	D0-09	<p>O expedidor proporcionará un número telefónico de emerxencia de 24 horas para chamar unha persoa ou axencia que saiba sobre os perigos, características e medidas que se deben adoptar en caso de accidente ou incidente a raíz de cada unha das mercadorías perigosas que se transportan. Este número telefónico, comprendidos o indicativo de país e de área e precedido pola expresión “Contacto de emerxencia” ou “Número de 24 horas”, incluírase na declaración de mercadorías perigosas do expedidor, preferentemente na casa correspondente a instrucións de manipulación.</p> <p>Para os envíos respecto dos cales non se exige unha declaración de mercadorías perigosas do expedidor non se require indicar un número telefónico de emerxencia de 24 horas.</p>	5;4
	<b>D5 — DHL AERO EXPRESO S.A.</b>		
	D5-01	DHL Aero Expreso S.A., e todo explotador que efectúe voos no seu nome, non aceptará transportar nin manipular obxectos explosivos da clase 1. Esta discrepancia non se aplica ás pezas e aos dispositivos destinados a utilizarse nas aeronaves de DHL Aero Expreso no curso das operacións habituais, caso en que debe obterse autorización por escrito de Network Operations Department.	2;1

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
D5-02	Salvo o material radioactivo en cantidades exceptuadas, DHL Aero Expreso non aceptará para o transporte outros obxectos ou substancias que pertencen á clase 7.	1;6 2;7 3;5
D5-03	Non se aceptarán para o transporte mercadorías perigosas no correo aéreo.	1;2.3
≠ D5-04	Non se aceptarán para o transporte os envíos con aprobación estatal de conformidade coa Disposición especial A2.	3;3
D5-05	O expedidor proporcionará un número telefónico de emerxencia de 24 horas para chamar unha persoa ou axencia que saiba sobre os perigos, características e medidas que se deben adoptar en caso de accidente ou incidente a raíz de (cada unha de) as mercadorías perigosas que se transportan. Este número telefónico, comprendidos o indicativo de país e de área e precedidos pola expresión "Contacto de emerxencia" ou "Número de 24 horas", incluírase na declaración de mercadorías perigosas do expedidor, preferentemente na casa correspondente a instrucións de manipulación; por exemplo, "Contacto de emerxencia +47 67 50 00 00".  Para os envíos respecto dos cales non se exige unha declaración de mercadorías perigosas do expedidor non se require indicar un número telefónico de emerxencia de 24 horas.	5;4
<b>EI — AIR LINGUS</b>		
EI-01	As embalaxes únicas que conteñen mercadorías perigosas líquidas embaladas en bidóns de aceiro ou aluminio (1A1, 1A2, 1B1, 1B2) soamente se aceptarán para o transporte se van nunha sobreembalaxe.	4;1 6;1
EI-02	Ademais do requisito de 6.0.4.1 da Regulamentación sobre mercadorías perigosas da IATA, os vultos en que a marca de especificación ONU está impresa na etiqueta que se adhire ao vulto non se aceptarán para o transporte.	5;2, 5;3
EI-03	As embalaxes de recuperación non se aceptarán para o transporte.	4;1
<b>EK — EMIRATES</b>		
EK-01	Na casa de información adicional de manipulación da declaración de mercadorías perigosas do expedidor debe incluírse un número telefónico de contacto para respostas de emerxencia.	5;4
<b>EY — ETIHAD AIRWAYS</b>		
EY-01	O expedidor proporcionará un número telefónico de emerxencia de 24 horas para chamar unha persoa ou axencia que saiba sobre os perigos, características e medidas que se deben adoptar en caso de accidente ou incidente a raíz de (cada unha de) as mercadorías perigosas que se transportan. Este número telefónico, comprendidos o indicativo de país e de área e precedidos pola expresión "Contacto de emerxencia" ou "Número de 24 horas", incluírase na declaración de mercadorías perigosas do expedidor, preferentemente na casa correspondente a instrucións adicionais de manipulación; por exemplo, "Contacto de emerxencia +47 67 50 00 00".  Para os envíos respecto dos cales non se exige unha declaración de mercadorías perigosas do expedidor non se require indicar un número telefónico de emerxencia de 24 horas.	5;4
≠ EY-02	Non se aceptarán para o transporte os explosivos da clase 1, a división 6.2 — Substancias infecciosas, nin da clase 7 — Material radioactivo e embalaxes de recuperación, segundo se definen na Regulamentación sobre mercadorías perigosas da IATA, salvo cando se obtivo aprobación previa e se concertaron os arranxos de reserva correspondentes con:	2;1 2;6 2;7

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
	ETIHAD Airways Cargo Reservations P.O. Box 35566 Cargo Village Abu Dhabi International Airport United Arab Emirates Teléfono: +971 2 599 0099 Correo-e: <a href="mailto:cargoreservations@ETIHAD.ae">cargoreservations@ETIHAD.ae</a>	
EY-03	Non se aceptan para o transporte as mercadorías perigosas en embalaxes únicas nin en recipientes crioxénicos (dewars), a menos que se utilice unha sobreembalaxe.	4;1
EY-04	Non se aceptarán baterías de litio plenamente regulamentadas [Código IMP RLI ou RLM (véxase B.2.2.4 da Regulamentación sobre mercadorías perigosas da IATA)] (véxanse as instrucións de embalaxe 965 a 970).	4;11
EY-05	Non se aceptarán para o transporte mercadorías perigosas en cantidades exceptuadas.	3;5
EY-06	As embalaxes de recuperación non se aceptarán para o transporte.	4;1
EY-07	Non se aceptarán para o transporte en correo aéreo as mercadorías perigosas que se axustan á definición da Regulamentación sobre mercadorías perigosas da IATA.	1;2;3
<b>E8 — USAFRICA AIRWAYS</b>		
E8-01	As substancias tóxicas da división 6.1 (grupos de embalaxe I e II) non se aceptarán para o transporte.	2;6
E8-02	Clase 8 — As substancias corrosivas dos grupos de embalaxe I e II non se aceptarán para o transporte. [Excepción: material da compañía (COMAT) do grupo de embalaxe II].	2;8
E8-03	O material radioactivo da clase 7 será aceptado soamente baixo as seguintes condicións: <ul style="list-style-type: none"> <li>— para vultos que requiran unha etiqueta de material radioactivo da categoría II-amarela, o índice de transporte non debe exceder 1,0;</li> <li>— para vultos que requiran unha etiqueta de material radioactivo da categoría III-amarela, o índice de transporte non debe exceder 3,0.</li> </ul>	2;7 5;1
E8-04	Os refugallos perigosos segundo a definición de calquera regulamento non serán aceptados para o transporte.	
E8-05	As cadeiras de rodas con baterías derramables serán aceptadas soamente cando a batería fose removida da cadeira e embalada de acordo co que se sinala en 2.3.2.3 e 9.3.16 da Regulamentación sobre mercadorías perigosas da IATA.	8;1
<b>FJ — AIR PACIFIC</b>		
FJ-01	O material radioactivo, comprendidas todas as categorías de vultos exceptuados, non se aceptará para o transporte.	1;6 2;7 3;5
FJ-02	Está prohibido transportar municións na equipaxe facturada a bordo das aeronaves de Air Pacific.	8;1
<b>FX — FEDERAL EXPRESS</b>		
FX 01	Para os obxectos e as substancias da clase 1 presentados para envío como FedEx International Priority Freight (IPF), FedEx International Premium (IP1), ou FedEx International Express Freight (IXF), pode requirirse notificación ou aprobación previas. Para obter información adicional, é preciso dirixirse ao	2;1 4;3

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
	<p>Servizo ao cliente (FedEx Express Freight Customer Service): (800) 332-0807 (véxanse as instrucións de embalaxe 101-143). Para todos os envíos de artigos da clase 1 que se orixinan nun lugar fóra dos Estados Unidos, requírese aprobación previa. É preciso chamar ao número de servizo ao cliente de FedEx correspondente a cada localidade para contactar co servizo de carga de FedEx Express (FedEx Express Freight Customer Service).</p> <p>FedEx Express non aceptará para o transporte explosivos asignados á división 1.3.</p>	
≠ FX-02	<p>A excepción de ONU 1230, metanol, as substancias cun risco primario ou secundario da división 6.1 do grupo de embalaxe I ou II:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>— con orixe e destino dentro dos Estados Unidos, incluíndo Puerto Rico, soamente se aceptarán se están embaladas en embalaxes para vultos exceptuados/con permiso especial (SP) aprobados polo Ministerio de Transporte;</li> <li>— soamente se aceptarán para o transporte internacional en embalaxes combinadas de categoría "V". Comunicarse con FedEx para obter detalles ao respecto.</li> </ul> <p>Os expedidores de mercadorías da división 6.1, risco primario ou secundario do grupo de embalaxe III deben indicar "PG III" (grupo de embalaxe III) xunto á etiqueta de risco da embalaxe exterior.</p> <p>As substancias con risco de toxicidade por inhalación (PIH) da zona "A" ou da clase 2, xa sexa que exhiban a etiqueta de risco primario ou secundario, non serán aceptadas para o transporte.</p>	2;6 Táboa 3-1
FX-03	<p>Para as substancias da clase 7 que se presenten para o transporte como FedEx International Priority Freight (IPF), FedEx International Premium (IP1), FedEx International Express Freight (IXF) ou FedEx International Airport-to-Airport (ATA), pode requirirse notificación ou aprobación previas. Para obter información adicional, é preciso dirixirse a: (800) 332-0807. Non se aceptará plutonio 239 nin 241 como ONU 3324, ONU 3325, ONU 3326, ONU 3327, ONU 3328, ONU 3329, ONU 3330, ONU 3331 ou ONU 3333.</p> <p>FedEx Express non aceptará material radioactivo con etiqueta de risco secundario 1.4, 2.1, 3, 4.1, 4.2, 4.3, 5.1, 5.2, 8 ou 2.2 que leve a etiqueta "Exclusivamente en aeronaves de carga", salvo que o expedidor conte con aprobación previa.</p> <p>Para os envíos da clase 7 que se orixinen nun lugar fóra dos Estados Unidos requírese aprobación previa. É preciso chamar ao número de servizo á clientela de FedEx correspondente a cada localidade para contactar co servizo de carga de FedEx Express (FedEx Express Freight Customer Service).</p> <p>Para todos os envíos de material fisionable en todo o mundo requírese aprobación previa. Chamar ao 1-901-434-3200 para obter asistencia.</p>	2;7
≠ FX-04	<p>As seguintes substancias da clase 8 non se aceptarán para o transporte (véxanse as instrucións de embalaxe [—] que figuran despois de cada substancia):</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>ONU 1796 — Ácido nitrante, mestura de, en concentracións de máis do 40% [854]</li> <li>ONU 1826 — Ácido nitrante esgotado, mestura de, en concentracións de máis do 40% da súa solución orixinal [854]</li> <li>ONU 2031 — Ácido nítrico en concentracións de máis do 40% [854, 855].</li> </ul> <p>Cando se embarquen as substancias mencionadas en concentracións aceptables, a concentración debe anotarse na declaración do expedidor para mercadorías perigosas xunto coa denominación do artigo expedido.</p>	2;5 Táboa 3-1
FX-05	Non se admitirán para o transporte os refugallos perigosos que se definen en US-04.	
FX-06	Bifenilos policlorados: As seguintes substancias da clase 9, se se sabe ou se sospeita que conteñen PCB, deben embalarse nas embalaxes seguintes:	2;9 4;11

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
	<ul style="list-style-type: none"> <li>— para líquidos: embalaxes interiores de metal IP3 ou IP3A, con suficiente material absorbente para encher todos os espazos baleiros;</li> <li>— para sólidos: permítese calquera embalaxe interior segundo a instrución de embalaxe aplicable. A embalaxe exterior debe ser un bidón de aceiro 1A2, unha caixa de plástico 4H2, USA DOT-SP 8249, 9168 ou 11248 (véxanse as instrucións de embalaxe [—] que figuran despois de cada substancia: <ul style="list-style-type: none"> <li>ONU 2315 — Bifenilos policlorados, líquidos [964]</li> <li>ONU 3077 — Substancia sólida perigosa para o ambiente, n.e.n.p. [956, 1956]</li> <li>ONU 3082 — Substancia líquida perigosa para o ambiente, n.e.n.p. [964, 1964]</li> <li>ONU 3432 — Bifenilos policlorados, sólidos [956].</li> </ul> </li> </ul>	6;1
≠	<p>FX-07 As baterías de litio (sección IA, sección IB e sección II das instrucións de embalaxe 965 e 968 e as seccións I e II das instrucións de embalaxe 966, 967 e 970) non deben enviarse nun mesmo vulto con mercadorías perigosas das clases/divisións seguintes: 1.4, 2.1, 3, 4.1, 4.2, 4.3, 5.1, 5.2 e 8 e 2.2 que leve a etiqueta "Exclusivamente en aeronaves de carga". Isto inclúe "todos os vultos embalados nun" (all packed in one), sobreembalaxes e "todos os vultos embalados nun"/sobreembalaxes en embalaxes combinadas.</p> <p>Para as baterías de metal litio (primarias non recargables), ONU 3090, que se envían conforme a sección IA, sección IB ou sección II da Instrución de embalaxe 968, requírese aprobación previa, Véxase <a href="http://www.fedex.com/us">www.fedex.com/us</a>; termo clave: lithium batteries (campo de procura).</p> <p>Con efecto o 1 de xaneiro de 2013, para ONU 3480, baterías de ión litio, e ONU 3090, baterías de metal litio, preparadas conforme a sección IB das instrucións de embalaxe 965 e 968, requírase unha declaración de mercadorías perigosas do expedidor para as mercadorías perigosas (DGD) con cada expedición. Na columna de autorización ou na información adicional de manipulación, debe sinalarse "IB". Non se permitirán documentos alternativos.</p>	4;11
≠	<p>FX-08 Os recipientes crioxénicos secos/dewars secos que satisfán a definición da nota da Instrución de embalaxe 202 deben levar unha indicación no recipiente exterior para indicar que se trata dun recipiente crioxénico seco ("dry shipper") ou dun dewar seco (dry dewar). Se o contido que se mantén frío non é mercadoría perigosa ou ONU 3373, entón no recipiente exterior debe marcarse que non está restrinxido ("not restricted") nin é perigoso ("non-hazardous").</p>	4;4 5;2
	<p>FX-09 Os artigos da división 6.2 clasificados como do grupo de risco 4 pola Organización Mundial da Saúde (OMS) non se aceptarán para o transporte.</p>	2;6
≠	<p>FX-10 Non se utiliza.</p>	
≠	<p>FX-11 Non se aceptarán para o transporte os vultos de mercadorías perigosas que non poidan incluír toda a documentación requirida por Federal Express, a documentación regulamentaria e todas as marcas e etiquetas regulamentarias necesarias na parte superior ou as costas da embalaxe exterior. Non se permitirá ningunha documentación, marca ou etiqueta requirida na parte inferior do vulto. As embalaxes coa marca FedEx, incluídas as caixas de cor marrón, non poden utilizarse para enviar mercadorías perigosas ou xeo seco. Excepcións:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>— As caixas e os tubos de cor branca e marrón de FedEx Express poden utilizarse para envíos FedEx Express de baterías de litio sección II; e</li> <li>— ONU 3373, substancia biolóxica, categoría B, que pode expedirse na embalaxe FedEx UN 3373 Pak e a caixa FedEx Clinical Box</li> </ul>	
	<p>FX-12 Esta discrepancia aplícase unicamente cando non se aplica FX-18. Non se aceptarán declaracións do expedidor escritas á man. As casas da declaración do expedidor que se indican a seguir deben completarse utilizando máquina de escribir ou computador:</p>	5;4

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
	<p>ONU ou ID, incluíndo prefixo, denominación do artigo expedido, clase de risco ou división, risco secundario ou división, grupo de embalaxe, tipo de embalaxe, instrución de embalaxe, autorización e número de teléfono de emerxencia.</p> <p><i>Nota.— O nome técnico, cando se require, pode ir manuscrito.</i></p> <p>Para os envíos de material radioactivo, ademais do sinalado anteriormente, debe indicarse o seguinte utilizando máquina de escribir ou computador:</p> <p>Radionúclido, forma especial ou forma física e química. Toda outra información pode completarse á man.</p> <p>As modificacións/emendas escritas á man da información que, segundo FX-12, se require ingresar utilizando máquina de escribir ou computador poden aceptarse se son lexibles e van acompañadas da mesma sinatura que figura na declaración do expedidor.</p>	
≠ FX-13	<p>FedEx Express aceptará unicamente oxíxeno comprimido (ONU 1072) cando estea embalado nunha embalaxe exterior de categoría I segundo a especificación 300 de ATA. A embalaxe debe ir marcada de acordo cos criterios da especificación número 300 da Asociación do Transporte Aéreo (ATA).</p> <p>FedEx Express requirirá, ademais, que a embalaxe exterior leve a marca de especificación adicional de ensaio DOT31FP [Véxase a Instrución de embalaxe 200 e US 15 d)].</p> <p>Requirirase a marca de especificación adicional de ensaio DOT31FP ademais da especificación do contedor utilizado e marcado para todos os números ONU que figuran en US 18 que inclúe ONU 3156, ONU 3157, ONU 2451, ONU 1070 e ONU 3356.</p>	
FX-14	<p>Cando se require declaración do expedidor, deben proporcionarse tres (3) exemplares con cada envío no lugar de orixe. Dous dos exemplares, como mínimo, deben ter as marxes esquerda e dereita con liñas diagonais dispostas verticalmente e en vermello.</p>	5;4
FX-15	<p>As substancias seguintes non se aceptarán para o transporte (véxanse as instrucións [—] que figuran despois de cada substancia):</p> <p>ONU 1001 Acetileno disolto [200]  ONU 1162 Dimetildiclorosilano [377]  ONU 1308 Circonio en suspensión nun líquido inflamable, grupo de embalaxe I [361]  ONU 1873 Ácido perclórico - máis do 50% [553].</p>	Táboa 3-1
FX-16	<p>FedEx Express non aceptará para o transporte artigos suxeitos á Disposición especial A2 ou A183, nin sequera coa aprobación da autoridade competente.</p>	Táboa 3-1 3;3
FX-17	<p>Cando se utiliza International Economy (IE) ou International Economy Freight (IEF) para enviar líquidos das clases/divisións de risco primario 3, 4.2, 5.1, 5.2 e 8, os clientes deben utilizar embalaxes de categoría V ("V rated"). Véxase <a href="http://www.fedex.com/us">www.fedex.com/us</a>, termo clave: dangerous goods (campo de procura); servizos FedEx dispoñibles para envíos de mercadorías perigosas.</p>	
FX-18	<p>As declaracións de mercadorías perigosas dos expedidores para todos os envíos de mercadorías perigosas por FedEx Express® con orixe nos Estados Unidos deben prepararse utilizando software con verificación editorial conforme a denominación das mercadorías perigosas e un dos métodos seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>— algunhas solucións de expedición electrónica de FedEx;</li> <li>— software patentado de expedidor recoñecido; ou</li> <li>— aplicación de software de vendedores de mercadorías perigosas recoñecidos por FedEx;</li> </ul> <p>Actualmente, FX-18 non se aplica:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>— Aos envíos orixinados en lugares fóra dos Estados Unidos (incluíndo os territorios estadounidenses de ultramar, como Puerto Rico);</li> </ul>	5;4

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>— Aos envíos orixinados nos Estados Unidos cunha carta de porte aéreo IATA 023, incluíndo FedEx International Airport-to-Airport (ATA) SM, FedEx International Express Freight® (IXF) e FedEx International Premium® (IP1);</li> <li>— A envíos que conteñen material radioactivo da clase 7.</li> </ul>		
+	FX-19	As sobreembalaxes que conteñen xeo seco deben marcarse coa cantidade neta total (kg) de xeo seco contido na sobreembalaxe.	5;2
	<b>GA GARUDA INDONESIA</b>		
	GA-01	Deben concertarse arranxos previos para todos os envíos das mercadorías perigosas que se encontran definidas na Regulamentación sobre mercadorías perigosas da IATA.	
	GA-02	Non se aceptarán para o transporte as mercadorías perigosas en envíos agrupados. A única excepción son os envíos agrupados que teñen unha carta de porte aéreo xeral cunha carta de porte aéreo específica.	7;1
≠	GA-03	Salvo ID 8000 — Artigos de consumo, non se aceptarán para o transporte mercadorías perigosas en cantidades limitadas (instrucións de embalaxe "Y") (véxase 2.7 da Regulamentación sobre mercadorías perigosas da IATA e todas as instrucións de embalaxe "Y").	3;4
	GA-04	Para as mercadorías perigosas deben proporcionarse fichas de información de seguridade do produto (MSDS), salvo as mercadorías perigosas da clase 7, vehículos, mercadorías perigosas en aparellos ou maquinaria e motores, ID 8000, material magnetizado, dióxido de carbono sólido (xeo seco) e substancias da división 6.2. As MSDS deben ir escritas en inglés.  As MSDS deben incluír o número ONU, a denominación do artigo expedido e toda outra información de transporte que sexa pertinente.	5;4
	<b>GF — GULF AIR</b>		
	GF-01	Soamente se admiten para o transporte os explosivos da división 1.4S e isto coa aprobación previa de Gulf Air.	2;1 Táboa 3-1
	GF-02	Para o transporte de equipamento de guerra, armas deportivas e municións requírese autorización previa.	2;1 Táboa 3-1
	GF-03	Está restrinxido o transporte de mercadorías perigosas en cantidades exceptuadas. Para coñecer os detalles é preciso dirixirse a Gulf Air.	3;5
	GF-04	Non se aceptarán mercadorías perigosas en cantidades limitadas (instrucións de embalaxe "Y").	3;4
	GF-05	Non se utiliza.	
	GF-06	O expedidor proporcionará un número telefónico de emerxencia de 24 horas para chamar unha persoa ou axencia que saiba sobre os perigos, características e medidas que se deben adoptar en caso de accidente ou incidente a raíz de cada unha das mercadorías perigosas que se transportan. Este número telefónico, comprendidos o indicativo de país e de área e precedidos pola expresión "Contacto de emerxencia" ou "Número de 24 horas", incluírase na declaración de mercadorías perigosas do expedidor preferentemente na casa correspondente a instrucións de manipulación, por exemplo, "Contacto de emerxencia +47 67 50 00 00".	5;4
	GF-07	O material radioactivo fisionable non se aceptará, en ningunha cantidade, para o transporte en voos de GF.	2;7 Táboa 3-1

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes	
<b>GH — LLC GLOBUS</b>			
GH-01	Os envíos de mercadorías perigosas transportadas por Llc GloBus aceptaranse unicamente despois de obter aprobación previa de Llc GloBus. As solicitudes para os envíos de mercadorías perigosas deben presentarse no formulario especial para aprobación (proporcionado a pedimento) e enviarse ao enderezo de correo electrónico seguinte: <a href="mailto:cgo@s7.ru">cgo@s7.ru</a> .  A compañía de servizos de escala do aeroporto de saída debe achegar o formulario de aprobación aos documentos conexas e remitilo á tripulación de bordo.	5;4 7;4	
GH-02	As mostras de pacientes soamente se aceptarán para o transporte se se lles asigna o ONU 2814 ou o ONU 2900 ou o ONU 3373, segundo corresponda. As substancias biolóxicas de categoría B — ONU 3373 poden aceptarse para o transporte unicamente en condicións específicas e despois de que se outorgase unha aprobación previa por escrito de Llc GloBus.	2;6 Táboa 3-1	
GH-03	O expedidor debe proporcionar un número telefónico de emerxencia de 24 horas para chamar unha persoa ou axencia que saiba sobre os perigos, características e medidas que se deben adoptar en caso de accidente ou incidente a raíz de cada unha das mercadorías perigosas que se transportan. Este número telefónico, comprendidos o indicativo de país e de área precedidos pola expresión "Contacto de emerxencia" ou "Número de 24 horas", debe incluírse na casa correspondente a información adicional de manipulación, da declaración de mercadorías perigosas do expedidor (DGD), p. ex., "Contacto de emerxencia +7 495 123 45 78".	5;4	
<b>GL MIAMI AIR INTERNATIONAL</b>			
GL-01	Requírese aprobación previa para os envíos que conteñen mercurio.		
<b>HA — HAWAIIAN AIRLINES</b>			
HA-01	As substancias tóxicas da división 6.1 non se aceptan para o transporte.	2;6 Táboa 3-1	
HA-02	Os gases tóxicos da división 2.3 non se aceptan para o transporte.	2;2 Táboa 3-1	
HA-03	As substancias infecciosas da división 6.2 non se aceptan para o transporte.	2;6 Táboa 3-1	
+	HA-04	Non se aceptará para o transporte material radioactivo da clase 7.	
≠	<b>HF TUIFLY</b>		
HF-01	O material radioactivo fisionable da clase 7 non se aceptará para o transporte en voos de HF.	2;7 Táboa 3-1	
<b>HV TRANSVIA AIRLINES C.V.</b>			
HV-01	O material radioactivo da clase 7 non se aceptará para o transporte.	2;7 Táboa 3-1	
<b>IB — IBERIA, LÍNEAS AÉREAS DE ESPAÑA</b>			
IB-01	Non se utiliza.		
IB-02	O material radioactivo fisionable da clase 7 non se admitirá para o transporte en aeronaves de pasaxeiros.	2;7 Táboa 3-1	



Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
<b>IG — MERIDIANA</b>		
IG-01	Non se aceptarán para o transporte os explosivos de clase 1, salvo os explosivos da división 1.4S, ONU 0323 — Cartuchos de accionamento, como pezas e subministracións de material da compañía (COMAT). As municións para caza ou uso deportivo poderán transportarse unicamente na equipaxe facturada (Véxase 4;3).	Táboa 3-1
IG-02	O dióxido de carbono sólido (xeo seco) - ONU 1845 está limitado a 200 kg por bodega da aeronave.	Táboa 3-1 7;2
<b>IJ — GREAT WALL AIRLINES</b>		
IJ-01	Soamente serán aceptados para o transporte polos servizos de GWL os explosivos da división 1.4S e da división 1.4G. Os explosivos da división 1.4S deben ir embalados para aeronaves de pasaxeiros. Os explosivos da división 1.4G soamente poden transportarse desde Shangai.	2;1 Táboa 3-1
IJ-02	Os artigos con risco primario ou secundario da división 2.1, clase 4 e clase 5, embalados coa indicación exclusivamente en aeronaves de carga, non se aceptarán para o transporte.	2;2, 2;3 2;4, 2;5 Táboa 3-1
IJ-03	Non se aceptará para o transporte en ningunha aeronave o material fisionable da clase 7 (uranio-233/235 e plutonio-238/239/241).	2;7 Táboa 3-1
IJ-04	Non se aceptarán para o transporte as mercadorías perigosas que se envíen como correo aéreo.	1;2,3
IJ-05	En ningunha aeronave se aceptarán para o transporte os xeradores de oxíxeno químicos (ONU 3356).	Táboa 3-1
IJ-06	Non se aceptarán para o transporte animais infectados, vivos ou mortos.	2;6
IJ-07	As mercadorías perigosas en cantidades exceptuadas que veñen da China non se aceptarán para o transporte. No entanto, esta prohibición non se aplica ao material radioactivo en vultos exceptuados.	3;5
IJ-08	O expedidor proporcionará un número telefónico de emerxencia de 24 horas para chamar unha persoa ou axencia que saiba sobre os perigos, características e medidas que se deben adoptar en caso de accidente ou incidente a raíz de (cada unha de) as mercadorías perigosas que se transportan. Este número telefónico, comprendidos o indicativo de país e de área e precedidos pola expresión "Contacto de emerxencia" ou "Número de 24 horas", incluírase na declaración de mercadorías perigosas do expedidor, preferentemente na casa correspondente a instrucións adicionais de manipulación; por exemplo, "Contacto de emerxencia +47 67 50 00 00".  Para os envíos respecto dos cales non se exige unha declaración de mercadorías perigosas do expedidor non se require indicar un número telefónico de emerxencia de 24 horas.	5;4
IJ-09	Os envíos de mercadorías perigosas doutros transportistas non se aceptarán, a non ser que se concertasen arranxos previos especiais con IJ. Para obter información detallada, dirixirse á oficina de servizos de terra de IJ.	
IJ-10	As substancias biolóxicas, categoría B, (ONU 3373) non se aceptarán para o transporte.	Táboa 3-1
IJ-11	Non se aceptarán para o transporte mercadorías perigosas en envíos agrupados, salvo: <ul style="list-style-type: none"> <li>— os envíos agrupados que conteñen ONU 1845 — Dióxido de carbono sólido (xeo seco) cando se utiliza como refrixerante; e</li> <li>— os envíos agrupados cunha carta de porte aéreo específica unicamente.</li> </ul>	

<i>Clave de identificación</i>	<i>Discrepancia</i>	<i>Parágrafos pertinentes</i>
≠ IJ-12	Non se aceptarán para o transporte as mercadorías perigosas en cantidades limitadas (instrucións de embalaxe "Y") (véxase 2.7 da Regulamentación sobre mercadorías perigosas da IATA e todas as instrucións de embalaxe "Y").	3;4
IJ-13	Soamente se cargarán mercadorías da división 6.2, clase 7 e clase 9 cara a/sobre Estados Unidos.	2;6, 2;7, 2;9
<b>IR — IRAN AIR</b>		
IR-01	Non se utiliza.	
IR-02	As mercadorías perigosas en envíos agrupados non serán aceptadas para o transporte, excepto o dióxido de carbono sólido (xeo seco) cando se utilice como refrixerante.	7;1
IR-03	Todas as marcas que se requiren nestas instrucións para os vultos e sobreembalaxes deben estar en inglés. Se o Estado de orixe require marcas noutro idioma, á parte do inglés, a ambos se lles deberá dar a mesma importancia.	5;2.5
IR-04	O transporte de explosivos da clase 1 está estritamente prohibido en voos de Iran Air, salvo o seguinte:  Os cartuchos de accionamento, ONU 0323, división 1.4S, Instrución de embalaxe 134, soamente se aceptarán para uso de Iran Air como pezas de recambio de aeronaves (A.O.G.).  2 kg máximo por vulto en aeronaves de pasaxeiros; 5 kg máximo por vulto en aeronaves de carga.  Aceptaranse como carga os cartuchos de armas para uso deportivo, ONU 0012 e ONU 0014, división 1.4S, Instrución de embalaxe 130, cando se limiten a:  5 kg máximo por vulto en aeronaves de pasaxeiros; 25 kg máximo por vulto en aeronaves de carga.	2;1 Táboa 3-1
IR-05	Os xeradores de oxíxeno químicos baixo as descrições seguintes non serán aceptados para o transporte (véxanse as instrucións de embalaxe [—] que figuran despois de cada substancia):  ONU 1325 — Sólido inflamable orgánico, n.e.n.p.* (división 4.1) [445, 448, 1441, 446, 449, 1443] ONU 1449 — Peróxido bórico (división 5.1, risco secundario 6.1) [558, 562, 1543] ONU 1479 — Sólido comburente, n.e.n.p.* (división 5.1) [557, 561, 558, 562, 1544, 559, 563, 1546] ONU 1489 — Perclorato potásico (división 5.1) [558, 562, 1544] ONU 1491 — Peróxido potásico (división 5.1) [561]	2;5 Táboa 3-1

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
	<p>ONU 1495 — Clorato sódico (división 5.1) [558, 562, 1544]            ONU 1504 — Peróxido sódico (división 5.1) [561]            ONU 2466 — Superóxido potásico (división 5.1) [561]            ONU 2547 — Superóxido sódico (división 5.1) [561]            ONU 3356 — Xeradores de oxíxeno químicos (división 5.1) [565].</p> <p>Así mesmo, prohíbese o transporte de xeradores de oxíxeno que conteñan substancias tales como po ou cinza de ferro, dióxido de silicio e dióxido de manganeso, que non teñan unha denominación do artigo expedido específica.</p>	
IR-06	<p>Non se aceptarán para o transporte en Iran Air as mercadorías perigosas seguintes (véxanse as instrucións de embalaxe [—] que figuran despois de cada substancia):</p> <p>ONU 1040 — Óxido de etileno [200]            ONU 1063 — Cloruro de metilo (división 2.1) [200]            ONU 1261 — Nitrometano [364]            ONU 1294 — Tolueno (clase 3) [353, 364, 1341]            ONU 1410 — Hidruro de litio e aluminio [487]            ONU 1715 — Anhídrido acético (clase 8) [851, 855, 1840]            ONU 1739 — Cloroformiato de bencilo [854]            ONU 1786 — Mestura de ácido fluorhídrico e ácido sulfúrico [854]            ONU 1838 — Tetracloruro de titanio [—]            ONU 1950 — Aerosois, gas inflamable e corrosivo (división 2.1) [203, 1203]            ONU 2428 — Clorato sódico en solución acuosa (división 5.1) [550, 554, 1540, 551, 555, 1541]            ONU 2495 — Pentafluoruro de iodo [—]            ONU 2806 — Nitruro de litio (división 4.3) [488].</p> <p><b>IT KINGFISHER AIRLINES</b></p>	Táboa 3-1
IT-01	<p>As cadeiras de rodas ou outras axudas motrices similares accionadas con acumuladores derramables non se aceptarán como equipaxe facturada nas aeronaves de Kingfisher.</p> <p><i>Nota.— As cadeiras de rodas e outras axudas motrices similares accionadas con acumuladores inderramables acéptanse.</i></p>	8;1
IT-02	As cociñas de campamento usadas (combustible ou gas) non se aceptarán para o transporte na equipaxe, aínda que estean absolutamente limpas.	8;1
IT-03	Non se permiten na equipaxe facturada nin de man dos pasaxeiros os cilindros pequenos que conteñen oxíxeno gasoso (ONU 1072 — oxíxeno comprimido) ou de aire para uso médico. Para os pasaxeiros que necesitan oxíxeno adicional, é preciso presentar con 72 horas de anticipación ao voo unha solicitude a Kingfisher Airlines.	8;1
≠ IT-04	Non se aceptarán para o transporte na equipaxe de man nin facturada, os barómetros de mercurio, salvo os termómetros médicos ou clínicos pequenos para uso persoal no seu estoxo (véxase 2.3.3.1 da Regulamentación sobre mercadorías perigosas da IATA).	Táboa 8-1
IT-05	Non se aceptarán para o transporte as mercadorías perigosas en embalaxes de recuperación.	4;1
IT-06	Mercurio ou mercurio contido en artigos manufacturados. Baixo ningunha circunstancia se aceptará para o transporte o mercurio ou o mercurio contido en artigos manufacturados, ONU 2809.	Táboa 3-1
IT-07	Non se aceptarán para o transporte os refugallos perigosos segundo se definen nas regulamentacións.	
IT-08	O expedidor proporcionará un número telefónico de emerxencia de 24 horas para chamar unha persoa ou axencia que saiba sobre os perigos, características e medidas que se deben adoptar en caso de accidente ou incidente a raíz de cada unha das mercadorías perigosas que se transportan. Este número telefónico,	5;4

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
	comprendidos o indicativo de país e de área e precedidos pola expresión "Contacto de emerxencia" ou "Número de 24 horas", incluírase na declaración de mercadorías perigosas do expedidor, na casa correspondente a instrucións adicionais de manipulación.	
IT-09	Non se aceptarán no correo aéreo as mercadorías perigosas, segundo se definen nas regulamentacións.	1;2,3
IT-10	Non se aceptarán para o transporte os explosivos de clase 1, salvo as substancias e obxectos da división 1.4S, ONU 0012 ou ONU 0014 unicamente.	2;1 Táboa 3-1
IT-11	Non se aceptarán para o transporte as mercadorías da división 2.3, gases tóxicos.	2;2
IT-12	Non se aceptarán para o transporte as substancias sólidas inflamables da clase 4.	2;4
IT-13	Non se aceptará para o transporte material radioactivo da clase 7.	2;7
<b>IY YEMEN AIRWAYS</b>		
IY-01	Os expedidores que desexan enviar mercadorías perigosas ao lemen deben entregar unha declaración comprometéndose a que o consignatario aceptará a entrega no lemen dentro de 15 días a partir da chegada do envío. De non ser así, o expedidor farase cargo da devolución ao seu propio custo.	
<b>JJ TAM AIRLINES</b>		
≠ JJ-01	<p>As mercadorías perigosas que se presenten para o transporte en virtude dunha aprobación ou dunha dispensa segundo o previsto en 1.2.5 e 1.2.6 da Regulamentación sobre mercadorías perigosas da IATA e calquera outra condición de LAN mediante aprobación previa, aceptaranse soamente despois de seren obxecto de exame e aprobación do Comité técnico de mercadorías perigosas de LAN. Todo requisito relativo ao outorgamento de dispensas e aprobacions será coordinado co Departamento de mercadorías perigosas que remitirá as decisións ao Comité técnico de mercadorías perigosas de LAN.</p> <p>É preciso proceder coa solicitude, como mínimo, quince días laborables antes da data prevista do voo. Deben xuntarse as fichas de información de seguridade do produto (MSDS) ou outros documentos relacionados co envío. As solicitudes deben dirixirse a:</p> <p>TAM Dangerous Goods Department            Tel: +56-2-694-7898            +56-2-677 4571            +1-305-772-2894            Correo-e: <a href="mailto:DangerousGoodsBoard@lan.com">DangerousGoodsBoard@lan.com</a></p>	1;1,1
≠ JJ-02	<p>O expedidor debe proporcionar un número telefónico de emerxencia de 24 horas para chamar unha persoa ou axencia que saiba sobre os perigos, características e medidas que se deben adoptar en caso de accidente ou incidente a raíz de cada unha das mercadorías perigosas que se transportan. Este número telefónico, comprendidos o indicativo de país e de área precedidos pola expresión "Contacto de emerxencia" ou "Número de 24 horas", debe incluírse na casa correspondente a información de manipulación, da declaración de mercadorías perigosas. (Véxase 8.1.6.11 e 10.8.3.11 da Regulamentación sobre mercadorías perigosas da IATA).</p> <p>Non se require un número telefónico de emerxencia para:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>— aparello accionado por batería;</li> <li>— vehículo accionado por batería;</li> <li>— vehículo propulsado por gas inflamable;</li> <li>— vehículo propulsado por líquido inflamable;</li> <li>— motor de combustión interna;</li> <li>— mercadorías perigosas en cantidades limitadas conforme o descrito en 3;4 das presentes instrucións (2.7 da Regulamentación sobre mercadorías perigosas da IATA);</li> </ul>	Táboa 3-1 5;4

Clave de identificación	Discrepancia	Parágrafos pertinentes
